Departamento: Xeografía. Facultade de Xeografía e Historia. USC

TESE DOUTORAL:

ESPAZOS TURÍSTICOS E DE OCIO NO LITORAL GALEGO: UNHA ANÁLISE A DIFERENTES ESCALAS.

TOMO 2

Autor:

Carlos Alberto Patiño Romarís.

Director:

Rubén Camilo Lois González.

Setembro2015

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA
Facultade de Xeografía e Historia
Praza da Universidade, 1
15782 Santiago de Compostela

D. **Rubén Camilo Lois González**, con **DNI**: 33.250.579 y en su condición de **Catedrático de Xeografía da USC** e como **Director** da **Tese de Doctoramento** presentada por **D. Carlos Alberto Patiño Romarís**, **DNI: 35.454263-Q,** co título: **ESPAZOS TURÍSTICOS E DE OCIO NO LITORAL GALEGO: UNHA ANÁLISE A DIFERENTES ESCALAS,**

Certifica:

Que a presente **Tese de Doutoramento** cumpre con todos os requisitos académicos legais para proceder ao seu depósito no Departamento de Xeografía da USC e posterior acto de defensa pública da mesma na **USC** por parte del **Doctorando Carlos Alberto Patiño Romarís**.

Para que así conste, firmo o presente documento acreditativo-xustificativo.

Asdo.: Rubén Camilo Lois González.

Santiago de Compostela a 28 de Septiembre de 2015

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DOUTORAL:

TÍTULO: ESPAZOS TURÍSTICOS E DE OCIO NO LITORAL GALEGO: UNHA ANÁLISE A DIFERENTES ESCALAS.

Departamento: Xeografía. Facultade de Xeografía e Historia. USC.

Ano: 2015

Director: Rubén Camilo Lois González.

Ado. e Vto. E prace:

Autor: Carlos Alberto Patiño Romarís.

Fdo. Carlos Alberto Patiño.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 3.- ORDENACIÓN TERRITORIAL E URBANÍSTICA DO LITORAL EN GALICIA. ESTRATEXIAS PARA UN DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE.

O turismo converteuse, como puidemos constatar ao longo deste estudo, nunha das primeiras actividades económicas a nivel mundial. Agora ben, dentro deste mercado global as OMDs tópanse, con todo, que non existe un único tipo de turista e consecuentemente tampouco existe unha fórmula universal para cubrir a demanda turística. De feito, estanse producindo desde finais da última década do século XX novas tendencias que fan que os modelos turísticos dos chamados destinos tradicionais se consideren hoxe obsoletos. Resultado dun cambio estrutural dentro dos hábitos da demanda, caracterizado pola afloración de novas esixencias e motivacións, que se traducen por parte dos xestores de destinos tradicionais nunha inevitable e máis que necesaria necesidade de liderar un reaxuste, co obxecto de lograr ofertar un produto máis cualificado e competitivo adaptado ás novas pautas do mercado.

Atopámonos, xa que logo, nos albores deste novo século con profundas transformacións nos hábitos de comportamento dos turistas, que podemos concretar brevemente en que os mesmos deixan de mostrar unhas actitudes pasivas ou contemplativas para pasar a outras máis activas e participativas, sen dúbida en procura de novas sensacións e percepcións. Utilizan o seu propio coche ou buscan medios de transporte áxiles que os trasladen (xeralización, por exemplo das compañías de "baixo custo" no transporte aéreo) ou aqueloutros que, estando fóra dos circuítos formais, fanlle ter a sensación de que están protagonizando a súa aventura particular. Dependen cada vez menos dos hoteis ou dos establecementos que o sector pon á súa disposición. Estamos ante un modelo emerxente de organización individual da viaxe. Cambio fundamental, xa que supuxo a aparición duns perfís de demanda máis heteroxéneos, con maior especificidade de produtos. Novo perfil da demanda, que ocasionou a acuñación dun novo concepto que define a tendencia emerxente e do futuro, o "*emotionware*" ou a forma de buscar e proporcionar emocións e sensacións ao turista. Iso non quere dicir, en absoluto, que non demande calidade. Neste sentido, o turista está cada vez máis preocupado pola calidade ambiental dos lugares que visita[1]. O turista demanda cada vez máis a "autenticidade"[2] do que visita, o que lles empuxa a coñecer as tradicións, as culturas, a gastronomía ou as festas e costumes populares, elementos todos eles que será necesario protexer e promover de face ao futuro.

En definitiva, as OMDs deben responder a novos modelos e demandas que se centran basicamente en dúas esixencias: a calidade e unha contorna natural ben conservado, conceptos que están ademais íntimamente relacionados. Xa que logo, as OMDs deben implementar procesos de renovación orientados á revalorización de potenciais e activos, naturais e culturais, que lle permitan configurar unha oferta máis diversificada ou

[1] PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 111.

[2] O concepto do "auténtico" gaña adeptos co paso do tempo e convértese así nun elemento atractivo, capaz por si só de atraer a novos visitantes.

diferenciar o seu produto fronte aos seus competidores[3].

Noutra orde, o fenómeno turístico, por ser un feito de carácter basicamente masivo e a raíz da multiplicación das súas actividades e tipoloxías[4], interactúa como un gran axente estruturador do espazo. Así, o espazo é consumido é frecuentemente degradado como resultado da frecuentación turística de zonas concretas e as súas consecuencias indirectas: a creación de infraestrutura de comunicacións e equipamento[5]. En consecuencia, o turismo preséntasenos como actividade con grande incidencia no territorio e, como tal, as accións destinadas a organización espacial das súas instalacións deben incardinarse no contexto máis amplo da ordenación do territorio como política integral con vocación de vertebrar todo un conxunto de valores e obxectivos de natureza territorial e sectorial. No caso concreto do turismo, as OMDs deben impulsar que se produza en harmonía co criterios de sostibilidade e calidade.

Por outra parte, como ben afirma a Carta Europea do Litoral[6], "o litoral xoga un papel esencial para a vida humana". Nesta dirección, este mesmo documento recolle toda unha serie de afirmacións que veñen a resaltar a transcendencia do litoral dentro do equilibrio da civilización actual[7]:

- ✓ "(...) dado o seu carácter de zona de contacto entre o espazo terrestre e o espazo marítimo o litoral constitúe, por definición un ben escaso e fráxil".
- ✓ "(...) xoga un papel moi importante no mantemento dos equilibrios naturais que condicionan a vida humana".
- ✓ "(...) xoga igualmente un papel estratéxico no desenvolvemento económico e na

[3] Véxase: VERA REBOLLO, J. F. (2002): "Estrategias de diversificación y diferenciación en destinos turísticos litorales: la revalorización del patrimonio cultural y urbano", en PARDELLAS, X. (dir.): Estratexias turísticas urbanas. Asociación Galega de Ciencia Rexional. Vigo.

[4] Resulta obvio, afirmar que o desenvolvemento de calquera actividade humana ten unha implantación territorial, exercida a través dun efecto consumidor do espazo. Así, neste sentido, afirma LOZATO-GIOTART "(...) pasouse de paisaxes ávidamente contemplados a unhas paisaxes cada vez máis modificadas ou urbanizadas (...); a praia e o sol deberon, en ocasións, compartir espazo con novos portos deportivos, e novas colmeas naceron entre as vastas laderas nevadas de montañas que apenas algúns anos permanecían apartadas das hordas turísticas". LOZATO-GIOTART, J. P. (1990): "Geografía del turismo". Colección de Geografía, Ed. Masson, Barcelona; op. cit. páx.10.

[5] "(...) en canto de que está indisociablemente unido á idea de desprazamento, o acto turístico esixe inevitablemente unha infraestrutura de transportes; como unha pernoctación (...), esixe tamén uns equipamientos para o aloxamento; e esixe, finalmente, uns equipamentos para a práctica de actividades de lecer durante a estancia. Esixencias, todas elas, cuxa atención entraña consecuencias espaciais de alcance moi variable sobre a poboación, o emprego e en definitiva sobre o sistema de asentamentos; pero tamén sobre a actividade económica e a súa estruturación sectorial -a industria e os servizos- sobre todo. O turismo, en maior ou menor medida, é un insaciable e voraz consumidor do espazo". CALLIZO SONEIRO, J. (1991): "Aproximación a la Geografía del turismo". Ed. Síntesis, Madrid; op. cit. páx. 132.

[6] Aprobada na Conferencia de Rexións Marítimas de Europa (CPRM) o 20 de outubro de 1981. O texto íntegro da Carta Europea do Litoral pode encontrarse na recompilación de textos internacionais: FUENTES BODELÓN, F. (comp.) (1982): "Calidade de vida, Medio Ambiente y Ordenación del Territorio" (3 vol.). CEOTMA (Centro de Estudios de Ordenación Territorial y Medio Ambiente)-CIFCA (Centro Internacional de Formación en Ciencias Ambientales), Madrid; volume 1°; páxs. 210 e ss. Tamén en: PEREZ CONEJO, L. (1999): "Las costas marítimas: régimen jurídico y competencias administrativas". Comares, Granada; pp. 50-58.

[77] Véxase: SANZ LARRUGA, J. (2001): "La protección ambiental del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 165-215; op. cit. páx. 166.

estruturación da economía mundial".

- ✓ "A zona litoral constitúe o soporte de actividades económicas e sociais orixinais, creadoras de emprego para as poboacións residentes".
- ✓ "(...) asume unha función indispensable de recreo físico e psíquico para as poboacións (...) sometidas á presión crecente da vida urbana".
- ✓ "(...) ocupa un lugar esencial nas satisfaccións estéticas e culturais, así como nos desexos da persoa humana".

Unha realidade que orixinou unha gran demanda de usos sobre un estreita franxa de territorio. Unha presión humana normalmente incontrolada, non axeitadamente ordenada, que desembocou nunha grave degradación ambiental destas áreas litorais en todo o mundo. Uns feitos que foron denunciados reiteradamente dende diferentes instancias internacionais. A xeito de exemplo, citaremos varios parágrafos pertencentes a distintos documentos que nos poñen de manifesto a repercusión deste problema medio ambiental:

- ✓ "Malia os esforzos que se están a facer nos planos nacional, subrexional, rexional e mundial, a forma actual de enfocar a ordenación dos recursos mariños e costeiros non sempre permitiu lograr un desenvolvemento sostible, e os recursos costeiros e o medio se están a degradar e erosionando rapidamente en todo o mundo"[8].
- ✓ "As áreas costeiras representan un tipo de ecosistema relativamente fráxil; o urbanismo desordeado e o desenvolvemento de infraestruturas poden, por si sós ou formando unha mestura sen coordinación ningunha con outras actividades industriais, turísticas, pesqueiras ou agrícolas, dar lugar a unha degradación acelerada do hábitat costeiro e os seus recursos"[9].
- ✓ "(...) A nosa costa está afectada, como acontece noutros países do mundo, por un forte incremento da poboación e a conseguinte intensificación de usos turístico, agrícola, industrial, de transporte, pesqueiro e outros.

  En efecto, na orla litoral, dunha anchura duns cinco quilómetros, que significa o 7 por 100 do noso territorio, a poboación española, que era a principios do presente século da orde do 12 por 100 da poboación total, é actualmente arredor do 35 por 100 desta, cunha densidade catro veces superior á media nacional. Esta proporción chega á súa vez a triplicarse estacionalmente en certas zonas pola poboación turística, xa que o 82 por 100 desta se concentra na costa.

  En resumo, pode dicirse que se está a producir un acelerado proceso de traslado de poboación dende as zonas interiores cara ao litoral, de forma que ao redor dun 40 por 100 da costa española xa está urbanizada ou ten a cualificación de urbanizable, un 7 por 100 dela está dedicada a instalacións portuarias, un 3 por 100, a instalacións industriais, e un 8 por 100 a usos agrícolas, non tendo aínda o 42 por 100 usos claramente definidos ou irreversibles[10]. A esta situación chegouse, en

[8]Véxase: MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS Y TRANSPORTES (1993): "Río 92. Programa 21. Conferencia de las Naciones Unidas sobre el medio ambiente y desarrollo". Tomo II, MOPT (Ministerio de Obras Públicas y Transporte), Madrid; pp. 135 e ss.

[9]Véxase: STANNERS, D. e BOURDEAU, P. (ed.) (1995): "Europe's Environment: The Dobris Assessment". European Commission-EEA (European Environment Agency), Copenhagen.

[10] Uns valores referidos a finais da década dos noventa do século pasado que actualmente lonxe de reducirse se incrementaron. Non obstante, está presión urbanística non presenta a mesma intensidade en todo o litoral español. Unha realidade que se traduce nunha menor degradación ambiental no litoral galego con respecto ao litoral mediterráneo e suratlántico peninsular. E, aínda máis, dentro do litoral galego existen marcadas diferenzas de deterioración ambiental entre a Rías Baixas e a Costa da Morte.

xeral, en actuacións inconexas, sen a necesaria coordinación entre a lexislación do dominio público marítimo e a do solo, sen ter en conta a interacción terra-mar, nin a necesidade de establecer medidas que garantan a conservación destes espazos singularmente sensibles á deterioración, nin os custos externos á propia acción nin a rendibilidade ou valor social do medio (...).

As consecuencias do crecente proceso de privatización e depredación, posibilitado por unha grave renuncia administrativa, fixeron irrecoñecible, en numerosas zonas, a paisaxe litoral de non hai máis de trinta anos, cun urbanismo nocivo de altas murallas de edificios ao mesmo bordo da praia ou do mar, vías de transporte de grande intensidade de tráfico demasiado próximas á beira, e verteduras ao mar sen depuración na maioría dos casos (…)"[11].

No caso concreto do turismo litoral, a costa convértese de ser un simple recurso en moitas ocasións con carácter case "repulsivo", por efecto dunha demanda de finalidade turística nun periodo relativamente curto de tempo (en certos casos, como os principais destinos galegos durante como máximo os últimos cincuenta anos) nun produto turístico, nun espazo mercantilizado[12]. Desde a promoción á distribución do produto turístico establécense diversas formas de comercialización que en realidade acaban definindo o espazo turístico como unha realidade mercantilizada[13]. Espazo turístico centrado nun primeiro momento e esencialmente na actualidade no produto denominado de "sol e praia", conformado por dous recursos básicos: clima (valorándose en especial o nivel de insolación) e praia (mar). Recursos gratuitos que en calquera caso precisan dunha infraestrutura artificial para o seu aproveitamento turístico, que é a que os introduce no circuíto de produción e intercambio de bens. Un aproveitamento turístico que se baseou en múltiples casos dentro do litoral galego nun crecemento desordenado e falto de control no relativo á elección das localizacións das construcións e na ocupación intensiva do solo. Unha realidade que deu lugar a fenómenos de masificación, insuficiencia de infraestruturas, deterioro da paisaxe e, consecuentemente, á depreciación dos propios produtos/destinos turísticos[14]. Polo tanto, podemos concluír que en amplos sectores do litoral galego o desenvolvemento turístico podemos cualificalo de desequilibrado e apartado do criterio de sostibilidade.

Consecuentemente, na actualidade as orientacións dos especialistas en ordenación

[11]Exposición de Motivos, apartado I, da Lei de Costas de 1988. Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[12] A base do turismo litoral actual fundaméntase no consumo duns recursos naturais contidos nun territorio concreto, o cal pasa así a converterse nun espazo de lecer. As condicións naturais que agora conforman un espazo natural turístico existiron en si mesmas sempre, pero non se lles outorgaba anteriormente nin a valoración social nin a posibilidade de usalas. Véxase: SÁNCHEZ, J. E. (1985): "Por una geografía del turismo litoral. Una aproximación metodológica. Estudios Territoriales nº17; pp. 103-122.

[13] Véxase: TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante.

[14]Neste sentido, cremos que son de plena aplicación no litoral galego as palabras de BRAVO CABRIA (2004): "(...) certos indicadores revelan aspectos críticos do modelo de desenvolvemento turístico seguido nos últimos anos: tras a forte expansión urbanística do litoral (...) empézanse a revelar certos signos de conxestión turística. (...) a lóxica dun crecemento máis baseado no número de visitantes que nos ingresos por turista tivo implicacións adversas para o propio modelo de desenvolvemento seguido". Véxase: BRAVO CABRIA, M. S. (2004): "La competitividad del sector turístico". Boletín Económico, Banco de España, septiembre (9);pp. 89-106; op. cit. páx. 101.

do territorio[15], o ascenso da preocupación polos temas medioambientais e a maior conciencia cidadá provocaron que a dimensión territorial e medioambiental do desenvolvemento turístico se situe no centro do debate sobre o modelo a seguir na planificación desta actividade, que necesariamente debe suscitarse desde o enunciado e perfilado anteriormente "cambio de rumbo"[16]. Malia o cal, moitos proxectos turísticos son aínda aprobados e executados tendo únicamente presente cuestións de deseño urbano, deixando á marxe una máis que imprescindible visión integral do fenómeno turístico. Planear adecuadamente, estruturar adecuadamente un espazo turístico, parte necesariamente dun coñecemento correcto da realidade e da capacidade de prever as accións que debemos impulsar e implementar para que ese espazo, sen perder os seus atributos esenciais, se adapte o mellor posible ás necesidades suscitadas por un mercado tan competitivo como o turístico[17].

Galicia, como outros destinos turísticos, segue mantendo dentro do seu litoral unha maior significación do tradicional turismo de "sol e praia". Agora ben, as prácticas turísticas desenvolvidas en espazos rurais, urbanos e espazos naturais están cobrando unha relativa puxanza, en consonancia coas xa comentadas novas preferencias da demanda. En calquera caso, o turismo en espazo litoral conserva a súa hexemonía e demanda unha atención especial como consecuencia do seu elevado consumo de solo, da diversidade de modelos de implantación existentes ao longo do litoral galego, da súa extraordinaria capacidade de transformación das estruturas territoriais, sociais e económicas, dos problemas derivados dun crecemento acelerado non planificado debidamente e da súa actual necesidade de reestruturación como resultado das novas tendencias que se plasman nunha máis que palmaria perda de cota de mercado dos tradicionais produtos turísticos. Situación que determina a necesidade de poñer en funcionamento políticas turísticas que redefinan os produtos por medio da introdución de elementos enriquecedores da denominada oferta complementaria como un argumento favorecedor da cualificación,

[15] Nesta dirección, SANZ DE BURUAGA (1982) sinala a súa consideración como actividade dirixida a localizar as actividades sectoriais e os asentamentos humanos no territorio, a fin de maximizar a súa produtividade global. Véxase: SANZ DE BURUAGA, G. (1982): "Sentido de la ordenación del territorial en la España actual". Estudios Territoriales nº7; pp. 17-24; op. cit. páx. 19. Tamén a Carta Europea de Ordenación do Territorio (1983) reflicte esta estreita relación entre a coordinación sectorial e o obxectivo de utilización racional do territorio. Segundo este documento, a execución da ordenación do territorio hase de desenvolver atendendo ao principio de coordinación entre sectores, tendente á óptima distribución da poboación, das actividades económicas, do hábitat, dos equipamentos colectivos e das fontes de enerxía; os transportes; o abastecemento de auga e o saneamento das augas residuais; a eliminación de ruídos e residuos; a protección do medio ambiente, das riquezas e dos recursos naturais, históricos e culturais. Véxase: CONSEJO DE EUROPA (1983): "Carta Europea de Ordenación del Territorio". Secretaria General Técnica, Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo (MOPU), Madrid.

[16] Véxase: RODRÍGUEZ VAQUERO, J. (1995). "El turismo como fenómeno reciente. Cauces de actuación y gestión. Pasado, presente y futuro del subsector turístico almeriense". Boletín del Instituto de Estudios Almerienses; pp. 117-140.

[17] As OMD deben buscar, polo tanto, o que podemos considerar como unha estruturación lóxica do espazo turístico. Estrutura lóxica, que ao noso entender será aquela que mellor preserve e se adapte á ordenación territorial preexistente. Falamos de implementar unha ordenación orgánica, que suscita un límite ao crecemento a partir do cal o sistema debe parar, senón quere entrar en crise. A precisión destes límites é un requisito imprescindible de toda boa estratexia de desenvolvemento turístico, que debe proceder a definir o tamaño máximo da estrutura da oferta para explotar adecuadamente o territorio. Véxase: BOULLÓN, R.C.. (2002): "Planejamento do espaço turístico". Editora da Universidade do Sagrado Coraçao (EDUSC), Bauru, São Paulo.

diversificación e diferenciación dos mesmos. Neste sentido, están tamén aqueles esforzos encamiñados a potenciar segmentos turísticos de maior valor engadido[18].

Neste estado da cuestión, a teoría xeral de sistemas (TXS) preséntase para as OMDs como un enfoque adecuado xa que lles permite abordar dun modo integrado o concepto de turismo nun espazo litoral; abordar a análise da súa problemática dun xeito integral e orgánico. Neste contexto, a ordenación territorial turística do litoral preséntase como un sistema aberto e, á súa vez, como unha función do mesmo (o turismo en espazo litoral). Xa que logo, a ordenación territorial sistemática do turismo en espazo litoral desempeña funcións orgánicas e en relación cos demais sistemas. Isto implica que no seu proceso de determinación hai unha selección natural de insumos que serán transformados para obter un produto tamén orgánico ás necesidades existentes, ou sexa, ordenamentos territoriais flexibles e non mecánicos, promotores dun desenvolvemento territorial equilibrado e sostible. Agora ben, para que a ordenación territorial turística do litoral teña natureza e carácter orgánico, require que as OMDs incentiven a participación activa, á vez que influinte, negociadora, das Administracións Públicas, as comunidades locais receptoras e os axentes do sector privado con intereses no turismo e dos turistas. Todos eles deben expresar e conciliar as súas necesidades e demandas sobre a base dun interese común. Neste proceso, o elemento crave é a comunicación.

3.1.- ORDENACIÓN, PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DO LITORAL TURÍSTICO EN GALICIA.

O turismo, e por extensión o lecer, na actualidade constitúe un elemento esencial da cultura de consumo das sociedades contemporáneas[19]. Tamén, temos que ter presente, desde unha perspectiva social, que as actividades turísticas reflicten as desigualdades sociais existentes. Xa que logo, o turismo, máis ben os espazos turísticos son representativos dos mecanismos de produción establecidos entre os diferentes grupos sociais á hora de estructurar un territorio. Xogo de intereses, que se traduciu en Galicia, primordialmente no litoral, nunha serie feitos e procesos territoriais que se reflicten nunha ordenación inadecuada con graves problemas de orde medioambiental e de privatización de usos (evidentemente, a favor das clases máis pudentes). Consecuentemente, a obrigación das diferentes administracións competentes na ordenación do litoral é a de deseñar un sistema adecuado de ordenación e xestión. Por outra parte, as OMDs do litoral galego deben partir na formulación das súas accións de desenvolvemento turístico do coñecemento desta variada normativa que, dende diferentes planos, poden incidir na ordenación do territorio. Unha normativa que constitúe ademais un marco de referencia ineludible e condicionante para a planificación sectorial turística por canto boa parte dos seus preceptos resultan de obrigado cumprimento. Trátase de disposicións que se superpoñen e vinculan á acción turística, que necesariamente partirá do contexto legal prefixado. A continuación imos reflexionar e esclarecer a armazón lexislativa a que teñen que aterse as OMDs do litoral galego á hora de establecer as súas estratexias territoriais de desenvolvemento turístico.

[18] Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004): "El turismo náutico en Galicia: la oferta de puertos deportivos". Instituto Universitario de Estudios Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña.

[19] Véxase: ANTON CLAVÉ, S. (1997): "Diferenciació i reestructuració de l`espai turístic: Processos i tendències al litoral de Tarragona". Ed. El Mèdol, Tarragona; op. cit. páx. 21.

A aprobación da Constitución Española de 1978[20] supón un fito na configuración da organización territorial do Estado e a base xurídica do actual sistema competencial[21]. Falamos dunha nova organización política-administrativa que deu lugar á existencia de tres ámbitos competenciais: o Estado, as CC.AA. e os Entes Locais. Unha pluralidade administrativa que derivou nunha distribución competencial e que, á súa vez, determina unha pluriconcorrencia sobre diversas materias e sectores. O turismo como o litoral español participan desta complexa armazón competencial.

O litoral, polo tanto, é un espazo de gran complexidade competencial[22]. De feito, constitúe un ámbito territorial paradigmático da concorrencia ou solapamento de competencias[23]. No litoral galego superpóñense xurisdiccións de distinta natureza: Estado, Comunidade Autónoma e municipios. O titular do demanio marítimo terrestre é o Estado (art. 132.2 da CE). Titularidade que faculta ao Estado para velar pola conservación e defensa do demanio[24]. Por outra parte, resaltar que no devandito artigo se engade ademais que o serán "(...) en todo caso, a zona marítimo terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental". Polo tanto, achámonos ante unha simple enumeración, na que non se contén descrición ningunha das circunstancias físicas que deben concorrer neses bens para ser considerados precisamente como praias, como zona marítimo-terrestre, como mar territorial,... A pesar do cal, esta mera enumeración no texto constitucional non deixa de ser un fito na historia política española[25]. Agora ben, a titularidade estatal estatal sobre o dominio público marítimo terrestre non constitúe un criterio de delimitación competencial, de tal maneira que a natureza demanial non illa á porción de territorio así caracterizado do seu ámbito, nin a subtrae das competencias que sobre ese ámbito corresponden a outros entes públicos que non ostentan esta titularidade. O Estado retrae a súa competencia á regulación do réxime xurídico destes bens de dominio público en orde á súa protección e a preservación das súas

[20]Aprobada polas Cortes en Sesións Plenarias do Congreso dos Diputados e do Senado o 31 de outubro de de 1978. Ratificada polo pobo español en Referendum do 6 de decembro de 1978. Véxase: "Constitución Española". BOE nº311, de 29/12/1978; pp. 29313-29424.
https://www.boe.es/boe/dias/1978/12/29/pdfs/A29313-29424.pdf

[21]Véxase: PÉREZ GUERRA, R. (2009): "Perspectivas en la configuración del derecho del turismo en España: la distribución de competencias en materia de turismo y de otros títulos que inciden en el mismo"; en "Enoturismo e Turismo em Espaço Rural". APHVIN/GEHVID e Edições ISMAI, Maia; pp. 297-319; op. cit. páx. 297.

[22]PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004): "El turismo náutico en Galicia: la oferta de puertos deportivos". Instituto Universitario de Estudios Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páx. 16.

[23] Véxase: GONZÁLEZ MARIÑAS, P. (2001): "La posición de los entes locales en materia de ordenación del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 251-256; op. cit. páx. 252.

[24] Neste punto, creemos acertado realizar unha breve aproximación doctrinal á caracterización do dominio público ou demanio. HAURIOU (1943) entende como tal: "Aquelas propiedades Administrativas afectadas á utilidade pública e que, como consecuencia desta afectación, resultan sometidas a un réxime especial de utilización e protección". HAURIOU, M. (1943): "Précis élémentaire de Droit Administratif". Sirey, Paris. Por outra banda, partindo do seu carácter extracomercial dos elementos que configuran o dominio público, podemos atribuírlle a este os cualificativos de de inalienable, imprescriptible e inembargable. Así se expresa o art. 132.1 da CE de 1978 e o art. do Regulamento da Lei de Costas de 1969, de 23 de maio de 1980.

[25] Véxase: CALERO RODRÍGUEZ, J. R. (2001): "Introducción al régimen jurídico del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 59-78; op. cit. páx. 67.

características propias e á disposición das medidas tendentes a asegurar a súa integridade e libre uso público. As CC.AA. teñen atribuída a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio[26], urbanismo[27], ordenación do litoral[28], e competencias de execución no referente á pesca en augas interiores, acuicultura[29], certos tipos de vertidos[30] e noutros ámbitos de carácter lateral na temática que nos ocupa[31]. Polo seu lado, os Concellos posúen competencias no territorio litoral, por medio, das facultades que lles atribúen a lexislación de solo e a de réxime local[32]. Agora ben, debemos resaltar desta armazón

[26] O artigo 148.1.3º é o único precepto constitucional no que se utiliza a expresión "ordenación do territorio", figurando entre a lista das competencias asumibles polas CC.AA. Unha función de titularidade pública que leva consigo a correspondente atribución legal das potestades necesarias para o seu eficaz desenvolvemento conforme aos fins constitucional ou legalmente asignados á mesma, como poden ser a facultade de formular os pertinentes instrumentos de plan, a dotación de medios xurídicos, para a súa execución práctica, a capacidade para controlar a legalidade das actividades privadas con incidencia territorial e, no seu caso, o exercicio da potestade sancionadora. Véxase: SOLA TEYSSIERE, J. (2007): "Ordenación territorial y urbanística de las zonas turísticas". Instituto Andaluz de la Administración Pública, Consejería de Justicia y Administración Pública, Junta de Andalucia, Sevilla; op. cit. páx. 65.

[27] A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda en función do art. 27. 3 do seu Estatuto de Autonomía. Véxase: "Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia". BOE nº101, de 28/4/1981; pp. 8997-9003; op. cit. páx. 8999. http://www.boe.es/boe/dias/1981/04/28/pdfs/A08997-09003.pdf

[28] Competencia que parece que vén constituír un innecesario complemento da ordenación urbanística e do territorio. Por canto, respecto ao urbanismo, hoxe é máis que evidente que porción territorial algunha dun término municipal pode considerarse exenta das facultades urbanísticas. Así os art. 137 e 140 da Constitución Española de 1978 e a lexislación sobre réxime local (art.12 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; arts. 2 a 9 do Texto Refundido de Réxime Local, aprobado por Real-Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; art.1.1 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aprobou o Reglamento de Poboación e Demarcación territorial das Entidades Locais) recoñecen aos municipios plena autonomía para a xestión dos intereses que lle son propios así como o dereito a intervir, dentro do seu ámbito territorial, en cantos asuntos afecten directamente, tamén, ao círculo dos seus intereses propios.

[29] En virtude do seu Estatuto de Autonomía, Galicia ten a competencia exclusiva das seguintes materias: "A pesca nas rías e demáis augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre". (art. 27.15 do Estatuto).

[30] Art. 29.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981. Véxase: "Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia". BOE nº101, de 28/4/1981; pp. 8997-9003; op. cit. páx. 8999. http://www.boe.es/boe/dias/1981/04/28/pdfs/A08997-09003.pdf

[31]"Os portos (...) non cualificados de interese xeral polo Estado e os portos de refuxio e portos (...) deportivos" (Artigo 27.9 do Estatuto de Autonomía de Galicia). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 8999. Estamos ante unha competencia exclusiva especialmente relevante para a ordenación do litoral e o desenvolvemento turístico galego. Posto que o turismo náutico preséntallenos como un produto de gran potencialidade en Galicia como factor diversificador, diferenciador e cualificador da tradicional oferta de "sol e praia". Tema de indubidable transcendencia e que abordaremos especificamente nun apartado posterior deste mesmo capítulo. Aínda que, aconsellamos a consulta dun anterior traballo: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004): "El turismo náutico en Galicia: la oferta de puertos deportivos". Instituto Universitario de Estudios Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña.

[32] Ademais, dalgunhas competencias residuais (como a explotación de servizos e mantemento das praias). As cales son atribuídas aos munipios en virtude do artigo 115 da Lei de Costas de 1988. Unhas competencias municipais que non son "(...) tan só escasas, senón atribuídas ademais dunha forma tan peculiar como aleatoria. Non hai neste artigo (...) unha atribución de competencias directa, senón máis ben a creación dun marco para que, dentro del, sexan as CC.AA. as que efectúen o outorgamento, que é en todo caso facultativo (...)". Véxase: GONZÁLEZ MARIÑAS, P. (2001): "La posición de los entes locales en materia de ordenación del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 251-256; op. cit. páx. 254.

competencial pola súa evidente relevancia, a competencia esencialmente autonómica sobre ordenación do territorio. Unha competencia que se configura, no sistema constitucional español, como un *título específico*[33]. O exercicio da devandita función, non obstante, por parte das CC.AA. contemplará as competencias concorrentes doutras Administracións, sen que a Central poida verse privada do exercicio das súas propias competencias específicas[34]. Nos supostos de entrecruzamentos de competencias, débese acudir, en primeiro lugar, a fórmulas de coordinación ou concertación, buscándose aquelas solucións en que se consiga optimizar o exercicio de ambas as dúas competencias[35]. Para o caso de que as canles mencionadas resulten insuficientes para a resolución dalgún conflito, o Tribunal Constitucional sinala que "a decisión corresponderá ao titular da competencia prevalente". Partimos, polo tanto, dun modelo de organización administrativa do litoral escasamente operativo, contrario ao principio de subsidiariedade[36], onde as iniciativas de ordenación

[33] "Doutra parte e como tamén é obvio, a ordenación do territorio é, no noso sistema constitucional, un título competencial específico que tampouco pode ser ignorado, reducíndoo á simple capacidade de planificar, dende o punto de vista da súa incidencia no territorio, as actuacións que por outros títulos ha de levar a cabo o ente titular daquela competencia, sen que desta se derive consecuencia ningunha para a actuación doutros entes públicos sobre o mesmo territorio" (F. X. 1. B da STC 149/1991, de 4 de xullo). Véxase: "Pleno. Sentencia 149/1991, de 4 de julio. Recursos de inconstitucionalidad 1.689/1988, 1.708/1988, 1.711/1988, 1.715/1988, 1.717/1988, 1.723/1988, 1.728/1988, 1.729/1988 y 1.740/1988 (acumulados). Interpuestos por la Xunta de Galicia, el Consejo de Gobierno de las Islas Baleares, el Gobierno Vasco, el Parlamento de Cataluña, el Consejo del Gobierno de la Diputación Regional de Cantabria, el Consejo Ejecutivo de la Generalidad de Cataluña, el Gobierno de Canarias, el Gobierno Valenciano y un grupo de 50 Diputados, contra la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº180. Suplemento, de 29/7/1991, pp. 14-53. http://www.boe.es/boe/dias/1991/07/29/pdfs/T00014-00053.pdf

[34] "O único que cabe formularse é se esa asunción é tan exhaustiva que exclúe toda posibilidade, mesmo en caso excepcionais, de que o Estado pode exercer competencias de contido distinto da urbanística, pero que requiran para o seu exercicio unha proxección sobre o solo dunha Comunidade Autónoma. Agora ben, tal posibilidade non pode ser excluída, porque o Estado non pode verse privado do exercicio das súas competencias exclusivas pola existencia dunha competencia, aínda que tamén sexa exclusiva, dunha Comunidade Autónoma, segundo declarou xa a Sentenza deste Tribunal Constitucional núm. 1/1982, do 28 de xaneiro, pois tal ineficacia equivalería á negación da mesma competencia que lle atribúe a Constitución" (F. X. 3 da STC 56/1986, de 13 de maio). Véxase: "Pleno. Conflictos positivos de competencia número 2281/983 y 326//984, acumulados. Sentencia número 56/1986, de 13 de mayo. BOE nº141. Suplemento, de 13/6/1986, pp. 1-5. http://www.boe.es/boe/dias/1986/06/13/pdfs/T00001-00005.pdf

[35]"Ao obxecto de integrar ambas as dúas competencias, débese acudir, en primeiro lugar, a fórmulas de cooperación. Se, como este Tribunal vén reiterando, o principio de colaboración entre o Estado e as Comunidades Autónomas esta implícito no sistema de autonomías (SSTC 18/1982 e 152/1988, entre outras) e se «a consolidación e o correcto funcionamento do Estado das autonomías dependen en boa medida da estrita suxeición dun e outras ás fórmulas racionais de cooperación, consulta, participación, coordinación, concertación ou acordo previstas na Constitución e nos Estatutos de Autonomía» (STC 181/1988, fundamento xurídico 7°), este tipo de fórmulas son especialmente necesarias nestes supostos de concorrencia de títulos competenciais nos que deben buscarse aquelas solucións coas que se consiga optimizar o exercicio de ambas as dúas competencias (SSTC 32/1983, 77/1984, 227/1987 e 36/1994), podendo elixirse, en cada caso, as técnicas que resulten mais axeitadas: O mutuo intercambio de información, a emisión de informes previos nos ámbitos da propia competencia, a creación de órganos de composición mixta, etc." (F. X. 30 da STC 40/1998, de 19 de febreiro). Véxase: "Pleno. Sentencia 40/1998, de 19 de febrero de 1998. Recursos de inconstitucionalidad 522/1993, 525/1993, 548/1993 y 551/1993. En relaci6n con determinados preceptos de la Ley 27/1992, de 24 de noviembre, de Puertos del Estado y de la Marina Mercante. Voto particular". BOE nº65. Suplemento, de 17/3/1998, pp. 49-96. https://www.boe.es/boe/dias/1998/03/17/pdfs/T00049-00096.pdf

[36]Un principio de subsidiariedade que "(…) debe rexer na repartición clara de responsabilidades entre as distintas esferas da Administración (UE, nacional, rexional e local), cunha vontade nos niveis superiores de avalar o desenvolvemento da capacidade local de avaliación. Os distintos niveis e sectores da Administración

seguen a liña descendente e non a ascendente como recomendamos que debe seguir a xestión turística do litoral (proximidade de xestión ao cidadán, fomento da participación dos distintos axentes sociais...). En definitiva, achámonos ante unha concorrencia competencial que "aboca inevitablemente ao conflito ou cando menos á tensión"[37] e, con iso, formula un arduo problema de articulación para os xestores das OMDs.

No que respecta estrictamente ao turismo, dentro do articulado da CE de 1978 só se lle fai referencia explícita no artigo 148.1.18, en materia competencias que poden asumir as CC.AA.[38] Unha realidade que contrasta coa relevancia e transcendencia que para España ten o turismo. ¿Como é posible que o constituínte non dedicase algún dos artigos do capítulo III, principios reitores da política económica e social, ao turismo?[39] Un feito que podemos vincular ao seu carácter de sector transversal e a consecuente dificultade de integralo nunha única e exclusiva competencia. O turismo "(...) é contemplado en relación a outros dereitos constitucionais, como o dereito ao lecer ou ao acceso á cultura, así como a principios tan relevantes como a protección do patrimonio histórico-artístico, medioambiental ou, ata, a protección dos consumidores"[40]. En calquera caso, o turismo é "(...) de acordo co bloque da constitucionalidade no sistema español, unha competencia exclusiva das Comunidades Autónomas"[41]. Unha afirmación reflectida en todos os Estatutos de Autonomía e que debe ser comprendida no marco máis xeral das competencias do Estado no que se refire á dirección da actividade económica xeral[42], e dende a perspectiva local, polos poderes que teñen os entes locais na materia. En definitiva, trátase dunha materia que concirne ao interese público estatal, ao autonómico e ao municipal.

Esta distribución competencial, ademais da exercida dende a Unión Europea, constitúe o obxecto de análise dos seguintes apartados que abordamos dende o momento que se produce a atribución e transferencia de competencias turísticas á Xunta de Galicia.

---

terán que establecer vínculos, realizar unha actuación con efecto sinérxico e coordinar as súas políticas". Véxase: COMISIÓN EUROPEA (1999): "Hacia una estrategia europea para la gestión integrada de las zonas costeras. Principios generales y opciones políticas. Documento de reflexión". Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas; Luxemburgo; op. cit. páx. 14.
http://ec.europa.eu/environment/iczm/pdf/vol1_es.pdf

[37] Véxase: GONZÁLEZ MARIÑAS, P. (2001): "La posición de los entes locales en materia de ordenación del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 251-256; op. cit. páx. 252.

[38] Véxase: RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, J. (2009): "Sobre la distribución de competencias en materia de turismo en el dercho español", en "Enoturismo e Turismo em Espaço Rural". APHVIN/GEHVID e Edições ISMAI, Maia; pp. 263-296; op. cit. páx. 274.


[39] Ibídem; op. cit. páx. 265.

[40] Véxase: MORENO GARRIDO, A. (2007). "Historia del turismo en España en el siglo XX". Editorial Síntesis, Madrid; op. cit. páx. 336.

[41] Véxase: RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, J. (2009): "Sobre la distribución de competencias en materia de turismo en el dercho español", en "Enoturismo e Turismo em Espaço Rural". APHVIN/GEHVID e Edições ISMAI, Maia; pp. 263-296; op. cit. páx. 263.

[42] Unha competencia recollida polo art.º 149.1. 13º CE. Un precepto constitucional que abre as portas á elaboración dunha lei estatal que posibilite unha correcta comunicación entre os diferentes territorios do estado español.

Figura nº3.1.1.- Esquema de confluencia competencial sobre o espazo litoral galego.



Fonte: SANZ LARRUGA, F. J. (2013).

3.2.- A ORDENACIÓN XURÍDICA DO TURISMO E O PAPEL DAS DIFERENTES ADMISTRACIONES PÚBLICAS.

A Constitución Española de 1978 vén alterar, pois como apuntamos no apartado precedente, de forma radical o mapa competencial no que a materia turística se refire. O artigo 148.1.18 CE dispón que as CC.AA. poderán asumir competencias en materia de: "Promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial"[43]. E por outra parte o artigo 149 CE non contén ningunha referencia expresa ao turismo[44]. Tampouco debemos obviar a posible aplicación da cláusula residual prevista no articulo 149. 3 CE en canto que as materias que non se asumisen polos Estatutos das CC.AA. corresponderán ao Estado: "A competencia sobre as materias que non se asumisen polos Estatutos de Autonomía corresponderán ao Estado, cuxas normas prevaiecerán, en caso de conflito. sobre as das

[43] Véxase: "Constitución Española". BOE nº311, de 29/12/1978; pp. 29313-29424. https://www.boe.es/boe/dias/1978/12/29/pdfs/A29313-29424.pdf

[44] "Chama ademais a atención que dentro dos principios reitores da política social e económica non exista unha referencia ao turismo en ningún dos seus preceptos, aínda que moi probablemente a filosofía dos constituíntes fose a de considerar que esta materia se comprendía dentro do ocio, o que non fai senón delimitar en todo caso o fenómeno turístico dun modo parcial". Véxase: FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2001): "Derecho Administrativo del Turismo". Marcial Pons, Madrid; op. cit. páx. 52.

Comunidades Autónomas en todo o que non estea atribuído á exclusivacompetencia destas. O dereito estatal será en todo caso, supletorio do dereito das Comunidades Autónomas"[45]. Agora ben, o que de forma tan meridiana reflicte a CE formulou serios e múltiples problemas de distribución de competencias que só puideron solucionarse posteriormente nos tribunais. Non esquezamos, como xa deixamos patente no capítulo un, a dificultade de definir tanto o turismo coma os turistas, dada a heteroxeneidade do seu contido. De feito, o turismo pode incidir en materias e sectores que dende o punto de vista competencial funcional e, polo tanto de atribución territorial, son moi diversas[46]. Non existe unha segmentación clara do turismo como un sector do ordenamento xurídico-administrativo definido e con autonomía, xa que se trata dunha realidade complexa que incide e se integra á súa vez noutras materias[47].

De feito, a CE de 1978 non reserva á Administración Central ningunha competencia directa no seu artigo 149.1[48], pero si a través doutras atribucións que sí lle reserva este

[45] Véxase: "Constitución Española". BOE nº311, de 29/12/1978; pp. 29313-29424. https://www.boe.es/boe/dias/1978/12/29/pdfs/A29313-29424.pdf

[46] Nesta dirección, unha achega para explicar esta incidencia na xestión do litoral planteaa ESTEVE PARDO (1996), cando en relación á lexislación de costas apunta que: "(...) a regulación sobre a zona marítimo-terrestre e a zona de influencia vén a establecer un réxime preciso e rigoroso nunha franxa cunha anchura dun quilómetro terra dentro. Se se repara no dato obvio polo demais que a maior parte dos municipios con expectativas turísticas son municipios costeiros e que se nos atemos ás caracterizacións ou definicións legais do municipio turístico que hoxe poden encontrarse no noso ordenamento o son conforme a trazos e datos que, como seguidamente veremos, concorren exclusivamente nos Municipios encravados na ribeira do mar. Chegamos á conclusión evidente que o que a lexislación turística ou o réxime local caracteriza como municipio turístico é o que a Lei de Costas, sen mencionalo, vén a configurar como Municipio Costeiro. E o que resulta tamén evidente é que ese Municipio queda moito máis condicionado polas firmes determinacións da lexislación de Costas que polas concisas e evanescentes formulacións de principios e desexos da lexislación turística. Se da Costa viaxamos terra dentro á busca de Municipios con posibilidades ou expectativas turísticas encontrámonos que un bo número deles están encravados en espazos protexidos co que as súas máis elementais competencias se ven moduladas e condicionadas pola lexislación especial sobre estes espazos". Véxase: ESTEVE PARDO, J. (1998): "Turismo y Administración local", en XI Congreso Italo-español de Profesores de Derecho Administrativo: administrativo: construcción y gestión de grandes infraestructuras públicas. Turismo y administración local. Los problemas del Derecho administrativo en el fin de siglo XX, Barcelona-Girona, 26-28 de septiembre de 1996. CEDECS, Barcelona; pp. 377-391.

[47] Véxase: FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2001): "Derecho Administrativo del Turismo". Marcial Pons, Madrid; op. cit. páx. 52.

[104]Véxase: MELGOSA ARCOS, F. J. (2011): "Administraciones locales y turismo: el municipio turístico", en BALLESTEROS ARRIBAS, S.; CASTELAO RODRÍGUEZ, J.; CORRAL GARCÍA, E. e CASTRO ABELLA, F. (coords.): "Administración local: Estudios en homenaje a Ángel Ballesteros". La Ley. Grupo Wolters Kluwer/El Consultor de los Ayuntamientos, Madrid; pp. 1167-1207; op. cit. páx. 1177.

[105] Véxase: SUAY RINCÓN, J. e RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Mª. P. (1999): "Las competencias turísticas de los municipios. En particular, la categoría de los municipios turísticos", en BLANQUER CRIADO, D. V. (coord.): "Turismo: organización administrativa, calidad de servicios y competitividad empresarial". Tirant lo Blanch, Valencia; pp. 61-86; op. cit. páx. 71.

[106]Actualmente só outras dúas CC.AA. (Andalucía e Valencia) á marxe de Galicia desenvolveron reglamentariamente o réxime dos municipios turísticos e fixeron efectivo o réxime xurídico mediante a declaración de municipios turísticos no ámbito dos seus respectivos territorios. En Galicia, esta figura regúlase nun primeiro momento en base ao Decreto 239/1998, de 30 de xullo, polo que se fixa a declaración de municipio turístico galego, que recolle as determinaciones a este respecto contempladas na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e na Lei 9/1997, de 21 de agosto, de Ordenación e Promoción do Turismo de Galicia. Este Decreto foi posteiormente derogado polo Decreto 39/2001. Unha norma que é un claro exemplo de refundir e sistematizar disposicións dispersas sobre turismo. Véxase: "DECRETO 239/1998, de 30 de julio, por el que se regula la declaración de municipio turístico gallego". DOG nº156, de 13/8/1998. http://www.xunta.es/dog/Publicados/1998/19980813/Anuncio9D96_es.html; "DECRETO 39/2001, de 1 de febrero, de refundición en materia de Consejo Gallego de Turismo, declaración de municipio turístico gallego y declaraciones de fiestas de Galicia de interés turístico". DOG nº36, de 20/2/2001. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010220/Anuncio2F56_es.html; "Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia". BOE nº237, de 3/10/1997; pp. 28863-28914. https://www.boe.es/boe/dias/1997/10/03/pdfs/A28863-28914.pdf; "LEY 9/1997, de 21 de agosto, de ordenación y promoción del turismo en Galicia". DOG nº167, de 1/9/1997. http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970901/AnuncioACDA_es.html

Nestes momentos, son os artigos 27-30 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, os que regulan a figura de Municipio Turístico. Entre os requisitos que permiten a declaración de Municipio Turístico, previstos nas leis de réxime local e ordenación turística galegas, figuran: criterios ponderados da poboación respecto número de segundas residencias e de prazas turísticas; e a integración no término municipal dalgún recurso ou servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística que xere unha cantidade de visitantes cinco veces superior á súa poboación, computada ao longo dun ano e repartida, polo menos, en máis de trinta días (art. 90 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 27 Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia). Neste artigo 27 da Lei 7/2011 tamén se establece que a inciativa de declaración dun municipio turístico parte exclusivamente do Goberno autonómico a proposta da Consellería competente.

Desde o noso punto de vista, a principal crítica que se lle fai ao réxime xurídico de municipios turísticos establecida pola normativa turística galega é a desigualdade inxustificada entre os requisitos e condicións esixidas para acceder a este réxime xurídico e as súas consecuencias. Así, mentres que os requisitos esixidos pola normativa autonómica son rigurosamente precisos e a súa esixencia inflexible, sen que sexa posible a súa modulación ou atenuación para adaptala ás características e circunstancias específicas dun territorio en

estes territorios con marcada preponderancia das actividades turísticas[107]. Lexislación que non se centrou en ofrecer novos modelos organizativos para estes municipios, si non que se limitou basicamente a paliar os seus problemas de financiamento[108]. Un problema de sostibilidade financeira motivado en gran medida polas sobrecargas en gastos ligados ás actividades turísticas. Xa que logo, haberá que tomar en consideración o Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas

concreto; as consecuencias xurídicas aparelladas a este réxime son indeterminadas e imprecisas, podendo ser interpretadas cunha innegable marxe de liberdade polos órganos encargados da súa execución. Xa que logo, nos econtramos que a uns requisitos esixentes e rigorosos correspóndenlle como contrapartida unhas consecuencias vagas e imprecisas, para as que en moitos casos non era necesario construír todo o edificio xurídico autonómico creado en torno á figura do Municipio Turístico.
Finalmente, apuntar que en base á lexislación que estivo vigente, declaráronse un total de 22 municipios turísticos no litoral de Galicia desde o ano 1999 (Figura nº-)

Figura nº3.2.1.- Relación de Municipios Turísticos declarados en Galicia. localizados no litoral e distribuídos por provincias. (finais 2012).

Municipio	Provincia	Data de publicación no DOG da Resolución
Betanzos	*A Coruña*	27/12/2000
Córcubión	*A Coruña*	27/12/2000
Fisterra	*A Coruña*	28/02/2000
Miño	*A Coruña*	10/10/2000
Pontedeume	*A Coruña*	8/10/2001
Ribeira	*A Coruña*	8/10/2001
A Pobra do Caramiñal	*A Coruña*	14/8/2004
Rianxo	*A Coruña*	08/08/2007
Laxe	*A Coruña*	10/12/2007
Cedeira	*A Coruña*	9/7/2009
Ribadeo	*Lugo*	31/5/1999
Viveiro	*Lugo*	28/02/2000
Foz	*Lugo*	26/07/2005
Baiona	*Lugo*	31/5/1999
Sanxenxo	*Pontevedra*	31/05/1999
Cambados	*Pontevedra*	3/1/2000
O Grove	*Pontevedra*	3/1/2000
Poio	*Pontevedra*	2/6/2000
Cangas	*Pontevedra*	15/6/2001
A Guarda	*Pontevedra*	15/6/2001
Nigrán	*Pontevedra*	24/8/2004
Vilagarcía de Arousa	*Pontevedra*	24/8/2004

Fonte: Xunta de Galicia.

[107]A regulación concreta da figura do Municipio Turístico está moi vinculada á realidade socioeconómica á que o lexislador autonómico debe responder. Desta forma, o establecemento dun estatuto singular para esta tipoloxía municipal vaise producir naquelas CC.AA. que gozan dun especial desenvolvemento turístico, e contan cun amplo número de localidades cunha intensa actividade turística. Véxase: MARTÍNEZ PALLARÉS, P. L. (2000): "El gobierno local como ámbito de gestión turística", en BLANQUER CRIADO, D. V. (coord..): "Municipios turísticos, tributación y contratación empresarial, formación y gestión del capital humano". Tirant lo Blanch, Valencia; pp. 69-88; op. cit. páx. 78.

[108] Véxaxe: PÉREZ FERNÁNDEZ, J. M. (dir.) (2004): "Derecho Público del Turismo". Thomson-Aranzadi, Cizur Menor (Navarra).

Locais (TRLHL)[109], desde a óptica do financiamento, como premisa central na configuración do estatuto xurídico do municipio turístico[110]. Unha normativa que prevé un mecanismo de financiamento dos municipios turísticos, baseado na participación nos tributos estatais[111].

En definitiva, a declaración dun territorio como municipio turístico supón, por unha

[109] Véxase: "Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales". BOE nº59, de 9/3/2004; pp. 10284-10342. https://www.boe.es/boe/dias/2004/03/09/pdfs/A10284-10342.pdf

[110] Nesta dirección, a Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais. autorizaba aos municipios turísticos a crear tributos ou recargos específicos, posibilidade que sería recollida despois por algunas leis autonómicas, como a Lei de ordenación turística de Cataluña e a Lei de Administración Local de Madrid. No entanto, tal posibilidade sería eliminada pola Lei 51/2002, de 27 decembro, de reforma da Lei 39/1988, de Facendas Locais, de 28 de decembro. Finalmente, tralo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cuxa Disposición Derogatoria única, declara formalmente derrogada a Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, excepto as disposicións adicionais primeira, oitava e decimonovena, xa non se prevé a posibilidade de crear tributos ou recargos específicos para os municipios turísticos. Véxase: "Ley 39/1988, de 28 de diciembre, reguladora de las Haciendas Locales". BOE nº313, de 30/12/1988; pp. 36636-36664. https://www.boe.es/boe/dias/1988/12/30/pdfs/A36636-36664.pdf; "Ley 51/2002, de 27 de diciembre, de reforma de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales". BOE nº311, de 28/12"2002; pp. 45726-45758. http://www.boe.es/boe/dias/2002/12/28/pdfs/A45726-45758.pdf; "Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales". BOE nº59, de 9/3/2004; pp. 10284-10342. https://www.boe.es/boe/dias/2004/03/09/pdfs/A10284-10342.pdf

[111] O art. 125.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 contempla os requisitos que deben reunir os municipios turísticos para poder acceder a este sistema específico de financiamento:

a) "Ter unha poboación de dereito superior a 20.000 habitantes.
b) Que o número de vivendas de segunda residencia supere ao número de vivendas principais, de acordo cos datos oficiais do último Censo de Edificios e Vivendas".

Agora ben, quedan excluídos, os municipios que constitúan capitais de provincia ou de Comunidades Autónomas e aqueles cuxa poboación de dereito sexa igual ou superior a 75.000 habitantes (arts. 111 e 122 do do Real Decreto Lexislativo 2/2004). Si un municipio cumpre os equisitos establecidos no TRLHL, prevese como consecuencia a súa participación nos impostos especiais que gravan os hidrocarburos e os labores do tabaco (artigo 125 do Real Decreto Lexislativo 2/2004). Véxase: "Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales". BOE nº59, de 9/3/2004; pp. 10284-10342. https://www.boe.es/boe/dias/2004/03/09/pdfs/A10284-10342.pdf. Polo tanto, calquera municipio galego que reúna estes dous requisitos considerarase municipio turístico, aos efectos de poder participar no sistema fiscal contemplado nesta Lei, con independencia de que sexan declarados ou non municipios turísticos de conformidade coa normativa autonómica galega. Por conseguinte, podemos soster que non é un sistema que se contradiga co previsto no ámbito autonómico, senón que é acumulativo, de tal xeito, que se poderá beneficiar del calquera municipio galego que reúna tales características. Agora ben desde o ámbito de visión dunha OMD galega sinalar, en primeira orde, que os requisitos que se contemplan no TRLHL para a consideración dun territorio como municipio turístico son difrentes con respecto dos previstos na normativa galega de réxime local e de ordenación turística. En efecto, en primeiro lugar, a normativa autonómica ten en consideración para a declaración dun municipio turístico, a ponderación da poboación de dereito pola poboación de feito, é dicir, pola poboación visitante. Ademais, só poderán beneficiarse do réxime previsto no TRLHL aqueles municipios cuxa poboación de dereito sexa superior a 20.000 habitantes de dereito pero inferior aos 75.000, sempre que non sexan capitais provinciales ou autonómicas. Iso implicará deixar fóra deste réxime a case a totalidade dos municipios litorais galegos, tanto por defecto como por exceso. En segundo lugar, tamén é reseñable que a lei estatal refírase exclusivamente á segunda residencia como criterio delimitador. Un criterio delimitador totalmente contradictorio contra o modelo de desenvolvemento turístico sostible que se debe fomentar desde as OMDs. En cambio, as normas autonómicas galegas teñen en consideranción conxuntamente as prazas de aloxamento turístico e prazas de segunda residencia ao proceder á declaración dun municipio turístico.

banda, un tratamento diferenciado co que se intenta facer máis racional e efectiva a súa xestión, pero ao mesmo tempo, un medio para mellorar os seus problemas de financiamento. Problemas, estes últimos, orixinados por un patente desequilibrio na partida de ingresos e gastos, resultado da desviación dos mesmos, en competencias municipais indispensables para a satisfacción da demanda turística (seguridade en lugares públicos, conservación de patrimonio histórico-artístico, protección do medio ambiente, ordenación do tráfico, protección civil, fornezo de auga e alumeado público, ...). Mentres os ingresos municipais, do mesmo xeito que no resto de entes locais, dependen de dous capítulos fundamentais: os impostos directos e as transferencias correntes. Aínda que é certo, que por unha banda, a implantación da oferta turística na súa vertente inmobiliaria e empresarial contribúe ao incremento dos impostos directos, por outra, a participación municipal nos tributos do Estado, compoñente esencial das transferencias correntes, calcúlase basicamente sobre a poboación censada. Ignorando, por conseguinte, o seu incremento de carácter estacional motivado polas actividades turísticas, que comporta a necesidade de prestar servizos públicos para un continxente de poboación adicional cuns niveis de esixencia superiores normalmente aos da propia poboación residente. Dificultades de financiamento que repercuten de xeito directo sobre a xestión do espazo turístico ao condicionar non só a capacidade de actuación, senón tamén ao incidir na configuración dun modelo territorial-turístico residencialista no ámbito litoral galego, ao concibirse o desenvolvemento urbanístico como un proceso indispensable para financiar as políticas locais[112].

Existen outras figuras diferentes á do Municipio Turístico previstas nas distintas leis autonómicas como consecuencia da especial incidencia das actividades turísticas sobre un territorio (municipios de preferente uso turístico, zonas turísticas saturadas...). Neste sentido, a Lei 7/2011 do turismo de Galicia considera dúas figuras de carácter terrritorial: os *xeodestinos turísticos* (art.º 23) e os *territorios de preferente actuación turística* (art.º 24, 25 e 26)[113]:

Os *xeodestinos turísticos*[114] son aquelas "(…) áreas ou os espazos xeográficos

[112] Formulación de base incorrecta, posto que o crecemento urbanístico implica inevitabelmente novas necesidades financeiras, pode conducir a superar a capacidade de carga do territorio e está sometido a conxunturas económicas que poden comprometer a viabilidade futura da política local baseada nun determinado limiar de ingresos. "A necesaria contención e racionalización do crecemento urbano-turístico en determinadas áreas litorais require unha adecuada interpretación dos seus efectos no financiamento municipal pero resulta inadmisible a negación destas políticas por motivos exclusivamente financeiros. Por outra banda, resolver os problemas estructurais herdados por un proceso de crecemento turístico compulsivo e desenvolver actuacións que afiancen a calidade de vida dos residentes e a competitividade futura do destino turístico non só afecta ao capítulo de ingresos, á esixencia dunha maior volume de recursos, senón tamén ao capítulo de gastos, á necesidade de alcanzar unha maior eficiencia nas políticas de investimento e gasto público". Véxase: IVARS BAIDAL, J.A. (2003a): "Política local y gestión de los espacios turísticos", en SANTOS SOLLA, X. M. (ed.): "La geografía y la gestión del turismo". VIII Coloquio de la Geografía del Turismo, Ocio y Recreación,Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; pp. 17-55; op. cit. páx. 34.

[113] Véxase: Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. DOG nº216, de 11/11/2011; pp. 32946-33034. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111111/AnuncioC3B0-041111-8318_gl.pdf

[114]Esta figura xa foi considerada previamente pola normativa turística da Comunidade Autónoma de Cantabria. En efecto, a Lei 5/1999, de 24 de marzo, de Turismo de Cantabria, prevé as *Denominacións xeoturísticas*. "A Consellería competente en materia de turismo poderá definir, crear e outorgar denominacións xeoturísticas na Comunidade Autónoma de Cantabria a áreas concretas e determinadas, localidades, Términos Municipais ou Comarcas que, polos seus especiais características, considere oportuno para a actividade turística da citada zona" (art. 40.1 da Lei 5/1999). Véxase: "LEY 5/1999, de 24 de marzo, de Ordenación del Turismo de Cantabria". BOE nº110, de 8/5/1999; pp. 17403- 17416; op. cit. páx. 17410.

limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular" (art.23.1 da Lei 7/2011). "A consellaría competente en materia de turismo, no exercicio das súas competencias de planificación, ordenación e fomento da actividade turística, poderá definir e crear denominacións de xeodestinos turísticos, por proposta do órgano directivo competente en materia de turismo, que terá en conta as especiais características do territorio afectado pola denominación, as infraestruturas turísticas existentes e os seus recursos turísticos, así como o seu potencial desenvolvemento en produtos ou segmentos turísticos altamente competitivos e calquera outra circunstancia que se determine regulamentariamente" (art.23.2 da Lei 7/2011). Previamente á definición e creación da denominación do xeodestino, a consellería competente en materia de turismo consultará ás entidades locais interesadas[115]. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, logo da súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global "Galicia" e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos[116]. Polo tanto, podemos concluír, que os xeodestinos son un vello concepto agora recuperado e que fai alusión a áreas homoxéneas cunha identidade turística singular[117]. Unha ferramenta de planificación territorial funadamentada na coordianción/colaboración entre administracións co obxecto de determinar investimentos e a posta en valor ou a creación de destino turísticos especializados. Unha canle de promoción dun territorio, das áreas turísticas galegas buscando a súa singularidade e diferenciación. Asi mesmo, supón tamén unha oportunidade para procurar unha ordenación territorial turística de Galicia en función de submarcas territoriais. A Secretaría Xeral para ou Turismo aprobou a finais do ano 2011 o *mapa Xeodestinos de Galicia.* No mesmo, Galicia foi dividida en catorce áreas territoriais[118]. Un

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


http://www.boe.es/boe/dias/1999/05/08/pdfs/A17403-17416.pdf

[115] Artigo 23.3 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 32981.

[116] Artigo 23.4 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 32981.

[117] Véxase: SANTOS SOLLA, X. M. (2012): "Los turismos de interior en Galicia. Balance y perspectivas". Polígonos. Revista de Geografía, nº23; pp. 213-234; op. cit. páx. 232.

[118] Figura nº3.2.2.- Mapa de xeodestinos de Galicia.



Fonte: Axencia de Turismo de Galicia, Xunta de Galicia.

01. RÍAS ALTAS

Este geodestino subdivídese noutros dous:

01.A. FERROLTERRA

Abrangue os municipios de Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón,Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño e Vilarmaior.

01.B. RÍAS ALTAS. A CORUÑA E AS MARIÑAS

Composto polos municipios da Coruña, Arteixo, Culleredo, Oleiros, Sada, Cambre, Carral, Bergondo, Abegondo, Betanzos, Paderne, Miño, Coirós, Oza dous Ríos, Irixoa e Aranga.

02. COSTA DA MORTE

Abrangue os municipios de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Coristanco, Corcubión, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

03. TERRAS DE SANTIAGO

Municipios de Ames, A Baña, Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cerceda, Curtis, Frades, Melide, Mesía, Negreira, Ordes, Oroso, O Pino, Padrón, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques,Touro, Tordoia, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vilasantar.

04. MARIÑA LUCENSE

Municipios de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourol, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove.

05. LUGO E A TERRA CHÁ

Abrangue os municipios de Abadín, Antas de Ulla, A Pastoriza, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Monterroso, Muras, O Corgo, O Páramo, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Pol, Rábade, Riotorto, Sarria, Vilalba e Xermade.

06. ANCARES-COUREL

Composto polos municipios de A Fonsagrada, As Nogais, Baleira, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, O Incio, Pedrafita do Cebreiro, Ribeira de Piquín, Triacastela e Samos.

07. RIBEIRA SACRA

mapa de xeodestinos turísticos de Galicia que recolle as singularidade do territorio galego, recoñecendo áreas cunha impronta turística consolidada e espazos cun sector turístico menos desenvuelto. En defintiva, o obxectio é territorializar e homoxeinizar a oferta, como novo xeito de promocionala e comercializala turísticamente, co obxectivo de optimizar a súa posta en valor e facela máis accesible.

Os *territorios de preferente actuación turística* defínense como territorios que "(…) polas súas especiais características demanden unha actuación específica e singular das administracións públicas con competencias na materia, co fin de garantir a execución dunha política turística común e especial, poderán ser declarados territorios de preferente actuación turística" (art.24.1 da Lei 7/2011). "Para que un territorio sexa declarado de preferente actuación turística será preciso que nel concorran os requisitos que se establezan regulamentariamente e, en todo caso, os seguintes:

a) Que dispoña de recursos de interese turístico así avaliados en cada caso pola Administración autonómica.
b) Que o planeamento urbanístico, de cada un dos territorios, de ser o caso, teña previsto o solo preciso para a dotación dos equipamentos turísticos necesarios para a

---

Municipios de Peroxa, A Pobra de Brollón, A Teixeira, Bóveda, Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Esgos, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, O Saviñao, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Sober, Taboada e Xunqueira de Espadañedo.

08. O RIBEIRO

A Arnoia, Amoeiro, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, Castrelo do Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Maside, Melón, O Carballiño, O Irixo, Piñor, Pontedeva, Punxín. Ribadavia, San Amaro e San Cristovo de Cea.

09. TERRAS DE OURENSE-ALLARIZ

Municipios de A Merca, Allariz, Baños de Molgas, Barbadás, Coles, Maceda, O Pereiro de Aguiar, Ourense, Paderne de Allariz, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén, Vilamarín e Xunqueira de Ambía.

10. CELANOVA-LIMIA

Municipios de A Bola, Baltar, Bande, Calvos de Randín, Cartelle, Celanova, Lobeira, Lobios, Muíños, Os Blancos, Padrenda, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Verea, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

11. VERÍN-VIANA

A Gudiña, A Mezquita, Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Viana do Bolo, Vilardevós e Vilariño de Conso.

12. MANZANEDA-TREVINCA

A Pobra de Trives, A Rúa, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Chandrexa de Queixa, Larouco, Manzaneda, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Petín, Rubiá, San Xoán de Río e Vilamartín de Valdeorras.

13. RÍAS BAIXAS

Este geodestino subdivídese noutros catro:

13.A. RÍA DE MUROS E NOIA

Integrado polos municipios de Muros, Outes, Noia, Lousame e Porto do Son.

13.B. RÍA DE AROUSA

A Illa de Arousa, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Cambados, Catoira, Dodro, Meaño, Meis, O Grove, Pontecesures, Rianxo, Ribadumia, Ribeira, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

13.C. RÍA E TERRAS DE PONTEVEDRA

Municipios de A Lama, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cangas, Cotobade, Cuntis, Marín, Moaña, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Portas e Vilaboa.

13.D. RÍA DE VIGO E BAIXO MIÑO

A Cañiza, A Guarda, Arbo, As Neves, Baiona, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, Nigrán, O Porriño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Ponteareas, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior, Tomiño, Tui e Vigo.

14. DEZA-TABEIRÓS

A Estrada, Agolada, Cerdedo, Dozón, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

execución das políticas turísticas que se formulen" (art. 24.2 da Lei 7/2011).

A iniciativa para a declaración dun territorio de preferente actuación turística partirá dos concellos interesados ou de oficio por parte da consellería competente en materia de turismo, con audiencia dos concellos afectados (art. 25.1 da Lei 7/2011)[119]. A declaración corresponderá á consellería competente en materia de turismo (art. 25.2 da Lei 7/2011). Doutra banda, a declaración dun territorio de preferente actuación turística comportará "(…) a aprobación dun plan de actuación integral sobre este, que se formalizará a través dos oportunos mecanismos de cooperación interadministrativa entre a consellaría competente en materia de turismo, a entidade ou as entidades locais afectadas e as asociacións e os organismos correspondentes. En todo caso, garantirase a participación do Consello do Turismo de Galicia[120]" (art. 25.3 da Lei 7/2011). En canto ao contido do plan de actuación integral, dispoñerá, dos seguintes contidos (art. 26):

- ✓ A catalogación dos recursos de interese turístico existentes.
- ✓ A consideración dos tramos de cada un dos camiños de Santiago recoñecidos oficialmente, que atravesen estes territorios.
- ✓ As propostas de reforma da normativa urbanística precisas para a dotación dos equipamientos turísticos.
- ✓ A concreción dos usos turísticos previstos para o desenvolvemento do plan.
- ✓ Os recursos económicos precisos para o seu desenvolvemento.
- ✓ As medidas necesarias para garantir a adecuada protección dos recursos culturais e patrimoniales existentes.
- ✓ As previsións organizativas precisas para o seu desenvolvemento.

Igualmente, contará con programas específicos de protección ambiental, coa finalidade de lograr os seguintes obxectivos[121]:

a) Evitar a degradación ou a destrución do medio natural e procurar o seu correcto aproveitamento.
b) Potenciar condutas responsables ecoloxicamente en todos os axentes que interveñen
c) no sector do turismo.
d) Preservar os recursos naturais non renovables, coa redución do seu consumo no posible, así como evitar a súa contaminación.
e) Acomodar o desenvolvemento turístico ao contorno físico, ao espazo e á estética, sendo respectuosos coa historia e coa cultura galega. Do mesmo xeito, serase especialmente respectuoso coas tradicións de cada zona.
f) Garantir o equilibrio do medio natural na utilización dos servizos turísticos.

Por outra parte, xunto aos descritos réximes locais especiais e figuras afines contempladas na lexislación turística hai que prestar atención tamén a unha figura recollida na lexislación básica de comercio e desenvolvida pola Xunta de Galicia, referímonos ás *zonas de gran afluencia turística*. De feito, en virtude das competencias exclusivas do Estado en materia de bases da ordenación da actividade económica[122], o Estado aprobou a

[119] Con todo, como xa sinalamos, para a declaración de municipio turístico en Galicia non se contempla a participación do municipio interesado (art. 27 da Lei 7/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 32983.

[120] Un *Consello do Turismo de Galicia*, no que está reperesentados "(…) ás administracións públicas con competencias en materia turística, ás organización máis representativas do sector turístico, sindical e de protección ao consumidor e usuario e a aqueloutras institucións públicas ou privadas que se determinen regulamentariamente" (art. 7.3 da Lei 7/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 32975.

[121] Artigo.26.2 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 32983.

[122] Artigo 149.1.13 da CE.

Lei 1/2004, do 21 de decembro, de Horarios Comerciais[123]. Unha normativa que considera a flexibilización do réxime de horarios comerciais naquelas zonas nas que se dea o feito turístico. Marco xurídico que as Comunidades Autónomas asumiron nos seus respectivos territorios, entre elas a galega. "Os establecementos (...) en zonas de grande afluencia turística, terán plena liberdade para determinar os días e horas en que permanecerán abertos ao público en todo o territorio nacional"[124]. Agora ben a "(...) determinación de zonas turísticas (...), así como os períodos a que se circunscribe a aplicación da liberdade de apertura nestas, corresponderá a cada Comunidade Autónoma para o seu respectivo ámbito territorial"[125]. En Galicia, a Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios Comerciais[126] concreta o que debe entenderse por zona de grande afluencia turística. Nesta dirección, esta norma en su artigo 9.1 establece que para "(…) determinar as zonas de grande afluencia turística, exceptuadas do réxime xeral, é precisa a proposta motivada do concello directamente afectado, que será aprobada por maioría absoluta do pleno, a cal haberá de especificar se a exclusión se pide para a totalidade do municipio ou só para unha parte deste, e indicar o período ou períodos do ano a que se circunscribe a solicitude e a franxa horaria de apertura diaria solicitada, debendo achegarse a esta os seguintes informes:

a) Informe da Cámara de Comercio do ámbito territorial afectado.
b) Informe das asociacións ou agrupacións de comerciantes minoristas máis representativas do sector comercial no ámbito territorial afectado.
c) Informe das asociacións de consumidores e usuarios máis representativas no ámbito territorial afectado.
d) Informe das organizacións sindicais máis representativas no ámbito territorial afectado".

A consellería competente en materia de comercio da Xunta de Galicia é o órgano que ten atribuída a competencia para aprobar ou denegar a proposta para determinar ás zonas de grande afluencia turística. Iso se, "(...) logo de informe preceptivo da dirección xeral competente en materia de turismo"[127]. A declaración de zona de grande afluencia turística, terá unha vixencia de cinco anos, prorrogables por idénticos períodos[128]. Finalmente, apuntar que se desaparecesen as causas que motivaron a declaración de zona de grande afluencia turística, a consellería competente en materia de comercio procederá á revogación desta[129]. Agora ben, esta revogación da autorización, terá lugar logo de audiencia das organizacións que informaron correspondentes ao municipio afectado, é dicir, a cámara de comercio, as asociacións ou agrupacións de comerciantes minoristas máis representativas do sector comercial, as asociacións de consumidores e usuarios e as organización sindicais. Así mesmo, poderase solicitar informes para o efecto á dirección xeral en materia de turismo[130]. Hai que recalcar que iso non se establece con carácter preceptivo[131].

---

[123]Véxase: "Ley 1/2004, de 21 de diciembre, de Horarios Comerciales.". BOE nº307, de 22/12/2004; pp. 41557-41559. https://www.boe.es/boe/dias/2004/12/22/pdfs/A41557-41559.pdf
[124] Artigo 5.1 da Ley 1/2004. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 41558.
[125] Artigo 5.5 da Ley 1/2004. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 41558.
[126] Véxase: "Ley 13/2006, de 27 de diciembre, de horarios comerciales de Galicia". BOE nº29, de 2/2/2007; pp. 4825-4828. http://www.boe.es/boe/dias/2007/02/02/pdfs/A04825-04828.pdf
[127] Artigo 9.2 da Ley 13/2006. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 4827.
[128] Artigo 9.5 da Ley 13/2006. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 4827.
[129] Artigo 9.6 da Ley 13/2006. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 4827.
[130] Ibídem.
[131] Véxase: BOUAZZA ARIÑO, O. (2012): "Regímenes locales especiales en materia de turismo". Anuario Aragonés del Gobierno Local, nº4; pp. 257-292; op. cit. páx. 289.

Noutra orde, a cooperación entre a distintas administracións do estado español será un dos obxectivos fundamentais a buscar desde as OMDs. Xa que logo, de conformidade co que se establece nos artigos 10.2 e 59 LBRL[132], deberán estructurarse as relacións interadministrativas coas necesarias ferramentas en materia de asistencia e colaboración para a xestión adecuada dos intereses públicos e cara a coordinación dos entes territoriales en materia turística. Unha filosofía de colaboración que debe canalizarse a través de políticas activas de execución coordinada a todos os niveis e instrumentada basicamente ao redor da Conferencia Sectorial de Turismo. Un instrumento que ten por finalidade asegurar a coherencia necesaria entre as actuacións das distintas Administracións Públicas, así como a colaboración entre as mesmas no ámbito das súas respectivas competencias[133]. Outro instrumento viable de articulación entre as distintas administracións é a celebración de convenios de colaboración[134] como plans e programas conxuntos[135] nos términos fixados na Lei 30/1992[136]. Por outra banda, a participación dos distintos axentes administrativos, económicos e sociais afectados polas actividades turísticas canalizouse a través do Observatorio do Turismo, do que forman parte representantes da Administración Xeral de Estado, das CC.AA. e as Corporacións Locais, organizacións sindicais, asociacións de consumidores e usuarios, Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, medios de comunicación social, Universidades e Escolas públicas e privadas de turismo. Finalmente, neste entramado de instrumentos de colaboración pública e privada previstos dentro do sector turístico español, están aqueles creados por diferentes CC.AA. a través das súas normas legais. Nesta dirección, a normativa galega contempla o xa citado con anterioridade *Consello do Turismo de Galicia.* Un organismo "(…) adscrito á consellaría competente en materia de turismo, como órgano colexiado e de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, á promoción, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo" [137] no territorio gallego.

Xa que logo, como conclusión, podemos apuntar que no que respecta estrictamente á ordenación, planificación e xestión do litoral turístico conflúen unha serie de instrumentos propios de distintas políticas horizontais (economía, territorial ou ambiental) e sectoriais (infraestructuras, costas, ...), ademais dos específicamente turísticos, que se superponen en diferentes niveis territoriales (Estado, Comunidade Autónoma e entes locais) e que configuran un marco político-administrativo de contrastada complexidade[138].

---

[132] Véxase: Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local. BOE nº 80, de 03/04/1985, pp. 8945-8964; op. cit. páxs. 8949 e 8956. https://www.boe.es/boe/dias/1985/04/03/pdfs/A08945-08964.pdf

[133] Véxase: Artigo 5 da Ley 4/1999, 13 enero, de modificación de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común . BOE nº12, de 14/1/1999, https://www.boe.es/boe/dias/1999/01/14/pdfs/A01739-01755.pdf

[134] Véxase: Artigo 6 da Ley 4/1999, 13 enero, de modificación de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común . BOE nº12, de 14/1/1999, https://www.boe.es/boe/dias/1999/01/14/pdfs/A01739-01755.pdf

[135] Véxase: Artigo 7 da Ley 4/1999, 13 enero, de modificación de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común . BOE nº12, de 14/1/1999, https://www.boe.es/boe/dias/1999/01/14/pdfs/A01739-01755.pdf

[136] Véxase Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. BOE nº 285, de 27/11/1992.

[137] Artigo 7.1 da Lei 7/2011. Véxase: Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. DOG nº216, de 11/11/2011; pp. 32946-33034; op. cit. páx. 32974.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111111/AnuncioC3B0-041111-8318_gl.pdf

[138] Véxase: IVARS BAIDAL, J. A. (2001): "La planificación turística de los espacios regionales en España". Tesis Doctoral, Universidad de Alicante, Instituto Universitario de Geografía, 2 vols. (inédita).

En definitiva, a confluencia de diferentes administracións, con independencia de quen sexa a instancia competente en caso de conflito, formula a necesidade de sincronizar, de ensamblar mellor este complexo esqueleto administrativo con competencias na materia de turismo. As OMDs en España deben partir desta realidade complexa. Por outra parte, deben ser conscientes que as Administracións Públicas non son un axente máis do sistema turístico, senón que en ocasións, exercen a súa potestade para regular o sector, ou exercen a potestade sancionadora ou desenvolven unha actividade arbitral, o que pon de manifesto a, en ocasións, difícil delimitación entre o público e o privado no ambiente turístico[139].

3.2.1- O PAPEL DA UE EN MATERIA TURÍSTICA.

Resulta rechamante que no ámbito da Unión Europea, a pesar da relevancia que ocupa o sector turístico nas súas múltiples vertentes, especialmente no que respecta ao seu potencial económico, tradicionalmente a UE careceu dunha política específica como así mesmo duns programas de financiamento a longo prazo en materia turística[140]. Polo tanto, enfrontámonos a unha gran contradición: a pesar de gozar de enorme relevancia en termos cuantitativos e cualitativos dentro dos países da UE, o tratamento do turismo continúa tendo na actualidade un papel francamente residual. Este feito despréndese claramente, tanto do texto dos tratados fundacionais como das sucesivas reformas que estes foron sufrindo. O turismo, actualmente, non figura expresamente como materia comunitaria. De feito, non se pode falar con precisión de que nos encontremos ante unha verdadeira política comunitaria, senón máis ben ante un ámbito de normativización relativamente recente e en constante ebulición (que vai dende o *soft-law* plasmado en resolucións ou recomendacións que datan na súa maioría dos anos oitenta do pasado século, ata normas vinculantes como directivas, regulamentos ou decisións)[141]. Ademais, o turismo é un sector que, ao non se enmarcar aínda nunha política comunitaria propia, tópase diseminado en ámbitos tan diversos como a protección de consumidores e usuarios, o sector dos transportes, a libre circulación de persoas, mercadorías e servizos, a protección do medio, etc. Todos eses, e inclusive algún outros de forma indirecta (como o da saúde) gardan relación co turismo e a necesaria normativización deste sector a nivel comunitario, ademais da ineludible coordinación que debría levarse a cabo, ao afectar a materias tan dispares[142].

---

[139] Véxase: RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, J. (2009): "Sobre la distribución de competencias en materia de turismo en el dercho español", en "Enoturismo e Turismo em Espaço Rural". APHVIN/GEHVID e Edições ISMAI, Maia; pp. 263-296; op. cit. páx. 267.

[140] Neste sentido, poderiamos afirmar que non existe unha política comunitaria propia sobre fomento e promoción do turismo. LICKORISH (1991) argumenta como razón para iso: "A comisión nunca aceptou a necesidade dunha política para o turismo, mantendo, dentro do principio de subsidiariedade, que o turismo é asunto de cada Estado e que a intervención da Comisión quedaba limitada a unha serie de medidas específicas". Véxase: LICKORISH, L. J: (1991): "Developing a single European Tourism policy", en Tourism Management, vol. 12, nº3, págs. 178-184. FORBES (1994), en cambio, suxire outra explicación: "A falta de interese da UE polo turismo (...) é en parte reflexo da escasa atención prestada ao mesmo nalgúns Estados, especialmente nos de maior desenvolvemento económico, e en parte consecuencia da dificultade de identificar o turismo". FORBES, A. H. (1994): "Tourism and transport policy in the European Union, en SEATON, A. V. e alt. (eds): Tourism: The state of the art". Ed. Joh Wiley, Chichester.

[141] Neste punto, hai que sinalar que o grao de incidencia dos documentos emanados dende as institucións europeas é diferente.

[142] Neste sentido, o Consello xa alertaba na Resolución do ano 2002 "sobre o futuro do turismo europeo", acerca deste particular, sinalando que o turismo é "(…) é un sector de natureza transversal ao que afectan moitas das políticas da Unión Europea. Aínda que non exista unha política común europea nesta materia,

É destacable a ausencia de mención ao turismo no texto orixinal dos Tratados constitutivos das primitivas Comunidades Europeas. O Tratado de Roma de 1957 polo que se constituíu a Comunidade Económica Europea (CEE) non contemplaba o turismo dentro das actividades ás que reservaba un tratamento común[143]. Obviamente, nesas datas non se prevía o grao de expansión que alcanzaría o turismo como movemento de masas e actividade económica. A Comunidade Europea non empeza a preocuparse polo turismo ata comezos dos anos oitenta cun intento de establecer unha política comunitaria. O cambio de formulación débese basicamente a dous motivos[144]:

1. Unha longa crise industrial que se estaba a vivir cun gran deterioro de todas as magnitudes macroeconómicas e as posibilidades que ofrecía o turismo como elemento dinamizador da economía no conxunto de países e rexións que forman a UE.
2. A incorporación de Grecia e as discusións para a adhesión de España e Portugal, países nos que o turismo representaba unha parte importante da súa economía.

En consecuencia, non foi ata principios da década dos oitenta do século pasado cando se formulou no seo das institucións comunitarias a conveniencia de crear unha política común en turismo. Iso si, cabe destacar nestes primeiros pasos como punto común en todos eles que son documentos carácter non vinculante. Neste período, a Comisión presentou unha Comunicación sobre turismo ao Consello, o 1 de xullo de 1982. Unha Comunicación chamada "Para unha política Comunitaria de Turismo. Primeiras orientacións" que vai acompañada doutro documento "A Comunidade Europea e o Turismo"[145]. Un documento que recollía as que deberían ser as orientacións iniciais para a realización dunha política comunitaria en turismo. No devandito documento, a Comisión establecía as prioridades que debían marcar esta futura actuación. Unhas prioridades que podemos resumir nos seguintes puntos[146]:

- Fomentar o turismo intracomunitario, onde un aspecto esencial é garantir a libre circulación das persoas dentro do territorio comunitario.
- Potenciar o turismo social.
- Mellorar as condicións de traballo dos traballadores do sector. Nesta dirección, facíase un especial fincapé nos aspectos relacionados coa formación e a titulación dos empregados.
- A repartición estacional dos fluxos turísticos.
- Mellorar os niveis de desenvolvemento rexional.
- A preservación do patrimonio cultural.

---

moitas medidas comunitarias en ámbitos como os transportes, o medio, as novas tecnoloxías da información, a hixiene alimentaria, a enerxía e a fiscalidade inciden directamente no sector turístico, se ben os intereses deste non sempre se teñen en conta ao adoptar decisións. Convén, polo tanto, dotar a estas políticas e medidas dun amplo marco de coordinación". Véxase: CONSEJO (2002): "RESOLUCIÓN DEL CONSEJO, de 21 de mayo de 2002,sobre el futuro del turismo europeo". Diario Oficial de las Comunidades Europeas (DO) C 135 de 6/6/2002; pp. 1-3;op. cit. páx. 1
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52002XG0606(01)&from=ES

[143] Véxase: VALDÉS PELÁEZ, L. (2004): "La política turística de la Unión Europea". Quaderns de Política Econòmica (QPE)-Revista Electrónica, nº7; pp. 114-134; op. cit. páx. 115.
http://www.uv.es/poleco/revista/num7/valdes7.pdf

[144] Ibídem; op. cit. páx. 120.

[145] Véxase: Boletín das Comunidades Europeas. Suplemento 4/82.

[146] Véxase: DÍAZ PÉREZ, F. Mª. (coord..) (2006): "Política turística: La competitividad y sostenibilidad de los destinos". Tirant lo Blanch, Valencia; op. cit. páx. 71.

Unhas prioridades que perduraron como tales no proceso de configuración da política europea en turismo. Nesta mesma liña e como apoio o Parlamento Europeo adoptou en 1983 unha "Resolución sobre a política comunitaria de turismo"[147] na que reafirmaba o interese para a Comunidade de contar cunha política específica na materia.

Durante os inicios dos oitenta sucédense dentro do ámbito das institucións comunitarias outros documentos sobre a política común en materia de turismo[148]. Neste sentido, o Consello fai súa a iniciativa comentada anteriormente da Comisión mediante unha Resolución do 10 de Abril de 1984 concernente a unha política comunitaria do Turismo[149]. Na mesma, formúlase unha sistematización de medidas adoptadas nas distintas políticas comunitarias que afectan ao turismo. A actuación é interesante pois ademais de reforzar a idea da necesidade dunha política común en turismo, marca as liñas por onde se van ir tomando decisións neste campo no futuro e as materias sobre as que se vai ir actuando[150].

Posteriormente, a progresiva ampliación da CE cara ao sur de Europa, a entrada de países ribeiráns ao Mediterráneo e con claro desenvolvemento turístico na década dos oitenta do século pasado[151] dará unha maior relevancia á política en materia turística. Destas datas, temos unha Decisión do Consello de certo calado pola que establece un procedemento de consulta e coordinación no ámbito do turismo[152]. Agora ben, o sector turístico seguiu carecendo de carácter prioritario. De feito, na actualidade, "(...) considérase ao turismo non como unha competencia comunitaria, senón dos países membros, é dicir, que prima o principio de subsidiariedade"[153]. Consecuentemente, o impacto da UE sobre o turismo é máis ben de carácter indirecto que directo, xa sexa, a través de lexislación e normativa non concibida para este sector pero que o condiciona de forma substancial[154], ou

[147] Véxase: DO C 10 de 16/1/1984.

[148] Opinión e informe do Comité Económico e Social de 29 de outubro de 1983(DOC 358 de 31 de decembro de 1983); Resolución do Parlamento Europeo (DOC 10 de 16 de xanerio de 1984); …

[149]Este documento destaca, entre outros aspectos, que "o turismo é unha actividade importante para a integración de Europa", así como que este sector "afecta ou é afectado por un gran número de accións comunitarias". Véxase: DO C 115 de 30/4/1984.

[150] Véxase: VALDÉS PELÁEZ, L. (2004): "La política turística de la Unión Europea". Quaderns de Política Econòmica (QPE)-Revista Electrónica, nº7; pp. 114-134; op. cit. páx. 120. http://www.uv.es/poleco/revista/num7/valdes7.pdf

[151] En concreto Grecia en 1981 e España e Portugal en 1986.

[152]Decisión del Consejo de 22 de diciembre de 1986 por la que establece un procedimiento de consulta y coordinación en el ámbito del turismo (DOCE, núm. L 384, de 31/12/86). Unha Decisión, que segundo LIROLA (1988), puxo de relevo a importancia que haberá de xogar a existencia dun Comité Consultivo no sector turísitco, "(…) peza clave do procedemento decisorio en materia de turismo, promovendo os intercambios de información, as consultas e, cando proceda, a cooperación, especialmente a orientada á prestación de servizos aos turistas". Véxase: LIROLA DELGADO, I. (1988): "Reflexiones en torno a una política comunitaria del turismo". Revista de Instituciones Europeas, vol. 15; pp. 807-820; op. cit. páx. 810.

[153] Véxase: DÍAZ PÉREZ, F. Mª. (coord..) (2006): "Política turística: La competitividad y sostenibilidad de los destinos". Tirant lo Blanch, Valencia; op. cit. páx. 70.

[154]"Medidas tomadas no seo doutras políticas comunitarias pero que afectaban tamén ao turismo, precisamente pola súa característica de ser unha actividade de síntese de numerosas outras e verse afectado por todas elas". Véxase: VALDÉS PELÁEZ, L. (2004): "La política turística de la Unión Europea". Quaderns de Política Econòmica (QPE)-Revista Electrónica, nº7; pp. 114-134; op. cit. páxs. 119 e 120. http://www.uv.es/poleco/revista/num7/valdes7.pdf. Así, o turismo recibiu o apoio indirecto de programas comunitarios destinados a campos tales como o medio ambiente, a cultura, a protección do consumidor, os fondos estructurais, as redes transeuropeas, a educación e a formación profesional, a política común de transporte, a política de axuda á empresa, a investigación e o desenvolvemento, o establecemento do mercado

por medio, de fondos e programas xerais de finalidade non específicamente turística pero que constitúen o maior gasto realizado pola mesma nesta materia[155]. En relación, co primeiro aspecto, ben é sabida a relevancia actual da protección do medio ambiente como factor esencial no desenvolvemento das actividades turísticas, en función, dos xa comentados criterios de calidade e sostibilidade que deben dominar calquera política de desenvolvemento turístico competitiva. De feito, as institucións da UE xa adoptaron medidas de interese antes do Tratado de Lisboa, sendo aprobada a Resolución do Consello do 22 de decembro de 1986, relativa a unha mellor repartición estacional e xeográfica do turismo[156]; a Resolución do Parlamento CE, do 13 de xullo de 1990, sobre as medidas necesarias para protexer o medio do posible deterioro causado polo turismo de masas, dentro do marco do ano europeo do turismo; o Ditame do Consello Económico e Social sobre turismo e desenvolvemento rexional do 19 de xullo de 1990[157]; a Resolución do Parlamento Europeo, do 12 de xuño de 1991, sobre os atentados contra os hábitats naturais e seminaturais do Alpes (en países da CE e da AELC) en relación co crecente turismo de verán e de inverno nas devanditas rexións; ...

Neste aspecto, o art. 6 do Tratado da Comunidade Europea (Tratado de Ámsterdam de 1997)[158] dispón que as distintas políticas e accións que se realicen para dar cumprimento aos seus obxectivos deberán estar suxeitas á protección do medio ambiente, concretamente para fomentar un desenvolvemento sostible. Predisposición que se viu reflectida na especificación de instrumentos financeiros para a protección do medio ambiente con obxecto de contribuír ao desenvolvemento de proxectos e obxectivos que, frecuentemente, gardan relación co turismo[159]. Tamén, temos que a crecente importancia dos espazos naturais sometidos a distintos réximes de protección como destino turístico vense apoiados

---

interno e a aplicación das leis da competencia. "Dáse así o paradoxo de que, aínda sen dispoñer dunha política turística propia, a actividade da Unión Europea é un compoñente básico na configuración do sector turístico, cuxa influencia debe ser tida en conta no deseño dunha política nacional de calidade integral" . Véxase: PICTE (Plan Integral de Calidad del Turismo Español) 2000-2006.

[155] Dentro dos cales, han ter e teñen unha especial relevancia para Galicia o FONDO EUROPEO de DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) e a iniciativa INTERREG (concibida para a cooperación transfronteriza en rexións limítrofes do interior da UE). Pero non podemos esquecernos, pola súa gran significación, do Programa PRODER (Programa Operativo de Desenvolvemento e Diversificación Económica de Zonas Rurales), que resulta da aplicación do marco comunitario de apoio pluriregional para as rexións obxectivo 1 do Estado Español. Programa que ten como finalidade específica o impulso do desenvolvemento endógeno e sostenible a través da diversificación da economía rural.

[156] Véxase: CONSEJO (1986): "RESOLUCIÓN DEL CONSEJO, de 22 de diciembre de 1986, relativa a un mejor reparto estacional y geográfico del turismo (86/C 340/01)". Diario Oficial de las Comunidades Europeas (DO) nº C 340 de 31/12/1986.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:31986Y1231(02)&from=ES
Ao lado deste documento podemos mencionar, entre outros, a Recomendación do Consello de 22/12/1986, relativa á seguridade dos hoteis existentes contra os riscos de incendio (DOCE L 384, 31/12/1986), ou a Recomendación do Consello de 22/12/1986, relativa á información normalizada nos hoteis existentes (DOCE L 384, 31/12/1986).

[157] Véxase: CES (90) 1.063 de 20/9/1990. Bruselas.

[158] Véxase: UE (1997). "Tratado de Ámsterdam por el que se modifican el Tratado de la Unión Europea, los Tratados constitutivos de las Comunidades Europeas y determinados actos conexos". Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas, Luxemburgo.
http://europa.eu/eu-law/decision-making/treaties/pdf/treaty_of_amsterdam/treaty_of_amsterdam_es.pdf

[159] Regulamento (CE) nº1655/2000, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de xullo de 2000, relativo ao instrumento financeiro para o medio ambiente (LIFE) (D.Ou.C.E. nº L 192, de 28 de xullo de 2000). Con el substitúese o Regulamento nº1973/92, e as súas sucesivas modificacións.

por accións como a Rede Natura 2000, para que se pretende o desenvolvemento das actividades turísticas de forma armoniosa co mantemento e protección do seu medio ambiente[160].

Agora ben, debemos ter moi claro que a acción dentro da UE foi basicamente ata a actualidade adoptar medidas promocionais do sector turístico. Aprobándose, ente outras moitas, a Resolución do Parlamento CE do 22 de xaneiro de 1988, sobre axudas comunitarias ao turismo rural; a Decisión do Consello, do 21 de decembro de 1988, pola que se declara o ano 1990 "Ano Europeo do Turismo"[161]; a Comunicación da Comisión CE do 26 de setembro de 1990, relativa a un Plan de Axudas (1991-1994) a favor da empresas de turismo rural; o Documento da Comisión de "Medidas comunitarias para o fomento do Turismo Rural"[162]; a Decisión 90/665/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1990, de aplicación dun programa bienal para desenvolver a estatística comunitaria sobre o turismo[163]; ...

A Comisión propuxo en 1991 a aplicación dun programa coherente de medidas comunitarias a favor do turismo[164]. Estamos ante un programa concibido para complementar as medidas adoptadas en virtude das políticas comúns ou de programas específicos, e baseado na idea de que o papel da Comunidade, nun marco global en favor do turismo, non debe corresponder a unha intervención de grande alcance senón máis ben actuar na actividade turística no seu conxunto, mellorando globalmente a calidade e a competitividade da oferta turística comunitaria así como o coñecemento da demanda e a satisfacción de esta. En particular, consistía no seguinte[165]:

- Facer valer a importancia do turismo favorecendo a información e os intercambios recíprocos entre os seus diferentes compoñentes.
- Coordinar a acción nesta materia, na Comisión e cos Estados membros.
- Estimular e en certas áreas concretas apoiar proxectos demostrativos e innovadores.

Estamos ante un documento que foi obxecto de debates, discusións e ditames que deron lugar a unha proposta modificada de Decisión, finalmente aprobada en xullo de

[160] Nesta Rede intégranse as "Zonas de Protección especial" sometidas á Directiva 79/409/CEE, do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación de aves silvestres (D.O.C.E. nº L 103, de 25 de abril de 1979) e as "Zonas especiais de conservación" contempladas na Directiva 92/43/CEE, do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais así como da fauna e flora silvestres (D.O.C.E. nº L 206, de 22 de xuño de 1992).

[161] Véxase: Decisión del Consejo de 21/12/88, DO L 17 de 21/1/89. Durante, o Ano Europeo do Turismo de 1990 se realizaron numerosas actividades de promoción do turismo e tomáronse algunhas medidas nos campos seguintes: Turismo social, Turismo xuvenil, Turismo cultural, Turismo rural e Turismo e medio. Véxase: COMISION DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (1991): "Informe de la Comisión al Consejo y al Parlamento Europeo sobre el Año Europeo del turismo". COM (91) 95 final. 14/5/1991. Bruselas.

[162] Véxase: COMISION DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (1990): "Medidas comunitarias para el fomento del turismo rural". COM (90) 438 final de 29/10/1990. Bruselas.

[163] DOCE nº L 358 de 21/12/1990. A esta seguiríalle outro conxunto normativo tendente a recoller información estatística sobre este sector, da que constitúe unha mostra a "Directiva 95/57/CE do Consello, do 23 de novembro de 1995, sobre a recollida de información estatística no ámbito do turismo (DOCE L 291 de 6/12/1995). Véxase: https://www.boe.es/doue/1995/291/L00032-00039.pdf

[164] Véxase: COMISION DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (1991): "Plan de medidas comunitarias a favor del turismo". COM (91) 97 final. 23/5/1991. Bruselas.

[165] Véxase: VALDÉS PELÁEZ, L. (2004): "La política turística de la Unión Europea". Quaderns de Política Econòmica (QPE)-Revista Electrónica, nº7; pp. 114-134; op. cit. páx. 121 e 122. http://www.uv.es/poleco/revista/num7/valdes7.pdf

1992[166], un "Plan de medidas comunitarias a favor do turismo"[167]. O resultado do Plan foi bastante discutible. Neste sentido, o informe final que a Comisión aceptou e presentou ás Institucións correspondentes o 30 de Abril de 1996[168] ponía de manifesto que os resultados do Plan non foran demasiado satisfactorios, con críticas como que: a repercusión das actividades foi limitada no espazo, o alcance e o tempo; normalmente os estudos foron ben realizados, aínda que carecían dunha análise clara das necesidades; non se considerou debidamente a previsión dunha continuación duradeira dos proxectos e algúns deles parecían ben concibidos en parte para acceder aos fondos comunitarios; e a aplicabilidade comercial non parecía ser ben pensada, entre outras consideracións. Non obstante, tamén incluía unhas recomendacións para un futuro programa no turismo[169].

Na prestación de servizos aos turistas é onde comezaron a xurdir os primeiros intentos reguladores que maior repercusión tiveron dentro da UE, por conferir dereitos a particulares. As primeiras directivas xorden, concretamente, no marco das viaxes combinadas. Trátase da Directiva 90/314/CEE do Consello, do 13 de xuño de 1990, relativa ás viaxes combinadas, as vacacións combinadas e os circuítos combinados[170]. Tamén cabe sinalar en ánimo de exhaustividade, a Directiva 94/47/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 1994, relativa á protección dos adquirentes no relativo a determinados aspectos dos contratos de adquisición dun dereito de utilización de inmobles en réxime de tempo compartido[171]. Unha Directiva resultado de diversas iniciativas levadas

---

[166] Véxase: Decisión (CEE) nº 92/421 del Consejo de 13 de julio de 1992. DO L 231 de 13.8.1992.

[167] Un "Plan de medidas comunitarias a favor do turismo" que recollía no seu Anexo once accións a implementar desde o ámbito comunitario:

1. Mellora do coñecemento do ámbito do turismo e consolidación da coherencia das accións.
2. Distribución en niveis ou intervalos das vacacións.
3. Accións transnacionais.
4. Os turistas como consumidores.
5. Turismo cultural.
6. Turismo e medio ambiente
7. Turismo rural.
8. Turismo social.
9. Turismo xuvenil.
10. Formación.
11. Promoción en terceiros países.

[168] Véxase: COMISION DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (1996): Informe sobre la evaluación del Plan de acciones comunitarias en favor del turismo 1993–95. Decisión del Consejo 92/421/CEE. COM(96) 166 final. 30/4/1996. Bruselas.

[169] Véxase: VALDÉS PELÁEZ, L. (2004): "La política turística de la Unión Europea". Quaderns de Política Econòmica (QPE)-Revista Electrónica, nº7; pp. 114-134; op. cit. páx. 122.
http://www.uv.es/poleco/revista/num7/valdes7.pdf

[170]Véxase: "DIRECTIVA DEL CONSEJO, de 13 de junio de 1990, relativa a los viajes combinados, las vacaciones combinadas y los circuitos combinados (90/314/CEE)". Diario Oficial de las Comunidades Europeas (DO) n° L 158 de 23/06/1990.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:31990L0314&from=ES
Ao respecto, en relación coa transposición desta Directiva no ordenamento xurídico español e os seus problemas, véxase: LASARTE ÁLVAREZ, C. (2007): "Manual sobre protección de consumidores y usuarios". Dykinson, Madrid; op. cit. páxs. 240-261.

[171] Véxase: "DIRECTIVA 94/47/CE DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO, de 26 de octubre de 1994, relativa a la protección de los adquirentes en lo relativo a determinados aspectos de los contratos de adquisición de un derecho de utilización de inmuebles en régimen de tiempo compartido". Diario Oficial de las Comunidades Europeas (DO) n° L 280 de 29/10 /94.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:31994L0047&from=ES

a cabo durante a segunda metade dos anos oitenta, como o Documento de traballo elaborado pola Comisión o 26 de maio de 1986 en relación co "timesharing", seguido da "Proposta de resolución sobre a necesidade de encher a lagoa xurídica existente en materia de multipropiedade", do 17 de outubro de 1986. Agora ben, a complexidade desta figura como a necesidade de protexer os consumidores, xunto á aparición de numerosas figuras afíns co paso do tiempo[172], motivaron a adopción da Directiva 2008/122/CE[173]. Unha norma que derroga expresamente a Directiva 94/47/CE (art.16)[174] e introduce novidades moi relevantes en relación coa normativa anterior.

De forma paralela a estas actuacións, foi presentado pola Comisión o documento: "*O papel da Unión en materia de turismo. Libro Verde da Comisión*"[175]. O obxectivo deste documento era abrir unha consulta, sobre o papel que deberá xogar a Unión en materia de turismo. Dentro deste, resulta moi interesante o esquema de traballo empregado xa que coincide cos obxectivos que se intentan conseguir e en particular paga a pena destacar as preguntas que formula nos seus últimos epígrafes en relación ás perspectivas de evolución do papel da Unión en materia de turismo: ¿Redución ou eliminación das accións comunitarias específicas? ¿Deben manterse o marco e o nivel de intervención actuais? ¿Reforzo da acción comunitaria sobre a base do Tratado? ¿Cara a unha política turística comunitaria? O Libro Verde deu lugar a unha forte discusión sobre o papel do turismo na Unión Europea nas distintas Institucións e, en particular no Parlamento Europeo moi sensibilizado cara a esta actividade, chegando a aprobar unha Resolución na que "(…) lamenta que os Estados membros, malia as exhortacións do Parlamento Europeo, non incorporasen disposicións sobre unha política común de turismo ao Tratado de a Unión Europea"[176]. De feito, o Tratado de Ámsterdam asinado o 2 de outubro de 1997 non incluíu o turismo como política común[177]. As razóns argumentadas foron varias, entre as que podemos citar: "(…) os problemas xurdidos na aplicación do "*Plan de medidas comunitarias en favor do turismo*"; a inestabilidade sufrida pola DG XXIII e o temor dos estados membros ao crecemento de as estruturas burocráticas e á necesidade de incrementar o presuposto comunitario"[178].

---

[172] A este respecto, unha análise das figuras afíns que proliferaron, así como das posibilidades que presentábanse ante o lexislador comunitario para regular este sector, véxase: BENAVIDES VELASCO, P. (2007): "La propuesta de Directiva sobre protección de los consumidores de aprovechamiento por turno de bienes de uso turístico y su incidencia en el ordenamiento jurídico español". Revista Aragonesa de Administración Pública, nº 31; pp. 313-340.

[173]Véxase: "DIRECTIVA 2008/122/CE DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO, de 14 de enero de 2009, relativa a la protección de los consumidores con respecto a determinados aspectos de los contratos de aprovechamiento por turno de bienes de uso turístico, de adquisición de productos vacacionales de larga duración, de reventa y de intercambio". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 33 de 3/2/2009.; pp. 10-30. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2009:033:0010:0030:ES:PDF

[174] Ibídem; op. cit. páx. 16.

[175] Véxase: COMISION DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (1995): "El papel de la Unión en materia de turismo. Libro Verde de la Comisión". COM (95) 97 final. 4/4/95. Bruselas.

[176] Véxase: "Resolución sobre el Libro Verde de la Comisión sobre el papel de la Unión en materia de turismo". (COM(95) 0097 – C4– 0157/95). Diario Oficial n° C 065 de 4/3/1996.

[177] Véxase: UE (1997). "Tratado de Ámsterdam por el que se modifican el Tratado de la Unión Europea, los Tratados constitutivos de las Comunidades Europeas y determinados actos conexos". Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas, Luxemburgo.
http://europa.eu/eu-law/decision-making/treaties/pdf/treaty_of_amsterdam/treaty_of_amsterdam_es.pdf

[178] Véxase: VALDÉS PELÁEZ, L. e DEL VALLE TUERO, E. A. (2010): "Políticas de la Unión Europea en materia de turismo". Estudios Turísticos, nº184; pp. 71-98; op. cit. páx. 79.

A orientación pasou entón cara á consecución de actuacións concretas e máis reducidas. Nesta dirección, a Comisión presentou en 1996 a "*Proposta de Decisión do Consello sobre un primeiro programa plurianual en favor do turismo europeo "PHILOXENIA" (1997-2000)*"[179]. Un plan para a mellora da calidade e a competitividade do turismo europeo inscribíndoo nun verdadeiro enfoque orientado cara ao crecemento e o emprego, con catro obxectivos específicos[180]:

1. Mellorar o coñecemento no ámbito do turismo.
2. Mellorar o ámbito legal e financiero do turismo.
3. Aumentar a calidade do turismo europeo.
4. Incrementar o número de turistas procedentes de terceiros países.

Esta proposta inicial de programa foi obxecto de importantes debates. En concreto, o Parlamento Europeo propuxo como necesario introducir determinadas emendas destinadas a incrementar a acción comunitaria no turismo, integrándoo no marco doutros programas comunitarios. Cabe destacar algunhas como: a necesidade de promoción do turismo rural dende unha perspectiva socioeconómica e ambiental, a importancia da formación e o emprego, a promoción conxunta de Europa como destino turístico, ademais da necesaria loita contra o turismo sexual[181]. A Comisión recolleu algunhas das emendas aprobadas polo Parlamento Europeo así como distintas disposicións relacionadas co turismo que se adoptaran en os últimos tempos. O resultado final por parte da Comisión foi unga "*Proposta modificada de Decisión do Consello sobre un primeiro programa plurianual en favor do turismo europeo "PHILOXENIA" (1997-2000)*"[182]. Non obstante, varios países foron reticentes á aprobación deste, e malia eliminarse propostas como a da "promoción turística de Europa como destino global", así como actividades en materia de calidade turística e desenvolvemento turístico sostible, o Programa non logrou o voto unánime no Consello de Turismo de novembro de 1997, sendo Alemaña e Gran Bretaña os máis críticos con este.

Posteriormente, na "*Conferencia sobre emprego e turismo: orientacións para a acción*" celebrada en Luxemburgo en novembro de 1997 reuníronse empresarios, autoridades públicas e académicas e interlocutores sociais co fin de examinar en que condicións se pode explotar plenamente o potencial de traballo que representa o turismo en Europa[183]. A raíz deste Conferencia e tras o convite do Consello de Ministros de Turismo de 26-11-1997 a explorar de forma máis exhaustiva e informar dos avances pertinentes, a Comisión creou un "Grupo de Alto Nivel sobre Turismo e Emprego" presidido por Ralf

---

[179] Véxase: COMISION DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (1996): "Propuesta de Decisión del Consejo sobre un primer programa plurianual en favor del turismo europeo "PHILOXENIA" (1997–2000)". COM(96) 168 final. 30/4/1996. Bruselas. DO C 222 de 31/7/1996.

[180] Véxase: VALDÉS PELÁEZ, L. (2004): "La política turística de la Unión Europea". Quaderns de Política Econòmica (QPE)-Revista Electrónica, nº7; pp. 114-134; op. cit. páx. 123. http://www.uv.es/poleco/revista/num7/valdes7.pdf VALDÉS PELÁEZ, L. e DEL VALLE TUERO, E. A. (2010): "Políticas de la Unión Europea en materia de turismo". Estudios Turísticos, nº184; pp. 71-98; op. cit. páxs. 79 e 80.

[181] Véxaxe: VALDÉS PELÁEZ, L. e DEL VALLE TUERO, E. A. (2010): "Políticas de la Unión Europea en materia de turismo". Estudios Turísticos, nº184; pp. 71-98; op. cit. páx. 80.

[182] Véxase: COMISION DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (1996): "Propuesta modificada de Decisión del Consejo sobre un primer programa plurianual en favor del turismo europeo "PHILOXENIA" (1997–2000)". COM(96) 615 final de 4/12/1996. Bruselas.

[183] Véxase: COMISION EUROPEA/Presidencia del Consejo de la Unión Europea: "Empleo y turismo: orientaciones para la acción". Informe Final, DG XXIII/291/1997, Luxemburgo, 4-5 noviembre de 1997.

Corsten. Un GAN composto por expertos procedentes do sector, aos que se encomendou a tarefa de examinar en que condicións este podía contribuír ao aumento do emprego en Europa[184]. O informe elaborado, máis coñecido como "*Informe Corsten*", fixo fincapé na necesidade de fomentar o desenvolvemento sostible do turismo, perfeccionar o funcionamento do mercado turístico mellorando as infraestruturas, o ámbito empresarial, e os recursos humanos do sector, e conseguir o recoñecemento político que merece o turismo europeo como elemento motor[185].

Como resposta ao informe do GAN, a Comisión presentou a "Comunicación da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións -incrementar o potencial do Turismo como xerador de emprego- seguimento das conclusións e recomendacións do Grupo de Alto Nivel sobre Turismo e Emprego"[186], pola cal o Consello de Ministros de Mercado Interior adoptou as Conclusións sobre Turismo e Emprego[187], orientadas á adquisición e difusión de coñecementos e información, así como á consulta e cooperación co mundo da economía e os interlocutores sociais. No ano 2000 publícase o Ditame do Comité Económico e Social sobre a Comunicación[188] que acabamos de sinalar e que contén dúas consideracións que paga a pena resaltar:

1. A situación de estancamento, de bloqueo do Programa Philoxenia, o seu fracaso e a necesidade de novas formulacións. De feito, neste documento afírmase a necesidade de "(…) impulsar unha política europea de turismo que está «estancada» (...). En efecto, dende 1996 o Consello bloquea unha proposta de programa plurianual a favor do turismo europeo denominada Philoxenia, ata tal punto que hoxe en día podemos considerar que xa non está de actualidade (…). Polo tanto, esta Comunicación podería representar un «novo enfoque». (…)" (parágrafo 1.2.).
2. A necesidade dunha "Nova Estratexia Europea para o Turismo". O documento con esta finalidade acaba propoñendo unha "Iniciativa para unha Estratexia Europea sobre o Turismo" (IEET) estruturada en tres bloques de actuacións:
    a) Recursos financeiros orientados a a mellora da calidade e o desenvolvemento turístico de empresas e destinos.
    b) Mellora dos mercados.
    c) Mellora da coordinación e relevancia.

[184] Véxase: MORILLAS GÓMEZ, J. (2001): "Medidas comunitarias con incidencia en el turismo. Un balance". Boletín Económico de ICE nº2709; pp. 37-43; op. cit. páx. 39.

[185]Véxase: HIGH LEVEL GROUP ON TOURISM AND EMPLOYMENT (1998): "European Tourism: New Partnerships for jobs". Conclusions and recommendation of the high level group on tourism and employment. EU-Commission. Bruxelles.
http://ec.europa.eu/enterprise/sectors/tourism/files/tourism_and_employment/hlgreport_en.pdf

[186]Dentro desta a Comisión sostén que o "(...)aproveitamento do potencial do sector do turismo supón a creación dunha estratexia comunitaria. Iso implica unha intensificación das sinerxías co fin de sacar mellor partido do abano de programas e iniciativas existentes na actualidade (...)". Véxase: "Comunicación de la Comisión al Consejo, al Parlamento Europeo, al Comité Económico y Social y al Comité de las Regiones, de 28 de abril de 1999: Incrementar el potencial del turismo como generador de empleo". COM (99) 205 final de 28/4/1999. Diario Oficial C 178 de 23/6/1999.
http://europa.eu/legislation_summaries/other/c10929_es.htm

[187] Conclusiones del Consejo de Ministros de Mercado Interior del 21 de junio de 1999.

[188]Véxase: DICTAMEN DEL COMITÉ ECONÓMICO Y SOCIAL SOBRE LA "Comunicación de la Comisión al Consejo, al Parlamento Europeo, al Comité Económico y Social y al Comité de las Regiones. Incrementar el potencial del Turismo como generador de empleo. Seguimiento de las conclusiones y recomendaciones del Grupo de Alto Nivel sobre Turismo y Empleo". DOCE (Diario Oficial de las Comunidades Europeas) C 75 de 15/3/2000.

Posteriormente, a Comisión fai un balance da importancia do turismo na Unión Europea sobre a base das últimas estatísticas e tendencias, recolléndose na Comunicación sobre "Un marco de cooperación para o futuro do turismo europeo"[189]. Un documento no que a Comisión propón "(…) un marco para o seguimento das políticas e actividades turísticas na Unión Europea. A este marco asóciase unha serie de medidas que deben poñer en práctica os distintos axentes interesados e que permitirá incrementar os coñecementos do sector, a competitividade das súas empresas, o desenvolvemento sostible do turismo na Unión Europea e a súa contribución á creación de postos de traballo"[190]. Polo tanto, as medidas que propugna este enfoque teñen como finalidade mellorar a integración dos temas que preocupan ao conxunto da industria turística nas políticas e iniciativas comunitarias deste ámbito, e fomentar unha mellor interrelación coa industria turística e as demais partes implicadas. Suxírese que isto se realice mediante un método aberto de cooperación. No ano 2001, coa conmoción dos atentados terroristas do 11 de setembro en New York, que afectaron o turismo a nivel mundial, a Comisión realizou un Informe "Curso dado ao Consello europeo do 21 de Setembro: situación do sector turístico europeo"[191]. No mesmo realiza unha análise da situación do turismo e a repercusión deses sucesos do 11 de setembro sobre os distintos axentes do sector. Por outra parte, o devandito informe sinala que "(…) o reto consistirá en desenvolver unha estratexia para o sector turístico europeo que afronte os desafíos económicos e políticos a medio e longo prazo"[192]. O 22 de Maio de 2002, o Consello da Unión Europea aproba unha Resolución "Sobre o futuro do turismo europeo"[193], que sintetiza os aspectos e temáticas que as diferentes institucións comunitarias deben abordar no turismo en próximos anos. De feito, na mesma o Consello invita tanto á Comisión coma aos Estados membros, á industria europea do turismo e a outros interesados no sector, a realizar unha serie de actuacións específicas en temas turísticos, tratando aspectos como a información, a calidade, as contas satélites do turismo, etc.

En 2003, o CESE[194] elabora un Ditame sobre a "Comunicación da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións -Un marco de cooperación para o futuro do turismo europeo"[195], o cal valora positivamente o traballo desenvolvido, apoiando as conclusións e propostas, pero sobre todo cualifica de positiva a comentada Resolución adoptada polo Consello da Unión Europea de maio de 2002. A cal, considera que é unha expresión de vontade política para establecer un

[189] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2001): "Comunicación de la Comisión al Consejo, al Parlamento Europeo, al Comité Económico y Social y al Comité de las Regiones: Un marco de cooperación para el futuro del turismo europeo". Com (2001) 665 final de 13/11/2001. Bruselas. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2001:0665:FIN:ES:PDF

[190] Ibídem; op. cit. páx. 19.

[191] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2001): "Informe de la Comisión al Consejo, al Parlamento Europeo, al Comité Económico y Social y al Comité de las Regiones. Curso dado al Consejo europeo del 21 de Septiembre: situación del sector turístico europeo". Com (2001) 668 final de 13/11/2001. Bruselas. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2001:0668:FIN:ES:PDF

[192] Ibídem; op. cit. páx. 8.

[193] DO C nº 135 de 6/6/2002.

[194] Comité Económico e Social Europeo.

[195] Véxase: "Dictamen del Comité Económico y Social sobre la "Comunicación de la Comisión al Consejo, al Parlamento Europeo, al Comité Económico y Social y al Comité de las Regiones - Un marco de cooperación para el futuro del turismo europeo". DO C nº61 de 14/03/2003. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52002AE1009&from=ES

programa marco concreto do turismo europeo e insta á Comisión e ao Consello a realizar o esforzo de establecer unha estratexia comunitaria en turismo cunha base xurídica, para así poder definir para o turismo un Programa Marco como instrumento de apoio do turismo e que vincule a actividade a outros programas e accións comunitarias relacionados.

Tamén é preciso mencionar o interese que ten para o turismo a Comunicación da Comisión de 2003 sobre "Orientacións básicas para a sostibilidade do turismo europeo"[196]. Nel realízase unha análise pormenorizada dos elementos que deben ser tidos en conta para un desenvolvemento sostible do turismo europeo, así como das actuacións que se tomaron ata a data nesta materia.

En 2004, a formulación inicial do "Tratado polo que se establece unha Constitución Europea"[197] recolle que as accións que realicen os estados membros a favor do turismo serán complementadas pola UE co obxectivo de promover a competitividade das empresas e fixa como obxectivo da UE a xeración dun ámbito favorable para o desenvolvemento das empresas turísticas ademais de apoiar as cooperación entre Estados e o intercambio de boas prácticas[198].

Posteriormente, como consecuencia do fracaso de poñer en marcha unha política común e da formulación do Tratado de Roma, entramos nunha nova etapa, na que as diferentes institucións comunitarias continúan publicando documentos referidos á necesidade de traballar a favor do turismo na Unión Europea[199]. Nesta dirección, o Comité Económico e Social Europeo elaboru no ano 2005 un Ditame sobre "A política turística na UE ampliada"[200] coñecida como "Declaración de Katowice sobre a política turística na Unión Europea ampliada"[201]. Ese Ditame tiña como obxectivo incidir na importancia do turismo como creador de emprego e a súa vinculación coa actividade económica da UE, facendo fincapé nos efectos positivos da actividade no marco dunha ampliación, onde se

---

[196] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2003): "Comunicación de la Comisión al Consejo, al Parlamento Europeo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Orientaciones básicas para la sostenibilidad del turismo europeo". Com (2003) 716 final de 21/11/2003. Bruselas. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2003:0716:FIN:ES:PDF

[197] Véxase: "Tratado por el que se establece una Constitución para Europa". DO C 310 de 16/12/2004.

[198] Os textos básicos hoxe vixentes son os dous Tratados asinados en Lisboa o 13 de decembro de 2007 polos entón 27 Estados membros, que entraron en vigor o 1 de decembro de 2009: o Tratado da Unión Europea (TUE) e o Tratado de Funcionamento da UE («TFUE»). Estes Tratados codifican en gran parte o réxime convencional anterior, pero tamén introducen novas disposicións. Nesta dirección, na versión consolidada do 2010, do "Tratado da Unión Europea e do Tratado de Funcionamento da Unión Europea" mantén os obxectivos respecto ao turismo recollidos no frustrado Tratado de Roma e só modifica o apartado relacionado cos que establecen esas medidas para complementar as accións, que previamente recollía textualmente "a lei ou lei marco europea" e que actualmente aparece como competencias do "Parlamento Europeo e o Consello". "O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, establecerán as medidas específicas destinadas a complementar as accións levadas a cabo nos Estados membros para conseguir os obxectivos mencionados no presente artigo, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros" (art. 195.2). Véxase: "Versiones consolidadas del Tratado de la Unión Europea y del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) C n.º 83 de 30/03/2010.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=OJ:C:2010:083:FULL&from=ES

[199] Véxaxe: VALDÉS PELÁEZ, L. e DEL VALLE TUERO, E. A. (2010): "Políticas de la Unión Europea en materia de turismo". Estudios Turísticos, nº184; pp. 71-98; op. cit. páx. 82.

[200] Véxase: "Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre el tema «La política turística en la UE ampliada»". DO C 255 de 14/10/2005.; pp. 14-21.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52005IE0375&from=EN

[201] Ibídem; op. cit. páx. 21.

necesita cohesión económica e social, e para iso, considérase que o turismo é un bo instrumento. Neste sentido, o CESE formula que a política turística da Unión Europea debe ser de apoio, coordinación e complemento do conxunto de políticas da Unión Europea e que moitos dos elementos desas políticas (industrial, o emprego e política social, calidade, investigación e desenvolvemento, medioambiente...) deben considerar tamén ao turismo, e mesmo recoñece a necesidade de aplicar políticas especializadas sobre turismo. Por outra parte, recolle como necesario o desenvolvemento con criterios de sostibilidade nesa ampliación tendo en conta a gran diversidade cultural, patrimonial e natural que achegan os novos países, ademais do incremento da oferta e da demanda turística. As propostas do Ditame van encamiñadas á necesidade de crear e potenciar redes de destinos, garantir a protección dos consumidores, e a creación dun banco de datos de boas prácticas turísticas como fonte de intercambio de experiencias, ademais de proponer unha "campaña de educación e motivación" en relación á importancia estratéxica do turismo para o conxunto de Europa[202].

A comunicación da Comisión: "Unha nova política turística na UE: cara a unha maior colaboración no turismo europeo"[203] e o Ditame do CESE ao respecto[204], son outras referencias na formulación da necesidade de establecer unha política turística europea, integrada na Estratexia renovada de Lisboa e no desenvolvemento sostible e competitivo do turismo na Unión Europea[205]. Entre outras actuacións que se chegan a formular nos documentos anteriores está a de crear un *Consello Consultivo Europeo de Turismo* xa recollido polo CESE en 2005 no seu Ditame respecto: "A política turística e a cooperación

[202] Véxaxe: VALDÉS PELÁEZ, L. e DEL VALLE TUERO, E. A. (2010): "Políticas de la Unión Europea en materia de turismo". Estudios Turísticos, nº184; pp. 71-98; op. cit. páx. 83.

[203] Véxase: "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN: Una nueva política turística en la UE: hacia una mayor colaboración en el turismo europeo". COM (2006) 134 final de 17/03/2006, Bruselas. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2006:0134:FIN:ES:PDF

[204] Véxase: "Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre la «Comunicación de la Comisión — Una nueva política turística en la UE: hacia una mayor colaboración en el turismo europeo» COM(2006) 134 final. Diario Oficial de la Unión Europea (DO) C 325 de 30/12/2006; pp. 11-15. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52006AE1565&from=EN

[205] Nesta dirección, son moi interesantes as propostas relacionadas coa necesidade necesidade de de formular accións conxuntas entre os axentes turísticos de cooperación e intercambio de experiencias. A Comisión pola súa parte asume tamén a necesidade de organizar conferencias, estudos de investigación e a promoción daqueles destinos sostibles, a partir do denominado proxecto: *European Destinations of Excellence (EDEN).* Véxase: http://ec.europa.eu/enterprise/sectors/tourism/eden/index_es.htm Por outra parte co fin de contribuír "(...) á promoción de Europa como conxunto de destinos turísticos atractivos, a Comisión financiou a creación do Portal dos destinos turísticos europeos. Neste facilitaranse informacións prácticas sobre Europa como a planificación de viaxes (transportes, clima e calendario) ou recomendacións sobre «onde ir» ou «que facer», e enlaces con sitios web nacionais. A fase operativa comezará en marzo de 2006, e a xestión do portal estará a cargo da Comisión europea de viaxes". Véxase: "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN: Una nueva política turística en la UE: hacia una mayor colaboración en el turismo europeo". COM (2006) 134 final de 17/03/2006, Bruselas; op. cit. páx. 9. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2006:0134:FIN:ES:PDF Un portal en Internet "(…) que sen dúbida representará no futuro próximo un potente instrumento de promoción de produtos turísticos, de eventos culturais, manifestacións deportivas e unha ampla gama de posibilidades de promoción". Véxase: "Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre la «Comunicación de la Comisión — Una nueva política turística en la UE: hacia una mayor colaboración en el turismo europeo» COM(2006) 134 final. Diario Oficial de la Unión Europea (DO) C 325 de 30/12/2006; pp. 11-15; op. cit. páx. 12. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52006AE1565&from=EN Unha estratexia de promoción baseada na calidade e sostibilidade que se concretou na creación do portal turístico de Internet de Europa: www.visiteurope.com.

entre os sectores público e privado"[206] e unha *Axencia Europea do Turismo*[207], co obxectivo de lograr unha cooperación e coordinación, así como un mecanismo de apoio entre os diferentes axentes sociais que interveñen no turismo. Tamén se aborda a necesaria finalización por parte da Comisión da *Axenda 21 para o Turismo Europeo* como documento de referencia futuro na planificación. Outra recomendación do CESE é a creación dunha "(…) *rede de Observatorios de Turismo* que permitan non só o reflexo dos datos do sector senón tamén ser capaces de achegar unha visión estratéxica e prospectiva, con capacidade de prever actuacións de futuro"[208]. Outras medidas que formulan é a simplificación na regulamentación, a necesaria coordinación entre as políticas comunitarias e mellorar os instrumentos financeiros europeos para que poidan ser aproveitados tamén polo sector turístico, sinalando a posibilidade futura de establecer algún programa concreto relacionado co turismo.

Un documento cunha especial relevancia dentro da política europea en materia de turismo é a Comunicación elaborada pola Comisión en 2007: "Axenda para un turismo europeo sostible e competitivo"[209], realizado por un grupo de traballo para a sostibilidade do turismo (TSG)[210]. É importante, xa que se trata dunha Axenda que se enmarca dentro da

---

[206]"Como un escenario concreto para o desenvolvemento do principio de cooperación no ámbito europeo, o CESE suxire á Comisión que analice a posibilidade de constituír un Consello Consultivo Europeo de Turismo" (Apartado 9.1). "O proposto Consello Consultivo Europeo de Turismo podería recibir e analizar os datos sobre a evolución e perspectivas turísticas, propoñer liñas de apoio e colaboración coa acción da Comisión, facilitar unha referencia de cooperación a desenvolver polos distintos axentes do sector noutros ámbitos turísticos da Unión e planificar a convocatoria e seguimento dos acordos do Foro Europeo do Turismo" (Apartado 9.3).Véxase: "Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre «La política turística y la cooperación entre los sectores público y privado»". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) C 74 de 23/03/2005; pp. 7-14; op. cit. páx. 13.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52004IE1199&from=EN

[207] "O CESE propón e recomenda unha vez máis que para desenvolver esa política de cooperación créese un Consello Consultivo Europeo de Turismo e estúdense as condicións para a creación dunha Axencia Europea do Turismo". Véxase: Conclusiones y recomendaciones: apartado 1.6. "Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre la «Comunicación de la Comisión — Una nueva política turística en la UE: hacia una mayor colaboración en el turismo europeo» COM(2006) 134 final. Diario Oficial de la Unión Europea (DO) C 325 de 30/12/2006; pp. 11-15; op. cit. páx. 11.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52006AE1565&from=EN

[208] Véxase: Conclusiones y recomendaciones: apartado 1.9. "Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre la «Comunicación de la Comisión — Una nueva política turística en la UE: hacia una mayor colaboración en el turismo europeo» COM(2006) 134 final. Diario Oficial de la Unión Europea (DO) C 325 de 30/12/2006; pp. 11-15; op. cit. páx. 11.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52006AE1565&from=EN

[209] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2007): "Comunicación de la Comisión: Agenda para un turismo europeo sostenible y competitivo". COM (2007) 621 final de 19/10/2007, Bruselas.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2007:0621:FIN:ES:PDF

[210]Pode encontrarse información detallada sobre a súa composición e a súa función nos documentos: COM (2003) 716 final e COM(2006) 134 final. Véxase: Véxase: COMMISSION OF THE EUROPEAN COMMUNITIES (2003): "COMMUNICATION FROM THE COMMISSION TO THE COUNCIL, THE EUROPEAN PARLIAMENT, THE EUROPEAN ECONOMIC AND SOCIAL COMMITTEE AND THE COMMITTEE OF THE REGIONS: Basic orientations for the sustainability of European tourism". COM(2003) 716 final de 21/11/2003, Brussels.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2003:0716:FIN:en:PDF "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN: Una nueva política turística en la UE: hacia una mayor colaboración en el turismo europeo". COM (2006) 134 final de 17/03/2006, Bruselas.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2006:0134:FIN:ES:PDF

Estratexia de Desenvolvemento Sostible da Unión Europea adoptada polo Consello Europeo en 2006[211]. Unha Axenda concibida a medio e longo prazo "(…) no marco da cal todos os axentes do sector tomarán as medidas necesarias para reforzar a contribución de prácticas sostibles co fin de facilitar a competitividade de Europa como o destino turístico máis atractivo"[212], instando aos axentes do sector turístico a que acepten as súas respectivas responsabilidades e invitándoos a utilizar as oportunidades que ofrece o reto da sostibilidade como posible motor da innovación e do crecemento. Marcada por obxectivos xerais como "(…) conseguir prosperidade económica, equidade e cohesión sociais e protección ambiental e cultural"[213], afronta a necesidade de "(…) encontrar un equilibrio adecuado entre o desenvolvemento autónomo dos destinos e a protección do seu medio ambiente por un lado, e o desenvolvemento dunha actividade económica competitiva, por outro"[214]. Para lograr estes obxectivos este documento sostén que será preciso abordar varios retos[215] propios do sector turístico[216]:

- ✓ A conservación e xestión sostible dos recursos naturais e culturais.
- ✓ A minimización da contaminación e o uso dos recursos nos destinos turísticos, incluídos a produción de residuos.
- ✓ A xestión do cambio en interese do benestar da comunidade.
- ✓ A redución da estacionalidade da demanda.
- ✓ A loita contra o impacto ambiental do transporte relacionado co turismo.
- ✓ A posta a disposición das experiencias turísticas para todos, sen discriminación. O turismo sen discriminación, con especial atención a discapacitados e grupos sociais desfavorecidos
- ✓ A mellora da calidade dos empregos no sector do turismo.
- ✓ Abordar o problema do emprego dos residentes ilegais nacionais de terceiros países

---

Véxase tamén: TOURISM SUSTAINABILITY GROUP (2007) "Action for More Sustainable European Tourism". http://ec.europa.eu/enterprise/sectors/tourism/files/docs/tsg/tsg_final_report_en.pdf

[211] Véxase: "CONSEJO DE LA UNIÓN EUROPEA: Revisión de la Estrategia de la UE para un desarrollo sostenible (EDS UE). Estrategia revisada". 10117/06 de 9/6/2006, Bruselas. http://register.consilium.europa.eu/doc/srv?l=ES&f=ST%2010117%202006%20INIT

[212] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2007): "Comunicación de la Comisión: Agenda para un turismo europeo sostenible y competitivo". COM (2007) 621 final de 19/10/2007, Bruselas; op. cit. páx. 11. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2007:0621:FIN:ES:PDF

[213] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2007): "Comunicación de la Comisión: Agenda para un turismo europeo sostenible y competitivo". COM (2007) 621 final de 19/10/2007, Bruselas; op. cit. páx. 4. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2007:0621:FIN:ES:PDF Estes obxectivos elabóranse máis detalladamente no informe do Grupo para a Sostibilidade do Turismo (TSG). TOURISM SUSTAINABILITY GROUP (2007) "Action for More Sustainable European Tourism"; op. cit. páx. 3. http://ec.europa.eu/enterprise/sectors/tourism/files/docs/tsg/tsg_final_report_en.pdf

[214] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2007): "Comunicación de la Comisión: Agenda para un turismo europeo sostenible y competitivo". COM (2007) 621 final de 19/10/2007, Bruselas; op. cit. páx. 2. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2007:0621:FIN:ES:PDF

[215] Estes desafíos clave están relacionados cos sete desafíos identificados na Estratexia para un Desenvolvemento Sostible renovada y elaboráronse detalladamente no informe anteriormente citado do Grupo para a Sostibilidade do Turismo. Véxase: (páx. 8-17) TOURISM SUSTAINABILITY GROUP (2007) "Action for More Sustainable European Tourism"; op. cit. páxs.8-17. http://ec.europa.eu/enterprise/sectors/tourism/files/docs/tsg/tsg_final_report_en.pdf

[216] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2007): "Comunicación de la Comisión: Agenda para un turismo europeo sostenible y competitivo". COM (2007) 621 final de 19/10/2007, Bruselas; op. cit. páx. 4. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2007:0621:FIN:ES:PDF

no marco da política de inmigración[217].

- ✓ Garantir a seguridade tanto dos turistas como das poboacións das localidades nas que se ofrecen servizos turísticos.

Coa finalidade de conseguir un turismo á vez competitivo e sostible, o seu principal achega son os principios que a integran, invitando a todos os axentes do sector a respectalos[218]:

- ✓ Adoptar un enfoque global e integrado.
- ✓ Planificar a longo prazo.
- ✓ Lograr un ritmo de desenvolvemento axeitado.
- ✓ Involucrar a todas as partes interesadas.
- ✓ Utilizar os mellores coñecementos disponibles.
- ✓ Minimizar e xestionar os riscos (*principio de cautela*).
- ✓ Reflectir o impacto nos custos (*quen utiliza e contamina paga*).
- ✓ En caso necesario, establecer límites e respectalos.
- ✓ Levar a cabo un seguimento continuo.

En síntese, as diferentes repercusións do turismo deberían terse en conta no seu desenvolvemento e planificación a longo prazo, fomentando a participación, cada vez máis importante, e aplicando a sostibilidade a partir da comprensión das repercusións e dunha vixilancia constante destas, co fin de poder introducir as modificacións e melloras necesarias[219]. Ademais, o documento recolle unha serie de accións, susceptibles de apoio público, relacionadas coa xestión dos destinos de forma sostible, a través da xestión e planificación territorial, as infraestruturas, servizos necesarios e usos do solo, facendo mención á necesaria xestión por parte de as empresas turísticas orientada á sostibilidade e tamén sensibilizar a demanda turística en canto ao fomento de prácticas responsables e á súa vez xerar esa demanda ás propias empresas[220].

Durante a presidencia española da UE, en abril de 2010, nunha reunión informal de ministros xorde o documento que é coñecido como a: "Declaración de Madrid. Cara a un modelo turístico socialmente responsable"[221]. Un documento que ademais de facer fincapé en que o turismo pode contribuír á estratexia "Europa 2020-Una estratexia europea para o

---

[217] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2007): "Propuesta de DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por la que se establecen sanciones aplicables a los empresarios de residentes ilegales nacionales de terceros países". COM(2007) 249 final de 16/05/2007, Bruselas.
http://www.europarl.europa.eu/meetdocs/2004_2009/documents/com/com_com(2007)0249_/com_com(2007)0249_es.pdf

[218] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2007): "Comunicación de la Comisión: Agenda para un turismo europeo sostenible y competitivo". COM (2007) 621 final de 19/10/2007, Bruselas; op. cit. páx. 6. http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2007:0621:FIN:ES:PDF

[219] Véxase: CAÑIZARES RUÍZ, Mª. C. (2013): "Sostenibilidad y turismo: De la documentación internacional a la planificación en España «Horizonte 2020»". la documentación internacional a la planificación en España «Horizonte 2020»". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, nº61; pp. 67-92; op. cit. páx. 79.

[220] Véxase: DEL VALLE TUERO, E. A. (2008): "Políticas de la Unión Europea con incidencia en el Turismo", en AECIT (Asociación Española de Expertos Científicos en Turismo): "La Actividad Turística Española en 2008 (Edición 2009). AECIT/ Editorial Universitaria Ramón Areces, Madrid; pp. 219-229.

[221] Véxase: PRESIDENCIA ESPAÑOLA DE LA UNIÓN EUROPEA (2010): "Declaración de Madrid en el marco de la reunión informal de ministros celebrada en Madrid bajo la presidencia española en abril de 2010 bajo el lema: Hacia un modelo turístico socialmente responsable".
http://ec.europa.eu/enterprise/sectors/tourism/files/madrid_stakeholders_conference/declaration_madrid_es.pdf

crecemento intelixente, sostible e integral"[222] sinala a necesidade de establecer unha coordinación das políticas comunitarias con respecto ao turismo sobre a base do Tratado de Lisboa. Así mesmo, tamén se afirma que o mantemento da competitividade no sector turístico europeo require unha estratexia baseada na excelencia, apoiada polo establecemento de redes de expertos e destinos que permitan a creación, o intercambio e a difusión de coñecemento, innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Un sector turístico en Europa que está composto principalmente por Pemes, polo que se sostén na Declaración que é primordial proporcionar ao sector turístico un mellor acceso ás ferramentas que poden axudalo a mellorar os seus resultados económicos e a fortalecer a súa competitividade, o que, ao mesmo tempo, permitirá mellorar a súa contribución ao desenvolvemento sostible e polo tanto favorecer a creación de postos de traballo e a xeración de riqueza e fortalecerá a participación activa das compañías e dos axentes sociais e económicos. Noutra orde de cousas, os ministros reunidos declaran a prioridade de fomentar a responsabilidade social corporativa nas actividades e practicas turísticas tanto a nivel dos destinos, coma das empresas e dos turistas. Nesta dirección, resaltan que o crecemento da conciencia pública e o fomento de actitudes responsables dos turistas europeos son elementos básicos co fin de incrementar a demanda de produtos e servizos turísticos responsables en Europa[223].

Por outra parte, dentro da Declaración de Madrid ínstase á Comisión a que na "Comunicación sobre o novo marco da política turística da UE" que presentará o Consello Europeo antes de fin do ano 2006, recolla os seguintes puntos[224]:

1. Propoñer un marco consolidado para a política turística da UE. Buscar a coordinación e suplementar as medidas dos estados membros a través de iniciativas de dimensión europea ou multinacional e a coordinación das actuacións realizadas pola Comisión e os Estados membros deben basearse no principio de subsidiaridade.
2. Racionalizar esforzos para integrar o turismo nas políticas comunitarias. Coordinación das iniciativas políticas con impacto no turismo ademais de facilitar o acceso aos instrumentos financeiros da UE. Propón tamén a posibilidade de establecer un marco financeiro para o turismo a partir da consolidación das liñas actualmente asignadas e presupostadas para iniciativas turísticas.
3. Na súa aposta polo turismo social, facilitar a actividade turística a grupos sociais desfavorecidos, social, económica ou fisicamente. Tamén na idea de buscar desestacionalizar a actividade turística.
4. Desenvolvemento e concienciación da importancia da innovación, a investigación e as tecnoloxías da información e a comunicación ante mercados económicos globalizados, clientes mellor informados e cun vertixinoso desenvolvemento tecnolóxico.

[222] Véxase: COMISIÓN EUROPEA (2010): "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN: EUROPA 2020. Una estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador". COM (2010) 2020 final de 3/03/2010, Bruselas. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52010DC2020&from=ES

[223] Véxase: PRESIDENCIA ESPAÑOLA DE LA UNIÓN EUROPEA (2010): "Declaración de Madrid en el marco de la reunión informal de ministros celebrada en Madrid bajo la presidencia española en abril de 2010 bajo el lema: Hacia un modelo turístico socialmente responsable"; op. cit. pax. 2. http://ec.europa.eu/enterprise/sectors/tourism/files/madrid_stakeholders_conference/declaration_madrid_es.pdf

[224] Ibídem; op. cit. paxs. 2-3.

5. Integrar turismo e sostibilidade. Crear redes de coñecemento que permitan aplicar ao turismo tecnoloxías ademais de difundir boas prácticas.
6. Limitar os obstáculos relacionados con novos mercados emisores e que inflúen no crecemento futuro da actividade turística.
7. Reforzar a imaxe e a visibilidade de Europa. Realizar accións conxuntas a nivel da UE que apoien as acción nacionais de promoción xa existentes.

Finalmente, os Estados Membros declaran o seu desexo de[225]:

1. Tomar parte na posta en marcha do novo marco consolidado de política turística da EU, establecido polo Tratado de Lisboa e suxeito ao principio de subsidiariedade.
2. Fomentar o turismo ético e responsable e, especialmente, a sostibilidade social, ambiental, cultural e económica do turismo.
3. Concienciar sobre a importancia do coñecemento e a innovación no turismo, fortalecer a utilización de novas tecnoloxías por parte dos actores turísticos tanto públicos como privados e animar os contactos profesionais e o intercambio de boas prácticas como ferramentas dirixidas a mellorar a competitividade do turismo europeo.
4. Apoiar medidas e iniciativas que propicien o alongamento da alta tempada turística, contribuíndo así a loitar contra a estacionalidade e manter o emprego turístico en tempada baixa.

O Tratado de Lisboa, vixente dende finais do ano 2009[226] inclúe un novo Título XXII dedicado ao turismo, así como un artigo 195 sobre este particular, do que cabe resaltar a relevancia que outorga á cooperación neste sector[227]. A devandita disposición pon o acento no seu carácter complementario da acción da UE respecto da acción dos Estados membros, así como no sector empresarial dedicado ao turismo. Esta resulta criticable, na medida que non consolida este ámbito como política propia, nos seus múltiples aspectos, vinculados non xa só ao sector empresarial, que conforma unicamente un dos eixos arredor dos cales xira o turismo, senón tamén a propia figura do turista e a súa necesaria protección, que non aparece mencionada de forma directa. Agora ben, a Unión Europea dispón no sucesivo de competencias en turismo para apoiar, coordinar e completar a acción dos Estados membros. A súa importancia maniféstase na publicación dunha comunicación da Comisión Europea chamada: "Europa, primeiro destino turístico do mundo: un novo marco

---

[225] Ibídem; op. cit. pax. 4.

[226] O Tratado de Lisboa polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea foi asinado polos representantes dos vinte e sete Estados membros na capital portuguesa o 13 de decembro de 2007. Entrou en vigor o 1 de decembro de 2009, unha vez ratificado por todos os Estados membros. Véxase: "Tratado de Lisboa por el que se modifican el Tratado de la Unión Europea y el Tratado constitutivo de la Comunidad Europea". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) C 306 de 17/12/2007. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=OJ:C:2007:306:FULL&from=ES

[227] De conformidade co artigo 195.1 do TFUE (Tratado de Funcionamento da Unión Europea), a Unión Europea complementará a acción dos Estados membros no sector turístico:

- promovendo a competitividade das empresas deste sector e fomentado a creación dun ámbito favorable a o seu desenvolvemento;
- propiciando a cooperación entre os Estados membros, en particular mediante o intercambio de boas prácticas;

Por outra parte, o Parlamento Europeo e o Consello, "(...) conforme ao procedemento lexislativo ordinario, establecerán medidas específicas destinadas a complementar as accións levadas a cabo nos Estados membros para conseguir os obxectivos mencionados no presente artigo, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros" (art. 195.2 do TFUE).

político para o turismo europeo"[228], que propón un marco político unificado e renovado para o futuro do turismo Europeo, e que persegue incrementar a competitividade e o crecemento sostible do sector turístico. A tal efecto, a Comunicación "(…) propón unha serie de iniciativas de dimensión europea ou plurinacional destinadas a facer realidade estes obxectivos, aproveitando ao máximo as competencias que o Tratado de Lisboa outorga a Unión no ámbito do turismo"[229]. A Comunicación concreta e articula a política turística en torno a catro eixes[230]:

1. estimular a competitividade do sector turístico en Europa;
2. promover o desenvolvemento dun turismo sostible, responsable e de calidade;
3. consolidar a imaxe e visibilidade de Europa como conxunto de destinos sostibles e de calidade;
4. maximizar o potencial das políticas e instrumentos financeiros da UE para o desenvolvemento do turismo.

En canto ao primeiro, o documento sostén que a "(…) mellora da competitividade do turismo na UE desempeña un papel fundamental para reforzar o sector con vistas a un crecemento dinámico e sostible"[231]. Para alcanzar este obxectivo, propón:

- ✓ Promover a diversificación da oferta turística (*Selo de Patrimonio Europeo*)
- ✓ Desenvolver a innovación na industria turística A innovación e as novas tecnoloxías da información son determinantes para a competitividade do sector turístico. "Debería promoverse a súa utilización por parte dos axentes públicos e privados do turismo (...). Tamén é necesario acelerar a integración das ferramentas e os servizos da sociedade da información no conxunto das actividades turísticas, en particular as realizadas por PEME (...)"[232]. (Poñerase en marcha a plataforma "TIC e turismo").
- ✓ Mellorar as competencias profesionais.
- ✓ Fomentar a prolongación da tempada turística. (Programa Calypso[233])
- ✓ Diversificando a oferta turística (Selo de Patrimonio Europeo)
- ✓ Mellorar a base de coñecementos socioeconómicos sobre o turismo e as súas relacións co medio.

Para o segundo fito, promover o desenvolvemento sostible do turismo na UE, as accións previstas a implementar dentro do documento son[234]:

- ✓ Elaborar, sobre a base de NECSTouR e EDEN, un sistema de indicadores para

[228] Véxase: COMISIÓN EUROPEA (2010): "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL PARLAMENTO EUROPEO, AL CONSEJO, AL COMITÉ ECONÓMICO Y SOCIAL EUROPEO Y AL COMITÉ DE LAS REGIONES: Europa, primer destino turístico del mundo: un nuevo marco político para el turismo europeo". COM(2010) 352 final de 30/6/2010, Bruselas.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2010:0352:FIN:es:PDF

[229] Ibídem; op. cit. páx. 2.

[230] Ibídem; op. cit. páx. 8.

[231] Ibídem; op. cit. páx. 8.

[232] Ibídem; op. cit. páx. 9.

[233] A implementaciónda iniciativa *Calypso* dende o ano 2009 supuxo promover a colaboración, estimulada pola Comisión Europea, entre os interlocutores sociais e os sectores público e privado. Unha colaboración que ten como finalidade abrir novos horizontes para os viaxeiros novos, maiores, persoas con minusvalidez e as familias de baixos ingresos, así como a creación de novos postos de traballo e oportunidades de negocio no período de tempada baixa. O seu obxectivo é permitir aos cidadáns máis desfavorecidos viaxar a través de Europa e ao mesmo tempo axudar ás economías locais vencer a baixa estacionalidade. Véxase: http://www.ecalypso.eu/steep/public/index.jsf

[234] Ibídem; op. cit. páx. 12.

axestión sostible dos destinos. A partir deste sistema de indicadores, a Comisión elaborará unha etiqueta para a promover os destinos turísticos.

- ✓ Organizar campañas de sensibilización para os turistas europeos relativa á elección dos destinos e os modos de transporte, as súas relacións coa poboación local dos destinos visitados e a loita contra a explotación dos nenos e as mulleres.
- ✓ Elaborar unha marca europea «Turismo de Calidade», sobre a base das experiencias nacionais existentes, para aumentar a seguridade e a confianza dos consumidores nos produtos turísticos e recompensar as xestións rigorosas realizadas polos profesionais do turismo cuxo obxectivo sexa alcanzar, nos servizos turísticos, unha calidade que satisfaga aos clientes.
- ✓ Facilitar a identificación por parte da industria turística europea dos riscos relacionados co cambio climático co fin de evitar investimentos que xeren perdas e explorar as posibilidades de preparar ofertas turísticas alternativas.
- ✓ Propoñer unha carta do turismo sostible e responsable e fixar un prezo europeo para as empresas turísticas e os destinos que respecte os valores recollidos na carta.
- ✓ Propoñer unha estratexia para un turismo costeiro e marítimo sostible.
- ✓ Establecer ou reforzar a cooperación entre a Unión Europea cos países BRIC e os países do Mediterráneo co fin de promover modelos de desenvolvemento turístico sostible e responsable e o intercambio das mellores prácticas.

En relación ao terceiro obxectivo, mellorar a imaxe de Europa como fogar de destinos sostibles e de alta calidade, a comunicación propón:

- ✓ Crear e promover unha "marca Europea" que complete os esforzos de promoción nacionais e rexionais e facer que os destinos europeos se distingan claramente dos internacionais.
- ✓ Promover a web "visiteurope.com" para aumentar o atractivo de Europa como conxunto de destinos turísticos sostibles e de calidade.
- ✓ Favorecer a realización de accións comúns de promoción en grandes acontecementos internacionais ou nas feiras e salóns turísticos importantes.
- ✓ Reforzar a participación da Unión Europea nos foros internacionais, en particular no contexto da OMT, a OCDE, o T20 e EuroMed.

Finalmente, quérese maximizar o potencial das políticas da UE e dos instrumentos financeiros para desenvolver o turismo europeo. "A Comisión pensa integrar mellor o turismo nas súas distintas políticas e velar por que a boa aplicación da lexislación vixente permita despregar todo o potencial de competitividade deste sector[235]. A Comisión intensificará os seus esforzos de coordinación entre as distintas políticas afectadas para facilitar a consideración plena e completa dos intereses e as necesidades da industria do turismo na formulación e a aplicación das súas políticas"[236]. De conformidade co Tratado

[235] Nesta dirección, a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, permite simplificar considerablemente os procedementos aplicables aos prestadores de servizos no sector do turismo e eliminar numerosos obstáculos xurídicos e administrativos que limitaban ata a data da súa aprobación o seu acceso aos diferentes mercados dos Estados membros da Unión Europea. Véxase: "DIRECTIVA 2006/123/CE DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 12 de diciembre de 2006 relativa a los servicios en el mercado interior". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 376 de 27/12/2006.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2006:376:0036:0068:es:PDF

[236] Véxase: COMISIÓN EUROPEA (2010): "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL PARLAMENTO EUROPEO, AL CONSEJO, AL COMITÉ ECONÓMICO Y SOCIAL EUROPEO Y AL COMITÉ DE LAS

de Lisboa e a estratexia EU2020, a Comisión examinará os medios para reforzar as medidas de apoio e coordinación en favor do turismo europeo[237].

Nesta dirección, apunta a Comunicación da Comisión: "Aplicación e desenvolvemento da política común de visados como estímulo do crecemento na UE"[238]. Esta Comunicación examina como a posta en práctica e o desenvolvemento da política de visado común podería axudar ao crecemento, ao facilitar oportunidades de viaxes para terceiros nacionalidades de países dispostos a visitar a Unión Europea[239]. "Unha política de visados máis intelixente debería seguir ofrecendo seguridade en nosas fronteiras exteriores e o bo funcionamento do espazo Schengen, e, ao mesmo tempo, facilitar as oportunidades de desprazamento dos viaxeiros lexítimos, incluídos os turistas"[240]. A comunicación identifica certos defectos na posta en práctica de procedementos correntes e explora as iniciativas que poderían ser previstas para asegurar unha posta en práctica optimizada do *Código de Visado*[241]. Este documento da Comisión sinala tamén que a política de visados "(…) debe ter en conta a evolución tecnolóxica"[242]. Nesta dirección, a Organización Mundial do Turismo da ONU considera que un sistema de visados electrónicos demostrou vantaxes considerables dende o punto de vista da seguridade e da facilitación, cando se aplica con rigor[243].

REGIONES: Europa, primer destino turístico del mundo: un nuevo marco político para el turismo europeo". COM(2010) 352 final de 30/6/2010, Bruselas; op. cit. páx. 14.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2010:0352:FIN:es:PDF

[237] Ibídem; op. cit. páx. 15.

[238] Véxase: "COMISIÓN EUROPEA (2012): "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL CONSEJO Y AL PARLAMENTO EUROPEO: Aplicación y desarrollo de la política común de visados como estímulo del crecimiento en la UE". COM(2012) 649 final de 7/11/2012, Bruselas.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52012DC0649&from=EN

[239] O estudo "*The Impact of Visa Facilitation on Job Creation in the G20 Economies*", realizado por Tourism Economics en maio de 2012, sobre as repercusións da facilitación de expedición de visados na creación de postos de traballo nas economías do GR-20, revela que a facilitación da expedición de visados aumentou historicamente a chegada de turistas internacionais dos mercados afectados entre un 5% e un 25%, o cal xera ingresos e ten un efecto inmediato e directo sobre o emprego. Segundo estimacións de Tourism Economics baseadas en diversos supostos, a zona EU-Schengen ten potencial para gañar entre 8 e 46 millóns de visitantes internacionais adicionais en 2015 se se aproveita ao máximo a flexibilidade nas actuais normas de expedición de visados, o que podería xerar unha renda adicional de entre 11.000 e 60.000 millóns euros nos ingresos procedentes do turismo internacional e crear entre 100.000 e 500.000 postos de traballo directos no sector turístico. Segundo esas mesmas estimacións de Tourism Economics, o total de postos de traballo creados (incluíndo o impacto indirecto e o inducido) podería oscilar entre 200.000 e 1.100.000 en 2015. Véxase: http://www.wttc.org/site_media/uploads/downloads/Visa_facilitation.pdf

[240] Véxase: "COMISIÓN EUROPEA (2012): "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL CONSEJO Y AL PARLAMENTO EUROPEO: Aplicación y desarrollo de la política común de visados como estímulo del crecimiento en la UE". COM(2012) 649 final de 7/11/2012, Bruselas; op. cit. páx. 2.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52012DC0649&from=EN

[241] Véxase: "REGLAMENTO (CE) nº810/2009 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO, de 13 de julio de 2009, por el que se establece un Código comunitario sobre visados (Código de visados)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 243 de 15/9/2009.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2009:243:0001:0058:ES:PDF

[242] Véxase: "COMISIÓN EUROPEA (2012): "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL CONSEJO Y AL PARLAMENTO EUROPEO: Aplicación y desarrollo de la política común de visados como estímulo del crecimiento en la UE". COM(2012) 649 final de 7/11/2012, Bruselas; op. cit. páx. 8.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52012DC0649&from=EN

[243] OMT (2010): "eVisas: A pressing need for global standards, specifications and interoperability". http://www.icao.int/Meetings/AMC/Assembly37/Working%20Papers%20by%20Number/wp136_en.pdf

Tal como deixamos entrever ao longo deste apartado, non se concretou ata a actualidade unha política turística común. Agora ben, debemos ter moi presente que a actividade turística contémplase en cada unha das diferentes políticas xerais que ten a Unión Europea. De feito, unha ampla gama de programas non deseñados específicamente para os obxectivos do turismo, viñeron servindo para impulsar de xeito favorable o desenvolvemento do sector[244]. Así mesmo, as medidas que se adopten en turismo deben considerar a necesidade de integrarse nas formulacións da "Estratexia Renovada de Lisboa de crecemento económico e emprego"[245], é dicir buscar a creación de emprego e a sostibilidade económica, social e cultural dos estados membros, adoptando estratexias de calidade, sostibilidade e accesibilidade co fin de mellorar a súa capacidade competitiva[246].

A continuación, imos incidir nas actuacións máis significativas dende a nosa óptica que se viñeron desenvolvendo dende a Unión Europea no marco doutras políticas con especial relevancia na actividade turística.

Empezaremos sinalando que a Unión Europea a través dos seus diferentes fondos, programas e iniciativas pon a disposición das empresas europeas diferentes instrumentos de financiamento que son susceptibles de ser utilizados por parte dos axentes turísticos tanto públicos coma privados. Na actualidade son tres os Fondos Estruturais que teñen como obxectivo a eliminación de desequilibrios estruturais e rexionais na Unión Europea: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)[247], o Fondo Social Europeo (FSE) e o Fondo de Cohesión[248]. Outros dous fondos estruturais de grande interese para o turismo son o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)[249] sobre o que se

---

Documento de trabajo presentado en la XXXVII Asamblea de la Organización de Aviación Civil Internacional (OACI).

[244] Véxase: MORILLAS GÓMEZ, J. (2001): "Medidas comunitarias con incidencia en el turismo: Un balance". Boletín Económico de ICE, n°2709; pp. 37-43; op. cit. páx. 37.

[245] Véxase: "COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2005): "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL CONSEJO Y AL PARLAMENTO EUROPEO: Acciones comunes para el crecimiento y el empleo: el programa comunitario sobre la estrategia de Lisboa". COM (2005) 330 final de 20/07/2005. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52005DC0330&from=ES.
CONSEJO (2006): "DECISIÓN DEL CONSEJO de 6 de octubre de 2006 relativa a las directrices estratégicas comunitarias en materia de cohesión (2006/702/CE)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 291 de 21/10/2006.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32006D0702&from=ES
As devanditas directrices constitúen o marco orientativo para o establecemento da política de cohesión e a intervención dos Estados membros durante o período 2007-2013.

[246] Véxaxe: VALDÉS PELÁEZ, L. e DEL VALLE TUERO, E. A. (2010): "Políticas de la Unión Europea en materia de turismo". Estudios Turísticos, nº184; pp. 71-98; op. cit. páx. 86.

[247]En relación á eficiencia dos proxectos turísticos financiados polos FEDER é recomendable a lectura do informe do Tribunal de Contas da UE. Véxase: TRIBUNAL DE CUENTAS (2010). "52011SA0006: Informe Especial n ° 6/2011: ¿Resultaron eficaces los proyectos turísticos cofinanciados por el FEDER?". http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/HTML/?uri=CELEX:52011SA0006&from=EN

[248]Véxase: "Reglamento (CE) nº1083/2006 del Consejo, de 11 de julio de 2006, por el que se establecen las disposiciones generales relativas al Fondo Europeo de Desarrollo Regional, al Fondo Social Europeo y al Fondo de Cohesión y se deroga el Reglamento (CE) no 1260/1999". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 210/25 de 31/7/2006.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2006:210:0025:0078:ES:PDF;
Corrección de erros: Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 239/248 de 01/9/2006.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2006:239:0248:0250:ES:PDF

[249] Véxase: "Reglamento (CE) nº1698/2005 del Consejo, de 20 de septiembre de 2005, relativo a la ayuda al desarrollo rural a través del Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 277/1 de 21/10.2005.

desenvolven os programas de desenvolvemento rural dos Estados membros e o Fondo Europeo de Pesca (FEP)[250] que substitúe o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) que deu cobertura ao sector pesqueiro dende o ano 2000. Respecto ás Iniciativas comunitarias, programas de apoio complementarios aos Fondos Estruturais, das cales son ben coñecidos os anteriores Plans Leader, Leader II, Leader+, Interrreg.. na actualidade temos a Iniciativa JESSICA (Joint European Support for Sustainable Investment in City Areas)[251] e a Iniciativa JASPERS[252]. Tamén sinalar o Fondo Europeo de Adaptación á

---

http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CONSLEG:2005R1698:20070101:ES:PDF

[250]Este Fondo encádrase dentro da categoría de "Conservación e Xestión dos Recursos Naturais". De feito, presenta un forte carácter estrutural con medidas orientadas ao respecto polos recursos naturais e o medioambiente mariño. Dentro dos seus cinco eixes prioritarios de actuación baixo a nosa óptica de análise, resulta de especial relevancia o seu apoio a medidas e iniciativas encamiñadas a diversificar e potenciar o desenvolvemento económico nas zonas afectadas pola decadencia das actividades de pesca. Véxase: "Reglamento (CE) nº1198/2006 del Consejo, de 27 de julio de 2006, relativo al Fondo Europeo de Pesca". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 223/1 de 15/8/2006.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32006R1198&from=ES
"Reglamento (CE) nº498/2007 de la Comisión, de 26 de marzo de 2007, por el que se establecen las disposiciones de aplicación del Reglamento (CE) nº1198/2006 del Consejo relativo al Fondo Europeo de Pesca". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 120/1 de 10/5/2007. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/HTML/?uri=CELEX:32007R0498&from=ES

[251]JESSICA (axuda europea conxunta en apoio de investimentos sostibles en zonas urbanas) é unha iniciativa da Comisión Europea desenvolvida en colaboración co Banco Europeo de Investimentos (BEI) e o Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa (BDCE). O seu obxectivo é fomentar a rexeneración e o desenvolvemento urbano sostible por medio de mecanismos de enxeñaría financeira. Esta iniciativa fomenta o desenvolvemento urbano sostible apoiando proxectos nos seguintes ámbitos:

- ✓ infraestruturas urbanas, incluído transporte, auga/residuos, enerxía, etc.;
- ✓ *patrimonio histórico ou cultural, para fins turísticos ou outros usos sostibles*;
- ✓ reconversión de terreos industriais abandonados, incluída a súa limpeza e descontaminación;
- ✓ creación de novos espazos dedicados a actividades comerciais para as PEME e os sectores das TI e a I+D;
- ✓ edificios universitarios, como instalacións especializadas en medicina, biotecnoloxía e outros ámbitos;
- ✓ mellora da eficiencia enerxética.

Véxase: http://ec.europa.eu/regional_policy/thefunds/instruments/jessica_es.cfm

[252]O Programa de Asistencia conxunta para o apoio de proxectos na rexións europeas (JASPERS) é unha iniciativa política conxunta da Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea (DM Rexio), do Banco Europeo de Investimentos (BEI) e do Banco Europeo de Reconstrución e Desenvolvemento (BERD), que está deseñada para proporcionar asistencia técnica para mellorar a preparación de proxectos elixibles para o apoio directo dos Fondos Estruturais e de Cohesión europeos no período presupostario de 2007 a 2013 e para axudar aos Estados Membros a utilizar o financiamento europeo rápida e eficazmente. A iniciativa será aplicable en todos os Estados Membros que estean cubertos polo "obxectivo de Converxencia" pero, para ser tan efectivo como sexa posible, daralle prioridade aos grandes proxectos e aos proxectos dos 10 novos estados membros que se adheriron á UE en 2004 e 2007. As áreas claves para JASPERS son:

- ✓ As redes transeuropeas (TENs).
- ✓ O sector de transporte fose das TENs, incluíndo o ferroviario, o fluvial e o marítimo.
- ✓ Os sistemas de transporte intermodal e a súa interoperabilidade.
- ✓ Xestión do tráfico rodado e aéreo.
- ✓ O transporte publico urbano limpo.
- ✓ O medioambiente, incluída a eficiencia enerxética e as enerxías renovables.
- ✓ Os partenariados público-privados

Véxase: http://ec.europa.eu/regional_policy/thefunds/instruments/jaspers_es.cfm

Globalización[253]. Dentro dos múltiples programas operativos destacar o Programa Marco de Competitividade e Innovación (CIP)[254] dirixido fundamentalmente ás pequenas e medianas empresas (PEME), que apoia as actividades de innovación e facilita o acceso ao financiamento ademais de servizos de apoio ás empresas así como o VII Programa marco de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e demostración[255]. O programa LIFE contra o cambio climático e a perda de biodiversidade[256], na mellora do medio, a saúde e a calidade de vida a través dun uso e unha xestión viables dos recursos naturais

Dentro destos fondos comunitarios, as actividades turísticas foron contempladas dende un inicio como un elemento clave na diversificación económica do medio rural. Nesta dirección, a Comisión no ano 1990 elabora a Comunicación "Medidas comunitarias para o fomento do Turismo Rural"[257]. A partir deste momento, o turismo rural recibiu un forte apoio financeiro a través dos diferentes programas de desenvolvemento rural como PRODER, ou LEADER[258]. Entre os aspectos máis sobresaíntes, para a óptica das OMDs, cabe destacar que as iniciativas desenvolvidas por medio destes fondos conciben cada territorio partindo dende a súa singularidade, que o desenvolvemento pasa potenciar e poñer en valor os recursos endóxenos e que para iso é preciso contar cos axentes locais,

[253]Véxase: "Reglamento (CE) nº 1927/2006 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 20 de diciembre de 2006, por el que se crea el Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 406 de 30/12/2006.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2006:406:0001:0006:ES:PDF

[254] Véxase: "Decisión nº1639/2006/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 24 de octubre de 2006, por la que se establece un programa marco para la innovación y la competitividad (2007-2013)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 310 de 9/11/2006.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2006:310:0015:0040:es:PDF

[255]Véxase: "DECISION No 1982/2006/EC OF THE EUROPEAN PARLIAMENT AND OF THE COUNCIL, of 18 December 2006, concerning the Seventh Framework Programme of the European Community for research, technological development and demonstration activities (2007-2013)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 412 de 30/12/2006.
http://cordis.europa.eu/documents/documentlibrary/90798681EN6.pdf
Máis información en: http://europa.eu/legislation_summaries/energy/european_energy_policy/i23022_es.htm.

[256]O programa LIFE+ é o sucesor do programa LIFE, que se puxo en marcha en 1992. Ao igual que o seu predecesor, LIFE+ cofinancia proxectos en favor do medio na Unión Europea e en terceiros países (países candidatos á adhesión á UE, países da AELC membros da Axencia Europea de Medio, e países dos Balcáns Occidentais incluídos no proceso de estabilización e asociación). Os proxectos financiados poden estar propostos axentes, entidades ou institucións públicos ou privados. O programa LIFE+ divídese á súa vez en tres ámbitos temáticos:

1. LIFE+ "Naturaleza e Biodiversidade".
2. LIFE+ "Política e Goberno Ambiental".
3. LIFE+ «Información e Comunicación».

Véxase: "REGLAMENTO (CE) nº614/2007 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO, de 23 de mayo de 2007, relativo al instrumento financiero para el medio ambiente (LIFE+)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 149 de 9/6/2007. http://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:5ab0de7b-95c4-483b-8835-c98ed63f729d.0007.01/DOC_1&format=PDF.
COMISIÓN EUROPEA (2010): "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL PARLAMENTO EUROPEO Y AL CONSEJO: Revisión intermedia del Reglamento LIFE+". COM(2010) 516 final de 30/9/2010. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52010DC0516&from=ES

[257] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (1990): "Medidas comunitarias para el fomento del turismo rural". COM (90) 438 final de 29/10/1990, Bruselas.

[258] A análise da súa translación concreta sobre o territorio galego xa abordámolo no capítulo 1 deste traballo de investigación.

tanto do ámbito público coma privado[259]. Posteriormente, no ano 2006 publícase a Decisión do Consello (2006/144/CE) "sobre as directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural (período de programación 2007-2013)"[260], e tal e como xa se recollía en a "Proposta de decisión do Consello relativa ás directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, para o período 2007-2013"[261], o turismo mantense como unha das liñas de actuación polo seu importancia como elemento dinamizador do espazo rural. Nesta dirreción, un dos eixes de traballo das directrices é a mellora da calidade de vida nas zonas rurais e o fomento da diversificación, aproveitando o patrimonio cultural e natural, apoiándose no uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) para todo o relacionado coa xestión e comercialización turísticas. Trátase de incrementar a actividade económica en o medio rural a través das oportunidades que ofrece o turismo para diversificar as explotacións agrícolas, desenvolvemento de microempresas rurais e o estímulo do autoemprego[262].

Dentro do VI Programa de Acción en Materia de Medio da Unión Europea denominado "Medio 2010: o futuro está nas nosas mans"[263], faise especial mención á promoción do uso da etiqueta ecolóxica[264] e á avaliación da súa eficacia para os produtos que se comercializan dentro da Unión. A extensión ao turismo da etiqueta ecolóxica comunitaria prodúcese coa publicación de a Decisión 2003/287/CE da Comisión de 14 de abril de 2003, "pola que se establecen os criterios ecolóxicos para a concesión da etiqueta

[259] Véxase: CÁNOVES, G.; VILLARINO, M. e HERRERA, L. (2006): "Políticas públicas, turismo rural y sostenibilidad: difícil equilibrio". Boletín de la A.G.E. (Asociación de Geógrafos Españoles), nº41; pp. 199-217.

[260] Véxase: "DECISIÓN DEL CONSEJO, de 20 de febrero de 2006, sobre las directrices estratégicas comunitarias de desarrollo rural (período de programación 2007-2013) (2006/144/CE)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 55 de 25/2/2006.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32006D0144&from=ES

[261] Véxase: "Proposal for a COUNCIL DECISION on Community strategic guidelines for Rural Development (Programming period 2007–2013)". COM (2005) 304 final de 5/7/2005, Brussels.
http://www.funduszestrukturalne.gov.pl/informator/npr2/ue/sww_projekt_lipiec_rolnik.pdf

[262] Véxaxe: VALDÉS PELÁEZ, L. e DEL VALLE TUERO, E. A. (2010): "Políticas de la Unión Europea en materia de turismo". Estudios Turísticos, nº184; pp. 71-98; op. cit. páx. 88.

[263] Véxase: "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL CONSEJO, AL PARLAMENTO EUROPEO, AL COMITÉ ECONÓMICO Y SOCIAL Y AL COMITÉ DE LAS REGIONES sobre el Sexto Programa de Acción de la Comunidad Europea en materia de Medio Ambiente 'Medio ambiente 2010: el futuro está en nuestras manos' - VI Programa de medio ambiente". COM (2001) 31 final. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/HTML/?uri=CELEX:52001DC0031&from=ES

[264] O sistema foi creado mediante o Regulamento (CEE) n° 880/92 e posteriormente modificado polo Regulamento (CE) n° 1980/2000. Na actualidade, esta vixente o Regulamento (CEE) n° 66/2010. Véxase: "REGLAMENTO (CEE) n° 880/92 DEL CONSEJO, de 23 de marzo de 1992, relativo a un sistema comunitario de concesión de etiqueta ecológica". Diario Oficial de las Comunidades Europeas (DO) n° L 99 de 11/4 /92. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:31992R0880&from=ES
"REGLAMENTO (CE) No 1980/2000 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO, de 17 de julio de 2000, relativo a un sistema comunitario revisado de concesión de etiqueta ecológica". Diario Oficial de las Comunidades Europeas (DO) L 237 de 21/9/2000.
http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32000R1980&from=ES
"REGLAMENTO (CE) nº66/2010 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO, de 25 de noviembre de 2009, relativo a la etiqueta ecológica de la UE". Diario OficialdelaUnión Europea (DO) L 27 de 30/1/2010. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32010R0066&from=ES

ecolóxica comunitaria aos servizos de aloxamento turístico"[265], recollendo os requisitos que tiñan que cumprir os aloxamentos turísticos para o seu obtención. Uns requisitos que foron modificados no 2009[266]. Coa etiqueta ecolóxica preténdese unha certificación dos aloxamentos en materia de medio, co obxectivo de mellorar o ámbito así como o desenvolvemento de produtos e mecanismos que garantan as condicións esixidas e que supón a necesidade de impulsar novos produtos e servizos, a partir do I+D+I, que permitan unha mellor xestión ambiental. Os criterios de concesión da etiqueta tratan por exemplo de limitar o consumo de auga, enerxía, os residuos, e busca favorecer o uso de recursos renovables e non prexudiciais co medio ademais de promover a comunicación e a educación en temas ambientais entre os clientes[267]. No ano 2005, a etiqueta ecolóxica se ampla aos aloxamentos de cámping[268] actualizándose os criterios desta no 2009[269].

Outra actuación comunitaria de especial interese para a nosa análise é un Ditame que elaborou no ano 2006 o Comité Económico e Social sobre "Turismo social en Europa"[270]. No mesmo, o CESE fai referencia á integración do turismo nos obxectivos de cohesión social que se establecen na estratexia de Lisboa[271]. Para iso considera "(…) que con independencia de como se defina o turismo social, de como se financie, e de como se xestione, é unha realidade económica e social potente, rendible e estable, que cumpre os seus obxectivos cun alto nivel de satisfacción por parte dos usuarios, que contribúe ao emprego, á desestacionalización da actividade turística, en definitiva que é unha actividade de gran valor en todo o mundo e de forma especial en nosa Europa. Trátase pois de ver como se pode ampliar e xeneralizar o beneficioso efecto que o turismo social ten na actualidade sobre as persoas, sobre as empresas e sobre toda a sociedade"[272]. As propostas do documento céntranse na necesidade de facilitar o acceso ao turismo a colectivos desfavorecidos económica, territorial ou socialmente e para iso considera que é necesario difundir os programas de turismo social por todos os países da Unión, con redes de cooperación que favorezan os viaxes dos cidadáns entre os propios países e todo iso

[265] Véxase: "DECISIÓN DE LA COMISIÓN, de 14 de abril de 2003, por la que se establecen los criterios ecológicos para la concesión de la etiqueta ecológica comunitaria a los servicios de alojamiento turístico (2003/287/CE)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 102 de 24/4/2003.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2003:102:0082:0097:ES:PDF

[266] Véxase: "DECISIÓN DE LA COMISIÓN, de 9 de julio de 2009, por la que se establecen los criterios ecológicos para la concesión de la etiqueta ecológica comunitaria a los servicios de alojamiento turístico (2009/578/CE)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 198 de 30/7/2009; pp. 57-79.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2009:198:0057:0079:ES:PDF

[267] Ibíden; ANEXO: Objetivos de los criterios; op. cit. páx. 60.

[268] Véxase: "DECISIÓN DE LA COMISIÓN, de 14 de abril de 2005, por la que se establecen los criterios ecológicos para la concesión de la etiqueta ecológica comunitaria al servicio de cámping (2005/338/CE)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 108 de 29/4/2005.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2005:108:0067:0086:ES:PDF

[269] Véxase: "DECISIÓN DE LA COMISIÓN, de 9 de julio de 2009, por la que se establecen los criterios ecológicos para la concesión de la etiqueta ecológica comunitaria al servicio de camping (2009/564/CE)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) L 196 de 28/7/2009.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2009:196:0036:0058:ES:PDF

[270] Véxase: "Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre "Turismo social en Europa" (2006/C 318/12)". Diario Oficial de la Unión Europea (DO) n° C 318 de 23/12/2006; pp. 67-77.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2006:318:0067:0077:ES:PDF

[271] Ibídem; op. cit. páx. 67.

[272] Ibídem; op. cit. páx. 74.

realizado través dunha "(…) Plataforma de Turismo Social de ámbito europeo"[273]. Finalmente, sinala que para que unha Plataforma de Turismo Social Europeo sexa viable social e economicamente debe partir da cooperación público-privada. "Posiblemente a viabilidade do Programa veña amplamente condicionada pero tamén favorecida pola efectiva cooperación público-privada na súa concepción, deseño e xestión"[274].

Finalmente, sinalar que é o carácter transnacional do turismo o que vén xustificando, en definitiva, a actuación da UE nesta materia[275]. Doutro lado, a necesidade de corrixir distorsións da competencia ou evitar restricións encubertas do comercio, así como o interese comunitario por reforzar a cohesión económica e social e o feito de que isto se poida lograr mellor coa acción da UE, veñen así mesmo motivando a súa intervención[276]. A pesar desta clara motivación, temos que recoñecer que os diferentes intentos non exite unha política común en turismo no esquema de funcionamento da Unión Europea. Agora ben, polo propio carácter transversal da actividade, ao turismo trátaselle de forma complementaria e integrada no resto de políticas da Unión Europea. Tal e como se pode observar ao longo de todos os documentos e actos xurídicos comentados ao longo deste apartado, o turismo, vai gañando peso e recoñecemento por parte das diferentes Institucións comunitarias, recoñecendo a súa importancia na contribución á economía comunitaria, na xeración e estabilidade do emprego e considerándoo como un elemento de importancia para a cohesión social e territorial. Na actualidade, o turismo enmárcase na estratexia de desenvolvemento sostible da Unión Europea. Polo tanto, a estratexia actual da Unión Europea en turismo é promover aqueles proxectos e medidas que favorezan o desenvolvemento sostible da actividade turística, ambiental, territorial e económicamente. Así como tamén dende as instancias europeas se persegue a accesibilidade de todos os cidadáns ao turismo, recoñecido como un dereito social da Unión Europea. Tampouco debemos obviar o interese en reforzar o peso e a consideración do turismo dentro das políticas europeas, sobre todo porque xa se empeza a falar de turismo en Europa e non só como unha actividade vinculada a determinados estados membros, con proxectos a nivel europeo como os xa comentados do *turismo sénior*, e a promoción da *marca europa* cara ao exterior.

3.3.-ORDENAMENTO XURÍDICO DO LITORAL.

Á hora de empezar a análise do ordenamento xurídico do litoral en Galicia debemos de partir dunha idea básica da súa complexidade. Dado que son múltiples as normas sectoriais que inciden directamente sobre o litoral e que, desafortunadamente, se deseñaron illadamente, moitas veces non tendo en conta unha estratexia normativa integrada como a que se propón ao final deste traballo de investigación, esta descoordinación que acompaña o labor das Administracións competentes sobre actividades relevantes sobre o litoral galego

[273] Ibídem; op. cit. páx. 74.
[274] Ibídem; op. cit. páx. 75.
[275] Neste sentido, xa no Libro Verde sobre o papel da UE en materia de turismo fai énfase no obxectivo primario de abrir unha consulta sobre o papel da Unión no turismo, expresándose o seu carácter multidisciplinar, transversal e complementario. Véxase: "El papel de la Unión en materia de turismo. Libro Verde de la Comisión". COM (95) 97 final, Bruselas 4/4/1995.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:1995:0097:FIN:ES:PDF
[276] Véxase: FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2001): "Derecho Administrativo del Turismo". Marcial Pons, Madrid; op. cit. páx. 60.

provocou moitos dos problemas que se recollen ao longo deste estudo. Sectores tan diversos como a protección de espazos naturais, a agricultura, a pesca e acuicultura, a defensa, a enerxía, a industria, os portos, o transporte, o urbanismo, o turismo, etc. desenvolvéronse baixo ópticas non sempre compatibles co obxectivo da protección ambiental e o desenvolvemento sostible. Unha situación que adquire maior complexidade no estado español toda vez que as competencias sobre os sectores aludidos repártense entre a Administración Central e das CC.AA., sen esquecer as funcións atribuídas ás Entidades Locais. Tendo en conta a limitación deste traballo e ante a imposibilidade de recoller aquí toda a normativa estatal e autonómica que atinxe á ordenación do litoral, imos limitarnos neste apartado á normativa básica do Estado que debe proporcionar un máis axeitado enfoque para a actuación das OMDs dentro do litoral galego.

O espazo litoral, pola súa singularidade física e gran variedade como dimensión de usos e actividades, goza actualmente dunha regulación xurídica específica, de carácter sectorial. Lexislación que responde a dúas demandas fundamentais: En primeiro lugar, proporcionar unha "(...) base lexislativa sólida que ampare a consecución dos obxectivos de conservación dos ecosistemas costeiros e do medio ambiente litoral en xeral (...). E en segundo término, (...) definir adecuadamente as funcións e competencias de cada nivel de Administración (...) implicados na xestión do litoral (...)"[277]. Agora ben, debemos ter moi presente que este ordenamiento xurídico non contén unha delimitación legal do espazo litoral ampla, que afecte a interrelacións existentes entre a costa, o mar e o interior, senón que manexou o concepto tradicional de delimitación como dominio público marítimo ou marítimo-terrestre, o que non deixa de ser unha interpretación restrictiva e axeográfica, allea aos criterios dunha ordenación territorial de carácter integrado[278].

Antes de afondar na análise da situación actual do ordenamento do litoral en Galicia, cremos necesario indagar brevemente na evolución histórica da súa regulación xurídica. Non esquezamos que a realidade actual do litoral galego vén determinada en boa medida polas actuacións acometidas no pasado[279]. Empezaremos sinalando que a regulación das costas experimentou unha longa e complexa evolución, dende as Partidas[280] ao Código Civil; dende a Lei de Augas de 1866[281] á Lei de Costas de 1969, pasando por diversas Leis de Portos[282]. Obviamente, por coherencia expositiva neste traballo de

[277] TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante; op. cit. páx. 31.

[278] Ibídem; op. cit. páx. 32.

[279] Para unha información máis detallada sobre os antecedentes históricos sobre a regulación e protección do litoral español, véxase: CALERO RODRÍGUEZ, J. R. (1995): "Régimen jurídico de las costas españolas". Aranzadi, Pamplona. Dentro destas normativas históricas é constatable que a Ley General de Obras Públicas de 13 de abril de 1877 (Gaceta de Madrid de 15 de abril.), de Marismas (1917), de Portos (1880 e 1928) primaron a ganancia de terreos ao mar, o desecamento de marismas e a concesión en propiedade no dominio litoral público.

[280] As *Sete Partidas* (ou simplemente *Partidas*) é un corpo normativo redactado en Castela, durante o reinado de Alfonso X (1252-1284), co obxectivo de conseguir certa uniformidade xurídica do Reino. Especialmente relevante, para este estudo é a Partida Terceira. Nesta, entre outras disposicións, remata tratando do dominio (3,28,1), recoñecendo a existencia de certos bens comunais; da posesión (3,30,1); a prescrición e das servidumes. Véxase: "Las siete partidas" (2011). Colección: Textos Históricos, BOE (Boletín Oficial del Estado), Madrid. IGLESIA FERREIROS, A. (1980): "Alfonso X el Sabio y su obra legislativa: Algunas reflexiones". Anuario de Historia del Derecho Español, nº50; pp. 531-561.

[281] Ley de Aguas de 3 de agosto de 1866. Gaceta de Madrid, nº219, de 7/8/1866.

[282]Véxase: CALERO RODRÍGUEZ, J. R. (2001): "Introducción al régimen jurídico del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de

investigación, non podemos abordar de xeito exhaustivo esta interesante evolución, onde se aprecia a paulatina concreción dos criterios de valoración normativa do litoral. Por iso, centrarémonos naqueles pasos máis próximos temporalmente e determinantes na configuración do hábitat litoral galego como na súa utilización/valoración turística.

O primeiro feito de gran relevancia no desenvolvemento turístico litoral galego, desde o punto de vista da ordenación do territorio, foi a promulgación da Lei de Centros e Zonas de Interese Turístico Nacional (Lei 197/1963 de 28 de decembro)[283], que pretendía lograr o dobre obxectivo de evitar a saturación de determinadas zonas, así como desenvolver a conversión en turísticas doutras áreas dotadas pola natureza de recursos potenciais para atraer e reter unha demanda de carácter turístico[284]. Estamos ante a creación unha normativa especial para as zonas turísticas, en gran medida á marxe da normativa común ou xeneral de ordenación urbana, buscando tanto dar cumprida resposta ás necesidades específicas das zonas turísticas como unha maior eficacia, dada a tradicional lentitude dos procesos de lexislación urbanística xeral. De feito, podemos afirmar que a Lei 197/1963 é unha normativa pionera na articulación das relacións entre turismo e urbanismo[285]. Trata de responder a unha determinada concepción ou tendencia, falamos da "(...) construción dun urbanismo propio e específico para o turismo, á marxe e separado, xa que logo, do urbanismo xeral do que viría quedar excluído ou exento"[286]. Por conseguinte, a ordenación urbanística do territorio español empezaríase a desenvolver en zonas localizadas e dende o punto de vista sectorial turístico: "(...) o turismo sería o criterio de ordenación do territorio en prol de favorecer un crecemento inmediato e groseiro (...)"[287]. De feito, a planificación urbana queda na mesma supeditada aos intereses turísticos, sendo

---

Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 59-78; op. cit. páx. 66.

[283] Véxase: "Ley 197/1963, de 28 de diciembre, sobre "Centros y Zonas de Interés Turístico Nacional". BOE nº313, de 31/12/1963; pp. 18226-18230. http://www.boe.es/boe/dias/1963/12/31/pdfs/A18226-18230.pdf

[284]Neste contexto, o primeiro crecemento turístico litoral en España, e por extensión en Galicia, desenvolvíase en base á Lei de 12 de maio de 1956, sobre Réxime do Solo e Ordenación urbana. Desenvolvemento turístico que se levou a cabo sen unha previa planificación de carácter territorial que racionalizase a súa situación e impacto sobre o medio litoral costeiro, malia que a mencionada Lei de 1956, indicaba na súa Exposición de Motivos que "(...) a acción urbanística debe preceder ao fenómeno demográfico e, no canto de ser a súa consecuencia, debe encauzarlo cara a lugares adecuados", e tiña entre os seus obxectivos "(...) frear a especulación e irregularidade do proceso urbanizador". Véxase: "Ley de 12 de mayo de 1956 sobre régimen del suelo y ordenación urbana". BOE nº135, de 14/5/1956; pp. 3106-3134. http://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1956/135/A03106-03134.pdf Entre os seus principais defectos critacados, a LS de 1956 a través dos seus artigos 13 e 15 permitía a posibilidade de elaborar Plans Especiais con finalidade turística con independencia da planificación xeral. Polo tanto, o Plan Especial serviu para realizar auténticas ordenacións no litoral galego independentes da planificación xeral. O caso do municipio do Grove é paradigmático neste tipo de actuacións. Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2001 a): "Espacios turísticos e de ocio nas Rías Baixas: unha análise a diferentes escalas". Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral para o Turismo. Santiago de Compostela. PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2002): "A illa da Toxa: O planeamento urbanístico no proceso de construcción e transformación dun producto turístico litoral". Servicio de Publicaciones, Diputación Provincial de Pontevedra. Vigo.

[285] Véxase: SUAY RINCÓN, J. (2002): "Turismo y urbanismo: la ordenación turística del espacio. El caso de Canarias", en BLANQUER CRIADO, D. V. (dir.): "Ordenación y gestión del territorio turístico". Tirant lo Blanch, Valencia; pp. 287-348; op. cit. páx. 315.

[286] Ibídem; op. cit. páx. 315.

[287]Véxase: BOUAZZA ARIÑO, O. (2006): "Ordenación del territorio y turismo (Un modelo de desarrollo sostenible del turismo desde la ordenación del territorio)". Atelier, Barcelona; op. cit. páx. 67.

a Lei de Centros e Zonas a primeira norma legal que se contrapón á planeamento urbanístico como unha planificación de carácter global[288]. A declaración de Interese Turístico Nacional dunha Zona ou Centro outorgaba unha total preeminencia á normativa turística sobre outras normas xerais ou sectoriais que puidesen incidir sobre as devanditas áreas territoriais. Neste sentido, é claro o art.º 5 da Lei 197/1963, que dispón que "(...) nos Centros e Zonas a que se refire a presente Lei, as competencias atribuídas aos distintos órganos da Administración central e local en materias relacionadas co turismo deberán exercitarse en forma coordinada coas propias do Ministerio de Información e Turismo, que, a tal fin, haberá de ser oído en todos os casos de exercicio das devanditas competencias (...)"[289], establecendo para iso que a Comisión Interministerial de Turismo asumirá as facultades de coordinación e vixilancia das actividades de execución dos plans de promoción turística[290]. A Lei de Solo de 1956 é declarada formalmente de aplicación meramente supletoria pola Disposición Final Segunda da Lei de Centros e Zonas de Interese Turístico[291]. En definitiva, a Lei de Centros e Zonas supón una "(...) amputación

[288]A Lei Lei de Centros e Zonas de Interese Turístico Nacional demostraba o claro recoñecemento por parte da Administración dunha política de carácter sectorial que atentaba contra a estratexia territorial global que, polo menos teóricamente, buscaba a vixente Lei de Solo de 1956. De feito, a Lei 197/1963 outorgaba excepcións ás zonas turísticas sobre preceptos da vixente Lei de Solo. "É a primeira Norma Legal que se contrapone á planeamento urbanístico, como planificación global. A planificación urbana queda supeditada aos intereses turísticos". Véxase: ZARAGOZA ORTS, P. (1999): "Actuaciones administrativas 1972-1982", en BAYÓN MARINÉ, F. (dir.): "50 años de turismo español. Un análisis histórico y estructural". Editorial Centro de Estudios Ramón Areces, S. A.- EOT (Escuela Oficial de Turismo), Secretaría de Estado de Comercio, Turismo y PYME, Madrid; pp. 125-132; op. cit. páx. 129. En definitiva, podemos afirmar que a Lei de Centros e Zonas era unha clara violación dunha estratexia global do territorio, "(...) unha Lei ao servizo dunha política sectorial sen preocupación polas repercusións sobre o territorio desa mesma política". Véxase: DE TERÁN, F. (1982): "Planeamiento urbano de la España contemporánea (1900-1980)". Alianza Editorial, S. A., Madrid; op. cit. páx. 451. Por conseguinte, ignórase a visión integral da Lei do Solo facendo primar o principio de "prioridade do turismo", como sinalou a doutrina. Véxase: ENTRENA CUESTA, R. (1969): "Dictamen acerca de la aplicabilidad de los artículos 32 y 42 de la Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana de 12 de mayo de 1956 en la tramitación de los Planes de Ordenación Urbana de Centros de Interés Turístico Nacional". Revista de Derecho Urbanístico (RDU) nº13; pp. 75-91; op. cit 84. Recomendamos tamén a lectura dos seguintes traballos: SERRANO GUIRADO, E. (1965). "Planificación territorial y planificaciones sectoriales (Consideración especial del sector turístico". Secretaría General Técnica, Ministerio de Vivienda, Madrid. MARTÍN MATEO, R.; MARTÍN-RETORTILLO, L. e VILLAR PALASÍ, J. L. (1970). "Aspectos jurídicos administrativos del turismo", en Primer Congreso Italo-Español de Profesores de Derecho Administrativo, celebrado los días 17 y 18 de mayo de 1966 en Sevilla. Ministerio de Información y Turismo, Madrid; pp. 29-51. ORTEGA GARCÍA, Á. (1970): "Aplicación de la Ley del Suelo a la tramitación de Planes de Ordenación Urbana de Centros Turísticos". Revista de Derecho Urbanístico (RDU), nº16; pp. 67-85. GÓMEZ-FERRER MORANT, R. (1976): "La planificación urbana de los Centros de Interés Turístico Nacional y la reforma de la Ley del Suelo". Revista Española de Derecho Administrativo (REDA), nº10; pp. 451-468. VERA FERNÁNDEZ-SANZ, A. (1980): "La ordenación de las playas y otros espacios costeros". Revista Española de Derecho Administrativo (REDA), nº 27; pp. 577-603.

[289] Véxase: "Ley 197/1963, de 28 de diciembre, sobre "Centros y Zonas de Interés Turístico Nacional". BOE nº313, de 31/12/1963; pp. 18226-18230. http://www.boe.es/boe/dias/1963/12/31/pdfs/A18226-18230.pdf

[290] Véxase: BOUAZZA ARIÑO, O. (2006): "Ordenación del territorio y turismo (Un modelo de desarrollo sostenible del turismo desde la ordenación del territorio)". Atelier, Barcelona; op. cit. páx. 68.

[291] "En todo a que non se atopa regulado nesta Lei e en canto sexa de aplicación, serán supletorias da presente a de Réxime do Solo e Ordenación Urbana de doce de maio de mil novecentos cincuenta e seis, (...)". Véxase: "Ley 197/1963, de 28 de diciembre, sobre "Centros y Zonas de Interés Turístico Nacional". BOE nº313, de 31/12/1963; pp. 18226-18230. http://www.boe.es/boe/dias/1963/12/31/pdfs/A18226-18230.pdf

radical da normativa urbanística con todas as virtudes que presentaba"[292].

Esta normativa turística expoñía no seu primeiro artigo un ambicioso obxectivo: "É obxecto da presente Lei a ordenación turística do territorio nacional por medio da planificación e o desenvolvemento de Centros e Zonas de Interese Turístico". A designación como Centro de Interese Turístico implicaba unha serie de beneficios previstos na Lei:

- ✓ Créditos e desgravacións fiscais (ata un 50 % dos impostos) para levar a cabo os proxectos elaborados con sujeción aos Plans aprobados.
- ✓ Dereitos de uso e goce na forma que procede dos bens e dereitos de dominio público e da Corporación Local, exceptuándose de poxa a adxudicación dos mesmos, nos terreos comprendidos e obxecto dos Plans de Promoción Turística e Ordenación Urbana.
- ✓ Dereito á alleación forzosa dos terreos privados nos cales os seus propietarios no prazo de dous anos non emprendesen ou seguisen a ritmo normal as obras necesarias para a súa utilización conforme ao Plan de Ordenación[293].

A declaración de C.I.T.N., segundo se recolle no Decreto de 23 de decembro de 1964 nº 4.297/1964 que promulga o Regulamento para o Desenvolvemento e Ejecución dos preceptos contidos na Lei sobre "Centros e Zonas de Interese Turístico Nacional"[294], estaba encamiñada á consecución de tres obxectivos fundamentais:

1. Fomentar a creación de novos centros, dotados de elementos e servizos suficientes "(....) naqueles lugares que polas súas especiais circunstancias tiñan atractivos bastantes (...)" que facían rendible a súa explotación turística "(...) nos que conviña coordinar os esforzos da iniciativa privada e da Administración (....)". Non se condicionaba o emprazamento das mesmas a unhas determinadas condicións de carácter territorial[295]. É dicir, a Administración só autorizaba, dado que "(...) a elección pasaba á iniciativa privada, coherentemente con todo o proceso de desenvolvemento do capitalismo español"[296].

[292] Entre as cales, mención destacada merece a previsión de acción popular recollida no artigo 223 da Lei de Solo de 1956. Un precepto non aplicable sobre as actuacións realizadas ao abeiro da Lei 197/1963; dado que, neste, establecíase que a acción popular só era posible en virtude de actos que infrinxisen a propia Lei de Solo. Calquera outra actividade, aínda cando tivese relación directa co urbanismo, que non estivera regulada pola Lei de Solo, non podía ser obxecto de acción popular. Véxase: BOUAZZA ARIÑO, O. (2006): "Ordenación del territorio y turismo (Un modelo de desarrollo sostenible del turismo desde la ordenación del territorio)". Atelier, Barcelona; op. cit. páx. 69. Para un maior coñecemento desta disposición de acción popular, aconsellamos a lectura de COSCULLUELA MONTANER, R. (1973): "Acción pública en materia urbanística". Revista de Administración Pública (RAP), nº71; pp. 9-57; op. cit. páxs. 42 e ss.

[293] PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2001 a): "Espacios turísticos e de ocio nas Rías Baixas: unha análise a diferentes escalas". Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral para o Turismo. Santiago de Compostela; op. cit. páx. 66-67.

[294] B.O.E., Gaceta de Madrid, nº14. 16 de enero de 1965, páxs. 130 -141.

[295] Os criterios de localización viñan dados polos intereses dos promotores privados. Unha circunstancia que motivou unha serie de localizacións moi discutibles. Nesta dirección, non contribuíu a solucionar os desequilibrios da implantación turística masiva no litoral español. De feito, serviu para clasificar unha superficie desmesurada de solo turístico por enriba da demanda real e, en moitos casos, cunha deficiente integración na estrutura territorial e socioeconómica preexistente. Véxase: IVARS BAIDAL, J. A. (2003b): "Planificación turística de los espacios regionales de España". Editorial Síntesis, S. A., Madrid; op. cit. páx. 122.

[296] Véxase: DE TERÁN, F. (1982): "Planeamiento urbano de la España contemporánea (1900-1980)". Alianza Editorial, S. A., Madrid; op. cit. páx. 451.

2. Dotar dos beneficios previstos na Lei a complexos turísticos existentes, co obxecto de que "(...) se lles poida outorgar protección adecuada para mellorar as súas instalacións e servizos, da forma que permita a súa máis racional explotación (....)".
3. "A creación de zonas turísticas, ao obxecto de adoptar de xeito coordinada as medidas necesarias para a conservación e mellora dos seus valores naturais e realización das obras de infraestructura turística e medios de comunicación e transporte en cada caso conveniente, para dotar ás mesmas das condicións de estrutura e ambientais que permitan atraer e reter as correntes turísticas"[297].

Os primeiros debían ter unha capacidade mínima de cincocentas prazas en aloxamentos turísticos, e unha extensión superficial continua non inferior a dez hectáreas, ademais dos servizos e dotacións adecuados á súa capacidade. Pola súa banda, as Zonas de Interese Turístico Nacional incluirían polo menos dous centros e dispoñerían dunha capacidade non inferior a 5.000 prazas turísticas. Serían lugares onde se faría necesario realizar obras e servizos de infraestructura que requirisen actuacións coordinadas da Administración Pública nas súas diversas esferas.

Pero mentres que non se declarou ningunha Zona, dos 83 proxectos aprobados para crear Centros de Interese Turístico en toda España, soamente 60 se levaron a efecto, entre os que se poden contar 42 en zonas costeiras[298], dos que unicamente tres non eran mediterráneos: A Toxa (O Grove), Santa María de Canide (Oleiros) e Xunquera de O Bao (Vigo) (Figura nº3.3.1). Aínda que os tres exemplos obedecen a iniciativas privadas, non é menos certo que no caso da Toxa non se fixo máis que consolidar a súa vocación turística mentres os outros dous "(...) non responden a criterios vocacionais nin de racionalidade de ningún modelo de Ordenación Territorial establecido a priori, senón que é función do casual título de propiedade do solo no primeiro e condicións favorables de facilidade de consecución dos terreos de dominio público no segundo"[299].

[297] Non obstante, contemplados as súas realizacións sobre o litoral podemos afirmar que a política de *desenvolvemento* primou sobre calquera outra consideración. Nesta dirección, MULERO (1999) sostén que: "A Lei, en definitiva, fixaba os servizos mínimos a ofrecer como abastecemento de auga, saneamento, etc., pero non regulaba os volumes de edificación ou as superficies a urbanizar, porque o seu obxecto era única e exclusivamente relanzar o turismo e non a ordenación e protección do litoral". Véxase: MULERO MENDIGORRI, A. (1999). "Introducción al Medio Ambiente en España". Ariel-Geografía, Barcelona; op. cit. páx. 190. De feito, o balance final plásmase nun modelo de urbanización agresivo, preferentemente en primeira liña de praia, pouco respectuoso coas áreas de singular valor ambiental, desafortunado dende a perspectiva paisaxística, produtor de verteduras e sobre explotación de acuíferos e promotor de inadecuadas infraestruturas de comunicacións. Véxase: SANZ LARRUGA, J. (2001): "La protección ambiental del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 165-215; op. cit. páx. 171.

[298]Véxese: C.E.O.T.M.A. (1982): "Ordenación de los espacios litorales. Criterios metodológicos y normativos". Edt. Centro de Estudios de Ordenación del Territorio y el Medio Ambiente (M.O.P.U.). Serie "Normativa", nº7. Madrid.

[299] PORTO REY, E. (1975): "El planeamiento urbano y los centros de interés turístico en Galicia". Ciudad y Territorio", nº1-2, pp. 181-184; op. cit. páx. 182.

Figura nº3.3.1.- Características dos Centros de Interese Turístico Nacional aprobados polo Consello de Ministros en Galicia.

Denominación Promotor	Municipio (Provincia)	Superficie (Ha.)	Propiedade do suelo	Nº prazas	Densidade (Hab./Ha.)	Aprobación Consello de Ministros
Santa María de Canide Sr. Dorrego	Oleiros (A Coruña)	35,15	12,31 ha. promotor 22,84 ha. municipais	2.640	75	12-5-66
Xunquera do Bao Sr. Vázquez	Vigo (Pontevedra)	7,94 5,95	Dominio público	1.048 730	133 123	2-3-67 14-11-68
Illa de A Toxa La Toja S.A.	O Grove (Pontevedra)	92	89,22 ha. promotor 3 ha. dominio público	3.550	38	22-7-66

Fonte: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2001 a): "Espacios turísticos e de ocio nas Rías Baixas: unha análise a diferentes escalas". Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral para o Turismo. Santiago de Compostela; op. cit. páx. 68.

A fórmula empregada para o desenvolvemento destas promocións era lóxicamente o beneficio financeiro e crediticio: concesións de réximes fiscais de amortización especiais durante o primeiro lustro, bonificacións de ata o 90% nos aranceis aduaneros para os materiais e maquinarias necesitados, preferencia na obtención de créditos oficiais (para o que se outorgaba a declaración de utilidade pública)[300]. Unhas vantaxes legais que se foron esvaecendo co tempo e a declaración como Centro converteuse nun mero medio de revalorizar propiedades e obter plusvalías ao recibir un respaldo oficial á súa imaxe turística cando, en condicións normais, a súa potencialidade turística era limitada[301].

En función desta Lei, unha vez aprobado o Plan de Promoción Turística[302] dun

[300] A Orde de 3 de xullo de 1964 do Ministerio de Facenda, permitía ao Banco de España conceder préstamos especiais a españois, fosen persoas físicas ou xurídicas, para o financiamento parcial das obras de infraestructuras a realizar nos Centros declarados de Interese Turístico. O préstamo non podía superar o 40% do valor total dela investimento, a un interese do 6,5% anual, liquidable semestralmente, durante os cinco anos seguintes á concesión.

[301] Véxase: IVARS BAIDAL, J. A. (2003b): "Planificación turística de los espacios regionales de España". Editorial Síntesis, S. A., Madrid; op. cit. páx. 122. Para unha maior información, aínda que centrada na experiencia do litoral andaluz, recomendamos a lectura de VALENZUELA RUBIO, M. (1985): "La consommation d´espace par le tourisme sur le littoral andalou: les centres d´intérêt touristique national". Révue Géographique des Pyrénées et du Sud-Ouest, tomo 56, fasc. 2; pp. 289-312.

[302] Un Plan de Promoción Turística que se sometía á aprobación do Ministerio de Información e Turismo (art. 4), e debía "(…) conter os seguintes extremos" (art. 11):

1. Delimitación do Centro e extensión superficial deste (art. 11a), que non podía ser inferior a 10 hectáreas (art. 2b).
2. Número mínimo e máximo de prazas de aloxamento (art. 11b), partindo dun mínimo obrigatorio de cincocentas (art. 2 a).
3. Clase e categorías dos aloxamentos turísticos, e porcentaxe sobre o total de prazas previstas (art. 11c).
4. Instalacións consideradas imprescindibles (art. 11d).
5. Melloras previstas en relación coa conservación ou embelecemento da paisaxe (art. 11e).

Centro debíase proceder á redación do correspondente Plan de Ordenación Territorial e Urbana[303], conforme co prazo fixado polo antriormente aprobado Plan de Promoción (art.12)[304]. Correspondendo dita tramitación ben ás autoridades promotoras da solicitude de ordenación non se difería no substancial do previsto para os mesmos na Lei de Solo (art.12.2). Realmente, o máis destacado desta planificación urbana por razóns de índole turística residía que a competencia para a súa aprobación residía no Consello de Ministros (art.13.1). Cuestión que nos suscita un importante desprazamento competencial cara á Administración do Estado nunha materia como o urbanismo que debe ter no noso compendio lexislativo un forte compoñente local. Xa que logo, podemos afirmar que nos atopamos cunha norma perfectamente explicable no contexto dunha época marcada pola prevalencia dun Estado profundamente autoritario, tanto desde o punto de vista competencial como da súa impronta do desenvolvemento. O procedemento finalizaba coa declaración de Interese Turístico Nacional do Centro en cuestión mediante Decreto do Consello de Ministros (art. 13.1)[305].

Unha Declaración de Interese Turístico Nacional que supón unha serie de efectos de natureza xurídica á marxe dos beneficios de orde tributaria previstos na Lei (Título VI)[306]. Por un lado, a devandita declaración levaba consigo a execución inmediata dos Plans de Promoción e dos de Ordenación Territorial e Urbana aprobados. Así mesmo, implicaba o outorgamento das autorizacións ou licenzas que se solicitasen para as obras, construcións, instalacións, servizos e actividades previstas ou incorporadas nos respectivos Plans; coa particularidade salientable de que, cando se tratase de licenzas solicitadas por motivos ou fins turísticos, a competencia para a súa tramitación e resolución era retida polo Ministerio de Información e Turismo en detrimento da Administración Local[307]. Por outra parte, a declaración podía producir importantes efectos indirectos sobre as industrias da zona e levar consigo serias limitacións en relación co exercicio de novas actividades industriais, distinguindo:

a) no caso de industrias preexistentes, estas deberán levar a cabo as correccións

---

6. Estudos económicos ou outros que se puidesen determinar regulamentariamente (art. 11f).

Véxase: "Ley 197/1963, de 28 de diciembre, sobre "Centros y Zonas de Interés Turístico Nacional". BOE nº313, de 31/12/1963; pp. 18226-18230. http://www.boe.es/boe/dias/1963/12/31/pdfs/A18226-18230.pdf

[303] Unha figura, asimilable á do Plan Parcial da Lei de Solo de 1956, que podía permitir a aprobación de urbanizacións turísticas en solo rústico. Véxase: DE TERÁN, F. (1982): "Planeamiento urbano de la España contemporánea (1900-1980)". Alianza Editorial, S. A., Madrid.

[304] Véxase: "Ley 197/1963, de 28 de diciembre, sobre "Centros y Zonas de Interés Turístico Nacional". BOE nº313, de 31/12/1963; pp. 18226-18230. http://www.boe.es/boe/dias/1963/12/31/pdfs/A18226-18230.pdf

[305] "No devandito Decreto determinaranse expresamente os beneficios que se concedan para a execución dos proxectos, obras e servizos incluídos nos Plans do Centro" (art. 13.2). Véxase: "Ley 197/1963, de 28 de diciembre, sobre "Centros y Zonas de Interés Turístico Nacional". BOE nº313, de 31/12/1963; pp. 18226-18230. http://www.boe.es/boe/dias/1963/12/31/pdfs/A18226-18230.pdf

[306] Ibídem.

[307] Unha atribución competencial que resultou moi polémica dando lugar á imposición dun recurso contencioso-administrativo contra os correspondentes artigos do Regulamento por parte do Concello de Benidorm, que foi desestimado pola STS do 15 de abril de 1966, declarando que aquel resultaba axustado a dereito. O devandito criterio xurisprudencial resultou máis tarde confirmado pola STS do 25 de novembro de 1970 e tamén pola do 20 de outubro de 1975 que xustifica a capacidade da norma en cuestión para "regulamentar en que supostos a técnica a utilizar é a da autorización superposta (do Ministerio de Información e Turismo) á municipal". Para unha maior información sobre este tema, véxase: FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, J. (1974b): "Curso de Derecho Administrativo Turístico". Tomo III: "Fomento del Turismo". Mundo Científico, Madrid; op. cit. páxs. 1.481-1.490.

necesarias nas súas instalacións para facer compatibles as súas actividades co interese turístico da zona e, de non ser o posible tecnicamente, facilitaríase o seu traslado ou poderíase chegar á súa expropiación;

b) no caso de industrias que pretendesen instalarse nun Centro ou Zona, deberían suxeitarse ás prescricións dos seus respectivos Plans, evitando a posibilidade de producir algún tipo de prexuízo para os fins turísticos.

Por último, da declaración seguíase que os aproveitamentos dos bens de dominio público do Estado, provincias ou municipios, situados no Centro, ou Zona, deberían facerse compatibles co interese turístico, podendo chegarse, de non ser iso posible, á súa expropiación forzosa. Un feito que pon en evidencia claramente a prevalencia[308] do interese turístico outorgado a estas áreas, a consecuencia do cal podían ceder os de calquera outro xénero e, singularmente, os doutras actividades económicas, como é o caso dos intereses industriais[309].

A Lei de Centros e Zonas de 1963 supuxo, consecuentemente, un gran reto para a vigente lexislación de solo: a Lei de 1956[310]. A Lei de Centros e Zonas prevaleceu sobre a LS de 1956 en canto á ordenación dos espazos turísticos, pero non conseguiu unha pretendida "(…) ordenación racional e coherente, con perspectivas de futuro, e iso con independencia de que o turismo indubidablemente se erixise no motor do crecemento español"[311]. Situación de convivencia que non deixou de ser conflictiva ata a Reforma da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, do 2 de maio de 1975, que na súa disposición final 3ª prevía a futura aprobación dun Texto refundido da Lei de 1963[312], salvando as competencias atribuídas á Administración estatal e adaptando todo o demais da lexislación turística ao disposto na lexislación xeral de solo.

Posteriormente, en cumprimento da disposición final 2ª da Lei de Reforma apróbase o Texto Refundido de 9 de abril de 1976. Lexislación que deixa en vigor a Lei de Centros e Zonas de 1963, pero baixo a premisa de non poder opoñerse ao previsto pola lexislación xeral de solo[313]. Finalmente, a aprobación da Constitución de 1978 e a continua afirmación

---

[308] Neste sentido, podemos comentar a existencia dentro desta normativa do principio da primacía do turismo. Un principio que se manifesta "(...) na necesidade de que calquera tipo de industria ou actividade deba acomodarse ás esixencias dos intereses turísticos mediante as correccións necesarias ou, si non son posibles, o traslado e, se non hai máis remedio, a definitiva e total expropiación: nunha palabra, para esta lexislación, o turismo é a máis importante (...)" das actividades económicas a desenvolver sobre un territorio. Véxase:GUAITA MARTORELL, A. (1970): "La actividad de los particulares en los Centros y Zonas de Interés Turístico Nacional", en "Aspectos jurídico-administrativos del turismo". I Congreso Ítalo-Español de Profesores de Derecho Administrativo, Ministerio de Información y Turismo, Madrid; pp.86-95. op. cit. páx. 90.

[309]Véxase: SOLA TEYSSIERE, J. (2007): "Ordenación territorial y urbanística de las zonas turísticas". Instituto Andaluz de la Administración Pública, Consejería de Justicia y Administración Pública, Junta de Andalucia, Sevilla; op. cit. páxs. 49 e 50.

[310] A Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana de 12 de maio de 1956 supuxo unha novidade esencial, ao entender a ordenación urbanística como unha función pública, correspondendo á Administración o exercicio da mesma.

[311] Véxase: BLANCO HERRANZ, F. J. (1999). "Alternativas legislativas para la planificación territorial del turismo en España". Revista Aragonesa de Administración Pública, nº3 (Ejemplar extra dedicado a: Regimén jurídico de los recursos turísticos); pp. 155-181; op. cit. páx. 163.

[312] Texto refundido que non se chegou a aprobar.

[313] A Lei de Reforma do Réxime do Solo e Ordenación Urbana, de 2 de maio de 1975, na súa Disposición Transitoria 5ª.4. dispón que: "os plans relativos a zonas ou centros de interese turístico que se tramiten ao

da autonomía local na jurisprudencia do TC. desde o ano 1981, deixaron prácticamente en desuso a lexislación turística especial e o seu esquema competencial.

A Lei 197/1963 continuou vixente, nas súas liñas xerais, ata que a Lei de Costas de 1988 derrogou parte do seu articulado. En concreto, a súa disposición derogatoria primeira acabou cos artigos que facían referencia aos beneficios no aprovechamiento do dominio público marítimo: 17.1 (apartados c e d), 17.2, 19 e 21.1 (apartado e).

Na xestión destes tres C.I.T.N. xurdiron problemas de diversa índole: edificacións paralizadas xudicialmente no caso de O Grove; vender como leiras para edificar terreos nos que tiña que levarse a cabo a estrada de circunvalación en Santa María de Canide; paralización por parte do Concello de Vigo do proxecto Xunquera do Bao ao non votar favorablemente a súa aprobación na Sesión de 28 de xuño de 1968 cando anteriormente a mesma corporación aprobou unánimemente a torre da illa de Torralla, emplazada case no mesmo lugar;....

A declaración de C.I.T.N. para a Illa da Toxa[314] supuxo, pese aos inconvenientes derivados do seu carácter sectorial e de sobreinpoñerse á planeamento municipal[315], manter un certo carácter diferenciador con respecto a zonas máis ou menos próximas que padeceron un desenvolvemento espontáneo e sen planificación. Non temos máis que pensar na situación en que se atopa o veciño municipio de Sanxenxo e mesmo a colindante vila de O Grove[316].

Á marxe da norma anterior, existe algunha lexislación subsectorial dispersa[317], aínda que o alicerce fundamental da ordenación do litoral español, nos inicios da década

---

amparo da súa lexislación específica, deberán axustarse ás determinacións dos plans previstos na presente Lei, sen prexuízo das especialidades que haxan de conter con arranxo á súa finalidade".

[314] A declaración da illa da Toxa polo Consello de Ministros como "Centro de Interese Turístico Nacional" aconteceu o 23 de xullo de 1966 (Decreto 2294/1966 de 23 de xullo de 1966. B.O.E. nº 218, 12 de setembro de 1966) e, así mesmo, é aprobado o seu Plan de Ordenación Urbana, quedando así sancionada por efectos legais a súa vocación turística, iniciada a mediados do século XIX. Unha vez cumprido o trámite previo de ser presentado e aprobado, con data de 2 de xullo de 1965, o Plan de Promoción Turística da Illa da Toxa. A solicitude foi presentada ante o Ministerio de Información y Turismo polo promotor D. Pedro Barrié de la Maza como presidente do Consello de Administración de LaToja S.A. e Industrias Gallegas S.A. o 9 de outubro de 1964 ante a Dirección General de Promoción del Turismo.

[315] A Lei de Centros e de Zonas de Interese Turístico Nacional foi concibida con total autonomía respecto á Lei do Solo de 1956. Disposición que supuxo a conformación de enclaves territoriais privilexiados dentro dos municipios afectados. Posto que, si o municipio afectado dispoñía de planeamento urbanístico o Centro impoñíase a este con independencia da súa normativa; en cambio, si carecía de planeamento, atopábase nunha difícil situación: parte do seu territorio estaba xa planificado, co que o resto do municipio debería adecuarse ás estruturas asentadas, que xa que logo condicionaban a súa estrutura territorial futura. Situación estraña, pero legal, xa que se contemplaba a incoherente posibilidade de existencia de planeamento parcial en ausencia de Plan Xeral. Véxase: TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante; op. cit. páxs. 38-39.

[316]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2002): "A illa da Toxa: O planeamento urbanístico no proceso de construcción e transformación dun producto turístico litoral". Servicio de Publicaciones, Diputación Provincial de Pontevedra.

[317] Art. único da Lei de 26 de decembro de 1957, paseo marítimo de Barcelona; art. 6 da Lei Prieto de 25 de agosto de 1933 para a praia de San Juan de Alicante; Lei 55/1969, de 28 de decembro de Portos Deportivos, etc.; lexislación esta última que conxuntamente coa anteriormente comentada Lei 197/1963 contribuíron a unha "sensible privatización do demanio marítimo" ao longo do litoral español. Véxase: VERA FERNÁNDEZ-SANZ, A. (1980): "La ordenación de las playas y otros espacios costeros". R.E.D.A. (Revista Española de Derecho Administrativo), n.º 27; pp. 577-603.

dos setenta do pasado século, constitúeo a Lei de Costas de 26 de abril de 1969[318]. Unha Lei de Costas que na súa Exposición de Motivos non realiza ningunha mención ao proceso de crecemento turístico que estaba rexistrando amplas áreas do litoral español, nin tan sequera á artificialización e degradación das costas.

No seu primeiro artigo declara que: "Son bens do dominio público, sen prexuízo dos dereitos legalmente adquiridos :

1. As praias, entendéndose por tales a ribeira do mar ou das rías, formadas por areais ou pedregais en superficie case plana, con vexetación nula ou escasa e característica.
2. A zona marítimo-terrestre, que é o espazo das costas ou fronteiras marítimas do territorio español que baña o mar no seu fluxo e refluxo, onde sexan sensibles as mareas, e as maiores olas nos temporais ordinarios onde non o sexan. Esta zona esténdese así mesmo polas marxes dos ríos ata o sitio en que sexan navegables ou se fagan sensibles ás mareas.
3. O mar territorial que cingue as costas ou fronteiras do territorio nacional cos seus ensenadas, radas, bahías, abras, portos e demais abrigos utilizables para pesca ou navegación.
4. O leito e o subsolo do mar territorial e do adxacente ao mesmo ata onde sexa posible a explotación dos seus recursos naturais"[319].

Xa que logo, o dominio público marítimo-terrestre se amplia con respecto á lexislación anterior (Lei de Portos de 1928) ao declarar como bens demaniais as praias[320]. Con anterioridade, por dominio público só se entendía a zona marítimo-terrestre, que non coincide xeográficamente coa praia[321].

A Lei tamén establece unha serie de distintas servidumes paralelas á costa, e que se concretan nas seguintes:

a) Servidume de salvamento: zona de vinte metros contados terra dentro desde o límite interior da zona marítimo-terrestre. Os usos permitidos non serán permanentes, senón só temporais. En última instancia, tal e como indica o seu nome, a reserva desta franxa ten por obxecto acoutar un sector para as posibles operacións de salvamento.

[318] Recordemos que a aparición do chamado turismo de "sol e Praia" como fenómeno de relevancia socioeconómica, e por conseguinte xurídica, podémolo fixar para España a principios da década dos 60 do século XX. Aínda que, para Galicia este carácter masivo adquirirase con posterioridade. Tampouco, debemos obviar, a promulgación con anterioridade dunha serie de leis administrativas básicas cara a conformación do entramado xurídico indispensable para abordar calquera empresa de carácter proteccionista no litoral. Con tal carácter conceptuamos a de Réxime Xurídico Administrativo do estado, de 1957, a de Procedemento Administrativo, de 1958, e a de regulación das actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, aprobada en 1961. Véxase: MORENO CÁNOVES, A. (1990): "Régimen jurídico del litoral". Tecnos, Madrid.

[319] O artigo 2.1 do Reglamento desta Lei, aprobado en 1980, engadiu ás marismas a estes bens de dominio público. A estes deben sumarse os portos de interese xeral, os portos de interese local, os arsenais e astilleros da Armada.

[320] Agora ben, a definición que se fai de praia é xeográficamente máis que discutible, ao suscitala en términos de litoloxía arenosa-pedregosa e pola ausencia/presencia de vexetación.

[321] Aínda que configura o demanio cun carácter residual, posto que a coincidencia das características dun ben coas anteriormente expostas, non outorgan dun modo automático e indiscutible a categoría de dominio público, sendo para iso preciso que sobre o mesmo non existan dereitos legalmente adquiridos. Neste sentido, apunta o Dictame de 11 de xullo de 1963 do Consejo de Estado, expediente 28588, cando afirma textualmente: "(...) pode caer con perfecta normalidade no ámbito da propiedade privada, e só será de dominio público cando esta eventualidade non se produciu".

b) Servidume de vixilancia litoral: consiste na obrigación de deixar expedita unha vía continua á liña de pleamar máxima viva equinoccial, xeralmente cunha anchura de seis metros, excepto nos lugres de tránsito difícil ou perigoso, nos que podería ser ampliada a xuízo do Ministerio de Mariña.
c) Servidume de paso: que deixe permanentemente libres as vías de acceso ás praias e zona marítimo-terrestre. No entanto, non se especifica dimensión algunha desta, salvo "na lonxitude e anchura que demanden a súa natureza e finalidade" (art. 4.7).

A Lei tamén establece a figura dun Plan de Ordenación Xeral da Praia[322], con obxecto de regular o uso naquelas praias en que se produza ou se prevexa unha gran concurrencia humana[323]. A redacción estará a cargo do MOPU, de oficio ou a petición do Ministerio de Información y Turismo, os Concellos ou a instancias de particulares interesados[324]. De todos os xeitos, esta figura ordenatoria foi dun escaso uso sobre o territorio[325].

O principal prexuízo que tivo esta norma para as costas foi o recoñecemento de enclaves privados no demanio (amparados polo correspondente título no Rexistro da Propiedade). Precepto que se ve agravado co establecido polo artigo 3, polo que se regulan os usos permitidos nos bens de dominio público. Establecendo como usos consentidos nas praias e na zona marítimo-terrestre, os seguintes: tránsito, baño (humano e de gando), tendido de redes, pesca, varado, carenado, reparación e construción de embarcacións e recolleita de conchas, plantas e mariscos. "Con todo, a Administración poderá facer as reservas e outorgar as concesións que esixan a economía e os intereses públicos e o cumprimento dos fins das Corporacións Locais afectadas". Noutras palabras, o interese do municipio superponse ao uso público. As concesións no dominio público marítimo-terrestre poden acoutar zonas de costa, impedindo o libre tránsito cara á lámina de auga, e xa que logo, constituíndo unha privatización de feito. Múltiples e rechamantes son os exemplos existentes ao longo do litoral galego, pero remarcaremos como exemplo, polo seu carácter de emblemático do denominado "feísmo urbanístico" que sofren especialmente as Rías Baixas, o caso da Illa de Toralla (Vigo), onde ao amparo desta norma concedeuse licenza

[322] Outra figura de certa transcendencia aínda que de escaso éxito foi o *Plan Indicativo de Usos do Dominio Público Litoral (P.I.D.U.)*, elaborado pola Dirección General de Puertos y Costas do MOPU (Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo), entre 1975 e 1980. O PIDU constaba esencialmente de duas partes: descrición da realidade no momento da súa elaboración e previsións. Véxase: GARCÍA ÁLVAREZ, A. (1986): "Espacios libres y de protección en las legislaciones sectoriales: Carreteras, embalses y cursos de agua, costas y vías pecuarias". Revista de Derecho Urbanístico, nº99; pp. 43-76; op. cit. páx. 70.

[323] Art. 19. 1 da Lei de Costas de 26 de abril de 1969, no seu desenvolvemento, o art. 46 do Regulamento de 1980 (Real Decreto 1088/1980, de 23 de maio).

[324] Na Lei de Costas de 1988 suprímese esta figura de planeamento sectorial, aínda que se crean os denominados Plans de Costas (art. 22 e 34) de menor relevancia en canto á inxerencia sobre o planeamento. De feito, a supresión da figura dun Plan de Ordenación Xeral da Praia supón un recoñecemento implícito de que calquera ordenación do litoral no marco lexislativo actual debe integrarse dentro do planeamento urbanístico ou territorial: Véxase: BÉRTOLO CADENAS, J. J. (1992): "Influencia de la Ley de Costas sobre el planeamiento urbanístico. Articulación entre las Administraciones estatal, autonómicas y locales", en Ley de Costas: Legislación y Jurisprudencia Constitucional. Escola Galega de Administración Pública (EGAP) y Centro de Publicaciones del Ministerio de Obras Públicas y Transportes (MOPT), Noia (A Coruña); pp. 181-199; op. cit. páxs. 187-188.

[325] Véxase: GARCÍA ÁLVAREZ, A. (1986): "Espacios libres y de protección en las legislaciones sectoriales: Carreteras, embalses y cursos de agua, costas y vías pecuarias". Revista de Derecho Urbanístico, nº99; pp. 43-76; op. cit. páx. 71.

de edificación en zona marítimo terrestre[326].

Finalmente, tamén debemos destacar pola súa transcendencia o artigo 5.3, que vén establecer que os terreos gañados ao mar (fóra dos portos) por obras de construción xa sexan de iniciativa pública ou privada serán propiedade de quen as levaron a cabo. Xeito co que se pretendía incentivar a iniciativa privada por uns investimentos que se entendían como beneficiosos para o fomento da riqueza nacional, pero que co tempo, supuxeron un factor decisivo de privatización de importantes tramos da costa en detrimento do uso público da ribeira do mar e propiciando o seu deterioro[327].

Deficiencias no seu articulado para coa cuestión do control do proceso urbanizador turístico, que se agravaron por dous factores que determinaron que a Lei de 1969 non atopará o seu desenvolvemento no plano xurídico:

- ✓ En primeiro lugar pola súa disposición transitoria primeira que estipulaba un prazo de cinco anos desde a promulgación da Lei para completar o deslinde e amolloamento das praias e da zona marítimo-terrestre. Pero segundo datos da Dirección Xeral de Portos e Costas en 1986 quedaba aínda por deslindar do total das costas españolas o 27% da zona marítimo-terrestre e o 45% de praia.
- ✓ En segundo lugar, a aprobación por Real Decreto 1.088/1980, de 23 de maio de 1980[328], do Regulamento para a Execución e Desenvolvemento da Lei de Costas de 1969, realizouse once anos despois. Tempo que foi determinante para que as ambigüedades da Lei se manifestaran como un caldo de cultivo idóneo para unha sucesión de desmanes no litoral[329].
- ✓ En terceiro lugar, a LC de 1969 limítase a regular os bens de dominio público marítimo, sen contar cunha normativa sancionadora que condicionase a realizacións de impactos no litoral. O seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo mencionado RD 1988/1980 e o aparato sancionador achegado, e posteriormente a Lei 7/1980 de Protección das Costas Españolas[330] de clara finalidade punitiva foron incapaces de frear o proceso de degradación ambiental que nesa época estaban a sufrir o litoral español.

En definitiva, podemos concluír, que a Lei 28/1969 foi un instrumento insuficiente para garantir o dominio e uso público das costas españolas como para evitar o deterioro medio ambiental do litoral motivado pola presión urbanística ligada a desenvolvemento das actividades turísticas. Especialmente exemplarizador do afirmado con anterioridade, para o caso galego, témolo no proceso urbanizador desenvolvido de carácter esencialmente turístico acontecido nos municipios de O Grove e Sanxenxo (Pontevedra) ao amparo desta normativa. Así, casos como os Plans Parciais de Balea Marítima e Montemar (O Grove) e o proceso de urbanización acontecido nas proximidades das praias de Paxariñas e Montalvo

[326]PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170.; op. cit. páx. 133.

[327] Ibídem; op. cit. páx. 133.

[328] Véxase: "Real Decreto 1088/1980, de 23 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento para la ejecución de la Ley 28/1969, de 26 de abril, sobre Costas". BOE nº142, de 13/6/1980; pp. 13110-13115. http://www.boe.es/boe/dias/1980/06/13/pdfs/A13110-13115.pdf

[329] Véxase: TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante; op. cit. páxs. 43-44.

[330] Véxase: "Ley 7/1980. de 10 de marzo, sobre protección de las costas españolas". BOE nº64, de 14/3/1980; pp. 5797-5798. http://www.boe.es/boe/dias/1980/03/14/pdfs/A05797-05798.pdf

(Sanxenxo) son bastante significativos, ao supoñer: no primeiro dos casos, unha ocupación e consiguiente deterioro do sistema dunar ligado á praia de Area Grande (O Grove), e no segundo, entre os múltiples impactos carácter medio ambiental é significativo pola súa significación paisaxística o proceso constructivo desenvolvido nos sectores de acantilados deste tramo da costa da parroquia de Arra (Sanxenxo)[331].

Agora ben, temos que recoñecer que esta norma tivo algunhas repercusións de carácter positivo sobre o noso litoral[332]. A principal é que estableceu certa coherencia no entramado de competencias administrativas vixentes sobre o territorio costeiro. Non se reduce o gran número de organismo e institucións competentes na materia, pero si se especifica cales serán as súas órbitas de actuación (Título II).

Unha interesante normativa polos seus obxectivos aínda que de escaso éxito práctico dado o sucedido dentro do litoral tanto galego como español é o Decreto 3.787/1970, do 19 de decembro[333], sobre requisitos mínimos de infraestrutura nos aloxamentos turísticos[334]. Na devandita norma inténtase solucionar a existencia de desequilibrios, e aínda de saturacións, que poden chegar a "(…) deteriorar irremediablemente o noso patrimonio e o noso prestixio turístico"[335]. Para o cal establece unha serie de condicionamentos dirixidos aos hoteis e demáis establecementos de aloxamento turístico respecto ao abastecemento de auga potable, a evacuación de augas residuais, a subministración de electricidade, as vías de acceso, as prazas mínimas de aparcadoiro, e o tratamento e eliminación de lixos[336]. Polo tanto, as construcións que se destinaran a domicilio habitual non quedaban suxeitas a esta normativa. En consecuencia, este intento de "(...) regulación sectorial dos requisitos infraestruturais non cumpriría a súa función de garantir uns estándares básicos ante os desmandos da mala implantación do turismo no noso territorio pois esta normativa podía incumprirse vía turismo

[331] Unha análise máis permonorizada do proceso de desenvolvemento urbanístico vinculado ás actividades de finalidade turística nos municipios de O Grove e Sanxenxo, así como de Poio e Pontevedra, leveino a cabo en: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2001): "Espazos turísticos e de ocio nas Rías Baixas: unha análise a diferentes escalas". Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral para o Turismo, Santiago de Compostela.

[332] Véxase: TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante; op. cit. páx. 43.

[333] Véxase: "Decreto 3787/1970, de 19 de diciembre, sobre requisitos mínimos de infraestructura en los alojamientos turísticos". BOE nº15, de 18/11971, pp. 727 -730.
http://www.industria.ejgv.euskadi.net/contenidos/informacion/8015/es_2599/adjuntos/18_D3787-1970.pdf

[334] Este Decreto 3787/1970 determinaba na súa disposición adicional cuarta que os seus preceptos serian de ap1icacón inmediata en todos os municipios na costa mediterránea e do golfo de Cádiz, así como en todo o territorio das illas Baleares e Canarias. Así mesmo deixaba a criterio do Ministerio de Información e Turismo, segundo o aconsellaran as circunstancias, a extensión do ámbito da súa aplicación. Nesta dirección, o Decreto 467/1972 estende os preceptos do devandito decreto aos municipios do litoral cántabro e galego. Véxase: "DECRETO 467/1972, de 17 de febrero, por el que se extiende a los Municipios de las costas cántabrica y gallega la aplicación del Decreto.3787/1970, de 19 de diciembre, sobre requisitos mínimos de infraestr uctura en los ajomanientos turísticos". BOE nº56, de 6/3/1972, páx. 3933.
http://www.boe.es/boe/dias/1972/03/06/pdfs/A03933-03933.pdf

[335] Preámbulo do Decreto 3787/1970. Véxase: "Decreto 3787/1970, de 19 de diciembre, sobre requisitos mínimos de infraestructura en los alojamientos turísticos". BOE nº15, de 18/11971, pp. 727 -730.
http://www.industria.ejgv.euskadi.net/contenidos/informacion/8015/es_2599/adjuntos/18_D3787-1970.pdf

[336] Véxase: "Orden de 28 de junio de 1972 por la que se dictan normas para la emisión de los informes a que se refieren los apartados b) y c) del párrafo segundo del artículo 11 del Derecho 3787/1970, de 19 de diciembre, sobre requisitos mínimos de infraestructura en los alojamientos turísticos". BOE nº 161, de 6/7/1972, pp.12137-12138. http://www.boe.es/boe/dias/1972/07/06/pdfs/A12137-12138.pdf

residencial"[337]. No aspecto procedemental tamén prima unha intervención significativa da Administración Central a través do establecemento dunha autorización a outorgar pola Dirección Xeral de Empresas e Actividades Turísticas do Ministerio de Información e Turismo superposta á obrigada licenza de obras municipal[338]. Por outra parte, é de destacar a posibilidade de que, por parte do Ministerio de Información e Turismo, se poidan declarar "zonas de infraestruturas insuficientes"[339] respecto a aquelas áreas, localidades ou termos municipais que, debido á insuficiencia das súas infraestruturas, non aconsellen un aumento da súa capacidade de aloxamento, o que leva consigo á prohibición de instalar novos aloxamentos turísticos mentres aquelas subsistan[340].

En 1971 aprobouse a Orde Ministerial de "Zonas e Rutas Turísticas"[341]. O seu obxectivo era facilitar a planificación, promoción e coordinación da intervención administrativa en zonas e rutas previamente delimitadas[342]. Esta Orde constitúe "(...) un primeiro intento de zonificación que se aproxima ás formulacións propias da planificación turística rexional"[343]. En calquera caso, non deu orixe a intervencións relevantes. E, por outra parte, ao noso entender os criterios de delimitación das zonas son arbitrarios e consecuentemente criticables[344].

Tamén resulta de interese o Decreto 2482/1974, do 9 de agosto, sobre medidas de

[337] Véxase: BOUAZZA ARIÑO, O. (2006): "Ordenación del territorio y turismo (Un modelo de desarrollo sostenible del turismo desde la ordenación del territorio)". Atelier, Barcelona; op. cit. páx. 69. Para unha maior información, aconsellamos ler tamén: GÓMEZ-FERRER MORANT, R. (1975): "En torno a los estándares urbanísticos". Revista Española de Derecho Administrativo (REDA), nº4; pp. 59-82.

[338] Véxase: SOLA TEYSSIERE, J. (2007): "Ordenación territorial y urbanística de las zonas turísticas". Instituto Andaluz de la Administración Pública, Consejería de Justicia y Administración Pública, Junta de Andalucia, Sevilla; op. cit. páx. 54.

[339] Art. 1 do Decreto 2206/1973. Véxase: "DECRETO 2206/1973, de 18 de agosto, por el que se nueva redacción al número 4 del artículo 14 del Decreto 3787/1070, de 19 de diciembre, sobre requisitos mínimos de mfraestructura en alojamientos turtsticos". BOE nº202, de 23/8/1972, pp. páx. 15501. http://www.boe.es/boe/dias/1972/08/23/pdfs/A15501-15501.pdf

[340] Para un comentario máis detallado do Decreto 3787/1970, véxase: FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, J. (1974a): "Curso de Derecho Administrativo Turístico". Tomo II. Mundo Científico, Madrid.; op. cit. páxs. 899-918.

[341] Orden de 9 de marzo de 1971 sobre determinación de Zonas y Rutas Turísticas. BOE nº66 de 18/3/1971.

[342] Para unha mellor comprensión desta norma, recomendamos a lectura de HERRAIZ SERRANO, O. (1997): "Apuntes descriptivos de los aspectos fundamentales de la legislación preconstitucional en mataria turística", en TUDELA ARANDA, J. (dir.): "Estudios sobre el régimen jurídico del turismo". Diputación Provincial de Huesca, Huesca; pp. 7-71; op. cit. páx. 49 e ss.

[343]Véxase: IVARS BAIDAL, J. A. (2003b): "Planificación turística de los espacios regionales de España". Editorial Síntesis, S. A., Madrid; op. cit. páx. 123.

[344] A Orde de 9 de marzo de 1971 de zonas e rutas turísticas, no seu artigo 1º, distingue nove zonas turísticas: Costa Brava e Costa Dorada; Costa del Azahar e Costa Blanca; Costa del Sol e Costa de la Luz; Cornisa Cantábrica e Rías Gallegas; Pirenaica; Baleares; Islas Canarias; "Madrid y su contorno monumental y artístico" e Lagos de Castillla. A catalogada como "Zona 4ª: Cornisa Cantábrica e Rías Galegas (Norte)" comprendía as provincias de Guipúscoa, Biscaia, Santander, Asturias, Lugo, A Coruña, Pontevedra, Ourense, León, Palencia, Burgos, Logroño e Alava. Abranguendo todo o territorio galego. No art.º2 establecíanse oito rutas: Camino de Santiago; Ruta del Quijote; Ruta del Arte Hispano-Musulmán; Ruta de los Conquistadores, en Estremadura; Ruta del Arte Románico; Ruta del Gótico; Ruta de la Fe e, finalmente, a Ruta Colombina. Polo tanto, das nove zonas establecidas podemos constatar que seis teñen unha clara determinación xeográfica litoral. Un feito que non deixa de reflectir a realidade da orientación da política turística daqueles anos previos á Democracia cara ao produto de "sol e praia". Tampouco, debemos deixar de sinalar, o carácter caixón de xastre da zona onde se inclúe Galicia, con espazos territoriais que obedecen a diferentes dinámicas turísticas.

ordenación da oferta turística[345]. Na devandita norma é perceptible a inquietude por levar a cabo certa ordenación territorial das actividades turísticas. Nesta dirección, apunta os obxectivos proclamados no seu artigo primeiro[346]:

a) "Acomodar a expansión da oferta turística nos seus aspectos cualitativo, cuantitativo e territorial ás condicións da demanda actual e da potencial previsible.
b) Equilibrar o ritmo de novas construcións e instalacións turísticas ao do desenvolvemento da infraestrutura do territorio.
c) Condicionar as construcións ou instalacións para que non produzan deterioración do medio nin degraden a axeitada utilización dos alicientes motivadores do turismo.
d) Promover el cambio das estruturas empresariais para mellorar as súas condicións de rendibilidade, xestión e competitividade no mercado.
e) Fomentar a través de concursos públicos o equipamento complementario que conveña aos aloxamentos turísticos.
f) Colaborar á mellora da infraestrutura, cando sexa preciso (…)".

Por outra parte, conforme ao artigo terceiro do Decreto 2482/1974, o Goberno pode declarar "Territorios de preferente uso turístico"[347]. Tamén, establece a competencia para o outorgamento de autorizacións respecto ás construcións de nova planta, ou as súas ampliacións, con finalidade turística, nos devanditos territorios, a favor do Ministerio de Información e Turismo, sen prexuízo da licenzas municipais que puidesen corresponder[348].

En definitiva, podemos afirmar que na etapa dos anos sesenta a oitenta do século pasado a Administración Central asume o papel protagonista en materia de ordenación

[345] Véxase: "Decreto 2482/1974, de 9 de agosto, sobre medidas de ordenación de la oferta turística". BOE nº217, de 10/9/1974, pp. 18685-18687. https://www.boe.es/boe/dias/1974/09/10/pdfs/A18685-18687.pdf

[346]Artigo 1.2 do Decreto 2482/1974. Véxase: "Decreto 2482/1974, de 9 de agosto, sobre medidas de ordenación de la oferta turística". BOE nº217, de 10/9/1974, pp. 18685-18687. https://www.boe.es/boe/dias/1974/09/10/pdfs/A18685-18687.pdf

[347]Posteriormente, polo Decreto 1077/1977, do 28 de marzo, decláranse 73 termos municipais, na súa integridade, como "Territorios de preferente uso turístico". Na devandita relación de municipios non figuraba ningún localizado dentro do litoral galego. Aínda que, tamén debemos remarcar que soamente tres destes se achaban no litoral cantábrico: Laredo e Satander (Cantabria), e San Sebastián (Guipúscoa). Véxase: "Real Decreto 1077/1977, de 28 de marzo, por el que se otorga la calificación de «Territorios de preferente uso turístico» a determinados municipios". BOE nº117, de 17/5/1977, pp. 10814-10815. https://www.boe.es/boe/dias/1977/05/17/pdfs/A10814-10815.pdf. Este Decreto foi desenvolvido por Orde ministerial do 24 de outubro de 1977. Véxase: "Orden de 24 de cotubte de 1977 sobre regulación del procedimiento para la expedición de autorizaciones para construcciones, obras e instalaciones destinadas al negocio o ejercicio mercantil de las Empresas turísticas o de las actividades turísticas privadas en los territorios de preferente uso turístico". BOE nº22, de 26/1/1978, pp. 1940-1942. https://www.boe.es/boe/dias/1978/01/26/pdfs/A01940-01942.pdf. Por outra parte, no preámbulo do Decreto 1071/1977 dicíase que a relación de 73 municipios iniciais non era exhaustiva, senón aberta, pola que posteriormente poderíanse incluír outros termos municipais, a medida que as circunstancias, as ensinanzas derivadas da experiencia adquirida e as tendencias evolutivas do turismo español o vaian aconsellando. Posteriormente os diferentes Decretos de transferencia de competencias da Administración do Estado aos Entes Preautonómicos transferiron aos citados Entes a facultade de declaración de territorios de preferente uso turístico, pero axustándose ás directrices básicas e normas de ordenación da oferta turística e a súa infraestrutura que dite o Ministerio de Comercio e Turismo. Unhas directrices básicas e normas de ordenación que foron fixadas por Orde de 13 de xuño de 1980. Véxase: "ORDEN de 13 de junio de 1980 sobre declaración de territorios de preferente uso turístico". BOE nº158, de 2/7/1980, páx. 15.148. https://www.boe.es/boe/dias/1980/07/02/pdfs/A15148-15148.pdf

[348]Artigo 2 do Decreto 2482/1974. Véxase: "Decreto 2482/1974, de 9 de agosto, sobre medidas de ordenación de la oferta turística". BOE nº217, de 10/9/1974, pp. 18685-18687. https://www.boe.es/boe/dias/1974/09/10/pdfs/A18685-18687.pdf

territorial do desenvolvemento turístico, centralizándose a maior parte de competencias, en detrimento das ostentadas polas corporacións locais[349]. Por outra parte, tamén é de lamentar que, a pesar da relativa toma temperá de conciencia por parte das autoridades administrativas dos problemas medio ambientais motivados por un modelo *fordista* de desenvolvemento turístico litoral, a incapacidade destas para facer fronte ao problema con resultados óptimos. "Sen dúbida iso foi froito dunha deficiente planificación territorial, que sempre parece ter chegado tarde, cando está na súa natureza anticiparse aos acontecementos para suxeitalos a unha ordenación previamente establecida con racionalidade"[350].

A Constitución de 1978[351] supuxo co seu explícito recoñecemento dos principios de "inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade (art. 132. 1) e a expresión en todo caso" (art. 132.2) un claro xiro no curso da xurisprudencia[352]. Tamén, o Texto da Constitución Española fai referencia máis ou menos clara no seu articulado ao territorio costeiro nacional, aínda que sempre desde a óptica de espazo de uso e dominio público.

A preocupación por facer compatible a xestión pública coa protección do medio ambiente[353] queda patente no artigo 45[354]. Artigo que comina aos poderes públicos a velar pola utilización racional dos recursos naturais, como a protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente (art. 45.2). "Os bens ambientais concíbense como bens culturais; a paisaxe incorpórase á Constitución cultural"[355]. Como tivo oportunidade de destacar o Tribunal Constitucional, o denominado "demanio natural" está vinculado, de xeito especialmente intenso, á satisfacción das necesidades colectivas primarias como a que garante o citado artigo 45.2 da CE, ata o punto de excluír a titularidade privada do devandito xénero de bens[356]. Esta consecuencia xurídica xustifícase

---

[349] Véxase: MARTÍN MATEO, R. ; MARTÍN-RETORTILLO, L. e VILLAR PALASÍ, J. L. (1970). "Aspectos jurídicos administrativos del turismo". Ponencia en I Congreso Italo-Español de Profesores de Derecho Administrativo, celebrado los días 17 y 18 de mayo de 1966 en Sevilla Ministerio de Información y Turismo, Madrid; op. cit. páxs. 41-42.

[350] Véxase: SOLA TEYSSIERE, J. (2007): "Ordenación territorial y urbanística de las zonas turísticas". Instituto Andaluz de la Administración Pública, Consejería de Justicia y Administración Pública, Junta de Andalucia, Sevilla; op. cit. páx. 57.

[351] Aprobada polas Cortes Xerais o 31 de outubro de 1978, e ratificada polo Pobo Español o 6 de decembro de 1978 mediante referendo.

[352] Véxase: MORENO CÁNOVES, A. (1990): "Régimen jurídico del litoral". Tecnos, Madrid.

[353] A protección do medio ambiente constitúe, en canto a facultade para a normativa básica, competencia exclusiva do estado (art. 149. 1. 23.ª da C.E.) e das CC.AA. en todo o que respecta á xestión de devandita protección (arts. 148. 1. 9. ª da C.E. e 27.30 do E.A. de Galicia).

[354] Postulado, que queda posteriormente claramente reflectido no art. 2 da Lei de Costas de 1988 que se ocupa de "(...) asegurar a integridade e adecuada conservación, adoptando no seu caso as medidas de protección e restauración necesarias (...)", "(...) de regular a utilización racional destes bens en términos acordes coa súa natureza, os seus fins e co respecto da paisaxe e ao medio ambiente (...)" e de "conseguir e manter unha adecuado nivel de calidade das augas e da ribeira do mar (...)".

[355] Véxase: MONTORO CHINER, M. J. (1996): "Costas e medio ambiente", en RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, J.: "AS costas e a súa problemática". Fundación Alfredo Bañas, Colección Dereito, Santiago de Compostela, pp. 109-128; op. cit. páx. 112.

[356]STC 227/1988 e149/1991. Véxase: "Pleno. Sentencia 227/1988, de 29 de noviembre. Recursos de inconstitucionalidad 824, 944, 977, 987 y 988/1985 y conflictos positivos de competencia 995/1986 y 512 y 1.208/1987 (acumulados). Promovidos los cuatro primeros, respectivamente, por la Junta de Galicia, por 59 Senadores, por el Consejo de Gobierno de las Islas Baleares, por el Gobierno Vasco y por el Consejo de Gobierno de la Diputación Regional de Cantabria, todos ellos en relación con la Ley 29/1985, de 2 de agosto, de Aguas, y los tres siguientes planteados por el Gobierno Vasco en relación, respectivamente, con el Real Decreto 849/1986, de 11 de abril; la Orden de 23 de diciembre de 1986 del Ministerio de Obras Públicas y

na esencialidade do recurso natural[357]. Na mesma dirección, resulta moi suxestiva a formulación ofrecida por MONTORO CHINER (1996) ao proxectar sobre a propiedade pública e privada no litoral, afectadas polas obrigas derivadas da protección ambiental, unha propia función social que delimita o seu contido e alcance[358]. O que poderiamos denominar como "función ecolóxica ou ambiental da propiedade"[359].

O artigo 128.1 da CE proclama "(...) toda a riqueza do país está subordinada ao interese xeral". Postulado, que vén impoñer ao propietario-Estado do demanio obrigacións e deberes con respecto ao medio ambiente, directamente derivables do establecido e anteriormente comentado do art. 45 da CE.

O artigo 132 supón a entrada do dominio público na nosa historia constitucional[360]: "son bens de dominio público estatal os que determine a lei e, en todo caso[361], a zona marítimo terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental" (Art. 132.2)[362].

Urbanismo, y el Real Decreto 650/1987, de 8 de mayo". BOE nº307. Suplemento, de 23/12/1988; pp. 2-37. http://www.boe.es/boe/dias/1988/12/23/pdfs/T00002-00037.pdf . "Pleno. Sentencia 149/1991, de 4 de julio. Recursos de inconstitucionalidad 1.689/1988, 1.708/1988, 1.711/1988, 1.715/1988, 1.717/1988, 1.723/1988, 1.728/1988, 1.729/1988 y 1.740/1988 (acumulados). Interpuestos por la Xunta de Galicia, el Consejo de Gobierno de las Islas Baleares, el Gobierno Vasco, el Parlamento de Cataluña, el Consejo del Gobierno de la Diputación Regional de Cantabria, el Consejo Ejecutivo de la Generalidad de Cataluña, el Gobierno de Canarias, el Gobierno Valenciano y un grupo de 50 Diputados, contra la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº180. Supplemento, de 29/7/1991; pp. 14-53.
http://www.boe.es/boe/dias/1991/07/29/pdfs/T00014-00053.pdf

[357]Neste sentido, BETANCORT RODRÍGUEZ (1997) conclúe: "(…) o demanio natural é unha institución xurídica de protección da función pública esencial á que están afectados especialmente e con particular intensidade unha categoría de bens naturais considerados esenciais, ou sexa, indispensables para a vida pero particularmente vulnerables, que consiste na satisfacción da necesidade colectiva primaria de gozar dun medio axeitado, apropiado ou acomodado ás condicións, circunstancias ou obxecto da vida, a dignidade, o desenvolvemento e a calidade de vida das persoas integrantes das xeracións presentes e futuras". Véxase: BETANCORT RODRÍGUEZ, A. (1997): "Los problemas de calificación jurídica de la autorización de vertido regulada en la Ley de Costas. Esbozos para la reconstrucción dogmática de la institución del demanio natural como técnica de protección ambiental". Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente nº158; pp. 129-178; op. cit. páx. 132.

[358] Véxase: MONTORO CHINER, M. J. (1996): "Costas e medio ambiente", en RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, J.: "As costas e a súa problemática". Fundación Alfredo Bañas, Colección Dereito, Santiago de Compostela; pp. 109-128; op. cit. páxs. 116 e 117.

[359]Véxase: SANZ LARRUGA, J. (2001): "La protección ambiental del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 165-215; op. cit. páx. 177.

[360] A xénese do precepto pon de relevo o conflito existente entre demanialización e enclaves privados ou entre demanialización e pervivencia de dereitos adquiridos sobre a zona marítimo-terrestre. Véxase: MONTORO CHINER, M. J. (1996): "Costas e medio ambiente", en RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, J.: "AS costas e a súa problemática". Fundación Alfredo Bañas, Colección Dereito, Santiago de Compostela, pp. 109-128; op. cit. páx. 111. É dicir, supón introducirse na tensión crecente entre a conservación do demanio e as técnicas de uso racional cos intereses económicos, entre eles os turísticos. Os obxectivos da función ambiental do demanio costeiro consisten en conservar e defender o recurso de acordo cos seus valores ambientais como paisaxe, asegurando a súa integridade física e xurídica, o seu uso público e os seus valores paisaxísticos (STC 1149/1991).

[361] Expresión "en todo caso" que se interpretou con efectos extinguidores dentro do demanio marítimo-terrestre da figura dos enclaves privados polas STS de 6 de xullo e 12 de novembro de 1988.

[362] "É a primeira vez na nosa historia lexislativa que por unha disposición do máximo rango clasifícanse determinados bens como de dominio público, coa particularidade de que os únicos que a Constitución atribúe

A Lei 7/1980, de 10 de marzo, sobre Protección das Costas Españolas representou un intento de remediar as deficiencias da Lei de 1969 desde a sanción económica-administrativa, ao tipificar as infraccións nesta materia e determinar as correspondentes sancións, así como o procedemento para o seu imposición[363]. En definitiva, a "(...) pesar da altisonante intitulación, en realidade era ou corpo normativo cuasi-regulamentario e exclusivamente sancionador que non realizou achega determinatoria alguna"[364]. De feito, podemos afirmar que practicamente se limitou a cubrir o esquecemento da LC de 1969 no que respecta a infraccións e sancións.

Finalmente, neste estado da cuestión, prodúcese a entrada en vigor da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e do Regulamento Xeral para o seu Desenvolvemento e Execución, aprobado pouco máis dun ano despois, o 1 de decembro de 1989[365]. Nova política de que parte dun dobre propósito inicial: garantir o carácter público do dominio público marítimo-terrestre e conservar as súas características naturais, conciliando as esixencias de desenvolvemento cos imperativos de protección[366]. Teñamos presente, o perigo real e potencial da actividade constructora ligada ao desenvolvemento turístico nos espazos litorales; o macabro paradoxo de que os propios visitantes acaben destruíndo o que veñen buscando. Estamos ante a urxente necesidade de lograr un equilibrio entre as esixencias económicas e as medioambientais, todo iso en torno á idea de promocionar un desenvolvemento sostible. Con esta finalidade expresa, a Lei de 1988 non só regula o réxime xurídico, o uso e a xestión dos bens estrictamente demaniais, senón que transciende este ámbito espacial para tamén regular xurídicamente mediante determinadas limitacións sobre aqueles bens que non forman parte do demanio[367], pero que son contiguos

---

directamente esa definición pertencen precisamente ao dominio público marítimo-terrestre!". (Apartado II, párrafo 6, da Exposición de motivos da Lei de Costas de 28 de xullo de 1988).

[363] MONTORO CHINER (1988) afirma que "(...) soamente tipificó infracciones e determinou sancións". Véxase: MONTORO CHINER, M. J. (1988): "La Ley de Costas: ¿ Un proyecto viable?". R.E.D.A., n.º 58; pp. 181-214; op. cit. páx. 181.

[364] Véxase: MORENO CÁNOVES, A. (1990): "Régimen jurídico del litoral". Tecnos, Madrid; op. cit. páx. 29.

[365] Reglamento General de 1 de diciembre de 1991 (B.O.E. nº2297 de 12 de diciembre de 1991).

[366] Co claro obxectivo de cumprir o mandato contido no artigo 132.2 da CE ("Son bens de dominio público estatal os que determine a lei (...)") así como desenvolver os principios establecidos polo artigo 45 do propio Texto Constitucional ("utilización racional dos recursos naturais"). O litoral é un espazo de alta significación medio-ambiental. Polo tanto, era preciso lexislar a utilización racional dos recursos naturais, co fin de cumprir os propósitos constitucionais de protexer e mellorar a calidade de vida e de defender e restaurar o medio, establecendo sancións administrativas e "a obriga de reparar o dano causado". De acordo ademáis cos criterios da Recomendación 29/1973, do Consello de Europa, sobre Protección de Zonas Costeras e a Carta Europea do Litoral (asinada en Creta o 8 de outubro de 1981, durante a Conferencia da Rexións Periféricas Marítimas da CEE), que dedica íntegramente un dos seus obxectivos de actuación a controlar o turismo, como unha esixencia para poder conciliar as necesidades de desenvolvemento cos imperativos de protección do medio ambiente.

[367] A Lei de Costas de 1988 efectúa a definición de demanio mediante unha descrición normativa das súas características físicas que permitan a súa identificación na realidade, e mediante a articulación de procedementos para a súa delimitación material, constatando a existencia na realidade dunhas circunstancias físicas (*deslinde*), ou destinando espazos ou bens concretos aos fins públicos que a Lei protexe (*afectación*). Véxase: CALERO RODRÍGUEZ, J. R. (2001): "Introducción al régimen jurídico del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 59-78; op. cit. páx. 75. Esta afectación confire ao ben en cuestión a condición de demanial. Agora ben, está afectación unhas veces será expresa (aqueles aos que se refire o art.º 17º da Lei, en relación

territorialmente[368]. Unha conciencia da necesidade de protexer o medio litoral que se reflicte claramente no art. 1º: "A presente Lei ten por obxecto a determinación, protección, utilización e policía do dominio público marítimo-terrestre e especialmente a ribeira do mar". E no art. 20º aínda afonda máis: "A protección do dominio público marítimo-terrestre comprende a defensa da súa integridade e dos fins de uso xeral a que está destinado, a preservación das súas características e elementos naturais e a prevención das prexudiciais consecuencias de obras e instalacións, (...)".

Unha nova Lei de Costas que introduce, por outro lado, unha regulación moito máis completa e precisa que a lexislación anterior, unificando a normativa aplicable, dispersa ata entón en disposicións de diferente alcance e significado. Con todo, o obxecto de determinación desta Lei non é todo o dominio público marítimo-terrestre, ao quedar sen definir os portos, xa sexan de titularidade estatal ou non[369]. Separadamente das determinaciones específicas contidas na lexislación de portos, convén recordar que a eficacia derogatoria da nova Lei afecta na súa integridade á Leis de Paseos Marítimos de 1918 e 1951, a Lei de Costas de 1969 e a Lei de Protección das Costas Españolas de 1980, e, parcialmente, á Lei Xeral de Obras Públicas de 1887, a Lei de Centros e Zonas de Interese Turístico Nacional de 1963 e a Lei de Portos Deportivos de 1969.

A diferenza da Lei de Costas de 1969, cuxo obxecto fundamental era a delimitación das atribucións correspondentes aos diversos Departamentos Ministeriais con incidencia no dominio público marítimo-terrestre, a de 1988 preocúpase, primariamente, da articulación das competencias estatais coas autonomías e municipios concurrentes sobre ese mesmo espazo físico, pasando a segundo plano o da delimitación competencial interministerial[370]. Nesta dirección, debemos empezar sinalando que a Lei de Costas de 1988 carece de instrumentos de planificación propios. Agora ben, contén unha serie de criterios e medidas de protección do dominio público marítimo-terrestre, que haberán de ser respectadas polos

---

coa Disposición Transitoria segunda-1), pero outras abondará con que sexa implícita ou presunta (como os adquiridos por calquera modo dos admitidos en Dereito; ou por expropiación forzosa; ou polo exercicio dos dereitos de tenteo ou retracto, ou polos concesionarios para completar a concesión, mediase ou non expropiación), ou mesmo tácita (como as obras e instalacións construídas no demanio; as obras e instalacións de iluminación de costas e sinalización marítima e os terreos afectados; e os portos e instalacións portuarias de titularidade estatal). Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[368] En virtude, sobre todo do artigo 149.1.23 da CE, que atribúe ao Estado a competencia para a lexislación básica en materia de medio ambiente sen prexuízo de que as Comunidades Autónomas poidan dictar medidas adicionais de protección.

[369] Así, o art. 4.11 remíteos a unha lexislación específica. Mentres, que o art. 49 adscribe ás CC.AA. a aqueles que non son determinados como de titularidade estatal.

[370]Véxase: MENÉNDEZ REXACH, Á. (1992): "La configuración del dominio público marítimo-terrestre", en "Ley de Costas: Legislación y Jurisprudencia Constitucional". Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e Centro de Publicaciones del Ministerio de Obras Públicas y Transportes (MOPT), Noia (A Coruña); pp. 35-75; op. cit. páx. 36. Recordemos que o artigo 148.1.3 da CE recoñece ás Comunidades Autónomas as competencias en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda. Agora ben, o concepto en que puiden asumir esas competencias, vén determinado polo que digan os diferentes Estatutos a tenor do do artigo 149.3 da CE, xa que o artigo 149.1 onde se recolle a longa enumeración de competencias exclusivas do Estado, non aparece referencia expresa ao urbanismo nin á ordenación do territorio nin do litoral. Así no momento da promulgación da Lei de Costas todas as Comunidades Autónomas asumiran estatutariamente as competencias exclusivas en materia de urbanismo e ordenación do territorio e, nalgúns casos, en ordenación do litoral, como o Estatuto de Autonomía de Galicia en virtude do artigo 27.3.

instrumentos de ordenación territorial e urbanística[371]. Neste caso, non hai dúbida de que a LC se refire a todo tipo de instrumentos de ordenación, tanto os de ámbito municipal, que poderían considerarse máis estritamente urbanísticos, coma os territoriais de ámbito superior[372]. En definitiva, o mecanismo primario de coordinación é o da incorporación das disposicións legais aos instrumentos de ordenación de competencia autonómica e local. Para garantir a eficacia desta articulación establécese un sistema de coordinación procedemental, en función do cal se prevé a participación da Administración estatal de Costas na tramitación dos devanditos instrumentos en dous momentos:

a) antes da aprobación inicial (técnica de cooperación) e
b) antes da aprobación definitiva mediante a emisión dun informe de carácter vinculante. Un informe de carácter vinculante posto que o instrumento non pode ser aprobado se o informe non é favorable nos aspectos que sexan de competencia da Administración do Estado (técnica de coordinación)[373]. Non obstante, debemos remarcar que as previsións legais conxugan este mecanismo coordinador do informe con técnicas de cooperación, de modo que, se aquel é desfavorable " (…) se abrirá un período de consultas, co fin de chegar a un acordó"[374].

O principal factor desencadenante desta nova lexislación foi o intenso grado de ocupación do litoral español, aínda que non o único, posto que influíron outros, como a obsolescencia parcial da lexislación anterior, a falta de funcionamento do dispositivo da Administración para lograr o seu cumprimento (motivo que xa obrigara á redacción da Lei 7/1980 de Protección de Costas), o cegamento municipal-estatal ante o desenvolvemento industrial e turístico, e o comportamento da iniciativa privada ao interpretar o medio ambiente como un prezo ou unha simple externalidade[375]. Nesta dirección, a Lei 22/1988 fundaméntase en dous principios ou formulacións xurídico-ideolóxicos de clara transcendencia para lograr un desenvolvemento turístico sostible no litoral: o publicista e o

[371] Art. 112 e 117 da Lei 22/1988 de Costas. Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[372] Véxase: MENÉNDEZ REXACH, Á. (2001): "El reparto de competencias en materia de ordenación del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 99-119; op. cit. páx. 113.

[373] O Tribunal Constitucional matizou o alcance deste informe sinalando que, se ben pode referirse a todo o ámbito espacial contemplado na Lei (o "litoral" en sentido amplo, aínda que a LC non define este concepto), a esixencia de carácter favorable só pode aplicarse aos espazos de competencia directa estatal. É dicir, a esixencia de carácter favorable só é de aplicación sobre o dominio público e zonas de servidume de tránsito e de acceso ao mar, pero non sobre a zona de servidume de protección, nin a de influencia.(STC 149/91). Véxase: "Pleno, Sentencia 149//991, de 4 de julio. Recursos de inconstitucionalidad 1.689/1988, 1.708/1988, 1.711/1988, 1.715/1988, 1.717/1988, 1.723/1988, 1.728/1988, 1.729/1988 y 1.740/1988 (acumulados). Interpuestos por la Xunta de Galicia, el Consejo de Gobierno de las Islas Baleares. el Gobierno Vasco, el Parlamento de Cataluña, el Consejo del Gobierno de la Diputación Regional de Cantabria, el Consejo Ejecutivo de la Generalidad de Cataluña, el Gobierno de Canarias, el Gobierno Valenciano y un grupo de 50 Diputados, contra la Ley 22/1988, de 18 de julio, de Costas". BOE nº180 Suplemento, de 29/7/1991; pp. 14-53. http://www.boe.es/boe/dias/1991/07/29/pdfs/T00014-00053.pdf

[374] Art 117.2 da Lei 22/1988 de Costas. Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[375] Véxase: TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante; op. cit. páx. 51. Neste sentido, a nota dominante foi un deixamento administrativa, combinada cunha superior virulencia da corrente privatizadora-usurpadora a causa do fenómeno turístico e do evidente incremento da valoración social e económica da costa. Véxase: MORENO CÁNOVES, A. (1990): "Régimen jurídico del litoral". Tecnos, Madrid.

conservadurista. O primeiro destes ten unha dobre manifestación: na titularidade e no uso do demanio[376]. No que respecta á titularidade, non se admite outra no litoral que non sexa a pública, e en concreto a do Estado. Un principio xa establecido polo art.º 132 da CE, que expresamente encadra os espazos costeiros máis importantes no demanio estatal. A LC reitérao no seu art.º 3º[377] e ao regular o réxime xurídico do demanio: "Non poderán existir terreos de propiedade distinta da demanial do Estado en ningunha das pertenzas do dominio público-marítimo terrestre (…)[378]. Polo tanto, establece a exclusión total da posibilidade de enclaves de propiedade privada. Non obstante, a realidade esixía considerar dende a norma as situacións xurídicas amparadas dende a lexislación anterior. Para o cal, a LC articula un complexo sistema onde non se respectan as titularidades privadas, pero se "indemniza" desta expropiación legal mediante a cesión temporal de uso[379]. É dicir, no caso de enclaves privados anteriores á norma óptase pola solución da titularidade pública inmediata-uso público diferido. No que respecta ao uso público, en toda a LC de 1988 subxace a necesidade que a costa, en ningún dos seus tramos, sexa subtraída ao uso público. Para o cal considera medidas que afectan a dereitos sobre inmobles contiguos, para que faciliten o acceso á costa, e se regulan detidamente os usos[380]. Todos os cidadáns teñen o dereito ao

[376] Véxase: CALERO RODRÍGUEZ, J. R. (2001): "Introducción al régimen jurídico del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 59-78; op. cit. páx. 73.

[377] No cal se estipula que son: "(...) bens de dominio público marítimo-terrestre estatal en virtude do disposto no artigo 132.2 da Constitución:

1. A ribeira do mar e das rías, que inclúe:
   a) A zona marítimo-terrestre ou espazo comprendido entre a liña de baixamar escorada ou máxima viva equinoccial, e o límite ata onde alcanzan as ondas nos maiores temporais coñecidos ou, cando o supere, o da liña de preamar máxima viva equinoccial. Esta zona se estende tamén polas marxes dos ríos ata o sitio onde se faga sensible o efecto das mareas.
   Considéranse incluídas nesta zona as marismas, albufeiras pantanos, esteiros e, en xeral, os terreos baixos que se inundan como consecuencia do fluxo e refluxo das mareas, das ondas ou da filtración da auga do mar.
   b) As praias ou zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpas, bermas e dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción do mar ou do vento mariño, ou outras causas naturais ou artificiais.
2. O mar territorial e as augas interiores, co seu leito e subsolo, definidos e regulados pola súa lexislación específica.
3. Os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental, definidos e regulados pola súa lexislación específica".

[378] Artigo 9º da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas. Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[379] Neste sentido a Disposición Transitoria Primeira, no seu punto 1 di: "En virtude do disposto no artigo 132.2 da Constitución, os titulares de espazos da zona marítimo-terrestre, praia e mar territorial que tivesen sido declarados de propiedade particular por sentenza xudicial firme anterior á entrada en vigor da presente Lei pasarán a ser titulares dun dereito de ocupación e aproveitamento do dominio público rnarítimo-terrestre, para cuxo efecto deberán solicitar a correspondente concesión no prazo dun ano a contar dende a mencionada data. A concesión outorgarase por trinta anos, prorrogables por outros trinta, respectando os usos e aproveitamentos existentes, sen obriga de aboar canon, e inscribirase no Rexistro a que se refire o artigo 37.3". Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[380] Sobre as limitacións á propiedade privada derivadas da Lei de Costas de 1988, véxase: MIRALLES GONZÁLEZ, I. (1992): "Dominio público y propiedad privada en la nueva Ley de Costas". Ed. Civitas e Publicacions Universidad de Barcelona, Madrid; NOGUERA DE LA MUELA, B. (1995): "Las servidumbres

acceso libre, público e gratuíto do dominio píblico marítimo-terrestre[381], e calquera limitación ou exclusión será excepcional e temporalmente limitada. Finalmente, o principio conservacionista flúe ao longo de toda a LC de 1988. Considérase unha necesidade social a conservación das características naturais do medio litoral. Este principio apréciase na regulación das servidumes, limitacións e delimitacións dos dereitos privados sobre os inmobles próximos ao demanio marítimo-terrestre; na regulación dos usos do dominio público; e, sobre todo, na configuración dunha potestade sancionadora á que se une indisolublemente a facultade de esixir o resarcimento dos danos causados, repoñendo as cousas ao estado en que se encontraban antes da infracción[382].

A Lei de 1988 contempla a costa como un conxunto de unidades físico-naturais[383] que determinan unha unidade xeográfica, e non como a mera fronteira terra-mar que supoñía a zona marítimo-terrestre. E aparece un novo concepto para definir a esta unidade, que é o de ribeira de mar, resultado da suma da zona marítimo-terrestre[384] e as praias[385]. Ademais, inclúe entre os bens demaniais a: os acantilados sensiblemente verticais en contacto co mar ou o dominio público marítimo-terrestre ata a súa coroación (art. 4.4)[386], as accesións á ribeira do mar por depósito de materiais ou por retirada do mar e os terreos gañados ao mar como consecuencia directa ou indirecta de obras e os desecados na súa ribeira[387]. Xa que logo, podemos afirmar que a Lei non define o demanio marítimo-

---

de la Ley de Costas de 1988" Marcial Pons, Madrid. BLASCO DIAZ, J. L. (1999): "Régimen jurídico de las propiedades particulares en el litoral" Tirant lo Blanch, Valencia.

[381] O artigo 31.1 da Ley de Costas establece: "A utilización do dominio público marítimo-terrestre e en todo caso, do mar e a súa ribeira será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordes coa natureza daquel, tales como pasear, estar, bañarse, navegar, embarcar e desembarcar, varar, pescar, coller plantas e mariscos e outros actos semellantes que non requiran obras e instalacións de ningún tipo e que se realicen de acordo coas leis e regulamentos ou normas aprobadas conforme a esta Lei".

[382] "Sen prexuízo da sanción penal ou administrativa que se impoña, o infractor estará obrigado á restitución das cousas e reposición ao seu estado anterior, coa indemnización de danos irreparables e prexuízos causados, no prazo que en cada caso se fixe na resolución correspondente". Artigo 95.1 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas. Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[383] Véxase: OJEDA ZÚJAR, J. (1994): "Medio Ambiente y ordenación del litoral. Aspectos técnicos", en "Medio Ambiente en la ordenación del espacio litoral". Actas del XIV Curso de Verano de la Universidad de Cádiz, Cádiz, pp. 63-69; op. cit. páx. 66.

[384] A zona marítimo-terrestre defínese como "o espazo comprendido entre a liña de baixamar escorada ou máxima viva equinoccial, e o límite ata onde alcanzan as olas nos maiores temporais coñecidos ou, cando o supere, o da liña máxima viva equinoccial". A Lei de 1969 en cambio fixaba como límite da zmt "ata onde cheguen as olas nos temporais ordinario". Xa que logo, ¿podemos falar dun aumento da zona marítimo-terrestre? A situación non esta clara, pois na práctica a distinción entre ordinarios e extraordinarios é artificiosa. Véxase: TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante; op. cit. 52.

[385] Introducidas no demanio pola Lei de 1969, foron definidas como "(…) a ribeira do mar ou das rías, formadas por arenais ou pedregais en superficie case plana, con vexetación nula ou escasa e característica". Agora, en cambio, nesta nova normativa defínense como: "zonas de materiais soltos, tales como areas, gravas, pequenos cantos rodados, incluíndo escarpes, bermas e dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción do mar ou do vento mariño, ou outras causas naturais ou artificiais" (art. 3.1.b).

[386] Na lexislación anteriormente vixente, no caso dos acantilados, considerábase só de dominio público a parte baixa dos mesmos, en tanto que, ao verse afectada polas mareas ou ondaxe, formaba parte da zmt, mentres que a parte seca xa non compartía esa protección. A Lei de 1988 dá un tratamento unitario aos acantilados, que constitúen unha mesma realidade xeográfica.

[387] Rompendo, xa que logo, co ordenamento anterior que no seu artigo 5.3 establece que "os terreos gañados ao mar (...) serán propiedade de quen o levou a cabo", a nova norma descarta por completo esta posibilidade e

terrestre, senón que determina os elementos que forman parte do mesmo. Recordemos, neste sentido, como é o enunciado do art. 3: "Son bens de dominio (....)", configurándose unha relación de carácter aberto con importantes posibilidades de ampliación no futuro, posibilidade permitida polo art. 132.2 da C.E. e expresamente recoñecida pola S.T.C. 227/1989. Neste sentido, apunta o art. 55 do Regulamento Xeral da Lei, ao declarar que os terreos expropiados para construír accesos públicos e aparcamientos "incorporaranse ao dominio público marítimo terrestre"[388].

Doutra banda, a Lei de 1988 introduce un novo concepto, o de dominio público marítimo-terrestre, que substitúe ao anterior de dominio público marítimo[389]. Un concepto moito máis detallado, que amplia a franxa con devandita cualificación e establece un réxime inspirado en criterios de protección de integridade e garantía do uso público deses espazos e dos terreos colindantes suxeitos a servidumes. A titularidade estatal do dominio público contida na CE non implica ningún título competencial e, xa que logo, non pode alterar a distribución de competencias estatais e autonómicas[390]. Conforme a este particular, a S.TC. 149/1991, de 4 de xullo de 1991, reafirma a doutrina asentada anteriormente acerca de que "a natureza demanial non aisla a porción do territorio así caracterizado da súa contorna, nin a subtrae das competencias que sobre este aspecto corresponden a outros entes públicos" que non obstenten a titularidade do dominio público. Pero doutra parte, "desa titularidade derivan tamén facultades propias da Administración" e en concreto as necesarias "para preservar as súas características propias", xa que doutro xeito e polo que se refire ao dominio público marítimo-terrestre se o Estado non exercese aquelas facultades, ou non tivese as competencias correspondentes aínda que a zona marítimo-terrestre quedase físicamente dentro do dominio público estatal a súa natureza ou características poderían ser destruídas ou alteradas, burlándose o mandato do constituínte (fundamento xurídico 1.C)[391].

Con este obxectivo, a Lei de Costas de 1988 establece tamén unha serie de limitacións da propiedade sobre a franxa lindante ao demanio público marítimo-terrestre.

---

declara a súa condición demanial. Entre outras consecuencias, destacamos pola súa especial significación, a incidencia destes postulados nas concesións de portos deportivos. Así, a nova Lei derroga (derogatoria primeira), o artigo 18 da Lei 55/1969 de Portos Deportivos, que ampara a consecución da propiedade nestes casos e no dos paseos marítimos.

[388] Véxase: MORENO CÁNOVES, A. (1990): "Régimen jurídico del litoral". Tecnos, Madrid.

[389] Denominación que contempla a realidade xeográfica dual do espazo costero e "pon de relevo a existencia e necesidade dun espazo terrestre complementario (do marítimo)" (Exposición de Motivos).

[390] Consultar sobre este particular a S.TC. 277/1988 sobre a Lei de Augas de 2 de agosto de 1985. Neste sentido, é moi indicativo o seguinte postulado: "a titularidade do ben é accesoria á da competencia para a xestión do servizo" (F. X. 14.º, S.T.C. 227/1988).

[391] Véxase: MEILÁN GIL, J. L. (1992): "La Ley de Costas y las competencias de las Comunidades Autónomas", en "Ley de Costas: Legislación y Jurisprudencia Constitucional". Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e Centro de Publicaciones del Ministerio de Obras Públicas y Transportes (MOPT), Noia (A Coruña); pp. 129-146; op. cit. 137 e 138. Xa que logo, queda patente que dentro do dominio público marítimo-terrestre o Estado como titular ten competencia directa en canto á súa utilización. Os problemas de competencias suscitáronse sobre os bens que non son dominio público estatal senón que forman parte da chamada zona de servidume de protección en función do establecido pola Lei de Costas de 1988. A este respecto, resulta de sumo interese as reflexións realizadas por MEILAN GIL (1992) sobre o estipulado, neste sentido, pola S.TC. 149/1991 en "La Ley de Costas y las competencias de las Comunidades Autónomas", en "Ley de Costas: Legislación y Jurisprudencia Constitucional". Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e Centro de Publicaciones del Ministerio de Obras Públicas y Transportes (MOPT), Noia (A Coruña); pp. 129-146.

Unha limitacións que aparecen instrumentadas no Título II[392] a través da disposición dunha serie de servidumes legais (servidume de protección, servidume de tránsito, servidume de acceso ao mar), a introdución duns criterios de ordenación para a zona de influencia, así como o establecemento doutras limitacións á propiedade privada encamiñadas a garantir a achega de áridos ao litoral[393]. En definitiva, a finalidade protectora do Título II da Lei de Costas busca dous obxectivos: dun lado, a protección da integridade das súas características naturais e, doutro, a protección do usos público do dominio público marítimo-terrestre[394]. A continuación, imos esbozar superficialmente a relevancia das devanditas servidumes legais sobre a ordenación turística do litoral:

a) *Servidume de protección*[395]: afecta a unha zona de 100 metros medida terra dentro desde o límite interior da ribeira do mar, e poderá ser ampliada pola Administración do Estado, de acordo coa Comunidade Autónoma e o Concello competente, ata un máximo doutros 100 metros en caso de necesidade[396]. A servidume de protección é negativa que impide en todos os predios afectados por ela determinados usos e construcións[397]. Dentro dos usos admitidos, nesta zona poderanse situar algúns dos chamados Sistemas Xerais da lexislación urbanística, sendo de destacar a súa compatibilidade con ésta ao incluír nesta franxa, por exemplo, o 10% da superficie total ordenada polos Plans Parciais e os 5 m^2/hab. para as zonas verdes dos Plans Xerais[398]. Quedan prohibidas, en cambio, as edificacións destinadas a residencia ou habitación[399], a construción ou modificación de vías de transporte interurbanas, as actividades que impliquen a destrución de xacementos de áridos, o tendido áereo de liñas eléctricas de alta tensión, a vertedura de residuos sólidos, escombros e augas residuais sen depuración e a publicidade a través de carteis e valas ou por medios acústicos ou audiovisuais,

[392] Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[393]Véxase: SOLA TEYSSIERE, J. (2007): "Ordenación territorial y urbanística de las zonas turísticas". Instituto Andaluz de la Administración Pública, Consejería de Justicia y Administración Pública, Junta de Andalucia, Sevilla; op. cit. páx. 118.

[394]Véxase: CALERO RODRÍGUEZ, J. R. (1995): "Régimen jurídico de las costas españolas". Aranzadi, Pamplona; op. cit. páx. 625.

[395] Esta servidume de protección deriva da denominada de "salvamento" pola Lei de 1969, que con todo, permanece para aqueles terreos que á entrada en vigor do novo ordenamiento estivesen clasificados como Solo Urbano ou Urbanizable Programado (disposición transitoria terceira).

[396]A ampliación deberá ser decidida pola Administración Central de acordo coa Administración Autonómica e o Concello afectados polo que, se é o caso, obviamente deberá ser recollida polo plan territorial ou urbanístico. Neste punto, tamén debemos ter presente que a servidume de protección en solo urbanizable xa programado (planificación ultimada) e en solo urbano redúcese a 20 metros. Coa finalidade, de respectar os dereitos adquiridos derivados do planeamento anterior, ao ser esta a extensión que tiña a figura análoga existente na lexislación de 1969.

[397]Véxase: PARADA VÁZQUEZ, J. R. (2012): "Derecho Administrativo". Vol. III: "Bienes públicos. Derecho urbanístico". Marcial Pons, Madrid; op. cit. páx. 177.

[398]Véxase: OSORIO PÁRAMO, F. J. e LÓPEZ PELÁEZ, L. (1988): "Proyecto de Ley de Costas. La protección del dominio público marítimo-terrestre y su incidencia sobre el territorio colindante". Urbanismo, nº4; pp. 16-19; op. cit. páx. 18.

[399]Unha prohibición que inclúe tamén as hoteleiras, calquera que sexa o seu réxime de explotación, segundo aclara o artigo 45.2 do Regulamento da Lei de Costas. Véxase: "Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento General para desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº297, de 12/12/1989, pp. 38459-38485. http://www.boe.es/boe/dias/1989/12/12/pdfs/A38459-38485.pdf

salvo que conten con autorización administrativa do Estado (arts. 25 e 26)[400].

b) *Servidume de tránsito*: recae sobre unha franxa de seis metros[401], medidos terra dentro a partir do límite interior da ribeira do mar. Deberá quedar permanentemente expedita para o paso público peatonal e para os vehículos de vixilancia e salvamento, salvo en espazos especialmente protexidos[402]. Contémplase a súa ampliación "no que resulte necesario, ata un máximo de 20 metros", nos lugares de tránsito difícil ou perigoso (art. 27).

c) *A servidume de acceso ao mar*: a diferenza das anteriores é a única transversal á beira, e consiste en deixar expeditos accesos peatonais cada 200 metros e rodados cada 500 metros á ribeira do mar, convenientemente sinalizados (art. 28). Estes accesos desenvólvense sobre terreos que non son de dominio público, e que en ocasións, poden discorrer enteramente pola servidume de protección. Para que a servidume sexa eficaz, estes terreos deben ser declarados de utilidade pública, e expropiados si fose menester[403].

En conclusión, a Lei de Costas de 1988 é unha norma dunha gran amplitude e complexidade, pola cal, non resulta pertinente realizar unha valoración global[404]. Podemos afirmar que a Lei contén, en esencia, os instrumentos suficientes para poder aplicar unha xestión sostible e integrada das zonas costeiras. De feito, ao delimitar determinados usos tanto na zona de dominio público marítimo-terrestre[405] como nas zonas de servidume[406] perfilouse como un instrumento de estatal de coordinación de competencias urbanísticas[407]

---

[400] O art. 23 determina a servidume de protección de 100 metros. O art. 25 fala dos usos prohibidos e permitidos, os cales, se delimitan por unha cláusula negativa con submisión á Administración do Estado (art. 50 Regulamento). A STC de 4 de xullo de 1991 declara a inconstitucionalidade e consiguiente nulidade e expulsión do ordenamento xurídico o art. 26 e en consecuencia das disposicións transitorias 4ª, 2ª C e 7ª 1, en canto atribúen á Administración do Estado o otorgamento das autorizacións na zona de protección.

[401] Seis metros incluídos dentro dos de servidume de protección.

[402] O artigo 44.5 recolle a posibilidade de executar determinadas obras, como a realización de paseos marítimos.

[403] Á marxe, doutras limitacións da propiedade recolleitas no art. 29; é de especial interese, para as actividades turísticas, o establecemento dunha zona de influencia de "pantallas" de 500 metros (art. 30 Lei de Costas e art. 58 Regulamento).

[404] A Lei ocupouse de regular unha realidade ampla, intrincada, con exacerbados intereses en xogo, e resolveu a situación desde unha perspectiva de favorecer a titularidade e usos públicos. Véxase: MORENO CÁNOVES, A. (1990): "Régimen jurídico del litoral". Tecnos, Madrid.

[405] Tamén, é importante ter moi presente que a Lei de Costas de 1988 supón como xa comentamos unha ampliación da definición da zona marítimo-terrestre contida na Lei 28/69. Feito que conleva a unha ampliación considerable do dominio público, non cuantificada aínda en toda a súa dimensión ao non finalizarse todo o deslinde do litoral tanto español como galego. Incremento que conleva a perda nesa superficie a determinar do seu carácter privado para converterse nun ben demanial por acción "ope legis", no cal se prohibe calquera uso edificatorio ou de aproveitamento urbanístico e confire, no mellor dos casos para o antigo propietario, un carácter concesional con tendencia á súa extinción no tempo.

[406]Zonas de servidume que impoñen restricciones á propiedade e importantes condicionamentos ao planeamento. Determinacións que veñen perfiladas no articulado da Lei como no seu posterior Regulamento, xa comentadas brevemente con anterioridade e creo que non é cometido deste traballo de investigación analizar detidamente.

[407] Nesta dirección, a Lei de Costas de 1988 traza unha distribución de competencias na materia, asignando as diversas funcións que sobre o espazo litoral corresponden á Administración estatal, autonómica e municipal. Unha distribución competencial que foi corrixida en parte pola STC 149/1991, do 4 de xullo, e que foi modificada en diversos artigos pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social. Así, esta última norma, engade un novo apartado 4 ao artigo 74, polo que se establece que "(...) as concesións e autorizacións no dominio público marítimo-terrestre outorgaranse respectando o previsto

das Administracións autonómicas e municipais ao condicionar as figuras de planeamento propias da Lei do Solo. Agora ben, debemos deixar claro que as importantes funcións reservadas á Administración Central, condicionaban os correspondentes instrumentos de ordenación do territorio, de competencia autonómica, e os plans urbanísticos, neste marco as OMDs deberán formularse a vía máis adecuada para conseguir a desexada compatibilidade entre o desenvolvemento turístico e a protección ambiental do espazo litoral. Iso sen menoscabo do obrigado respecto por parte dos aludidos instrumentos, das prescricións da Lei de Costas que han de ser recollidas polos plans de ordenación litoral que formulen as CC.AA., determinando estes últimos, xunto á citada Lei, o plan municipal[408]. Para a ordenación desta concorrencia competencial resulta tamén unha peza básica da LC de 1988, dentro do Título VI, o Capítulo IV relativo ás "Relacións interadministrativas" (arts. 116 a 118)[409]. Agora ben, se esa coordinación non se logrou

---

nos instrumentos da planificación do territorio, ou no plan urbanístico (...)" e que no caso de non estar previstas as obras ou instalacións nos devanditos instrumentos, e non se opoñan ás súas determinacións, solicitaranse senllos informes á Comunidade Autónoma e ao Concello, que non serán vinculantes para a Administración Xeral do Estado. Do mesmo xeito, introdúcese a necesidade de solicitar informe á Administración autonómica e municipal para a execución das obras cualificadas de interese xeral, competencia da Administración estatal, na modificación operada no artigo 111 da Lei. Por outra parte, engádese un segundo parágrafo ao artigo 114 polo que se precisa que a competencia autonómica "(...) alcanzará exclusivamente o ámbito terrestre do dominio público marítimo-terrestre, sen comprender o mar territorial e as augas interiores". Véxase: Véxase: "Pleno. Sentencia 149/1991, de 4 de julio. Recursos de inconstitucionalidad 1.689/1988, 1.708/1988, 1.711/1988, 1.715/1988, 1.717/1988, 1.723/1988, 1.728/1988, 1.729/1988 y 1.740/1988 (acumulados). Interpuestos por la Xunta de Galicia, el Consejo de Gobierno de las Islas Baleares, el Gobierno Vasco, el Parlamento de Cataluña, el Consejo del Gobierno de la Diputación Regional de Cantabria, el Consejo Ejecutivo de la Generalidad de Cataluña, el Gobierno de Canarias, el Gobierno Valenciano y un grupo de 50 Diputados, contra la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº180. Suplemento, de 29/7/1991, pp. 14-53. http://www.boe.es/boe/dias/1991/07/29/pdfs/T00014-00053.pdf. "Ley 53/2002, de 30 de diciembre, de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Socia". BOE nº313, de 31/12/2002, po. 46086-46191. http://www.boe.es/boe/dias/2002/12/31/pdfs/A46086-46191.pdf

[408]En concreto, son os artigos 112 e 117 da Lei de Costas de 1988 os que determinan a intervención da Administración Central no procedemento de tramitación de todo plan territorial ou urbanístico que ordene o litoral, a través da emisión dun informe, con carácter preceptivo e vinculante, relativo "(...) ao cumprimento das disposicións desta Lei e das normas que se diten para o seu desenvolvemento e aplicación" (art.º 112.a). Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[409]Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf. Estas técnicas interadministrativas pódense resumir basicamente nos seguintes instrumentos de natureza coordinadora:

1. Asistencia mutua entre as Administracións competentes.
2. Notificacións mutuas en relación ás actividades desenvolvidas por cada dunha das Administracións actuantes.
3. A chamada "planificación participada".
4. A técnica do informe.
5. Os convenios de financiamento.

Véxase: SANZ LARRUGA, J. (2001): "La protección ambiental del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 165-215; op. cit. páx. 210. Para o estudo das "relacións inteyadministrativas" na LC de 1988, véxanse as monografías: CALERO RODRÍGUEZ, J. R. (1995): "Régimen jurídico de las costas españolas". Aranzadi, Pamplona; op. cit. páxs. 135-148. PEREZ CONEJO, L. (1999): "Las costas marítimas: régimen jurídico y competencias administrativas". Comares, Granada; op. cit. páxs. 312-340.

aínda é, en parte, porque faltou a vontade política necesaria para afrontar o proceso[410]. Tamén é preciso sinalar o fito que supuxo na evolución da normativa española en materia de planeamento, ao establecer unha vía limitadora ao concepto de propiedade prevalente ata o momento e constituír o comezo dun proceso limitador desa tradicional conformación da propiedade privada que se alonga coa promulgación da Lei 8/90, de 25 de xullo, sobre Reforma do Réxime Urbanístico e Valoracións do Solo. Lei que configura á propiedade urbanística como: "Un dereito que nace, dótase de contido e extínguese en virtude de actos regulamentarios, fundamentalmente, o planeamento". É dicir, transforma "(...) o dereito dominical sobre o solo nun conxunto de "dereitos-deberes" do propietario que -derivados da nova orde urbanística no que o planeamento pon as regras de xogo- deixan de ser un mero instrumento inherente á titularidade do mesmo, para converterse no gran protagonista do novo marco urbanístico español, actualizando e revitalizando-renovadoramente- o campo de actuación sobre o que incide a ordenación urbanística e territorial do solo[411].

Unha análise crítica da Lei de Costas de 1988, debe partir do recoñecemento da gran dificultade de levar a cabo a implementación dunha norma capaz de poñer freo e, na medida do posible, poñer as bases para corrixir o lamentable estado do espazo litoral galego, e por extensión español, ante o importante xogo de presións económicas e políticas exercidas sobre o mesmo[412].

A Lei de Costas de 1988 é esencialmente unha normativa en exclusiva para os bens de dominio público. Non contempla unha planificación en profundidade, nin espacial, salvo na zona de influencia[413] e na de servidume de protección, nin moito menos no plano sectorial. A Lei non diferencia entre usos ou aproveitamentos sobre o dominio público, e só distingue entre concesionarios e infractores, posicionamento que lle fai perder todo o seu

[410]Neste sentido, BARRAGÁN MUÑOZ (1994) sostén que a pesar da múltiple concorrencia, "(...) a Administración Central, Rexional e Local, encóntranse cotiamente, non dun modo cordial e coordinado, ordenando e planificando o espazo litoral en relación con temas tales como o urbanismos e a ordenación do territorio". Véxase: BARRAGÁN MUÑOZ, J.M. (1994): "Ordenación, planificación y gestión del espacio litoral". Oikos-Tau, Barcelona; op. cit. páx. 239. Desta autorizada crítica despréndese a importancia da cuestión competencial na xestión do litoral, cuxa necesaria coordinación é un dos presupostos máis transcendentais para a consecución dunha ordenación integral. Véxase: SANZ LARRUGA, J. (2001): "La protección ambiental del litoral" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 165-215; op. cit. páxs. 208 e 209.

[411] Véxase: BÉRTOLO CADENAS, J. J. (1992): "Influencia de la Ley de Costas sobre el planeamiento urbanístico. Articulación entre las Administraciones estatal, autonómicas y locales", en "Ley de Costas: Legislación y Jurisprudencia Constitucional". Escola Gañega de Administración Pública (EGAP) e Centro de Publicaciones del Ministerio de Obras Públicas y Transportes (MOPT), Noia (A Coruña); pp. 181-199; op. cit. páxs. 181 e 182.

[412] Véxase: PARTIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 141.

[413] Segundo se indica na Exposición de Motivos da Lei de Costas, coa configuración da zona de influencia, pretendeuse marcar unhas pautas dirixidas ao planificador co obxecto de evitar a formación de pantallas arquitectónicas no borde da zona de servidume de protección. Efectivamente, é a ordenación territorial e urbanística a que ten encomendada a tarefa de determinar a anchura concreta da devandita zona de influencia, que será como mínimo de 500 metros a partir do límite interior da ribeira do mar (art. 30). Na devandita zona, a Lei impón tamén criterios como a reserva de chan abondo para vehículos e que a densidade de edificación non poderá superar a media do Solo Urbanizable Programado ou Apto para Urbanizar do municipio en cuestión. Determinación limitada pola disposición transitoria terceira, que establece que só será exixible naqueles terreos en que á entrada en vigor da Lei estivesen clasificados como SNU ou SNUP.

potencial valor e mostrarse como insuficiente como documento de ordenación territorial[414]. Doutra banda, a Lei carece dunha perspectiva adecuada de face ao tratamento das principais problemáticas que afectan actualmente ao litoral: a urbanización continua do litoral, a regresión das actividades tradicionais (agricultura, pesca, ...), e unha marcada tendencia ao monocultivo turístico. Pode afirmarse, que a Lei 22/1988 postula por favorecer o desenvolvemento dunha economía dependente de carácter turístico e, consecuentemente, regula unha "monoutilización turística do litoral"[415]. Así, no fondo dalgunhas das demandas de inscontitucionalidade referidas ao marco competencial e preferentemente, no que se refire, ao réxime de autorizacións e concesións, subxacían cuestións de carácter turístico, de incompatibilidade entre os intereses turísticos de índole económica e as demandas de protección do demanio marítimo-terrestre[416]. Pero de maior importancia, si cabe, é a falta duns criterios tendentes a lograr unha ordenación territorial do litoral en profundidade e integrada. Noutra orde de cousas, podemos falar dunha tendencia uniformadora dentro da LC de 1988. A Lei non tivo en conta a riqueza e a variedade existente dentro do litoral español. De feito, a LC non reflicte de forma acertada as peculiaridades do litoral galego. "(...) paréceme moi difícil concibir que se poidan conciliar satisfactoriamente as praias de Barbate ou a do Saler coa Ría de Arousa, as mareas de máis de douscentos metros entre límites coas dun metro, ou as incidencias da servidume de protección nun país de latifundios, ou de predios normais, co minifundio galego, no que cen e ás veces mesmo os vinte metros, abarcan toda a superficie dunha parcela"[417]. Un sen sentido que deu lugar na práctica que a mesma norma aplicada sobre un tramo de costa sexa a panacea, mentres sobre outro tramo ben distinto sexa practicamente inaplicable. Obviamente, non produce o mesmo efecto a aplicación dunha servidume de 100 metros ou a presenza dunha zona de influencia de 500 nas costas levantinas que nas Rías galegas[418]. De aí, a transcendencia das

[414] Véxase: TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante; op. cit. 70.

[415] Véxase: MORENO CÁNOVES, A. (1990): "Régimen jurídico del litoral". Tecnos, Madrid.

[416] Véxase: PARTIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 141.

[417] Véxase: RUEDA CRESPO, J. A. (1996): "Conferencia de clausura", en RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, J.: "As costas e a súa problemática". Fundación Alfredo Bañas, Colección Dereito, Santiago de Compostela; pp. 241-249; op. cit. páx. 244.

[418] Unha zona de influencia determinada especificamente no artigo 30 da Lei de Costas de 1988. Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf. No cal se fixan varios criterios que vinculan claramente a ordenación territorial e urbanística. "As construcións deberán de adaptarse ao establecido na lexislación urbanística. Deberase evitar a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes, sen que, para estes efectos, a densidade de edificación poida ser superior á media do solo urbanizable programado ou apto para urbanizar no termo municipal respectivo" (art.º 30.1. b). O obxectivo é patente e non outro que a protección da paisaxe litoral. Un recurso capital á hora de configurar un produto turístico litoral máis competitivo aos ollos dunha mercado de demanda cada vez máis sensible á calidade do ámbito onde pasa os seus períodos de ocio. Sobre as repercusións da Lei de Costas sobre o urbanismo e a protección xurídica da "paisaxe litoral" recomendamos a lectura dos seguintes traballos: BORRAJO INIESTA, I. (1993): "La incidencia de la Ley de Costas en el derecho urbanístico". Revista de Administración Pública nº130; pp. 131-153; MARTÍNEZ NIETO, A. (1993a): "La proteccion del paisaje en el derecho español (I)". Actualidad Administrativa nº32; pp. 397-411; MARTÍNEZ NIETO, A. (1993b): "La proteccion del paisaje en el derecho español (y II)". Actualidad Administrativa nº33; pp. 413-430; CANCER, L. A. (1999): "La degradación y la protección del paisaje". Cátedra, Madrid; GONZÁLEZ-BERENGUER URRUTIA, J. L. (1999): "Urbanismo sectorial: Las carreteras, el litoral, los cursos de agua, el patrimonio histórico". Montecorvo, Madrid.

normas de ordenación do litoral de corte autonómico para solucionar estes inconvenientes, sen que iso obviamente signifique ignorar ou infrinxir a norma estatal[419].

A Lei de Costas de 1988 sitúa ao planeamento urbanístico como punto de encontro das previsións de actuación dos diferentes entes administrativos, o que necesariamente deberá propiciar un reforzamento da seguridade xurídica para os administrados, de maneira que a actuación axustada á organización urbanística vixente levaría aparellada a garantía de contar co respaldo de todas as administracións públicas implicadas, porque o instrumento correspondente sería elaborado segundo os mecanismos de concertación da Lei[420].

Finalmente, dada a súa transcendencia futura sobre o desenvolvemento das actividades turística no litoral non podemos obviar á recentemente aprobada *Lei de Protección e Uso Sostible do Litoral e de modificación da Lei de Costas de 1988*[421](en diante, LPUSL). Unha lectura superficial da LPUSL pode xerar certo desasosego, estimulado, quizais, polo conxunto heteroxéneo de disposicións que contén, ou polo grao de expectativas e receos que suscitou tradicionalmente a regulación do litoral[422]. Encontrámonos, dende un punto de vista material, que moitas das decisións adoptadas dentro da Lei encamíñanse a unha nova e esaxerada política de desenvolvemento económica do espazo costeiro poñendo en perigo os seus valores e características naturais[423]. Por outro lado, a súa eficacia queda postergada por canto o seu contido, incompleto, establece continuas remisións a un futuro desenvolvemento regulamentario[424]. Basicamente, dende a nosa óptica de análise territorial, entendemos que das formulacións deste proxecto normativo derívase unha relaxación, ao noso xuízo negativa, da armazón

---

[419] Véxase: GARCÍA PÉREZ, M. (2001): "Ordenación y gestión de las playas" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 139-164; op. cit. páx. 160.

[420] Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 142.

[421] Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[422][422] Para un coñecemento máis profundo das novidades emanadas desta norma, recomendamos as lecturas de: ARANA GARCÍA, E. e NAVARRO ORTEGA, A. (2013): "La Ley de Protección y Uso Sostenible del Litoral: ¿un giro hacia lo desconocido?". Revista Vasca de Administración Pública (R.V.A.P.) nº97; pp. 21-60; NÚÑEZ LOZANO, M. C. (2013): "La reforma de la Ley de Costas de 2013". Tirant lo Blanch, Valencia; PÉREZ GÁLVEZ, J. F. e ALEMÁN MOTERREAL, A. (coords.) (2013): "Costas y urbanismo: el litoral tras la Ley 2/2013, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley de Costas". La Ley, Madrid.

[423] Véxase: ARANA GARCÍA, E. e NAVARRO ORTEGA, A. (2013): "La Ley de Protección y Uso Sostenible del Litoral: ¿un giro hacia lo desconocido?". Revista Vasca de Administración Pública (R.V.A.P.) nº97; pp. 21-60: op. cit. páx. 26.

[424] Un desenvolvemento regulamentario que se fixa no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da LPUSL, como sinala a disposición final terceira da norma: "No prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei". Disposición final terceira: "Revisión do Regulamento de Costas e facultades de desenvolvemento" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

proteccionista da Lei de Costas[425]. A Lei 2/2013 respecta os principios básicos da LC, pero as modificacións que introduce nela van case sempre na liña de reforzar o interese privado dos concesionarios ou dos propietarios lindantes, en detrimento do dominio público[426]. Entre a protección dos valores ambientais do litoral e a defensa dos intereses económicos privados no dominio público e nas zonas de servidume, a Lei 2/2013 optou claramente polo segundo[427]. A continuación, analizaremos as principais novidades que se introducen con esta reforma.

A Lei 2/2013 establece, en boa medida, unha configuración nova do dominio público marítimo-terrestre[428]. Unha das modificacións máis controvertidas dentro da LPUSL na nosa opinión é a que ten que ver cos novos criterios de determinación do dominio público marítimo-terrestre. A definición establecida pola Lei de Costas de 1988[429] sofre dous cambios tras a aprobación da Lei 2/2013: o primeiro, respecto aos temporais que determinan o límite interior da zona marítimo-terrestre; o segundo, referido á regulación do carácter demanial dos terreos baixos inundables. De feito, a LPUSL introduce unha modificación do precepto que determina o lugar ata onde alcanza o deslinde, ao definir o límite interior da ribeira do mar utilizando a expresión "de acordo cos criterios técnicos que se establezan regulamentariamente"[430], que substitúe a de "referencias comprobadas que se dispoñan" utilizada polo Regulamento de Costas. Á marxe da complexidade técnica fixación de criterios técnicos para medir as ondas, é palpable a crítica esgrimida por unha parte da doutrina contra a decisión que adoptou o lexislador de 1988 que substituíu a referencia ás "maiores ondas nos temporais ordinarios" (Lei de 1969) por "os maiores temporais coñecidos" (Lei de 1988)[431]. O Regulamento de Costas de 1989 atenuou estas críticas, ao establecer no art. 4 a) que para fixar o límite ata onde alcanzan as ondas nos maiores temporais coñecidos utilizaranse as referencias comprobadas de que se dispoña"[432]. Non obstante, a expresión "referencias comprobadas de que se dispoña", recén traida á LC

[425] Véxase: SANZ LARRUGA, F. J. (2013): "Derecho y políticas ambientales en Galicia: Gestión de las aguas, ordenación del litoral y conflicto minero en el inicio de la nueva legislatura". Revista Catalana de Dret Ambiental, vol. IV, nº1; pp. 1-13; op. cit. páx. 6.

[426] Véxase: MENÉNDEZ RESACH, A. (2014): "La nueva regulación de las costas: un giro hacia el dominio privado marítimo-terrestre". IX Congreso de la AEPDA (Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo"; op. cit. páx. 10. http://www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-586-Actividades-Congresos-de-la-AEPDA-IX-CONGRESO-DE-LA--AEPDA.aspx

[427] Ibídem; op. cit. páx. 12.

[428] Aínda que o alcance final da norma non pode delimitarse con exactitude neste momento dada a remisión ao futuro desenvolvemento regulamentario da Lei, extractaremos as principais novidades que incorpora cara a futura xestión turística a desenvolver dende as OMDs localizadas no litoral galego.

[429] Artigo 3.1.a) da Lei de Costas de 1988. Véxase:"Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1988-18762

[430] Punto Dous -art. 3.1 a)- do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[431] Unha exposición fundamentada nesta dirección encontrámola en MEILÁN GIL, J. L. (2009): "Dominio público y protección del litoral. La Ley de costas veinte años después", SANZ LARRUGA, F. J. (dir.) e GARCÍA PÉREZ, M. (coord..): "Estudios sobre la ordenación, planificación y gestión del litoral: Hacia un modelo integrado y sostenible". Fundación Pedro Barrié de la Maza/Observatorio del Litoral de la Universidad de A Coruña, A Coruña; pp. 105-118.

[432] Véxase: "Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento general para desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº297, de 12/12/1989; pp. 38459-38485. http://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1989-29127

pola LPUSL, leva consigo problemas de indeterminación técnica que non aclara en ningún modo que referencias comprobadas son válidas nin onde se dispoñen. En definitiva, a regulación desta cuestión que queda relegada a un posterior desenvolvemento regulamentario da LPUSL, polo tanto, hai que suspender o xuízo definitivo ata coñecer os criterios regulamentarios[433]. En calquera caso, "(...) o Regulamento deberá establecer criterios para determinar o alcance das ondas nos maiores temporais coñecidos (en concreto, se é necesario que o terreo resulte inundado ou abondará con que a onda o alcance aínda que non o inunde)"[434].

En canto ao carácter demanial dos terreos baixos inundables, debemos empezar sinalando que o criterio da inundabilidade natural utilizado na Lei de Costas de 1988 ten como consecuencia a inclusión no dominio público, como parte do DPMT, dos terreos cuxa inundación por efecto das mareas fose impedida por medios artificiais. Pola contra, non pasan ao dominio público os terreos inundados artificialmente, cuxa cota sexa superior á da maior preamar[435]. Non obstante, se se realizan obras polas que se rebaixa a cota dos terreos para facilitar a entrada de auga e se produce a efectiva invasión do mar (é o caso das mariñas ou urbanizacións marítimo-terrestres), os terreos agora inundados pasan a ser do dominio público marítimo-terrestre aínda que antes da inundación non fosen demaniales[436]. Agora ben, ¿que cambios se producen na regulación das costas coa Lei 2/2013? Co ánimo de simplificar e atendendo aqueles aspectos máis significativos cara a xestión dende as OMDs, podemos enunciar algunhas regras[437]:

- ✓ Son de dominio público marítimo-terrestre os terreos naturalmente inundables (baixos) "(…) que se inundan como consecuencia do fluxo e refluxo das mareas, das ondas ou da filtración da auga do mar"[438]. Pero non son de dominio público marítimo-terrestre os terreos naturalmente inundables cuxa inundación se produciu

---

[433] "Por outro lado, a regulación desta cuestión por vía regulamentaria, establecendo un criterio diferente, como se prevé, pode afectar ao principio de reserva de Lei que establece a Constitución Española no art.º 132 (...) " para os bens de dominio público. Véxase: NAVARRO ORTEGA, A. (2014): "El régimen jurídico de las aguas de transición: Un punto de encuentro entre la legislación de aguas y la de costas". Tesis doctoral, Departamento de Derecho Administrativo, Facultad de Derecho, Universidad de Granada, Granada; pp. 250-282; op. cit. páx. 253.

[434] Véxase: MENÉNDEZ RESACH, A. (2014): "La nueva regulación de las costas: un giro hacia el dominio privado marítimo-terrestre". IX Congreso de la AEPDA (Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo"; op. cit. páx. 22. http://www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-586-Actividades-Congresos-de-la-AEPDA-IX-CONGRESO-DE-LA--AEPDA.aspx

[435] Artigo 6.2 do Regulamento da Lei de Costas de 1988. Véxase: "Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento general para desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº297, de 12/12/1989; pp. 38459-38485.
http://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1989-29127

[436] Artigo 43.6 do Regulamento da Lei de Costas de 1988. Véxase: "Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento general para desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº297, de 12/12/1989; pp. 38459-38485.
http://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1989-29127

[437] Véxase: GARCÍA PÉREZ, M. e SANZ LARRUGA, F. J. (2014): "Reflexiones en torno a la Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas"; op. cit. páx. 11. http://www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-586-Actividades-Congresos-de-la-AEPDA-IX-CONGRESO-DE-LA--AEPDA.aspx

[438] Punto Dous -art. 3.1 a) parágrafo 2º)- do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

por medios artificiais cando antes da inundación non fosen de dominio público[439]. Esta norma aplícase de modo retroactivo aos terreos a que se refire a transitoria primeira da Lei de Costas de 1988, cando sobre os mesmos realizásense obras e instalacións destinadas a actividades de cultivos mariños ou salinas marítimas (novo apartado 5 da disposición transitoria primeira)[440]. Unha regulación sorprendente[441], por canto establece unha excepción ao carácter demanial dos terreos "naturalmente inundables"[442] e que "(…) pon en cuestión o mesmo concepto de demanio por natureza (…)"[443].

- ✓ Son de dominio público marítimo-terrestre os terreos que, non sendo naturalmente inundados, son invadidos polo mar por causas naturais. Pero non son de dominio público marítimo-terrestre os terreos que, non sendo naturalmente inundables, son invadidos pola auga de mar por causas artificiais, como consecuencia de obras e instalacións realizadas para facer chegar a auga de forma artificial e controlada onde noutras condicións non tería chegado[444].
- ✓ Son de dominio público marítimo-terrestre en todo caso, os terreos invadidos pola auga de mar, por causas naturais ou artificiais, se os terreos inundados son navegables[445]. Non obstante, teñen un réxime xurídico especial as urbanizacións marítimo-terrestres, nas que non son de dominio público algunhas partes inundadas (disposición adicional décima)[446]. De feito, neste caso concreto de indubidable

---

[439] Punto Dous -art. 3.1 a) parágrafo 3º)- do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[440]"Non obstante o disposto nos apartados anteriores, se os terreos, a que estes se refiren, tivesen sido inundados artificial e controladamente como consecuencia de obras ou instalacións realizadas para o efecto e estivesen destinados a actividades de cultivo mariño ou a salinas marítimas excluiranse do dominio público marítimo-terrestre, aínda cando sexan naturalmente inundables". Punto Trinta e nove - Modifícanse os apartados 2 e 3 da disposición transitoria primeira e introdúcese un novo apartado 5 (…)-do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736.
http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[441]Véxase: MENÉNDEZ REXACH, A. (2013): "Costas", en PAREJO ALFONSO, L. e PALOMAR OLMEDA, A. (dirs.): "Derecho de los Bienes Públicos, vol. II". Aranzadi-Thomson, Cizur Menor; pp. 251-339; op. cit. páx. 266.

[442] Véxase: GARCÍA PÉREZ, M. e SANZ LARRUGA, F. J. (2014): "Reflexiones en torno a la Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas"; op. cit. páx. 12. http://www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-586-Actividades-Congresos-de-la-AEPDA-IX-CONGRESO-DE-LA--AEPDA.aspx

[443] Véxase: NÚÑEZ LOZANO, M. C. (2013): "La reforma de la Ley de Costas de 2013". Tirant lo Blanch, Valencia; op. cit. páxs. 40-45.

[444] Punto Dous: "Modifícase o artigo 3 (..)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[445] Punto Tres: "Modifícase o apartado 3 do artigo 4 (..)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[446] Punto Corenta e un: "Introdúcese unha nova disposición adicional décima (..)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo,

interese para as OMDs, os terreos inundados incorpóranse ao dominio público, salvo os chamados "estacionamentos náuticos" privados, individuais ou colectivos[447]. Agora ben, ¿que se entende por estacionamentos náuticos? Por tales, enténdese: os terreos privados lindantes á vivenda e retranqueados respecto da canle navegable que se destinen a estacionamento náutico individual e privado; e os terreos privados lindantes coa canle navegable e inundados como consecuencia de escavacións que se destinen a estacionamento náutico colectivo e privado (apartado 3.a)[448]. Por outra parte, os propietarios das vivendas contiguas ás canles terán un dereito de uso dos amarres situados fronte ás vivendas; este dereito está vinculado á propiedade da vivenda e só será transmisible xunto a ela (apartado 4)[449].

O novo apartado 6 do art.º 33 introducido pola LPUSL, distingue dous tipos ou categorías do espazo chamado *praia*. A Lei anuncia un réxime diferenciado para os tramos de praia urbanos e para os tramos de praia naturais. "Dotarase aos tramos naturais das praias dun elevado nivel de protección que restrinxa as ocupacións, autorizando unicamente as que sexan indispensables ou estean previstas na normativa aplicable"[450]. Desta forma prevese, a través dun futuro desenvolvemento regulamentario, a intensificación da protección ambiental de determinadas praias atendendo á súa natureza. "Nos tramos urbanos poderá autorizarse a celebración daqueles eventos de interese xeral con repercusión turística que cumpran os requisitos que se establezan, (…), así como a adopción de todas as medidas preventivas tendentes a evitar calquera afección ambiental e a garantir o

---

de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[447] A este respecto, ZAMBONINO PULITO (2013) fai unha interpretación interesante: "(...) os espazos ocupados por estacionamento náuticos non se incorporarán ao dominio público marítimo-terrestre, o que non é o mesmo que dicir que os devanditos espazos serán de propiedade privada. Unha eventualidade que non obstante, non poderá darse dende o momento en que os devanditos espazos formen parte da zona de servizo portuaria e, por conseguinte, do dominio público portuario, de titularidade, como xa se expuxo, autonómica. De aí que caiba manter o carácter de dominio público -portuario, aínda que non marítimo-terrestre- dos estacionamentos náuticos, e, por conseguinte a imposibilidade, á vista da lexislación de portos que lles é aplicable, de titularidades privadas. Noutro caso estariamos a admitir a regulación polo lexislador estatal dunha cuestión -a extensión da zona de servizo do porto- de competencia exclusiva das Comunidades Autónomas". Véxase: ZAMBONINO PULITO, M. (2013): "Las marinas en la reforma de la Ley de Costas", en PÉREZ GÁLVEZ; J. F. (dir.): "Costas y Urbanismo. El litoral tras la Ley 2/2013, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley de Costas". La Ley/ El Consultor de los Ayuntamientos, Madrid; pp. 891-940; op. cit. páxs. 915 e 916.

[448]Unha falta de concreción respecto aos límites do estacionamento náutico, que pode derivar en situacións de desigualdade pola diversidade de criterios que puidesen empregarse nos deslindes que se realicen nas distintas mariñas existentes nas costas españolas. Véxase: ZAMBONINO PULITO, M. (2013): "Las marinas en la reforma de la Ley de Costas", en PÉREZ GÁLVEZ; J. F. (dir.): "Costas y Urbanismo. El litoral tras la Ley 2/2013, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley de Costas". La Ley/ El Consultor de los Ayuntamientos, Madrid; pp. 891-940; op. cit. páx. 915.

[449] Apuntar tamén, pola súa significación, que non se xera servidume de protección nin de tránsito en torno aos espazos inundados, manténdose a servidume de protección preexistente ás obras (apartado 3.b). O tránsito e o acceso deberá garantirse no correspondente instrumento de ordenación territorial ou urbanística, que é preceptivo neste tipo de instalacións (apartado 3.c en relación co apartado 2). Véxase: Punto Corenta e un: "Introdúcese unha nova disposición adicional décima (...)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[450]Punto Doce: "Introdúcese un novo apartado 6 no artigo 33 (…)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: Ibídem.

mantemento do tramo de praia no estado anterior á ocupación"[451]. Agora ben, "(...) unha vez finalizada a ocupación, procederase de xeito inmediato ao levantamento das instalacións, á completa limpeza do terreo ocupado e á execución das demais actuacións precisas para asegurar a íntegra conservación da praia"[452]. En calquera caso, consideramos que esta distinción entre tramos urbanos e naturais de praia non é moi afortunada, sobre todo se se ve como unha flexibilización de usos nos tramos urbanos. De feito, os xestores das OMDs deben ter moi presente que estas seccións das praias son as máis expostas aos procesos de contaminación e degradación e sobre os que se deberían potenciar as accións de protección co obxectivo de mellorar a imaxe de calidade ambiental do territorio. Por outra parte, a LPUSL non aclara os criterios para identificar os tramos de praia urbanos e para os tramos de praia naturais. Estas características deberían aparecer na Lei e non no regulamento de desenvolvemento posto que se trata dunha cuestión de vital importancia que determina a extensión do dominio público marítimo-terrestre. "Na delimitación dos tramos urbanos e naturais das praias participarán as administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, na forma que regulamentariamente se determine"[453]. Unha remisión que introduce unha excesiva incerteza por canto que cunha interpretación ampla da expresión "solos urbanizados" poderiamos incluír unha gran parte do espazo costeiro do noso país.

Por outra parte, incluiranse dentro do dominio público marítimo-terrestre estatal os sistemas dunares "(…) ata o límite que resulte necesario para garantir a estabilidade da praia e a defensa da costa"[454]. Teñamos moi presente que ao longo do litoral galego non é dificil encontrar reiterados exemplos de espazos urbanizados que estanse a desenvolver sobre dunas (Portomaior en Bueu, Baltar en Sanxenxo, …). A antropización destes ámbitos dificulta a fixación de criterios técnicos e moito máis cando se trata de "garantir a estabilidade da praia e a defensa da Costa" polo carácter aberto que recollen estas expresións e que en moitos casos pode producir unha separación artificial destes espazos[455]. Nas dunas permanentes das praias, aínda cando fosen formadas pola acción do mar ou do vento mariño, será necesario demostrar a súa utilidade por parte da Administración (invértese a carga da proba) "(…) para garantir a estabilidade da praia e a defensa da costa". En definitiva, o criterio da nova redacción legal é aplicable a todas as dunas, de modo que se poderán excluír do dominio público as que non se consideren necesarias para os devanditos fins, aínda que estean en movemento. "Iso sería, seguramente, un despropósito, pero a Lei faino posible"[456]. Unha situación que pode dar lugar ao paradoxo de que, mesmo, sobre espazos dunares sobre os que durante anos realizáronse actuacións de conservación e reparación por parte da Dirección Xeral da Sostibilidade da Costa e do Mar, pasen a ser excluídas do dominio público. Obviamente con esta disposición cuestiónase o

[451] Ibídem.
[452] Ibídem.
[453] Ibídem.
[454] Punto Dous -art. 3.1 b)- do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: Ibídem.
[455] Véxase: ARANA GARCÍA, E. e NAVARRO ORTEGA, A. (2013): "La Ley de Protección y Uso Sostenible del Litoral: ¿un giro hacia lo desconocido?". Revista Vasca de Administración Pública (R.V.A.P.) nº97; pp. 21-60: op. cit. páx. 27.
[456] Véxase: MENÉNDEZ RESACH, A. (2014): "La nueva regulación de las costas: un giro hacia el dominio privado marítimo-terrestre". IX Congreso de la AEPDA (Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo"; op. cit. páx. 27. http://www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-586-Actividades-Congresos-de-la-AEPDA-IX-CONGRESO-DE-LA--AEPDA.aspx

valor ambiental e rexenerador que teñen estes espazos para a preservación da dinámica litoral.

A Disposición adicional terceira da Lei 2/2013 estableceu que a liña exterior dos paseos marítimos que a "(...) Administración Xeral do Estado ou por outras administracións públicas coa autorización daquela (...)"[457] construísen durante o período comprendido entre a entrada en vigor da LC de 1988 e a da LPUSL "(…) entenderase para todos os efectos como liña interior da ribeira do mar"[458], puntualizando que, para estes efectos, non se considerarán "(…) paseos marítimos aquelas instalacións que non supuxesen unha alteración do terreo que lles serve de soporte, tales como as pasarelas ou os camiños de madeira apoiados sobre o terreo ou sobre estacas"[459]. A consecuencia práctica é que os terreos situados ao interior destes paseos marítimos poderán ser desafectados, "(…) de conformidade co previsto no artigo 18 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas[460],,[461]. En calquera caso, a aplicación desta disposición debe limitarse aos paseos construídos en solo clasificado como urbano en agosto de 1988[462]. Agora ben, nestes casos o paseo xa non podería considerarse ribeira do mar, pois non tería características naturais de praia (teríaas perdido a consecuencia das obras) nin de zona marítimo terrestre (salvo que o alcancen as ondas nos maiores temporais) e así deberíase ter reflectido no correspondente deslinde. En definitiva, non se entende por que esta disposición só afecta aos paseos construídos durante o período de vixencia da Lei de Costas de 1988 e por que se fai coincidir o límite interior da ribeira do mar co do paseo, pois este non formará xa parte da ribeira do mar e, se así fóra, habería que excluílo da delimitación daquela, aínda que non (necesariamente) do deslinde do DPMT[463].

A LPUSL prevé proposicións que producirán a revisión dos deslindes, xa que introduce regras especiais para a revisión destes. O deslinde do DPMT[464] apróbase mediante *Orde ministerial*[465] que declara a posesión e titularidade dominical a favor do

---

[457] Disposición adicional terceira: "Deslinde en determinados paseos marítimos" da "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[458] Ibídem.

[459] Ibídem.

[460] Véxase: "Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386 -23401. https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1988-18762

[461] Disposición adicional terceira: "Deslinde en determinados paseos marítimos" da "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[462] Dado que o artigo 44.5 da Lei de Costas de 1988 establece que os "(...) paseos marítimos localizaranse fóra da ribeira do mar (...), salvo en zonas clasificadas "(...) como urbanas á promulgación desta Lei, en casos debidamente xustificados". Disposición Transitoria Sétima da Lei de Costas de 1988. Véxase: "Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386 -23401. https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1988-18762

[463] Véxase: MENÉNDEZ RESACH, A. (2014): "La nueva regulación de las costas: un giro hacia el dominio privado marítimo-terrestre". IX Congreso de la AEPDA (Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo"; op. cit. páx. 28. http://www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-586-Actividades-Congresos-de-la-AEPDA-IX-CONGRESO-DE-LA--AEPDA.aspx

[464] Dominio Público Marítimo-Terrestre.

[465] "O expediente de deslinde, co proxecto e a acta de reformulación, será elevado ao Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo para a súa aprobación mediante Orde ministerial". Artigo 24.3 do Regulamento da Lei de Costas de 1988. Véxase: "Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento general para desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº297, de 12/12/1989; pp. 38459-38485. http://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1989-29127

Estado e prevalece fronte ás inscricións contraditorias existentes no Rexistro da Propiedade e, en segundo lugar, é título abondo para inmatricular o DPMT e para rectificar as situacións rexistrais contraditorias. A LC de 1988 marcou o inicio dun proceso dirixido a deslindar a costa, que durou máis de 20 anos, de tramitación de expedientes administrativos, primeiro, e xudiciais, despois. Este proceso, practicamente completado a día de hoxe no litoral gallego tras un laborioso esforzo da Administración, deberase reabrir con ocasión das disposicións contidas na LPUSL[466]. En canto ás modificacións que introduce a LPUSL en materia de deslindes, significar pola súa relevancia aquelas situacións particulares que a lei dota dun réxime xurídico específico. En calquera caso, estamos ante casos onde sorprende o tratamento singular que o lexislador efectúa; de aí que algunhas destas reformas fosen riscadas tanto discriminatorias, arbitrarias como inxustificadas. Entre estes casos singulares, imos centrarnos, no orixinado pola disposición adicional sétima da Lei 2/2013, titulada "Exclusión de determinados núcleos de poboación do dominio público marítimo-terrestre"[467]. Esta disposición fai referencia a un anexo, que se recolle ao final da Lei, no cal cítanse doce núcleos[468], entre os cales se encontra o núcleo de Moaña (Moaña, Pontevedra). Unha lista de entidades de poboación que vai acompañada da súa correspondente planimetría, na que certos terreos de cada núcleo aparecen sombreados. Son os terreos "excluídos" do dominio público marítimo-terrestre, malia que foron, no seu día, incluídos dentro da liña do deslinde. Realizándose desta forma, por primeira vez na nosa historia lexislativa, un deslinde en materia de costas con rango de Lei[469]. O réxime xurídico ao que se someten estes terreos aparece claramente determinado na adicional comentada: "(...) poderán ser transmitidos aos seus ocupantes, por calquera dos negocios dispositivos previstos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas"[470]. Unha regulación da que podemos empezar criticando o

[466] Véxase: ARANA GARCÍA, E. e NAVARRO ORTEGA, A. (2013): "La Ley de Protección y Uso Sostenible del Litoral: ¿un giro hacia lo desconocido?". Revista Vasca de Administración Pública (R.V.A.P.) nº97; pp. 21-60: op. cit. páx. 30.

[467] Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[468] Distribuídos polo territorio español da seguinte forma: dous da provincia de Alicante, un de Castelló, dous de Girona, tres de Huelva, dous de Málaga, un de Pontevedra e un de Valencia. En concreto, os municipios que enumera o Anexo son: Serra Grossa, termo municipal de Alicante, provincia de Alicante; Puerto de Santa Pola, termo municipal de Santa Pola, provincia de Alicante; Empuriabrava, termo municipal de Castelló d'Empuries, provincia de Girona; Platja d'Aro, termo municipal de Castell Platja d'Aro, provincia de Girona; Ría Punta Umbría, termo municipal de Punta Umbría, provincia de Huelva; Caño del Cepo, termo municipal de Isla Cristina, provincia de Huelva; Casco urbano, termo municipal de Isla Cristina, provincia de Huelva; Pedregalejo, termo municipal de Málaga, provincia de Málaga; El Palo, termo municipal de Málaga, provincia de Málaga; Oliva, termo municipal de Valencia, provincia de Valencia; Poblado Marítimo de Xilxes (Castellón), termo municipal de Xilxes, provincia de Castellón; *Moaña, termo municipal de Moaña, provincia de Pontevedra*.

[469] O Preámbulo da LPUSL xustifica este feito aludindo de que se trata de terreos que non pertencen á categoría do art.º 3.1. da Lei de Costas. "Esta declaración, resulta, canto menos, discutible". Véxase: NAVARRO ORTEGA, A. (2014): "El régimen jurídico de las aguas de transición: Un punto de encuentro entre la legislación de aguas y la de costas". Tesis doctoral, Departamento de Derecho Administrativo, Facultad de Derecho, Universidad de Granada, Granada; pp. 250-282; op. cit. páx. 260.

[470] Disposición adicional sétima: "Exclusión de determinados núcleos de poboación do dominio público marítimo-terrestre" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

  - No réxime de utilización do dominio público marítimo-terrestre establécense novas regras determinadas polos potenciais efectos do cambio climático. Estas novas regras concrétanse en que:
    - Os proxectos das obras que se realicen sobre o dominio público marítimo-terrestre, deberán "(…) conter unha avaliación dos posibles

[524] Apartado 2 da Disposición adicional novena: "Garantía do funcionamento temporal de determinadas instalacións de depuración" da LPUSL. Véxase: Ibídem.
[525] Apartado 3 da Disposición adicional novena: "Garantía do funcionamento temporal de determinadas instalacións de depuración" da LPUSL. Véxase: Ibídem.
[526] Véxase: GARCÍA PÉREZ, M. e SANZ LARRUGA, F. J. (2014): "Reflexiones en torno a la Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas"; op. cit. páx. 56.
http://www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-586-Actividades-Congresos-de-la-AEPDA-IX-CONGRESO-DE-LA--AEPDA.aspx
[527] Punto Un: "Modifícase o artigo 2, letra a) (…)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30
[528] Apartado 1 do Punto Catro: "Modifícase o artigo 6, apartado 1 e engádese un novo apartado 3 (…)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: Ibídem.
[529] Punto Nove: "Engádese un novo artigo 13 ter (…)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: Ibídem.

efectos do cambio climático sobre os terreos en que se vai situar a obra, na forma que se determine regulamentariamente"[530].

- A revogación unilateral das autorizacións pola Administración "(…) en calquera momento, sen indemnización, cando (...) os terreos ocupados soporten un risco certo de que o mar lles alcance (…)"[531].
- A ampliación das concesións (sen superar o máximo de 75 anos) "(…) cando o concesionario presente proxectos de rexeneración de praias e de loita contra a erosión e os efectos do cambio climático, aprobados pola Administración"[532].
- Os adxudicatarios dos concursos para o outorgamento de concesións e autorizacións terán, entre outras condicións, a obriga "(…) de adoptar as medidas requiridas pola Administración de adaptación á suba do nivel do mar, os cambios na dirección da ondada ou outros efectos do cambio climático"[533].

- A disposición adicional oitava da LPUSL establece a esixencia da elaboración de determinados instrumentos de protección fronte ás incidencias do cambio climático:
  - Unha "(…) estratexia para a adaptación da costa aos efectos do cambio climático (…)", que deberá elaborar o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio, no prazo de dous anos dende a entrada en vigor da Lei 2/2013, e "(…) que se someterá a Avaliación Ambiental Estratéxica". Na devandita Estratexia deberá conterse como mínimo a indicación dos "(…) distintos graos de vulnerabilidade e risco do litoral e propoñeranse medidas para facer fronte aos seus posibles efectos"[534].
  - Un Plan de adaptación sobre os terreos de dominio público marítimo-terrestre que se adscribisen a Comunidades Autónomas, conforme "(…) ao art.º49 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (…)", que deberán presentar estas á aprobación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio. O devandito Plan de adaptación hase de referir non só aos terreos senón tamén ás "(...) estruturas construídas sobre eles para facer fronte aos posibles efectos do cambio climático"[535].

[530] Punto Catorce: "Introdúcese un parágrafo segundo no apartado 2 do artigo 44 (…)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: Ibídem.
[531] Punto Dezaoito: "Modifícase o apartado 1 do artigo 55 (…)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: Ibídem.
[532] Apartado 2 do Vinte e un: "Modifícanse os apartados 2 e 3 do artigo 66 (…)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: Ibídem.
[533] Punto Vinte e catro: "Engádese unha nova letra m) no artigo 76 (…)" do Artigo primeiro: "Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas" da LPUSL. Véxase: Ibídem.
[534] Apartado 1 da Disposición adicional oitava: "Informe sobre as posibles incidencias do cambio climático no dominio público marítimo-terrestre" da LPUSL. Véxase: Ibídem.
[535] Apartado 2 da Disposición adicional oitava: "Informe sobre as posibles incidencias do cambio climático no dominio público marítimo-terrestre" da LPUSL. Véxase: Ibídem.

A xeito de breve conclusión, a valoración xeral da Lei 2/2013 non pode ser favorable, aínda que conteña aspectos positivos[536]. A Lei non contribúe á protección do litoral nin ao seu uso sostible, a pesar dos postulados de orde proteccionista ou ambientalista recollidos en Preámbulo da LPUSL[537]. De feito, pode afirmarse sen temor de chegar a un conclusión nesgada ou parcial que o verdadeiro "(...) leitmotiv da Lei non é a sostibilidade ambiental do litoral, senón unha decidida posta en valor económico (...)"[538] do litoral. O equilibrio entre desenvolvemento económico e protección ambiental dentro da Lei 2/2013 non se conseguiu ao inclinarse a balanza demasiado en favor dunha visión máis economicista do litoral do desexable[539]. Non é unha lei protectora do litoral, posto que ningunha das medidas relativas á determinación do dominio público marítimo-terrestre vai orientada a ampliar a franxa demanial, senón todo o contrario[540]. Por outra parte, temos a perpetuación dos usos existentes no DPMT por 75 anos máis. Unha prórroga que supón un pesado condicionamento para a planificación territorial e urbanística. Outro motivo de preocupación é a previsible ampliación dos terreos edificables a consecuencia da revisión do deslinde para reducir a franxa de DPMT e da redución da anchura da servidume de protección nos núcleos que poidan acreditar a condición de solo urbano á entrada en vigor da Lei de Costas. Todo un cúmulo de circunstancias que poden desembocar nun rexurdir das prácticas de marcado carácter insostible desenvolvidas nun pasado non tan afastado e

---

[536]Afirmación recollida de MENÉNDEZ RESACH (2014) coa que coincidimos plenamente. Véxase: MENÉNDEZ RESACH, A. (2014): "La nueva regulación de las costas: un giro hacia el dominio privado marítimo-terrestre". IX Congreso de la AEPDA (Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo"; op. cit. páx. 47. http://www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-586-Actividades-Congresos-de-la-AEPDA-IX-CONGRESO-DE-LA--AEPDA.aspx

[537]"En suma, esta reforma pretende sentar las bases de un uso del litoral que sea sostenible en el tiempo y respetuoso con la protección medioambiental. Con este fin, los cambios que se introducen otorgan certeza y claridad, al tiempo que resuelven los problemas que a corto plazo planteaba la legislación anterior, preservando la franja litoral". Véxase: Punto III do Preámbulo da LPUSL. Véxase: "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30/5/2013, pp. 40691-40736. http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30

[538]Véxase: GARCÍA PÉREZ, M. e SANZ LARRUGA, F. J. (2014): "Reflexiones en torno a la Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas"; op. cit. páx. 50..
http://www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-586-Actividades-Congresos-de-la-AEPDA-IX-CONGRESO-DE-LA--AEPDA.aspx

[539] Véxase: ARANA GARCÍA, E. e NAVARRO ORTEGA, A. (2013): "La Ley de Protección y Uso Sostenible del Litoral: ¿un giro hacia lo desconocido?". Revista Vasca de Administración Pública (R.V.A.P.) nº97; pp. 21-60; op. cit. páx. 58.

[540] Neste sentido, son unánimes as opinións das primeiras análises efectuadas sobre a transcendencia desta reforma lexislativa. Véxase: GARCÍA PÉREZ, M. (2012): "La reforma de la Ley de Costas: un lobo con piel de cordero". El Cronista del Estado Social y Democrático de Derecho, nº31; pp. 60-73; GONZÁLEZ GARCÍA, J. (2012): "Cuestiones problemáticas de protección del litoral en el proyecto de Ley de reforma de la Ley de Costas". Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación, nº 26; pp. 53-75; ARANA GARCÍA, E. e NAVARRO ORTEGA, A. (2013): "La Ley de Protección y Uso Sostenible del Litoral: ¿un giro hacia lo desconocido?". Revista Vasca de Administración Pública (R.V.A.P.) nº97; pp. 21-60; MENÉNDEZ REXACH, A. (2013): "Costas", en PAREJO ALFONSO, L. e PALOMAR OLMEDA, A. (dirs.): "Derecho de los Bienes Públicos, vol. II". Aranzadi-Thomson, Cizur Menor; pp. 251-339; NOGUERA DE LA MUELA, B. e AGUIRRE I FONT, J. M. (2013): "Costas y Urbanismo: de la Ley de Costas al proyecto de Ley de Protección y Uso sostenible del Litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas", en LÓPEZ RAMÓN, F. e ESCARTÍN ESCUDÉ, V. (coords.): "Bienes Públicos, Urbanismo y Medio Ambiente". Marcial Pons, Madrid; pp. 301-344; NÚÑEZ LOZANO, M. C. (2013): "La reforma de la Ley de Costas de 2013". Tirant lo Blanch, Valencia.

cuxos cicatrices son aínda palpables en amplos sectores do litoral galego. Polo tanto, é preciso poñer de relevo os riscos e consecuencias negativas que se poden derivar dunha mala planificación. Un risco que debe de ser tido moi presente polos xestores das OMDs do litoral galego á hora de orientar as súas accións de carácter territorial. Máis se cabe, se temos presente o xiro do mercado de demanda cara á valoración dos aspectos de calidade ambiental dos destinos á hora de rexer a súa toma de decisións de viaxe. Neste sentido, somos claramente da opinión que o posicionamento dos destinos do litoral galego debe ter un eixe central na sostibilidade dos produtos ofertados. En defintiva, a sostibilidade e a calidade ambiental como factor de éxito debe presedir as políticas de mercadotecnia territorial a implementar dende as OMDs do litoral galego.

En función da titularidade do núcleo de competencias sobre ordenación do territorio da administración autonómica galega[541], non debemos finalizar esta breve análise sen abordar o marco xeneral das bases legais da planificación territorial en Galicia e a estrutura integrada e ordenada dos seus instrumentos normativos. Uns instrumentos, que que ata a actualidade, no seu desenvolvemento e aplicación práctica foron fragmentarios, desiguais e, nalgúns casos, nulos[542].

A *Lei 10/1995, do 23 de novembro de ordenación do territorio de Galicia (LOTG)*[543] é a base para regular esta materia no territorio galego. Unha norma que no seu *preámbulo* sinala que: "As actuacións das distintas administración públicas sobre o territorio galego viñeran caracterizándose pola acumulaci6n de iniciativas carentes dun claro sentido territorial, que permitise alcanzar unha distribución espacial de actividades capaz de aproveitar as potencialidades propias de cada zona e, en consecuencia, a correspondente mellora no nivel de calidade de vida e na calidade do medio natural galego"[544]. Menciónase, así mesmo, a "(…) falta endémica dunha visión integradora e combinada da actuación administrativa (…)"[545]. "A consecución dos obxectivos sinalados postula e xustifica a elaboración dunha normativa propia de a Comunidade Autónoma galega que, baseada nos principios de coordinación, cooperación interadministrativa, racionalidade e planificación, configure os instrumentos ordenadores que permitan obter un marco territorial global e flexible, no que se establezan as referencias básicas, as pautas espaciais para o desenvolvemento económico e social, os criterios e mecanismos que posibiliten a harmonización dos distintos elementos que conforman o territoriö e a coordinación entre os distintos poderes e axentes económicos e sociais implicados. E todo iso presidido por unha idea central: a da coordinación administrativa"[546]. Polo tanto, esta norma parte da procura dunha integración coherente dos diferentes enfoques das diversas políticas públicas e actuacións administrativas, englobando organizada e articuladamente as distintas iniciativas con repercusión territorial. Non esquezamos que o sistema de

[541]Artigo 27. 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia. Véxase: "Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia". BOE nº101, de 28/4/1981; pp. 8997-9003; op. cit. páx. 8999. http://www.boe.es/boe/dias/1981/04/28/pdfs/A08997-09003.pdf

[542] Véxase: DÍAZ OTERO, A. (2009): "El valor jurídico del paisaje en el derecho público gallego". Corts. Anuario de derecho parlamentario, nº 21; pp. 139-165; op. cit. páxs. 149 e 150.

[543]Véxase: "Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia". DOG nº233, de 05/12/1995, BOE nº 11, de 12/01/1996; pp. 849-857. https://www.boe.es/boe/dias/1996/01/12/pdfs/A00849-00857.pdf

[544]Punto III do Preámbulo da Lei 10/1995; ibídem; op. cit. páx. 849.

[545] Ibídem.

[546] Punto V do Preámbulo da Lei 10/1995; ibídem; op. cit. páx. 849.

planificación urbanística tende, pola súa propia configuración, a focalizar a actuación ao ámbito municipal, sendo evidente que unha axeitada política territorial esixe perspectivas xeográficas máis amplas de carácter supramunicipal. En definitiva, a Lei 10/1995 pretendía cubrir as insuficiencias "(…) que ofrecía o sistema de planificación urbanstica creando outro sistema -o de ordenaci6n territorial-, establecendo para iso os diferentes instrumentos de ordenaci6n do territorio, o seu contido e relación de interdependencia así como as canles procedementais para a súa elaboración e o réxime da súa vixencia, modificación e revisión" [547]. Para o devandito fin crea e regula os seguintes instrumentos[548]:

- Directrices de ordenación do territorio[549].
- Plans territoriais integrados[550].
- Programas coordinados de actuación[551].
- Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal[552].

---

[547] Ibídem.

[548] Artigo 4 da Lei 10/1995; ibídem; op. cit. páx. 850.

[549] As funcións que corresponden ás Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) son as seguintes:

a) "Formular con caracter global e interrelacionado, e no marco do Plan económico-social da Comunidade Autónorna, o conxunto de criterios e normas que orienten e regulen os procesos de asentamento en elterritorio das distintas actividades económicas e sociais dos axentes publicos e privados que operen en dito territorio.
b) Construír un marco xeral de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación territorial, así como dos plans de ordenación previstos na lexislación urbanstica, e para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais da Comunidade, ao que habran de acomodarse os plans, programas e accións con incidencia no territorio que poidan desenvolver as administracións públicas de caracter autonómico ou local, co fin de garantir unha axeitada coordinaciôn e compatibilizaciôn de todas elas.
c) Subministrar as previsións e criterios básicos que vaian actuar como marco de referencia para a formulación das pollticas sectoriais, así como para a programación dos recursos das administración publicas que deban aplicarse no territorio da Comunidade Autônoma.
d) Propoñer as accións territoriais que requira a actuaciôn conxunta con outras comunidades autónomas e restantes administracións publicas, ofrecendo as bases abondo para celebrar os convenios ou acordos de colaboración que resulten necesarios" (Artigo 6 da Lei 10/1995).

Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 851 .

[550]Os Plans territoriais Integrados (PTI) están "(…) dirixidos á organizaci6n de areas geográficas supramunicipais de caractersticas homoxéneas ou daquelas que, polo seu tamano e relacións funcionais, precisen dunha planificaci6n infraestrutural, de equipamentos e recursos de ámbito comarcal, e de carácter integrado" (Artigo 12.1 da Lei 10/1995). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 852. Ao noso xuízo o ámbito territorial que están chamados a cubrir estes plans son as áreas metropolitanas ou comarcais. En todo caso, sobre aquelas zonas que precisen dunha planificación carácter marcadamente infraestrutural, de equipamento ou recursos, de carácter integrado. Dende a óptica deste traballo de investigación, debería aplicarse esta figura de planificación territorial sobre as dúas áreas de configuración metropolitana localizadas no litoral galego: Vigo e A Coruña. Véxase: Artigo 15 da Lei 10/1995. Ibídem; op. cit. páx. 853.

[551] As funcións dos Programas Coordinados de Actuación (PCA) son as seguintes:

a) "Formular un programa plurianual, referido á totalidade do ambito comunitario ou a algunhas das areas do mesmo, de cáracter sectorial ou intersectorial, integrando as actuacións propostas polas distintas administracións ou organismos publicos que operen no ámbito da Comunidade Autónoma.
b) Determinar, conxuntamente e de acordo co réxime de competencias establecido pola lexislación vixente, as administracións ou organismos responsables da súa execución e, no seu caso, os çriterios para establecer os necesarios acordos ou convenios entre as administracións públicas que deban proceder a'su desenvolvemento conxunto" (Artigo 16 da Lei 10/1995).

Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 853.

[552] "Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interes publico ou utilidade social cando o seu

- Plans de ordenación do medio flsico[553].

Na redacción de todos eles debe ter tradución a cuádrupla finalidade "(…) de favorecer a utilización racional do territorio galego, protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial"[554]. Por outra parte, estes instrumentos de ordenación do territorio estarán destinados á consecución, entre outros obxectivos, da compatibilización "(…) do proceso de desenvolvemento do sistema produtivo, da urbanización e da ordenación turística como a racional utilización dos recursos naturais, sobre todo no referente ao litoral, (…)"[555]. Así mesmo, establécese o dobre obxectivo de procurar "(…) o máximo benestar da súa poboación ao tempo que se garante a protección e mellora do medio"[556]. Isto non pode ser entendido máis que como unha referencia implícita, pero real, ao desenvolvemento sostible do territorio e, en concreto das actividades turísticas no litoral. Outra nova mención expresa a el recóllese no imperativo de definir "(…) áreas territoriais que, (…) pola súa riqueza paisaxística ou ecolóxica, haxan de ser obxecto de especial protección"[557]. Por outra parte, sinalar o obxectivo de declarado de regular a "(...) participación da sociedade no proceso de ordenación territorial para conseguir que esta sexa autenticamente democrática e responda ás aspiracións e necesidades da poboación"[558]. Un obxectivo que debe ser asumido plenamente dende o principio de *gobernanz*a que debe marcar a xestión territorial das OMDs.

Un instrumento capital e básico da ordenación do territorio son as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT). A partir da mesmas configúrase o marco xeral no que se deben encaixar os demais instrumentos de ordenación territorial, así como as diversas políticas sectoriais[559]. Resulta moi oportuno tamén sinalar que o Plan de Ordenación do Litoral ten a natureza dun plan territorial integrado regulado na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia[560].

---

incidencia transcenda do remato municipal en que se sitúen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos" (Artigo 22.1 da Lei 10/1995). Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 854 e 855.

[553] "Os plans de ordenación do medio físico teñen por obxecto dasarroltar laas directoras de. ordenación do territorio nos ámbitos que aquelas delimiten en función das súas características morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, paisaxísticas ou ecolóxicas diferenciadas, que esixan, unha consideración e tratamento unitarios, baixo presupostos que excedan dos propios de cada un dos termos municipais afectados pola ordenación" (Artigo 26.1 da Lei 10/1995) . Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 855.

[554] Artigo 1 da Lei 10/1995; ibídem; op. cit. páx. 850.

[555] Artigo 3.c) da Lei 10/1995; ibídem; op. cit. páx. 850.

[556] Artigo 3.a) da Lei 10/1995; ibídem; op. cit. páx. 850.

[557] Artigo 3.f) da Lei 10/1995; ibídem; op. cit. páx. 850.

[558] Artigo 3.i) da Lei 10/1995; ibídem; op. cit. páx. 850.

[559] "Construír un marco xeral de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación territorial, así como dos plans de ordenación previstos na lexislación urbanística, e para a formulación e execución; das distintas políticas sectoriais da Comunidade, ao que haberán de acomodarse os plans, programas e accións con incidencia no territorio que poidan desenvolver as administracións públicas de carácter autonómico ou local, co fin de garantir unha axeitada coordinaciôn e compatibilizaciôn de todas elas" (Artigo 6. b) da Lei 10/1995. Véxase: Artigo 6. b) da Lei10/1995; ibídem; op. cit. páx. 851.

[560] "En desenvolvemento das directrices de ordenación do territorio poderán formularse plans territoriais integrados dirixidos á organizaci6n de areas xeográficas supramunicipais de caractersticas homoxéneas ou de aquelas que, polo seu tamano e relacións funcionais, precisen dunha planificación irfraestrutural, de equipamentos e recursos de ámbito comarcal, e de carácter integrado" (art. 12.1 da Lei 10/1995). Véxase: "Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia". DOG nº233, de 05/12/1995, BOE nº 11, de 12/01/1996; pp. 849-857; op. cit. páx. 852. https://www.boe.es/boe/dias/1996/01/12/pdfs/A00849-00857.pdf

Polo que se refire á lexislación urbanística de Galicia, a *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMR)*[561] xorde co obxectivo da "(...) ordenación urbanística en todo o territorio de Galicia, así como a regulación, ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se sitúen nel e do patrimonio rural"[562]. De feito, entre os fins da actividade urbanística estará a preservación do medio físico, os valores tradicionais e os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia[563] ademais da harmonización das esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e da paisaxe rural e urbana co mantemento, diversificación e desenvolvemento sostible do territorio e da súa poboación, para contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social[564]. Uns recursos tanto etnográficos como ambientais que como se recolle na exposición de motivos da presente norma están en grave perigo de conservación. "Galicia conta (…) cunha arquitectura rural de excepción e un territorio de incalculable valor paisaxístico (...) e cun litoral de extraordinario valor económico, ambiental, histórico e cultural. Non obstante, a anarquía das construcións e usos que está a proliferar nos últimos anos, o deterioro das edificacións, a falta de conclusión de moitas delas e a degradación da paisaxe, provocada por os moitos movementos de terra inadecuados e o desenvolvemento tecnolóxico aplicado, moitas veces, de forma incontrolada ao medio rural, xustifican a presente Lei que trata de harmonizar o desenvolvemento e benestar do mundo rural coa preservación e revitalización dos bens culturais e naturais tan prezados e fonte de recursos e patrimonio a conservar para legalos ás xeracións futuras deste país"[565]. Así mesmo, faise eco do sexto programa comunitario en materia de medio ambiente, "Medio Ambiente 2010 o futuro nas nosas mans", no que se propón como ámbito de acción prioritario relativo á biodiversidade, a protección, conservación e restauración dos chans e as paisaxes[566]. Con este fin, pretende potenciarse a preservación dos valores naturais e culturais mediante a concentración dos usos económicos e residenciais nos núcleos de poboación existentes e baixo parámetros edificatorios axeitados á entidade histórica de Galicia[567]. Nesta dirección, a modo de exemplo, a norma establece unha delimitación á área de expansión dos núcleos rurais "(…) de acordo cos criterios de crecemento que o plan urbanístico contemple. A devandita área estará comprendida polos terreos delimitados por unha liña poligonal paralela á de circunscrición do núcleo existente e como máximo a 200 metros lineais da mesma sen que, en ningún caso, poida afectar a chan rústico especialmente protexido. Os núcleos rurais situados na franxa de 200 metros dende o límite interior da ribeira do mar non poderán ser ampliados en dirección ao mar salvo nos casos excepcionais en que o Consello da Xunta o autorice expresamente, pola especial configuración de a zona costeira onde se encontren ou por motivos xustificadosde interese público, xustificando a necesidade da iniciativa, a

[561] Véxase: "Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia". BOE nº18, de 21/1/2003; pp. 2650-2708. https://www.boe.es/boe/dias/2003/01/21/pdfs/A02650-02708.pdf. Dentro desta normativa imos centrarnos esencialmente nas determinacións que afectan ás cuestións ambientais e que, por ende, poden proxectarse sobre unha xestión sostible do litoral galego.
[562] Artigo 1 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2655.
[563] Artigo 4. d) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2656.
[564] Artigo 4. e) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2656.
[565] Exposición de motivos da Lei 9/2002; ibídem; op. cit. páx. 2651.
[566] Exposición de motivos da Lei 9/2002; ibídem; op. cit. páx. 2651.
[567] Exposición de motivos da Lei 9/2002; ibídem; op. cit. páx. 2652.

oportunidade e a súa conveniencia en relació co interese xeral"[568]. Asi mesmo, o artigo 29 é un bo exemplo da minuciosidade alcanzada, no cal establécese que as "(…) novas edificacións que se pretendan emprazar nos núcleos rurais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións:

a) A parcela mínima edificable será de 300 metros cadrados salvo casos excepcionais (…).
b) (…) a tipoloxía das edificacións do lugar e utilizarán para a súa edificación os materiais, cores e formas construtivas tradicionais e comúns do propio asentamento. (…).
d) A altura da edificación non excederá de planta baixa e piso, (…).
e) (…) Salvo en casos debidamente xustificados e logo de autorización preceptiva do Concello, os materiais a utilizar na terminación da cubrición serán tella cerámica e/ou lousa, segundo a tipoloxía propia da zona. Quedan prohibidas as mansardas ou bufardas, salvo naquelas zonas en que se xustifique que formen parte das tipoloxías tradicionais e conten coa previa autorización preceptiva do Concello.
f) Para as novas construcións, serán obrigatorios, salvo en aliñacións estables ou consolidadas, os retranqueos mínimos con respecto ás vías de acceso, (…)
g) Para autorizar as edificacións esixirase ter resoltos, con carácter previo e a custa do promotor, polo menos os servizos de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación e tratamento das augas residuais e subministración de enerxía eléctrica ou, noutro caso, garantir a execución simultánea coa edificación"[569]

Por outra parte, entre a documentación a achegar co *plan xeral de ordenación municipal* estará o estudo do medio rural e a análise de modelos de asentamento poboacional[570], o estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico[571], así como o catálogo de elementos a protexer ou recuperar[572]. Tamén, como medidas preventivas ante accións de carácter especulativo: prohíbese a modificación do plan urbanístico que implique a conversión directa do solo rústico en urbano[573] e mesmo a reclasificación que afecte ao solo rústico que fose obxecto de incendios forestais[574]. Por outro lado, prevese unha nova figura denominada *plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural*[575], a redactar e aprobar de forma defintiva pola comunidade autónoma e, concretamente, polo conselleiro competente "(…) en materia de

[568] Artigo 13.3 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2658.
[569] Artigo 29.1 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páxs. 2660 e 2661.
[570] Artigo 61.1.b) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2671.
[571] Artigo 61.1.c) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2671.
[572] Artigo 61.1.h) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2671. Estes catálogos son configurados como un instrumento complementario cuxo obxecto é "(...) identificar as construcións, recintos, xardíns, monumentos, inmobles ou outros elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, estímese conveniente conservar, mellorar ou recuperar". O plan xeral de ordenación municipal, en relación cos mismos,habrá de considerar as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos bens incluídos. Véxase: Artigos 75.1 e 75.3 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2674.
[573] "Prohíbese toda modificación do plan urbanístico que leve consigo a conversión ou inclusión directa de solo rústico na clase de solo urbano". Vérxase: Artigo 95.1 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2678.
[574] Artigo 95.3 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2678.
[575] Artigo 72 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2673.

urbanismo e ordenación do territorio"[576]. Sobre todo isto está o horizonte de recuperar as formas tradicionais de utilización do solo con parámetros tamén estéticos[577].

Outro aspecto de grande interese dende a óptica de xestión das OMDs considerado dentro da Lei 9/2002, é que dentro das categorías de solo rústico establecidas[578] (artigo 32), se encontran:

- *Solo rústico de protección forestal*, constituído polos terreos destinados a explotacións forestais e os que sustenten masas arbóreas que deban ser protexidas por cumprir funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo[579].
- *Solo rústico de protección das augas*[580].
- *Solo rústico de protección de costas*, constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, que se topen a unha distancia inferior a 200 metros do límite interior da ribeira do mar[581]. Ademais, o articulo 85.7.d) considera que os terreos situados na franxa de 500 metros dende a ribeira do mar afectan aos intereses autonómicos fundamentando tal consideración no valor do litoral como recurso natural e ambiental non renovable[582]. Por outra parte, dentro da singular atención que a Lei 9/2002 dedica á protección das zonas costeiras prevé un instrumento específico: o *Plan sectorial de Ordenación do litoral (POLGA),* "(…) onde recolleranse as condicións específicas deste ámbito territorial"[583]. Agora ben, a realidade é que, transcorridos os prazos legalmente previstos, a maioría dos municipios con plans xerais teñen unha ordenación obsoleta que non se adaptou ás esixencias da Lei 9/2002. Unha realidade territorial que determinou a posterior aprobación da Lei 6/2007 do 11 de maio[584], co obxectivo claro de frear a deterioración paisaxística da franxa litoral de Galicia.
- *Solo rústico de protección de espazos naturais*, constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna. Igualmente terán a devandita consideración os terreos que os instrumentos de ordenación do territorio, as normas provinciais ou o plan urbanístico consideren necesario protexer polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos[585].
- *Solo rústico de protección de interese paisaxístico* co fin de preservar as vistas panorámicas do territorio, o mar, o curso dos ríos ou os vales, e os monumentos ou

[576] Artigo 89 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2677.
[577] Véxase: DÍAZ OTERO, A. (2009): "El valor jurídico del paisaje en el derecho público gallego". Corts. Anuario de derecho parlamentario, nº 21; pp. 139-165; op. cit. páx. 146.
[578]Artigo 32 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páxs. 2661 e 2662.
[579] Artigo 32.2.b) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2662.
[580] Artigo 32.2.d) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2662.
[581] "Excepcionalmente, logo de informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, o plan xeral de ordenación municipal poderá reducir por razón debidamente xustificadas, a franxa de protección ata os 100 metros a contar dende o límite interior da ribeira do mar". Véxase: Artigo 32.2.e) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2662.
[582] Artigo 85.7.d) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2676.
[583] Disposición transitoria octava da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2707.
[584] Véxase: "Ley 6/2007, de 11 de mayo, de Medidas urgentes en materia de ordenación del territorio y del litoral de Galicia". BOE nº137, de 8/6/2007; pp. 24960-24965.
http://www.boe.es/boe/dias/2007/06/08/pdfs/A24960-24965.pdf
[585] Artigo 32.2.f) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2662.

edificacións de singular valor, así como o chan rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico[586].

- *Solo rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico*[587].

Finalmente, sinalar que en caso de dúbida sempre se optará pola categoría de solo rústico de maior protección[588]. Agora ben, os condicionantes non afectan soamente ao solo rústico. Moi ao contrario, establécese a previsión de que o plan urbanístico "(…) terá como obxectivo no solo urbano consolidado favorecer a conservación e recuperación do patrimonio construído, dos espazos urbanos relevantes, dos elementos e tipos arquitectónicos singulares, das formas tradicionais de ocupación do solo e dos trazos diferenciais ou distintivos que conforman a identidade local"[589]. Ademais, de determinar no solo urbano consolidado unha regulación detallada "(…) das características estéticas da edificación e do seu ámbito"[590].

En desenvolvemento das previsións do plan xeral de ordenación municipal[591] ou na súa ausencia ou, cando existindo, non contivese as determinacións detalladas oportunas, poderán aprobarse plans especiais de protección[592] que teñen por obxecto preservar o medio, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as áreas forestais, os espazos produtivos, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores análogos[593]. Os mesmos poden afectar a calquera clase de solo "e mesmo se estender a varios termos municipais, co fin de abranguer ámbitos de protección completos"[594].

Noutra orde, dado o escaso número de municipios que en Galicia contan con Plan xeral de ordenación municipal, teñen particular trancendencia as normas subsidiarias e complementarias[595]. Estas deben conter entre as súas determinacións: medidas de protección urbanística do medio rural, o patrimonio e a paisaxe[596] e entre os seus documentos estará a normativa de protección do medio rural, o patrimonio cultural e a paisaxe[597]. Á vista desta falta de regulación nos municpios galegos, non estraña que continúe aparecendo na mesma un elemento tradicional como son as *Normas de aplicación directa*[598] acerca da adaptación das construcións e instalación ao ambiente "(…) en que

[586] Artigo 32.2.g) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2662
[587] Artigo 32.2.h) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2662.
[588] Artigo 32.3 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2662.
[589] "En tal sentido, procurarase manter a trama urbana existente, e as construcións de nova planta, así como a reforma, rehabilitación ou ampliación das existentes, serán coherentes coa tipoloxía arquitectónica característica do ámbito, en particular en canto á altura, o volume e o fondo edificables". Véxase: Artigo 46.1 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2666 e 2667.
[590] Artigo 54.e) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2669.
[591] Artigo 68.1 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2673.
[592] Artigo 68.2 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2673.
[593] Artigo 69.1 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2673.
[594] Artigo 69.2 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2673.
[595] Artigo 51.1. da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2668. "Así mesmo, serán de aplicación, con carácter complementario, para suplir as indeterminacións e lagoas do plan municipal vixente, sen modificar a cualificación do chan nin alterar as determinacións do plan que complementan". Véxase: Artigo 51.2. da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2669.
[596] Artigo 51.3.e) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2669.
[597] Artigo 51.4.e) da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2669.
[598] Título III da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2680.

estivesen emprazadas (…)"[599], altura das edificacións[600] e protección das vías de circulación[601]. Se entre os obxectivos confesados da Lei 9/2002 está a preservación do medio físico, a memoria histórica e a identidade territorial galega, estas normas de aplicación directa adquiren un particular significación e relevancia, sen que o seu vao de indeterminación leve consigo un menoscabo da súa forza de obrigar[602].

Finalmente, dende o obxecto deste traballo de investigación, debemos facer mención da determinación contida na Disposición transitoria oitava da LOUPMRG na que concisamente dispoñíase que "(…) a Xunta remitirá o Parlamento no prazo de dous anos dende a entrada en vigor da presente Lei o Plan Sectorial de Ordenación do Litoral onde se recollerán as condicións específicas deste ámbito territorial"[603]. Tratouse no seu momento, sen dúbida, dunha gran noticia para os que defendemos a necesidade da xestión integrada das costas de Galicia, pero a dificultade para elaborar o devandito Plan sectorial, que máis que sectorial debería ser integral, está en que nin a LOTG nin LOUPMRG facilitan as mínimas determinacións que debe comprender aquel. E de feito o prazo dos dous anos incumpriuse[604].

En calquera caso, a a persistencia no tempo dun desenvolvemento urbanístico incontrolado no litoral galego leva a administración autonómica a comprender o alcance das lagoas da normativa vixente, non tanto no deseño como no seu desenvolvemento. Un feito que se pon de manifesto no *preámbulo* da *Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral*[605]. No cal, se sinala entre outras cousas que:

- ✓ "(….) o modelo tradicional de asentamento da poboación en Galicia está a ser substituído por outro modo de ocupación indiscriminada do territorio que tende a un constante crecemento urbano (…). Este modo de ocupación do territorio non é compatible co desenvolvemento equilibrado e sostible de Galicia e causa graves prexuízos económicos, sociais e ambientais, (…); a degradación da paisaxe e do patrimonio cultural, e a perda da identidade territorial"[606].
- ✓ "(…) se aprecia a existencia de numerosas áreas clasificadas como solo urbano para as que o plan establece unha ordenación urbanística substancialmente diferente da realidade física existente, propiciando a proliferación de edificacións residenciais e turísticas sen a previa urbanización axeitada ás necesidades xeradas, (…), sen a previsión de suficientes zonas verdes e equipamentos públicos en proporción ás demandas xeradas polo crecemento urbano do litoral (…)"[607].

  Tamén afirma que "(…) o crecemento urbano segue sendo necesario, pero debe

[599] Artigo 104 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2680.
[600] Artigo 105 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2680.
[601] Artigo 106 da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2680.
[602] Véxase: DÍAZ OTERO, A. (2009): "El valor jurídico del paisaje en el derecho público gallego". Corts. Anuario de derecho parlamentario, nº 21; pp. 139-165; op. cit. páx. 147.
[603] Disposición transitoria oitava da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2707.
[604]Véxase: SANZ LARRUGA, F. J. (2011). "La ordenación del litoral en Galicia: bases conceptuales, presupuestos políticos y régimen jurídico vigente". Revista Gallega de Administración Pública, nº41; pp. 489-535; op. cit. páx. 513.
[605] Véxase: "Ley 6/2007, de 11 de mayo, de Medidas urgentes en materia de ordenación del territorio y del litoral de Galicia". BOE nº137, de 8/6/2007; pp. 24960-24965.
http://www.boe.es/boe/dias/2007/06/08/pdfs/A24960-24965.pdf
[606] Preámbulo da Lei 6/2007; ibídem; op. cit. páx. 24960.
[607] Preámbulo da Lei 6/2007; ibídem; op. cit. páx. 24961.

responder aos requirimentos do desenvolvemento equilibrado e sostible, minimizando os impactos daquel crecemento e apostando pola rexeneración das cidades e vilas existentes"[608]. Con este obxectivo, apela como referentes para ás políticas públicas sobre ou territorio, á Estratexia Territorial Europea[609] e á Comunicación de a Comisión sobre unha Estratexia temática para o medio urbano[610].

Agora ben, o certo é que transcorridos os tres anos de prazo máximo legalmente previstos na Lei 9/2002[611], a maioría dos municipios con plans xerais tiñan unha ordenación obsoleta que non se adaptaba ás esixencias da normativa vixente como xa apuntamos anteriormente. Así, boa parte do litoral galego, con todo o seu valor marisqueiro, turístico, ecolóxico e paisaxístico está aínda na actualidade "(…) normativamente inerme ante novos desenvolvementos urbanos de escasa ou moi discutible racionalidade dende a perspectiva dos estándares mínimos de calidade de vida e sostibilidade"[612]. Unha situación de desprotección efectiva do litoral que determinou a necesidade da Lei 6/2007. De feito, o obxecto da lei constitúeno, esencialemante, garantir "(…) a preservación do litoral en tanto non sexa aprobado o Plan de ordenación do litoral ou o plan urbanístico adaptado á lexislación vixente e aos criterios de sostibilidade económica, social e ambiental"[613]. Con esta finalidade, determínase a suspensión da "(…) tramitación e aprobación dos plans especiais de reforma interior, plans parciais, plans de sectorización e instrumentos de equidistribución que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros, medidos en proxección horizontal terra dentro, dende o límite da ribeira do mar dos municipios que se relacionan no anexo"[614], o que supón a práctica totalidade do litoral galego[615]. Unha suspensión que "(…) será de aplicación nas

[608] Preámbulo da Lei 6/2007; ibídem; op. cit. páx. 24960.

[609] A Estratexia Territorial Europea (ETE) foi acordada na reunión informal de Ministros responsables de ordenación do territorio en Potsdam, maio de 1999. Nela constátabase que o patrimonio natural e cultural da UE está en perigo polos procesos de modernización económica e social e que forman parte deste patrimonio as paisaxes humanizadas, os pobos e cidades europeos, así como unha multiplicidade de monumentos naturais e culturais. Esta Estratexia contribuíu de forma decisiva ao proceso de harmonización das políticas territoriais europeas, incrementando a súa capacidade de contribuír eficazmente ao desenvolvemento sostible. Véxase: "ETE (Estrategia Territorial Europea). Hacia un desarrollo equilibrado y sostenible del territorio de la UE". http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docoffic/official/reports/pdf/sum_es.pdf "Territorial Agenda of the European Union 2020.Towards an Inclusive, Smart and Sustainable Europe of Diverse Regions". http://www.eu2011.hu/files/bveu/documents/TA2020.pdf

[610] Véxase: COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (2006): "COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL CONSEJO Y AL PARLAMENTO EUROPEO sobre una Estrategia temática para el medio ambiente urbano {SEC(2006) 16}". COM(2005) 718 final, de 11/1/2006, Bruselas. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/HTML/?uri=CELEX:52005DC0718&from=ES

[611] Disposición transitoria segunda da Lei 9/2002; ibídem, op. cit. páx. 2706.

[612] Véxase: DÍAZ OTERO, A. (2009): "El valor jurídico del paisaje en el derecho público gallego". Corts. Anuario de derecho parlamentario, nº 21; pp. 139-165; op. cit. páx. 148.

[613] Artigo 1.a) da Lei 6/2007; ibídem; op. cit. páx. 24961.

[614] Artigo 3.1 da Lei 6/2007; ibídem; op. cit. páx. 24962. O artigo 4.2 engade que, tal suspensión abrangue "(…) a todos os plans especiais de reforma interior, plans parciais e plans de sectorización que, no momento da entrada en vigor da presente Lei, non estean aprobados definitivamente. Así mesmo, a suspensión comprende todos os instrumentos de equidistribución do plan urbanístico respecto aos que, no momento da entrada en vigor da presente Lei, tería transcorrido o prazo establecido no instrumento de plan que conteña a ordenación detallada para a súa aprobación definitiva ou xa houbesen transcorrido tres anos a contar dende a aprobación do devandito plan que se executa". Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 24962.

[615] "Relación de municipios costeiros nos que resultan de aplicación as medidas de suspensión establecidas no Capítulo I da presente Lei:

seguintes clases de solo:

a) En todos os municipios costeiros, nos terreos clasificados como solo urbanizable, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico.
b) Nos municipios costeiros con poboación inferior a 50.000 habitantes, nos terreos clasificados como solo urbano que, no momento da entrada en vigor da presente lei, non reúnan os requisitos establecidos nos artigos 11 e 12.a) en relación co artigo 16.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia[616], e, en todo caso, nos incluídos en polígonos, unidades de actuación ou de execución"[617].

Unhas medidas de suspensión que "(…) serán de aplicación nos municipios con plan xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, durante o prazo de dous anos[618] a contar dende a entrada en vigor da lei, ou ata a aprobación do Plan de ordenación do litoral ou do Plan xeral de ordenación municipal adaptado integramente á Lei 9/2002, do 30 de decembro"[619]. Por último, salientar que tamén se establece que ao igual que outros instrumentos de ordenación do territorio, de acordo coa Lei estatal 9/2006, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas do medio[620], o Plan Sectorial de Ordenación do Litoral

---

Na provincia de Lugo: Trabada, Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro e O Vicedo.
Na provincia da Coruña: Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Coirós, Betanzos, Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña, Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión, Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro e Padrón.
c) Na provincia de Pontevedra: Pontecesures, Valga, Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño, O Grove, Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, Oia, O Rosal, A Guarda, Tomiño, Tui e Salvaterra de Miño". Véxase: ANEXO da Lei 6/2007; ibídem; op. cit. páx. 24965.

[616]O artigo 11 da Lei 9/2002 recolle os requisitos que han de reunir os terreos cualificados como solo urbano conforme a delimitación que establezan os plans xenerais (acceso rodado, servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais, subministración de enerxía eléctrica, superficie edificada...). Véxase: "Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia". BOE nº18, de 21/1/2003; pp. 2650-2708; op. cit. páx. 2657. https://www.boe.es/boe/dias/2003/01/21/pdfs/A02650-02708.pdf O artigo 12 é o que diferencia dun modo descritivo o sólo urbano consolidado do solo urbano non consolidado. Véxase: Artigo 12 da Ley 9/2002; ibídem; op. cit. páx. 2657. O artigo 16.1, pola súa banda, é o que contén a definición de soar. Véxase: Artigo 16.1 da Ley 9/2002; ibídem; op. cit. páx. 2658.

[617] Artigo 3.2 da Lei 6/2007; ibídem; op. cit. páx. 24962.

[618]A Orde de 14 de maio de 2009 da Consellería de Medio Ambiente, Territroio e Infraestruturas, no seu artigo 2 mantivo durante o prazo dun ano contado dende a súa entrada en vigor as medidas de suspensión, ou ata a aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral ou a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado integramente á Lei 9/2002, do 30 de decembro. Véxase: "ORDEN de 14 de mayo de 2009 por la que se acuerda la suspensión cautelar previa a la aprobación inicial del Plan de ordenación del litoral de Galicia". DOG nº 94, de 15/5/2009; páx. 8.854. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090515/Anuncio1B7DE_es.html Posteriormente, por Orde do 30 de abril de 2010 acordouse a extensión dos efectos da suspensión preventiva da Orde de 15 de maio de 2009 ata que se producise a aprobación inicial do POLGA. Véxase: "ORDE do 30 de abril de 2010 pola que se acorda a extensión de efectos da suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral de Galicia". DOG nº82, de 3/5/2010; pp. 7.411-7412.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100503/Anuncio12E96_gl.pdf

[619]Artigo 4.1 da Lei 6/2007; ibídem; op. cit. páx. 24962.

[620] Véxase: "Ley 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente". BOE nº102, de 29/4/2006; pp. 16820-16830.

será obxecto de "avaliación ambiental estratéxica"[621].

A normativa central do urbanismo en Galicia: a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural, se ben xa experimentara unha primeira reforma coa Lei 15/2004[622], posteriormente sufriu as previstas dentro da Lei 2/2010[623]. Unha reforma que se xustifica na súa exposición de motivos como unha reformulación dalgúns dos seus contidos polos "(…) novos e inaprazables requirimentos das actuais circunstancias económicas (…)", e especialmente para avanzar nunha " (…) ordenación do solo rústico máis consecuente coa natureza do medio rural como medio produtivo"[624]. Estamos ante unha importante reforma que xira, na nosa opinión, en torno a dous eixes fundamentais: a axilización da tramitación dos plans urbanisticos e en xeral dos procedementos urbanísticos e a reformulación do concepto de núcleo rural que ten grande importancia en Galicia. E para o logro destes obxectivos recoñécese aos municipios unha maior responsabilidade na actividade urbanística dos seus respectivos ámbitos territoriais[625].

En concreto, no que atañe á ordenación urbanística do litoral galego, encontramos no artigo único da Lei 2/2010 as seguintes modificacións[626]:

1. Ao reformular o *solo de núcleo rural*, que se descompón en tres modalidades: histórico-tradicional, común e o complexo, establécese no novo artigo 13.4 que a "(…) delimitación dos núcleos rurais existentes situados na franxa de 200 metros desde o límite interior da ribeira do mar non poderá ser ampliada en dirección ao mar agás nos casos excepcionais nos que o Consello da Xunta o autorice expresamente, pola especial configuración da zona costeira onde se atopen ou por motivos xustificados de interese público, polo que se xustificará a necesidade da iniciativa, a oportunidade e a súa conveniencia en relación co interese xeral"[627].
2. Ao regular as categorías de *solo rústico especialmente protexido*, distínguense no reformulado artigo 32:
   "e) Solo rústico de protección de costas, constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, que se atopen a unha distancia inferior a 200 metros do límite interior da ribeira do mar. Excepcionalmente, logo de informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, o plan xeral de ordenación municipal poderá reducir, por razóns debidamente xustificadas, a franxa de protección ata os 100 metros, contados desde o límite interior da ribeira do mar. (…)

---

http://www.boe.es/boe/dias/2006/04/29/pdfs/A16820-16830.pdf

[621] Artigo 5.a) da Lei 6/2007; ibídem; op. cit. páx. 24962. Engadir que os artigos 6, 7 e 8 da Lei 6/2007 establecen o procedemento desta avaliación ambiental estratéxica na que intervén a Consellería competente en materia de medio. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 24962 e 24963.

[622] Véxase: "Ley 15/2004, de 29 de diciembre, de modificación de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia". BOE nº29, de 3/2/2005; pp. 3829-3845. https://www.boe.es/boe/dias/2005/02/03/pdfs/A03829-03845.pdf

[623] Véxase: "Ley 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia". BOE nº174, de 19/7/2010; pp. 63251-63293. https://www.boe.es/boe/dias/2010/07/19/pdfs/BOE-A-2010-11486.pdf

[624] Punto I do Preámbulo da Lei 2/2010; ibídem; op. cit. páx. 63251.

[625] Véxase: SANZ LARRUGA, F. J (2011). "La ordenación del litoral en Galicia: bases conceptuales, presupuestos políticos y régimen jurídico vigente". Revista Gallega de Administración Pública, nº41; pp. 489-535; op. cit. páx. 520.

[626] Ibídem; op. cit. páxs. 521-524.

[627] Punto 2 do Artigo único da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páx. 63255.

g) Solo rústico de protección paisaxística, constituído polos terreos que determine o planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio coa finalidade de preservar as vistas panorámicas do territorio, do mar, do curso dos ríos ou dos vales, e dos monumentos ou edificacións de singular valor"[628].

Esta disposición debe de complementarse co novo artigo 38 sobre as condicións de uso dos *solos rústicos de protección das augas, as costas, de interese paisaxístico e de patrimonio cultural*, cuxo réxime xurídico ten por obxecto "(…) preservar o dominio público hidráulico e marítimo e o seu contorno, así como os espazos de interese paisaxístico e o patrimonio cultural (…)"[629] e que se concreta nas seguintes determinacións:

"1. Usos permitidos por licenza municipal:

Os relacionados na alínea 1, letras a), b) e c), e na alínea 2, letras f) e i), do artigo 33º desta lei[630].

2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma:

Os relacionados na alínea 2, letras e) e l), do artigo 33º desta lei[631], así como as actividades e construcións vinculadas directamente coa conservación, utilización, aproveitamento e gozo do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural, e os que poidan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non leven á transformación da súa natureza rústica e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.

Ademais dos usos anteriormente indicados, no solo rústico de protección de patrimonio poderá autorizarse a ampliación de cemiterios preexistentes, e nos de protección de costas e de protección das augas poderán autorizarse, así mesmo, as construcións e instalacións necesarias para actividades de talasoterapia, augas termais, sistemas de tratamento ou depuración de augas, estaleiros e instalacións imprescindibles necesarias para a implantación de aparcadoiros abertos ao uso público para o acceso ás praias, á práctica dos deportes náuticos e para a

---

[628] Punto 10 do Artigo único da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páxs. 63260 e 63261.

[629] Punto 15 do Artigo único da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. pág. 63264.

[630] É dicir, como establece o citado novo artigo 33:

"1. Actividades e usos non construtivos:

a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamentos, desmontes, recheos e outras análogas.

b) Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.

c) Actividades científicas, escolares e divulgativas. (…)

2. Actividades e usos construtivos: (…)

f) Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. (…)

i) Muros de contención, así como cerramentos ou valado de predios".

Véxase: Punto 11 do Artigo único da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páxs. 63261 e 63262.

[631] É dicir, como establece o citado novo artigo 33:

"2. Actividades e usos construtivos: (…)

e) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do medio onde se localicen. (…)

l) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura".

Véxase: Punto 11 do Artigo único da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. pág. 63262.

implantación de paseos marítimos ou fluviais, así como os previstos no apartado 2, letra j), do artigo 33º desta lei[632], sempre que quede garantida a integrida de dos valores obxecto de protección.

3. Usos prohibidos:

Todos os demais"[633].

3. Ao regular os *plans especiais de protección* que teñen por obxecto, como establece o novo artigo 69. 1, "(…) preservar o medio, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, (…)"[634]. "Con tales fins poderán afectar a calquera clase de solo e mesmo estenderse a varios termos municipais (…)"[635]. Estes plans deberán "(…) estar en consonancia cos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, segundo prevé a Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia"[636].
4. Ao regular as condicións xerais das edificacións en solo rústico establece no seu artigo 42.1. c) que: "(…) Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, de augas e de costas, a altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá exceder os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixesen imprescindible excedelos nalgún dos seus puntos"[637].
5. Ao regular no artigo 85 o longo *procedemento de aprobación do plan xeneral*, no que se prevé, para resolver a aprobación definitiva a consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio analizará a "(…) incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica de desenvolvemento sostible e a articulación das infraesrtucturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alacance supramunicipal. En todo caso, dado o valor do litoral como recurso natural e ambiental non renovable, entenderase que a ordenación urbanística dos terreos situados na franxa de 500 metros desde a ribeira do mar afecta os intereses autonómicos"[638],
6. Ao establecer na Disposición transitoria primeira o *réxime aplicable aos municipios con plan non adaptado* dispón que: "En todo caso, aos ámbitos sen plan parcial aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da Lei 9/2002 que se atopen no ámbito da servidume de protección establecida pola Lei 22/1988, de costas, ou no ámbito sometido a algún réxime de protección da Lei 9/2001, de conservación da natureza, aplicaráselles o réxime establecido por esta lei para o solo rústico de

[632] É dicir, como establece o citado novo artigo 33:

"2. Actividades e usos construtivos: (…)

j) Instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate".

Véxase: Punto 11 do Artigo único da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páx. 63262.

[633] Punto 15 do Artigo único da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páxs. 63264 e 63265.

[634] Punto 25 do Artigo único da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páx. 63274.

[635] Punto 25 do Artigo único, novo artigo 69.2, da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páx. 63274.

[636] Punto 25 do Artigo único, novo artigo 69.5, da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páx. 63274.

[637] Punto 18 do Artigo único da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páx. 63267.

[638] Punto 30 do Artigo único, novo artigo 85.9. d), da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páx. 63278.

protección de costas ou de espazos naturais, respectivamente"[639].

7. Finalmente, en virtude da Disposición transitoria terceira, sobre *edificacións sen licenza* que permite a posibilidade de incorporar ao patrimonio do seu titular "(…) as edificacións e construcións realizadas sen autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei tería transcorrido o prazo legalmente establecido no seu artigo 210.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou ambiental (…). Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos dende a entrada en vigor da presente lei de modificación, o propietario ou propietaria haberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación (…).Cando a edificación estea situada en chan rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo a presente lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo"[640].

En virtude do Decreto 19/2011, do 10 de febreiro da Xunta de Galicia[641] apróbanse definitivamente as *Directrices do Ordenación do Territorio*. Un evidente atraso temporal na súa aprobación[642] que tivo unha incidencia directa na sostibilidade do territorio galego; sen o marco ordenador das directrices, este padeceu dunha falta de enfoque coordinado, harmónico e de conxunto, o que plasmou no xurdiemento feridas irreversibles que non

[639] Punto 51 do Artigo único, nova Disposición transitoria primera d), da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páx. 63289.

[640] Disposición transitoria terceira. Edificacións sen licenza da Lei 2/2010; Ibídem; op. cit. páx. 63293.

[641] Véxase: "Decreto 19/2011, de 10 de febrero, por el que se aprueban definitivamente las directrices de ordenación del territorio". DOG nº36, de 22/2/2011; pp. 2.893- 2.921. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110222/Anuncio76FA_gl.pdf

[642] De feito, dende o punto de vista histórico a tramitación das DOT teñen unha longa traxectoria e un tortuoso proceso cheo de desfalecementos por parte do planificador: dende a proposta de acordo do Conselo da Xunta do 14 de febreiro de 1996 sobre inicio do procedemento de aprobación, que reiterouse por acordo de 6 de marzo de 1997 e que concluíu nun documento de informacion e diagnóstico publicado en xuño de 1999; a apertura de canles de participación institucional, de agosto a setembro de 2001, que desembocaron na publicación do documento "hipótese do modelo territorial" o 25 de febreiro de 2002; de novo un "documento de avance" das DOT de xullo de 2004 aberto a consultas en decembro de 2004; ata a aprobación inicial polo Goberno bipartito o 28 de agosto de 2008 e publicación no DOG da Orde de 15 de setembro polas que aprobábanse inicialmente as DOT. Véxase: "Orde do 15 de setembro de 2008 pola que se aproban inicialmente as directrices de ordenación do territorio de Galicia". DOG nº180, de 17/9/2008; pp. 17.209-17.211. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080917/Anuncio3BA16_gl.pdf Á chegada do PP ao Goberno no ano 2009 acordouse, pola Orde de 9 de novembro de 2009, retrotraer o procedemento para realizar a Avaliación Ambiental Estratéxica que debía realizarse conforme á Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. Véxase: "ORDE do 9 de novembro de 2009 pola que se acorda retrotraer o expediente de tramitación das directrices de ordenación do territorio ao inicio do proceso de tramitación ambiental-avaliación ambiental estratéxica". DOG nº227, de 19/11/2009; pp. 18.006- 18.007. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20091119/Anuncio3E3CE_gl.pdf ; "Ley 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente". BOE» nº102, de 29/4/2006; pp. 16820-16830. http://www.boe.es/boe/dias/2006/04/29/pdfs/A16820-16830.pdf Elaborouse un novo "documento de inicio" das DOT en outubro de 2009 e en febreiro de 2010 redactouse o "documento de referencia" no seu proceso de avaliación ambiental. Logo en xuño de 2010 o actual documento das DOT foi aprobado inicialmente. Véxase: "ORDE do 24 de xuño de 2010 pola que se aproban inicialmente as directrices de ordenación do territorio e se procede á apertura dun prazo de audiencia pública de dous meses". DOG nº123, de 30/6/2010; pp. 11.935-11.936. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100630/Anuncio23256_gl.pdf

foron sandables con medidas conxunturais, parciais ou paliativas[643]. En calquera caso, as vixentes DOT de Galicia apostan pola sostibilidade, a cohesión social e un crecemento económico equilibrado. "As directrices de ordenación do territorio configúranse como un instrumento de caracter global, expresión da política territorial, que deben constituír o marco xeral de referencia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais económicas e culturais emanadas da Comunidade, integrando, se é o caso, as emanadas dende o Estado ás como as propostas que xurdan dende as entidades locais"[644]. Polo tanto, as DOT establecen as regras para a implantación dos usos e actividades no territorio en coherencia coas necesidades sociais, económicas, culturais e ambientais. Son un instrumento que permite preservar e potenciar aqueles elementos de identidade e de diferenciación do territorio e, ao mesmo tempo, xerar novas opcións que contribúan a reforzar o seu atractivo e as súas potencialidades de cara a favorecer o benestar colectivo da sociedade. Por outra parte, as DOT configúranse como un apoio á planificación municipal, fixando o marco global de referencia e, en definitiva, os criterios para a elaboración dos plans urbanísticos.

As DOT foron elaboradas pola Consellería de Medio, Territorio e Infraesrucuras de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 10/1995[645] e cuxo proceso de elaboración descríbese no Preámbulo do citado Decreto 19/2011[646]. "As directrices de ordenación do territorio (DOT) teñen como finalidade básica definir un modelo territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia, conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz"[647] . Un modelo territorial que pódese "(…) sintetizar nos seguintes puntos:

a) O desenvolvemento económico equilibrado e sustentable, para que Galicia se siga aproximando aos niveis de renda e de riqueza das rexións máis desenvolvidas.
b) A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación, de xeito que todas

[643] A modo de exemplo, podemos citar a: Lei 5/2006, do 30 de xuño, para á protección, conservación e mellora dos ríos galegos; a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais; a Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do banco de terras de Galicia; a Lei 3/2008, de 23 de maio, da ordenación da minería de Galicia; a Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes de vivenda e solo; a Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia; etc.

[644]Punto V da Expsosición de motivos da Lei 10/1995. Véxase: "Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia". DOG nº233, de 05/12/1995, BOE nº 11, de 12/01/1996; pp. 849-857; op. cit. páx. 849. https://www.boe.es/boe/dias/1996/01/12/pdfs/A00849-00857.pdf

[645] Ibidém; op. cit. páx. 852.

[646] Véxase: "Decreto 19/2011, de 10 de febrero, por el que se aprueban definitivamente las directrices de ordenación del territorio". DOG nº36, de 22/2/2011; pp. 2.893- 2.921; op. cit. páxs. 2.893 e 2.894. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110222/Anuncio76FA_gl.pdf As DOT recibiron un total de 88 alegacións das que trinta proceden de concellos e dez de asociacións ecoloxistas. Os puntos de discrepancia principal teñen que ver co modelo de desenvolvemento territorial, agrupado en torno a áreas metropolitanas e áreas urbanas que potencia a área litoral e esquece o interior máis despoboado, e pola falta de engarzamento entre estas directrices e outra planificación en vigor ou en trámite, ademais do esquecemento de consideracións ambientais relevantes. Véxase: SANZ LARRUGA, F. J. (2011). "La ordenación del litoral en Galicia: bases conceptuales, presupuestos políticos y régimen jurídico vigente". Revista Gallega de Administración Pública, nº41; pp. 489-535; op. cit. páx. 525.

[647]ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: "Decreto 19/2011, de 10 de febrero, por el que se aprueban definitivamente las directrices de ordenación del territorio". DOG nº36, de 22/2/2011; pp. 2.893- 2.921; op. cit. páxs. 2.895 e 2.896. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110222/Anuncio76FA_gl.pdf

as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e de oportunidades.

c) A utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente"[648].

"De conformidade co previsto no artigo 9º da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia[649], as determinacións que se presentan nas seguintes epígrafes terán a forza vinculante que sexa congruente coa súa función de instrumento directriz. Estas determinacións poderán ser:

a) Excluíntes de calquera outro criterio, localización, uso ou deseño territorial ou urbanístico.
b) Orientativas, e debe a Administración competente concretar a proposta que conteñan as directrices de ordenación territorial"[650].

No respecta á ordenación do litoral galego, obxecto central do noso traballo de investigación, dentro dos contidos das DOT cremos preciso resaltar os seguintes puntos[651]:

1. "Estruturar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema máis compacto, de maior complexidade (diversidade de usos) e atractivo, caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo"[652].
2. "Os espazos litorais, os recursos e patrimonio naturais, a paisaxe, o patrimonio cultural e a calidade ambiental son sinais de identidade que singularizan o territorio de Galicia achegando elementos de dinamización e desenvolvemento social"[653].
3. Ao establecer as determinacións sobre o: "Desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresariais e das actividades produtivas"[654], e en concreto, as relativas ao "(…) o desenvolvemento das actividades produtivas no medio rural"[655] con relación á "Pesca e acuicultura"[656] considérase excluínte a seguinte determinación: "Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico, na formulación das súas propostas de ordenación, terán presente o valor

[648] Ibídem.
[649] Artigo da Lei 10/1995. Véxase: "Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia". DOG nº233, de 05/12/1995, BOE nº 11, de 12/01/1996; pp. 849-857; op. cit. páxs. 851 e 852. https://www.boe.es/boe/dias/1996/01/12/pdfs/A00849-00857.pdf
[650]ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: "Decreto 19/2011, de 10 de febrero, por el que se aprueban definitivamente las directrices de ordenación del territorio". DOG nº36, de 22/2/2011; pp. 2.893- 2.921; op. cit. páx. 2.895.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110222/Anuncio76FA_gl.pdf
[651]Véxase: SANZ LARRUGA, F. J (2011). "La ordenación del litoral en Galicia: bases conceptuales, presupuestos políticos y régimen jurídico vigente". Revista Gallega de Administración Pública, nº41; pp. 489-535; op. cit. páxs. 526-528.
[652]Apartado 1.2. s) do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: "Decreto 19/2011, de 10 de febrero, por el que se aprueban definitivamente las directrices de ordenación del territorio". DOG nº36, de 22/2/2011; pp. 2.893- 2.921; op. cit. páx. 2.896.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110222/Anuncio76FA_gl.pdf
[653]Apartado 1.3.4 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.897.
[654]Apartado 3 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.900.
[655] Apartado 3.3 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.903.
[656] Ibídem; op. cit. páx.2.905.

do litoral e das augas interiores como soporte da pesca, o marisqueo e a acuicultura"[657].

4. Con relación ás "(…) infraestruturas e os vectores ambientais do modelo territorial"[658] recóllense diversas determinacións excluíntes e orientativas relativas ás "(…) infraestructas portuarias"[659] e sobre "(…) infraesctructuras de xeración e abastacimiento enerxético"[660]. E neste último suposto establécense concretas determinacións orientativas sobre a "(…) posible implantación de instalación de produción de enerxía mariña (…)"[661] que pode afectar directamente á ordenación do litoral ou ás actividades mariñas.
5. Sobre as determinacións relativas ao "(…) ciclo integral da auga"[662] encontrámonos importantes indicacións excluíntes e orientativas íntimamente relacionadas coa xestión integral do litoral e a súa necesaria coordinación coa planificación hidrolóxica.
6. As máis relevantes determinacións encóntranse no apartado 6º: "O litoral"[663] do que só recollemos aquí as excluíntes:
   "A Xunta de Galicia elaborará un Plan de ordenación do litoral que terá natureza de Plan territorial integrado. Este plan terá por obxecto o diagnóstico integrado do sistema litoral, no que se inclúen todos os terreos e elementos en que se produce algunha relación natural, cultural, funcional, urbanística ou visual coa costa. Ademais, concretará as medidas de protección necesarias e establecerá as condicións para o desenvolvemento urbanístico e a implantación de instalacións destinadas a usos produtivos, turísticos e recreativos"[664].
   "As actuacións en solo rústico de protección de costas, incluída a adecuación de espazos para uso e gozo público, procurarán o mantemento da máxima naturalidade e, se é o caso, a restauración da calidade ambiental e a protección do patrimonio cultural costeiro"[665].
7. Nas determinacións sobre: "O patrimonio natural"[666] (cfr. apartado 7º) só destacaremos aquí a específica referencia ao litoral ao referirse ás "(…) relativas á rede de áreas de interpretación da natureza e de Itinerarios de interese paisaxístico e

[657]Apartado 3.3.21 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.905.
[658] Apartado 4 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.906.
[659]Apartado 4.4 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.907.
[660]Apartado 4.7 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.909.
[661]Apartado 4.7.6 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.909.
[662]Apartado 4.8 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.910.
[663]Apartado 6 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.913.
[664]Apartado 6.1 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.913.
[665]Apartado 6.2 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.913.
[666]Apartado 7 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.914.

ambiental"[667], establecendo como determinación orientativa:

"A rede de áreas de interpretación da natureza estará integrada polos ámbitos compatibles con usos de ocio e de educación ambiental considerando as restantes propostas do modelo territorial relativas á recualificación do litoral, o aumento do atractivo urbano das principais cidades e o aproveitamento das oportunidades singulares dos espazos rurais, sempre nos termos que estableza a normativa específica de cada caso"[668].

8. Finalmente, en canto ao apartado sobre: "Aplicación, desenvolvemento e revisión das directrices de ordenación do territorio"[669] sinálase que serán completadas e desenvolvidas "(…) por medio doutros instrumentos: plans territoriais integrados, programas coordinados de actuación, plans e proxectos sectoriais e plans de ordenación do medio físico"[670]. Entre os plans territoriais integrados (PTI) cítase o Plan de Ordenación do Litoral[671].

A aprobación definitiva do *Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POLGA)*, mediante o Decreto 20/2011, do 10 de febreiro de 2011[672], supuxo a culminación dun longo proceso histórico para a elaboración deste esencial instrumento de ordenación territorial[673]. O POLGA supuxo un claro avance desde a planificación espacial cara á gobernanza. Para tal efecto, co obxecto de non quedarse nun simple instrumento técnico, perseguiuse que o Plan constitúase como un gran pacto polo territorio. Este foi o gran obxectivo do seu proceso de participación. Para iso realizouse un proceso de participación institucional e

[667]Apartado 7.3 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.916.

[668]Apartado 7.3.2 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.916.

[669]Apartado 10 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.918.

[670]Apartado 10.1.1 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.918.

[671]Apartado 10.1.4 do ANEXO. Determinacións das directrices de ordenación do territorio do Decreto 19/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.918.

[672] Véxase: "Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia". DOG nº37, de 23/2/2011; pp. 2.974-3.009.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110223/Anuncio77DA_gl.pdf

[673] Un único apuntamento ao respecto, pola súa relevancia, o conselleiro de Medio,Territorio e Infraestruturas acordou, mediante a Orde do 14 de maio de 2009, a suspensión preventiva previa á aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia con conformidade co artigo 5º bis da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, que no seu primeiro punto establece: "Acordada polo Consello da Xunta a iniciación do procedemento de elaboración de calquera instrumento de ordenación do territorio, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, de forma motivada, poderá suspender preventivamente os procedementos de aprobación do planeamento urbanística, dos instrumentos de xestión ou execución do planeamento e de outorgamento de licenzas para ámbitos ou para usos determinados, coa finalidade de elaborar o instrumento de que se trate". Véxase: "ORDE do 14 de maio de 2009 pola que se acorda a suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral de Galicia". DOG nº94, de 15/5/2009; pp. 8.854-8.856.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090515/Anuncio1F312_gl.pdf Unhas medidas que eran de aplicación nos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, foron de aplicación durante ou prazo dun ano contado dende a entrada en vigor desa orde ou ata a aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral ou a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado integramente á Lei 9/2002, do 30 de decembro.

social previo á súa elaboración[674].

O POLGA desenvolve un estudo integrador e global en torno á paisaxe como ferramenta da análise e xestión aplicada á protección e ordenación do litoral galego. O Plan de Ordenación do Litoral (POLGA) é un instrumento de ordenación territorial que ten por obxecto "(…) establecer os criterios, principios e normas xenerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras"[675]. Así mesmo, as súas determinacións "(…) serán directamente aplicables e prevalecerán de forma inmediata sobre as da formulación urbanística, que haberá de ser obxecto de adaptación"[676]. O POLGA é un Plan Territorial Integrado (PTI)[677] que presegue "(…) a consecución dun marco normativo estable que protexa de forma efectiva o litoral da comunidade autónoma. Basicamente os obxectivos do POL son dous:

a) Establecer un marco de referencia para a ordenación urbanística da zona litoral mediante un conxunto de criterios, principios e normas xerais.
b) Aprobar a normativa de conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Para a consecución destes obxectivos é necesario o establecemento dun novo modelo territorial que identifique e caracterice as distintas áreas e elementos, estableza as relacións entre eles, determine os criterios, principios e normas xerais para cada un destes elementos e concrete o réxime de usos dos ámbitos con valores recoñecidos"[678].

"Este plan é un traballo de planificación que integra as políticas de protección, ordenación e xestión do territorio e da paisaxe"[679]. A metodoloxía deseñada se articula sobre o principio de que a paisaxe constitúe a mellor ferramenta coa que adquirir un coñecemento profundo da realidade territorial. A paisaxe entendida dende unha visión holística, resultado dun conxunto de elementos e dinámicas territoriais. A paisaxe concibida como a manifestación espacial das relacións entre o home e o seu ambiente. Un enfoque que presenta grandes vantaxes pois abórdase, superando así a clásica visión sectorizada e estanca que limita, entre outras cousas, a coordinación e colaboración entre as distintas políticas, aspectos sumamente importantes para cumprir os obxectivos definidos no plan e conservar a coherencia no plan territorial. Agora ben, esta coherencia supón unha maior

---

[674] Ademais de entrevistas aos responsables e técnicos dos Concellos, a solicitude de información e as consultas coas distintas Consellerías e organismos do Estado, realizouse un cuestionario aberto seguindo o método DELPHI a unha serie de actores escolleitos polo seu coñecemento e participación como axentes do territorio.

[675] Artigo 2.1. da Lei 6/2007. Véxase: "Ley 6/2007, de 11 de mayo, de Medidas urgentes en materia de ordenación del territorio y del litoral de Galicia". BOE nº137, de 8/6/2007; pp. 24960-24965; op. cit. páx. 24.962. http://www.boe.es/boe/dias/2007/06/08/pdfs/A24960-24965.pdf Artigo 1 do Decreto 20/2011. Véxase: "Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia". DOG nº37, de 23/2/2011; pp. 2.974-3.009; op. cit. páx. 2.977. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110223/Anuncio77DA_gl.pdf

[676] Artigo 2.2. da Lei 6/2007. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 24.962.

[677] "O Plan sectorial de ordenación do litoral a que fai referencia a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terá a natureza dun plan territorial integrado regulado na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia (…)" /Artigo 2.1. da Lei 6/2007). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 24.962.

[678] Preámbulo do Decreto 20/2011. Véxase: "Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia". DOG nº37, de 23/2/2011; pp. 2.974-3.009; op. cit. páx. 2.976. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110223/Anuncio77DA_gl.pdf

[679] Ibídem.

vantaxe se se considera que vai máis alá da coordinación intersectorial, pretendéndose tamén unha coordinación interadministrativa, posible só grazas ao carácter propio do concepcto da paisaxe. Un concepto, segundo a cal calquera parte percibida do territorio é paisaxe e, polo tanto, en función da escala, uns paisaxes quedarán englobadas noutros, ao tempo que unha paisaxe encerra multitude deles, resultando en conxunto un todo maior que a suma das partes. Esta calidade tradúcese nun documento, o POLGA, cun ámbito de aplicación rexional, que se desagrega en unidades de paisaxe, cuxos obxectivos de calidade e contido normativo hanse de desenvolver nos futuros Catálogos e Directrices de Paisaxe[680]. Deste xeito, preténdese sentar as bases dunha ordenación do territorio pormenorizada, na medida que se vaian desenvolvendo os instrumentos derivados á súa vez do propio POLGA, coa paisaxe como unidade básica de diagnóstico e proposta. Por outra parte, a paisaxe convértese, desde esta concepción, en eixe vertebrador do resto de políticas con incidencia territorial, pois articula a coordinación e coherencia co propio territorio, superando o tratamento homoxeneizador que xeralmente se levou a cabo dende estas actuacións sectoriais, buscando como resultado un territorio e unha paisaxe diversa e de calidade. O seu emprego produciuse, tanto na definición do ámbito de estudo, tipos de costas, sectores e unidades, como na interpretación holística do modelo de organización territorial existente, desde o que se construíu a proposta dun novo modelo territorial baseado en principios de sostibilidade. O ámbito de aplicación do POLGA establécese no artigo 3.1 da lei 6/2007, onde se vén a entender por litoral os "(…) 500 metros, medidos en proxección horizontal terra dentro, dende o límite interior da ribeira do mar dos municipios que se relacionan no anexo"[681]. Agora ben, ao ámbito definido pola propia norma, proponse engadir, dende o instrumento de ordenación, un espazo pre-litoral que permita unha visión máis completa do sistema costeiro e, con iso, alcanzar unha xestión verdadeiramente integrada. De feito, este instrumento quixo ir máis aló, en lugar de definir o ámbito litoral galego como o dos municipios litorais ou a franxa dos primeiros 500 metros, como se veu facendo noutras rexións, o POLGA afrontou o enorme reto de tratar de definir o litoral galego cunha serie de criterios a través dos cales puidesen delimitar un espazo que abarcase os procesos e dinámicas (físico-naturais e socioeconómicas) característicos das áreas litorais galegas, e que en moitos casos van bastante máis aló dos 500 metros. Na definición deste ámbito tívose en conta a continuidade terra-mar a través das concas vertentes e, moi especialmente, as consideracións de tipo paisaxístico[682]. O POLGA acaba definindo un

[680]Artigos 9 e 10 da Lei . Véxase: "LEY 7/2008, de 7 de julio, de protección del paisaje de Galicia". BOE nº201, de 20/8/2008; pp. 34968- 34973; op. cit. páx. 34971.
http://www.boe.es/boe/dias/2008/08/20/pdfs/A34968-34973.pdf

[681]Artigo 3.1. da Lei 6/2007. Véxase: "Ley 6/2007, de 11 de mayo, de Medidas urgentes en materia de ordenación del territorio y del litoral de Galicia". BOE nº137, de 8/6/2007; pp. 24960-24965; op. cit. páx. 24.962. http://www.boe.es/boe/dias/2007/06/08/pdfs/A24960-24965.pdf

[682]" O Plan de Ordenación do Litoral abranguerá o territorio de todos os municipios costeiros relacionados no anexo da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (…)" (Artigo 3.1. do Decreto 20/2011). Agora ben, non será de "(…) aplicación na parte do termo municipal non incluído na citada delimitación, nin nos ámbitos clasificados como solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural polo planeamento en vigor ou que adquiran esa clasificación en virtude de expedientes de primeira formulación, modificación ou revisión daquel. Tampouco o será naqueles solos que no momento da entrada en vigor deste plan finalizasen a tramitación do instrumento de xestión" (Artigo 3.2. do Decreto 20/2011). "Non obstante, en virtude de expedientes de primeira formulación, modificación ou revisión do planeamento urbanístico, si será aplicable aos solos que este clasifique de núcleo rural e que estean incluídos nas áreas de recualificación identificadas no POL, así como naquelas que, de ser o caso, determine o

total de 428 unidades paisaxísticas litorais. O ámbito do POL queda entón definido conforme a uns límites físicos, e chega a supoñer un 7.2% da superficie de Galicia[683], fronte ao 2,73% que supoñía o territorio afectado pola suspensión imposta pola Lei 6/2007 de medidas urxentes (a franxa de 500 metros inmediata á costa).

O Plan de Ordenación do Litoral "(...) persegue as seguintes función (…)"[684]:

a) A definición do ámbito litoral Galicia, obxecto de ordenación. Considerar no seu conxunto o litoral como unha entidade espacial claramente individualizada dotada dun alto valor que debe ser debidamente protexido dende unha perspectiva integral, dentro dunha política de desenvolvemento sostible.
b) A protección e conservación dos recursos naturais do litoral, a través do establecemento de criterios para a defensa dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.
c) A delimitación daqueles ecosistemas litorais e costeiros, praias e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potenciais, xustifiquen a súa conservación e protección.
d) A protección e conservación do patrimonio natural e cultural do litoral a través do establecemento de criterios para a protección de todos os elementos que configuran a paisaxe litoral.
e) Fixar os criterios, principios e normas xerais para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia propiciando a ordenación racional dos usos do solo baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade.
f) Elaborar unha normativa de aplicación nas distintas categorías que constitúa o marco de ordenación a partir do cal regular os usos e actividades que localizar no litoral, desde a perspectiva da necesaria protección e conservación das súas características e valores naturais ou culturais.
g) Establecer un marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sustentabilidade dos recursos naturais do litoral e a mellora da súa paisaxe. O mesmo debería especificar as actuacións necesarias para conseguir a máxima eficiencia e sinerxía no litoral, sempre baixo a perspectiva da súa necesaria protección, conservación, mellora e racionalización dos usos que soporta.
h) Lograr unha óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as administración (estatal, autonómica e local) que interveñen sobre o litoral e o seu contorno terrestre, baixo o previo e obrigado respecto ás competencias administrativas de cada parte e dos mecanismos de coordinación en vigor. O Plan de Ordenación do Litoral pretende ser un instrumento de desenvolvemento sostible que una os intereses e a xestión das tres administracións e consiga unha posta en valor do litoral permitindo un desfrute público da mesma sen degradar o medio.
i) Constituír a base para a elaboración dun Programa Coordinado de Actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación, restauración e

---

planeamento urbanístico" (Artigo 3.3. do Decreto 20/2011). Véxase: "Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia". DOG nº37, de 23/2/2011; pp. 2.974-3.009; op. cit. páx. 2.976. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110223/Anuncio77DA_gl.pdf

[683] "O plan estende a súa área de xestión a máis de 215.000 hectáreas, que supoñen ou 7,3% da superficie de Galicia". Preámbulo do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.978.

[684] Artigo 2.1. do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 2.977 e 2.978.

valorización dos ecosistemas e a paisaxe.

As determinacións recollidas no POLGA, en canto que plan territorial integrado, teñen forza vinculante[685] "(…) e prevalecerán sobre as do planeamento urbanístico (…)"[686]. Un planeamento urbanístico que "(…) está vinculado xerarquicamente a este plan, e deberá redactarse en coherencia co seu contido"[687]. Agora ben, os termos establecidos no POLGA "(…) non implican clasificación urbanística do solo. Serán os concellos os que, no momento da redacción, revisión ou modificación do seu planeamento clasifiquen o solo de conformidade coas categorías establecidas pola lexislación urbanística e en coherencia con este plan"[688]. Por outra parte, as determinacións contidas no plan "(…) enténdense sen prexuízo doutras máis restritivas que puidesen vir impostas pola lexislación sectorial, así como polo planeamento municipal. En concreto, a normativa prevista neste instrumento de ordenación do territorio integrarase con especial atención no contexto da Lei de costas, que será de directa aplicación na medida en que implique un réxime máis restritivo que o previsto neste plan"[689]. Asi mesmo, os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal "(…) recollerán os criterios establecidos (…)"[690] no POLGA. "En particular, respectaranse as seguintes regras:

a. Excepcionalmente, polo interese do seu desenvolvemento no marco de políticas sectoriais da Comunidade Autónoma de Galicia e atendendo aos obxectivos da política sectorial, no ámbito do Plan de Ordenación do Litoral poderanse delimitar áreas para a localización de instalacións e dotacións que se desenvolverán por medio de plans e proxectos sectoriais (…).
b. Estes plans e proxectos terán entre os seus fins, ademais da implantación das actividades que lles son propias, a reordenación daqueloutras existentes incompatibles co modelo previsto no Plan de Ordenación do Litoral, respectando os valores nel recoñecidos.
c. A aprobación destes plans e proxectos levará implícita a declaración de utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos de xeito concreto neles, para os efectos expropiatorios (…)"[691].

Outro principio, recollido dentro do POLGA, é o de coordinación administrativa. Neste sentido, os termos contidos no mesmo "(…) rexerán as actuacións das distintas administracións de carácter estatal, autonómico e local (…)"[692]. A tal obxecto, dispoñerase dos medios "(…) axeitados para que as demais administracións poidan participar nas decisións propias mediante informes, audiencias, documentos e, se é o caso, a través dos órganos de coordinación que poidan crearse"[693]. Nesta dirección, resulta especialmente interesante cara as OMDs, que promoveranse "(…) convenios de colaboración entre as distintas administracións, co obxectivo de executar proxectos de ordenación e restauración

[685] Atigo 14.1 da Lei 10/1995. Véxase: Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia". BOE nº11, de 12/1/1996; pp. 849-857; op. cit. páx. 853.
https://www.boe.es/boe/dias/1996/01/12/pdfs/A00849-00857.pdf
[686] Artigo 4.1. do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.978.
[687] Artigo 4.2 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.978.
[688] Artigo 5.1 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.978.
[689] Artigo 5.2 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 2.978 e 2.979.
[690] Artigo 5.3 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.979.
[691] Artigo 5.3 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.979.
[692] Artigo 6.1 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.979.
[693] Ibídem.

ambiental ou paisaxística conforme os criterios, principios e normas establecidos neste plan ou nos plans e proxectos de desenvolvemento que poidan aprobarse"[694].

En canto ao contido do *Plan de Ordenación do Litoral de Galicia* pasamos a describir brevemente a continuación sus elementos integrantes:

No seu *Título I* recóllese o *modelo territorial* do POLGA, especificándose os elementos e estrutura do modelo. Así como, para cada un dos elementos do modelo establécense as determinacións necesarias para a súa xestión[695]. Un modelo territorial que responden ao seguinte esquema[696]:

1. Áreas do Plan de Ordenación do Litoral en que se divide a totalidade do territorio abranguido dentro do ámbito de aplicación do Plan de Ordenacióndo Litoral, constituídas por:

a) Áreas continuas. Son as zonas en que se divide a totalidade da superficie do ámbito de aplicación do Plan de Ordenación do Litoral, articulándose en tres grandes áreas:

1. Protección ambiental[697]: Protección intermareal[698]. Protección costeira[699].
2. Mellora ambiental e paisaxística[700].
3. Ordenación litoral[701].

b) Áreas descontinuas. "Defínense como áreas de carácter territorial que, en atención á súa especial fraxilidade ou valor, ou por servir como elementos de conexión tanto desde o punto de vista natural como cultural, foron

[694] Artigo 6.3 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.979.
[695]Artigo 19 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.982.
[696]Artigo 8 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.980.
[697]"Recolle as áreas que, en atención ás súas características naturais singulares, así como aquelas relacionadas coas formas e procesos litorais, son merecedoras dunha especial protección" (Artigo 9 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.980
[698]"Son as áreas, recollidas na cartografía, en que o escenario costeiro se prolonga por rías e esteiros, xerando formas asociadas ás dinámicas fluviomariñas, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación. Engloba os espazos de elevado valor natural e ambiental que albergan as chairas intermareais, así como as marismas altas e baixas" (Artigo 10 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.980
[699]"Son as áreas, (…), que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, incluíndo significativos valores ambientais que deben ser obxecto de conservación. Engloba espazos de elevado valor natural e ambiental así como paisaxístico, en concreto, as xeoformas rochosas (acantilados, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo modo inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas litorais" (Artigo 11 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.980
[700]"As áreas de mellora ambiental e paisaxística, (…), abranguen o territorio comprendido entre a costa e os primeiros eixes e espazos que articulaban o modelo de organización tradicional, incluíndo deste modo a paisaxe litoral próxima á costa. Engloba, polo tanto, as chairas, as vertentes litorais e o espazo rural máis directamente asociado ao mar. Constitúe, na maior parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas cales se fai necesario conservar e, de ser o caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto" (Artigo 12 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.980. Estamos ante o sector do litoral galego que máis sufriu no desenvolvemento turístico residencial incontrolado. Unha situación especialmente significativa na marxe norte da Ría de Pontevedra, sectores do Golfo Ártabro e nos municpios de Vigo, Nigrán e Baiona.
[701]"As áreas de ordenación, (….) abranguen as planicies costeiras e abas ou montes de transición situados tras a fronte litoral nas cales, na maioría das ocasións, se poden atopar asentamentos ligados visualmente ou funcionalmente ás paisaxes litorais" (Artigo 13 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.981.

identificadas como espazos necesarios para o bo funcionamento do sistema"[702].

1. Corredores[703].
2. Espazos de interese[704].
3. Rede de Espazos Naturais de Galicia[705].

2. Asentamentos. Caracterizados do seguinte xeito:

a. Asentamento de carácter fundacional[706]: Núcleos de identidade do litoral[707].

b. Desenvolvemento periférico[708].

c. Asentamento funcional[709].

d. Agregado urbano[710].

---

[702] Ibídem; op. cit. páx. 2.981.

[703]"Os corredores, (…), defínense como elementos lineais que garanten non só a conectividade biolóxica, senón os fluxos de auga, materiais e enerxía, colaborando a evitar a fragmentación da paisaxe. Están recollidos nesta categoría, entre outros, os cursos de auga e a súa vexetación de ribeira, así como os espazos adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats de especial valor ecolóxico que os conforman, actuando como garantes da conectividade entre as áreas costeiras e os espazos interiores de valor ambiental" (Artigo 14 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.981.

[704]"Inclúense nesta categoría os espazos que posúen unha xeomorfoloxía singular, conteñen taxons endémicos, vulnerables ou de distribución reducida ou se recoñecen como paisaxes que inciden no imaxinario colectivo do litoral de Galicia. (…) comprenden aqueles espazos que, con independencia da súa situación (…), posúen unhas características singulares e homoxéneas que os fan merecedores dun especial recoñecemento. (…) están identificados como espazos de interese paisaxístico (EIP), espazos de interese xeomorfolóxico (EIX) e espazos de interese de taxons (EIT)" (Artigo 15 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.981.

[705]"Estas áreas descontinuas correspóndense cos ámbitos que conforman a Rede de Espazos Naturais recollidos nalgunha das categorías de protección establecidas no artigo 9º da Lei 9/2001 de Galicia, do 21 de agosto, de conservación da natureza" (Artigo 16 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.981. Unha análise máis detallada da Rede de Espazos Naturais como da Lei 9/2001 de Galicia, do 21 de agosto, de conservación da natureza efectuámola no apartado deste capítulo no que abordamos a lexislación ambiental de relevancia na ordenación do litoral galego.

[706]"Recolle aqueles núcleos que, de carácter urbano ou rural, teñan unha orixe ou fundación antiga, ou aqueles cuxa trama responde a esa formación e evolución progresiva no tempo e o espazo" (Artigo 17.1 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 2.981 e 2.982.

[707]Son "(…) aqueles asentamentos tradicionais, cuxa localización estratéxica no bordo costeiro e a súa vinculación co mar lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico" (Artigo 17.1 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.982.

[708]"Recolle os crecementos contiguos aos núcleos anteriores froito da súa evolución" (Artigo 17.2 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.982.

[709] "Recolle núcleos que responden a implantacións no territorio máis recentes que as de carácter tradicional e que, non obstante, pola súa natureza (áreas produtivas, empresariais, educativas e de servizos) ou polos lazos de relación entre as edificacións, a súa morfotipoloxía, así como as dotacións e servizos con que contan, se configuraron como asentamentos integrantes do modelo de organización de territorio" (Artigo 17.3 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.982.

[710]"Recolle os continuos urbanos difusos que se desenvolven ao longo da costa case sen interrupción. Son áreas carentes de estruturas definidas, en que os núcleos fundacionais e as áreas vacantes aparecen como os principais elementos de identidade e oportunidade. Diferéncianse os seguintes tramos: Vilagarcía-Cambados no Salnés. Pontevedra-Bueu e Portonovo-Pontevedra na Ría de Pontevedra. Os tramos Cangas-Moaña e Baiona-Vigo-Redondela na Ría de Vigo. E, finalmente, Ferrol-Pontedeume e A Coruña-Miño no Golfo Ártabro." (Artigo 17.4 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.982. Espazos litorais caracterizados, entre outros factores, porla alta proliferación de vivendas de carácter secundario moi vinculadas á demanda ocio-turística.

e. Nova agrupación[711]: Ámbitos de recualificación[712].

3. Sistemas xerais territoriais[713].

No *Titulo II* fíxanse os *criterios xerais* de actuación dentro do POLGA: Patrimonio natural[714], Patrimonio cultural[715], Sociedade e economía[716], Mobilidade[717], Enerxía[718],

---

[711] "Recolle conxuntos de edificacións que responden a modernas implantacións no territorio diferentes das de carácter tradicional e que, non obstante, pola súa morfotipoloxía, os servizos e equipamentos con que contan, e a súa intensidade e relación entre as edificacións, non constitúen un núcleo de poboación atendendo a criterios de sustentabilidade" (Artigo 17.5 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.982.

[712]"Recoñecidas básicamente como novas agrupacións, son aquelas áreas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais, (…)" (Artigo 17. 6 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.982. Esta tiploxia de asentamento responde, na maioría dos casos, son froito do proceso de ocupación das áreas costeiras que experimentou Galicia nas últimas décadas e moi vinculadas co desevevolvemto turístico.

[713]"Os sistemas xerais territoriais, (…), comprenden as grandes infraestruturas significativas como elementos articuladores do territorio litoral. Dentro desta categoría englóbanse as seguintes infraestruturas:

a. Portos estatais.
b. Portos autonómicos.
c. Aeroportos.
d. Ferrocarrís.
e. Estradas de titularidade estatal e a rede de estradas autonómicas, así como aqueloutras de carácter estruturante do territorio con independencia da súa titularidade.
f. Instalacións de saneamento e depuración de carácter territorial, e infraestruturas de abastecemento de auga.
g. Infraestruturas competencia do Estado" (Artigo 18 do Decreto 20/2011).

Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.982.

[714]"Fomentarase a valorización, así como a recuperación e rehabilitación, segundo corresponda, dos elementos ou espazos de valor natural (…)" (Artigo 20 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.983.

[715]"Asúmese como iniciativa estratéxica da ordenación do litoral a protección, conservación, mellora e valorización do patrimonio cultural costeiro de Galicia (…)" (Artigo 21 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.983.

[716]"O planeamento fomentará a cohesión social incorporando solucións que consideren a perspectiva dos colectivos vulnerables. Favorecerase o acceso da poboación á información e ás dotacións e servizos partindo do fortalecemento dos núcleos tradicionais, así como a racionalización do modelo de ocupación co obxectivo de mellorar a calidade de vida da cidadanía. Fomentarase a práctica de actividades económicas baixo modalidades ecolóxicas ou de produción integrada e potenciaranse os procesos que contribúan ao peche dos ciclos produtivos e á valorización económica dos recursos endóxenos. Neste sentido, trátase de fomentar estes criterios nas actividades que presentan unha maior potencialidade de aproveitamento dos recursos endóxenos en condicións de sustentabilidade, como son o sector pesqueiro-marisqueiro, o sector agrario, o sector forestal, o sector enerxético e o turismo nas súas diversas dimensións (…)" (Artigo 22 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.983.

[717]"(…), desde o planeamento fomentaranse desenvolvementos que minimicen a necesidade da mobilidade, (…). O planeamento considerará de xeito conxunto o deseño dos itinerarios de mobilidade, co obxecto de garantir a conexión e accesibilidade da poboación aos novos usos previstos ou os existentes, maximizandoa eficiencia e calidade do desprazamento" (Artigo 23 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 2.983 e 2.984.

[718]"O planeamento inducirá, na medida do posible e conforme o modelo territorial proposto, a redución das necesidades enerxéticas. Do mesmo xeito, facilitará a implantación de fontes de enerxía renovables (…). As infraestruturas de produción, distribución en transporte da enerxía deberán optimizar a súa integración no territorio. No caso das novas infraestruturas que deban planificarse, así como a reconversión, ampliación ou mellora das xa existentes, a súa localización ou percorrido deberán prever e evitar os posibles efectos negativos sobre o territorio. (…) No referente ás infraestruturas existentes, procurarase o seu tratamento de integración paisaxística con especial atención a aqueles espazos que pola súa significación e valor

Cambio climático[719], Atmosfera[720], Ciclo hídrico[721], Ciclos de materiais[722], Solo[723], Turismo[724], Recursos xeolóxicos[725] e Prevención de riscos[726].

No *Titulo III* recóllense os *principios xerais* de actuación. "Con carácter xeral

---

patrimonial, ambiental ou paisaxístico se considere necesario para o mantemento dos seus valores (…)" (Artigo 24 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.984.

[719] "O planeamento deberá considerar no deseño das súas estratexias de desenvolvemento as previsións e evidencias dos efectos do cambio climático, para poder adaptar a planificación aos posibles cambios na variación da cota de inundación, o retroceso da liña de costa e as variacións na frecuencia e intensidade de fenómenos naturais adversos tales como temporais, inundacións, etc.(…)" (Artigo 25 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.984.

[720] "A planificación das actividades e infraestruturas emisoras de calquera tipo de contaminación atmosférica-físicoquímica, acústica, luminosa ou electromagnética, á hora da súa localización, deberá priorizar a prevención e minimización dos posibles efectos sobre a saúde da poboación e sobre a funcionalidade dos sistemas naturais, fronte ao establecemento de medidas correctoras, mitigadoras ou compensatorias" (Artigo 26 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.985.

[721]"(…)Fomentarase a máxima eficiencia nos sistemas de abastecemento e saneamento coa implantación das tecnoloxías que mellor se adapten ás condicións de demanda do recurso e de xeración de augas residuais, tendo en conta especialmente o seu posible carácter estacional (…). O planeamento recollerá as actuacións necesarias para erradicar as verteduras directas ao dominio público hidráulico ou ao marítimo terrestre que non cumpran coas condicións de calidade determinadas pola normativa aplicable. En todo caso, para o desenvolvemento de novos ámbitos de planeamento será condición sine qua non que o sistema de saneamento e depuración correspondente, sexa autónomo ou pertencente a unha rede xeral, dea como resultado un efluente coas condicións idóneas para o seu retorno ao medio sen risco de contaminación, tal e como exixe a normativa vixente" (Artigo 27 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.985.

[722]"Deberanse prever e propoñer as localizacións máis axeitadas para as instalacións de recollida, tratamento e xestión dos residuos atendendo ás condicións de accesibilidade e de acordo coa planificación autonómica de xestión de residuos. (…) Deberase garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos residuos para o desenvolvemento de novos ámbitos tanto a nivel territorial como urbanístico" (Artigo 28 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.986.

[723] "O planeamento deberá fomentar formas de desenvolvemento máis eficientes de cara á valorización da funcionalidade do solo que garantan un uso eficiente e sustentable dos recursos, así como a optimización territorial, ambiental e social de infraestruturas, dotacións e servizos. O planeamento deberá propiciar unha estrutura urbana que garanta a integración dos núcleos de poboación na paisaxe, definindo axeitadamente as súas tipoloxías construtivas, bordos urbanos, silueta, espazos públicos e viarios co fin de manter as principais vistas e perspectivas do núcleo. Co obxectivo de conseguir un uso máis eficiente e sustentable do solo, o planeamento fomentará a rehabilitación e renovación das súas edificacións e a consolidación dos intersticios completando as tramas existentes con carácter previo á ocupación doutros solos. Quedan prohibidos os novos crecementos illados, (…). Con carácter xeral, o planeamento non dirixirá os crecementos urbanísticos cara aos elementos e hábitats máis fráxiles (…)" (Artigo 29 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.986.

[724] "O planeamento procurará a diversificación dos destinos e tipoloxías turísticas, así como a súa integración paisaxística e a súa coherencia co modelo territorial proposto. Co obxectivo de utilizar de forma racional os recursos e reducir os impactos do turismo no litoral, o planeamento tomará en consideración as propostas estratéxicas (…) tales como a restrición e regulación dos accesos aos areais e zonas protexidas, a promoción de destinos próximos no interior ou o fomento do uso do transporte público fronte ao privado. Como estratexia complementaria a medio e longo prazo o planeamento adoptará os criterios recollidos na Carta europea de turismo sustentable" (Artigo 30 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 2.986 e 2.987.

[725]"En atención aos seus singulares valores ambientais e paisaxísticos prohíbese a instalación de novas explotacións mineiras e ampliación das existentes nas categorías de protección, mellora ambiental e paisaxística e espazos de interese establecidas neste plan (…)" (Artigo 31 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.987.

[726] "O planeamento, (…), deberá definir as áreas de riscos, tanto naturais como antrópicos, que condicionen ou desaconsellen a implantación de determinados usos. (…), non se poderán implantar novas explotacións forestais intensivas a unha distancia inferior de 50 metros de núcleos de poboación (…)" (Artigo 32 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.987.

deberanse respectar os seguintes principios comúns a todas as áreas:

a. Valorizar os elementos de carácter natural e cultural, promovendo a súa rexeneración e rehabilitación.
b. Divulgar o coñecemento, facendo especial fincapé na identificación dos seus trazos definitoriosnaturais ou culturais, prestando especial atención aos espazos de interese identificados.
c. Proporcionar conectividade ao territorio, preservando a funcionalidade dos ecosistemas e evitando a súa fragmentación.
d. Preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural.
e. Contribuír á diversidade e riqueza paisaxística, integrando os usos e actividades que sobre o territorio se implanten.
f. Evitar a alteración substancial dos ecosistemas así como a súa ocupación con especies alóctonas"[727].

Ademais destes principios con carácter xeral, en cada elemento do modelo territorial do POLGA deberán observarse principios específicamente establecidos para eles[728].

O *Título IV* comprende as Normas Xerais. No Capítulo I regúlanse os usos e actividades, entre os mesmos "(…) admisibles nos solos clasificados polo planeamento como rústicos (…)[729]. Entre as "Actividades e usos non construtivos" permitidos, encóntranse: "Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes"[730]. Por outro lado, entre as "Actividades e usos construtivos" admitidos, están: "Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural (…)"[731]. Asi como, tamén:

- ✓ "Instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalación imprescindibles para o uso de que se trate"[732].
- ✓ "Instalacións imprescindibles para a práctica dos deportes náuticos"[733].
- ✓ "Instalacións imprescindibles para a implantación de paseos marítimos ou fluviais"[734].

Finalmente, no apartado de "Outros usos e actividades" permítense[735]:

a. "Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e gozo do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural sempre que non leven consigo a transformación do seu carácter e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.
b. Usos admitidos pola lexislación de costas para a protección, restauración e utilización do dominio público marítimo-terrestre, coas particularidades establecidas no título IV, capítulo VI, relativas ás praias e ao seu contorno. (…).
c. Obras de rehabilitación, renovación e reforma de edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico, e en especial as que estean recollidas

[727]Artigo 33 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.987.
[728]Artigos 34-45 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 2.987-2.990.
[729]Artigo 46 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 2.990-2.992.
[730]Artigo 46.1.b do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.990.
[731]Artigo 46.2.e do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.991.
[732]Artigo 46.2.j do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.991.
[733]Artigo 46.2.q do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.992.
[734]Artigo 46.2.r do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.992.
[735]Artigo 46.3 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.992

no plan territorial ou urbanístico como elementos de interese integrantes do patrimonio cultural paisaxístico etnográfico do litoral. En todos estes casos admitirase o cambio de uso

d. para vivenda, fins dotacionais ou establecementos hoteleiros, hoteis rurais e de restauración conforme á lexislación relativa a turismo de Galicia (…)".

O Capítulo II regula os desevenvolmentos urbanísticos. "Os desenvolvementos urbanísticos deberán xustificarse en función das necesidades de crecemento municipal no marco dun desenvolvemento equilibrado e sustentable, que o planeamento urbanístico deberá garantir en coherencia coas determinacións do POL"[736].

O *Título V* recolle as Normas Complementarias. No Capítulo1, Paixase, recóllense a "(…) unha serie de determinacións que servirán de base para a protección, ordenación e xestión da paisaxe litoral, en tanto en canto se desenvolven os catálogos e directrices de paisaxe (..)"[737].O principio básico de actuación é o de Integración paisaxística[738]. O instrumento para alcanzar a integración paisaxística dos proxectos constitúeo o Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP). Este estudo é "(…) un documento técnico en que se avaliarán os impactos que os proxectos considerados poidan provocar na paisaxe, e as medidas de integración paisaxísticas propostas polas entidades promotoras. O EIIP incluirá unha epígrafe de diagnóstico do estado actual da paisaxe, outra dedicada á xustificación, descrición e alcance da actuación prevista, así como o proceso adoptado de incorporación das directrices correspondentes ás unidades de paisaxe afectadas. E finalmente informará dos criterios e medidas adoptadas para alcanzar a integración paisaxística do proxecto. É necesario recordar que o proxecto de integración paisaxística debe ser inherente á súa elaboración. Polo tanto, o seu obxectivo último non sería tanto establecer medidas correctoras como garantir que os criterios e as medidas adoptadas polos promotores do proxecto sexan adecuadas e suficientes para a súa inserción na paisaxe"[739]. Uns EIIP que deberán acompañar os estudos de impacto ambiental daqueles proxectos que deban someterse ao procedemento de declaración de impacto ambiental[740]. O capítulo II está dedicado á xestión das praias e o seu entorno[741]. Finalmente, o capítulo III abarca dous actuacións de carácter complentario: Sendas[742] e Programa de educación ambiental.

[736]Artigo 60 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.994.

[737]Ibídem; op. cit. páx. 2.997.

[738]" Enténdese por integración paisaxística o conxunto de accións que, partindo da compresión da paisaxe dun lugar, conforman o proxecto e permiten diminuír o seu impacto paisaxístico e conseguir a súa integración harmónica. A integración paisaxística implica, (…), partir da comprensión do lugar e actuar de forma que a alteración que comporte o complemente e enriqueza" (Artigo 73 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.997.

[739]Artigo 78 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.999.

[740]Artigo 78.1.a do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 2.999.

[741] As determinacións contidas en e mesmo abordarémolas detidamente no apartado dedicado á xestión de praias deste Capítulo III.

[742]Artigo 92 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 3.002 e 3.003. Neste punto, cremos intersante tamén resaltar dado o seu interese para o desenvolvemento turístico no litoral galllego as determinacións incluídas na Disposición Adicional 2º. Nesta, establécese un prazo de dous anos tras a entrada en vigor do Plan de Ordenación do Litoral, para que "(…) a consellería competente na materia iniciará o plan, ou plans especiais que desenvolvan a Senda dos faros (…). A Senda dos faros ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Búscase, asemade, a conexión con outras rutas alternativas que percorren núcleos asentados no contorno do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido e tristemente esquecido" (Disposicións Adicional 2º do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.005.

Falamos, neste caso, dunha "(…) estratexia de divulgación ambiental do POL co obxectivo de impulsar a participación cidadá, así como de dar a coñecer o documento, os seus valores e os criterios e alternativas máis sustentables para a súa aplicación"[743].

O *Titulo VI* determina a *relación do POLGA co planeamento municipal vixente*. Nesta dirección, segundo "(…) o establecido no artigo 14º.3 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia[744], o planeamento municipal queda modificado, sen prexuízo da súa adaptación ao Plan de Ordenación do Litoral, nos termos contidos neste título"[745]. Entre as diferentes determinacións incluídas no Plan de Ordenación do Litoral sobre o planeamento urbanístico municipal, imos resaltar pola súa relevancia as seguintes:

- ✓ "As edificacións e usos legalmente implantados antes da entrada en vigor deste plan poderán seguir desenvolvendo a súa actividade con independencia da súa conformidade co Plan de Ordenación do Litoral"[746].
- ✓ O Plan de Ordenación do Litoral non será de aplicación ao solo clasificado como urbano consolidado e de núcleo rural polo planeamento urbanístico vixente á súa entrada en vigor. Tampouco o será naqueles solos que á entrada en vigor do POLGA finalizasen a tramitación do instrumento de xestión[747].
- ✓ No solo rústico ou solo non urbanizable o Plan de Ordenación do Litoral será de aplicación directa e de xeito complementario ao réxime de usos establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia[748]. Agora ben, en caso de discrepancia, aplicarase o réxime de protección máis estrito[749].
- ✓ "Os ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable que non conten coa ordenación detallada aprobada definitivamente ou que non a incorpore o planeamento xeral deberán adaptarse a este plan"[750].
- ✓ O procedemento para a adaptación dos solos previstos no planeamento urbanístico ao POLGA "(..) poderá levarse a cabo, segundo proceda, mediante a aplicación directa das súas determinacións, mediante a delimitación do ámbito, a modificación puntual que sexa necesaria ou no marco da revisión, respectando, en todo caso, os procedementos establecidos na Lei 9/2002"[751]. Por outra parte, os solos afectados pola servidume de protección da Lei de costas de 1988 deberán adaptarse

[743]Artigo 93 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.003.

[744]"Cando os plans territoriais integrados incidan sobre plans urbanísticos xa existentes, o acordo de aprobación definitiva daqueles precisará, necesariamente, os puntos concretos nos que estes quedan modificados, sen prexuízo de que os municipios afectados poidan incoar os procedementos precisos para adaptalos ás determinacións daqueles" (Artigo 14.3 da Lei 10/1995). Véxase: Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia". BOE nº11, de 12/1/1996; pp. 849-857; op. cit. páx. 853. https://www.boe.es/boe/dias/1996/01/12/pdfs/A00849-00857.pdf

[745]Artigo 94 do Decreto 20/2011. Véxase: "Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia". DOG nº37, de 23/2/2011; pp. 2.974-3.009; op. cit. páx. 3.003. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110223/Anuncio77DA_gl.pdf

[746]Artigo 95.1 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.003.

[747]Artigo 96 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.003.

[748] Véxase. "Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia". BOE nº18, de 21/1/2003; pp. 2650-2708. https://www.boe.es/boe/dias/2003/01/21/pdfs/A02650-02708.pdf

[749]Artigo 97 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.003.

[750]Artigo 99.3 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.003.

[751]Artigo 1002.1 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.004.

integramente ao establecido pola mesma[752]. En calquera caso, ao inicio do procedemento deberase solicitar un informe sectorial do departamento competente en materia de paisaxe sobre o cumprimento das determinacións do POLGA[753].

Na Disposición Transitoria 1ª do Decreto 20/2011[754] fíxanse os criterios básicos e os prazos para a adaptación do planeamento urbanístico xeral ao establecido no POLGA. Fixando a este respecto, as seguintes determinacións:

- ✓ "Os municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, iniciarán a adaptación do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal ao Plan de Ordenación do Litoral simultaneamente coa tramitación da súa revisión, ou a través dunha modificación puntual tramitada para ese efecto e, en todo, caso antes de transcorridos tres anos desde a entrada en vigor deste plan"[755].
- ✓ "Os plans xerais de ordenación municipal que á entrada en vigor deste Plan de Ordenación do Litoral se atopen en redacción e non alcanzasen a aprobación provisional adaptarán o seu contido ao Plan de Ordenación do Litoral (…)"[756].
- ✓ "Os plans xerais de ordenación municipal que á entrada en vigor deste Plan de Ordenación do Litoral fosen aprobados provisionalmente non necesitarán adaptarse ao Plan de Ordenación do Litoral en canto ás determinacións e criterios da Área de Ordenación Litoral, deberanse adaptar, se é o caso, ás determinacións e criterios establecidos nas áreas de protección ambiental, mellora ambiental e paisaxística e os espazos de interese"[757].

Finalemte, salientar que en coordinación "(…) co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística"[758]. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado desta instalación de Ence a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018. "A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, (…). En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal"[759]. Un proxecto con vistas de realización a medio prazo que de levarse a cabo podería supoñer o inicio da recuperación ambiental deste sector do litoral do municipio de Pontevedra e, con iso, abrir este a un potencial desenvolvemento turístico.

En defintiva, na nosa opinión podemos afirmar que nas súas liñas mestras o POLGA parécenos un bo instrumento de ordenación do litoral de Galicia, un bo punto de partida nas bases que han de orientar cara ao futuro os tramos do litroal galego que aínda conservan especial valor ambiental e paisaxístico. Agora ben, tamén é certo que o éxito do POLGA o seu éxito pivota esencialmente, por unha parte, da súa implantación real na Administración local e nos seus plans de ordenación urbanística, e, por outra, do seu respecto por parte dos

[752]Artigo 102.2 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.004.
[753]Artigo 102.4 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.004.
[754]Disposición Transitoria 1ª do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 3.004 e 3.005.
[755]Punto 1 da Disposición Transitoria 1ª do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.004.
[756]Punto 2 da Disposición Transitoria 1ª do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.005.
[757]Punto 3 da Disposición Transitoria 1ª do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.005.
[758]Disposición Adicional 3ª do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.005.
[759] Ibídem.

poderes públicos e da cidadanía. Non esquezamos que o control e a disciplina urbanística son fundamentais para manter intactas as áreas -continuas e discontinuas- que son obxecto dunha protección directa polo POLGA. Por último, queremos destacar que, se ben na elaboración do Plan seguíronse moitas das pautas e directrices da chamada *Xestión Integral do Litoral*, aínda se estaba lonxe de lograr este obxectivo no que deben de colaborar estreita e coordinadamente as diferentes Administracións territoriais e os sectores sociais e económicos vinculados co litoral[760].

Sobre a base do exposto, neste capítulo, ata este momento, e conectando co obxectivo deste traballo de investigación, os xestores das OMDs do litoral galego deben extraer como conclusión xeral que a circunstancia da conxunción na administración autonómica da titularidade do núcleo de competencias sobre ordenación do territorio e turismo, vai outorgar á Xunta de Galicia unha ampla capacidade e os instrumentos xurídicos axeitados para dispoñer sobre a ordenación espacial e, consecuentemente deseñar un determinado modelo desenvolvemento turístico litoral no seu territorio.

3.3.1.- ORDENACIÓN E XESTIÓN DE PRAIAS.

Antes de profundar o tema da ordenación e xestión desde unha óptica vinculada a frecuentación turística, creemos que resulta de imprescindible, polas repercusiones que terá na temática, a de acoutar o concepto de praia. A LC de 1988 entende por tal: "As praias ou zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpas, bermas e dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción do mar ou do vento mariño, ou outras causas naturais ou artificiais"[761]. Unha definición de praia recollida na Lei de Costas de 1988 que precisa, na nosa opinión, dunha serie de consideracións[762]:

1. A LC de 1969 asimilaba o concepto de praia a un terreo de áridos, ao referirse a esta como "areais ou pedregais"[763]. A LC de 1988, non obstante, inclúe as areas e as gravas entre unha enumeración exemplificativa moito máis ampla que, sen dúbida, obriga a incluír os areais no concepto de praia pero non reduce este á devandita condición areenta.
2. A normativa de 1988 desliga o concepto de praia da acción directa do mar, de tal maneira que os depósitos de materiais que a conforman poden ter a súa orixe ou ser consecuencia do vento mariño ou doutras causas naturais ou artificiais.
3. A LC de 1988 non inclúe á existencia ou non de vexetación, nin as características desta, ao contrario que a LC de 1969, que establecía como peculiaridade física desta zona o feito de ter "vexetación nula ou escasa e característica"[764].

---

[760]Véxase: SANZ LARRUGA, F. J. (2011). "La ordenación del litoral en Galicia: bases conceptuales, presupuestos políticos y régimen jurídico vigente". Revista Gallega de Administración Pública, nº41; pp. 489-535; op. cit. páx. 532.

[761]Art. 3.1. b) da Lei de Costas de 1988. Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[762]Véxase: GARCÍA PÉREZ, M. (2001): "Ordenación y gestión de las playas" en CARBALLEIRA RIVERA, Mª T. (coord..): "Ordenación del litoral". EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Consellería de Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; pp. 139-164; op. cit. páx. 140.

[763] Art. 1.1 da Lei 28/1969, do 26 de abril, sobre costas. Véxase: Ley 28/1969, de 26 de abril, sobre costas. BOE nº101, de 28/4/1969; pp. 6358- 6361. http://www.boe.es/boe/dias/1969/04/28/pdfs/A06358-06361.pdf

[764] Ibídem.

4. Por outra parte, se a LC de 1969 se refería á "superficie case plana"[765] que ocupaba a praia, a LC de 1988 ignora esta característica, dando cabida como consta expresamente, ás dunas dentro do concepto amplo ofrecido.
5. Finalmente, inclúense no concepto da LC de 1988 expresamente as escarpas, as bermas e as dunas, sendo está última referencia especialmente significativa, polo que supón a extensión do concepto clásico de praia sobre todo se se pensa que se inclúen as dunas "vivas", é dicir as cadeas de dunas que estean en desenvolvemento, desprazamento ou evolución debido á acción do mar ou do vento mariño e as dunas fixadas por vexetación, na medida que resulten necesarias para garantir a estabilidade da praia e defensa da costa[766].

A LC de 1969 é o primeiro texto legal que pon en evidencia a insuficiencia das ferramentas da autorización e a concesión para a ordenación de usos nas praias. Ante esta realidade crea a figura do Plan de Ordenación Xeral da Praia[767]. Un instrumento normativo con máis pretensións que as simple xestión de usos imperante ata esa data. Agora ben, o Plan de Ordenación Xeral da Praia podemos catalogalo como un instrumento de plan errante ou atípico dentro do conxunto da lexislación urbanística, escasamente utilizado ata o punto que a maioría das praias eran un engadido ou unha extensión do plan normal de todo termo municipal que ao chegar á praia encontraba a súa aplicación determinada[768].

Pola súa banda, a LC de 1988 non recolleu no seu articulado a presenza de plans sectoriais sobre as praias e deixou en mans das das CC.AA. a través da súa competencia en ordenación do territorio a planificación, e asegurouse a intervención estatal en asuntos relacionados co dominio público marítimo-terrestre (DPMT) por medio da técnica dos informes[769]. Nesta dirección, a LC de 1988 declara no seu art.º112 que corresponde á

---

[765] Ibídem.

[766] "Consideraranse incluídas na delimitación da praia as cadeas de dunas que estean en desenvolvemento, desprazamento ou evolución debida á acción do mar ou do vento mariño. Así mesmo incluiranse as fixadas por vexetación ata o límite que resulte necesario paragarantizar a estabilidade da praia e a defensa da costa" Artigo 4. d do Regulamento de Costas (RC) de 1989. Véxase: Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento General para desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº 297, de 12/12/1989; pp. 38459-38485. https://www.boe.es/boe/dias/1989/12/12/pdfs/A38459-38485.pdf

[767] "Nas praias en que se produza ou prevexa gran concorrencia humana formulásense polo Ministerio de Obras públicas, de oficio ou a requirimento do Ministerio de Información e Turismo, das Corporacións ou a instancia de particulares interesados, e conxuntamente cos Ministerios de Mariña, Comercio, Información e Turismo, Vivenda e Concellos respectivos un plan de ordenación xeral da praia". Art. 19.1 da Lei 28/1969, do 26 de abril, sobre costas. Véxase: Ley 28/1969, de 26 de abril, sobre costas. BOE nº101, de 28/4/1969; pp. 6358- 6361. http://www.boe.es/boe/dias/1969/04/28/pdfs/A06358-06361.pdf

[768] Véxase: MENÉNDEZ REXACH, Á. (1982): "La ordenación de las playas y sus problemas jurídicos. En especial, el tema de las competencias concurrentes". Revista de Derecho Urbanístico (RDU) nº76; pp. 27-96.

[769] Agora ben, tamén debemos deixar patente que tanto a LC de 1988 coma o seu RC de 1989 conteñen unha serie de normas que afectan á ordenación das praias. Dentro das cales, podemos diferenciar tres tipos:

1. As que regulan o contido do uso común e normal da praia. Onde, basicamente, se remarca sú carácter público e utilización libre como gratuíta para usos " (...) comúns e acordes coa súa natureza". Articulos 2.b, 31.1 e 33.1 da LC.
2. As que establecen prohibicións xerais. Véxase: Artigoss 32.2 (que remite ao art.º 25) e 33.5 LC. Así como, artigos 66 e 111. 9 do RC.
3. As que regulan as instalacións, preferentemente para servizos de tempada. Véxase: Artigos 32 e 33 da LC. Así como, os artigos 60 a 70 do RC.

Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre,

Administración do Estado emitir informe, con carácter preceptivo e vinculante en determinados supostos e concretamente respecto dos plans e normas de ordenación territorial ou urbanística e a súa modificación ou revisión, no tocante ao cumprimento das disposicións da LC e das normas que se diten para o seu desenvolvemento ou aplicación. Un informe que aparece regulado no art.º 117, onde podemos distinguir dúas fases:

a) Un *informe inicial* que comprende suxestións e observacións que se imite antes da aprobación inicial do plan[770].
b) Un *informe definitivo*, perceptivo e vinculante, emitido pola Administración estatal unha vez concluída a tramitación do plan e inmediatamente antes da aprobación definitiva. En caso de que este informe non sexa favorable, disponse dun período de consultas co fin de chegar a un acordo. Se como resultado deste se modificase substancialmente o contido do plan, deberase someter de novo a información pública e a audiencia dos organismos que interviñeran preceptivamente na elaboración[771].

O Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia[772] recolle unha serie de determinacións[773] a ter en conta dende as OMDs á hora xestionar o desfrute ocio-turístico das praias."Con carácter xeral os sistemas praia-duna (…) quedarán suxeitos á seguinte regulación:

a. As instalacións que neles se permitan serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso e localizaranse minimizando a afección ao funcionamento ambiental do sistema.
b. As edificacións de servizo de praia situaranse, preferentemente, fóra dela, sen que teñan incidencia ambiental ou paisaxística co resto de elementos do sistema.
c. Co obxectivo de establecer as instalacións, edificacións e usos autorizados en cada tipo de praia[774] e o seu contorno cumpriranse as determinacións establecida con

---

por el que se aprueba el Reglamento General para desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº 297, de 12/12/1989; pp. 38459-38485. https://www.boe.es/boe/dias/1989/12/12/pdfs/A38459-38485.pdf

[770] Art. 117.1 da Lei de Costas de 1988. Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[771] Art. 117.2 da Lei de Costas de 1988. Véxase: Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[772]Véxase: Decreto 20/2011. Véxase: "Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia". DOG nº37, de 23/2/2011; pp. 2.974-3.009. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110223/Anuncio77DA_gl.pdf

[773] Agora ben, debemos sinalar, que estas disposicións aplicaranse sen prexuízo do obrigado cumprimento do establecido na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, no seu artigo 33º para as praias, e no artigo 111º, para as obras de rexeneración e recuperación de praias, así como nos artigos 64º a 70º do Regulamento que a desenvolve.

[774] Nesta dirección, o POLGA clasifica as prais "(…) atendendo á súa xénese, ao contorno en que se sitúan, á súa accesibilidade e á intensidade de uso nas seguintes categorías: (…)

a. As *praias urbanas* son aquelas situadas nun contorno urbano, altamente transformado, con doada accesibilidade e que soportan un intenso uso.
b. As *praias periurbanas* son aquelas cuxo contorno se atopa parcialmente transformado, están próximas a asentamentos urbanos e contan cunha aceptable accesibilidade e elevada afluencia de visitantes.
c. As *praias rurais* son aquelas que están situadas en enclaves de elevada fraxilidade paisaxística, nun contorno pouco transformado que mantén un carácter rural, contan cunha aceptable accesibilidade e, polo xeral, un uso moderado.

carácter particular para elas neste plan"[775].

Asi mesmo, establécese o instrumento dos *Plans epeciais*[776]. Unha figura que poderán empregar "(…) as distintas administración públicas co obxectivo de reordenar, restaurar e protexer a praia e o seu contorno, localizar novos accesos e aparcadoiros conforme as determinacións establecidas no presente plan e na Guía de boas prácticas de intervención nos sistemas praia-duna (…)"[777]. A redacción do Plan especial poderase realizar por iniciativa dos concellos no termo municipal dos cales se sitúe a praia, ou ben de oficio pola comunidade autónoma. Agora ben, naquelas praias no que o carácter do contorno sexa discordante co da categoría da praia, o plan de ordenación municipal deberá establecer un Plan especial co obxectivo de reordenar, restaurar e protexer a praia e o seu contorno, así como localizar novos accesos e aparcadoiros de acordo cos criterios establecidos no POLGA. Por outro lado, o planeamento municipal, no momento de adaptarse ao POLGA, "(…) prestará especial atención á ordenación do contorno das praias e das fachadas marítimas para o seu tratamento integral e rehabilitación, co fin de non limitar o campo visual nin as perspectivas propias deste, así como establecer as determinacións que causen un menor impacto sobre as dinámicas e estabilidade do propio areal. Do mesmo modo, indicará aquelas construcións que considere inadecuadas ou incompatibles coa ordenación prevista, procurando a mellora das existentes e dos espazos públicos, suprimindo as barreiras arquitectónicas e integrando as redes de instalación"[778]. Asi mesmo, o planeamento municipal, no momento da súa adaptación ao POLGA, á hora da establecer a ordenación do contorno das praias prestará especial:

- ✓ Nas praias urbanas: "(…) á súa accesibilidade para colectivos vulnerables, á integración paisaxística dos aparcadoiros e de toda a fronte marítima, para a consecución dun espazo público de calidade ambiental e paisaxística"[779].
- ✓ Nas praias periurbanas e rurais: "(…) aos aparcadoiros e á conexión cos asentamentos máis próximos, para a súa ordenación integral, producindo as mínimas afeccións na estabilidade do areal e do seu contorno"[780].
- ✓ Nas praias naturais: "(…) ao mantemento da paisaxe do contorno (…). Neste sentido evitarase a realización de calquera actuación máis alá das estritamente necesarias para o mantemento da estabilidade do areal e do seu contorno ou as operacións de mellora das súas condicións ambientais"[781].

Por último, salientar pola súa significación na xestión e ordenación de praias, estes outros puntos contemplados no articulado do Decreto 20/2011:

---

d. As *praias naturais* son aquelas situadas en espazos afastados de núcleos de poboación, nun contorno que conserva características moi próximas á naturalidade e contan polo xeral cun difícil acceso e un uso reducido. Algunhas destas praias teñen un difícil ou case imposible acceso por terra, sendo habitual o seu acceso polo mar" (Artigo 80 do Decreto 20/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3000.

[775] Artigo 79.2 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3000.

[776] Artigo 82 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3001.

[777] Ibídem. Neste punto, temos que sinalar que na Disposición Adicional 1ª establécese que no "(…) prazo de 12 meses desde a aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral, a consellería competente en materia ambiental realizará unha Guía de boas prácticas de intervención nos sistemas praia-duna". Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3.005. Un prazo que non ten cumplico, dado que a finais de 2012 esta Guia aínda non estaba elaborada.

[778] Ibídem.

[779] Artigo 83 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3001.

[780] Artigo 84 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3001.

[781] Artigo 85 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3001.

- ✓ As praias urbanas, periurbanas e rurais deberán contar cos elementos necesarios para a recollida de residuos sólidos urbanos[782].
- ✓ Prestarase unha especial atención ao deseño das instalacións e servizos de tempada para conseguir unha axeitada integración no contorno, coidando tanto a súa situación como a tipoloxía e os materiais empregados[783].
- ✓ Procurarase, sempre que non se lesionen as características e valores do areal, acondicionar polo menos un acceso para persoas con mobilidade reducida, coa súa correspondente sinalización[784].
- ✓ "Non se poderán construír novas vías de acceso á praia de vehículos automóbiles que non estean previstos nos instrumentos de planeamento territorial ou nos plans xerais adaptados a aqueles, todo iso sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial de aplicación". Nas praias rurais, o acceso deberase realizar a través de camiños rurais existentes que manterán o seu carácter, establecendo limitacións á circulación motorizada a partir das zonas de aparcadoiro habilitadas para ese efecto. Nas praias naturais non se realizarán novos accesos rodados[785].
- ✓ O plan municipal resolverá as necesidades de aparcadoiro realizando un estudo da capacidade de carga da praia. A localización dos novos aparcadoiros será preferentemente nos núcleos próximos ou no seu contorno inmediato. Procurarase que as áreas de aparcadoiro non sexan visibles desde a praia e deberanse utilizar materiais e tratamentos adecuados para mellorar a súa integración ambiental e paisaxística. Sen necesidade de adaptación do planeamento urbanístico a este plan, os aparcadoiros existentes nas áreas de protección poderán ser recolocados noutros espazos en que se admita este uso, establecendo as medidas oportunas para a recuperación e rexeneración ambiental da área abandonada. No caso das praias naturais non se permitirán aparcadoiros no seu contorno[786].
- ✓ Sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial, nas praias urbanas, periurbanas e rurais prohíbese a circulación de vehículos de motor, agás para pesca, recollida de algas e servizos de limpeza, seguridade e salvamento. Nas praias naturais queda prohibida a circulación de vehículos de motor salvo para os labores de seguridade, limpeza e salvamento. Os labores de recollida de algas e servizo de limpeza deberán realizarse, sempre que sexa posible, evitando o uso da circulación a motor[787].

Á marxe de ter presentes estas disposicións emanadas das difrentes normativas vixentes, as OMDs deben afrontar a xestión das praias como un elemento esencial do produto "sol e Praia" dentro do marco da oferta turística litoral. Non en van, a praias son cada vez máis elixidas e frecuentadas por turistas cada vez máis informados e esixentes, os cales demandan mellores servizos que cumpran as súas expectativas. Nesta dirección, a calidade do medio e a accesibilidade se converten así en elementos clave á hora de elixir un destino de praia. Polo tanto, nun mercado turístico, onde cada día o cliente é máis esixente, as OMDs deben apostar pola busca da calidade na xestion das praias como un medio de diferenciación fronte á competencia. Nesta dirección, a Bandeira Azul, a Q de Calidade como os sistemas de xestión de accesibilidade, son exemplos de distintivos que, cada día

[782]Artigo 86 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3001.
[783]Artigo 87 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3001.
[784]Artigo 88 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3001.
[785]Artigo 89 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3002.
[786]Artigo 90 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3002.
[787]Artigo 91 do Decreto 20/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 3002.

máis, as autoridades públicas locais están implantando na xestión de praias. Estes distintivos son establecidos coa finalidade de comprobar e xestionar a calidade e o bo estado das praias, ofrecendo aos seus visitantes uns parámetros de mellora constante ano tras ano, ademais de presentarse como unas ferramentas moi efectivas de promoción para as propias praias.


A Bandeira Azul é un distintivo cuxa orixe se encontra na *Foundation for Environmental Education (FEE*[788]*)*, en 1985, desenvolvido a nivel internacional no ano 1987. A Bandeira Azul concédese anualmente por un Xurado Internacional, que ratifica ou rexeita as propostas dos distintos xurados nacionais. Estes xurados realizan a análise e a selección das candidaturas mediante unha inspección da praia, programada ou sen anuncio previo. No caso de España, ADEAC (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor)[789] preside o xurado nacional. A presenza dunha Bandeira Azul nunha praia recoñece e estimula o esforzo das entidades locais por conseguir que a devandita praia cumpra 29 criterios de legalidade, accesibilidade, sanidade, limpeza e seguridade, así como, que conte cunha información e xestión ambiental axeitadas. Os criterios son revisados e actualizado periodicamente a nivel internacional. Os principais criterios que se teñen en conta para a concesión da Bandeira Azul son os seguintes:

- ✓ Información ao público sobre calidade das augas, código de conduta a seguir na praia, actividades de educación ambiental, etc. Ademais dun plano que inclúa a situación das instalacións e servizos.
- ✓ Cumprimento de requisitos e estándares dunha calidade excelente das augas.
- ✓ Ausencia de verteduras industriais, augas residuais e outras substancias contaminantes. Así como plans de emerxencia para posibles accidentes ou desastres ecolóxicos.
- ✓ A praia e o seu ámbito circundante deben estar limpos e ben mantidos.
- ✓ Presenza de socorristas, equipo de salvamento e equipo de primeiros auxilios.
- ✓ Sinalización e control de zonas para actividades incompatibles co baño.
- ✓ Accesos doados e seguros.

No ano 2012 había un total de 540 Bandeiras Azuis no litoral español. Na Figura n.º3.3.1.1 obsérvase como a Comunidade Autónoma de Galicia é a que máis Bandeiras Azuis posuía no ano 2012 con 126, seguida de Valencia con 108 e Cataluña con 87[790]. Do total de praias galegas galardoas no ano 2012, A Coruña contaba con 49, Pontecedra con 55 e Lugo con 22. Por outra parte, a evolución do número de Bandeiras Azuis outorgadas mantivo unha crecente tendencia crecente durante o período temporal 2006-2012 nas praias españolas e galegas (Figura n.º3.3.1.2)


[788] Véxase: http://www.fee-international.org/en
[789] Véxase: http://www.adeac.es
[790] Á marxe das praias, tamén poden concederse o distintivo de Bandeira Azul aos portos deportivos. Nesta categoría España contaba no ano 2012 con 98 portos con Bandeira Azul, mentres Galicia rexistraba 17 instalacións onde ondeaba este distintivo.
Véxase:http://www.adeac.es/sites/default/files/archivos/Comunicado%20de%20prensa%20Nacional%202012.pdf

Figura nº3.3.1.1.-Praias galardoadas con Bandeira Azul por CC.AA. no ano 2012



Fonte: Elaboración propia. Datos ADEAC.

Figura nº3.3.1.2.- Evolución do número de praias galardoadas con Bandeira Azul en España e Galicia no periodo 2006-2012.



Fonte: Elaboración propia. Datos ADEAC.

A *UNE 187001:2011*[791] é unha norma de calidade de prestación de servizo en praias[792]. O ICTE (Instituto para a Calidade Turística Española) é o responsable de administrar e xestionar de forma exclusiva a marca: Q Calidad Turística Praia. Esta norma

[791] Véxase: http://www.aenor.es/aenor/normas/normas/fichanorma.asp?tipo=N&codigo=N0048619#.VBgqdpSgGvO

[792] Esta norma anula á UNE 187001:2008 que foi a pioneira neste campo. Véxase: http://www.aenor.es/aenor/normas/normas/fichanorma.asp?tipo=N&codigo=N0042412&pdf=#.VBgqvJSgGvM

establece os requisitos aplicables á praias relativos á xestión, nos servizos ofrecidos ao usuario e ás infraestruturas e equipamentos co obxecto de prestar un servizo de calidade. O concepto de servizo ao cliente enténdese como o servizo final prestado e ademais os servizos indirectos, de modo que a norma contempla todas as funcións de xestión necesarias para o idóneo funcionamento das praias, configurándose como unha ferramenta de xestión dos procesos. En definitiva, esta norma establece os requisitos que debe cumprir unha praia, tanto no relativo ás instalacións e equipamento tanxibles de uso público, como a todos os procesos necesarios para a prestación dun servizo de calidade. No ano 2012 foron 9 praias galegas as que recibiron o distintivo 'Q' de Calidade Turística. En concreto, tratábase das praias da Retorta, Mañóns e Carragueiros, no concello de Boiro (A Coruña); a de Laxe (A Coruña); A Rapadoira, no municipio de Foz (Lugo); Ás Catedrais e Os Castros-Illas, ambas as dúas en Ribadeo (Lugo); e as de Area e Covas, en Viveiro (Lugo).

Por outro lado, a *norma UNE 170001-2:2007*[793] *Accesibilidade universal. Parte 2: Sistema de xestión de a accesibilidade*, é unha norma desenvolvida por AENOR. A mesma considera que as praias, ao ser un destino turístico por excelencia, deben ser accesibles para todas as persoas, independentemente das súas limitacións temporais ou permanentes (minusvalía física ou sensorial, embarazo, vellez,…). Ademais contémplase a accesibilidade dos paseos marítimos, que deberán ser accesibles en toda a súa lonxitude con ramplas que cumpran coa normativa de obstáculos, información turística e puntos de salvamento. Polo tanto, consideramos que o logro desta Certificación Accesibilidade Universal pode resultar un elemento clave para as OMDs que queiran garantir a igualdade de oportunidades aos usuarios das súas praias. Así mesmo, cremos que se consegue vender unha imaxe dentro do mercado de demanda turística dunha actitude socialmente responsable.

A xeito de conclusión, podemos recomendar unha serie de principios que deberían presidir a actuación das Administracións Públicas á hora de enfocar a ordenación e xestión das praias. Nesta dirección, as OMDs deben fomentar estás liñas de actuación dentro do seu papel como organismos de coordinación da actuación pública. Empezaremos, sinalando unha idea básica que aínda que obvia está lonxe de aplicarse en boa medida na práctica do ordenamento do litoral tanto en España coma en Galicia; as actuacións de ordenamento e xestión das praias non deben desligarse das que se prevexan e se executen sobre o seu "hinterland". Esta idea básica de actuación debemos enmarcala dentro da tensión competencial existente dentro do Estado Autonómico configurado a raíz do establecido pola CE de 1978. Os "celos" competenciais das diversas AA.PP. na defensa de preservar a súa autonomía para a xestión dos seus intereses propios levou e segue levando consigo a falta dun enfoque integral dentro da ordenación do litoral. As OMDs deben facer entender ás diferentes AA.PP. que unha correcta ordenación das praias non se consegue pola vía da confrontación, senón pola aposta do entendemento. O cal, entendemos que debe implicar unha ordenación integral do territorio litoral. Unha premisa que supón ter unha distribución nítida por parte dos xestores das OMDs de cada unha das funcións, atribucións, facultades e competencias que conflúen sobre o litoral. Esixe, por outra parte, dende este coñecemento propiciar dentro do marco de actuación das OMDs un clima de participación positiva na planificación e xestión das praias de todos os axentes involucrados. É o que se veu

[793] Véxase: http://www.imedir.udc.es/moodle/pluginfile.php?file=%2F341%2Fmod_folder%2Fcontent%2F0%2FUNE_170001-2%3D2007.pdf&forcedownload=1

denominando como "planificación participativa"[794]. A aplicación deste concepto de actuación na ordenación das praias debe entenderse dentro do marco de gobernanza. Un marco básico e reiterado neste traballo de investigación que debe supoñer o fomento dun clima de participación democrática. Entendendo polo tal o establecemento dende as OMDs duns foros que deben servir de canle co que superar a estrita coordinación interadministrativa involucrando os cidadáns no establecemento de liñas de actuación, sempre dentro dos criterios que impón o ordenamento xurídico do litoral. Nesta dirección, o respecto ao marco xurídico vixente non debe ocultar outras dimensións da ordenación que debe rexer a planificación e xestión deste espazo tan peculiar que faga compatible o ocio e o aproveitamento económico, o progreso e a preservación do medio ambiente. É dicir, o cumprimento da máxima de calquera ordenación do litoral que debe ser o desenvolvemento sostible.

3.3.2.- O RÉXIME DE VERTEDURAS E A CALIDADE DAS AUGAS MARIÑAS.

A falta de depuración das augas residuais urbanas en Galicia é un dos grandes retos pendentes na política ambiental. O volume de augas que aínda non reciben un tratamento conforme cos parámetros esixidos pola normativa comunitaria continúa sendo moi elevado e a incidencia daquelas na contaminación mariña é igualmente moi importante, motivado esencialmente por unha insuficiente rede de estacións depuradoras.Nesta dirección, cabe engadir a visita efectuada a Galicia por europarlamentarios e membros da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo a inicios do ano 2013 para coñecer de primeira man as actuacións que se están a levar a cabo por parte das administracións públicas españolas na xestión da calidade das augas das rías galegas e, en particular, das de Vigo, Ferrol e O Burgo, visita que deu lugar á apertura de expediente sancionador pola Comisión Europea

[794] Por este tipo de planificación debemos entender o establecemento de estratexias desde as OMDs que xeren un sistema de participación que posibilite o control da cidadanía sobre o ordenamento litoral. Como elementos característicos distínguense a construción de espazos de participación popular na xestión territorial, no exercicio dunha cidadanía activa e no control sobre a Administración Pública, coa vista posta na construción dunha nova cultura política e ecolóxica. Para iso, as OMDS non deben implementar un modelo de desenvolvemento determinado e un sistema de representación pública concreto. Máis ben deben impulsar a aplicación de metodoloxías que impulsen a implicación activa dos cidadáns, o pacto entre axentes públicos e privados que poden defender intereses dispares, e a construción colectiva da planificación e a execución do acordado.
Véxase: SÁNCHEZ ALONSO, M. (1991): "La participación, metodología y práctica". Ed. Popular., Madrid. WILCOX, D. (1994): "The guide to effective participation". Delta Press, Brighton. GARRIDO GARCÍA, F. J. (2001): "El análisis de redes en el desarrollo local", en VILLASANTE, T. R; MONTAÑÉS, M. e MARTÍN, P. (coord..): "Prácticas locales de creatividad social: Construyendo ciudanía/2". El Viejo Topo, Barcelona; pp.49-63. VILLASANTE, T.R. e GARRIDO GARCÍA, F. J. (2001): "Methodologies for the participant construction of knouledge". Systemic Practice and Action Research, vol. 14, nº4; pp. 483-493. GARRIDO GARCÍA, F. J. (2002): "Planificación participativa para el desarrollo local". Cuadernos CIMAS (Observatorio Internacional de ciudadanía y medio ambiente sostenible). http://www.redcimas.org/wordpress/wp-content/uploads/2012/08/m_JGarrido_PLANIF.pdf. PINTADO, F.; REBOLLO, O. e MARTÍ, J. (2002): "Eines per a la participació ciutadana. Bases, mètodes i tècniques. Collecció Papers de Participació Ciutadana, Centre per a la Participació Ciutadana Flor de Maig, Diputació de Barcelona, Barcelona. CIMAS (2009): "Metodologías participativas. Manual." CIMAS (Observatorio Internacional de Ciudadanía y Medio Ambiente Sostenible), Madrid. http://www.redcimas.org/wordpress/wp-content/uploads/2012/09/manual_2010.pdf. GANUZA, E.; OLIVARI, L.; PAÑO, P.; BUITRAGO, L. e LORENZANA, C. (2010): "La democracia en acción. Una visión desde las metodologías participativas". Antígona Procesos Participativos, Madrid. http://www.antigona.org.es/area-trabajo/lademocraciaenaccion.pdf

por atrasos no cumprimento da Directiva 91/271/CE sobre augas residuais[795]. Pola súa banda, as autoridades ambientais de Galicia postulan na necesidade do mantemento dos fondos comunitarios para continuar o saneamento e a depuración no período 2014-2020 e aprobaron o 14 de setembro de 2012 o novo Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa[796].

Por último, sinalar que teñen grande interese os programas orientados ao seguimento e avaliación da calidade das augas mariñas. O Ministerio de Sanidade e Consumo, en colaboración cos organismos sanitarios das Comunidades Autónomas, vén elaborando dende 1986 os "Informes de Síntese de Calidade das Augas de Baño en España"[797], unha medida adoptada como consecuencia da incorporación do noso país ás Comunidades Europeas e a transposición da Directiva 76/1160/CEE[798]. Logo dun aumento

[795] Véxase: "Directiva del Consejo, de 21 de mayo de 1991, sobre el tratamiento de las aguas residuales urbanas (91/271/CE)". Diario Oficial de las Comunidades Europas (DOCE), nº135, de 30/5/1991; pp. 40- 52. https://www.boe.es/doue/1991/135/L00040-00052.pdf

[796] Véxase: "Real Decreto 1332/2012, de 14 de septiembre, por el que se aprueba el Plan Hidrológico de la Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa". BOE nº223, de 15/09/2012.
http://www.boe.es/boe/dias/2012/09/15/pdfs/BOE-A-2012-11655.pdf
Véxase tamén: AUGAS DE GALICIA (2011): "Plan Hidrológico Galicia-Costa. Documento de Síntesis". http://augasdegalicia.xunta.es/PHGC/PHGC-ES/PHGC_Documento_sintesis.pdf Apuntar nesta dirección que se acaba de iniciar a elaboración do segundo ciclo da planificación hidrolóxica da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa (2015-2021). Véxase: "RESOLUCIÓN de 16 de mayo de 2013 por la que se anuncia la apertura del período de consulta pública de los documentos iniciales del segundo ciclo de planificación hidrológica 2015-2021 de la Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa". DOG nº98, de 24/5/2013; pp. 18455- 18456. http://augasdegalicia.xunta.es/docs/DMA/DOGA20132405_es.pdf

[797] O censo oficial de augas de baño para a tempada 2012 componse dun total de 2.156 puntos de mostraxe (PM) en toda España, dos cales 1.926 son marítimos e 230 continentais. A tempada de baño tivo unha duración media nacional de 114 días, sendo a segunda quincena de xullo e a práctica totalidade de agosto comúns a todos os puntos de mostraxe. Notificáronse 22.781 mostraxes, con 46.377 determinacións. A clasificación anual das augas marítimas foi: Excelente (88,9%), Boa (5,7%), Suficiente (2,9%) e Insuficiente (2,5%). No que respecta a Galicia, entre os 450 puntos de mostraxe de augas marítimas, rexistráronse no 2012, 30 PM con calidade de auga de baño calificada como insuficiente (6,54% do total): Praia de Ares (Ares), Praia Ría de Barrañan (Arteixo), Praia Regueiro (Bergondo), Praia Peralto (Boiro), Praias Area da Vila e Camelle (Camariñas), Praia Magadalena (Cedeira), Praia A Concha (Cee), Praia Barallobre (Fene), Praias A Cabana e Caranza (Ferrol), Praia Sardiñeiro (Fisterra), Praia Maior (Malpica de Bergantiños), Praia Testal-Taramancos (Noia), Praia Santa Cruz Porto (Oleiros), Praia Arnela (Ponteceso), Praias Centroña e Ver (Pontedueme), Praias Mosqueiros e O Prado (Riberia) e Praia Sada Delicias (Sada) na provincia de A Coruña; Praia Penaoural (Burela), Praias Cuvelas e Rueta (Cervo) e Praia Tupide (Foz) na provincia de Lugo; e Praia A Ladeira (Baiona), Praia Loureiro (Bueu), Praia O Portiño (O Grove) e Praias A Concha e Compostela (Vilagarcía de Arousa) na provincia de Pontevedra. Véxase: NÁYADE (2013): "Calidad de las Aguas de Baño en España. Informe técnico temporada 2012". Centro de Publicaciones, Secretaria General Técnica, Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, Madrid.
http://www.msssi.gob.es/profesionales/saludPublica/saludAmbLaboral/calidadAguas/aguasBanno/docs/Informe_calidad_aguas_bano_2012.pdf Este Informe técnico é o quinto que se elabora sobre a base do disposto na Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño que se traspuxo ao dereito interno español mediante o Real Decreto 1341/2007 Véxase: "Real Decreto 1341/2007, de 11 de octubre, sobre la gestión de la calidad de las aguas de baño". BOE n.º257, de 26/10/2007; pp. 43620- 43629. http://www.boe.es/boe/dias/2007/10/26/pdfs/A43620-43629.pdf

[798] Esta Directiva refírese á calidade das augas de baño nos Estados membros da Unión Europea (UE). Afecta ás augas nas que as autoridades nacionais autorizan o baño e nas que este é practicado habitualmente por un importante número de bañistas. Fixa os criterios mínimos de calidade aos que deben responder as augas de baño. Véxase: "Directiva 2006/7/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 15 de febrero de 2006, relativa a la gestión de la calidad de las aguas de baño y por la que se deroga la Directiva 76/160/CEE".

progresivo dos puntos de mostraxe e a análise dos parámetros fixados pola citada Directiva, o balance da aplicación desta normativa pode ser cualificado de óptimo.

3.3.3.- O MARCO LEXISLATIVO E COMPETENCIAL DAS INSTALACIÓNS NÁUTICO-DEPORTIVAS[799].

O primeiro precedente, dentro da lexislación española, centrada cun carácter exclusivo na temática dos portos é a Lei de Portos de 1880[800]. Lei, que coa parcial modificación de 1928[801], tivo un longo período de vixencia, perdurando ata 1992 nos seus contidos puramente portuarios. Estabilidade lexislativa que tivo como contrapartida a falta de adaptabilidade da lei á aparición de innovacións e a a emerxencia de novos sectores como o da navegación deportiva. Deficiencia que xustifica a promulgación en 1966 dun Decreto específico sobre os Portos e zonas Deportivas[802], e a aparición finalmente da Lei de Portos Deportivos de 1969 (LPD)[803]. Este novo compendio xurídico limitábase na práctica

---

Diario Oficial de la Unión Europea, nºL 64, de 4/3/2006; pp. 37-51. Véxase tamén: "Directiva 76/160/CEE del Consejo, de 8 de diciembre de 1975, relativa a la calidad de las aguas de baño". Diario Oficial de las Comunidades Europeas, n° L 31, de 05/02/1976; p. 0001 – 0007. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:31976L0160&from=ES

[799]Este apartado esta en boa medida cimentado, coas actualizacións oportunas motivadas polos cambios normativos acontecidos dende a súa elaboración, nun traballo previo: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004): "El turismo náutico en Galicia: la oferta de puertos deportivos". Instituto Universitario de Estudios Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páxs. 7-17.

[800] Esta Lei de Portos do 7 de maio de 1880 recollía, cun peso importante, como forma de financiamento da obra pública: a concesión. Forma xurídica que na actualidade está a recobrar grande importancia. Tamén é conveniente destacar que consagra de xeito definitivo e unificado o concepto de tarifa por servizos, que xa se viñan aplicando ao longo do século, primeiro como tarifas particulares de certos portos e, posteriormente (1849, 1868 e 1869), con carácter común en tarifas xerais: Véxase: ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (1998): "Náutica de recreo y turismo en el Mediterráneo: La Comunidad Valenciana". Síntesis, Madrid.. A LP1880 clasifica os portos en: de interese xeral de primeiro e segundo orde, e de interese local, provinciais e municipais.

[801] Lei de Portos de 1928 (LP1928) que foi aprobada polo Real Decreto-Lei do 19 de xaneiro. Durante a II República, o Decreto do 15 de abril de 1931 estableceu que todos os textos legais do período da ditadura do xeneral Primo de Rivera (1923-1930) que non fosen validados ou anulado, pasarían a ter simplemente un rango regulamentario. Como a LP1928 non foi anulada nin validada, pasou a ter un rango menor, e polo tanto a súa disposición derrogatoria respecto á LP1880 quedaba sen efecto. Situación que derivou en toda unha serie de conflitos que foron interpretados polo Tribunal Supremo, ata a promulgación da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante de 1992 que derroga ambas as dúas leis.

[802] O Decreto 735/1966, do 24 de marzo, que considera portos de interese xeral, ademais dos previstos coa lexislación anterior, aos "destinados ao atraque, amarre e despacho portuario e aduaneiro das embarcacións deportivas de todas as clases". Decreto que se promulgou en virtude da facultade que outorgara ao goberno o artigo 15 da Lei sobre Réxime Financeiro dos Portos Españois de 1966, que establecía un canon especial do que serían obxecto as concesións ou autorizacións para fins ou servizos sociais e as que afectaran a zonas ou portos deportivos, sempre que unhas e outras non constituísen motivos de lucro nin alterasen o equilibrio financeiro dos portos: Véxase: ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (1998): "Náutica de recreo y turismo en el Mediterráneo: La Comunidad Valenciana". Síntesis, Madrid.

[803] Lei 55/1969 do 26 de abril sobre portos deportivos, que lexislaba non soamente sobre as instalacións concibidas exclusivamente para a devandita finalidade, senón tamén sobre aqueles sectores de uso recreativo localizados dentro das dársenas comerciais e todas aquelas instalacións, que sen chegar a poder ser cualificadas como porto, cumprisen a devandita finalidade, como espigóns e embarcadoiros. As axudas e beneficios previstos para os concesionarios eran de carácter xurídico e económico. No plano xurídico, outorgábase o beneficio de declaración de utilidade pública para os efectos de expropiación, ademais de poder solicitar a concesión de terreos de dominio público necesarios para as obras logo de pagamento do

a establecer os mecanismos para habilitar a construción de novos portos na costa, dun perfil moi definido, e moi influído por modelos desenvolvidos noutros países, ignorando tipoloxías e outras localizacións, que resultaron moito máis frecuentes na realidade, como eran as instalacións interiores en portos xa construídos, que seguirían rexéndose na realidade pola Lei de 1928, privando ao sector dunha coherencia que sería fundamental nos seus inicios[804]. Limitacións que se agravaron polo feito de que o seu Regulamento non se promulgou ata 1980 (Real Decreto 2486/1980, do 26 de setembro). Regulamento de 1980 que responde obviamente a uns principios distintos á Lei de 1969. Uns principios que se proxectan esencialmente na defensa do carácter público dos portos deportivos fronte ás pretensións da LPD de estimular a iniciativa privada para a construción de portos. Enfoque de carácter xeral que se plasma nos seguintes puntos:

- ✓ Establecemento dos conceptos de amarre base e de tránsito: "todos os portos e zonas deportivas construídas, tanto polo estado coma en virtude de concesións outorgadas, serán instalacións de servizo público, que en ningún caso contemplarán usos exclusivos de amarre, e o dereito de uso preferente, podendo autorizarse amarres de tránsito nos períodos en que non se exercitase o dereito de uso preferente".
- ✓ Establecemento de condicións para a adquisición da propiedade dos terreos gañados ao mar, fixando a obriga de ceder a propiedade á Corporación local para a construción do paseo marítimo esixindo, para a consolidación do dereito á nova zona marítima terrestre e novas praias que resulten, e os seus accesos, así como a zona de servizos do porto; por último, precisando que os terreos gañados ao mar se conseguirán precisamente mediante realización de obras e non mediante procesos naturais.
- ✓ Preocupación por lograr a articulación do porto deportivo co seu ámbito urbanístico e natural (art.10.1, 10.2 e 10.3).

Finalmente, apuntar que este Regulamento non contemplaba unha regulación dende o punto de vista da Comunidades Autónomas. Unicamente unha disposición adicional establecía que "o disposto no presente Regulamento se entende sen prexuízo das competencias que asumisen ou, no seu caso, poidan asumir, na materia, as Comunidades Autónomas"[805].

No ano 1969 tamén é aprobada a Lei de Costas, en función da cal se definirá a zona marítimo terrestre e as zonas de servidume, o seu réxime xurídico e xestión. Lei 28/1969 do 26 de abril sobre Costas que tamén verá aprobado o seu Regulamento con atraso, en virtude do Real Decreto 1088/1980 do 23 de maio. Lei que outorga a titularidade dos terreos gañados ao mar aos que a tivesen levado a cabo, conforme a actuacións autorizadas e sen prexuízo das redefinicións das zonas de dominio público e servidumes a que houbese lugar. O Regulamento de 1980 matizará algo esta cuestión definindo con máis precisión en que consiste a condición de terreo gañado ao mar. Así non se consideran terreos gañados ao mar: "os terreos situados sobre a superficie que constituían a zona marítimo-terrestre e as

---

correspondente canon. Os beneficios económicos ían dende a preferencia á hora de obter créditos, a concesión de subvencións e axudas á construción de portos deportivos proporcionais ao investimento realizado, como á obtención de exencións de orde fiscal.

[804]Véxase: CERDÁ GARCÍA DE LEONARDO, V. (1999): "Las instalaciones náuticas de recreo. El marco legislativo y competencial", en ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (dir.): "Puertos deportivos y club náuticos: una oferta turístics diferenciada". Universidad Pilotécnica de Valencia (UPV), Valencia, pp. 141-156.

[805]Véxase: ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (1998): "Náutica de recreo y turismo en el Mediterráneo: La Comunidad Valenciana". Síntesis, Madrid.

praias antes da realización dunha obra", e igualmente tampouco "os procesos naturais de calquera clase, aínda cando fosen provocados por medios artificiais".

Inicios marcados, polo tanto, por un claro proceso desarrollista, como pon de manifesto que a gran maioría da infraestrutura portuaria española de carácter deportivo e en menor medida a de Galicia (a exclusivamente ligada ás instalación situadas no interior de portos comerciais e pesqueiros) procede deste periodo[806].

A Lei de Portos e da Mariña Mercante de 1992 (LPEMM)[807] derroga toda a lexislación anterior presentándose como única norma, co cal o sector náutico deportivo queda practicamente desregulado. As instalacións deportivas son equiparadas a calquera outro elemento da actividade portuaria. Situación que se converte nun factor limitante ao tratar de articular as políticas que dotan de interese público a estas instalacións, como pode ser a política deportiva, urbanística, de dotacións para ocio, ou a turística, ou a xustificar claramente un campo meramente público que complemente a as iniciativas privadas nesta materia. Igualmente, priva de seguridade xurídica ao concesionario, e escurece definitivamente o que poderiamos englobar no conxunto de dereitos e obrigas dos usuarios[808].

A Lei 62/1997 do 26 de decembro[809], modifica a Lei de 1992, en liñas xenerais en dous aspectos: en primeiro lugar, na perda de peso na xestión portuaria da Administración Central en beneficio das Comunidades Autónomas e, en menor medida, dos municipios; e en segundo lugar, as autoridades portuarias pasan a dispoñer da facultade de fixar canons e prezos, desaparecendo a tutela ministerial, atendendo aos seguintes criterios: o autofinanciamento do porto, a ausencia de prácticas abusivas sobre tráficos cativos, o mantemento dunha sa competencia interportuaria e a non adopción de prácticas discriminatorias[810].

Posteriormente, foi aprobada a Lei 48/2003, do 26 de novembro, sobre Réxime económico e de Prestación de Servizos dos portos de interese xeral. Reforma lexislativa,

---

[806] Así, en 1977 xa había en España 47 portos deportivos (VALENZUELA, 1982) e en 1981 eran 158 (SEOANE, 1982). En 1982 a cifra situábase en torno aos 200 cunha capacidade próxima aos 40.000 amarres (CEOTMA, 1982), que se distribuían do seguinte xeito: 1% no Cantábrico, 8% en Andalucía, 63% no resto do Mediterráneo peninsular, 25% en Baleares e 3% en Canarias (TORRES, 1997). Véxase: C.E.O.T.M.A. (1982b): "Ordenación de los espacios litorales. Criterios metodológicos y normativos". Serie Normativa n°7, Centro de Estudios de Ordenación del Territorio y Medio Ambiente (CEOTMA), Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo (MOPU), Madrid. (M.O.P.U.)Serie Normativa, nº7. Madrid; SEOANE, Mª. E. (1982): "Turismo náutico en España, en Coloquio Hispano-Francés sobre Espacios Litorales, noviembre de 1981. Servicio de Publicaciones del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Madrid; pp. 685 e ss.; VALENZUELA RUBIO, M. (1982): "La incidencia de los grandes equipamientos recreativos en la configuración del espacio turístico litoral: la costa de Málaga", en Coloquio Hispano-Francés sobre Espacios Litorales, noviembre de 1981. Servicio de Publicaciones del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Madrid; pp. 313 e ss; TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Publicaciones de la Universidad de Alicante, Murcia.

[807] Véxase: "Ley 27/1992, de 24 de noviembre, de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.". BOE nº283, de 25/11/1992; pp. 39953-39984. https://www.boe.es/boe/dias/1992/11/25/pdfs/A39953-39984.pdf

[808] Véxase: CERDÁ GARCÍA DE LEONARDO, V. (1999): "Las instalaciones náuticas de recreo. El marco legislativo y competencial", en ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (dir.): "Puertos deportivos y club náuticos: una oferta turístics diferenciada". Universidad Pilotécnica de Valencia (UPV), Valencia, pp. 141-156.

[809] Véxase. "Ley 62/1997, de 26 de diciembre, de modificación de la Ley 27/1992, de 24 de noviembre, de Puertos del Estado y de la Marina Mercante". BOE nº 312, de 30/12/1997; pp. 38233-38245. https://www.boe.es/boe/dias/1997/12/30/pdfs/A38233-38245.pdf

[810] Véxase: JIMÉNEZ DE CISNEROS CID, F. J. (1990): "El nuevo régimen de los puertos deportivos y la Ley de Costas". Estudios Territoriales, nº34; pp.107 e ss.

que partindo do modelo do sistema portuario estatal existente, tiña por obxectivo fundamental regular "(...) os réximes económico-financeiro, de prestación de servizos e de utilización do dominio público para potenciar a posición competitiva dos portos españois nun contexto do sector do transporte, internacional e europeo, globalizado, aberto e liberalizado, garantindo os principios de libre competencia inter e intra portuaria de acordo coas características dos tráficos e o número e tamaño dos nosos portos" (Exposición de motivos). Para iso, esta lei tomando como premisa previa os factores ou criterios de rendibilidade e eficiencia na explotación do dominio público portuario, apostou decididamente pola promoción e incremento da participación da iniciativa privada no financiamento, construción e explotación das instalacións portuarias e na prestación dos servizos portuarios[811].

En definitiva, esta normativa, a través da incorporación de novos mecanismos pretendía potenciar a calidade e eficacia na prestación dos servizos portuarios e comerciais, favorecendo a redución global efectiva do custo do paso das mercadorías polos portos, en liña coas propostas e criterios da política europea de transportes. Obxectivos que pretendía conseguir promovendo:

- ✓ A competencia interportuaria por medio da potenciación da autonomía de xestión económico-financeira dos organismos públicos portuarios sobre os principios de autosuficiencia económica e de cobertura de custos por trasferencia destes aos usuarios baixo principios homoxéneos e non discriminatorios baseados na recuperación dos custos de explotación, os custos externos e os custos dos novos investimentos[812].
- ✓ A competencia intraportuaria a través da regulación da prestación dos servizos portuarios por parte da iniciativa privada nun réxime de liberdade de acceso.
- ✓ A introdución de importantes e novidosos elementos na regulación da xestión do dominio público portuario para conseguir un completo desenvolvemento do modelo concesional que favoreza a máxima rendibilización socioeconómica deste dominio público dentro dos usos portuarios.
- ✓ O incremento do investimento privado nas instalacións e equipamentos portuarios: Investimento que se fomentará cunha regulación económica clara e estable no tempo, que permita a planificación financeira desas investimentos a longo prazo.
- ✓ A diminución de custos do sistema portuario español.

Outro elemento a destacar do novo ordenamento foi a creación dun Fondo de Compensación Interportuario[813], co fin de constituír un sistema de solidariedade

[811]Véxase: SÁNCHEZ PAVÓN, B. (2004): "Nuevas fórmulas en la financiación de infraestructuras", en: DÍAZ FERNÁNDEZ, J. A. e LOIS GONZÁLEZ, R. C. (coord.): "Las infraestructuras de comunicaciones y transportes en el desarrollo territorial de Galicia". Excma. Diputación provincial de Pontevedra, Pontevedr; pp. 277-354.

[812]PUERTOS DEL ESTADO (1998).: "Marco estratégico". Puertos del Estado, Madrid.

[813] Por diversas razóns, os portos non se encontran nunha situación de igualdade competitiva. Por iso, para redistribuír os recursos do sistema, creouse o denominado Fondo de Compensación Interportuario, regulado na actualidade polo artigo 159 do TRLPEMM. Véxase: "Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de septiembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante". BOE nº253, de 20/10/2011; pp. 109456-109710; op. cit. páxs. 109565-109567. http://www.boe.es/boe/dias/2011/10/20/pdfs/BOE-A-2011-16467.pdf. Posteriormente, resulta modificado pola disposición final vixésima terceira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Presupostos Xenerais do Estado para o ano 2012. Véxase: "Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2012". BOE n156, de 30/6/2012; pp. 46432-46935; op. cit. páx. 46635.

interportuaria. Fondo que debía ser xestionado por Portos do Estado e financiado con determinadas achegas do devandito organismo e de cada unha das Autoridades Portuarias.

O Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 do setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante[814] (TRLPEMM) cumpre o mandato de refundir as principais normas vixentes en materia de Dereito portuario e da mariña mercante dado[815], primeiro, pola disposición final sexta da Lei 48/2003[816] e, posteriormente, pola disposición final sétima da Lei 33/2010[817]. Polo tanto, a lexislación estatal en materia portuaria está recollida, esencialmente, no TRLPEMM. Unha norma que refunde, como apuntamos, as disposicións legais que, ata a data da súa publicación, configuraban o réxime xurídico fundamental do sistema portuario estatal. Non obstante o anterior, a situación dos portos no litoral esixe ter en considerar as normas establecidas na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas[818] e no Real Decreto 1471/1989, da 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento xeral de desenvolvemento e execución da Lei de costas[819].

A TRLPEMM considera baixo a denominación de "(…) porto marítimo ao conxunto de espazos terrestres, augas marítimas e instalacións que, situado na ribeira do

---

https://www.boe.es/boe/dias/2012/06/30/pdfs/BOE-A-2012-8745.pdf

[814]Véxase: "Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de septiembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante". BOE nº253, de 20/10/2011; pp. 109456-109710. http://www.boe.es/boe/dias/2011/10/20/pdfs/BOE-A-2011-16467.pdf.
Posteriormente, publicouse a rectificación de erros: "Corrección de errores del Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de septiembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante". BOE» nº73, de 26/3/2012; pp. 25564 a 25568.
https://www.boe.es/boe/dias/2012/03/26/pdfs/BOE-A-2012-4126.pdf

[815] O TRLPEMM refunde, esencialmente, a Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Puertos do Estado e da Mariña Mercante (que foi obxecto, entre outras, dunha importante modificación levada a cabo mediante a Lei 62/1997, do 26 de decembro), e a Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral (modificada substancialmente pola Lei 33/2010, do 5 de agosto).

[816]" Autorízase o Goberno para que no prazo dun ano a partir da publicación desta lei no «Boletín Oficial do Estado» elabore un texto refundido da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante e desta lei, (…)" (Disposición final sexta. Autorización ao Goberno para ditar un texto refundido da Lei 48/2003). Véxase: "Ley 48/2003, de 26 de noviembre, de régimen económico y de prestación de servicios de los puertos de interés general". BOE nº284, de 27/11/2003; pp. 42126-42238; op. cit. páx. 42196. https://www.boe.es/boe/dias/2003/11/27/pdfs/A42126-42238.pdf

[817]"Autorízase ao Goberno para que no prazo de seis meses a partir da publicación desta lei no «Boletín Oficial do Estado» elabore un texto refundido da Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante e da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral e desta lei" (Disposición final sétima. Autorización ao Goberno para ditar un texto refundido da Lei 33/2010). Véxase: "Ley 33/2010, de 5 de agosto, de modificación de la Ley 48/2003, de 26 de noviembre, de régimen económico y de prestación de servicios en los puertos de interés general". BOE nº191, de 7/8/2010; pp. 68986 -69113; op. cit. páx. 69112.
https://www.boe.es/boe/dias/2010/08/07/pdfs/BOE-A-2010-12703.pdf. Aínda que, posteriormente este prazo se prorroga novamente "(…) amplíase ata o 31 de decembro de 2011 (…)", mediante a disposición adicional novena da Lei 43/2010, do 30 de decembro. Véxase: "Ley 43/2010, de 30 de diciembre, del servicio postal universal, de los derechos de los ususarios y del mercado postal". BOE nº318, de 31/12/2010; pp. 109195-109236; op. cit. páx. 109233. https://www.fomento.gob.es/NR/rdonlyres/D81A25C6-682F-488C-B5B4-BB2A0DE3CDB1/101412/L_43_2010.pdf

[818]Véxase: "Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº181, de 29/7/1988; pp. 23386-23401. http://www.boe.es/boe/dias/1988/07/29/pdfs/A23386-23401.pdf

[819] Véxase: "Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento General para desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº297, de 12/12/1989, pp. 38459-38485. http://www.boe.es/boe/dias/1989/12/12/pdfs/A38459-38485.pdf

mar ou das rías, reúna condicións físicas, naturais ou artificiais e de organización que permitan a realización de operacións de tráfico portuario, e autorice para o desenvolvemento destas actividades a Administración competente"[820]. Uns portos marítimos que atendendo á súa finalidade se clasifican en: portos comerciais e non comerciais[821]. Os portos comerciais son aqueles portos marítimos que, por "(…) razón ás características do seu tráfico, reúnen unhas condicións técnicas, de seguridade e de control administrativo para que neles se realicen actividades comerciais portuarias, entendendo por tales as operacións de estiba, estiba, carga, descarga, transbordo e almacenamento de mercadorías de calquera tipo, en volume ou forma de presentación que xustifiquen a utilización de medios mecánicos ou instalacións especializadas"[822]. Non son portos comerciais, pola contra e para os efectos do TRLPEMM[823]:

a) "Os portos pesqueiros, (…).
b) Os destinados a proporcionar abrigo abondo ás embarcacións en caso de temporal, sempre que non se realicen neles operacións comerciais portuarias ou estas teñan carácter esporádico e escasa importancia.
c) Os que estean destinados para ser utilizados exclusiva ou principalmente por embarcacións deportivas ou de recreo.
d) Aqueles nos que se estableza unha combinación dos usos a que se refiren os apartados anteriores".

Agora ben, os portos comerciais de interese xeral dependentes da Administración do Estado poden xestionar os espazos e dársenas pesqueiras ou destinadas ao amarre de embarcacións deportivas e de recreo situados dentro da súa zona de servizo[824]. Agora ben, estos espazos pesqueiros e os destinados a usos náuticos deportivos "(…) poderán ser segregados da zona de servizo dos portos de interese xeral, sempre que posúan infraestruturas portuarias independentes, espazos terrestres e marítimos diferenciados, non dividan ou interrompan a zona de servizo do porto afectando á explotación deste, non existan usos alternativos previstos na Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios para as devanditas zonas, se acredite que a segregación non pode ocasionar interferencia ningunha na xestión dos portos de interese xeral e se garanta a reversión se se modifican as causas e circunstancias que dean lugar á devandita segregación"[825]. Unha segregación que requirirá do informe favorable do Organismo Público Portos do Estado e será aprobada mediante Real Decreto por proposta do Ministerio de Fomento[826].

No que respecta estritamente ás instalacións náutico deportivas, existen escasas novidades neste novo ordenamento, máis alá da transcendencia, que poidan ter as seguintes determinacións:

- ✓ O establecemento de dúas clases de autorizacións de ocupación do dominio público

[820]Artigo 2.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2011. Véxase: "Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de septiembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante". BOE nº253, de 20/10/2011; pp. 109456-109710; op. cit. páx. 109473. http://www.boe.es/boe/dias/2011/10/20/pdfs/BOE-A-2011-16467.pdf
[821]Artigo 2.4. do Real Decreto Lexislativo 2/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109474.
[822]Artigo 3.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109474.
[823]Artigo 3.4. do Real Decreto Lexislativo 2/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109474.
[824]Artigo 3.6. do Real Decreto Lexislativo 2/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109475.
[825] Ibídem.
[826] Ibídem.

portuario pola Autoridade Portuaria[827]. Por unha parte, a utilización de instalacións portuarias fixas polos buques, a pasaxe e as mercadorías, que se rexerá polo Regulamento de Explotación e Policía e as Ordenanzas Portuarias. Por outra parte, a ocupación do dominio público portuario con bens mobles ou instalacións desmontables ou sen eles, por prazo non superior a tres anos[828]. As autorizacións outórganse, sempre, a título de precario e con carácter persoal. Non son transmisibles por actos inter vivos e, con carácter xeral, non poden ser cedidas a terceiros. Como se indicou, o prazo da súa duración non pode exceder, incluídas as prórrogas, de tres anos, e ao abeiro de tales autorizacións só se poderán realizar ou levar a cabo os usos e actividades que poden desenvolverse no dominio público marítimo portuario.

- ✓ As concesións demaniais son aquelas outorgadas pola Autoridade Portuaria para a ocupación do dominio público portuario, con obras ou instalacións non desmontables ou por prazo superior a tres anos[829]. A diferenza da vixente Lei de Portos e da lexislación de costas, o prazo máximo de vixencia das concesións amplíase ata 35 anos, co obxecto de dar cobertura e incentivar a iniciativa privada[830]. Excepcionalmente, naquelas concesións que sexan de interese estratéxico ou relevante para o porto, a Autoridade Portuaria, logo de informe vinculante de Portos do Estado, poderá autorizar prórrogas non previstas no título administrativo que, unidas ao prazo inicial, superen en total o prazo de 35 anos, sempre que o concesionario se comprometa a levar a cabo un investimento adicional, que supoña unha mellora da eficacia global do servizo prestado[831].

---

[827] Artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 2/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109514.

[828] Para que a Autoridade Portuaria resolva sobre a ocupación do dominio público portuario, o interesado deberá formular unha solicitude á que acompañará os seguintes documentos e xustificantes:

a) "Datos identificativos do solicitante ou, no seu caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.
b) Memoria e planos de conxunto ou de detalle necesarios dos bens e instalacións a desenvolver, nos que se especifique a extensión da zona de dominio público portuario a ocupar.
c) Descrición da actividade a desenvolver e, no seu caso, prazo desta.
d) Información económico-financeira da actividade a desenvolver.
e) Outros documentos e xustificacións que a Autoridade Portuaria considere necesarios e a súa esixencia estea xustificada por razón imperiosa de interese xeral" (Artigo 77.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109515.

"As solicitudes que se opoñan ao disposto no Plan Estratéxico, no Plan Director, na Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios, no plan especial, no seu caso, ou na normativa vixente, non se admitirán, arquivándose no prazo máximo de dous meses, sen máis trámite que a audiencia previa ao peticionario" (Artigo 77.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109515.

[829]Artigo 81.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109516.

[830]"(…) Para a fixación deste teranse en conta os seguintes criterios:

a) Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria.
b) Dispoñibilidade de espazo de dominio público portuario.
c) Volume de investimento, e estudo económico financeiro.
d) Prazo de execución das obras contidas no proxecto.
e) Adecuación á planificación e xestión portuarias.
f) Incremento de actividade que xere no porto.
g) Vida útil do investimento a realizar polo concesionario" (Artigo 82.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109517.

[831]En calquera caso, "(…) a suma dos prazos das prórrogas non poderá ser superior á metade do prazo inicial. Para o outorgamento de cada prórroga será necesario que transcorrese, polo menos, a terceira parte do prazo

- ✓ As autorizacións para a ocupación do dominio público portuario poden outorgarse ben a instancias do interesado ou ben mediante concurso convocado ao efecto pola Autoridade Portuaria[832] A Autoridade Portuaria poderá convocar, polo tanto, concursos[833] para o outorgamento de concesións no dominio público portuario[834];

---

de vixencia da concesión, salvo cando por circunstancias excepcionais sexa autorizado previamente por Portos do Estado, e que o concesionario se encontre ao corrente do cumprimento das obrigas derivadas da concesión" (Artigo 82.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109518.

[832]Artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 2/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109515.

[833] O Consello de Administración da Autoridade Portuaria aprobará as bases do concurso e das condicións que regularán o desenvolvemento da concesión (Artigo 79 do Real Decreto Lexislativo 2/2011 Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109515). Asi mesmo, a autorización resultante deberá axustarse ás condicións xerais de autorizacións de ocupación, do dominio público portuario. "A autorización deberá conter, polo menos, as seguintes condicións:

a) Obxecto da autorización.
b) Obras e instalacións autorizadas.
c) Prazo da autorización.
d) Superficie de dominio público cuxa ocupación se autoriza.
e) Condicións de protección do medio que, se é o caso, procedan.
f) Condicións especiais que deban establecerse nas autorizacións que se outorguen nos espazos afectos ás axudas á navegación, entre as cales deberán figurar, polo menos, aquelas que garantan a eficacia do servizo, accesos e medidas de seguridade.
g) No caso de ocupación de espazo de auga, o balizamento que deba establecerse.
h) Taxa de ocupación e taxa de actividade.
i) Garantías a constituír.
j) Causas de caducidade (…).
k) Outras condicións que sexan pertinentes" (Artigo 80 do Real Decreto Lexislativo 2/2011 Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109516) .

As bases do concurso conterá, polo menos, os seguintes extremos: obxecto e requisitos para participar no concurso, criterios para a súa adxudicación e ponderación destes, e garantía provisional (Artigo 86. 3. a) do Real Decreto Lexislativo 2/2011 Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 109521). No que respecta, ás condicións que regularán o desenvolvemento da concesión estas estarán axustadas ás de condicións xerais de concesións demaniais que aprobe o Ministro de Fomento e ás condicións particulares da Autoridade Portuaria (Artigo 86.3.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2011 Véxase: Ibídem). Correspondendo ao Consello de Administración a resolución do concurso (Artigo 86.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2011. Véxase: Ibídem).

[834]Un dominio público portuario estatal que forma parte do dominio público marítimo-terrestre referido no artigo 132.2 da Constitución e regulado na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas. En todo caso, o artigo 67 do TRLPEMM se ben non define que debe entenderse por dominio público portuario, sinala que bens o integran. Segundo o citado artigo, forman parte do dominio público portuario estatal:

a) "Os terreos, obras e instalacións portuarias fixas de titularidade estatal afectados ao servizo dos portos.
b) Os terreos e instalacións fixas que as Autoridades Portuarias adquiran mediante expropiación, así como os que adquiran por compravenda ou por calquera outro título cando sexan afectados debidamente polo Ministro de Fomento.
c) As obras que o Estado ou as Autoridades Portuarias realicen sobre o devandito dominio.
d) As obras construídas polos titulares dunha concesión de dominio público portuario, cando revertan a Autoridade Portuaria.
e) Os terreos, obras e instalacións fixas de axudas á navegación marítima, que se afecten a Portos do Estado e ás Autoridades Portuarias para esta finalidade.
[878] Sentenza do Tribunal Constitucional (STC) 102/1995, de 26 de xuño, sobre a Lei de Conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres. Véxase: "Pleno. Sentencia 102/1995, de 26 de junio de 1995. Recursos de inconstitucionalidad 1.220/1989, 1.232/1989, 1.238/1989, 1.239/1989, 1.260/1989 y 1.268/1989 (acumulados); conflictos positivos de competencia 95/1990, 163/1990, 170/1990, 172/1990 y 209/1990 (acumulados); y conflictos positivos de competencia 162/1990, 210/1990 y 1.938/1990 (acumulados). Promovidos, respectivamente,los recursos de inconstitucionalidad, por el Gobierno Vasco, la Junta de Andalucía, el Gobierno de Canarias, la Generalidad de Cataluña, la Junta de Galicia y el Parlamento de Cataluña contra la Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres; los conflictos positivos de competencia 95/1990, 163/1990, 170/1990, 172/1990 y 209/1990 por la Comunidad Autónoma de Castilla y León, el Gobierno Vasco, el Consejo de Gobierno de la Diputación General de Aragón, el Consejo Ejecutivo de la Generalidad de Cataluña y el Consejo de Gobierno de las Islas Baleares contra el Real Decreto 1.095/1989, de 8 de septiembre, por el que se declaran las especies objeto de caza y pesca y se establecen normas para su protección; el conflicto positivo de competencia 162/1990, promovido por el Gobierno Vasco contra el Real Decreto 1.118/1989, de 15 de septiembre, por el que se declaran las especies objeto de caza y pesca comercializables, el 210/1990, interpuesto por la Diputación Regional de Cantabria contra los dos Reales Decretos antes mencionados, y el 1.938/1990, promovido por el Consejo Ejecutivo de la Generalidad de Cataluña contra el Real Decreto 439/1990, de 30 de marzo, por el que se regula el Catálogo Nacional de Especies Amenazadas. Voto particular". BOE nº181 Suplemento, de 31/7/1995; pp. 3-44. https://www.boe.es/boe/dias/1995/07/31/pdfs/T00003-00044.pdf

Fauna Silvestres[879] supuxo unha gran novidade para a política de conservación ao incorporar a planificación de espazos naturais, fundamentada na realización dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN)[880] e os Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX)[881], como peza clave na xestión dos Espazos Naturais Protexidos[882]. Esta lei e as súas modificacións posteriores (Lei 40/97[883] e 41/97[884]), serviron ás CC.AA., a raíz da transferencia de competencias en materia de conservación da natureza, como marco básico de referencia a partir do cal cada Comunidade ditaría a súa propia lexislación[885].

Os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais configúranse pola Lei, fuxindo de pretensións inviables, como instrumentos flexibles que permitirán, con diverso nivel de intensidade, un tratamento prioritario e integral en determinadas zonas para a conservación e recuperación dos recursos, espazos naturais e especies a protexer. As disposicións contidas nestes Plans constituirán un límite para calquera outros instrumentos de ordenación territorial ou física, prevalecendo sobre os xa existentes, condición indispensable se se pretende atallar a grave deterioración que sobre a natureza produciu a acción do home[886]. A Lei confire ás Administracións Públicas competentes a aprobación

[879] Véxase: "Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres". BOE nº74, de 28/3/1989. https://www.boe.es/boe/dias/1989/03/28/pdfs/A08262-08269.pdf Esta norma foi derogada pola Lei 42/2007.

[880] Ibídem; artigo 4.2 da Lei 4/1989.

[881] Ibídem; artigo 19.1 da Lei 4/1989.

[882] No ámbito da planificación dos Espazos Naturais Protexidos de Galicia, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, incorpora no seu artigo 31.1 aos PORN e PRUX un novo instrumento de planificación, os Plans de Conservación (PC). "Os plans de conservación establecerán o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espacio" (artigo 37.1 da Lei 9/2001). E foron concibidos como a figura mínima de protección para aqueles espazos protexidos non amparados baixo as figura de parque ou reservas naturais. "Nas demais categorías será necesaria alomenos a aprobación de plans de conservación, nun prazo non superior a dous anos" (artigo 31.3 da Lei 9/2001). Véxase: "LEY 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación de la Naturaleza". BOE nº 230, de 25/9/2001. http://www.boe.es/boe/dias/2001/09/25/pdfs/A35529-35542.pdf
DOG nº171, de 4/9/2001. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010904/AnuncioE1EA_gl.html

[883] Véxase: "Ley 40/1997, de 5 de noviembre, sobre reforma de la Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres". BOE nº 266, de 6/11/1997; páx. 32179. https://www.boe.es/boe/dias/1997/11/06/pdfs/A32179-32179.pdf

[884] Véxase: "Ley 41/1997, de 5 de noviembre, por la que se modifica la Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres". BOE nº266, de 6/11/1997; pp. 32179 -32184. https://www.boe.es/boe/dias/1997/11/06/pdfs/A32179-32184.pdf

[885]Agora ben, a realidade fálanos dunha clara falta de coordinación entre as diferentes CC.AA. e administración estatal dende o punto de vista dos obxectivos perseguidos e da concepción das figuras aplicadas. Unha situación que nos permite afirmar que non se pode "(…) falar dunha política española de protección de espazos naturais, nin moito menos dunha rede española de espazos protexidos, a non ser que nos refiramos de forma convencional á mera adición de 17 redes autonómicas moi dispares". Véxase: MULERO MENDIGORRI, A. (2002): "La protección de Espacios Naturales en España". Mundi-Prensa, Madrid; op. cit. páx. 111.

[886] "Os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (...) serán obligatorios e executivos nas materias reguladas pola presente Lei, constituíndo as súas disposicións un límite para outros instrumentos de ordenación territorial ou física, cuxas determinaciones non poderán alterar ou modificar ditas disposicións. Os instrumentos de ordenación territorial ou fisica existentes que resulten contradictorios cos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais deberán adaptarse a estes. Entre tanto dita adaptación non teña lugar, as determinaciones dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación territorial ou fisica existentes" (artigo 5.2 da Lei 4/1989). No que respecta aos Plans Rectores de Uso e Xestión, o artigo 19. 2 da Lei 4/1989 estable que os "(...) prevalecerán sobre o planemento urbanístico. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coas da normativa

dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, ofrecendo así ás Comunidades Autónomas un importante instrumento para a implantación das súas políticas territoriais[887]. Con posterioridade, a Lei 42/2007 modifica os contidos mínimos dos PORN[888], integrando aspectos que ata o momento da súa publicación eran elementos característicos dos PRUX.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia[889] ten un enfoque de grande amplitude e complexidade, aínda que o seu obxecto, é primordialmente ecolóxico: "(…) establecer normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e á adecuada xestión dos espacios naturais e da flora e fauna silvestres, ademais da xea da comunidade autónoma galega, á difusión dos seus valores, así como á súa preservación para as xeracións futuras"[890]. Un obxectivo que se articula na norma dobremente a través, por un lado, dunhas figuras de plan (plans de ordenación dos recursos naturais[891], plans reitores de uso e xestión[892], plans de conservación[893] e plans de recuperación, protección, conservación e manexo[894]) e, por outro, dunha tipoloxía aplicable aos espazos naturais[895] que se entenda conveniente protexer en función das súas características e do réxime que en cada un deles se pretenda implantar[896]. En relación ás

---

urbanística en vigor, esta revisarase de oficio polos órganos competentes". Véxase: "Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres". BOE nº74, de 28/3/1989. https://www.boe.es/boe/dias/1989/03/28/pdfs/A08262-08269.pdf

[887] "Reglamentariamente aprobaranse polo Goberno Directrices para a Ordenación dos Recursos Naturais, ás que, en todo caso, deberán axustarse os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais que aproben as Comunidades Autónomas" (artigo 8.1 da Lei 4/1989). Véxase: "Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres". BOE nº74, de 28/3/1989. https://www.boe.es/boe/dias/1989/03/28/pdfs/A08262-08269.pdf

[888] Artigo 19 da Lei 42/2007. Véxase: Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad. BOE nº299, de 14/12/2007; pp. 51275-51327; op. cit. páxs. 51284 e 51285. http://www.boe.es/boe/dias/2007/12/14/pdfs/A51275-51327.pdf

[889] Véxase: "LEY 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación de la Naturaleza". BOE nº 230, de 25/9/2001. http://www.boe.es/boe/dias/2001/09/25/pdfs/A35529-35542.pdf
DOG nº171, de 4/9/2001. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010904/AnuncioE1EA_gl.html

[890] Artigo 1 da Lei 9/2001.

[891] Artigos 4-7 e 32 da Lei 9/2001.

[892] Artigos 33-36 da Lei 9/2001.

[893] Artigos 37-40 da Lei 9/2001.

[894] Artigo 50 da Lei 9/2001. Nesta dirección, darase prioridade segundo a norma a aquelas "(…) especies endémicas e a aqueloutras cunha área de distribución moi limitada ou unha poboación moi escasa, así como ás migratorias" (artigo 44.4 da Lei 9/2001).

[895] "Defínense como espacios naturais protexidos aqueles espacios que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza coma derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales" (art. 9 da Lei 9/2001).

[896] A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, define con carácter xeral no Capítulo II "Dos réxime dos espazos naturais protexidos" do seu Título I, os espazos naturais que deben considerarse merecedores dunha protección especial, establecendo as súas categorías e regulando o seu procedemento de declaración. "En función dos bens e valores que hai que protexer, os espacios naturais protexidos regulados nesta lei clasifícanse nas seguintes categorías:

a) Reserva natural.
b) Parque nacional.
c) Parque natural.
d) Monumento natural.
e) Humidal protexido.
f) Paisaxe protexida.
g) Zona de especial protección dos valores naturais.
h) Espacio natural de interese local.

primeiras, estas terán efectos obrigatorios e executivos en todo o que afecten á conservación, protección ou mellora da paisaxe. En canto ás segundas, a beleza e os valores estéticos aparecen no contido da súa definición (parque, monumento natural, zona de especial protección de valores naturais...) cando non directamente, ademais, na propia denominación destas (paisaxes protexidas)[897]. Agora ben, no ámbito territorial "(…) dun espacio natural poderán coexistir distintas categorías de protección (…)"[898].Por outra parte, a declaración "(…) dun espacio natural protexido poderá incluí-la delimitación de áreas de amortecemento de impactos -que poderán ter carácter descontinuo-, nas que se aplicarán medidas específicas"[899].

Todos estes criterios normativos deben inscribirse na concepción desta lei como un instrumento xurídico xeral que pretende deseñar un marco de protección referido ao conxunto do territorio galego e a unha defensa global da natureza[900]. Nesta dirección, apunta o articulo 10. 1 da Lei 9/2001, cando sinala que se crea a "(…) a Rede galega de espacios protexidos, na que estarán representados os principais ecosistemas, paisaxes ou hábitats galegos e que conterá aqueles lugares necesarios para asegura-la súa conservación"[901]. Sen mingua diso, non obstante, hai que recoñecer, que esta disposición acaba centrándose na declaración e xestión específica das áreas territoriais que se entendan que son espazos naturais particularmente valiosos. Isto, na práctica, mesmo xerou unha situación paradoxal na que zonas unánimemente consideradas como as máis relevantes dende o punto de vista da biodiversidade non teñen sequera o recoñecemento de parques naturais (Ancares, Courel, Serra do Suído, Canón do Río Miño...). Estas carencias son paliadas, dun modo desigual e insuficiente, a través do recoñecemento, previsto no parágrafo terceiro do artigo 16[902], dos lugares de interese comunitario seleccionados como

---

i) Espacio privado de interese natural".

Véxase: Artigo 9.1. da Lei 9/2001.

[897] Título I: "Dos espacios naturais" da Lei 9/2001.

[898] Artigo 9.2. da Lei 9/2001.

[899] Artigo 9.3 da Lei 9/2001.

[900] Na actualidade, a *Rede Galega de Espazos Protexidos*, inclúe 1 Parque Nacional, 7 Parques Naturais, 5 Humidais Protexidos, 8 Monumentos Naturais, 2 Paisaxes Protexidas e conxunto de espazos catalogados como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). O Parque Nacional das Illas Atlánticas, cunha superficie de 8.480 ha (7.285,2 ha marítimas e 1.194,8 ha terrestres), distribuído entre catro pequenos sistemas insulares: Cíes (2.658 ha marítimas e 433 ha terrestres), Ons (2.171 ha marítimas e 470 terrestres), Sálvora (2.309 ha marítimas e 248 terrestres) e Cortegada (147,2 marítimas e 43,8 terrestres). Dos catro sistemas insulares que forman o Parque Nacional, unicamente o de Cortegada, non se atopa incluído na Rede Natura 2000. O Arquipélago de Cies, posúe ademais a designación de Parque Natural, así como as de ZEPA e LIC. O Arquipélago de Ons intégrase dentro do LIC Complexo Ons – Grove e da ZEPA Illa de Ons. Pola súa banda, a illa de Sálvora inclúese no LIC do Complexo Húmido de Corrubedo. Dento do conxunto do resto dos seis Parques Naturais, un deles é de ámbito marítimo-terrestre, o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, que foi ademais designado como LIC (Complexo Húmido de Corrubedo), ZEPA (Complexo Litoral de Corrubedo), Humidal Protexido (Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo) e Humidal de importancia internacional, Ramsar (Complexo de Corrubedo).

[901] Entre os 9 tipos de espazos naturais protexidos que establece a a Lei Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, existen dous tipos que non forman parte da Rede Galega de Espazos Protexidos, son os: *Espazos Naturais de Interese Local* (ENIL) e os *Espazos Privados de Interese Natural* (EPIN). A declaración destes espazos iniciarase por instancia de parte, correspondéndolle á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a tramitación do procedemento de declaración.

[902] "Incluiranse tamén as zonas especiais de conservación que conforman a Rede Natura 2000, creada ó amparo das directivas CEE 79/409 e 92/43, e que non posúan outra figura de protección das establecidas nesta

Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais[903]. Esta figura aplícase a aqueles espazos dos que, polos seus valores ou intereses naturais, culturais, científicos, educativos ou paisaxísticos, sexa necesario asegurar a súa conservación ou non teñan outra protección específica. Nestes espacios poderanse seguir realizando os usos e actividades tradicionais que non vulneren os seus valores naturais. Para a xestión destes espazos establécense os referidos Plans de Conservación, agás naqueles espazos naturais protexidos (ENP) que ostenten actualmente unha figura de protección de Parque ou Reserva Natural, onde será necesaria redactar un PORN e un PRUX. Nestes Plans de Conservación establécense o réxime de usos e actividades permisibles no espazo natural, así como as limitacións necesarias para a súa conservación[904]. O seu obxectivo é establecer un marco dentro do o cal deberán operar tanto a ordenación urbanística, como o desenvolvemento de actividades sectoriais. En defintiva, non pretende regular con detalle todas as materias, senón fixar os parámetros dentro dos cuales se deben mover o resto de instrumentos de planificación e xestión do ENP. De feito, a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles con eles[905]. En calquera caso, a espera da ineludible ampliación da proposta galega de Rede Natura, o certo é que moitos daqueles espazos nin sequera están incluídos actualmente nela e que o réxime de protección dos que si se encontran na relación é o mínimo posible. Isto permitiu a afectación dalgunhas destas zonas por instalacións ou actuacións diversas de indubidable impacto paisaxístico.

A Lei 42/2007, do 14 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade[906], ten por obxecto o establecemento do "(…) réxime xurídico básico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade española, como parte do deber de conservar e do dereito a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, establecido no artigo 45.2 da Constitución"[907]. Esta norma sostén que son as Administracións competentes as que teñen o deber de garantir "(…) que a xestión dos recursos naturais se produza cos maiores beneficios para as xeracións actuais,

---

lei" (Artigo 16.3 da Lei 9/2001). Véxase: "LEY 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación de la Naturaleza". BOE nº 230, de 25/9/2001. http://www.boe.es/boe/dias/2001/09/25/pdfs/A35529-35542.pdf
DOG nº171, de 4/9/2001. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010904/AnuncioE1EA_gl.html

[903] Polo tanto, os lugares que formaban parte da proposta galega da Rede Natura 2000 (actualmente formada por 59 Lugares de Interese Comunitario (LIC) ata a súa transformación en Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e 16 Zonas de Especial Protección de Aves (ZEPA) foron declarados polo Goberno Autónomico, ao amparo da Lei 9/2001, como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), integrándose deste modo dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos. Esta previsión tomou corpo no Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais. Véxase: "DECRETO 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais". DOG nº69 de 12/4/2004.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2004/20040412/Anuncio8C62_gl.html Posteriormente, mediante a Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DOG 95, 19/05/2004), publícanse os límites dos diversos espazos considerados como ZEPVN.

[904] Artigo 37 da Lei 9/2001. Véxase: "LEY 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación de la Naturaleza". BOE nº 230, de 25/9/2001. http://www.boe.es/boe/dias/2001/09/25/pdfs/A35529-35542.pdf
DOG nº171, de 4/9/2001. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010904/AnuncioE1EA_gl.html

[905] Artigo 39 da Lei 9/2001. Véxase: "LEY 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación de la Naturaleza". BOE nº 230, de 25/9/2001. http://www.boe.es/boe/dias/2001/09/25/pdfs/A35529-35542.pdf
DOG nº171, de 4/9/2001. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010904/AnuncioE1EA_gl.html

[906] Véxase: Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad. BOE nº299, de 14/12/2007; pp. 51275-51327. http://www.boe.es/boe/dias/2007/12/14/pdfs/A51275-51327.pdf

[907] Artigo 1 da A Lei 42/2007.

sen mingua do seu potencialidade para satisfacer as necesidades e aspiracións das xeracións futuras, velando polo mantemento e conservación do patrimonio, a biodiversidade e os recursos naturais existentes en todo o territorio nacional, con independencia da súa titularidade ou réxime xurídico, atendendo ao seu ordenado aproveitamento e á restauración dos seus recursos renovables"[908]. Deste modo, o uso sostible pasa a ser considerado como un dos máis importantes principios inspiradores da utilización do patrimonio natural[909]. Ademais, intégrase nas políticas sectoriais e pasa a ser cualificado como fundamental[910]. Establece un réxime especial para a protección dos espazos naturais, partindo da definición da Lei 4/1989[911], coa incorporación específica das *Áreas Mariñas Protexidas*[912], e a creación da rede de áreas mariñas protexidas[913], así como a posibilidade de crear espazos naturais protexidos transfronteirizos[914]. A lei mantén a figura, definición e réximes de protección dos Parques[915] e das Reservas Naturais[916] da Lei 4/1989, adaptando a definición das Paisaxes Protexidas ao Convenio da paisaxe do Consello de Europa[917]. A declaración e xestión dos espazos naturais protexidos corresponderá, en todo caso, ás Comunidades autónomas en cuxo ámbito territorial se encontren situados[918]. Para estes espazos a Lei 42/2007 mantén a posibilidade de crear zonas periféricas de protección[919], a declaración de utilidade pública, a efectos expropiatorios dos bens e dereitos afectados, así como a facultade da Administración competente para o exercicio dos dereitos de tenteo e retracto[920]. O cuarto capítulo do Título II céntrase nas áreas protexidas por instrumentos internacionais de conformidade con, e en cumprimento do disposto nos Convenios e acordos internacionais correspondentes. No artigo 49, establécese que as áreas protexidas por instrumentos internacionais son "(…) todos aqueles espazos naturais que sexan formalmente designados de conformidade co disposto nos Convenios e Acordos internacionais dos que sexa parte España (…)"[921]. Dentro do conxunto de tipos de áreas

[908] Ibídem; Preámbulo; op. cit. páx. 51277.
[909] Ibídem; Artigo 2. c); op. cit. páx. 51280.
[910] Ibídem; Artigo 2. e); op. cit. páx. 51280.
[911] Ibídem; Artigo 27; op. cit. páx. 51286. Véxase tamén o Artigo 10 da "Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres". BOE nº74, de 28/3/1989. https://www.boe.es/boe/dias/1989/03/28/pdfs/A08262-08269.pdf
[912] Ibídem; Artigo 29. c); op. cit. páx. 51286.
[913] Ibídem; Artigo 32; op. cit. páx. 51286 e 51287.
[914] Ibídem; Artigo 40; op. cit. páx. 51288.
[915] Ibídem; Artigo 30; op. cit. páx. 51286.
[916] Ibídem; Artigo 31; op. cit. páx. 51286.
[917] Ibídem; Artigo 34.1; op. cit. páx. 51287. O Convenio Europeo da Paisaxe (CEP) foi aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 por proposta do Consello de Europa e foi ratificado polo Reino de España o 6 de novembro de 2007, entrando en vigor para este o 1 de marzo do 2008. Véxase: "INSTRUMENTO de Ratificación del Convenio Europeo del Paisaje (número 176 del Consejo de Europa), hecho en Florencia el 20 de octubre de 2000". BOE nº31, de 5/2/2008. http://www.magrama.gob.es/en/desarrollo-rural/temas/desarrollo-territorial/09047122800d2b47_tcm11-25185.pdf Sobre o contido, alcance e significado deste documento, véxase: ZOIDO NARANJO, F. (2001): "La Convención Europea del Paisaje y su aplicación en España". Ciudad y Territorio: Estudios Territoriales, nº128; pp. 275-282. FABEIRO MOSQUERA, A.. (2006): "La protección del paisaje: su creciente importancia en el ámbito internacional y la dispersión de instrumentos jurídicos para su protección integral en el Derecho español". Revista española de Derecho Administrativo, nº131; págs. 517-547.
[918] Ibídem; Artigo 36.1; op. cit. páx. 51287.
[919] Ibídem; Artigo 37; op. cit. páx. 51287.
[920] Ibídem; Artigo 39; op. cit. páx. 51287 e 51288.
[921] Ibídem; Artigo 49.1; op. cit. páx. 51290.

listados na antedita disposición, en Galicia é posible atopar tres: Humidais de Importancia Internacional[922], Areas Mariñas Protexidas do Convenio OSPAR[923] e Reservas da Biosfera[924]. "O réxime de protección destas áreas será o establecido nos correspondentes convenios e acordos internacionais, sen prexuízo da vixencia de réximes de protección, ordenación e xestión específicos cuxo ámbito territorial coincida total ou parcialmente coas devanditas áreas, sempre que se adecúen ao previsto en os devanditos instrumentos internacionais"[925]. Nestas áreas protexidas por instrumentos internacionais o Ministerio de Medio Ambiente, coa participación das Comunidades autónomas elaborará, no marco do Plan Estratéxico Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, unhas directrices de conservación, que deberán ser aprobadas por acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente[926]. Ademáis, de acordo co artigo 50.1 da Lei 42/2007, estas áreas entran a formar parte do Inventario Español de Espazos Naturais Protexidos, Rede Natura 2000 e Áreas protexidas por instrumentos internacionais, o cal á súa vez se inclúe no Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Tamén resulta interesante dende a óptica das OMDs as referencias á protección das especies en relación cunhas das actividades máis

[922] Ibídem; Artigo 49.1. a); op. cit. páx. 51290. O *Convenio de Ramsar*, sobre Humidais de Importancia Internacional (asinado en 1971), foi ratificado por España no ano 1982. Véxase. "INSTRUMENTO de 18 de marzo de 1.982 de adhesión de España al Convenio relativo a Humedales de importancia intemacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas, hecho en Ramsar e1 2 de febrero de 1971". BOE nº199, de 20/8/1982. http://www.boe.es/boe/dias/1982/08/20/pdfs/A22472-22474.pdf En total foron incluídos polo polo Estado Español, dentro da "*Lista de Ramsar*" cinco humidais galegos: Complexo Intermareal Umia-Grove, Rías de Ortigueira e Ladrido, Complexo das praias, duna e lagoas de Corrubedo, Lagoa e areal de Valdoviño e Ría do Eo, este último con territorios pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia e ao Principado de Asturias. Os límites xeográficos corresponden aos establecidos nas fichas descritivas dos humidais Ramsar elaboradas para a súa declaración, aínda que con posterioridade, no ano 2006, o Ministerio de Medio Ambiente procederá a modificar os límites do Ramsar da Lagoa e Areal de Valdoviño.

[923] Ibídem; Artigo 49.1. c); op. cit. páx. 51290. O Anexo V sobre *Protección e Conservación dos Ecosistemas e a Diversidade Biolóxica das Áreas Mariñas* forma parte integrante do Convenio para a protección do medio mariño do Atlántico do Nordeste (Convenio de Oslo-París, OSPAR), adoptado en París o 22/09/1992. Véxase: OSPAR CONVENTION (1992): "ANNEX V: On the Protection and Conservation of the Ecosystems and Biological Diversity of the Maritme Area". http://www.ospar.org/html_documents/ospar/html/ospar_convention_e_updated_text_2007_annex_v.pdf Para unha maior información, consultar a páxina: http://www.ospar.org/welcome.asp?menu=0

[924]Ibídem; Artigo 49.1. f); op. cit. páx. 51290. "A Rede de Reservas da Biosfera Españolas constitúe un subconxunto definido e recoñecible da Rede Mundial de Reservas da Biosfera, conxunto de unidades físicas sobre as que se proxecta o programa «Persona e Biosfera» (Programa MaB) da UNESCO". Véxase: Ibídem; Artigo 65; op. cit. páx. 51294. Son áreas de ecosistemas terrestres, costeiros ou mariños nos que se promove un modelo de xestión integrada, participativa e sostible do patrimonio e dos recursos naturais, cos obxectivos básicos de conxugar a preservación da biodiversidade biolóxica e dos ecosistemas, cun desenvolvemento ambientalmente sostible que produza a mellora do benestar da poboación, potenciando a participación pública, a investigación, a educación na integración entre desenvolvemento e medio, e a formación en novas formas de mellorar esa integración. En España existen na actualidade 40 Reservas de Biosfera, das que 5 se atopan en territorio galego (un 10%): Terras do Miño; Área de Allariz; Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Burón; e a Reserva Transfronteiriza Gerês - Xurés. Das cales, só Río Eo, Oscos e Terras de Burón abrangue tramos do litoral galego. Entre todas elas suman dentro do territorio galego case 610.000 ha, o cal representa un 21% do total do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Para unha maior información do *Programa do Home e a Biosfera (MAB)*, acceda á páxina: http://www.unesco.org.uy/mab/fr/areas-de-trabajo/ciencias-naturales/mab/programa-mab/programa-mab.html

[925] Ibídem; Artigo 49.3; op. cit. páx. 51290.

[926] Ibídem; Artigo 49.4; op. cit. páx. 51290.

controvertidas realizadas na natureza: a caza e a pesca[927]. As mesmas, dependen en boa medida, do uso que de delas se faga. En principio, ben realizadas e organizadas, ningunha ten por que provocar serios impactos no medio. Depende de como se leven a cabo. Para conseguir unha caza e pesca sostible, é necesario esixir á Administración un total control desta actividade. A caza e a pesca, na súa condición de aproveitamento de recursos naturais, deben garantirse pero limitando a súa aplicación a determinados espazos, datas, métodos de captura e especies[928]. Deste modo, ningunha actividade turística practicada na natureza debería cualificarse de insostible unicamente por realizarse no medio natural.

Figura nº3.4.1.- Rede Galega de Espazos Protexidos: Espazos Naturais Protexidos no litoral. Instrumentos de planificación.

Espazo Natural	**Declaración do Espazo**		**Instrumeto de planificación**		**Natura- 2000**	
	Norma	BOE/DOG	Norma	DOG	LIC	ZEPA
Parque Natural das Illas Cíes	RD 2497/1980[b]	15/11/1980	PORN D 156/1998[3]	05/06/1998	Si	Si
Illa de Cortegada	---	---	PORN D 88/2002[6]	01/04/2002	Non	Non
Parque Nacional das Illas Atlánticas	Lei 15/2002[a]	02/07/2002	PORN D 274/1999[4]	28/10/1999	Si	Si
Parque Natural de Monte Aloia	RD 3160/1978[c]	18/01/1979	PORN D 274/2001[5] PRUX D 65/2009[7]	23/10/2001 31/03/2009	Si	Non
Parque Natural de Corrubedo	D 139/1992[d]	15/06/1992	PORN D 148/1992[1]	16/06/1992	Si	Si
Parque Natural Fragas do Eume	D 218/1997[e]	11/08/1997	PORN D 211/1996[2]	05/06/1996	Si	Non
EPIN Sobreiras do Faro	Orde 18/02/2008[f]	07/03/2008	PC D 222/2010[8]	12/01/2011	Non	Non

Fonte: Elaboración propia. Xunta de Galicia.

[a]"LEY 15/2002, de 1 de julio, por la que se declara el Parque Nacional marítimo-terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia". BOE nº157, de 2/7/2002. http://www.boe.es/boe/dias/2002/07/02/pdfs/A23906-23910.pdf

"DECRETO 23/2006, de 16 de febrero, por el que se establecen determinadas medidas de gestión en el Parque Nacional de las Illas Atlánticas de Galicia". DOG nº36, de 21/2/2006. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2006/20060221/Anuncio563A_es.html

"REAL decreto 1082/2008, de 30 de junio, sobre ampliación de las funciones y servicios de la Administración del Estado traspasados a la Comunidad Autónoma de Galicia, en materia de conservación de la naturaleza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia)". DOG nº126, de 1/7/2008. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080701/Anuncio2C82A_es.html

[b] "Real Decreto 2497/1980 do 17 de outubro sobre a declaración do Parque Natural das Illas Cíes (Pontevedra)". BOE nº 275, de 15/11/1980.

"Real Decreto 2207/1982 de 34 de julio, polo que se modifica o artígo segundo, apartado un, do Real Decreto 2497/1980 de 17 de octubre, sobre a declaración do Parque Natural das Illas Cíes (Pontevedra)". BOE nº

[927] Ibídem; CAPÍTULO IV "De la protección de las especies en relación con la caza y la pesca continental", TÍTULO III: "Conservación de la biodiversidad".

[928] Véxaxe, nesta dirección: Ibídem; art. 26.3; art. 63 e art. 64.

21,de 7/9/1982.

[c]"REAL DECRETO 3180/1978, de 4 de diciembre, sobre declaración del Parque natural del monte Alhoya (Pontevedra)". BOE nº16, de 18/1/1979. https://www.boe.es/boe/dias/1979/01/18/pdfs/A01435-01436.pdf

[d]"DECRETO 139/1992, de 5 de junio, por el que se declara parque natural el complejo dunar de Corrubedo y lagunas de Carregal y Vixán (ayuntamiento de Ribeira - A Coruña)". DOG nº113, de 15/6/1992. http://www.xunta.es/dog/Publicados/1992/19920615/Anuncio93CA_es.pdf

[e]"DECRETO 218/1997, de 30 de julio, por el que se declara el parque natural de las Fragas do Eume". DOG nº153, de 11/8/1997. http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970811/AnuncioA37A_es.html

[f] "ORDEN de 18 de febrero de 2008 por la que se declara de forma provisional, como espacio privado de interés natural, el espacio natural de Sobreiras do Faro, en el ayuntamiento de Oia". DOG nº 48, de 7/3/2008. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080307/Anuncio10012_es.html

[1]"Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Concello de Ribeira-A Coruña)". DOG nº114, 16/6/1992. http://www.xunta.es/dog/Publicados/1992/19920616/Anuncio2B34E_gl.pdf

[2]"DECRETO 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do espacio natural das Fragas do Eume". DOG nº110, de 5/6/1996.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19960605/Anuncio70C2_gl.html

[3]"DECRETO 156/1998, do 28 de maio, polo que se aproba o plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural das illas Cíes". DOG nº107, de 5/6/1998.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/1998/19980605/AnuncioD08A_gl.html

[4]"Decreto 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas". DOG 209, 28/10/1999.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/1999/19991028/Anuncio10DCE_gl.html

[5]"DECRETO 274/2001, de 27 de septiembre, por el que se aprueba el Plan de Ordenación de los Recursos Naturales del Parque Natural del Monte Aloia". DOG nº205, de 23/10/2001.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20011023/AnuncioE9DA_es.html

[6]"Decreto 88/2002, de 7 de marzo, por el que se aprueba el Plan de Ordenación de los Recursos naturales del Espacio Natural de la Isla de Cortegada y su entorno". DOG nº 62, de 1/4/2002.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2002/20020401/Anuncio435E_es.html

[7]"DECRETO 65/2009, de 19 de febrero, por el que se aprueba el Plan rector de uso y gestión del parque natural del Monte Aloia". DOG nº62, de 31/3/2009.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090331/Anuncio1399A_es.html

[8]"DECRETO 222/2010, de 23 de diciembre, por el que se aprueba el Plan de conservación del espacio privado de interés natural Sobreiras do Faro". DOG nº 7, de 12/1/2011.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110112/Anuncio1D5A_es.html

Figura nº3.4.2.- Rede Natura 2000 de Galicia: ZEPA declaradas no litoral.

Código	ZEPA	Declaración
ES0000001	Illas Cíes	24/02/1988
ES0000085	Ribadeo	12/01/1990
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	12/01/1990
ES0000087	Complexo intermareal Umia-O Grove	20/01/1990
ES0000254	Illa de Ons	03/07/2001
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	19/06/2003
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	19/06/2003
ES0000313	Complexo Litoral de Corrubedo	19/06/2003
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	02/04/2004
ES0000373	Ría de Foz	02/04/2004
ES0000375	Esteiro do Miño	02/04/2004

Fonte: XUNTA DE GALICIA (2012): "Plan Director de Rede Natura 2000 Galicia. Documento de síntese". Xunta de Galicia.

Figura nº3.4.3.- Rede Natura 2000 de Galicia: LIC da Rexión Bioxeográfica Atlántica declarados no litoral.

Código	LIC
ES0000001	Illas Cíes
ES1110001	Ortigueira- Mera
ES1110002	Costa Ártabra
ES1110003	Fragas do Eume
ES1110004	Encoro de Abegondo – Cecebre
ES1110005	Costa da Morte
ES1110006	Complexo húmido de Corrubedo
ES1110007	Betanzos-Mandeo
ES1110008	Carnota-Monte Pindo
ES1110009	Costa de Dexo
ES1110010	Estaca de Bares
ES1110011	Esteiro do Tambre
ES1110012	Monte e lagoa de Louro
ES1110013	Xubia-Castro
ES1110015	Río Anllóns
ES1120002	Río Eo
ES1120005	As Catedrais
ES1120009	Monte Maior
ES1120011	Ría de Foz-Masma
ES1120012	Río Landro
ES1120013	Río Ouro
ES1120015	Serra do Xistral
ES1120017	Costa da Mariña occidental
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza
ES1140002	Río Lérez
ES1140003	A Ramallosa
ES1140004	Complexo Ons - O Grove
ES1140005	Monte Aloia
ES1140007	Baixo Miño
ES1140009	Cabo Udra
ES1140010	Costa da Vela
ES1140012	Illas Estelas
ES1140016	Enseada de San Simón

Fonte: XUNTA DE GALICIA (2012): "Plan Director de Rede Natura 2000 Galicia. Documento de síntese". Xunta de Galicia.

Finalmente, prodúcese a aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (LPPG)[929], coa que se incorpora ao Ordenamento galego unha regulación xeral da paisaxe, entendida como todo o territorio da Comunidade Autónoma e

[929] Véxase: "LEY 7/2008, de 7 de julio, de protección del paisaje de Galicia". BOE nº201 de 20/8/2008; pp. 34968- 34968. http://www.boe.es/boe/dias/2008/08/20/pdfs/A34968-34973.pdf

non só certas partes deste que poden presentar un valor especial ou singular[930]. Estamos ante unha Lei que nace coa vocación de complementar, no sentido de incrementar a protección e promoción xurídica da paisaxe, e non de substituír ás normas de carácter medio ambiental anteriormente comentadas[931]. "A Comunidade Autónoma de Galicia procede a regular a materia da paisaxe de conformidade co ámbito competencial establecido nos artigos 27.3 e 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, referentes ás competencia exclusivas da comunidade galega nas materias de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda e ás normas adicionais sobre protección do medio e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución española"[932]. A LPPG "(…) ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia (…). A tal fin, a presente lei impulsa a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais que incidan neste"[933]. Polo tanto, vénse a ordenar que todas as políticas sectoriais incluirán, nas súas previsións, medidas de protección, xestión e ordenación, pois só así se entende de modo realista a paisaxe como unha dimensión global de interese xeral e transcendente aos ámbitos ambientais, culturais, sociais e económicos[934].

A Lei 7/2008, de conformidade con a terminoloxía internacional definida polo Convenio Europeo do Paisaxe[935], entende que paisaxe é "(…) calquera parte do territorio galego tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e da interacción de factores naturais e humanos"[936]. A LPPG ten como fin preservar e ordenar todos os elementos que configuran a paisaxe de Galicia no marco do desenvolvemento

[930] Trátase, sen dúbida, dunha regulación importante, dado que constitúe a terceira deste tipo que se aproba en España: precédena en Valencia, a Lei 4/2004, do 30 de xuño, de Ordenación do Territorio e Protección da Paisaxe (LVOTPP), e en Cataluña, a Lei 8/2005, do 8 de xuño, de Protección, Xestión e Ordenación da Paisaxe (LCPGOP). Para unha maior documentación sobre a normativa autonómica, véxase HERVÁS MÁS, J. (2009): "Ordenación del territorio, urbanismo y protección del paisaje". Bosch, Barcelona; pp. 85-106. Por outra parte, un exame do tratamento da paisaxe na distinta normativa sectorial estatal pode encontrarse en: LASAGABASTER HERRARTE, I. e LAZCANO BROTONS, I. (2010): "El régimen jurídico de la protección del paisaje"›, en LASAGABASTER HERRARTE, I. (dir.): "Derecho Ambiental. Parte Especial, I".Lete, Bilbao; pp. 724-770.

[931] Así, como proba desta afirmación, pódese sinalar que tras a súa aprobación se ditaron os Decretos 263/2008, do 13 de novembro, polo que se declara paisaxe protexido o "Val do río Navea" e 294/2008, do 11 de decembro, polo que se declara paisaxe protexida os "Penedos de Pasarela e Traba", nos que se pode observar como estas normas aplícanse de forma conxunta.

[932] Exposición de Motivos da Lei 7/2008. Véxase: "LEY 7/2008, de 7 de julio, de protección del paisaje de Galicia". BOE nº201 de 20/8/2008; pp. 34968- 34968. http://www.boe.es/boe/dias/2008/08/20/pdfs/A34968-34973.pdf

[933] Artigo 1da Lei 7/2008; ibídem; op. cit.páx. 34970.

[934] Véxase: Véxase: DÍAZ OTERO, A. (2009): "El valor jurídico del paisaje en el derecho público gallego". Corts. Anuario de derecho parlamentario, nº 21; pp. 139-165; op. cit. páxs. 155 e 156.

[935]Un *Convenio Europeo da Paisaxe*, asinado en Florencia por proposta do Consello de Europa o 20 de outubro do 2000, que busca a implantación dunha política integral de protección da paisaxe, que non se limite, como ata agora, a conservación de paraxes consideradas de especial valor ou á tutela indirecta outorgada por outros instrumentos ambientais. Véxase: FABEIRO MOSQUERA, A. (2006): "La protección del paisaje: su creciente importancia en el ámbito internacional y la dispersión de instrumentos jurídicos para su protección integral en el Derecho español". Revista Española de Derecho Administrativo, nº131; pp. 517-547. Véxase tamén: "INSTRUMENTO de Ratificación del Convenio Europeo del Paisaje (número 176 del Consejo de Europa), hecho en Florencia el 20 de octubre de 2000". BOE nº31, de 5/2/2008. http://www.magrama.gob.es/en/desarrollo-rural/temas/desarrollo-territorial/09047122800d2b47_tcm11-25185.pdf

[936] Artigo 3. a) da Lei 7/2008. Véxase: "LEY 7/2008, de 7 de julio, de protección del paisaje de Galicia". BOE nº201 de 20/8/2008; pp. 34968- 34968. http://www.boe.es/boe/dias/2008/08/20/pdfs/A34968-34973.pdf

sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende aos campos ambientais, culturais, sociais e económicos. Por iso, dado este carácter transversal, a LPPG impulsa a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais que incidan neste[937]. As disposicións da LPPG "(…) aplicaranse a todo o territorio de Galicia, xa sexan áreas naturais, rurais, urbanas e periurbanas, así como aquelas outras áreas de elevado valor ambiental e cultural, e mesmo as paisaxes degradadas, comprendendo así mesmo as zonas terrestres, marítimo-terrestres e as augas interiores"[938]. O artigo 2.2 contén principios inspiradores da LPPG. Dentro destes sinálase que as políticas destinadas á protección, xestión e ordenación da paisaxe integraranse "(…) nas de protección ambiental, de ordenación territorial e urbanística, en materia cultural, turística, agraria, social ou económica, e naquelas outras que poidan ter un impacto directo ou indirecto sobre as paisaxes"[939]. Un mandato que se reitera tamén no artigo 5.2 da norma lexislativa[940]. Do mesmo xeito e por idénticas razóns, as disposicións da Lei non se constrinxirán a unha parte ou a unhas áreas determinadas da xeografía da comunidade autónoma, senón que despregarán os seus efectos en todo o territorio, con independencia do caráter natural, rural, urbano, periurbano, do elevado valor ambiental ou cultural ou do seu estado de degradación[941]. Por outra parte, un aspecto de sumo interese para a actuación das OMDs é que dentro da Lei 7/2008 aparece expresamente recollido o principio de cooperación institucional. "A Xunta de Galicia impulsará a cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio (…)"[942]. Unha disposición especialmente pensada para a administración local e que pretende coordinar e programar políticas comúns e promover o seu desenvolvemento. Unha expresión coordinar que entendemos debe encerrar certa capacidade de dirección por parte da Xunta de Galicia, se non se quere poñer en dúbida a forza operativa dos instrumentos de protección, xestión e ordenación. Neste sentido, a administración local encontrarase cun condicionante ou límite ao exercicio das súas competencias en función da atribución competencial á C.A. en materia específica de paisaxe principalmente consagrada no apartado trinta do artigo 27 do propio Estatuto de Autonomía[943].

Finalmente, indicar que a LPPG pon a disposición dos poderes públicos dous tipos de instrumentos para a realización do seu obxeto[944]:

---

[937] "Os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe". Art. 5.2. da Lei 7/2008. Véxase: "LEY 7/2008, de 7 de julio, de protección del paisaje de Galicia". BOE nº201 de 20/8/2008; pp. 34968- 34968.
http://www.boe.es/boe/dias/2008/08/20/pdfs/A34968-34973.pdf

[938] Artigo 1da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páx. 34970.

[939] Artigo 2. 2. d) da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páx. 34970.

[940] Artigo 5.2 da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páx. 34970.

[941] Artigo 4 da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páx. 34970.

[942] Artigo 7 da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páx. 34971.

[943] Véxase: "Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia". BOE nº 101, de 28/4/1981; DOG nº24, de 1/10/1981. http://www.boe.es/boe/dias/1981/04/28/pdfs/A08997-09003.pdf

[944] Hai que sinalar, non obstante, que estes non son os únicos instrumentos existentes para lograr os citados fins dentro da armazón normativa. Así, pódense destacar os *Plans Especiais de Protección de Paisaxes de Interese* reguladas polo artigo 69 da Lei 9/2002, de 30 decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, modificada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo. Véxase: "Ley 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del

- *Os instrumentos para a protección, xestión e ordenación do paisaxe*: Catálogos da paisaxe de Galicia, Directrices de paisaxe, Estudos de impacto e integración paisaxística e Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas[945]. Os *Catálogos da paisaxe*, están destinados fundamentalmente a identificar e delimitar as grandes áreas paisaxísticas de Galicia, precisando as características diferenciais das distintas paisaxes que se encontran en cada unha delas[946]. As *Directrices de paisaxe* son as determinacións que definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade que se pretenden alcanzar[947]. A expresión definir e precisar debe ser entendida como un intento de descender a determinacións de concreción abondo e detallada que superen o risco de que este tipo de instrumentos dexeneren en simples marcos de actuación ou en insubstanciais programas xenéricos escasamente vinculantes. Sobre o carácter vinculante das directrices da paisaxe, apuntar que no punto 4 do artigo 10, que fala da necesidade de congruencia "(...) coas determinacións que en materia de paisaxe poidan derivarse doutros instrumentos normativos (...)", engádese de modo inequívoco que as normas recollidas nas directrices de paisaxe, unha vez aprobadas, terán carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística. Deste xeito, os plans de ordenación de recursos naturais previstos na lexislación sobre conservación da natureza, as directrices de ordenación do territorio, os plans de ordenación do medio físico e aqueles outros considerados na lexislación reguladora da política territorial, así como os diversos instrumentos de planificación da ordenación do solo, calquera que sexa a súa natureza, estarán vinculados ao determinado polas directrices da paisaxe. Pola súa banda, os *Estudos de impacto e integración paisaxística* son documentos específicos que deben formar parte dos estudos de impacto ambiental e que teñen como finalidade avaliar os efectos e impactos que un proxecto poida provocar na paisaxe[948]. Por último, os *Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas* limítanse a aqueles espazos protexidos segundo a normativa aplicable en materia de conservación da natureza, tendo como obxecto a protección, xestión e ordenación das paisaxes de tales espazos[949]. Tratándose de parques naturais, estas determinacións deberan integrar e ser parte esencial e substantiva do plan de ordenación de recursos naturais. En todo caso, existindo outras figuras de protección, esta previsión debe ter para elas especial incidencia co fin de alcanzar o cumprimento do mandato legal de axustar o plan de acción ás determinacións contidas nas directrices de paisaxe para o territorio onde se sitúe o espazo protexido[950]. Iso non deixa de ser un elemento significativo máis que leva consigo a necesidade de que as directrices deban ter uns niveis relevantes e operativos de concreción e pormenorización.

---

medio rural de Galicia". BOE nº174, de 19/7/2010. http://www.boe.es/boe/dias/2010/07/19/pdfs/BOE-A-2010-11486.pdf

[945] CAPÍTULO III: "Instrumentos para la protección, gestión y ordenación del paisaje" da Lei 7/2008. Véxase: "LEY 7/2008, de 7 de julio, de protección del paisaje de Galicia". BOE nº201 de 20/8/2008; pp. 34968- 34968. http://www.boe.es/boe/dias/2008/08/20/pdfs/A34968-34973.pdf

[946] Artigo 9.1 da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páx. 34971.

[947] Artigo 10.1 da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páx. 34971.

[948] Artigo 11 da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páxs. 34971 e 34972.

[949] Artigo 12.1. da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páx. 34972.

[950] Artigo 12.2. da Lei 7/2008; ibídem; op. cit. páx. 34972.

desenvolvemento turístico residencial que leva asociado xeralmente un excesivo consumo de solo e a impactos negativos no medio natural, que conduce en ocasións á destrución da paisaxe, coa conseguinte perda de atractivo dos valores orixinais do propio do destino turístico. Por outro lado, consideramos que este modelo de implantación obedeceu máis aos intereses ligados ao sector da construción e da promoción inmobiliaria que ao propiamente turístico. Neste sentido, é innegable que a gran maioría das ocasións os promotores perseguiron fundamentalmente unha rendibilidade vía obtención de plusvalías, propia do negocio inmobiliario (estrutura económica de "ciclo pechado"), postergando e mesmo ignorando a fundamentada na prestación de servizos turísticos (de "ciclo aberto")[997]. Esta realidade, non evitou que se producise o que podemos cualificar como unha "*instrumentación inmobiliaria do turismo*"[998] ao amparar certos desatinados desenvolvementos urbanísticos baixo o amparo do paraugas de "turísticos" co claro obxecto de conseguir a súa aprobación e cando non un trato máis favorable. Unhas actuacións que, nun gran número de casos, non só son alleas senón mesmo frontalmente contrarias a un desenvolvemento turístico sostible. Neste sentido, non esquezamos o que a experiencia nos di acerca destes desenvolvementos baseados nun modelo turístico residencial, unha forte repercusión económica inicial (concellos vía licenzas e os sectores da construción e inmobiliario) que apenas ten solución de continuidade, xa que se constata que o nivel de gasto deste tipo de demanda turística é substancialmente menor. Tampouco debemos de obviar o problema xerado por un aumento xeneralizado dos gastos públicos, vinculados esencialmente á construción/mantemento de infraestruturas/servizos para dar soporte a estes desenvolvementos urbanísticos[999]. Especialmente, estes desenvolvementos turísticos residenciais son claramente prexudiciais para o sector máis relevante do negocio turístico, a actividade hostaleira[1000]. Unha actividade económica que na nosa opinión é a máis capacitada de xerar ao seu arredor toda unha armazón de servizos complementarios de ocio, restauración, comerciais... Un elenco variado de actividades que xeran maior cantidade de emprego estable, ademais de conformar un produto turístico integral máis

[997] Véxase: LÓPEZ OLIVARES, D. (coord..); ANTÓN CLAVÉ, S.; NAVARRO JURADO, E.; PERILLI DEL AMO, O. e SATRE ALBERTI, F. (2005): "Cambios y transformaciones en el actual modelo turístico de España". Annals of Toursim en Español, vol. 7, nº2; pp.423-446; op. cit. páx. 432-433.

[998] Véxase: VERA REBOLLO, J. F. e IVARS BAIDAL, J. A. (2002): "Turismo, territorio y desarrollo regional en la Comunidad Valenciana", en BLANQUER CRIDADO, D. V. (dir.): "Ordenación y gestión del territorio turístico". Tirant lo Blanch, Valencia; pp. 152-192; op. cit. páx. 164.

[999] Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2003): "Población flotante y ordenación territorial en los municipios turísticos litorales", en "La dinámica geodemográfica protagonista del territorio". Actas VIII Congreso de la Población Española, Santiago de Compostela, 13-15 de junio de 2002. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; pp. 151-165; op. cit. páx. 156.

[1000] En tanto, adoitan xerar unha *comercialización alegal* (vía alugueres de pisos ou casas fóra de todo control administrativo) que supón unha competencia inxusta respecto a unha oferta hostaleira á que se lle esixe, por engadido, uns estritos niveis de calidade.Véxase: LÓPEZ OLIVARES, D. (coord..); ANTÓN CLAVÉ, S.; NAVARRO JURADO, E.; PERILLI DEL AMO, O. e SATRE ALBERTI, F. (2005): "Cambios y transformaciones en el actual modelo turístico de España". Annals of Toursim en Español, vol. 7, nº2; pp.423-446. Para un coñecemento maior desta problemática, véxase tamén: OBSERVATORIO DE LA SOSTENIBILIDAD EN ESPAÑA (OSE) (2006): "Cambios en la ocupación del suelo en España. Implicaciones para la sostenibilidad". OSE, Ministerio de Medio Ambiente, Madrid. EXCELTUR (2005): "Impactos sobre el entorno, la economía y el empleo de los distintos modelos de desarrollo turístico del Mediterráneo español, Baleares y Canarias". Resumen Ejecutivo. Deloitte- EXCELTUR, Madrid. http://www.exceltur.org/excel01/contenido/portal/encuentro/Sumario_residencial_completo.pdf

axeitado para responder satisfactoriamente ás actuais megatendencias da demanda.

Estamos diante dunha crecente e desorganizada localización de actividades turísticas que nos fala da necesidade de controlar, poñer límites a un proceso caracterizado pola expansión continuada dos asentamentos e o consumo de solo mediante unha nova planificación de claro talante turístico. É pois necesario conciliar os imperativos de protección e desenvolvemento das zonas litorais, imperativos que non son en absoluto contradictorios, articulándolos por medio dunha política de ordenación integrada que aposte por mellorar e diversificar a oferta actual, á vez que se frean os modelos de reprodución de oferta estandarizada que dominan nos términos municipais analizados. En definitiva, o reto formulado actualmente aos xestores das OMDs no litoral galego é o de canalizar os crecementos turísticos cara a unha maior rendibilidade social e económica compatible cun menor consumo de solo ou, polo menos, cunha implantación territorial o menos agresiva posible para co medio natural[1001].

A salvagarda do desenvolvemento turístico do espazo estudado esixe por parte das OMDs fomentar unha clara e ampla colaboración de todas as administracións con competencias no ámbito litoral (Estado, Autonómica e Local). É obvio que ata agora fallaron os mecanismos de coordinación entre as diversas Administracións Públicas que ostentan competencias concorrentes en materia de ordenación do territorio, turismo e outras políticas sectoriais con incidencia sectorial. Fracasou o debido encaixe que debe existir entre a ordenación sectorial cunha ordenación de carácter horizontal como é a ordenación do territorio, ao que non é alleo a falta de previsión dunha xerarquización entre algúns dos instrumentos de planificación dispostos na normativa sectorial[1002]. Non esquezamos, como deixamos patente neste capítulo, que a ordenación do territorio é unha competencia horizontal que se ve traspasada verticalmente polo resto de competencias sectoriais e, especialmente, pola competencia sectorial sobre turismo, de aí a urxente necesidade dunha correcta articulación entre ambas as dúas. En definitiva, as OMDs deben ter presente que na Ordenación do Territorio dos municipios, conflúen distintos entes administrativos que defenden intereses propios, sendo preciso buscar a converxencia necesaria cara o logro dun desenvolvemento ordenado, sistemático e sostenible da actividade turística no espazo.

Este desenvolvemento turístico sostible require por parte das OMDs promover unha planificación de carácter turístico na que ademais de prestar a adecuada atención ao planeamento urbanístico non debe deixar de suscitar solucións aos problemas da oferta e a demanda cara a promover o seu crecemento. Os xestores de marketing territorial non poden esquezer que estes dous últimos elementos do planeamento, oferta e demanda, están íntimamente entrelazados como parte que son dunha mesma realidade.

A ordenación, planificación e xestión do espazo turístico son instrumentos fundamentais para propiciar desde as OMDs unha adecuada articulación territorial do turismo. Ordenación que buscará a optimización do uso do espazo, por medio dunha inserción armónica das instalacións turísticas no medio local desde o punto de vista

[1001] Véxase: "RECOMENDACIÓN DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO, de 30 de mayo de 2002, sobre la aplicación de la gestión integrada de las zonas costeras en Europa (2002/413/CE). Diario Oficial de las Comunidades Europeas L 148, de 6/6/2002; op. cit. páx. 26.
http://www.magrama.gob.es/es/costas/temas/proteccion-del-medio-marino/COM-2002-413_tcm7-29495.pdf

[1002] Véxase: NOGUEIRA LÓPEZ, A. (1999): "La ordenación del territorio y de los recursos turísticos", TUDELA ARANDA, J, (ed.): "Régimen jurídico de los recursos turísticos". Monografías de la Revista Aragonesa de Administración Pública nº3, Departamento de Presidencia y Relaciones Institucionales, Diputación General de Aragón, Zaragoza; pp. 183-199; op. cit. páxs. 186-188.

paisaxístico, urbanístico, ambiental, económico e cultural. Estratexia de ordenación do territorio e de planificación turística que debe contar con obxectivos claros e permitir enfoques flexibles. É dicir, ten que poñer o énfasis nos resultados, no canto de obrigar rixidamente a adoptar una mesma estratexia de construción, localización e comercialización das ofertas turísticas.

Non é o momento dunha análise crítica exhaustiva do planeamento urbanístico en Galicia, como instrumento de estructuración e xestión urbanística do solo fronte a á dinámica do sector turístico. Únicamente sinalaremos, en liñas xerais, a problemática do planemanto urbanístico suscitada polo desenvolvemento turístico residencial, que podería resumirse nos seguintes trazos[1003]:

- ✓ Inexistencia de control nas decisións relativas á localización das áreas turístico residenciais, que levaron a grandes impactos medio ambientais, coa consecuente destrución de importantes recursos turísticos potenciais e a creación de auténticos conglomerados de vivendas secundarias froito da conxunción de actuacións illadas, cunha nula integración co medio no que se inseren. É dicir, unha falta total de control no crecemento das áreas turísticas, con densidades en certos tramos superiores á capacidade de acollida física do territorio e unha desafortunada integración paisaxística das actuacións. Especialmente, nos sectores de primeira liña de costa, onde os efectos máis visibles están relacionados con procesos que podemos cualificar como de "privatización" do uso do demanio público marítimo-terrestre. Así, cabe sinalar como procesos máis frecuentes: a privatización do uso das praias con espazos colindantes densamente edificados polos titulares das vivendas; a privatización por inexistencia de accesos, resultado do caso omiso que os instrumentos de ordenación urbanística mostraron con respecto á prescripción legal acerca da servidume de paso[1004], situación que permite na práctica a existencia de enclaves de litoral ao servizo exclusivo dos propietarios das edificaciones colindantes; degradación do demanio marítimo terrestre como resultado da conformación de auténticas "pantallas arquitectónicas" de edificios, que entre os seus efectos negativos de carácter medioambiental cabe destacar pola súa significación a privación dun bo número de horas durante o día de sol[1005] en determinadas praias;... En conclusión, podemos afirmar que os desmanes urbanísticos na zona contigua ao demanio son especialmente evidentes en determinados sectores do litoral galego (Ría de Pontevedra, Ría de Vigo, Golfo Ártabro, ...) e orixinaron un claro proceso depreciación da calidade do produto turístico ofertado dentro dun mercado cada vez máis competitivo e sensible ás cuestións de orde medioambiental[1006].
- ✓ A irracional distribución e localización de usos e sistemas. Así, a edificación non foi

[1003] Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2001 b): "Ordenación y planificación del litoral turístico. El caso de los municipios de O Grove y Sanxenxo (Pontevedra)", en Actas del XVII Congreso de Geógrafos Españoles. Universidad de Oviedo, Oviedo; pp. 441-444; op. cit. páx. 442.

[1004] Suscitada como obligatoria desde a Lei de Costas de 1969 (art. 4.7).

[1005] O sol é un elemento constitutivo do dominio público marítimo terrestre. Véxase: MORENO CÁNOVES, A. (1990): "Régimen jurídico del litoral". Tecnos, Madrid.. E, ademais, o sol é un produto turístico como compoñente esencial do turismo de "sol e praia".

[1006] Véxase: PARTIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 145.

acompañada dun proceso simultáneo de dotación de infraestructuras e equipamento colectivo, polo que estes son manifiestamente insuficientes.

- ✓ Pasividade da administración municipal ante a parcelación e edificación incontrolada que tivo e ten lugar preferentemente en primeira liña de costa. Todo isto consciente que a construción de chalets, bloques de apartamentos,... de forma máis ou menos controlada incrementa os ingresos municipais e crea postos de traballo, polo menos momentáneamente.
- ✓ Ausencia dunha ordenación territorial capaz de conxugar os usos agrarios cos residenciais. Producíndose, en ocasións, unha clara inadecuación dos usos do solo respecto da vocación e tolerancia dos ecosistemas.
- ✓ A destrución de áreas de singular valor paisaxístico e ambiental. Acompañada con frecuencia de desafortunados modelos de implantación e de tipoloxía edificativa urbana.
- ✓ A concentración de edificacións produciu danos irreparables na configuración urbana tradicional de determinadas vilas do litoral galego; onde o abuso da tipoloxía de construción pechada entre medianeras deu lugar á masificación da edificación en pouco espazo.
- ✓ Deficiencias en infraestructuras e equipamientos básicos nos principais núcleos turísticos (contaminación acústica, problemas de conxestión de tráfico, falta de aparcadoiros, deficiencias na sinalización, ...).

3.6.- NOVOS MODELOS DE XESTIÓN TERRITORIAL DO TURISMO.

A actividade turística é un dos principais potenciais motores económicos de Galicia, por iso a administración pública fixo importantes esforzos para impulsar este sector. Con todo, o papel que xogoron as AA.PP. ao longo dos anos non sempre foi o mesmo. No litoral galego, desde os anos cincuenta ata finais dos oitenta, o modelo turístico caracterizouse por un crecemento descontrolado e unha elevada concentración espacial (Sanxenxo, O Grove, Sada, Baiona,...), tanto polo número de vivendas secundarias como de prazas de aloxamento. Este crecemento acelerado, moi asociado aos intereses económicos, realizouse de xeito improvisado, desordenado, sen case ningún tipo de planificación que contemplase as necesidades de infraestructuras e servizos. Aínda que, durante este periodo podemos identificar tímidos intentos de planificación turística, xa comentados anteriormente, como a Lei de Centros e Zonas de Interese Turístico Nacional, os Plans de Aprovechamiento dos Recursos Turísticos, os Plans de Ordenación da Oferta Turística,..., que á fin e ao cabo só se quedaron na súa maioría en meras orientacións. A finais da década dos oitenta, ante as debilidades e dificultades que presenta o sector, iníciase unha nova etapa, prodúcese un cambio de orientación, as AA.PP. españolas reflexionan sobre as evidentes debilidades que presentaba o modelo turístico, especialmente o de sol e praia, e xa que logo, da necesidade de marcar obxectivos estratéxicos. Ante esa realidade, a administración pública involúcrase de forma máis decidida no proceso de planificación da actividade. A nivel do administración do Estado, a tarefa de planificación turística iníciase co Libro Branco do Turismo Español (1990)[1007]. Un diagnóstico en profundidade do sector turístico,

[1007] O *Libro Branco do Turismo Español* resalta de forma positiva os beneficios socioeconómicos que aportou ata esa década final do século XX: fonte de divisas, aumento dos ingresos fiscais, creación de lugares de traballo, xeración de riqueza,... Beneficos que converteron ao sector turístico nun factor de modernización da

acompañado dun conxunto de liñas de actuación que constitúen a base para a redacción do primeiro Plan Marco de Competitividade do Turismo Español (1992-95). A posta en marcha en 1992 deste Plan FUTURES I supuxo un cambio nas prioridades da política turística dentro do estado español para orientala decididamente cara á calidade como principal variable da competitividade, fronte á política tradicional de manter o pleno emprego dos factores de produción mediante baixadas continuas dos prezos[1008]. Entre os eixes centrais deste plan e os seus sucesores atópase a política turística en destino, que impulsou un sistema de planificación e xestión baseado na sostibilidade, a corresponsabilidade público-privada, o liderado da administración local, a cooperación interadministrativa e a visión estratéxica. Doutra banda, a xa comentada transversalidade da actividade turística comportou que diferentes procesos de planificación, malia non estar destinados específicamente ao sector turístico, deban ter tamén unha influencia notable sobre a actividade. Neste sentido, é de destacar a planificación territorial e urbana, xa que o territorio é un elemento determinante para o turismo, en canto factor de identidade e diferenciación, fonte de recursos imprescindible para a configuración de produtos turísticos, así como base física onde se implanta a propia actividade.

Agora ben, na actualidade, no ámbito territorial galego, xunto ás diversas figuras de planeamento urbanístico desenvolvéronse plans e modelos de xestión de carácter máis específico para abordar a problemática territorial asociada ás actividades e espazos turísticos. Instrumentos de intervención que conceden un indiscutible protagonismo ao ámbito local e que inciden na mellora da ordenación e xestión do turismo coa finalidade da consecución dun desenvolvemento sostible. Instrumentos de actuación onde a cooordinación de todos os axentes para lograr a correcta xestión do destino turístico é esencial cara a favorecer non só a mellora da oferta de produtos e servizos, senón tamén a satisfacción final dos consumidores, "(...) o cal redundará, (…), na «saúde» das empresas e na totalidade do destino"[1009]. Unha coordinación que non é fácil lograr, e por iso as

---

sociedade española. Doutra banda, en sentido contrario, expóñense toda unha serie de impactos negativos que xerou a actividade: excesiva ocupación do solo, monocultivo produtivo, marcada estacionalidade, degradación ambiental, ... O modelo de desenvolvemento turístico imperante ata eses momentos en España, baseado nun crecemento intenso e continuado, configuraba un espazo turístico con importantes debilidades "(…) cuxa redución ou eliminación non será fácil. Algunhas destas debilidades teñen carácter estructural e prácticamente irreversible". Véxase: SECRETARÍA GENERAL DE TURISMO (1990): "Libro Blanco del Turismo Español". Estudios turísticos, nº108; pp. 3-60; op. cit. páx. 44. http://www.iet.tourspain.es/img-iet/revistas/ret-108-1990-pag3-60-55165.pdf. Ante esta realidade, desde o Libro Branco, apostábase por unha reformulación dos obxectivos da política turística, afastándose da perspectiva cuantitativa, consistente en consolidar a posición competitiva de España no mercado turístico internacional e na mellora do balance económico e social do turismo. Contorna a estes dous obxectivos, suscitábanse trinta liñas de actuación "(...) agrupadas por sistemas (...)":

- Sistema recursos.
- Sistema infraestructuras, equipamiento e servizos.
- Sistemas marketing e produto.
- Sistema empresarial.
- Sistema institucional.

Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 53-55.

[1008]Véxase: LARDIÉS BOSQUE, R. (2004): "La política de calidad en los destinos turísticos en España: el ejemplo del Plan de Excelencia Turística en el Valle de Tena". Cuadernos Geográficos, nº34; pp. 179-195; op. cit. páx. 180.

[1009]Véxase: LARDIÉS BOSQUE, R. (2004): "La política de calidad en los destinos turísticos en España: el ejemplo del Plan de Excelencia Turística en el Valle de Tena". Cuadernos Geográficos, nº34; pp. 179-195; op. cit. páx. 183.

Administracións públicas entenderon a responsabilidade de controlar e impulsar esas prácticas. Destacando polo súa relevancia no litoral galego os Plans de Excelencia e Dinamización[1010], o proxecto "Municipio turístico sosteible"[1011], o Modelo de Xestión de Calidade Integral dos Municipios Turísticos[1012] e as Axendas 21 Locais[1013]. En definitiva, todo un conxunto de programas promovidos desde a administración central encamiñados a mellorar a calidade ambiental dos destinos turísticos en canto espazos de produción e consumo, mediante investimentos encamiñados preferentemente á realización de actuacións que introduzan melloras no medio urbano e natural, capaces de repercutir na totalidade do

[1010] Os Plans de Excelencia (Plan Futures 1992-1995) e os Plans de Dinamización (Plan Futures II 1996-1999) son o resultado dunha nova política turística española baseada na cooperación interadministrativa e na reafirmación das políticas turísticas autonómicas e locais: Véxase: IVARS BAIDAL, J.A. (2001): "La planificación turística de los espacios regionales en España". Tesis Doctoral, Universidad de Alicante, Instituto Universitario de Geografía, 2 vols. (inédita).

[1011] Este proxecto denominado inicialmente "Municipio Verde" presentado en 1999 e promovido pola Secretaría de Estado de Comercio, Turismo e PEME coa colaboración da Federación de Municipios e Provincias pretendía proporcionar un modelo de xestión dos municipios turísticos desde a óptica medioambiental, consistente na aplicación dun sistema de xestión ambiental (SXMA) adaptado aos requisitos do Reglamento comunitario 761/01 (EMAS). Véxase: DIRECCIÓN GENERAL DE TURISMO (1998a): "Guía de gestión medioambiental para municipios turísticos: «Proyecto Municipio Verde»". Dirección General de Turismo, Secretaría de Estado de Comercio, Turismo y Pyme, Ministerio de Economía y Hacienda, y Federación Española de Municipios y Provincias, Madrid.

[1012] O Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos (SICTED) é un produto tecnolóxico da Secretaría de Estado de Turismo que proporciona un sistema integral e permanente de xestión da calidade nos destinos turísticos. Falamos dun modelo de xestión coordinada do destino, integrando iniciativas públicas e privadas e fomentando a aplicación conxunta de parámetros de calidade aos diferentes subsectores. Este modelo formalizado dentro do Plan Integral de Calidade do Turismo Español (PICTE, 2000-2006) presenta dous tipos de orientacións: crear estándares de calidade para os distintos sectores turísticos (aloxamento, restauración, ...) e non turísticos (transporte público, seguridade cidadá, ...) localizados no destino, así como para os servizos municipais turísticos; e profundar en tres eixes básicos para conseguir un espazo turístico de calidade: planificación, coordinación de actuacións públicas e privadas, e sensibilización para transmitir a "cultura de calidade". Véxase: CONSULTUR (2002): "Modelo de Gestión Integral de la Calidad del Destino Turístico". Secretaría General de Turismo e Federación Española de Municipios y Provincias, Madrid.

[1013] As Axendas 21 Locais preconizan a consecución dun modelo de planificación sostible de carácter integral (Programa 21 do Cume de Río de 1992- Carta de Aalborg: "Conferencia Europea de Cidades e Pobos Sostibles" en Aalborg, Dinamarca, maio de 1994). Os beneficios da aplicación dunha Axenda 21 Local poden resumirse nos seguintes:

- ✓ Serve de concreción aos principios globais de sostibilidade, reforzando a escala local de planificación e xestión.
- ✓ Promueve a participación social en todo o proceso de planificación.
- ✓ Mellora o coñecemento do destino turístico desde unha perspectiva integral mediante a realización dunha completa auditoria na que poden relacionarse todas as variables ambientais coa dimensión económica e sociocultural do desenvolvemento local.
- ✓ Ten un enfoque estratéxico ao proxectar cara ao futuro as consecuencias das dinámicas e os factores de presión existentes sobre o territorio.
- ✓ As medidas do Plan de Acción son susceptibles de integración en instrumentos normativos.
- ✓ A creación dun sistema de indicadores supón un importante salto cualitativo na información dispoñible para a xestión público e privada, que permite medir os progresos cara á sostibilidade e difundilos públicamente. Deste xeito identifícase o desenvolvemento sostenible como un proceso que incentiva á acción.

Véxase: VERA REBOLLO, J. F. e IVARS BAIDAL, J.A. (2001): "Una propuesta de indicadores para la planificación y gestión del turismo sostenible", V Congreso Nacional de Medio Ambiente (2000). Colegio Oficial de Físicos, Unión Profesional, APROMA e Instituto de Ingeniería de España. Edición en CD-ROM.

destino e que, ademais, posúan un importante efecto demostración e dinamización[1014].

Por outra banda, estamos de cheo dentro dun programa enmarcado dentro da acción política turística estatal, desenvolvida a través dos títulos competenciais en comercio exterior (art. 149.1.10 CE), que habilita ao Estado a promocionar fóra das nosas fronteiras a marca do turismo español no seu conxunto, e o referente á ordenación xeral da economía (art. 149.1.13ª CE), que lle permite formular as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Xa que logo, en base a estas competencias, o Estado elaborou Plans de Promoción Turística[1015] como o:

- *Plan Marco de Competitividade do Turismo Español* (Plan Futures 1992-1995[1016] e 1996-1999[1017]),

---

[1014] Véxase: PARTIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 147.

[1015]"A Administración Xeral do Estado e a Administración das Comunidades Autónomas poden acordar a realización de plans e programas conxuntos de actuación para o logro de obxectivos comúns en materia nas que ostenten competencias concurrentes" (Artigo 7.1. da Lei 4/1999). Véxase: "Ley 4/1999, de 13 de enero, de modificación de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común". BOE nº12, de 14/1/1999; pp- 1739-1755; op. cit. páx. 1744. http://www.boe.es/boe/dias/1999/01/14/pdfs/A01739-01755.pdf. Unha normativa que importa do dereito alemán os denominados plans e programas conxuntos, unha técnica de cooperación interadministrativa de carácter funcional entre o Estado e as CC.AA..

[1016] En 1992 a Administración Xeral do Estado e as CC.AA. deseñaron e puxeron en marcha o *Plan Marco de Competitividade do Turismo Español* 1992-1995 (*Futures I*). Trátase dun conxunto de iniciativas que integran unha estratexia a curto e medio prazo cuxo punto de partida atópase na elaboración do Libro Branco do Turismo Español. Véxase: SECRETARÍA GENERAL DE TURISMO (1990): "Libro Blanco del Turismo Español". Estudios turísticos, nº108; pp. 3-60. http://www.iet.tourspain.es/img-iet/revistas/ret-108-1990-pag3-60-55165.pdf Así mesmo, o Plan Futures está inspirado basicamente no Libro Branco sobre Crecemento, Competitividade e Emprego de Delors de 1992 e tivo como referente inexcusable un Informe elaborado no ano 1991 polo Relatorio para a Análise da Situación Actual do Turismo en España do Congreso dos Deputados. Véxase: "Aprobación por el Pleno del Congreso de los Diputados del Dictamen de la Comisión de Industria, Obras Públicas y Servicios correspondiente al informe elaborado por la Ponencia para el análisis de la situación actual del turismo en España". Boletín Oficial de las Cortes Generales, Serie E nº175, de 18/11/1991.http://www.congreso.es/public_oficiales/L4/CONG/BOCG/E/E_175.PDF. As prioridades do Plan FUTURES I son a calidade e o respecto polo medio ambiente, e os seus principios, a coordinación e o pragmatismo. O cambio máis significativo deste Plan é conceptual e en gran medida simbólico: proponse abandonar a imaxe do turismo como un fenómeno peculiar e equipararlo a calquera sector económico. "É un plan de competitividade sectorial que parte dos esquemas e formulacións utilizadas para a reconversión doutros sectores". Véxase: VELASCO GONZÁLEZ, M. (2008): "Evolución de los problemas del turismo español. La Administración General del Estado como analista y los Planes públicos como indicadores (1952-2006)". Papers de turisme nº43-44; pp. 7-31; op. cit. páx. 18.

[1017]Este segundo *Plan Marco de Competitividade do turismo Español 1996-1999 (Futures II)*, apróbase o 12 de xaneiro de 1996 trala declaración favorable da Conferencia Sectorial do Turismo, celebrada o 19 de decembro de 1995. Logo dunha análise sobre a aplicación efectiva do primeiro plan FUTURES e en base ao diagnóstico do momento, o segundo Plan marco de competitividade dá continuidade ao anterior pero cambia a súa formulación dando énfase á definición dun novo modelo cuxos criterios de desenvolvemento asentábanse sobre a coordinación, a sensibilización e a corresponsabilidade e no que cobran especial relevancia algúns principios rectores como a sostibilidade. En defintiva, podemos afirmar que con este novo enfoque perséguese un novo modelo de desenvolvemento turístico que introduza, ademais, o criterio de sostibilidade á competitividade fomentada xa no anterior plan. Desenvólvense oito plans que, á súa vez, divídense en programas. Dous destes plans teñen como destinatarios claros aos distintos actores públicos que traballan en materia de turismo (son os programas de Futures Coordinación e Futures Cooperación e Internacionalización); tres están claramente destinados á mellora das empresas turísticas (Futures Calidade,

- *Plan Integral da Calidade doTurismo Español* (PICTE, 2000-2006)[1018] e
- Plan Horizonte 2020[1019].
- Plan Nacional e Integral do Turismo 2012-2015 (PNIT)[1020].

Futures Formación e Futures Tecnificación e Innovación) e, finalmente, outros tres programas teñen como obxectivo o fortalecimento e diversificación da oferta (Futures Novos Produtos, Futures Destinos Turísticos e Futures I+D). En concreto, no programa de *Novos Produtos* afírmase que se presentarán proxectos que deseñen unha estratexia global para o produto en cuestión, ou aspectos de singular importancia como a elevación de niveis de calidade; adecuación a criterios de sostibilidade ambiental; adaptación a cambios tecnolóxicos e de mercado ou reforzar elemento que permita captar novos segmentos de demanda e alargar a tempada. Véxase: SECRETARÍA GENERAL DE TURISMO (1996): "Plan Marco de competitividad del turismo español: 1992-1996". Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, Madrid.

[1018]O Plan Integral de Calidade do Turismo Español (PICTE) foi aprobado pola Conferencia Sectorial de Turismo o 5 de outubro e polo Consello de Ministros o 3 de decembro de 1999. A diferenza dos dous plans anteriores, desenvolvidos no contexto de deterioro da imaxe do turismo español que marcou a década dos 80 e o principio dos 90, o Plan Integral de Calidade do Turismo Español (PICTE) enmárcase nun momento de recuperación do sector. Coincide ademais nun momento de converxencia cara aos programas e iniciativas da Unión Europea coa calidade como principio integral que abarca tanto ao sector empresarial, á xestión dos destinos e á aplicación dos criterios de sostibilidade medioambiental. Polo tanto, o PICTE substitúe, e á vez dá continuidade, aos Plans Marcos de Competitividade, profundando no concepto de calidade como principio inspirador que dá coherencia a todas as liñas de actuación do mesmo. A diferenza dos Plans Futures, onde tan só a calidade era aplicada aos servizos e aos produtos de forma concreta, o novo plan propón unha orientación de calidade integral, que contempla todos os sectores e elementos que conforman o produto turístico. A calidade integral é o principio estratéxico do PICTE que pretende vertebrar a oferta e configurar unha nova imaxe nos mercados emisores. Desde nosa perspectiva territorial interésanos destacar tres dos nove obxectivos apuntados. Trátase da diversificación da oferta e a demanda,porque este propósito constitúe un impulso para a posta en valor de novos recursos e o desenvolvemento de novas perspectivas de interpretación.Tamén, da sostibilidade sociocultural e medioambiental da actividade turística, porque por vez primeira introdúcese a sostibilidade sociocultural no modelo de desenvolvemento turístico e, por conseguinte, de novos espazo sde desenvolvemento e interlocución cultural. E, a maior distribución territorial dos fluxos turísticos que implica un modelo territorial baseado na complementariedade da oferta e a cooperación territorial. Véxase: MONTESERÍN ABELLA, O. (2008): "Turismo y desarrollo territorial: Los Planes de Dinamización Turística en la interpretación y puesta en valor del territorio". Tesis Doctoral. Departamento de Geografía Humana, Facultad de Geografía e Historia, Universidad Complutense de Madrid, Madrid; op. cit. páxs. 332 e 333.

[1019] O Plan do Turismo Español Horizonte 2020, así como o Plan de desenvolvemento do mesmo Plan 08-12 foron aprobados por unanimidade no seo do Consello Español de Turismo, así como na Conferencia Sectorial de Turismo celebradas o 7 de novembro de 2007. O Plan foi finalmente aprobado por Acordo do Consello de Ministros o 8 de novembro de 2007. O Plan 2020 xorde para dar resposta ás novas esixencias da contorna global do século XXI centrando a súa actuación na nova economía do coñecemento, o posicionamento orientado ao cliente e a sostibilidade do modelo imperando a máxima colaboración dos axentes do sector e cunha visión de longo prazo. Agora ben, a sostibilidade convértese nunha palabra crave que aparece relacionada con moitos dos conceptos que o vertebran. O Plan se articula a través de cinco grandes estratexias (Nova Economía Turística, Valor ao Cliente, Sostibilidade do Modelo, Contorna Competitiva e Liderado Compartido) que se concretan a través de programas. Faise énfase na innovación tecnolóxica, a formación, a comercialización, a xestión de destinos, etc. Véxase: SECRETARÍA GENERAL DE TURISMO (2007): "Plan del Turismo Español. Horizonte 2020". Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Gobierno de España, Madrid.
http://www.tourspain.es/es-es/VDE/Documentos%20Vision%20Destino%20Espaa/Plan_Turismo_Espa%C3%B1ol_Horizonte_2020.pdf

[1020]Véxase: SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO/ INSTITUTO DE TURISMO DE ESPAÑA (TURESPAÑA) (2012): "Plan Nacional e Integral de Turismo (PNIT) 2012-2015". Secretaría de Estado de Turismo, Ministerio de Industria, Energía y Turismo, Gobierno de España, Madrid.

A través destes instrumentos tratouse de mellorar ou impulsar a oferta turística de territorios concretos, mediante convenios de colaboración celebrados entre as tres Administracións públicas españolas (a estatal, autonómica e local) xunto co sector privado (asociacións locais de empresarios). Os destinos turísticos deben ofrecer maior calidade e diferenciación a través do servizo, co obxecto de ser líderes e atraer máis turistas[1021]. Con esta finalidade, creáronse os Plans de Excelencia (PETs), a partir de 1992, e de Dinamización (PDTs), a partir de 1996, dirixidos a incentivar as melloras e o desenvolvemento de determinados destinos turísticos desde un nivel municipal ou comarcal. Unhas figuras de política turística (tamén chamadas Plans en destino), cuxa filosofía é a de actuar como motores dunha plannificación estratéxica, partindo sempre de fórmulas de colaboración e cooperación entre as diferentes administracións territoriais e o sector empresarial. O obxectivo destes plans é actuar nos niveis onde os turistas realmente gozan da súa experiencia turística integral, nivel que se corresponde co destino turístico[1022]. O éxito acadado por estas iniciativas fixo que se estendese a súa aplicación, chegando a coincidir nalgúns momentos ata 90 Plans simultáneos dentro das diferentes CC.AA. Desde o inicio da primeiras experiencias en 1993 evolucionaron tanto o concepto como a denominación dos diferentes plans. De feito, as directrices nas que se foron baseando a definición e execución das distintas figuras de plans de destino avanzaron de acordo ás necesidades de competitividade turística marcadas dende o mercado e aos resultados obtidos pola experiencias precedentes. Estas reorientacións permitiron, ao longo dos anos, cubrir novos obxectivos e retos dos destinos turísticos:

a. *Plans de excelencia turística (PETs)*. Os PETs naceron co primeiro Plan Marco de Competitividade do Turismo Español ou Plan Futures I (1992-95), dentro do Programa de Soporte á Consecución da Excelencia Turística en Contornas Naturais e Urbanas. Foron uns instrumentos desenvolvidos a principios dos noventa polo Estado, en colaboración coa administración autonómica e local, para mellorar a oferta turística naqueles destinos turísticos consolidados e tradicionais. Os PET, que estiveron vixentes entre 1992 e 2006[1023], tiñan como obxectivo primordial contrarrestar os elementos de obsolescencia que comezaban a detectarse nalgúns importantes destinos turísticos maduros do estado español, e que repercutían directamente na rendabilidade, sostibilidade e nivel de satisfacción obtido pola súa demanda. Os principais destinatarios destes Plans foron destinos maduros do litoral desenvolvidos principalmente na década dos anos 60 e 70 do século pasado[1024]. Uns

---

http://www.tourspain.es/es-es/VDE/Documentos%20Vision%20Destino%20Espaa/Plan%20Nacional%20e%20Integral%20de%20Turismo%202012_2015_FINAL_REVISADO%20150313.pdf

[1021] Véxase: FORONDA ROBLES, C. e GARCÍA LÓPEZ, A, Mª. (2009): "La apuesta por la calidad como elemento diferenciador en los destinos turísticos: Planes renovados". Cuadernos de Turismo, nº 23; pp. 89-110; op. cit. pax. 93.

[1022] Véxase: FLORES RUIZ; D. e BARROSO GONZÁLEZ, Mª. O. (2009). "Una revisión de la política turística española: pasado, presente y retos de futuro".Papers de Turisme nº46; pp. 7-21; pp. cit. páx. 17.

[1023] Inicialmente os PET concedíanse únicamente a destinos litorales maduros de sol e praia, co Futures II ampliouse o ámbito de acción en Galicia, incorporando as cidades patrimoniais de Santiago de Compstela e Lugo.

[1024] Agora ben, ademais dos tradicionais destinos turísticos de "sol e praia" foron tamén destinatarios dos PET destinos turísticos maduros dentro do segmento de turismo histórico-artístico ou cultural. Destinos como os de Santiago de Compostela e Lugo, nos que o principal problema era e segue sendo a gran cantidade de excursionistas que reciben, que se limitan a visitar a cidade durante o día sen pernoctar nelas, ao formar a súa

destinos turísticos que sofren polo xeral problemas de saturación do seu espazo urbano por superar en moitos casos a súa capacidade de carga ou de acollida, o que xeraba problemas como a insuficiencia da súa trama viaria, a insuficiencia ou inexistencia de espazos públicos, a insuficiencia de infraestructuras e servizos públicos, ... Estas circunstancias supoñían un descenso nos niveis de satisfacción da experiencia turística, ademais de problemas de sostibilidade económica, social e medioambiental, perdendo competitividade fronte aos novos destinos turísticos emerxentes[1025]. Doutra banda, sinalar que os PET foron o reflexo dunha nova cultura turística en España, baseada no tratamento integral do destino; o liderado da administración local e a corresponsabilidade. Trataron de mellorar o destino de forma global, incidindo en todos os aspectos e involucrando a todos os axentes que directa ou indirectamente interveñen na actividade. Impulsaron o papel da administración local na xestión e planificación dos espazos turísticos, por maior proximidade ao coñecemento da realidade, e porque desde este nivel ofrécense a maior parte dos servizos públicos, tanto turísticos como outros non considerados estrictamente turísticos pero imprescindibles para satisfacer as necesidades dos visitantes. O liderado local fundamentábase no principio da cooperación, xa sexa financeira como de asesoramento, co resto de administracións (estatal e autonómica) e axentes privados. Os PET foron encamiñados a mellorar a calidade e excelencia dos espazos turísticos consolidados, mediante actuacións que incidiron no ámbito do condicionamento e mellora de praias; a recuperación urbanística; a dotación de equipamentos e mellora de accesos; a diversificación, enriquecimento da oferta e medio ambiente; o marketing e comunicación; a xestión, dinamización empresarial e a formación[1026]. Por outra banda, pretendían promover a "excelencia" turística na xestión de destinos impulsando proxectos que puidesen ter un importante efecto de demostración, de imitación e de prestixio, para o que "(..) os fondos dispoñibles debíanse distribuír entre actuacións que permitisen introducir melloras que repercutisen sobre a totalidade do destino, fácilmente apreciables polos turistas e os operadores turísticos"[1027]. Desde 1993, leváronse a cabo 85 plans de excelencia en toda España, cun investimento total de preto de 260 millóns de euros. Pola súa banda, en Galicia, realizáronse 5 PET cun orzamento total de case 14 millóns de euros. Destes cinco plans, 3 actuaron sobre destinos do litoral, acaparando o 68,50% (9.465.940,55 euros) do total capital investido en terras galegas por este tipo de planficación (Figura nº3.6.1).

b. *Plans de dinamización turística (PDT)*, Ante o éxito das primeiras experiencias, o Plan Marco de Competitividade do Turismo Español ou Plan Futures II (1996-99),

---

visita parte dun circuíto mais amplo, polo que os ingresos que xeran son escasos en comparación co custo dos servizos públicos postos á súa disposición: seguridade cidadá, limpeza viaria, mantemento dos lugares mais frecuentados, transportes públicos,servizos de información turística, etc.

[1025] Véxase: ROMÁN MÁRQUEZ, A. (2011): "Planes de Dinamización y Excelencia Turística versus Municipios Turísticos: problemática, similitudes y diferencias esenciales". Papers de Turisme, nº49-50; pp. 25-43; op. cit. páx. 29.

[1026] Véxase: BEAS SECALL, L. (2009b): "Los planes de excelencia turística como objeto de estudio. Una propuesta metodológica de evaluación (1)". Estudios Turísticos, nº182; pp. 31-52; op. cit. páx. 31.

[1027] Véxase: DIRECCIÓN GENERAL DE TURISMO (1998b): "Planes de Excelencia y Dinamización Turística". Dirección General de Turismo, Secretaría de Estado de Comercio, Turismo y PYME, Ministerio de Economía y Hacienda, Madrid.

mantivo a figura dos PET dentro do Programa de Destinos Turísticos e introduciu unha de nova, os PDT. Estes últimos, estaban enfocados a destinos cun turismo incipiente, dotados dun importante patrimonio histórico-cultural ou ben de patrimonio natural, pero con escaso desenvolvemento turístico. Os Plans de Dinamización introducen tamén a perspectiva comarcal da planificación fronte ao carácter máis localista e municipal dos PET. En concreto, pretendían impulsar a incorporación deste tipo de destinos no mercado turístico, coa posta en valor e uso turístico dos recursos mediante a súa articulación en productos e o deseño de estratexias de comercialización, a integración do tecido empresarial e a explotación innovadora sempre en sintonía coa preservación do medio[1028]. Entre os seus principais obxectivos atopábanse os seguintes[1029]:

- Posta en valor e uso turístico dos recursos.
- Estudo e deseño de políticas e estratexias de produto, prezo, promoción e comercialización.
- Fortalecemento e integración do tecido empresarial mediante o fomento do asociacionismo, o asesoramento e o soporte ás empresas.
- Creación de novos produtos baseados na explotación innovadora dos recursos respectando o medio.
- Articulación dos recursos, servizos e oferta turística como produto e a súa integración como destino.para aqueles territorios nos que non se houbese desenvolvido aínda unha política turística destacada, pero que dispoñen de recursos turísticos destacados.

Un dos elementos esenciais dos PDT é a procura da sostibilidade das actividades turísticas desenvolvidas no destino. Por esta razón, o deseño da súa estratexia de actuación faise sempre tendo en conta a capacidade de carga/acollida do destino turístico, "(...) que condicionará o desenvolvemento das infraestruturas de comunicacións, aloxativas e de lecer; sendo un factor determinante á hora de ordenar os fluxos de visitantes, xestionar a xeración de residuos e minimizar o impacto que sobre a contorna produce a actividade turística nestes espazos"[1030]. Desde 1997, puxéronse en marcha 96 PDT en toda España cun investimento total de 186 millóns de euros, dos que 62 corresponderon ao Secretaría de Estado de Turismo (SET). Pola súa banda, en Galicia, realizáronse 6 PDT cun orzamento total de case 17 millóns de euros. Destes seis plans, 4 actuaron sobre destinos do litoral, acaparando o 74,22% (12.456.000 euros) do total capital investido en terras galegas por este tipo de planficación (Figura nº3.6.1).

c. A experiencia obtida do funcionamento dos plans de excelencia e dinamización supuxo unha gran aprendiazaxe na xestión territorial de destinos. Do cal, se

[1028]Véxase: VELASCO MARTÍN, A. R. e RAMÍREZ DE FRÍAS, C. (2002): "Instrumentos y cauces de colaboración entre administraciones públicas", en "Memoria del IV Congreso andaluz de Turismo. Ponencias. Comunicaciones". Celebrado en Jaén, 22 y 23 de noviembre de 2001. Turismo Andaluz, Consejería de Turismo y Deporte, Junta de Andalucía; pp. 83-99.

[1029] Véxase: DIRECCIÓN GENERAL DE TURISMO (1998b): "Planes de Excelencia y Dinamización Turística". Dirección General de Turismo, Secretaría de Estado de Comercio, Turismo y PYME, Ministerio de Economía y Hacienda, Madrid.

[1030]Véxase: ROMÁN MÁRQUEZ, A. (2011): "Planes de Dinamización y Excelencia Turística versus Municipios Turísticos: problemática, similitudes y diferencias esenciales". Papers de Turisme, nº49-50; pp. 25-43; op. cit. páx. 27.

obtiveron toda unha serie posibles melloras de face ao deseño de novas iniciativas de política turística, tales como clarificar obxectivos, fomentar a cooperación interterritorial, buscar novas fórmulas para implicar de forma real o sector empresarial turístico, incidir máis na sostibilidade e axustarse ás necesidades da demanda. Para afrontar estes retos, no ano 2005 naceron os os *Plans de Dinamización do Produto Turístico (PDPT),* que substituíron aos antigos plans de excelencia e dinamización turística e que intentan dar maior importancia á creación de produtos turísticos. Os PDPT estaban inmersos dentro do programa de Calidade de Destinos Turísticos, incluída no PICTE 2000-2006. Plans que teñen como finalidade principal axudar a dinamizar, a través do turismo, a actividade económica de territorios que contan con recursos singulares pero aínda non desenvolveron toda a súa potencialidade. Estamos, polo tanto, ante unha orientación cara ao produto que pretende axudar aos destinos e aos axentes implicados a ofrecer a potencial demanda turística a oportunidade de gozar de experiencias moi diversas en cada un deles, coas garantías de calidade e seguridade. Coa aplicación deste novo enfoque centrado no produto, pretendeuse aproveitar o potencial dos diferentes territorios como xeradores de produto turístico (cultural, natureza, urbano, sol e praia...) e evidenciar, mediante a súa conseguinte comercialización e promoción, unha visión de España como destino turístico de calidade, formado por un conxunto plural de destino con valores e identidades propios. Desde o ano 2005, en Galicia, realizáronse 5 PDPT cun orzamento total de case 18,6 millóns de euros. Destes cinco plans, 3 actuaron sobre destinos do litoral, acaparando o 61,82% (11.490.002 euros) do total capital investido en terras galegas por este tipo de planficación (Figura nº3.6.1.).

d. O Plan do Turismo Español Horizonte 2020 animaba estratexias de desestacionalización da actividade mediante os *Plans de Competitividad Turística (PCT),* a partir do 2009. Plans que tratan de implementar accións encamiñadas a mellorar aspectos como a accesibilidade, promover un sector empresarial turístico máis competitivo, e implantar estratexias de sostibilidade. Trátase, en definitiva, de conformar un destino turístico competitivo e diferenciado que basee a súa oferta na xeración de experiencias singulares, capaces de crear demanda turística. Nesta liña, póñense en marcha actuacións como a formulación de novos produtos turísticos a partir do aproveitamento racional e sostible dos recursos singulares do territorio, mellora da capacitación profesional do persoal, desenvolvemento de estratexias de comunicación e promoción. Desde o ano 2008, en Galicia realizáronse 3 PCT cun orzamento total de case 6,6 millóns de euros. Destes seis plans, 2 actuaron sobre destinos do litoral, acaparando o 62% (4.078.498,85 euros) do total capital investido en terras galegas por este tipo de planficación (Figura nº3.6.1).

Polo tanto, podemos soster que os plans de destino, máis que plans territoriais turísticos son programas de actuación en ámbitos concretos, que comparten unha mesma filosofía pero diferente finalidade e operatividade. Uns instruementos de planificación territorial que se sustentan en catro principios básicos[1031]:

[1031] Véxase: MONTESERÍN ABELLA, O. (2008): "Turismo y desarrollo territorial: Los Planes de Dinamización Turística en la interpretación y puesta en valor del territorio". Tesis Doctoral. Departamento de Geografía Humana, Facultad de Geografía e Historia, Universidad Complutense de Madrid, Madrid; op. cit. páx. 353.

- As actuacións en destino deben ter un tratamento integral. De feito, en ambas as dúas figuras se parte da consideración do destino de forma integral, "(...) aínda que sempre dende unha visión turística e polo tanto considerando ao sector e aos turistas como protagonistas do programa"[1032]
- Deben contribuír á sostibilidade da globalidade da sector turístico servindo de modelo transferible ou exemplificador.
- A escala local como o ámbito idóneo de actuación público-privada para a consolidación dun modelo turístico competitivo e sostible e, impulsan o principio de corresponsabilidade na intervención dos diferentes niveis administrativos e de adicionalidade na aplicación dos recursos económicos, por medio de convenios de financiamento con idéntico aporte monetario por parte da Secretaría Xeral de Turismo, a Comunidade Autónoma e o municipio[1033]. Agora ben, as administracións central e autonómica "(…) desempeñan un papel nos plans que non é só o da cooperación financeira cos municipios, senón tamén o do seu asesoramento e a orientación das actuacións"[1034]..
- As actuacións deben estar orientadas as melloras que repercutan sobre a totalidade do destino.

Tamén, xeraron novas fórmulas organizativas (Consorcios, Patronatos, ...) e obxectivos da xestión turística local (creación de produtos, promoción selectiva por mercados, posta en valor de recursos, sensibilización cidadá, mellora da coordinación intramunicipal, cooperación intermunicipal, ...) que supuxeron un salto cualitativo sobre os planeamentos tradicionais, moi centrados na promoción e información turística[1035].

[1032] Véxase: CORCHERO, M. (2008): "Derecho del turismo: Conceptos fundamentales". Iustel, Madrid; op. cit. páx. 160.
[1033] Aínda que, temos que apuntar que a escasa consignación presupuestaria destes plans imposiblita afrontar verdadeiras soluciones estruturais.
[1034] Véxase: CORCHERO, M. (2008): "Derecho del turismo: Conceptos fundamentales". Iustel, Madrid; op. cit. páx. 160.
[1035] Véxase: IVARS BAIDAL, J.A. (2003a): "Política local y gestión de los espacios turísticos", en SANTOS SOLLA, X. M. (ed.): "La geografía y la gestión del turismo". VIII Coloquio de la Geografía del Turismo, Ocio y Recreación,Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; pp. 17-55; op. cit. páx. 40.

Figura nº3.6.1.- Plans de actuación en destinos turísticos, nos seus destintas modalidades, desenvolvidos no litoral galego. Período 1993-2012.

Nome Plan	Tipoloxía do Plan	Período	Municipios afectados	Provincia	Entidades que cofinancian	Investimento SET (€)	Total investimento (€)
Baiona	PET[1]	1997-2000	Baiona	Pontevedra	Administración do Estado Xunta de Galicia Concello de Baiona	901.518,16	2.704.554,48
O Grove-Sanxenxo	PET	2001-2003	O Grove, Sanxenxo	Pontevedra	Administración do Estado Xunta de Galicia Padroado para o desenvolvemento do PET de O Grove e Sanxenxo	1.352.277,23	4.056.831,69
Comarca do Barbanza	PDT[2]	2002-2004	Rianxo, Boiro, Ribeira A Pobra do Caramiñal	A Coruña	Administración do Estado Xunta de Galicia Mancomunidade de Municipios Ría de Arousa Zona Norte	720.000,00	2.160.000
Viveiro	PET	2002-2004	Viveiro	Lugo	Administración do Estado Xunta de Galicia Concello de Viveiro	901.518,16	2.704.554,48
Costa da Morte	PDT	2003-2006	Muxía,Fisterra,Cee, Dumbría, Corcubión, Camariñas, Vimianzo, Zas, Malpica, Ponteceso, Laxe, Cabana, Carballo, Coristanco, Laracha, Muros, Carnota	A Coruña	Administración do Estado Xunta de Galicia Deputación da Coruña	1.666.000,00	4.998.000
O Salnés	PDT	2003-2006	Cambados, A Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia	Pontevedra	Administración do Estado Xunta de Galicia Padroado para o PDT dos concellos de A Illa, Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa	1.286.000,00	3.858.000
Ribadeo	PDT	2003-2006	Ribadeo	Lugo	Administración do Estado Xunta de Galicia Concello de Ribadeo	480.000,00	1.440.000
Ría de Ferrol, Comarcas de Ferrol e Ortegal	PDPT[3]	2006-2009 prorrogado ata 2010	Ares, Mugardos, Fene, Neda Ferrol, Narón, San Sadurniño, Valdoviño, Cedeira, Moeche, As Somozas, Cariño, Cerdido, Mañón, Ortigueira	A Coruña	Administración do Estado Xunta de Galicia Deputación da Coruña	951.667,00	3.500.000
Terras de Pontevedra[5]	PDPT	2007-2010 prorrogado ata 2011	Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro, Campo Lameiro	Pontevedra	Administración do Estado Xunta de Galicia Mancomunidade Terras de Pontevedra	1.333.334,00	4.000.002
Área Metropolitana de A Coruña[6]	PDPT	2008-2010 prorrogado ata 2012	A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo,Oleiros, Sada	A Coruña	Administración do Estado Xunta de Galicia Concello de A Coruña Consorcio de As Mariñas	1.330.000,00	3.990.000
Vigo	PCT[4]	2009-2011 prorrogado ata 2012	Vigo	Pontevedra	Administración do Estado Xunta de Galicia Concello de Vigo	1.300,000,00	3.900.000
A Mariña Lucense[7]	PCT	2011-2012	Alfoz, Barreiros, Burela Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourol, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove	Lugo	Xunta de Galicia Mancomunidade da Mariña Lucense	---	178.498,85

Fonte: Elaboración propia. Datos procendentes da Secretaría de Estado de Turismo (SET), Ministerio de Industria, Energía y Turismo, Gobierno de España

[1]Plan de Excelencia Turística.[2] Plan de Dinamización Turística.[3] Plan de Dinamización do Produto Turístico. [4] Plan de Competitividade Turística. [5]Este plan desenvólvese sobre municipios non litorais en parte, pero con indubidable transcendecia polo peso turístico da cidade de Pontevedra na oferta turística do litoral pontevedrés. [6]Este plan desenvólvese sobre municipios non litorais en parte, pero con indubidable transcendecia polo peso turístico da cidade de A Coruña na oferta turística do litoral coruñes. [7]Este plan desenvólvese sobre unha comarca lucense de gran complexidade territorial na que todos os seus municipios de interior mostran unha clara relación co espazo litoral con importantes fluxos pendulares cara principalemnete ás vilas de Ribadeo e Viveiro.

No presente, os espazos turísticos litorais galegos distinguidos coa aprobación con algún tipo de plan de destino, desde o ano 1997, aparecen recollidos na Figura nº3.6.1. A elección destes ámbitos espaciais suscita tres cuestións previas[1036]:

- ✓ En primeiro lugar, os PET presentan maioritariamente unha localización litoral de acordo coa súa orientación cara a destinos litorais consolidados[1037].
- ✓ En segundo lugar, a falta dun criterio claro de que se entende por espazos turísticos maduros e potenciais. Ao noso entender, por exemplo, non podemos englobar baixo a figura dun Plan de Dinamización un municipio como Viveiro que responde claramente a un modelo dun destino litoral galego cunha ampla tradición dun turismo de "sol e Praia" de carácter eminentemente residencial e de "retorno", pero que en calquera caso dista moito de poder considerarse que sofre graves problemas de conxestión ou de perda de mercado. Máis ben, atopámonos cun municipio con importantes potencialidades pouco desenvolvidas que necesita a adopción dunha verdadeira estratexia de desenvolvemento turístico dirixido a diversificar e diferenciar a súa oferta, apostando pola posta en valor de recursos infrautilizados e a creación de novos produtos turísticos, en base aos cales poder ampliar o espectro de mercado potencial.
- ✓ En terceiro lugar, a diferenza doutros espazos rexionais, un predominio dos ámbitos

[1036]Véxase: PARTIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 148.

[1037] Véxase: IVARS BAIDAL, J. A. (2003b): "Planificación turística de los espacios regionales de España". Editorial Síntesis, S. A., Madrid; op. cit. páx. 296.

territoriales supramunicipais como demostra o feito que a mayoría dos PDT e PDPT aprobados sexan de orde comarcal.

Atendendo, a unha valoración dos resultados[1038], podemos falar de aspectos tanto

[1038]Nesta dirección, os plans de excelencia turística foron foco de atención do mundo académico. De feito, existe unha interesante bibliografía centrada na análise deste modelo de planificación de destinos, contorna ao nivel de implantación, distribución, investimento, tipoloxía de actuacións dos plans, o grado de cumprimento dos obxectivos, impactos socioeconómicos, implicación dos axentes participantes, etc. En base, á lectura e análise desta información, realizamos unha aproximación aos puntos fortes e débiles desta tipología de plans de destino. Dentro desta ampla documentación, recomendamos a lectura de: VERA REBOLLO, J. F. (1995): "Municipio y turismo", en "¿España, un país turísticamente avanzado?": I Congreso de la Asociación Española de Expertos Científicos en Turismo (AECIT), Marbella 1994. Instituto de Estudios Turísticos, Madrid; pp. 91-113; OBIOL, E. M. (1998): "El Plan de Modernización y Excelencia Turística (PMET) de Gandia y Peñíscola (País Valenciano). Una aproximación a su análisis y evolución", en OLIVERAS SAMITIER, J. e ANTON CLAVE, S. (eds.): "Turismo y planificación del territorio en la España de fin de siglo", Actas de las V Jornadas de Geografía del Turismo. Grup d'Estudis Turístics, Unitat de Geografia, Universitat Rovira i Virgili, Unitat de Geografia, Tarragona; pp. 353-364; VERA REBOLLO, J. F. (1999): "Los productos del litoral", en BOTE GÓMEZ, V. (coord..): "La actividad turística española en 1998". AECIT, Madrid; pp. 461-498; DONAIRE BENITO, J. A. e MUNDET i CERDAN, Ll. (2001): "Estrategias de reconversión de los municipios litorales catalanes". Papers de Turisme, n.º29; pp. 50-68. M GÓMEZ, B. (2001): "Los productos turísticos del litoral: Calella de Mar", en: "La actividad turísticaespañola en 2000". AECIT, Madrid; pp. 477-481; LARRUBIA VARGAS, R. e LUQUE GIL, A. M.ª (2001): "Las estrategias para la excelencia y la calidad turística en los destinos maduros. El caso de la provincia de Málaga". BAETICA: Estudios de Arte, Geografía e Historia, n.º23; pp.75-118; SENABRE LÓPEZ, D. (2001): "El plan de excelencia turística de Salamanca", en "Forma y función del territorio en el nuevo siglo". Actas del XVII Congreso de Geógrafos Españoles. Universidad de Oviedo, Oviedo; pp. 472-476; BERENGUEL VÁZQUEZ, J. (2002): "Los Planes de excelencia y Dinamización Turística en la región", en CAMPOS ROMERO, Mª. L. (coord..): "El turismo en Castilla-La Mancha: análisis y prospectiva". Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, Universidad de Castilla-La Mancha, Cuenca; pp. 103-114; MARTÍN LATORRE, E.; SAN PEDRO MARTÍNEZ, A.; RASINES AMADO, L.; MARSELLA GONZÁLEZ, E. e SÁINZ DE LA MAZA RUIZ, S. (2002): "Propuesta metodológica para la evaluación del impacto de las actuaciones de los planes de excelenciay dinamización turística", en BLANQUER CRIADO, D. (coord.): "La Diversificación y la Desestacionalización del Sector Turístico", Actas IV Congreso de Turismo, Universidad y Empresa. Tirant lo Blanch, Valencia; pp. 601-622; IVARS BAIDAL, J. A. (2003a): "Política local y gestión de los espacios turísticos", en SANTOS SOLLA, X. M. (ed.): "La geografía y la gestión del turismo". VIII Coloquio de la Geografía del Turismo, Ocio y Recreación,Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; pp. 17-55; ANTÓN CLAVÉ, S. (2004): "De los procesos de diversificación y cualificación a los productos turísticos emergentes. Cambios y oportunidades en la dinámica reciente del turismo litoral". Papeles de Economía Española, n.º102; pp. 316-333; LARDIÉS BOSQUE, R. (2004): "La política de calidad en los destinos turísticos en España: el ejemplo del Plan de Excelencia Turística en el Valle de Tena". Cuadernos Geográficos, nº34; pp. 179-195; BRUNET ESTARELLAS, P. J.; ALMEIDA GARCÍA, F.; COLL LÓPEZ, M. e MONTESERÍN ABELLA O. (2005): "Los Planes de Excelencia y Dinamización Turística (PEDT), un instrumento de cooperación a favor del desarrollo turístico". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles (AGE), nº39, pp. 201-226; CANALIS, X. (2005): "Los nuevos planes de dinamización. De palanca de destinos, a promoción de productos". Editur España, n.º2.354, pp. 22-27; NEL-LO ANDREU, M. e BEAS SECALL, L. (2006): "Análisis de las características de los planes de excelencia", en LACOSTA ARAGÜÉS, A. J. (coord.): "Turismo y cambio territorial: ¿eclosión, aceleración, desbordamiento?". Actas del IX Coloquio de Geografía del Turismo, Ocio y Recreación, celeberado los 21 y el 23 de octubre de 2004 en Zaragoza. Prensas Universitarias de Zaragoza, Universidad de Zaragoza, Zaragoza; pp. 525-548; BEAS SECALL, L. (2009): "Les polítiques turístiques en el marc de la reestructuració de les destinacions litorals. Avaluació dels plans d'excel·lència turística al litoral català". Tesis doctoral. Faculat de Lletres, Universitat Rovira i Virgili, Tarragona; BEAS SECALL, L. (2009): "Los planes de excelencia turística como objeto de estudio. Una propuesta metodológica de evaluación (1)". Estudios Turísticos, nº182; pp. 31-52; ROMÁN MÁRQUEZ, A. (2011): "Planes de Dinamización y Excelencia Turística versus Municipios Turísticos: problemática, similitudes y diferencias esenciales". Papers de Turisme, nº49-50; pp. 25-43

positivos como negativos, destacando entre estes últimos un enfoque xeral dos mesmos cara á realización de melloras de carácter urbanístico (realización de paseos marítimos, reestructuración de prazas, ...), escasísima implicación dos axentes privados, …. Na Figura nº3.6.2, en base ás achegas analíticas recollidas, establecemos o que consideramos como os seus principais resultados tanto en orde positiva como negativo.

Figura nº3.6.2.- Principais puntos fortes e débiles dos plans de destinos realiazados no litoral galego.

PUNTOS FORTES	PUNTOS DÉBILES
✓ Impulsaron a ordenación e a xestión estratéxica a escala local. ✓ Permitiron articular o papel da administración local no proceso de reestructuración dos espazos turísticos. ✓ Aportaron un coñecemento exhaustivo dos destinos. ✓ Contribuíron á coordinación entre as administracións públicas a diversos niveis. ✓ Impulsaron o principio da corresponsabilidade entre os diferentes axentes implicados. ✓ Incentivaron a participación do sector privado en proxectos suscitados polo sector público en materia de turismo. ✓ Foron proxectos de creación, valorización e diferenciación dos produtos turísticos. ✓ Introduciron a cultura da excelencia e a calidade. ✓ Supuxeron unha fonte de financiamento complementaria aos concellos. ✓ Permitiron renovar os destinos e mellorar a súa imaxe.	✓ Un elevado protagonismo da administración local. ✓ Baixo nivel de implicación do sector privado e da sociedade en xeral. ✓ Baixo nivel de credibilidade dos plans por parte da poboación local. ✓ O impacto sobre a satisfacción/fidelización do cliente foi escasa. ✓ Unha parte importante das actuacións dirixíronse á mellora urbana dos destinos. ✓ Moderada incidencia na creación de produto. ✓ Pouca relevancia ao desenvolvemento de políticas sostibles. ✓ Unha escasa capacidade de dinamización empresarial. ✓ Escasa planificación estratéxica e descoordinación con outras planificacións como a urbanística. ✓ Falta de promoción e comercialización conxunta do destino. ✓ Carencia de mecanismos de seguimiento e avaliación dos plans. ✓ Dificultades para dar continuidade ás actuacións.

Fonte: Elaboración propia.

Trátase, en fin, de servirse das ferramentas que ofrece o ordenamiento xurídico, en vistas a unha vontade de eficacia no desenvolvemento da política turística, para contribuír ao desenvolvemento sostible do territorio. Actualmente, estas actuacións xa non se contemplan no vixente *Plan Nacional e Integral do Turismo 2012-2015 (PNIT)*[1039], aprobado polo Consello de Ministros en xuño de 2012, que vén substituír o Plan Horizonte 2020. Dentro das medidas recollidas no PNIT, desde a óptica das OMDs, son especialmente interesantes a aposta realizada pola sostibilidade do modelo turístico e o aliñamento público-privado. Unha sostibilidade que pasa necesariamente por unha xestión máis eficaz dos recursos turísticos ao longo de todo o seu ciclo, por este motivo sinálase dentro do PNIT a necesidade de diversificar e mellorar a calidade da oferta. Para iso sinálase como imprescindible evaluar os destinos, desde o punto de vista da calidade, diversidade, accesibilidade, sostibilidade e da súa xestión. Por outra banda, o escenario económico de elaboración e aprobación do PNIT está marcado por fortes restriccións e limitacións de recursos. Un escenario que esixe un total realiñamento dos obxectivos de política turística coas necesidades do sector empresarial e unha maior orientación de servizo á empresa por parte da administración pública, co fin de conseguir eficacia e eficiencia no cumprimento destes cometidos e aumentar a competitividade do sector turístico español no seu conxunto. Por outra banda, estamos ante un Plan que non deseña mecanismos concretos de financiamento. En efecto, aínda que identifica como unha das debilidades que presenta a oferta turística de destino España, a falta de adecuación da política de reparto de financiamento municipal ás características peculiares de municipios con alta carga de poboación flotante respecto de a poboación fixa, non contempla a implementación de accións para paliar na medida do posible esta recurrente necesidade de recursos económicos por parte destes territorios. Simplemente identifica a problemática dos municipios turísticos e indica que se poñerá en marcha un instrumento ou método inspirado na Axenda 21 de turismo sostible da Unión Europea, que axude aos OMDs locais a coñecer a situación actual do seu modelo de desenvolvemento, a aplicar indicadores de seguimento e a deseñar plans de acción de turismo sostible. En base igualmente á Axenda 21 proponse identificar as variables do destino turístico e crear unha nova modalidade de municipio turístico o *municipio turístico sostible*, ao que se lle aplicaría un novo modelo de ordenación e xestión turística que facilite o seu crecemento económico e desenvolvemento. Para este labor, que non parece sinxelo e nada concreto tal e como se plasma no plan, apélase á participación e colaboración das diferentes AA.PP. O Estado asumirá, tal e como reflicte o Plan, as seguintes accións específicas:

a) Promoción e comunicación dos atributos dos municipios turísticos sostenibles en mercados internacionais;

[1039]Véxase: SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO/ INSTITUTO DE TURISMO DE ESPAÑA (TURESPAÑA) (2012): "Plan Nacional e Integral de Turismo (PNIT) 2012-2015". Secretaría de Estado de Turismo, Ministerio de Industria, Energía y Turismo, Gobierno de España, Madrid. http://www.tourspain.es/es-es/VDE/Documentos%20Vision%20Destino%20Espaa/Plan%20Nacional%20e%20Integral%20de%20Turismo%202012_2015_FINAL_REVISADO%20150313.pdf

b) Establecemento de criterios obxectivos de avaliación do estatus de municipio turístico por parte do Instituto de Estudos Turísticos en coordinación co Instituto Nacional de Estatística como organismo que propoña os indicadores tanto directos (afluencia de visitantes, pernoctacións en aloxamentos hoteleiros, ….) como indirectos (consumo energético, consumo de auga, …).

3.7.- INTEGRACIÓN TERRITORIAL SUPRAMUNICIPAL.

A escala municipal preséntasenos para a planificación e ordenación turística, en determinados aspectos, como demasiado restrinxida e establece uns límites en exceso artificiais[1040]. As OMDs deben ter sempre presente que o turista non repara nas divisións administrativas. Tamén, que funcións como a urbanización do solo, a construción de infraestruturas especializadas, a dotación de equipamentos e servizos de distinto rango, o fomento e a promoción turística do territorio, son responsabilidades que esixen unha ampla dispoñibilidade de recursos financeiros e técnicos[1041]. Situación que pode dar lugar á necesidade de articular desde as OMDS de rango municipal iniciativas de colaboración e cooperación con outras entidades locais, como vía complementaria ou alternativa para abordar tales responsabilidades. Neste sentido, podemos afirmar que a integración supramunicipal no campo turístico ofrece claras vantaxes si se compara coas estratexias municipais de orde individual[1042]:

- ✓ A cooperación intermunicipal garante a maior dispoñibilidade de recursos financeiros para abordar proxectos urbanísticos e turísticos, como consecuencia, sobre todo do aforro de evitar duplicidades nos investimentos e do aproveitamento de economías de escala xeradas por actuacións inscritas dentro de plans coordinados.
- ✓ Posibilita a consecución dunha alto grado de coherencia territorial e sectorial en actuacións turísticas, evitando a aparición de modelos contradictorios, situacións de descoordinación ou caracterizadas pola repetición, feitos a miúdo que acontecen en ámbitos situados en torno aos límites intermunicipais, onde se detecta máis fácilmente a xustaposición e a falta de coordinación das diferentes estratexias municipais.
- ✓ Finalmente, a integración intermunicipal a través de OMDs de orde supramunicipal conleva unha nova dimensión institucional que posibilita unha maior capacidade de presión á hora de defender os seus intereses ou requirir actuacións e investimentos a instancias administrativas superiores.

[1040] Aínda que, non é menos certo, a relevancia alcanzada pola escala local actualmente na xestión dos espazos turísticos. Situación que obedece ao actual marco de descentralización político-administrativa do Estado español, cun alto nivel de autonomía municipal condicionado por patentes problemas de suficiencia financeira, ás importantes competencias municipais en materia turística, e ao crecente papel do turismo nos procesos de desenvolvemento local e de reestruturación produtiva. Véxase: IVARS BAIDAL, J.A. (2003a): "Política local y gestión de los espacios turísticos", en SANTOS SOLLA, X. M. (ed.): "La geografía y la gestión del turismo". VIII Coloquio de la Geografía del Turismo, Ocio y Recreación,Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; pp. 17-55; op. cit. páx. 17.

[1041] Dispoñibilidade que nos municipios turísticos é por norma xeral moi reducida. Como suscitaremos con anterioridade.

[1042] Véxase: PARTIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 150.

Agora ben, o carácter relativamente recente do auxe turístico e da lexislación territorial en Galicia xustifican o escaso desenvolvemento de instrumentos de planificación supramunicipal de finalidade exclusivamente turística.

A competencia en materia de ordenación do territorio é exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co disposto na Constitución Española (art. 148.1.3) e no Estatuto de Autonomía de Galicia (art. 27.3). A Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia[1043] vén ordenar esta competencia, e establece para iso diferentes instrumentos (Directrices de Ordenación do Territorio, Plans territoriais integrados, Programas coordinados de actuación, plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e plans de ordenación do medio físico)[1044]. Especial interese preséntannos os *plans territoriais integrados* e os *programas coordinados de actuación*, concibidos estes últimos como complementarios dos primeiros, a fin de asegurar a coordinación das actuacións previstas. Os plans territoriais de integración están "(...) dirixidos á organizaci6n de areas xeográficas supramunicipais de caractersticas homoxéneas ou de aquelas que, polo seu tamano e relacións funcionais, precisen dunha planificaci6n irfraestructural, de equipamentos e recursos de ámbito comarcal, e de carácter integrado (...)"[1045] e teñen como "(...) obxectivo propio a definición dun modelo territorial que faga compatible o desenvolvemento e a defensa do medio natural co fin de conseguir un crecemento equilibrado e unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes"[1046].

Este instrumento lexislativo veu a ser complementado pola Lei 7/1996[1047], de 10 de xullo, de Desenvolvemento Comarcal[1048], que regula o modelo de planificación e intervención no territorio e supón o desenvolvemento do PDC[1049]. Lei que tiña como finalidade a implantación dun modelo de crecemento equilibrado, baseado na dinaminzación dos recursos locais ou endóxenos[1050]. Non obstante, os resultados obtidos

[1043] Véxase: "Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia". DOG nº233, de 05/12/1995, BOE nº 11, de 12/01/1996; pp. 849-857.
https://www.boe.es/boe/dias/1996/01/12/pdfs/A00849-00857.pdf

[1044] Artigo 4 da Lei 10/1995. Véxase: Ibidem; op. cit. páx. 850.

[1045] Artigo 12.1 da Lei 10/1995. Véxase: Ibidem; op. cit. páx. 852.

[1046] Punto V da Exposición de motivos da Lei 10/1995. Ibídem; op. cit. páx. 850.

[1047] Véxase: "Ley 7/1996, de 10 de julio, de desarrollo comarcal". BOE nº203, de 22/8/1996; pp. 25763-25769. https://www.boe.es/boe/dias/1996/08/22/pdfs/A25763-25769.pdf

[1048] Recordemos que a Constitución Española configura as comarcas como entes supramunicipais ao recoñecer a posibilidade de crear "(…) agrupacións de municipios diferentess das provincias (…)" (art. 141.3 CE) ou "(…) circunscripcións territoriais propias (…)" das Comunidades Autónomas consistentes na "(…) agrupación de municipios limítrofes (…)" (art. 152.3 CE).

[1049] "O Plan de desenvolvemento comarcal concíbese como un instrumento de coordinación para a concreción das directrices e normas basicas contidas na lexislación de ordenación do territorio e no Plan económico e social para lograr o desenvolvemento territorial homoxéneo e equilibrado de Galicia" (Art. 4. 2 da Lei 7/1996). Véxase: "Ley 7/1996, de 10 de julio, de desarrollo comarcal". BOE nº203, de 22/8/1996; pp. 25763-25769; op. cit. páx. 25765. https://www.boe.es/boe/dias/1996/08/22/pdfs/A25763-25769.pdf

[1050] A "(…) Lei ten por obxecto establecer o marco normativo daquel, que se realizase a traves dunha actuación territorial baseada na dinamización dos recursos endóxenos e as iniciativas locais, mediante a implantaci6n gradual e participativa de plans de desenvolvemento comarcal que permitan a integración da planificaci6n socioecon6mica e a ordenaci6n do territorio, así como a coordinación das distintas administración e os investimentos publicos nos ámbitos comarcais que se configuren e que serían o instrumento para ir dotando de capacidade de actuación ás bisbarras" (Art. 1 da Lei 7/1996). Véxase: Véxase: "Ley 7/1996, de 10 de julio, de desarrollo comarcal". BOE nº203, de 22/8/1996; pp. 25763-25769; op. cit. páx. 25765.
https://www.boe.es/boe/dias/1996/08/22/pdfs/A25763-25769.pdf

foron escasos. De feito, constatábase "(...) que os instrumentos de xestión e promoción deseñados apenas contribuíron a estimular o desenvolvemento endóxeno da xeneralidade das bisbarras do país e a dinamizar aquelas de carácter rural con maiores índices de regresión económica e demográfica"[1051]. O Plan de Desenvolvemento Comarcal (PDC) aposta por un modelo de desenvolvemento integrado e descentralizado que se adapte ás características territoriais e socioeconómicas de Galicia, baseado na coordinación das administracións, a cooperación pública-privada, a participación cidadá e a promoción e revalorización dos recursos locais. Un modelo que fixa a escala comarcal como un ámbito intermedio de planificación, organización e xestión territorial co fin de garantir unha mellor utilización dos recursos públicos, unha vez superadas as limitacións da escala municipal[1052]. Polo tanto, dentro do plan formulábase unha compartimentación do territorio da Comunidade Autónoma en ámbitos supramunicipais de extensión similar e normalmente centralizados por un núcleo urbano que exercía de cabeceira[1053]. Uns ámbitos territoriais

[1051] Punto I da Exposición de Motivos da Ley 12/2008. Véxase: "Ley 12/2008, de 3 de diciembre, por la que se modifican la Ley 7/1996, de 10 de julio, de desarrollo comarcal, y la Ley 5/2000, de 28 de diciembre, de medidas fiscales y de régimen presupuestario y administrativo, y se racionalizan los instrumentos de gestión comarcal y de desarrollo rural". BOE nº15, de 17/!/2009; pp. 5507-5512. https://www.boe.es/boe/dias/2009/01/17/pdfs/BOE-A-2009-806.pdf


[1052] "A aplicación formal e temporal do Plan de desenvolvemento comarcal concretásese nun mapa comarcal, no que aparecera a delimitación territorial das distintas bisbarras, cuxa aprobación e sucesivas modificacións seran efectuadas por Decreto do Conselo da Xunta (…)" (Art. 27 da Lei 7/1996). Véxase: "Ley 7/1996, de 10 de julio, de desarrollo comarcal". BOE nº203, de 22/8/1996; pp. 25763-25769; op. cit. páx. 25769. https://www.boe.es/boe/dias/1996/08/22/pdfs/A25763-25769.pdf De conformidade co disposto no articulo anterior, no ano 1997 foi aprobado definitivamente o mapa comarcal de Galicia polo Decreto 65/1997. Véxase: "Decreto 65/1997, de 20 de febrero, por el que se aprueba definitivamente el mapa comarcal de Galicia". BOE nº106, de 3/5/1997; pp. 14041-14049. https://www.boe.es/boe/dias/1997/05/03/pdfs/A14041-14049.pdf

[1053] O "mapa comarcal" de Galicia, aprobado o 20 de febreiro de 1997, organiza o territorio galego en 53 comarcas: 18 pertencen á provincia de A Coruña, 13 á de Lugo, 12 á de Ourense e 10 están na provincia de Pontevedra (Figura nº3.7.1).

Figura nº3.7.1.- Organiazación adminitrativa de Galicia: Mapa Comarcal de Galicia.

moito mellor axustados á dinámica económico-funcional do sector turístico e, polo tanto, máis proclives a favorecer o seu desenvolvemento territorial, que as provincias (artificiais) ou os municipios (demasiado pequenos en moitos casos). Agora ben, cando se aprobou a Lei de Desarrollo Comarcal xa se afirmara un claro fronte de rexeitamento a esta, protagonizado fundamentalmente polos responsables das deputacións provinciais e os representantes de numerosos municipios, que vían neste unha ameaza directa ás súas competencias[1054]. Por iso, a Lei de 1996 xa non contemplaba atribucións administrativas para as bisbarras e consideraba que as mesmas podían reorientarse como entes xestores de proxectos (xeralmente de financiamento externa como os derivados das iniciativas LEADER, PRODER, INTERREG, etc.), encamiñados á promoción de territorios con dificultades[1055]. Este feito xustifica que dentro das bisbarras creadas, aquelas de base rural, centralizadas por un núcleo urbano cabeceira e con límites máis claros (por exemplo, o Deza, a Terra de Ordes, a Mariña Oriental, etc.), fosen as máis dinámicas dentro das iniciativas de carácter turísitico. De feito, dende as bisbarras xestionáronse numerosos proxectos de desenvolvemento turístico.

Un proceso de comarcalización de Galicia que supuxo a creación de Fundacións de Desenvolvemento Comarcal e de Centros de Desenvolvemento e Promoción Comarcal.



Fonte: IGN (Instituto Geográfico Nacional).

[1054] Véxase: LOIS GONZÁLEZ, R. C. e ALDREY VÁZQUEZ, J. A. (2010): "El problemático recorrido de la ordenación del territorio en Galicia". Cuadernos Geográficos, nº47; pp. 583-610; op. cit. páxs. 600 e 601.

[1055] Véxase: PRECEDO LEDO, A. (2004): "El modelo de desarrollo comarcal". Boletín de la AGE (Asociación de Geográfos Españoles), nº38; pp. 29-47.

Estes Centros Comarcales actuaban, desde o punto de vista das actividades turísticas, como puntos de información e atracción de visitantes e instrumentos para a organización e promoción dos recursos locais, ao mesmo tempo que trataban de implicar á poboación local. Unhas Fundacións Comarcais cunha estrutura adecuada na teoría pero pouco eficiente na práctica[1056]. Dada á escasa eficiencia acadada por estes organimos, a Ley 12/2008 derroga o artigo 25 da Lei 7/1996 de desenvolvemento comarcal[1057], que determinaba a composición dos padroados destas fundacións, co fin de que o seu impulso e promoción resida nos axentes públicos e privados de cada territorio, incluíndo non só os representantes dos municipios e dos sectores estratéxicos produtivos da bisbarra, senón tamén os axentes doutros sectores económicos e sociais da bisbarra[1058].

A Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración local de Galicia[1059], pola súa banda, pretende lograr fórmulas adecuadas de asociacionismo municipal co fin de xestionar con menor custo e maior efectividade as competencias municipais. Regulando, para tal fin, as figuras de áreas metropolitanas, de mancomunidades de municipios e os consorcios locais, entes supralocais que a realidade galega está demostrando que constitúen a fórmula idónea para a prestación de certos servizos e o deseño de políticas de desenvolvemento e promoción económica comúns (xestión e tratamento dos RSU, elaboración de plans estratéxicos de desenvolvemento turístico, ...) que, sen precisar un marco organizativo maior, exceden a capacidade individual dos municipios, xeralmente pequenos e de pouco peso poboacional[1060].

En Galicia existen outras iniciativas de xestión a nivel supramunicipal que poden abordar a planificación e xestión turística dun espazo litoral: as iniciativas LEADER e PRODER de ámbito comunitario[1061].

En definitiva, atopámonos con toda unha ampla gama de instrumentos e casos de planificación turística supramunicipal a nivel galego. Planificación de carácter descentralizado que é necesaria pero que carece na actualidade dunhas directrices de actuación a escala rexional que marquen os obxectivos a lograr e busquen a complementariedade destas iniciativas supramunicipais[1062].

[1056] Véxase: LOIS GONZÁLEZ, R. C. e ALDREY VÁZQUEZ, J. A. (2010): "El problemático recorrido de la ordenación del territorio en Galicia". Cuadernos Geográficos, nº47; pp. 583-610; op. cit. páx. 601.

[1057] "Quedan derrogados os artigos 24, 25 e 26 da Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal de Galicia" (Disposición derogatoria única. Derogación normativa da Lei 12/2008). Véxase: "Ley 12/2008, de 3 de diciembre, por la que se modifican la Ley 7/1996, de 10 de julio, de desarrollo comarcal, y la Ley 5/2000, de 28 de diciembre, de medidas fiscales y de régimen presupuestario y administrativo, y se racionalizan los instrumentos de gestión comarcal y de desarrollo rural". BOE nº15, de 17/!/2009; pp. 5507-5512; op. cit. páx. 5511. https://www.boe.es/boe/dias/2009/01/17/pdfs/BOE-A-2009-806.pdf

[1058] Punto II da Exposición de motivos da Lei 12/2008. Véxse: Ibídem; op. cit. páx. 5507.

[1059] Véxase: "Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia". BOE nº237, de 3/10/1997; pp. 28863-28914. https://www.boe.es/boe/dias/1997/10/03/pdfs/A28863-28914.pdf.

[1060] Tamén contempla, o Plan de Desenvolvemento Comarcal (PDC), pero elude a configuración das comarcas como entidades locais de carácter territorial, de maneira que actualmente carecen de personalidade xurídica diferenciada.

[1061] Cuxo análise xa abordamos brevemente no primeiro capítulo deste traballo de investigación.

[1062] Véxase: PARTIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 152.

3.8.-A LEI 7/2011 DO TURISMO EN GALICIA[1063].

A CE de 1978, como xa sinalamos con anterioridade, fai referencia expresa ao turismo ao incluílo entre as materias susceptibles de asunción polas CC.AA. (art. 148.1.18ª). En virtude desta previsión constitucional o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 recolle esta competencia como exclusiva (art.27.21), exceptuando as competencias que corresponden ao Estado en función do art.149.1.[1064]. En función desta competencia, a administración autonómica galega desenvolveu tres normativas[1065] para ordenar a actividade turistica no seu territorio. A vixente Lei 7/20011, derroga a Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia[1066], "(…) pola necesidade de eliminar imprecisións conceptuais e resolver disfuncións e lagoas na regulación dun sector clave da economía galega, á vez que pretende dar resposta ás demandas do sector e dos axentes sociais, contempladas no Plan de acción do turismo de Galicia[1067], e establecer canles que permitan fortalecer a posición da empresa turística galega nun ámbito de gran competitividade"[1068]. A lei tamén tivo presente as recomendacións do Ditame do Comité das Rexións 2009/C

[1063] Véxase: "Ley 7/2011, de 27 de octubre, del Turismo de Galicia". BOE nº291, de 3/12/2011; pp. Sec. I. pp. 128971- 129014. http://www.boe.es/boe/dias/2011/12/03/pdfs/BOE-A-2011-19058.pdf

[1064] Situación que como xa sinalamos con anterioridade determina que o estado siga incidindo sobre a política turística en virtude das competencias de carácter xeral ou sectorial que lle atribúe a CE en función deste articulo.

[1065] Véxase pié de páxina número 83 deste mesmo capítulo.

[1066]Véxase: "Lei 14/2008, de 3 de decembro, de Turismo de Galicia". DOG nº246, de 19/12/2008. http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei_14_2008.pdf
BOE nº64, de 16/3/2009; Sec. I. pp. 25692- 25727.
http://www.boe.es/boe/dias/2009/03/16/pdfs/BOE-A-2009-4367.pdf

[1067] O Plan de acción do turismo de Galicia, resultado dunha reflexión conxunta do sector privado e público do estado do turismo en Galicia, presenta unhas liñas básicas a desenvolver en materia turística para levar a cabo unha xestión integral do turismo que permita unha consolidación do sector e a súa maior proxección cara ao futuro. Nesta dirección, o *Plan de Acción Turismo 2010-2013 Galicia* formula como a súa sexta liña de actuación a modifación e aprobación Lei de turismo. Unha modificación da normativa legal, "(…) que determine os deberes dos axentes do sistema turístico: obrigas e poderes dos suxeitos de dereito turístico; a protección e defensa dos principios naturais e ambientais, na súa relación co turismo, as capacidades de participación e límites dos turistas e operadores de turismo; e todos aqueles aspectos que condicionan o correcto desenvolvemento do turismo en Galicia". Así mesmo, xustifica tal necesidade "(…) por diversos factores, entre os cales sobresaen:

1. Obrigatoriedade de transposición da directiva europea de servizos á que a presente lei non obedece, a pesar de datar de 2008 e a Directiva, de 2006.
2. Contradicións entre a exposición de motivos e o propio articulado da lei actual.
3. Falta de consenso co sector.
4. Falta de representantes do sector privado no Consello galego de Turismo que, na lei actual, reduce o número de vogais a 12.
5. Eliminación de categorías fundamentais para Galicia, como os hotéis-balneario
6. Substitución inoportuna de categorias consolidadas como hostais, por outras descoñecidas en todo o ámbito nacional, como as residencias turísticas".

Véxase: TURGALICIA (2010): "Plan de Acción Turismo 2010-2013 Galicia". Secretaría Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo, Xunta de Galicia; op. cit. páx. 16.
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mdk3/~edisp/turga097852.pdf

[1068] Punto 1 da Exposición de Motivos da Lei 7/2011. Véxase: "Ley 7/2011, de 27 de octubre, del Turismo de Galicia". BOE nº291, de 3/12/2011; pp. Sec. I. pp. 128971- 129014; op. cit. páx. 128971. http://www.boe.es/boe/dias/2011/12/03/pdfs/BOE-A-2011-19058.pdf

200/03[1069]. Neste sentido, a Lei 7/2011 afirma que a administración turística galega "(…) comparte o espírito deste ditame e moitas das valoracións que no mesmo se plasman son xa liñas de traballo que se estiman prioritarias para o desenvolvemento turístico en Galicia, pois, unha vez que se recoñece a importancia e alcance deste sector na economía galega, o que se precisa é sentar as bases legais que lle permitan proseguir na busca da calidade e excelencia turística alcanzando unha maior rendibilidade económica pero, e sobre todo, reforzando o papel social do turismo"[1070].

Figura nº3.8.1- Liñas arguméntais da Ley 7/2011, de 27 de octubre, del Turismo de Galicia.

MARCO	OBXECTIVO BÁSICO	PUNTOS FUNDAMENTAIS
ECONÓMICO	*Regulación establecementos*	✓ Clasificación tipolóxica dos establecementos e empresas turísticas ✓ Estándares e deberes de empresas turísticas. ✓ Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia ✓ Regulación das profesións turísticas: as guías e os guías de turismo

[1069]O cal "recoñece que a industria do turismo se enfronta a unha serie de retos, principalmente o que formula a recesión económica. Neste contexto, a necesidade de estimular a industria turística e reforzar o espírito de empresa neste sector é urxente, en especial debido á dimensión social do turismo nos ámbitos do emprego e a cohesión social e rexional". Asi mesmo, "destaca que o desenvolvemento turístico debe ser sostible, co fin de non desbordar os recursos naturais nin destruír o ámbito natural. O turismo debe respectar a riqueza natural de cada rexión e debe aproveitala promovendo un desenvolvemento turístico que sexa viable e moderado, co obxectivo de conservar e revalorizar o medio, protexelo para as xeracións futuras e crear as condicións que xeren novas posibilidades de emprego".Véxase: "Dictamen del Comité de las Regiones: "la correlación entre el mercado de trabajo y las necesidades regionales en el sector del turismo" (2009/C 200/03). Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE) nº C 209, de 25/8/2009; pp. 9-12; op. cit. páx. 9. http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52009IR0083&from=ES

[1070] Punto 1 da Exposición de Motivos da Lei 7/2011. Véxase: "Ley 7/2011, de 27 de octubre, del Turismo de Galicia". BOE nº291, de 3/12/2011; pp. Sec. I. pp. 128971- 129014; op. cit. páx. 128971. http://www.boe.es/boe/dias/2011/12/03/pdfs/BOE-A-2011-19058.pdf

LEGAL	*Competencia funcional*	✓ Obxecto e fins ✓ Ámbito de aplicación ✓ Organización e competencias das diferentes Administracións Públicas galegas. Procedemento de intervención en materia turística. ✓ Axencia de Turismo de Galicia ✓ Consello do Turismo de Galicia ✓ Rede Galega de Oficinas de Turismo ✓ Promocióne Fomento ✓ Galicia: marca turística global ✓ Fomento da calidade da oferta turística ✓ Inspección e Réxime sancionador
TERRITORIAL	*Planificación*	✓ Ordenación racional, equilibrada e sostible dos recursos turísticos. ✓ Consolidación destinos maduros e desenvolvemento de novos espazos con produtos singulares e diferenciadores ✓ Excelencia e calidade ✓ Recursos de interese turístico ✓ Plan de organización turística de Galicia ✓ Xeodestinos turísticos ✓ Territorios de preferente actuación turística. Plan de actuación integral ✓ Municipios turísticos ✓ Réximes municipais integrais

Fonte: Elaboración propia.

A Lei 7/2011 está estructurada nun título preliminar e outros nove títulos. No seu título preliminar define o obxecto e fins da lei e o seu ámbito de aplicación. Nesta dirección, no seu artigo 1.1., sinala que ten por "(…) obxecto a planificación, ordenación, promoción e fomento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia e comprende a regulación das seguintes materias:

a) As competencias e a organización administrativa en materia de turismo.
b) A regulación dos dereitos e deberes das usuarias e usuarios turísticos.
c) A definición e promoción dos recursos turísticos, da calidade turística e do desenvolvemento do Plan de organización turística de Galicia.
d) A ordenación xeral da actividade turística: empresas turísticas, profesións turísticas, promoción e fomento do turismo e disciplina turística"[1071].

[1071] Véxase: "Ley 7/2011, de 27 de octubre, del Turismo de Galicia". BOE nº291, de 3/12/2011; pp. Sec. I. pp. 128971- 129014; op. cit. páx. 128974. http://www.boe.es/boe/dias/2011/12/03/pdfs/BOE-A-2011-19058.pdf

O título I está dedicado á organización e competencias da Administración turística galega. Neste título diferéncianse as competencias que corresponden á Administración autonómica[1072] e ás administracións locais, xa sexa municipais[1073] ou supramunicipais[1074], así como, se é o caso, ás entidades instrumentais do sector público autonómico. Entre as adminsitraciones para os efectos desta norma con competencias en materia turística, á marxe da Xunta, municipios e entidades locais supramunicipai, establece tamén a "(…) organismos autónomos e as entidades de dereito público constituídos por calquera das administracións indicadas, ou adscritos a estas, para o exercicio das competencias que afecten ao sector turístico"[1075]. Polo tanto, este punto da normativa deixa aberta a posibilidade de constituír OMDs por calquera das administaciones públicas do territorio galego. Agora ben, tamén engade que as mesmas, "(...) sempre que non supoñan o exercicio de autoridade pública, poderán exercerse a través de sociedades mercantís públicas ou recorrendo a outras fórmulas de dereito privado, conforme ao establecido pola lexislación aplicable en cada caso"[1076]. Este título I tamén regula o *Consello do Turismo de Galicia*[1077] como órgano de asesoramento en materia de turismo, en substitución do Consello Regulador do Turismo de Galicia establecido na Lei 14/2008[1078], o cal non chegou a entrar en funcionamento. A nova regulación outórgalle un papel exclusivamente de asesoramento[1079]. Tamén se consideran neste título I as bases sobre as cales se asentará a futura Rede de Oficinas de Turismo[1080], así como a cooperación que pode establecerse para a promoción turística entre a Xunta de Galicia e as entidades representativas das comunidades galegas no exterior para a promoción turística[1081].

Dentro do título III da Lei 7/2011 defínese o que a norma entende por recursos de interese turístico[1082] e abórdase a cuestión da calidade da oferta turística[1083]. Pero de

[1072]Artigo 4 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128976.
[1073]Artigo 5 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128976.
[1074]Artigo 6 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128977.
[1075]Artigo 3.1.d) da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128975.
[1076]Artigo 3.1.d) da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128975.
[1077]Artigo 7 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128977.
[1078]Artigo 7 da Lei 14/2008. Véxase: "Lei 14/2008, de 3 de decembro, de Turismo de Galicia". BOE nº64, de 16/3/2009; Sec. I. pp. 25692- 25727; op. cit. páx. 25698. http://www.boe.es/boe/dias/2009/03/16/pdfs/BOE-A-2009-4367.pdf
[1079] Artigo 7.2 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128977.
[1080] Artigo 8 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 128977 e 128978.
[1081] Artigo 9 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128978.
[1082]"Son recursos de interese turístico todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior coma do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables" (Artigo 21 da Lei 7/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128980.
[1083]"A Administración da Xunta de Galicia velará por unha elevación da calidade dos servizos, o cal se concretará, entre outras, nas seguintes accións:

a) Corrixir as deficiencias da infraestrutura, instalacións e equipamentos turísticos.
b) Conseguir un trato axeitado na prestación dos servizos turísticos.
c) Facilitar unha maior profesionalización das persoas que traballen no sector, así como o seu acceso a unha formación continua.
d) Apoiar sistemas de certificación de calidade.
e) Difundir distintivos e marcas de calidade.
f) En xeral, calquera acción pública ou de apoio da iniciativa privada dirixida a obter a excelencia na prestación das actividades turísticas" (Artigo 32 da Lei 7/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128984

especial importancia, é a configuración do *Plan de organización turística de Galicia* como un instrumento orientado a lograr unha axeitada ordenación do turismo no territorio. Para o cal, dentro deste estableceránse "(...) as áreas turísticas en que se estruturará o territorio da Comunidade Autónoma, para definir actuacións de planificación, organización, investimento e promoción, co obxectivo de mellorar a oferta turística, a eficiencia do gasto público, a colaboración interadministrativa e a participación empresarial"[1084]. Dentro deste título, tamén se regulan a figuras dos Xeodestinos turísticos[1085], Territorios de preferente actuación turística[1086] e municipios turísticos[1087] e fixan as condicións necesarias para obter estas denominacións[1088]. Tamén contén a regulación dos municipios turísticos e fixa as condicións necesarias para obter esta denominación e os servizos mínimos que deberán prestarse nestes. Finalmente, resaltar que na promoción dos recursos turísticos se promoverá a proxección interior e exterior de Galicia como marca turística global de calidade[1089].

No título IV dá Lei 7/2011 fíxase a ordenación das empresas turísticas. No mesmo, considérase o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas e establece a súa finalidade[1090] e o obxecto de inscrición[1091], que será de oficio[1092]. Por outro lado, no capítulo IV trata das empresas de aloxamento turístico e determina as diferentes modalidades da actividade de aloxamento. Fíxase o concepto de principio de unidade de explotación en prol de garantir ás usuarias e usuarios turísticos un interlocutor único responsable na prestación dos servizos que ofertan as empresas de aloxamento[1093]. Establécese a reserva da denominación de pousada para a súa xestión pola Administración autonómica[1094]. Respecto aos establecementos hoteleiros, as novidades son a regulación do grupo de pensións[1095], que substitúe ao grupo de residencias turísticas da Lei 14/2008[1096], e a posibilidade de clasificar os hoteis en hoteis balnearios[1097] ou hoteis talasos[1098] se cumpren cos requisitos esixidos, ao

[1084]Artigo 22 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128980.
[1085]Artigo 23 da Lei 7/2011. Véase: Ibídem; op. cit. pág. 128981.
[1086] Artigos 24, 25 e 26 da Lei 7/2011. Ibídem; op. cit. páxs . 128981 e 128982.
[1087] Artigos 27, 28, 29 e 30 da Lei 7/2011. Ibídem; op. cit. páxs . 128982-128984.
[1088] Figuras que xa analizamos en profundidade anteriormente neste mesmo capítulo.
[1089] Artigo 31 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128984.
[1090]"O Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia é un rexistro público, de natureza administrativa, custodiado e xestionado pola consellaría competente en materia de turismo, co obxectivo fundamental de ter a disposición un censo das empresas e actividades turísticas regulamentadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, así como daquelas outras que fosen consideradas pola Administración autonómica de conveniente inscrición, debido á súa incidencia turística, aínda que non incumbise a súa regulamentación á devandita administración, sempre que exerzan a súa actividade no ámbito territorial de Galicia e soliciten a inscrición" (Artigo 50.1 da Lei 7/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128990.
[1091]Artigo 50.2 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128990.
[1092]Artigo 51.1 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128990.
[1093]Artigo 54 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128991.
[1094] Artigo 63 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128993.
[1095] Artigo 62 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128993.
[1096]Artigo 34.4 da Lei 14/2008. Véxase: "Lei 14/2008, de 3 de decembro, de Turismo de Galicia". BOE nº64, de 16/3/2009; Sec. I. pp. 25692- 25727; op. cit. páx. 25709.
http://www.boe.es/boe/dias/2009/03/16/pdfs/BOE-A-2009-4367.pdf
[1097]Artigo 62 da Lei 7/2011. Véxase: "Ley 7/2011, de 27 de octubre, del Turismo de Galicia". BOE nº291, de 3/12/2011; pp. Sec. I. pp. 128971- 129014; op. cit. páx. 128993.
http://www.boe.es/boe/dias/2011/12/03/pdfs/BOE-A-2011-19058.pdf
[1098] Artigo 61 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128993.

entender que o turismo termal e de talasoterapia configura un produto turístico destacable da oferta galega. No mesmo sentido modifícase a clasificación dos establecementos de turismo rural e incorpóranse os grupos de hospedaxes rurais, pazos e outras edificacións singulares e aldea de turismo rural[1099]. A nova clasificación pretende conservar o aloxamento de turismo rural como un produto singular, diferencial e valorizador tanto do patrimonio cultural como ambiental de Galicia sen colisionar nin se confundir co concepto de turismo no medio rural. Finalmente, ademais de fixar como tipos de establecementos de aloxamento turístico os campamentos de turismo[1100] e os albergues turísticos[1101], afóndase no concepto de apartamento[1102] e vivendas turísticas[1103].

O título V regula as empresas de servizos turísticos complementarios, entendidas como aquelas empresas e actividades que, sen ser estritamente turísticas, poden incidir no desenvolvemento turístico[1104]. Noutra orde, a Lei 7/2011 márcase como un dos seus obxectivos a profesionalización do sector e, por iso, fai unha referencia, no título VI, ás profesións turísticas, especialmente ás guías e os guías de turimo[1105], un colectivo fortemente afectado pola xa comentada Directiva Bolkestein[1106], respecto ao cal regulamentariamente se fixarán as condicións de acceso, o ámbito de actuación e os demais requisitos precisos para o exercicio desta profesión conforme á normativa europea, en prol de evitar o intrusismo.

A promoción e o fomento do turismo son as materias tratadas no título VII da Lei 7/2011. No capítulo I establécense as competencias e os principios de actuación. Nesta dirección, sinálase que as "(...) actuacións en materia de promoción e fomento do turismo

---

[1099] Artigo 67.2 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128995.

[1100] "Considérase campamento de turismo o establecemento de aloxamento turístico que, ocupando un espazo de terreo debidamente delimitado e dotado das instalacións e servizos que se establezan regulamentariamente, estea destinado a facilitar a estanza temporal en tendas de campaña, caravanas, autocaravanas ou calquera elemento semellante doadamente transportable, así como doutras instalacións estables destinadas ao aloxamento temporal que sexan explotadas polo mesmo titular do campamento" (Artigo 66.1 da Lei 7/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128994.

[1101] " Son albergues turísticos os establecementos que ofrecen aloxamento por praza, maioritariamente en cuartos de capacidade múltiple, con ou sen servizos complementarios" (Artigo 74.1 da Lei 7/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128996.

[1102] "Teñen a condición de apartamentos turísticos os inmobles integrados en bloques de pisos ou en conxuntos de unidades alojativas tales como chalés, bungalows e aquelas outras edificacións semellantes que estean destinados na súa totalidade ao aloxamento turístico, sen carácter de residencia permanente. Cada unidade alojativa estará dotada de instalacións e servizos axeitados para a conservación, elaboración e consumo de alimentos e bebidas" (Artigo 64.1 da Lei 7/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128993.

[1103] "Artigo 65. Vivendas turísticas.

1. "Enténdese por vivendas turísticas os establecementos unifamiliares illados nos que se preste servizo de aloxamento turístico, cun número de prazas non superior a dez e que dispoñen, por estrutura e servizos, das instalacións e mobiliario axeitado para a súa utilización inmediata, así como para a conservación, elaboración e consumo de alimentos dentro do establecemento.
2. A comercialización da vivenda turística deberá consistir na cesión temporal do uso e desfrute da totalidade da vivenda, polo cal non se permite a formalización de contratos por cuartos ou a coincidencia dentro da vivenda de usuarios que formalicen distintos contratos . (…)"

Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128994.

[1104] Artigo 88 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 128999.

[1105] Artigo 90 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 128999 e 129000.

[1106] Véxase: "DIRECTIVA 2006/123/CE DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO, de 12 de diciembre de 2006, relativa a los servicios en el mercado interior".Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE) nº L 376, de 27/12/2006; pp. 36-68.
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2006:376:0036:0068:es:PDF

de Galicia rexeranse polos principios de eficacia e economía de medios, buscándose a máxima coordinación e colaboración entre as administracións públicas con competencias no ámbito turístico e entre estas e o sector privado"[1107]. O capítulo II regula as medidas de promoción e fomento[1108], coas que se pretende conseguir un impulso do turismo mediante a posta en valor daqueles recursos singulares baseados na cultura e identidade propia e nas tradicións de fondas raíces populares, así como nas festas consolidadas e altamente participativas, que poderán conseguir o recoñecemento de festas de interese turístico de Galicia[1109]. Un impulso que servirá para diversificar a oferta turística, mediante a configuración de produtos turísticos altamente cualificados en modalidades como rural ou termal, cultural, turismo gastronómico e enolóxico, termal e a talasoterapia, náutico e mariñeiro, congresual ou de aventura, etc[1110]. Os logros desta actividade de fomento terán visibilidade a través de diferentes medidas de promoción turística, podendo reforzarse ambas as dúas facetas mediante a concesión de subvencións e axudas, para aqueles colectivos públicos e privados que aposten pola modernización e mellora das actividades e infraestruturas turísticas de Galicia[1111]. Doutra banda, o artigo 96 fai unha mención especial ao fomento dos estudos turísticos, pois a calidade non pode conseguirse sen o factor humano, polo cal a Administración autonómica propiciará unha mellora da formación para o sector[1112].

Por último, sinalar que os titulos VIII e IX, regulan respectivamente: a disciplina turística[1113] e a arbitraxe como forma de resolución de conflitos que puidesen xurdir en materias reguladas na lei[1114]. Agora ben, especialmente relvante e a Disposición adicional cuarta. Na mesma, "(…) autorízase ao Conselo da Xunta de Galicia para a creación da *Axencia de Turismo de Galicia*[1115], adscrita á consellaría competente en materia de turismo,

[1107]Artigo 91.2 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 129000.
[1108] Artigos 92-96 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 129000- 129002.
[1109]Artigo 93 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 129000.
[1110] Artigo 94.2 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 129001.
[1111] Artigo 95 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 129002.
[1112]"A Administración da Xunta de Galicia propiciará a unificación de criterios na programación dos estudos de formación regulada e ocupacional do sector turístico e promoverá o acceso á formación continua das traballadoras e traballadores do sector. Así mesmo, apoiará a formación turística destinada á adquisición de novos coñecementos e tecnoloxías e á formación de formadores" (Artigo 96.1 da Lei 7/2011). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 129002.
[1113]Artigos 97-125 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 129002- 129012.
[1114]Artigo 126 da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 129012.
[1115] Non será esta a primeira axencia destas características en España, a modo de exemplo podemos citar á Turismoaren Euskal Agentzia-Agencia Vasca de Turismo, S.A. (Basquetour) constituída no ano 2006, a Axencia Catalá de Turismo e a Agencia de Turismo de les Illes Balears (ATB) creadas ambas no ano 2010. Véxase: "DECRETO 159/2006, de 26 de julio, por el que se autoriza a la Administración de la Comunidad Autónoma del País Vasco para la creación y adquisición de participaciones de la sociedad anónima pública «Basquetour, Turismoaren Euskal Agentzia, Agencia Vasca de Turismo, S.A.»". BOPV nº149 ZK., de 7/8/2006; pp. 16350-16352. https://www.euskadi.net/r48-bopv2/es/bopv2/datos/2006/08/0604029a.pdf ; "DECRETO 192/2009, de 9 de diciembre, de aprobación de los Estatutos de la Agencia Catalana de Turismo". Diari Oicial de la Generalitat de Catalunya nº5524, de 11/12/2009; pp. 93168-93185. http://www.act.cat/wp-content/uploads/2013/01/Estatuts_ACT_castella.pdf ; "DECRETO 165/2010, de 9 de noviembre, de modiicación del Decreto 192/2009, de 9 de diciembre, de aprobación de los Estatutos de la Agencia Catalana de Turismo". Diari Oicial de la Generalitat de Catalunya nº575, de 15/11/2010; páx. 83482. http://www.act.cat/wp-content/uploads/2013/01/Modificaco_-estatuts_castella.pdf ; "Decreto 66/2010, de 21 de mayo, por el que se reorganiza, reestructura y regula la entidad pública encargada de la promoción turística de las Illes Balears". BOIB nº 77, de 25/5/2010; pp. 63-68. http://boib.caib.es/pdf/2010077/mp63.pdf ;

que terá como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago"[1116]. Posteriormente, mediante o Decreto 196/2012[1117], procédese ao desenvolvemento da citada disposición adicional, creando a Axencia de Turismo de Galicia e regulando os aspectos referidos á organización e funcionamento da Axencia, a súa estrutura, o réxime do seu persoal, o seu réxime económico-financeiro e o seu réxime patrimonial e de contratación. A Axencia de Turismo de Galicia "(…) terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago (…)"[1118]. Un novo ente que presenta unha adscrición funcional á Presidencia da Xunta de Galicia e orgánica á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza[1119]. Unha Axencia de Turismo de Galicia que nace co obxectivo de aproveitar as sinerxías creadas entre os diferentes órganos e entidades que ata o de agora tiñan competencias sobre distintos aspectos do turismo en Galicia e se crean economías de escala na xestión[1120]. De feito, a Axencia de Turismo de Galicia asume as competencias, recursos e medios materiais que lle correspondían á Secretaría Xeral para o Turismo e aos servizos de Turismo nas xefaturas territoriais[1121], á Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA) e ao Consorcio Instituto de Estudos Turísticos[1122]; asi como, asume a tutela funcional da S.A. Xestión do Plan Xacobeo[1123]. Deste xeito, pretendíase acádar unha dirección única, coordinada e áxil das diferentes competencias turísticas da Comunidade Autónoma, así como dos servizos comúns e transversais destas, co obxectivo final conseguir unha maior eficacia e eficiencia dos recursos públicos.

En defintiva, a Axencia Turismo de Galicia constitúese como una axencia pública autonómica[1124] con personalidade personalidade xurídica propia diferenciada respecto da

---

"Decreto 26/2012 de 30 de marzo, por el cual se reorganiza, reestructura y regula la Agencia de Turismo de las Islas Baleares (ATB)". BOIB nº47, de 31/3/2012; pp. 29-35. http://boib.caib.es/pdf/2012047/mp29.pdf?lang=es&mode=view&p_numero=2012047&p_inipag=29&p_finpag=35

[1116] Disposición adicional cuarta da Lei 7/2011. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 129013.

[1117] Véxase: "DECRETO 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos". DOG nº193 Martes, 9/19/2012; pp. 38646- 38695. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20121009/AnuncioC3C1-041012-0003_gl.pdf

[1118] Artigo 1 do Decreto 196/2012. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 38651.

[1119] Artigo 2 do Decreto 196/2012. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 38651.

[1120] Neste senso, cómpre sinalar que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 16 de febreiro de 2012, acordou a modificación do obxecto social da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, a supresión da Secretaría Xeral para o Turismo e a extinción da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., e do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos.

[1121] Punto 3 da Disposición adicional primeira do Decreto 196/2012. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 38653.

[1122] Punto 4 da Disposición adicional primeira do Decreto 196/2012. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 38653 e 38654.

[1123] "A Axencia Turismo de Galicia asumirá a tutela funcional da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, ente con personalidade xurídica, que modificará o seu obxecto social, o cal quedará constituído polo mantemento e conservación dos camiños, a rede de albergues e a divulgación do feito e cultura xacobeos" (Punto 1 da Disposición adicional segunda do Decreto 196/2012. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 38654.

[1124] Artigo 1 do ANEXO I: Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, do Decreto 196/2012. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 38661.

Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia[1125] e cos seguintes "(…) obxectivos básicos:

a) Desenvolver o turismo na Comunidade Autónoma de Galicia baixo os principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade, seguindo parámetros de eficiencia e eficacia.
b) A potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos.
c) O incremento das magnitudes cuantitativas e cualitativas turísticas: participación no PIB galego, estadía media, número de visitantes e pernoitas, gasto medio, emprego turístico, certificacións en sistemas de xestión de calidade.
d) O fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.
e) O impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico.
f) A mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional.
g) A diversificación da oferta turística de Galicia coa consolidación dos produtos turísticos clave para competir no ámbito turístico nacional e internacional e a creación de novos produtos que posibiliten unha vantaxe competitiva e permitan desestacionalizar a demanda turística.
h) A promoción da imaxe marca-país de Galicia, desde unha óptica integral e marcapaís.
i) A colaboración entre todos os axentes turísticos tanto no ámbito da Administración pública como no sector privado"[1126].

Finalmente, apuntar que para lograr o cumprimento dos seus obxectivos anteriormete expostos, "(…) a Axencia de Turismo de Galicia ten as seguintes competencias e funcións sen prexuízo das que correspondan a outras entidades integrantes do sector público autonómico:

a) A planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, determinando as liñas de actuación de política turística, equilibradas e sustentables, que deben rexer no territorio galego.
b) A elaboración e proposta de normativa nas materias da súa competencia.
c) A dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma.
d) A instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.
e) O desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo para aplicar nos xeodestinos e/ou establecementos turísticos, apostando pola innovación, calidade e sustentabilidade dos produtos turísticos que configuren o portafolios de produtos

[1125] Artigo 3 do ANEXO I: Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, do Decreto 196/2012. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 38662.
[1126] Artigo 2 do ANEXO I: Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, do Decreto 196/2012. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 38661 e 38662.

turísticos de Galicia.

f) O aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia coma no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado.
g) A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior públicas e público-privadas.
h) Os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento destas accións de información e promoción turística interior e exterior.
i) Directamente ou a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.
j) A coordinación da participación da Comunidade Autónoma nas exposicións universais.
k) Dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo, sen prexuízo doutros organismos con competencias nestas materias.
l) O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, a I+D+i, a cooperación entre empresas e a formación.
m) A aplicación dos mecanismos necesarios para mellorar as estruturas e os fundamentos da formación profesional turística.
n) A formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico coma práctico, así como a formación continua dos traballadores do sector turístico, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos.
o) Calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.
p) O exercicio da función estatística da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo, no marco do previsto no artigo 44 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
q) Todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias damencionadas"[1127].

3.9- PROPOSTA METODOLÓXICA PARA A ORDENACIÓN DOS ESPAZOS TURÍSTICOS LITORAIS GALEGOS. AS OMDs COMO ORGANISMOS FACILITADORES DUNHA PLANIFICACIÓN INTERSECTORIAL Y

[1127] Artigo 9 do ANEXO I: Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, do Decreto 196/2012. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 38663-38665.

SUPRAMUNICIPAL TURÍSTICA.

En función de todo o comentado, ao longo deste capítulo, imponse dende as OMDs do litoral galego promover a implementación dunha acción ordenadora das actividades turísticas. Nesta dirección, dada a interrelación evidente entre os aspectos territoriais, turísticos e ambientais, o instrumento a través do que ha de levarse a cabo a devandita acción pública é a planificación territorial[1128] con vocación turística. Planificación que, ante todo, debe partir da premisa de que o litoral non é só o soporte das actividades turísticas, senón que a conservación e potenciación dos seus valores naturais debe ser o primeiro axioma de toda política de ordenación turística do litoral. O principio de sostibilidade debe rexer o plan de calquera actuación de ordenación do sector turístico con implicacións territoriais. Un dos retos máis importantes que xurdiron ao pretender alcanzar o obxectivo do desenvolvemento turístico sostible é a planificación dos destinos[1129]. O nivel de conservación e protección alcanzado polo desenvolvemento territorial das actividades turísticas revelaranos a calidade do litoral analizado. Un espazo de calidade confire valor engadido aos produtos turísticos. Concepto de calidade que ten unha importante carga subxetiva e é froito dunha comparación, e consecuentemente depende moito da procedencia e homexenidade dos elementos comparados[1130]. Agora ben, dificilmente poderá lograrse a meta de calidade territorial a través dun desenvolvemento sostible sen atender dende as OMDs os problemas que formula a ordenación espacial do fenómeno turístico[1131]. Non esquezamos, como xa establecemos neste traballo de investigación, que o produto turístico se encontra asentado e ligado a un determinado espazo físico. A valoración da calidade que dun produto turístico ten a demanda remítese á vivencia que experimentasen en relación co conxunto do destino. A percepción da calidade do produto turístico depende pois en boa medida da experiencia obtida respecto ao conxunto de elementos que dan carácter a un territorio concreto[1132]. Polo tanto, os xestores das OMDs deben comprender a estreita imbricación entre o sector turístico e o territorio. Unha realidade que non poden obviar á hora formular un modelo de desenvolvemento turístico[1133]. Os xestores das OMDs deben

[1128]Segundo DREDGE (1999) : "(…) a planificación do territorio é un proceso normativo que pretende identificar unha visión do desenvolvemento espacial nunha área e conseguilo a base de deseñar unhas pautas preferentes de uso do territorio (...). O obxectivo da planificación do territorio require que os problemas do desenvolvemento se interpreten espacialmente". Véxase: DREDGE, D. (1999): "Planificación y diseño de destinos turísticos". Annals of Tourism Research en Español, vol. 1, nº2; pp. 394-414; op. cit. páx. 395. "A planificación é o proceso que permite establecer unha visión estratéxica para unha área que reflicta os obxectivos e aspiracións da comunidade, e implementándolo coa identificación das pautas preferentes de uso do territorio e dos estilos máis apropiados de desenvolvemento". Ibídem; op. cit. páx. 396.

[1129] Véxase: DREDGE, D. (1999): "Planificación y diseño de destinos turísticos". Annals of Tourism Research en Español, vol. 1, nº2; pp. 394-414; op. cit. páx. 394.

[1130]Véxase: TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante; op. cit. páx. 65.

[1131] "Pódese triunfar na calidade se se aborda o problema dende o principio, incluídas as cuestións de ordenación territorial, de deseño de infraestruturas, de arquitectura e de ecoloxía". Véxase: OMT (1994). "Conclusiones del Seminario sobre la calidad: Un reto para el turismo". Estudios turísticos nº123; pp. 11-16; op. cit. 14.

[1132]Véxase: BARRADO TIMÓN, D. A. (2001): "Ordenación territorial y desarrollo turístico. Posibilidades, modelos y esquemas de ordenación territorial del turismo en la España de las Autonomías". Estudios Turísticos nº 149; pp. 3-22; op. cit. páx. 5.

[1133]Neste sentido, IVARS BAIDAL apunta "(...) que en calquera caso, o sistema turístico rexional resulta indisociable do modelo territorial de cada comunidade autónoma, circunstancia que obriga a un achegamento

ter moi presente, como xa apuntamos neste traballo de investigación, que no produto turístico existe unha coincidencia entre o lugar de produción e de consumo. O territorio forma parte do produto ofertado. Polo tanto, calquera transformación do espazo físico durante o proceso de produción se acaba incorporando ao produto final, incidindo positiva ou negativamente na súa calidade[1134]. De feito, podemos dicir que "a relación sectorial-territorial non é unidireccional senón de ida e volta"[1135]. É dicir, o turismo fundaméntase nos recursos humanos e materiais dun territorio, pero a miúdo estes recursos planifícanse e xestiónanse baixo criterios dimanados da ordenación do territorio. Un réxime normativo que normalmente atende a outros intereses e se executa con independencia dos intereses da planificación turística. Dada, polo tanto, a superposición dos obxectivos da política territorial e da política sectorial turística, faise necesario que as OMDs promovan a integración de ambas as dúas. As actividades turísticas non constitúen fenómenos illados dentro da realidade territorial; por tanto, o seu ordenamento e xestión dende as OMDs non pode enfocarse en solitario. Son, pola contra, fenómenos integrados e complexos que non poden comprenderse se non analizan insertos dentro do sistema xeral que é o territorio. Os xestores das OMDs deben fomentar e practicar a necesaria sincronización da política turística sectorial e a ordenación do territorio[1136]. A xestión territorial dos destinos turísticos para ser efectiva debe integrarse nos sistemas de ordenación territorial existentes[1137]. Resulta preciso, polo tanto, a correcta inserción dos instrumentos de planificación sectorial turística (xunto cos do resto de sectores económicos), de carácter vertical, nos correspondentes plans territoriais, de carácter horizontal, dando como resultado un conxunto harmónico[1138]. Con este obxectivo, as OMDs deben procurar o establecemento

---

das políticas de ordenación do territorio e do turismo". Véxase: IVARS BAIDAL, J. A. (2003b): "Planificación turística de los espacios regionales de España". Editorial Síntesis, S. A, Madrid; op. cit. páx. 269.

[1134] Neste sentido, as OMDs deben ter presente que a asunción do principio de calidade e a súa proxección nos instrumentos de plan turístico territorial, implica a substitución dos antigos criterios ligados ao crecemento cuantitativo por outros que presentan unha especial relevancia á preservación de valores ambientais do territorio. Por outro lado, as OMDs deberán dar en ocasións resposta a problemas de saturación ou sobredimensionamento de oferta aloxativa que afecta xeralmente a destinos maduros, ameazando co deterioro e a perda de calidade destes. As OMDs veranse obrigadas a implementar medidas de signo preventivo tendentes a evitar que se chegue á saturación, utilizando técnicas orientadas a conseguir unha limitación do crecemento da poboación flotante ou unha limitación do crecemento espacial das zonas turísticas xa existentes. Noutros casos tratarase de medidas dirixidas a arbitrar unha resposta cirúrxica ao problema da saturación, unha vez producida (*esponxamento*). Véxase: SOCÍAS CAMACHO, J. M. (2000): "La reconversión de los destinos turísticos mediante el esponjamiento urbanístico y la modernización de alojamientos en las Islas Baleares", en BLANQUER CRIADO, D. V. (coord.): "Municipios turísticos, tributación y contratación empresarial, formación y gestión del capital humano". Tirant lo Blanch, Valencia; pp. 141-166.

[1135]Véxase: BARRADO TIMÓN, D. A. (2001): "Ordenación territorial y desarrollo turístico. Posibilidades, modelos y esquemas de ordenación territorial del turismo en la España de las Autonomías". Estudios Turísticos nº 149; pp. 3-22; op. cit. páx. 6.

[1136]Véxase: MARTÍN-RETORTILLO BAQUER, L. (2006): "Prólogo", en BOUAZZA ARIÑO, O.: "Ordenación del territorio y turismo (Un modelo de desarrollo sostenible del turismo desde la ordenación del territorio)". Atelier, Barcelona; pp. 23-32; op. cit. páx. 30.

[1137] Véxase: DREDGE, D. (1999): "Planificación y diseño de destinos turísticos". Annals of Tourism Research en Español, vol. 1, nº2; pp. 394-414; op. cit. páx. 395.

[1138] Véxase: SOLA TEYSSIERE, J. (2007): "Ordenación territorial y urbanística de las zonas turísticas". Instituto Andaluz de la Administración Pública, Consejería de Justicia y Administración Pública, Junta de Andalucia, Sevilla; op. cit. páx. 89.

por parte da Administración Autonómica de sistemas de coordinación dos diferentes instrumentos de ordenación territorial e turística e, no seu caso, unha escala de prelación dos diferentes plans de natureza territorial respecto aos sectoriais turísticos que poidan presentar algunha incidencia territorial[1139].

En virtude de todo o apuntado ata este apartado, podemos aseverar a perentoria necesidade de ordenar, por parte das OMDs, a actividade turística sobre o territorio, coa finalidade de poñer un límite e control aos procesos de degradación dos cales foron e son vítima amplos sectores do litoral galego como consecuencia lóxica dunha falta absoluta de planificación e xestión coherente sobre as actividades turísticas no espazo litoral. Un desenvolvemento turístico litoral que podemos constatar que ata a data foi canalizado a través do ordenamento aplicable ao urbanismo convencional[1140]. Esta utilización de técnicas e parámetros do urbanismo convencional para controlar o desenvolvemento turístico litoral resultou moi prexudicial para a estruturación do territorio. Dado que, a xeito de exemplo, as necesidades de equipamento dun asentamento poboacional pesqueiro non son as mesmas que as dun núcleo con clara vocación turística; a capacidade dunha estación depuradora nunha localidade de tres mil habitantes que en núcleo turístico que en tempada alta acolle unha poboación flotante de 30 mil turistas; .... Polo tanto, cremos que se fai moi evidente a necesidade de abordar a ordenación do litoral galego por medio dunha axeitada planificación se as OMDs pretenden dotar aos seus territorios dun valor relevante como produto turístico[1141]. Unha planificación que defina un modelo sostible e competitivo de desenvolvemento. Unha planificación que deberá ter presente "(...) un elevado número de políticas e actuacións que transcienden o estrito campo competencial da administración turística e que son realizadas dende distintos departamentos e niveis de administración" e que "(...) resultan decisivas para o logro da calidade e competitividade dun espazo turístico"[1142]. Non esquezamos que é a propia complexidade do fenómeno turístico[1143], a que implica unha ampla gama de usos e afeccións do solo, e a que determina a consideración de todo outro conxunto de factores como os ambientais, os comerciais ou os relacionados con determinadas infraestruturas ou transporte, a que determina a *necesidade de acometer a súa ordenación dende unha perspectiva intrasectorial e coordinada*, que teña en conta os distintos intereses en xogo. Unha planificación que "(...) no tocante á localización das actividades turísticas, debe integrar os aspectos territoriais e urbanísticos cos turísticos, por canto a planificación sectorial turística se mostra insuficiente e ineficaz para enfrontar os complexos problemas que formulan as devanditas actuacións de

[1139]Nesta dirección, o artigo 22 do "Plan de organización turística de Galicia" da Lei 7/2011do turismo de Galicia, no seu segundo punto, establece: "A Xunta de Galicia promoverá o dito plan, en consonancia cos instrumentos de ordenación do territorio e en particular cos plans e proxectos sectoriais, co fin de definir a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións necesarias relacionadas co sector turístico". Véxase: "Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia". DOG nº216, de 11/11/2011, pp. 32964- 33034. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111111/AnuncioC3B0-041111-8318_gl.pdf

[1140]Véxase: VERA REBOLLO, J. F. (1990): "Turismo y territorio en el litoral mediterráneo". Estudios Territoriales nº32; pp. 81-110; op. cit. páx. 90.

[1141]Véxase: SANCHO PÉREZ, A. (dir.) (1998): "Introducción al turismo". OMT, Madrid; op. cit. páx. 179.

[1142]Véxase: VERA REBOLLO, J. F. e IBARS BAIDAL, J. A. (2002): "Turismo, territorio y desarrollo regional en la Comunidad Valenciana", en BLANQUER CRIDADO, D. V. (dir.): "Ordenación y gestión del territorio turístico". Tirant lo Blanch, Valencia; pp. 152-192; op. cit. páx. 185.

[1143] Véxase: DREDGE, D. (1999): "Planificación y diseño de destinos turísticos". Annals of Tourism Research en Español, vol. 1, nº2; pp. 394-414; op. cit. páxs. 395-397.

implantación de desenvolvementos turísticos (...)" no litoral[1144]. Por outra parte, as OMDs deben ser conscientes que o desenvolvemento turístico dun territorio reclama unha dotación de infraestruturas (vías de comunicación, redes de subministracións, depuradoras...) que exceden o ámbito de actuación dun único municipio. De aí, a necesidade de abordar os desenvolvementos territoriais turísticos dende unha perspectiva territorial máis ampla[1145]. Falamos en definitiva dunha *intervención dende instancias supramunicipais*. Dado que esta maior óptica de actuación espacial é esencial para "(...) interpretar as consecuencias espaciais do desenvolvemento turístico, así como de organizar de forma equilibrada e sostida un espazo no que inciden tantos sectores (económico, turístico, territorial e, evidentemente, urbanístico)"[1146]. Unha realidade que dentro do actual marco de organización territorial en Galicia leva consigo ás OMDs ter presente na súa estratexia de actuación á administración autonómica e a instancias territoriais organizativas intermedias de orde local (mancomunidades, áreas metropolitanas, bisbarras...). En definitiva, as OMDs deben abordar os plans de ordenación territorial turística dende un ámbito de actuación máis amplo que o municipal, preferentemente comarcal[1147]. Unha perspectiva de actuación territorial que cremos permitirá ás OMDs superar gran parte das externalidades relacionadas cunha xestión localista das actuacións ligadas ao desenvolvemento turístico[1148].

Ordenación turística territorial, que consecuentemente, debe ter presente as funcións económicas, ambientais, sociais e culturais do espazo sobre o que se vai a actuar, co fin de identificar os posibles impactos, tanto positivos como negativos, que se van a producir coa posta en marcha dos servizos e infraestructuras turísticas. Ordenación do litoral turístico que non pode circunscribirse ao tratamento da fronte marítimo, senón que debe comprender tamén o territorio interior próximo (hinterland), coa dobre finalidade, por unha banda, de desconxestionar o litoral de certos usos que non son específicos do mesmo cando non perxudiciais, por outro, supoñería estender os seus efectos socio-económicos beneficiosos a espazos interiores de menor nivel de renda[1149].

Método de traballo que permitirá as OMDs asegurar o cumprimento do criterio de sostibiliadade que debe rexer toda actuación de carácter territorial. Co obxecto de evitar os consabidos problemas de diversa índole que provoca un crecemento espontáneo (desequilibrios territoriais, ocupación e usos desordenados do solo, degradación

[1144]Véxase: SOLA TEYSSIERE, J. (2007): "Ordenación territorial y urbanística de las zonas turísticas". Instituto Andaluz de la Administración Pública, Consejería de Justicia y Administración Pública, Junta de Andalucia, Sevilla; op. cit. páx. 84.

[1145]Véxase: SOCÍAS CAMACHO, J. M. (1999): "La incidencia del turismo en la ordenación del litoral (referencia especial al caso de las Islas Baleares), TUDELA ARANDA, J, (ed.): "Régimen jurídico de los recursos turísticos". Monografías de la Revista Aragonesa de Administración Pública nº3, Departamento de Presidencia y Relaciones Institucionales, Diputación General de Aragón, Zaragoza; pp. 267-284; op. cit. páxs. 279-282.

[1146] Ibídem; op. cit. páxs. 281-282.

[1147]Véxase: IVARS BAIDAL, J. A. (2003b): "Planificación turística de los espacios regionales de España". Editorial Síntesis, S. A, Madrid; op. cit. páxs. 298-299.

[1148] Nesta dirección, coincidimos co apuntado por MEILÁN GIL (2002), é o marco da planificación territorial "(…) onde constarán os elementos que representan un interese supralocal (vías de comunicación, instalacións varias, protección da natureza, etc.)".Véxase: MEILÁN GIL, J. L. (2002): "Autonomía local y planeamiento urbanístico". Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica nº288; pp. 39-56; op. cit. páx. 53.

[1149]Véxase: PARTIÑO ROMARÍS, C. A. (2005): "Turismo y espacio litoral en Galicia: ordenación y gestión", en GRANDÍO DOPICO, A, (ed.): "Ordenación de los espacios litorales en Galicia". IUEM (Instituto Universitario de Estudios Marítimos), Netbiblo, A Coruña; pp. 109-170; op. cit. páx. 158.

medioambiental, ...), e promover unha actividade turística presidida polos principios de: equilibrio territorial, funcionalidade e uso racional dos recursos e calidade ambiental[1150]. Tamén é preciso, por parte das OMDs, á hora de desenvolver estratexias de actuación, prestar especial atención ao papel dos axentes sociais e económicos como a todo o entramado organizativo e competencial das distintas administracións[1151].

A ordenación do litoral turístico debe ser global, abarcar cada unha das diferentes variables que poden incidir na mesma (usos residenciais, turísticos, industriais,...). Polo tanto, a ordenación esixe adoptar unha *óptica suprasectorial*, a cal remite a unha acción de coordinación dende as OMDs capaz de xuntar os intereses específicos do sector turístico (cuxa promoción constitúe á súa vez un fin público declarado pola lexislación autonómica) con outros de carácter xeral ou tamén sectorial "(...) cuxa provisión corresponde, en ocasións, a outras Administracións públicas e, noutras, a diferentes órganos no seo dunha mesma Administración"[1152]. Xa que logo, as políticas de ordenación turística do litoral deben ter un carácter integrador, non podemos deseñar unha valida política de potenciación, protección e salvagarda do litoral que non este inserta e integrada ao mesmo tempo noutra máis ampla e xeral política de ordenación do territorio e do medio ambiente, da que forma unha parte esencial[1153]. En clara conexión co exposto, obviamente as actividades turísticas no litoral están sometidas, ademais de á súa propia lexislación sectorial, aos correspondentes plans xerais que lles resulten de aplicación do grupo normativo ordenación do territorio-urbanismo ou as pertinentes de protección ambiental. Normativas que en ocasións non son as adecuadas para responder eficazmente aos requirimentos propios do sector turístico. Neste sentido, as OMDs deben propugnar a necesidade de levar a cabo unha *articulación* "(...) entre a normativa xeral sobre ordenación do territorio e o urbanismo, ou ambiental, e a sectorial turística, establecendo os correspondentes enlaces entre as mesmas, de tal maneira que se atenda á problemática específica que formula o turismo, sen menoscabo do obxectivo de sostibilidade (...)"[1154] que debe presidir todo desenvolvemento turístico. Polo tanto, constatamos a necesidade que as accións das OMDs se incardinen no marco da ordenación do territorio. Entre outras razóns, porque o desenvolvemento turístico esixe ser formulado dende unha perspectiva integral que aglutine todos os elementos en xogo. De feito, as OMDs deben ter presente que unha ordenación turística territorial eficaz do litoral debe partir dunha adecuada distribución de toma de

[1150]Ibídem; op. cit. páx. 158.

[1151]Neste sentido, a situación real é unha clara falta de coordinación entre as diversas estratexias implementadas desde as diferentes AA.PP. con competencias solapadas no litoral galego. Xa que logo, son precisas a aplicación de políticas de xestión integral, onde se involucren todas as administracións para evitar as desvirtuación dos resultados finais e aumentar a efectividade dos obxectivos suscitados. Os xestores das OMDs deben ser conscientes de que a xestión turística integral do litoral deber ser resultado da cooperación e coordinación entre as diferentes AA.PP. interesadas e obrigadas a intervir en exercicio das súas competencias respectivas. Poderase debater sobre o papel de cada unha delas, no marco das opcións que a lexislación vixente contempla, pero non sobre a necesidade de que se poñan de acordo na definición das estratexias de desenvolvemento turístico sostible do litoral.

[1152] Véxase: SOLA TEYSSIERE, J. (2007): "Ordenación territorial y urbanística de las zonas turísticas". Instituto Andaluz de la Administración Pública, Consejería de Justicia y Administración Pública, Junta de Andalucia, Sevilla; op. cit. páx. 40.

[1153] Véxase: TORRES ALFOSEA, F. J. (1997): "Ordenación del litoral en la Costa Blanca". Universidad de Alicante, Alicante; op. cit. páx. 67.

[1154] Véxase: SOLA TEYSSIERE, J. (2007): "Ordenación territorial y urbanística de las zonas turísticas". Instituto Andaluz de la Administración Pública, Consejería de Justicia y Administración Pública, Junta de Andalucia, Sevilla; op. cit. páx. 42.

decisións políticas, a escala municipal, autonómica ou nacional, para evitar posibles interferencias e repartir proporcionalmente custos e beneficios[1155]. Todo iso debe conducir as OMDs á implementación de accións de carácter preventivo e ordenador dende a base dos principios da *gobernanza*. Estamos plenamente convencidos da transcendencia de potenciar dende as OMDs a participación dos diferentes axentes privados na planificación territorial turística. A participación da cidadanía outorgará lexitimación ás accións estratéxicas a implementar dende a planificación, pois se terán elaborado permitindo intervir aos diferentes axentes públicos como privados do territorio. Agora ben, antes da implementación do proceso participativo, creemos preciso a necesidade de informar dende as OMDs os axentes privados e á cidadanía en xeral de todas as cuestións que rodean a todo desenvolvemento turístico territorial, para que teñan os coñecementos axeitados para participar con coñecemento de causa[1156].

En definitiva, o desenvolvemento turístico debe ser orientado desde as OMDs na busca das bases dun proceso equilibrado e sostible, capaz de aproveitar e preservar os recursos endóxenos por medio dunha xestión global e integral, que teña presente os planos ecolóxico, económico e social de todo espazo, mediante estratexias que teña presente o longo prazo. De feito, somo da firme opinión da necesidade de desenvolver no litoral o que podemos denominar como "xestión integrada turística do litoral"[1157], entendendo por tal, o

[1155] Partindo sempre da idea do principio de subsidiariedade: as decisións débenas tomar aquelas autoridades públicas que estean o máis próximo posible dos cidadáns. Trátase, xa que logo, de evitar tomar decisións dunha forma centralizada e innecesariamente afastada dos problemas inherentes ao desenvolvemento dunha planificación, ordenación e xestión territorial turística. É conveniente, neste sentido, remarcar que no marco do principio de subsidiariedade, o principio da eficacia levaría á conclusión de que será competente o nivel máis eficaz.

[1156] O art.º 9.2, como o 105 ou o 131.2 da CE proporcionan unha base suficientemente consistente para defender a participación directa dos cidadáns nos procesos de elaboración da planificación turística. Véxase: "Constitución Española". BOE nº311, de 29/12/1978; pp. 29313-29424. https://www.boe.es/boe/dias/1978/12/29/pdfs/A29313-29424.pdf

[1157] Nesta dirección, co obxecto de abordar moitos dos problemas que se formulan nas zonas costeiras, diferentes organismos nacionais e internacionais desenvolveron específicos modelos de xestión integral. Na maior parte dos casos trátase de iniciativas promovidas con carácter experimental, pero nalgúns países a perspectiva de xestión integrada do litoral calou nos propios textos legais relativos á protección da costa ou en plans de ordenación territorial. Sobre as experiencias estranxeiras sobre xestión integrada do litoral, véxase: MORENO CÁNOVES, A. (1990): "Régimen jurídico del litoral". Tecnos, Madrid; op. cit. páxs. 83-104; CALERO RODRÍGUEZ, J. R. (1995): "Régimen jurídico de las costas españolas". Aranzadi, Pamplona; op. cit. páxs. 59-63. GHEZALI, M. (2000): "Gestion Intégrée des Zones Cotières. L'approche Statutaire de la Zone Cote-D'Opale". Université du littoral Côte d'Opale, Dunkerque. No caso concreto de España publicáronse varios estudos ata a data que tratan de expoñer e proponer unha metodoloxía para a aplicación en España do modelo de xestión integrada do espazo litoral. Entre os cales, imos resaltar aqueles que consideramos máis encamiñados coa orientación deste traballo de investigación. BARRÁGAN MUNOZ (1994) dende a perspectiva da análise xeográfica e da ordenación do territorio, analiza as peculiaridades xeográficas, económicas e administrativas do litoral, para ofrecer finalmente diversas recomendacións e orientacións metodolóxicas para a ordenación e planificación integral do litoral. Véxase: BARRAGÁN MUÑOZ, J. M. (1994): "Ordenación, planificación y gestión del espacio litoral". Oikos-tau, Barcelona. Por outra parte, varios organismos oficiais promoveron interesantes estudos nesta materia. Así, por exemplo, o Centro de Estudos de Ordenación do Territorio e Medio Ambiente (CEOTMA), e o Instituto do Territorio e Urbanismo (ITUR). Véxase: CEOTMA (1982a): "Los espacios litorales en el derecho comparado". Serie Normativa n°5, Centro de Estudios de Ordenación del Territorio y Medio Ambiente (CEOTMA), Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo (MOPU), Madrid; CEOTMA (1982b): "Ordenación de los espacios litorales. Criterios metodológicos y normativos". Serie Normativa n°7, Centro de Estudios de Ordenación del Territorio y Medio Ambiente (CEOTMA), Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo (MOPU), Madrid; INSTITUTO

conxunto de principios básicos orientados a que o uso turístico do litoral sexa sensible ás cuestións ambientais, e que defenden os principios da planificación estratéxica. Este principio de xestión integral do litoral turístico non implica unha opción organizativa específica, senón que debe ser cada vez máis o resultado do fomento por parte das OMDs da cooperación e coordinación entre as institucións interesadas e obrigadas a intervir no exercicio das súas competencias respectivas dende o recíproco coñecemento e respecto de todas as posturas afectadas.

Xa que logo, o desenvolvemento turístico debe ser biolóxicamente aceptable, económicamente posible e institucionalmente viable. O enunciado implica complexidade e dificultade, pero suscita concisamente as directrices de actuación convenientes no escenario turístico actual:

a) *Biolóxicamente aceptable* por canto a planificación e a xestión do desenvolvemento turístico debe contemplar mecanismos de zonificación, ordenación e regulación administrativa que garantan a sostibilidade.
b) *Económicamente posible*, por canto só se poderá manter desde as plusvalías empresariais do sector privado, é dicir, a través das oportunidades de negocio que se lle ofrezan no destino a este.
c) *Institucionalmente viabl*e, desde o punto de vista da regulación por parte das OMDs das actividades turísticas sostibles, a negociación cos operadores e inversores turísticos e o compromiso de que o turismo favoreza o benestar local[1158].

A planificación territorial de carácter turístico debe analizar os puntos fortes e débiles, as oportunidades e as limitacións do destino en materia turística. O catalogo de problemas habitual é o seguinte nos diferentes destinos do litoral galego: carencias nos accesos, falta de establecementos turísticos e de actividades recreativas, xestión insostible dos recursos turísticos, ausencia de recursos financeiros, falta de formación profesional especializada e carencias na capacidade xerencial dos empresarios e na administración local.

Planificar, desde o punto de vista territorial, supón tamén localizar os usos e as actividades en función das aptitudes territoriais dos recursos cara á súa explotación e conservación, tendo sempre presente o criterio básico de procura da rendabilidade social dos investimentos[1159]. Non obstante, a dispoñibilidade dos xestores das OMDs de fixar os

---

DEL TERRITORIO Y URBANISMO (ITUR) (1987): "Análisis del litoral español. Diseño de políticas territoriales". Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo (MOPU), Madrid. Este último documento elaborado polo ITUR (1987) afirma que "(…) é cada vez máis necesaria unha normativa xeral que presente unha concepción integral do litoral e simplifique a xestión desta importante, dinámica e fráxil franxa do territorio". Véxase: INSTITUTO DEL TERRITORIO Y URBANISMO (ITUR) (1987): "Análisis del litoral español. Diseño de políticas territoriales". Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo (MOPU), Madrid; op. cit. páx. 61.

[1158] A clave actual na administración municipal é a colaboración publico/privada; en combinación coa capacidade de coordinar os esforzos de xestión publica nos diferentes departamentos municipais que inciden directa ou indirectamente no manexo dos recursos turísticos. Especialmente en catro frontes:

Ourense; a Autoestrada Vigo-Baiona; o Corredor Central, etc. Esta rede viaria fora deseñada para lograr a articulación territorial das cabeceiras de bisbarra respecto do sistema de cidades de Galicia. Os efectos deducidos destes investimentos en infraestruturas deixáronse sentir pronto. Por unha parte, logrouse vertebrar e articular mellor o mercado interior galego. En segundo lugar, articular o mercado galego respecto do mercado interior español. Nesta mesma liña, conseguiuse que as CC.AA. limítrofes con Galicia (Asturias e Castela-León), ademais da Rexión Norte de Portugal, experimentasen un substancial incremento nos seus niveis de fluxo viario cara a ambos os dous lados dos límites fronteirizos. En paralelo, Galicia comezaba a coñecer a superación do adverso lastre de ter sido considerada unha periferia xeográfica e económica. Agora o territorio galego encontrábase conformado parte substancial do que é o Eixe Atlántico Europeo[13].

En último termo, na política indicativa da Administración do Estado apostárase por potenciar a cadea intermodal do transporte. Así, no PDI fixáranse as bases para a modernización funcional e operativa do ferrocarril, o sistema aeroportuario e a rede portuaria. A modernización ferroviaria fora planificada en razón ao cambio do ancho de vía. Propuxérase agora impulsar a construción dunha rede de ferrocarrís dotada de ancho internacional (AI) e operativa en réxime de Alta Velocidade (AV) para conectar ao sistema territorial español. Non obstante, a modernización ferroviaria non se logrou efectuar en Galicia ata datas relativamente recentes. No PDI fixáranse as bases para impulsar a modernización estrutural desta infraestrutura do transporte. O resultado máis directo foi a construción da liña Madrid-Sevilla. Non obstante, non se articula a saída cara a Francia nin Portugal. Por outra parte, as características técnicas da modernización ferroviaria aclárannos que as CC.AA non terían un servizo ferroviario de A.V, toda vez que estaba previsto modernizar a liña férrea convencional. Así, a planificación indicativa do Plan de Infraestruturas e Transporte[14] apostara decididamente por impulsar a conexión ferroviaria en réxime de Alta Velocidade. O problema foi que as características técnicas coas que se proxectou a modernización ferroviaria supoñía poucos avances para territorios rexionais como Galicia. Por outra parte, o PIT nunca foi publicado na súa total extensión. Só se puideron consultar os trazos argumentais da política investidora do Estado. Ademais, esta planificación coñecera numerosas correccións nos seus estándares de accesibilidade territorial[15]. De feito, chegóuselle a acusar mesmo dun Plan improvisado. En consecuencia, as relacións da matriz de viaxe O-D Madrid Galicia estaban fixadas en 4 horas Madrid-A Coruña e 3:50 para Madrid-Vigo. Así, a planificación do Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT)[16] foi deseñado para lograr unha operatividade ferroviaria capaz de impulsar unha modernización ao conxunto da malla española. Os estándares de accesibilidade territorial ían experimentar un sobresaínte avance. Os tempos de viaxe entre Galicia e Madrid pasarían a quedar fixados na orde das 2 horas. Para iso, a Administración do Estado planificou a Variante Norte ou do Guadarrama. Este corredor sería o que se bifurcaría para articular as CC.AA setentrionais: Galicia, Asturias, País Vasco,

[13]Véxase: DÍAZ FERNÁNDEZ, J. A.(2007). "El sistema de transportes y comunicaciones terrestre en el desarrollo territorial de Galicia". Servizo de Publicacións da Universidade de Samtiago de Compostela (USC), Santiago de Compostela.

[14]Véxase: MINISTERIO DE FOMENTO (2002): "Plan de Infraestructuras y Transporte (PIT) 2000-2010". Ministerio de Fomento, Madrid.

[15]O *Informe Viaria* foi presentado por parte do Ministro de Fomento nas diferentes CC.AA. As achegas deste informe non facían outra cousa que modificar as propostas de accesibilidade territorial consideradas no borrador do PIT.

[16]Véxase: MINISTERIO DE FOMENTO (2005). "Plan Estratégico de Infraestructuras y Transporte (PEIT) 2005-2020". Ministerio de Fomento, Madrid.

xuntamente con Castela-León. A modernización impulsada a esta infraestrutura ía garantir que se lograse unha operatividade Madrid-Ourense a unhas velocidades de 300 km/h (Alta Velocidade). O problema para a articulación de Galicia reside no tramo Ourense-Lubián-Puebla de Sanabria. Este tramo ten un importante desnivel que condiciona en extremo as velocidades comerciais ferroviarias. A última planificación indicativa propuxera que os tráficos puidesen circular aqui a 200 km/h. Este rexistro melloraba en moito o proposto polo PIT que era unicamente de 90 km/hora. No marco da execución investidora proposta polo PEIT encontrámonos coa modernización de dous importantes eixes en Galicia. Por un lado, a posta en servizo do eixe ferroviario Ourense-Santiago en réxime de Velocidade Alta. Esta liña ferroviaria é a única que pode alcanzar unha Velocidade Alta (300 km/h). A entrada en servizo do tramo A Coruña-Santiago, operativo en Alta Velocidade, deu lugar a que os tráficos ferroviarios cara á parte da Galicia interior alcanzasen uns estándares de accesibilidade moi superiores aos que lle reporta a estrada á demanda de desprazamento. En paralelo, a prestación de servizo modernizada en Galicia viuse hai pouco acompañada da conclusión do corredor atlántico Vigo-A Coruña. Estes dous itinerarios ferroviarios están a experimentar uns importantes crecementos no montante de viaxeiros transportados por cada sentido do tráfico. Esta oferta de transporte contribuíu de xeito destacado a potenciar a oferta turística galega, ao articular optimamente os diferentes produtos turísticos co mercado interior galego. Non obstante, a conexión de Galicia coa Meseta, en réxime de Alta Velocidade, vaise demorar ata xaneiro do 2018. Esta data foi xa posposta en numerosas ocasións. A conclusión desta infraestrutura orixinará, no que afecta ao turismo, unha capacidade de atracción cara aos produtos turísticos galegos. Os niveis de accesibilidade territorial, xuntamente coa política tarifaria, os patróns da oferta de viaxe (confort, comodidade, seguridade, etc.), orixinarán no horizonte próximo unha importante afluencia de turistas a Galicia.

Nesta mesma liña, cabe apuntar que no marco da política comunitaria do transporte se poderá modernizar este tipo de infraestrutura para articular as rexións transfronteirizas[17]. Para o concreto caso de Galicia, a posibilidade de modernizar a liña Viguo-Guixar-Porto será capital. Non obstante, no lado portugués están a existir reticencias á hora de marcar esta medida de actuación como prioritaria. Optárase pola articulación Porto-Salamanca ou ben Porto-Valladolid. Neste sentido, a modernización da infraestrutura e a prestación de servizo efectuada mediante liña de ancho internacional e con material rodante de última xeración lograrán dous efectos directos. Por un lado, fortalecer os estándares de accesibilidade territorial Galicia-R.N.P. por vía ferroviaria. Na actualidade, os tempos de viaxe que se producen entre Porto e Vigo non son en nada competitivos. A duración deste itinerario está fixada en tres horas, toda vez que a velocidade comercial media deste itinerario é de 57 km/h. Este indicador contrasta moito co obtido pola estrada: unha hora e media. Por outra parte, fortalecerase en ampla medida a dotación de servizos cara a unha dirección e a outra. Na actualidade só se producen dúas expedicións diarias dende Vigo. A demanda de viaxe que se mobiliza por esta modalidade é totalmente marxinal. Esta realidade debe ser corrixida con urxencia no marco da política comunitaria do transporte. En segundo lugar, lograrase articular mellor ao sistema de cidades da Eurorrexión e, en paralelo, do Eixe Atlántico Peninsular.

[17]En efecto, as *Redes Transeuropeas do Transporte (R.T.T-T)* propoñen fomentar as relacións transnacionais entre os países membros. Neste sentido, este modelo de política transeuropea do transporte fixouse no *Consello de Exxen* coa redacción dos 14 Proxectos que foron coordinados polo *Van Miert*.

4.1.1.- A oferta intermodal do transporte en Galicia: Unha fortaleza para o produto turístico.

Como expuxemos, en Galicia existe en funcionamento unha cadea intermodal do transporte que é capaz de garantir a accesibilidade/oferta de conectividade aos principais puntos ou focos dos cales procede a nosa demanda potencial de consumo turístico. Para empezar, no territorio galego encóntranse en funcionamento tres aeroportos rexionais que comercializan a súa oferta regular de servizo coas principais cidades españolas (mercado doméstico), así como coas principais cidades europeas. Nesta liña, o aeroporto galego que ostenta unha proxección máis internacional é o de Lavacolla (Santiago de Compostela), toda vez que posue un maior nivel de conexións con aeroportos do estranxeiro. Con todo, as principais conexións internacionais véñennos dadas logo de conexión co aeroporto Barajas (Madrid) e co do El Prat (Barcelona). Non obstante, e para o efecto de non xerar un sesgo no estudo dos modelos de fluxo de oferta/demanda de viaxe por vía aeroportuaria, cabe apuntar o aeroporto de Sá Carneiro (Porto) está captando unha interesante demanda de viaxeiros co O-D en Galicia, en razón á súa atractiva política comercial vía prezos e vía vantaxes comparativas. De feito, está a implementar unha política comercial tal que logra atraer á demanda potencial de viaxe galega cara a esta terminal grazas a que dotaron dunha oferta de conectividade coas principais cidades galegas mediante vehículo colectivo de viaxeiros que lle resulta moitas veces gratuíto á demanda de viaxe.

Os aeroportos de Alvedro (A Coruña) e de Peinador (Vigo), están funcionando no mercado español como aeroportos rexionais que dotan de servizo as áreas metropolitanas destas dúas principais cidades galegas respecto das principais españolas. Nin que dicir ten que a súa principal oferta de viaxe, en termos de dotación de conectividade territorial, é vía aos dous hub portuarios españois: Barajas e El Prat. Por outra parte, lográronse acordos interesantes coa conexión a cidades españolas de notorio atractivo económico: Bilbao; Sevilla; Valencia, Canarias, Palma de Mallorca, etc.

4.1.2.- A oferta de conectividade territorial por ferrocarril: Un axeitado recurso para o turismo de Galicia.

En Galicia tópase en funcionamento unha rede ferroviaria que está a experimentar un atractivo proceso de modernización funcional e operativa. De feito, modernizouse unha gran parte da súa rede ferroviaria de articulación rexional e interrexional. Nesta liña, realizouse un esforzo de gasto público interesante en prol de impulsar a dotación de conectividade territorial ferroviaria por medio de Ancho Internacional (A.I.) e operativo en réxime de Alta Velocidade (A.V.). Este proceso aínda non se concluíu na actualidade. No presente modernizouse ao tráfico ferroviario a conexión Ourense-Santiago de Compostela en réxime de A.V. poñendo en funcionamento un modelo de trens tipo ALVIA e ARCO. Trátase dun material rodante que rexistra unhas velocidades comerciais da orde dos 250 km/h. En segundo lugar, estase a concluír a modernización da rede ferroviaria no corredor atlántico: A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo. Neste sector da rede ferroviaria galega aínda se vai tardar en finalizar a modernización ferroviaria e a posta en funcionamento ao seu réxime ideal do material rodante. As razóns son diversa índole. En primeiro lugar, sobre esta área prodúcese unha importante presión humana sobre o solo. Este feito dá lugar a que a expropiación de terreos para lograr realizar o trazado resulte moi cara. Por iso, foi necesario deseñar un novo modelo de trazado para o efecto de minimizar os custos de

construción. En paralelo, foi necesario acometer a construción de importantes e custosas obras de fábrica. A xeito de exemplo, quedaremos co viaduto sobre o Río Ulla para dotar de conexión á provincia de A Coruña respecto da de Pontevedra. Así pois, os custos do solo xuntamente co cumprimento do protocolo de Declaración de Impacto Ambiental (Informe DIA), é o que explica a xeito de síntese a lentitude da construción desta liña ferroviaria.

No que respecta á situación que presentan as comunicacións ferroviarias interrexionais, empezaremos sinalando que a conexión de Galicia coa Meseta en réxime de A.V. está prevista para o escenario de decembro do 2018. A razón básica do atraso experimentado coa data inicialmente prevista polas dúas administracións estriba na dificultade de realizar a conexión de Ourense-Lubián. Esta infraestrutura será operativa en réxime de A.V. a unha velocidade comercial da orde dos 300 km/h. Por esta causa, a conexión ferroviaria interrexional León-Ponferrada-Monforte de Lemos non será operativa en réxime de A.V., senón que o será en Velocidade Convencional (V.C.). Este eixe ferroviario quedará para propiciar oferta de conectividade territorial ás cidades interiores de Galicia (Lugo; Monforte de Lemos) respecto de Castela-León.

Para rematar esta primeira aproximación á oferta de transporte ferroviario, tan só nos resta o estudo da dotación de conectividade territorial por ferrocarril entre Ferrol e a fachada cantábrica. Como é ben coñecido, nesta área encóntrase en pleno funcionamento o ferrocarril FEVE, que logra articular a Ferrol-Gijón e, posteriormente, Gijón-Balmaseda (Bilbao). Na actualidade a prestación de servizo público deste ferrocarril non lograr dotar duns óptimos estándares de conectividade territorial a Galicia respecto da rede de cidades que se encontran internamente vertebradas polo ferrocarril FEVE. Con todo, sobre esta área prodúcese a posta en funcionamento dun ferrocarril que se constituíu nun atractivo produto turístico de excelencia: o *ferrocarril transcantábrico*[18].

As cabeceiras de bisbarra que están exentas de dotación de servizo mediante o ferrocarril operativo en réxime de AVE, pasarán a funcionar por medio do ferrocarril convencional. Así as cousas, non desexamos concluír este epígrafe inicial sen antes mostrar a nosa sensibilidade sobre a situación na cal se encontra a oferta de conexión ferroviaria de rango internacional Vigo-Oporto. Pois ben, esta liña ferroviaria resulta de interese comunitario e inscríbese no marco da política europea das Redes Transeuropeas del Transporte (R.T.T-E). Non obstante, a irrupción dunha forte crise económica sobre os países do espazo comunitario e, entre estes, os acusados e nocivos efectos que se sentiron en España e Portugal, deu lugar a que non se entendese neste compás de espera como unha infraestrutura prioritaria por causa clara da contención do gasto público e a implementación de políticas de austeridade. Agora ben esta infraestrutura do transporte é clave para a articulación da Eurorrexión Galicia-Rexión Norte de Portugal (Galicia-R.N.P.). Esta infraestrutura do transporte garantiria a conectividade intermodal (neste caso por ferrocarril) entre Porto e A Coruña. Así, comunicariase á rede galego-portuguesa de cidades do eixe atlántico: Porto-Guimarães-Braga-Viana do Castelo-Caminha-Valença do Minho-Vigo-Pontevedra-Santiago de Compostela-A Coruña. Por esta causa, esta oferta de conectividade territorial vía ferrocarril lograria reducir a acusada dependencia que Porto ten respecto de Lisboa. Conseguiriase reducir o importante índice de rodeo que debe facer esta oferta de conexión ferroviaria.

[18]Véxase: RENFE (2000). "Tren Transcantábrico. Memoria de Gestión". RENFE, Madrid.

4.1.3.- A conexión de transporte por vía marítima: Galicia e a súa estratéxica localización.

Ata a actualidade a dotación de conexión territorial por vía marítima non se entendía como prioritaria para Galicia. Non obstante, éo e ademais constitúe un dos principais activos para a xeración demanda turística de elevada calidade. Para empezar, indicaremos que Galicia conta con nada menos que 127 portos que ostentan un notorio atractivo para a oferta turística. A nosa fachada costeira encóntrase estratexicamente situada no eixe Atlántico e é capaz de captar a chegada de embarcacións que navegan con ruta Norte-Sur ou, no seu caso, con ruta Leste-Oeste en dirección cara a América. Por esta causa, sobre a costa de Galicia desenvólvese un notable corredor de tránsito mariño onde navegan tanto embarcacións comerciais como embarcacións de recreo. As costas de Galicia son uns óptimos puntos de refuxio natural para a navegación deste tipo de barco. Ademais, podemos aseverar que sobre o interior das nosas costas se pode exercer a navegación de ocio durante todo o ano, en virtude ás excelentes condicións naturais e de protección das nosas rías[19].

De feito, cabe destacar que a galería dos portos galegos logra captar un elevado número de embarcacións de recreo que acceden ás nosas costas atraídas polas nosas potencialidades turísticas. Ata o presente estaba a fallar unha idónea política de mercadotecnia sobre o noso recurso turístico costeiro. En paralelo, podemos indicar que a capitalización e modernización das terminais portuarias deu como resultado que en bastantes portos galegos se especialicen e se doten da equipación de base que resulta imprescindible para potenciar o turismo náutico-deportivo de recreo. Así, xa non son poucos os portos que contan cun equipamento da calidade suficiente como para garantir o perfecto consumo da nosa oferta turística de litoral[20].

Nun plano de importancia paralelo ao desfrute da actividade da náutica-deportiva de recreo encontrámonos o turismo de cruceiros. Este tipo de transporte en barco coñeceu en Galicia un espectacular crecemento. Os portos galegos de interese xeral do Estado fóronse especializando progresivamente cara a este segmento da demanda. Non obstante, son dous os principais portos na captación deste interesante produto turístico: Vigo e A Coruña[21], aínda que se produciron importantes chegadas nos portos de Ferrol e de Vilagarcía de Arousa.

4.1.4.- A oferta de transporte por estrada: O modo de comunicación capaz de dotar de capilaridade territorial a Galicia.

O sistema de transporte terrestre por estrada é a modalidade de desprazamento que posibilita unha máis ampla capilaridade territorial á hora de efectuar a matriz de viaxe O-D. Neste sentido, podemos soster que o sistema modal de transporte por estrada posibilita o consumo dun produto turístico porta a porta. Así, cabe apuntar que Galicia presenta aínda a día de hoxe diversas bisbarras que están a padecer un acusado problema de encravamento. Mais, con todo, merece que se destaque que malia este importante hándicap estas comarcas están a rexistrar unha importante demanda de viaxe

[19]Véxase: PATIÑO RONMARÍS, C. A. (2004b): "El turismo náutico en Galicia: La oferta de puertos deportivos". Monografías. Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña.

[20] No subapartado 4.2.4.2 do presente capítulo analizamos en profundidade as potencialidades do produto turístico náutico galego.

[21]Na sección 4.2.4.3 deste capítulo focalizamos a nosa interese no estudo do produto turístico de cruceiros singularizado no peso específico que obstentan os portos de A Coruña e Vigo.

por motivos de ocio e esparexemento. A xeito de exemplo, podemos citar a: Costa da Morte; Ortegal; Os Ancares; A Fonsagrada; Serra do Caurel; .... toda vez que os principais eixes de alta capacidade quedan a unha distancia topolóxica elevada, o cal indica a súa baixa accesibilidade territorial para os principais focos poboacionais galegos ou, o que é o mesmo, para as principais áreas emisoras de fluxo (Figura nº4.1.4.1).

Agora ben, como xa comentamos, actualmente pódese dicir que a dotación de infraestruturas viarias en Galicia alcanza unha importante densidade. Non obstante, hai que tratar de fortalecer a capacidade de carga que ostentan algunhas mallas viarias que posibilitan a oferta de conectividade a diversos produtos turísticos de forte potencialidade que ten Galicia.

4.1.5.- A demanda de mobilidade ao espazo litoral galego.

Ao estudar a oferta turística de Galicia é condición indispensable para os xestores de OMDs proceder ao estudo da demanda de desprazamento para consumir esta oferta. Por esta causa, imos analizar a mobilidade da demanda potencial de viaxe por cada un dos diferentes modos de transporte que concorren no mercado intermodal de Galicia. A xeito de avance, cabe indicar que esencialmente dous modos van capitalizar a nosa atención: a estrada e o transporte aeroportuario. Aínda que tamén, debemos apuntar que na actualidade o transporte por ferrocarril está a rexistrar unha importante ganancia de viaxeiros chegados ou saídos de Galicia. A razón hai que imputala á modernización da infraestrutura ferroviaria de Galicia e española, así como tamén ao material rodante que está a prestar servizo na Comunidade Autónoma galega. Para iso, é condición obrigada a consulta ao Plan Aforamentos de Galicia[22]. Neste importante documento podemos observar o comportamento da mobilidade diaria pola rede viaria galega. Este informe radiográfico da mobilidade terrestre por estrada vainos posibilitar detectar varios elementos do noso interese:

- ✓ Os principais eixes viarios que alcanzan as Intensidades Medias Diarias (IMD) máis elevadas.
- ✓ A demanda de desprazamento rexistrada na rede viaria de acceso ás principais cidades[23].
- ✓ Os principais itinerarios que reflicten as maiores demandas de mobilidade diaria.
- ✓ A evolución intermensual da mobilidade diaria.
- ✓ O comportamento da rede viaria que oferta servizo aos principais produtos turísticos de Galicia.
- ✓ O transporte en vehículos lixeiros e pesados. Cabe apuntar aquí que o interese que ostenta o transporte pesado está xustificado dende o lado de que o transporte discrecional de viaxeiros tende a mobilizar unha importante cantidade de turistas cara aos centros de ocio e esparexemento de Galicia. Por iso, analizaremos o comportamento da oferta de transporte discrecional de viaxeiros en Galicia. Por outra parte, unha importante parte da IMD pesados correspóndese ao transporte de mercadorías por camión ou vehículo análogo. Este indicador xa non resulta do interese deste estudo.

[22]Con este obxectivo estudamos as Memorias de Aforamentos de Galicia de varios anos que coinciden tacitamente co período analizado nesta Tese Doutoral.

[23]Nesta Tese estudamos o comportamento das demandas de desprazamento acaecidas nas cidades litorais da Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo. Ademais, analízanse os espazos litorais de Galicia que ostentan elevadas potencialidades turísticas e resultan susceptibles de captar importantes tráficos.

- ✓ O comportamento da demanda de mobilidade para as 24 horas do día, que resultará ser un indicador clave para a análise do comportamento da demanda de desprazamento cara aos centros de ocio e esparexemento que se sitúan nas áreas de influencia dos centros interese turístico con grande oferta hostaleira (A Coruña, Sanxenxo, O Grove,...).

A análise detida destes indicadores para o estudo da mobilidade por motivos turísticos vainos propiciar os seguintes elementos de información:

- ✓ Cales son os principais eixes viarios polos cales se canaliza a maior demanda de desprazamento regular con matriz de viaxe O/D nas provincias de Galicia. Non resulta estraño indicar que serán os principais eixes viarios estructurantes da Comunidade Autónoma os que rexistren os maiores niveis de demanda de viaxe. Así, para o efecto de seguir unha orde expositiva lóxica, indicaremos que na actualidade son as ofertas das autovías de conexión coa Meseta os eixes viarios que capitalizan en boa medida os fluxos de entrada e saída a Galicia por medio de transporte por estrada. Estes dous eixes viarios alcanzan uns óptimos índices de accesibilidade territorial expresados en termos de tempo de viaxe e velocidade comercial media. En segundo lugar, destacaremos á Autoestrada do Atlántico AP-9. Este eixe viario posibilita as comunicacións norte-sur de Galicia. Isto é, este corredor do transporte articula ao sistema de cidades que se encontra localizado na fachada atlántica: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela; Pontevedra e Vigo. Como se indica, trátase dun eixe viario que logra articular a unha importante parte de Galicia que é a que totaliza os maiores niveis de poboación e de actividades produtivas. A importancia estratéxica expresada en termos de oferta de conectividade e canalización da demanda de mobilidade aínda resulta de maior relevo se se ten en conta que este eixe viario vai posibilitar, primeiro, a conexión de Galicia coa Rexión Norte de Portugal (R.N.P.). En segundo lugar, este eixe viario estructurante logra articular numerosas cabeceiras de bisbarra que se encontran situadas no Eixe Atlántico: Baixo Miño, Morrazo; Salnés, Barbanza, ...
- ✓ Como se comporta a oferta de turismo das principais cidades galegas en materia de fluxo de viaxeiros[24]. Cabe facer notar aquí que unha importante demanda de desprazamento está caracterizada polas funcionalidades urbanas; polos fluxos económicos xerados/atraídos nas cidades; etc. Non obstante, o noso interese estará centrado sobre todo nos desprazamentos que se rexistran nos ámbitos urbanos das cidades galegas por motivos de ocio, esparexemento e desfrute do tempo libre.
- ✓ A evolución da demanda de mobilidade intermensual vainos permitir analizar o comportamento estacional dos fluxos de viaxe que se rexistra sobre cada unha das estacións de aforamento que foron seleccionadas tanto do Plan Autonómico de Aforamentos[25] como da rede RIXE. Neste sentido, poderemos advertir como se comporta o fluxo de desprazamento alcanzado sobre os meses estivais. En liña co que se avanza, tamén poderemos estudar o comportamento xeral da demanda de viaxe sobre, esta vez, a oferta de desprazamento obtida nos períodos estacionais. En especial interésanos moito analizar o fluxo obtido en Semana Santa.
- ✓ Resultará de capital interese zonificar os fluxos de viaxe xerados ou atraídos nos diferentes puntos de interese turístico do litoral Galicia. Neste sentido,

[24]Faise notar que se estudarán as IMD das cidades litorais. Por esta causa, Santiago de Compostela, Ourense e Lugo non serán sometidos a estudo.

[25]Estas estacións encóntranse recollidas nas Memorias de Aforamentos de cada ano da Xunta de Galicia.

trataremos de computar os valores dos viaxeiros chegados/saídos de áreas de interese turístico tan importantes como as que enunciamos:

- ♦ A demanda alcanzada nas Rías Baixas.
- ♦ A demanda alcanzada no Golfo Ártabro.
- ♦ A demanda de viaxe rexistrada no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e nos Parques Naturais que se localizan sobre as áreas litorais de Galicia: Parque Natural Monte Aloia, Parque Natural das Dunas de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán e Parque Natural Fragas do Eume.
- ♦ A demanda de viaxe alcanzada nos ámbitos onde se localicen festas de Interese Turístico: internacional, nacional ou rexional (Festa da Auga (Cilagarcía de Arousa); Romaxe Viquinga (Catoira); Festa do Albariño (Camabados); ...

- ✓ O comportamento da demanda de mobilidade horaria nas diferentes áreas do territorio litoral que ostentan unha importante oferta de centros de ocio e esparexemento.
- ✓ O patrón da mobilidade segundo o modo de desprazamento utilizado.
- ✓ A distancia media da demanda mobilizada.
- ✓ Os principais destinos de saída e de chega con extremo en Galicia.
- ✓ Os modos de transporte principais utilizados.

4.1.6.- A mobilidade con extremo de viaxe en Galicia segundo o modo de transporte por estrada.

En primeiro lugar, na Figura nº4.1.6.1 consignouse o valor das IMD de acceso a Galicia para os principais eixes viarios de comunicación da propia Comunidade Autónoma. Facemos notar que na táboa se computaron os valores totais, así como tamén o propio rexistro dos tráficos pesados. Neste último segmento encóntranse os vehículos de mercadorías, e tamén, para o que aquí nos ocupa, o transporte público de viaxeiros en medio colectivo que fai mención ao tráfico de liña regular e ao tráfico discrecional. Estes dous segmentos do tráfico pesado resúltannos de capital interese para a análise do turismo con extremo de viaxe en Galicia. Por outro lado, pódese corrixir o indicador da IMD total restándolle o valor total do tráfico de pesados. No tramo de acceso a Galicia pola A-6 ou ben pola N-VI advertimos como a demanda regular de mobilidade se polarizou en favor do eixe de alta capacidade de carga (A-6), en vez da estrada convencional N-VI Este feito é de todo lóxico, toda vez que as velocidades comerciais medias son máis elevadas na Autovía do NW que na N-VI Por iso, pois, os estándares de accesibilidade territorial alcanzados por parte da Autovía do NW serán substancialmente máis elevados. Este feito constitúe o principal argumento para que a demanda potencial de desprazamento se decante electivamente pola mobilidade propiciada por parte deste eixe viario. Os valores regulares de desprazamento cara a/dende Galicia son de considerable importancia, como así o testemuñan os rexistros dos máis de 25.000 vehículos mobilizados nos dous tramos que cobre A-6: A Coruña-Lugo e Lugo-Ponferrada.

En segundo lugar, cuantificouse o valor da IMD en dous sub-tramos de A-6. O interese estriba en que analicemos con detemento como se comporta o rexistro da mobilidade diaria sobre a Autovía do Noroeste. Por un lado, apreciamos como o tramo Lugo-A Coruña totaliza uns valores moi destacados en termos de vehículos/día. O segundo sub-tramo rexistra os valores de desprazamento entrado ou saído de Galicia: é

o tramo Lugo-Ponferrada. Pois ben, ao examinar estes valores obsérvase como a IMD é importante, aínda que non chega a rexistrar uns valores próximos aos do sub-tramo anterior. Iso é lóxico, toda vez que sobre A-6 entre Lugo-A Coruña se producen importantes tráficos de axitación. Por outra parte, no sub-tramo Lugo-Ponferrada logra canalizar os tráficos de longa distancia, así como tamén os que foron xerados nas cabeceiras de bisbarra radicadas nas proximidades do eixe viario indicado entre Lugo e a saída cara á Meseta.

Figura nº4.1.6.1.- As IMD de acceso a Galicia segundo a natureza do parque móbil. Ano 2010[1].

Tramo A Coruña-Lugo.			
Estrada	**IMD**	**IMD Pesados**	**% pesados.**
A-6	**16.645**	**4.108**	**25%**
N-VI	**1.617**	**215**	**13%**
Tramo Lugo-Ponferrada.			
A-6	**8.388**	**2.889**	**34%**
N-VI	**2.619**	**335**	**13%**
Tramo Vigo-Ourense.			
A-52	**15.786**	**4.213**	**27%**
N-120	**7.186**	**641**	**9%**
Tramo Ourense-Verín.			
A-52	**15.839**	**2.045**	**13%**
N-525	**3.758**	**336**	**9%**
Tramo Verín-Puebla de Sanabria.			
A-52	**10.594**	**2.304**	**22%**
N-525	**454**	**47**	**10%**
Tramo Lugo-Ribadeo.			
N-640	**5.591**	**758**	**14%**
N-634	**8.285**	**1.161**	**14%**

Fonte: Plan Nacional de Aforamentos. Elaboración Propia.

[1] Merece que se destaque que os rexistros das IMD da rede RIXE na actualidade non se encontran publicados en soporte papel nin en formato dixital. Por esta causa, adoptamos o criterio de coller o ano 2010 por canto aquí se dispoñemos deste tipo de valores.

Por outro lado, na táboa móstransenos ademais as IMD alcanzadas polos eixes viarios meridionais. advertimos que no primeiro dos tres sub-tramos (Vigo-Ourense) se rexistran uns destacados niveis de IMD. Os niveis de fluxos están moi próximos aos totalizados pola Coruña-Lugo. Isto significa que entre estas dúas cidades existen uns importantes "*tráficos de axitación*" por unha motivación multivariante. En especial, cabe destacar as interaccións económicas. Como se indica nos rexistros da táboa, pódese advertir como o patrón da accesibilidade é moi importante neste eixe viario. Isto confírmanos que a velocidade comercial media é substancialmente máis elevada que a da estrada convencional (N-120). Pola súa banda, consignamos os valores de transporte da estrada convencional para poder alcanzar un rexistro o máis axustado posible ao valor dos fluxos regulares. Así pois, advertimos que a estrada convencional N-120 aínda totaliza uns valores de tráfico moi destacados. Este indicador acláranos que esta estrada


está a ser utilizada pola xeración de tráficos locais e comarcais. Os dous sub-tramos restantes (Ourense-Verín e Verín-Puebla de Sanabria) vannos mostrar os valores das IMD que se canalizan por estrada con entrada/saída de Galicia tanto polo trazado da Autovía de Ás Rías Baixas, como, se é o caso, pola estrada convencional N-525. Así exposto, apreciamos como a importancia da Autovía nos dous subtramos Ourense-Verín e Verín-Puebla de Sanabria, totaliza uns niveis de tráfico moi importantes. Estes aínda o son máis que os totalizados pola Autovía do NW. As razóns son varias. En primeiro lugar, diremos que unha gran parte deste tráfico está tamén xerado pola Rexión Norte de Portugal que utiliza dúas das súas principais canles de acceso para comunicarse coa traza da Autovía de Ás Rías Baixas: Eixe Verín-Chaves e Eixe Tui-Valença do Minho. Aos fluxos mobilizados por estes puntos de paso habería que agregarlle tamén as IMD rexistradas sobre os demais pasos secundarios entre as dúas rexións. En segundo lugar, os valores da táboa concrétannos que este punto de comunicación coa Meseta é de capital importancia para a potenciación do turismo e a integración do mercado interior de Galicia. En efecto, se analizamos o comportamento da estrada convencional (N-120 e N-525) para cada un dos dous sub-tramos descritos advertimos como a estrada convencional contribúe decididamente a fortalecer a conectividade a accesibilidade a Galicia. Os valores que alcanzan as IMD son moi importantes como para non as ter presente.

A análise dos rexistros da táboa toca á súa fin co estudo dos valores que se alcanzan no eixe viario da Autovía Transcantábrica. Así, na táboa pódese estudar os valores do tramo Lugo-Ribadeo. A importancia das IMD entradas ou saídas de Galicia por este eixe permítenos analizar o grao de integración e conexión territorial de Galicia respecto das CC.AA. da fachada cantábrica. Os estudos que manexa o Ministerio de Fomento póñennos en antecedentes que a medida que vaian entrando en servizo todos os tramos da Autovía Transcantábrica a IMD irá crecendo substancialmente[26]. Interésanos en grao sumo estes rexistros toda vez que en razón ao valor destes poderemos coñecer con detalle a potencialidade que pode ostentar a oferta turística da Mariña Lucense e tamén a de Ferrol respecto da Fachada Cantábrica.

Na Figura nº4.1.6.2 podemos examinar o perfil das IMD para cada un dos sub-tramos dos principais eixes viarios de conexión con Galicia que son de titularidade do Estado (Rede RIXE).

[26]No ano 2015 a Administración do Estado procedeu a abrir ao tráfico comercial a Autovía Transcantábrica. Non obstante, no tramo galego do Valadouro (Mondoñedo) existen problemas técnicos que obrigan periodicamente ao seu peche por causa da presenza de persistentes puntos de néboa que dificultan os fluxos.

Figura nº4.1.6.2.- Valor das IMD nos eixes viarios RIXE de entrada a Galicia. Ano 2010.



Fonte: Fonte: Plan Nacional de Aforamentos. Elaboración Propia.

4.1.7.- A demanda de mobilidade no ámbito dos principais centros urbanos litorais de Galicia.

O estudo da demanda de mobilidade que presta servizo aos principais núcleos urbanos de Galicia resulta de clave interese para a análise e estudo do comportamento da actividade turística. En primeiro lugar, e como tivemos a oportunidade de expoñer, sobre as principais cidades de Galicia localízase unha importante oferta de infraestruturas de aloxamento. En segundo lugar, debemos ter en conta que o produto turístico urbano é un dos máis dinámicos no concernente a atracción de visitantes con ou sen pernoctación. En terceiro lugar, non podemos pasar por alto a importancia que ostenta o turismo cultural, apartado este que nas cidades adquire a súa maior expresión en virtude á súa dotación de patrimonio histórico e cultural. Por último, as cidades de Galicia, algunhas con maior nivel de demanda, estanse a especializar nun produto turístico de congresos: A Coruña e Santiago son bos exemplos. Por todas estas razóns, así como sobre a base doutras que foron analizadas no seu conseguinte apartado neste traballo de investigación, entendemos oportuno realizar unha análise sobre a demanda de mobilidade aos ámbitos das principais cidades e tamén áreas comarcais que ostentan unha notable atractividade turística susceptible esta de xerar fluxos turísticos.

Na Figura nº4.1.7.1 propuxémonos consignar os rexistros da IMD que se alcanza nas estradas de titularidade autonómica para a área metropolitana de A coruña. Debemos indicar que nos ámbitos das principais cidades de Galicia localízase unha importante oferta turística que resulta susceptible de ser utilizada por parte da demanda potencial. Así, para coñecer o comportamento da demanda, imos agora a analizar o réxime de mobilidade que se alcanza sobre a súa malla viaria segundo a xerarquía. Os valores que se obtiveron para a serie temporal 2003-2010 aclárannos a notable importancia que ostentan os fluxos diarios de desprazamento. Faremos notar que no

conglomerado motivacional tamén participan as actividades de turismo, ocio e esparexemento. En todo caso móstranos o réxime regular de desprazamento.


Os niveis de transporte aquí reflectidos sinálannos a vitalidade socioeconómica que se rexistra nesta área de Galicia. Estes valores serán estudados posteriormente segundo a mobilidade a diferentes horas do día e a evolución intermensual da mobilidade. Unha primeira conclusión pode ser extraida dos rexistros da táboa. En efecto, trátase agora de indicar que a estrada convencional que presta servizo na A.M. da Coruña cumpre un importante protagonismo de articulación territorial e de oferta de servizo de transporte. En síntese, contribúe decididamente á capilaridade territorial. Nesta liña, e iso para a análise do turismo en termos de mobilidade, podemos subliñar a importancia da estrada convencional A Coruña-Carballo-Fisterra (C-552). Sobre este eixe descansa nada menos que a oferta de conectividade territorial da oferta turística da Costa da Morte e da área metropolitana de A Coruña. En paralelo, e agora segundo o patrón de accesibilidade territorial, podemos dicir que esta parte da oferta turística se encontra idoneamente ben conectada grazas á prestación de servizo da Autoestrada AG-55 A Coruña-Carballo. Este eixe viario de alta capacidade de carga coñeceu un importante crecemento en canto a rexistros de tráfico regular. Un tráfico que nos períodos estivais se viu incrementado pola fortaleza da demanda de turismo.

Por último, os valores da figura móstrannos un elemento de considerable importancia. En efecto, trátase agora de destacar a elevada demanda de viaxe que totaliza unha rede viaria local de titularidade a cargo da Deputación Provincial. Este dato dinos que os valores de mobilidade tan elevados deben dar lugar a que esta rede viaria sexa transferida á Comunidade Autónoma, en primeiro lugar. En segundo lugar, e como apuntan os valores, esta rede viaria debe experimentar o conseguinte desdobramento. Neste contexto encóntranse diversos tramos de estradas: AC-164 e a AC-174. Como imos ter a ocasión de analizar, estas estradas de titularidade da Deputación provincial da Coruña alcanzan no presente uns niveis de tráfico moi elevados: sempre por enriba dos 10.000 vehículos/día. Aínda máis lonxe, os valores confírmannos que existen estacións e tramos que totalizan máis dos 20.000 vehículos/día: a AC-164 (Bergondo); a AC- 174 (Bastiagueiro) e a AC-174 (Montrove). Na actualidade para desconxestionar a estrada convencional abriuse ao tráfico un eixe de dobre capacidade denominado Vía Ártabra.

Para rematar, e como foi avanzado ao comezo deste apartado, os maiores niveis de IMD que alcanza as cidades do Eixe Atlántico de Galicia alcánzanse en razón ás vías dotadas de alta capacidade de carga. Por esta razón, a demanda de transporte mobilizado pola Autovía do Noroeste A-6, así como pola Autoestrada do Atlántico AP-9, N-550 e a N-VI son uns valores moi importantes para impulsar a articulación da oferta turística destas áreas.

Figura nº4.1.7.1.- Evolución das IMD na rede viaria da área metropolitana da Coruña. Período 2003-2010.

Estrada	2003	2004	2005	2006	2010
AC-415 Pastoriza (Arteixo)	11.501	11.670	11.773	11.899	12.627
AC-552 A Maceira (Arteixo)	20.836	21.813	20.648	20.828	20.016
AC-552 Cabovilaño (Laracha)	13.345	13.504	13.088	13.226	13.383
AC-173 Bastiagueiro (Oleiros)	21.247	22.503	23.441	23.836	23.443
AC-164 Bergondo.	13.213	13.022	13.854	13.987	13.986
AC-542 Abegondo.	6.246	5.520	5.725	6.134	6.331
AC-400 Sigrás (Cambre)	2.124	2.026	---	2.212	2.499
AC-523 (Cruce da Canteira) Laracha	---	---	---		3.940
AG-55 Bértoa (Laracha-Carballo N)	9.587	10.210	10.696	11.530	12.549
AG-55 Carballo	8.445	9.306	10.147	10.974	11.725
AC-174 Montrove (Oleiros)	14.431	15.735	16.872	15.223	15.705
AC-221 CatroCamiños (Oleiros)	4.523	4.505	4.186	---	4.823
AC-230 Montesalgueiro (O Corgo)	957	975	1.045	1.057	1.078
AG-55 Arteixo.	13.710	14.487	15.300	16.500	17.885



Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas. Elaboración Propia.


A información contida na Figura nº4.1.7.2 móstranos con detalle o valor das IMD que se encontran no comunicando a Ferrol coa súa área de influencia territorial. Como nos indican os valores, os seus rexistros alcanzan niveis de servizo importantes en tres dos eixes viarios que conectan a Ferrol. Por un lado, citaremos aos eixes viarios que exceden do albor dos 10.000 v/d. Neste concreto caso encóntranse, por esta orde, a AG-64 (Xubia), a AC- 133 (Fene) e a AC-115 (Neda). Merece que se indique que na serie analizada a evolución experimentado por cada un dos tres eixes viarios para as tres

estacións indicadas tiveron unha irregular progresión. Unicamente Neda tivo un comportamento positivo en evolución de IMD, só que non posúe rexistros con anterioridade á data de 2005. En todo caso, parece quedar ao descuberto que os valores de tráfico mobilizado por esta rede viaria nos indica a elevada densidade de tráfico entrado ou saído desta área.

En segundo lugar, destacaremos a vitalidade que ostentan as redes viarias da AG-64 (Río do Pozo) e a V.G.1.2. (Lodairo). Sobre estes dous eixes viarios debemos indicar que na medida en que se foron construíndo os tramos da AG-64, en razón aos seus estándares de accesibilidade territorial, se produciu unha importante basculación cara á prestación de servizo deste eixe de transporte por estrada. Pola súa banda, a V.G.1.2 indícanos a importancia dos valores de tráfico mobilizado por este eixe que en cinco anos experimentou case un crecemento do dobre do nivel de servizo que totalizaba no ano 2005. Merece que indiquemos que a bisbarra de Ferrol aínda experimentará unha ganancia de tráficos chegados/saídos unha vez que entre en servizo por completo á-8 e os eixes de conexión á cidade central.

Figura nº4.1.7.2.- Evolución das IMD na rede viaria de Ferrol. Período 2003-2010.

Estrada	2003	2004	2005	2006	2010
V.G.1.2 Lodairo	---	----	3.896	5.686	6.849
AC-133 A Gallada	8.277	9.806	9.126	4.899	4.672
AC-115 Neda			10.572	11.223	11.343
AC-564 Cabanas	---	---	---	3.369	3.516
AC-564 Goente	3.532	3.364	3.777	3.824	4.250
AC-133 Fene.	12.966	14.259	13.515	11.167	10.521
AG-64 Ramadela	----	---	---	3.944	4.591
AG-64 Xubia.	8.498	9.218	9.786	10.149	11.180
AG-64 Río do Pozo	9.402	9.305	9.441	9.741	9.563



Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas. Elaboración Propia.

Na Figura nº4.1.7.3 ocupámonos de analizar os valores das IMD de Pontevedra na rede de titularidade autonómica. Nesta malla volvemos advertir o que sucede nas cidades do Eixe Atlántico. En efecto, aínda sendo moi importantes os valores das IMD alcanzadas pola rede RIXE, os valores que foron totalizados por parte da rede autonómica son moi importantes. As razóns son numerosas e xa coñecidas:

- ✓ O dinamismo económico da fachada atlántica de Galicia.
- ✓ A puxanza do tecido socioproductivo radicado nesta área.
- ✓ A densidade de poboación que se alcanza nesta área do territorio autonómico.
- ✓ O parque de vivendas localizado neste cuadrante rexional.
- ✓ A importante oferta turística aquí centrada.


Os valores das IMD da Figura nº indícannos tres cuestións de capital importancia. En efecto, en primeiro lugar advertimos como existen ata tres estradas cuxas estacións de aforamento chegan a alcanzar rexistros por enriba dos 15.000 vehículos/día e mesmo por enriba dos 20.000 v/d: PO-531 (Curro), PO-308 (Combarro) e PO-551 (Seixo). Pola súa banda, as demais restantes vías de comunicación elixidas teñen valores por enriba dos 5.000 vehículos/día, salvo PO- 233 (Ponte Bora) e a PO-223 (Xeve).

En último extremo, cabe sinalar a importancia que nesta área urbana alcanzan os valores da rede de titularidade RIXE: a AP-9 e a N-550.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura nº4.1.7.3.- Evolución das IMD na rede viaria de Pontevedra. Período 2003-2010.

Estrada	2003	2004	2005	2006	2010
PO-531 Curro	19.622	20.004	20.123	20.882	19.702
PO-300 Mosteiro	4.051	4.123	4.211	4.377	5.861
PO-308 Combarro	15.222	16.884	17.944	17.957	19.563
PO-308 Poio	22.106	22.505	20.307	20.853	20.899
PO-535 Mosteiro de Poio	----	----	3.408	4.449	5.511
PO-Marcón Ponte Caldelas.	3.687	5.624	5.601	5.885	5.965
PO-233 Ponte Bora.	1.939	2.017	2.021	2.085	2.125
PO-551 Seixo.	13.836	15.047	15.792	10.074	12.888
PO-223 Xeve.	1.581	1.628	1.646	1.646	1.658



Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas. Elaboración Propia.


Para concluír a análise, ocupámonos de construír unha figura na cal podemos analizar os valores das IMD da rede de titularidade autonómica que articula a Vigo. Na Figura nº4.1.7.4 reflectimos os valores da evolución da demanda de desprazamento en termos de IMD para o lapso 2003-2010. Así, ao iniciar o comentario debemos adoptar como premisa de partida que se ben son moi importantes os valores aquí consignados, aínda o son máis os que se totalizan na rede RIXE. En concreto é de destacar os valores da AP-9 que circunvala a Vigo, así como a Autovía dás Rías Baixas A-52; a Autovía do Val Miñor Vigo-Tui e as estradas N-550 e a N-120.

Do conxunto de vías de titularidade autonómica que ostentan uns valores superiores aos 10.000 vehículos/día advertimos como sete superan este rexistro. Isto móstranos unha idea clara do réxime diario de desprazamento por estes eixes viarios para articular a Vigo co seu hinterland. Así, cabe que se destaque con claridade as participacións diarias da PO-552 (Forcadela), C.G.4.1. (Túnel Domaio), AG-57 (Puxeiros), PO- 551 (Domaio), etc. As principais demandas advírtense na rede viaria que trata de comunicar a Vigo coa outra marxe da súa ría, así como tamén coas poboacións máis meridionais: Baiona, Nigrán, Gondomar A Garda, etc. Aínda máis, unha parte da demanda de desprazamento xerado ou atraído en Vigo e a súa área de influencia por razóns de turismo terá a súa xénese en Portugal. En especial debemos

destacar as intensas interaccións que se producen a Rexión Norte de Portugal que van presentar como vectores extremo da matriz O-D, a Vigo (fluxos Valença-Tui) e a Ourense (fluxos Verín-Chaves).

Figura nº4.1.7.4.- Evolución das IMD na rede viaria de Vigo. Perído 2003-2010.

Estrada	2003	2004	2005	2006	2010
PO-315 Menduiña (Cangas)	4.292	4.310	4.558	4.610	6.220
V.G. 4.5 Colexio A Rúa (Cangas)	---	---	4.102	6.567	7.390
C.G. 4.1 Túnel Domaio	---	---	---	14.189	16.885
PO-551 Tirán (Cangas-Moaña)	17.954	17.033	16.538	9.418	9.507
PO-331 Pego Negro (Gondomar)	7.917	8.743	9.028	9.290	9.475
PO-552 A Xurela (Nigrán)	---	---	---	15.896	15.585
PO-551 Domaio	18.033	18.570	19.276	8.841	10.548
PO-313 Marín	1.720	2.085	2.108	2.608	2.821
AG-57 Puxeiros	9.662	10.738	10.841	11.342	12.174
PO-254 Prado (Ponteareas)	5.706	6.282	6.277	6.531	6.612
PO-400 Salvaterra	3.303	2.098	1.569	1.600	1.803
PO-552 Torrón	11.697	12.001	12.574	12.958	13.530
PO-552 Forcadela	11.026	12.232	12.756	13.790	14.595
PO-344 Forcadela-Tomiño	4.789	5.247	5.515	5.874	5.820
PO-340 Gondomar Norte	12.832	13.202	13.755	13.877	13.860
PO-552 Baiona	6.422	7.092	6.509	6.630	6.098



Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas. Elaboración Propia.

4.1.8.- A demanda de mobilidade por estrada nas áreas litorais de Galicia.

No presente apartado o noso obxectivo está centrado en estudar cal é o comportamento da demanda mobilidade que se produce nas estacións de aforamento da fachada litoral galega. En concreto, naquelas estacións de aforamento localizadas nas estradas principais de entrada aos destinos turísticos litorais máis significativos co obxectivo de analizar o comportamento do valor dos fluxos de mobilidade de demanda de desplazamento lecer-turístico[27]. Unha análise que nos permite establecer:

- ✓ A evolución interanual da demanda de mobilidade diaria para o lapso 2006-2012[28]. Este indicador vainos proporcionar información estatística sobre cal foi a curva evolutiva de IMD no conxunto do período para intervalo sometido a estudo. Nalgunhas estacións acontece que non hai rexistros, ben iniciais, ben intermedios ou, se é o caso, só hai o do último dos anos seleccionados. As conclusións que se poden extraer destes supostos son que determinadas estradas coñeceron operacións de reposición e conservación dos firmes; desdobramento de calzadas; ou entrada en servizo nun dos anos da serie, polo que nos anos precedentes non existían valores de IMD. En paralelo, ao ter consignada a liña evolutiva da IMD para este período pódese estudar se os fluxos coñeceron unha curva evolutiva de crecemento; estabilizáronse nos seus valores ou, pola contra, se experimentaron uns rexistros regresivos para os anos centrais e finais.
- ✓ A evolución intermensual da IMD para o ano 2012 para cada unha das estacións de aforamento seleccionadas. Este indicador é clave para coñecer cal é a evolución anual do réxime de mobilidade nun lugar concreto. Nesta liña, podemos dicir que ao ter o valor do réxime da IMD en calquera das estacións que propuxemos, podemos agora analizar se a evolución dos fluxos para cada un dos meses do ano nos mostra unha tendencia maior ou menor ao valor da IMD media anual. Así, esta variable resultará clave para coñecer cales son os períodos de máxima demanda de fluxo. Nas estacións que seleccionamos pódese advertir con claridade como se produce un nivel de demanda de desprazamento moi considerable nos meses estivais. En concreto, observamos como se rexistran uns valores de IMD elevados dende Xuño a Setembro. Esta sobredemanda de desprazamento fai que o réxime da IMD desa estación coñeza unha mobilidade flotante que está presente no período estival. Como tivemos a oportunidade de analizar en seccións precedentes, este fluxo responde, nunha ampla medida, a unha motivación de turismo, ocio e esparexemento.
- ✓ A evolución interhoraria da demanda mobilidade para cada unha das estacións que seleccionamos. Nesta oportunidade preocupámonos aquí de analizar con detemento os fluxos horarios dos desprazamentos que se encontran consignados en cada unha das estacións de aforamento para as 24 horas do día. Así, seleccionáronse dúas variables. Por un lado, computouse a evolución da IMD interhoraria para o día medio laborable. Esta variable vainos indicar cal é o réxime regular dos fluxos horarios para cada unha das estacións ao longo das 24 horas do día. En segundo lugar, e iso para os oportunos efectos de coñecer un

[27]No ANEXO 1 recollemos a análise detallada que efectuamos a cada unha das estacións de aforamento elixidas.

[28]Para complementar este indicador, tamén incluímos os Mapas de Aforamentos de tráfico por estrada de Galicia do ano 2006 e do período 2008-2012. O obxecto do primeiro obviamente é reflectir as intensidade de fluxos rexistrada nas estradas galegas antes do estalido da crise ecómica a finais do ano 2007. Véxase: ANEXO 2.

pouco máis en detalle cal é a demanda de mobilidade por ocio, esparexemento e tempo libre, ocupámonos de cifrar os rexistros da IMD interhoraria para o día medio festivo. Nin que dicir ten que o desenvolvemento das actividades de turismo se producen no lapso de tempo libre, ademais dos períodos de vacacións. Así, este rexistro achéganos información dos fluxos que se tenden a efectuar en fin de semana ou, no seu caso, durante o día festivo. Os valores alcanzados móstrannos como as IMD interhorarias correspondentes aos días laborables son máis elevadas, por regra xeral, que as acaecidas en fin de semana. Non obstante, existen estacións de aforamento que nos mostran como a IMD interhoraria do día medio festivo é case igual e mesmo teñen rexistros máis elevados.

4.1.9.- A oferta de conectividade aeroportuaria a Galicia: Unha fortaleza extratéxica para atración de demanda de viaxe por turismo.

No presente subapartado ocupámonos de analizar con detalle a evolución do tráfico aeroportuario de pasaxeiros acaecido nos tres aeroportos de Galicia para o período 2004-2012. A serie que foi construída resulta fielmente expresiva do que sucedeu en Galicia sobre este modo de transporte. Como fixemos notar na metodoloxía referida ao período tratado, seleccionamos os datos que nos proporcionou AENA para os anos 2004, 2005, 2007, 2008, 2010, 2011 e 2012. Así, indicaremos que o período seleccionado ata o 2007 nos permitirá o comportamento individualizado experimentado por cada unha das terminais aeroportuarias no período de bonanza económica. Posteriormente, fixamos os valores do exercicio 2008 para analizar xa os hipotéticos efectos da irrupción da crise económica financeira mundial e a súa repercusión na economía española e galega. A continuación tabuláronse os valores do ano 2010 por canto neste exercicio se celebrou o ata hoxe último Ano Santo Xacobeo. Este evento, así entendémolo, aconsellábanos que examinarvos os rexistros individualizados para cada unha das terminais aeroportuarias de Galicia e as comparasemos con aquelas outras obtidas en plena bonanza económica ou, no seu defecto, no ano anterior ao estalido da crise económica financeira. Para concluír, rexistráronse os valores dos dous últimos exercicios que examina esta Tese Doutoral: 2011 e 2012. Trátase aquí de avaliar como está a evolucionar o tráfico aeroportuario galego para estes últimos exercicios. Nin que dicir ten que os efectos da crise económica afectaron en grao elevado ao volume de tráfico de pasaxeiros mobilizado por cada unha das terminais galegas. Con todo, nos últimos anos estes valores están a experimentar unha sensible recuperación.

Os rexistros da Figura nº4.1.9.1 consideran no seu interior a evolución total do tráfico de pasaxeiros nos aeroportos galegos e a participación de cada exercicio respecto do propiamente antecedente. Así pois, ao examinar con detemento a serie temporal descrita obsérvase, como se avanzou ao inicio, un período de crecemento continuado nos aeroportos galegos e na media española entre 2004 e 2007. Por iso, apreciamos como o momento de maior nivel de fluxo de pasaxeiros por vía aeroportuaria foi, precisamente, o ano 2007. Se se examina con detemento a participación porcentual de cada un dos exercicios respecto do seu anterior, advírtese, esta vez, como os maiores incrementos interanuais se deron no peche do ano 2007. Valores da orde do 24,8% para o aeroporto de Alvedro e da orde do 18,3% para o de Peinador, son un bo reflexo da etapa expansiva experimentada por esta modalidade de transporte. Aínda máis lonxe, o crecemento interanual da media española fixouse aquí no 8,5%, constituíndo o momento de maior volume de viaxeiros mobilizados para o territorio español. Non obstante, merece que sinalemos que o momento de máximo crecemento interanual nos


aeroportos galegos se rexistrou no ano 2005, con niveis moi elevados para cada aeroporto. Entre estes, podemos destacar os rexistros da Coruña e Vigo, que lograron niveis de crecemento moi notables. Os rexistros alcanzados por Santiago de Compostela lograron aínda superar os obtidos no ano 2004, que era Ano Santo Jacobeo e, ademais, se celebraran importantes convencións do goberno político europeo e española na cidade. Por outra parte, neste ano produciuse un evento deportivo que orixinou un fluxo turístico de interese nestes exercicios. En efecto, por unha parte, produciuse a conclusión da volta ciclista a España coa celebración dalgunha etapa no territorio autonómico. En liña co que se avanza, no período estival de 2004 Galicia viuse beneficiada por situarse en Ás Rías Baixas (Vigo) a selección española de fútbol que ía disputar o campionato europeo en Portugal. En segundo lugar, no ano 2005 prodúcese a celebración de tres etapas da Volta a España en Galicia.

Se nos centramos agora no exame dos rexistros obtidos polos aeroportos galegos para os anos 2008-2012, alcanzamos unhas conclusións que referendan abertamente o importante impacto da crise económica financeira mundial e a súa repercusión sobre a economía turística en España e en Galicia. En efecto, os valores do ano 2008 son un exemplo moi claro do que estaba a acaecer a escala mundial e o seu impacto na economía española. Apreciamos unhas caídas no tráfico de pasaxeiros sempre por enriba do -6% para as terminais galegas. Para o caso da media española, a caída fora un pouco menor: -3,2%. Por outro lado, é de destacar que as terminais aeroportuarias galegas estiveron a experimentar un proceso de investimento na dirección de modernizar e amplificar as súas respectivas infraestruturas e dotacións de servizos paralelos. Por iso, a irrupción deste proceso de obra pública deixouse sentir sobre o volume de negocio de cada unha das terminais aeroportuarias galegas, toda vez que se restrinxiron numerosas operacións. Aínda máis, as obras de ampliación dos tres aeroportos deron lugar a que se perdesen operacións. A repercusión lóxica foi a caída das contas de resultados dos aeroportos galegos por causa das obras de ampliación, de dotación de servizos aeroportuarios, etc. Por último, e sobre todo para poder ter unha información aproximada ao comportamento do tráfico aeroportuario en Galicia, debemos efectuar unha pausa no exercicio de 2010. Os valores confírmannos unha situación de crecemento do tráfico aeroportuario de pasaxeiros en Lavacolla cunha ganancia da orde do 11%. Os dous aeroportos galegos coñeceron unha evolución moi dispar. O aeroporto de Alvedro logrou incrementar o seu volume de viaxeiros (3,0%), non así o de Peinador que coñeceu unha leve caída: -0,9%. Este período de crecemento no aeroporto compostelán prolongouse con vitalidade no ano 2011. Non obstante, os rexistros obtidos polos aeroportos galegos e tamén pola media española para o 2012 móstrannos como foi unha etapa moi regresiva. Os niveis de caída do volume de viaxeiros mobilizados nas terminais galegas estiveron sempre por enriba do -10% (Santiago), con niveis mesmo superiores ao -15% (Peiteador e Alvedro). Pola súa banda, a contracción do volume de pasaxeiros mobilizados polos aeroportos españois cifrábase o -5%: a máis elevada para todo o período.

Figura nº4.1.9.1.- Evolución do tráfico de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia. Período 2004-2012. Unidade: número de pasaxeiros.

Aeropuerto	2004	2005	2007	2008	2010	2011	2012
Alvedro	586.239	875.827	1.266.795	1.174.970	1.101.208	1.012.800	845.451
Lavacolla	1.580.675	1.843.118	2.050.172	1.917.466	2.172.869	2.464.330	2.194.611
Peinador	911.974	1.108.720	1.405.968	1.278.762	1.093.576	976.152	828.725
Galicia	3.078.888	3.827.665	4.722.935	4.371.198	4.367.653	4.453.282	3.868.787
España	166.146.198	181.277.741	210.498.760	203.862.028	192.792.606	204.386.371	194.230.699

Aeroporto	Δ % 2005 s/ 2004	Δ % 2008 s/ 2007	Δ % 2011 s/ 2010	Δ % 2012 s/ 2011
Alvedro	48,2	-7,2	-8,0	-16,5
Lavacolla	16,6	-6,5	13,4	-10,9
Peinador	21,6	-9,0	-10,7	-15,1
Galicia	24,31	-7,4	6,0	-13,1
España	9,10	-3,2	6,0	-5,0



Fonte: AENA. Elaboración Propia.

Os valores da figura explícannos con precisión como se comportaron os tres aeroportos galegos para a serie elaborada. Polo que agora fai mención ao valor do total de operacións realizadas nos aeroportos galegos, estes rexistros pódense seguir na Figura nº4.1.9.2. Nesta ocasión preocupámonos por analizar o total de avións mobilizados dende as tres terminais aeroportuarias. Este indicador pódese examinar no gráfico correspondente. Así pois, ao tratar de someter a estudo estos valores, podemos indicar que a evolución foi positiva nos tres aeroportos ata o exercicio de 2007. Neste sentido, e como apuntaramos, o ano 2004 foi moi importante para o tráfico aeroportuario de Galicia. Os valores alcanzados por Santiago indícannos que o evento do Ano Santo Xacobeo orixinou un importante fluxo de aeronaves con extremo de viaxe neste aeroporto. Os valores dos dous restantes aeroportos galegos foron positivos pero un tanto dispares no seu volume de negocio. En efecto, mentres que o nivel de crecemento interanual de Vigo foi moi notable (14,9%), os valores do aeroporto da Coruña, aínda cando foron positivos, estes obtiveron un incremento interanual

acumulado da orde do 2,6%. As razóns son dous. Por un lado, o aeroporto da Coruña estivo inserto na execución dunha importante obra de infraestrutura aeroportuaria: a construción do ILS 2-3 e o proceso da ampliación da pista de aterraxe para optimizar e facilitar a navegación aérea en condicións adversas de visibilidade. Esta actuación investidora ocasionou un importante proceso de expropiación de solo aos propietarios do ámbito. En paralelo, ocasionou a redución do volume de operacións a rexistros anteriores ao do ano de referencia. A segunda das razóns fai mención á construción da área de estacionamento no recinto do aeroporto e á nova distribución dos accesos cara á terminal.


Ao examinar agora os valores alcanzados no ano 2005 advertimos como nesta etapa se produciu un importante volume de operacións aeroportuarias nos tres aeroportos galegos. Os rexistros de crecemento interanual estiveron situados sobre o 20%, sobresaíndo Peinador (22%) e Alvedro (20%). Pola súa banda, xa no ano 2007 obsérvase como os dous aeroportos das principais cidades galegas coñeceron uns rexistros positivos, destacando aquí os valores de Alvedro (7,6%), mentres que Lavacolla se estanca e decrece lixeiramente (-0,3%).

Os rexistros do total de operacións alcanzados entre 2008 e 2012 móstrannos unha tendencia asimétrica no concernente á evolución do tráfico de operacións. Por unha parte, no 2008 advertimos unha notoria caída en balance de aeronaves mobilizadas dende as tres terminais galegas. Este comportamento tamén se ve confirmado coa tendencia coñecida por España. As principais caídas producíronse en Lavacolla e Peinador. Neste ano deixouse sentir o comezo da crise económica financeira sobre a economía española. Os rexistros do ano 2010 maquillan lixeiramente o adverso panorama no que se encontraba sumida a economía española. No caso do tráfico de operacións experimentado nos aeroportos galegos observamos como se deu unha tendencia positiva na Coruña e Santiago. O caso de Vigo indícanos que a caída neste rexistro nos confirma os efectos da recesión económica. Os valores experimentados nos dous últimos exercicios non fan outra cousa que referendar as teses indicadas. En efecto, os tres aeroportos galegos encóntranse inmersos nunha liña regresiva no concernente ao tráfico aeroportuario. Esta caída tamén se advirte no volume de operacións obtida por España. O ano 2012 móstranos con total nitidez a virulencia da regresión económica, toda vez que as caídas foron moi considerables nos tres aeroportos galegos. Non obstante, onde máis se deixou sentir a contracción do tráfico de operacións foi nos aeroportos das grandes cidades de Galicia.

Figura nº4.1.9.2.- Evolución do tráfico de operacións nos aeroportos galegos. Período 2004-2012. Unidade: número de operacións.

Aeroporto	2004	2005	2007	2008	2010	2011	2012
Alvedro	12.945	15.625	18.730	17.719	17.378	16.283	13.693
Lavacolla	21.593	25.693	24.643	21.945	21.252	22.322	19.511
Peinador	15.458	18.855	19.999	17.934	14.941	14.130	11.184
Galicia	49.996	60.173	63.372	57.598	53.571	52735	44.388
España	2.056.959	2.210.449	2.501.537	2.420.072	2.119.665	2.140.308	1.924.866

Aeroporto	Δ % 2005 s/ 2004	Δ % 2008 s/ 2007	Δ % 2011 s/ 2010	Δ % 2012 s/ 2011
Alvedro	20,7	-5,4	-6,3	-15,9
Lavacolla	19,0	-10,9	5,0	-12.6
Peinador	22,0	-10,3	-5,4	-20,8
Galicia	20,3	-9,1	-1,5	-15,8
España	7,5	-3,3	1,0	-10,1



Fonte: AENA. Elaboración propia.

Finalmente, nas Figuras nº4.1.9.3 e 4.1.9.4 reflectimos a oferta de conectividade directa dos aeroportos galegos a nivel España como europeo. Así como, os pasaxeiros chegados desde estes aeroportos con conexión directa durante o ano 2012. O fundamental que observamos nestes dous mapas é a escasa oferta de conexións directas das terminais galegas, especialmente a nivel continental. Un feito que nos serve para sinalar un dos principais problemas que veñen sufrindo desde hai tempo o destino Galicia no seu conxunto, a baixa accesibilidade aeroportuaria cos principais mercados turísticos europeos. Unha realidade que determina en gran mediada as baixas cotas dos fluxos de demanda estranxeira rexistrados na oferta de aloxamento galega. Os destinos galegos do litoral, obviamente non escapan a esta problemática. Un problema que se tratou de paliar tanto desde as Xunta de Galicia como desde a administración local da Coruña, Santiago e Vigo tentando atraer a CBC con obxecto de mellorar a oferta de conectividade. Unha práctica que desembocou en *prácticas localistas* e de confrontación entre as distintas administracións municipais competentes. Agora ben, hai que recoñecer que o obxectivo de mellorar a operatividade internacional dos aeroportos

galegos foi dun éxito relativo como podemos comprobar da lectura do seguinte subapartado.

4.1.9.1.- A operatividade do tráfico aeroportuario de baixo custo nos aeroportos en Galicia 2005-2012: un factor de competitividade para un destino turístico.


Na presente punto ímonos ocupar de analizar cal foi a participación dos voos de baixo custo (CBC) no sistema aeroportuario de Galicia. O obxectivo é coñecer, en primeiro lugar, como concorre esta oferta respecto á comercialización do tráfico aeroportuario tradicional. En segundo lugar, ocuparémonos por analizar de xeito desagregado para cada un dos aeroportos galegos a cota de mercado que alcanzan os voos tradicionais e, nesta ocasión, a participación dos voos de Baixo Coste. Finalmente, tratouse de estudar cales son as principais compañías que están a operar en cada un dos tres aeroportos galegos.

Na Figura nº4.1.9.1.1 cuantificouse a evolución do tráfico aéreo en Galicia para o período 2005-2012 correspondente ao tráfico efectuado polas compañías tradicionais e aquel outro que se efectuou por medio das compañías de baixo custo. Ao examinar a evolución que coñeceron estes dous indicadores, podemos extraer unha conclusión de inmediato. En efecto, a evolución do tráfico aeroportuario en Galicia reflicte un perfil de acentuado descenso na participación das compañías tradicionais, mentres que nas de baixo custo a evolución foi sempre positiva. Isto quere significar que a forte competitividade en termos de política tarifaria, primeiro, e de oferta de destinos, despois, logrou un vasculamiento da demanda cara aos tráficos aeroportuarios de baixo custo. Aínda máis, a medida que os aeroportos galegos logren incrementar a súa oferta de destinos e que estes resulten de interese para a demanda de viaxe de Galicia, a participación dos voos de baixo custo se irá incrementando aínda máis. Así mesmo, debemos subliñar que a curva expansiva dos voos de baixo custo en Galicia foi tan pronunciada grazas a que no ano 2005 se situou no aeroporto de Santiago de Compostela: Ryanair[29], orixinando unha elevada captación de demanda de viaxe.

[29]As compañías aéreas de baixo custo que participan nos aeroportos galegos son: Ryanair, Vueling, Easyjet, Air Berlin, Aer Lingus, Volotea e Iberia Express.

Figura nº4.1.9.1.1.- Evolución do tráfico aéreo por tipo de compañía nos aeroportos galegos: Peso dos tipos de compañía tradicional e baixo custo. Período 2005-2012. Unidade: %.

Compañía	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Tradicional	96,8	89,2	71,3	70,3	67,1	62,3	54,5	33,6
Baixo custo	3,2	10,8	28,7	29,7	32,9	37,7	45,5	66,4




Fonte: AENA. Elaboración propia.

Ao efecto de coñecer con maior detalle a participación real das compañías tradicionais e as de baixo custo no sistema aeroportuario de Galicia, configuramos a Figura nº4.1.9.1.2. Nesta mesma, podemos examinar con detalle a evolución do tráfico total de pasaxeiros que foi mobilizado por parte dos aeroportos galegos para os dous tipos de compañías. Os valores son totalmente claros. As dúas liñas evolutivas son antagónicas, como se fixo notar liñas máis arriba. Ademais, podemos advertir como no exercicio de 2012 a cota de mercado das compañías de baixo custo supera ás tradicionais e a tendencia continúa sendo cara ao crecemento.

Figura nº4.1.9.1.2.- Evolución do tráfico aéreo total segundo o tipo de compañía nos aeroportos de Galicia. Período 2005-2012. Unidade. número de pasaxeiros.

Compañía	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Tradicional	3.498.397	3.593.633	3.237.502	2.943.834	2.665.370	2.610.471	2.359.727	1.263.397
Baixo Custo	114.211	437.105	1.305.174	1.243.206	1.309.800	1.581.323	1.967.603	2.501.414



Fonte: AENA. Elaboración propia.

Na Figura nº4.1.9.1.3 ocupámonos de rexistrar os valores do número de viaxeiros mobilizados polas principais compañías aéreas que operan nos aeroportos galegos. Os rexistros indícannos como a participación da Ryanair é moi destacada dentro do mercado do tráfico aeroportuario. A compañía Vueling experimentou unha notoria expansión na participación do tráfico aeroportuario de Galicia. Resulta moi clarificador sinalar que a participación de Iberia e a súa matriz non resultan tan competitivas como as dúas CBC citadas anteriormente. Por último, a información da táboa acláranos que as restantes compañías que operan en réxime de low cost obteñen xa unhas cotas de mercado sensiblemente máis modestas que as anteriormente citadas.

Figura nº4.1.9.1.3.- Principais compañías aéreas[1] que operan nos aeroportos de Galicia segundo o total de viaxeiros transportados. Ano 2012. Unidade: número de pasaxeiros e %.

Compañía	Pasaxeiros	%
Ryanair	1.085.516	28,8%
Vueling	781.345	20,8%
IBERIA	560.632	14,9%
Iberia Express	330.943	8,8%
AIR EUROPA	327.657	8,7%
AIR NOSTRUM L.A. MEDITERRANEO	221.987	5,9%
EasyJet	138.760	3,7%
Air Berlin	117.295	3,1%
AIR FRANCE	70.878	1,9%
SPANAIR	33.995	0,9%
Volotea	29.175	0,8%
Aer Lingus	18.380	0,5%
Otras (tradicional)	48.248	1,3%
TOTAL	3.764.811	100,0%

Fonte: AEANA. Elaboración propia.
[1]En maiúsculas compañías tradicionais.

No marco da Figura nº4.1.9.1.4 cuantificamos a participación das tres principais compañías que operan en cada un dos aeroportos galegos, no concernente a pasaxeiros transportados. Así pois, para o aeroporto de Alvedro (A Coruña) a cota de mercado maioritaria totalízaa Iberia (49,9%), seguíndolle Vueling (36%). No que fai mención ao aeroporto de Lavacolla (Santiago de Compostela), as dúas compañías hexemónicas no que fai referencia a mobilización de pasaxeiros son Ryanair (51,40%) seguíndolle a participación de Vueling (14,3%). Neste aeroporto a concorrencia de Ryanair é hexemónica en toda orde respecto á cota de mercado totalizada por éa restantes compañías aéreas de baixo custo. Para rematar, ocupámonos agora de analizar a participación do aeroporto de Peinador (Vigo). Ao examinar os valores da táboa obsérvase como nesta ocasión estes se encontran proporcionalmente repartidos. En primeiro lugar, a compañía que ostenta o maior peso específico é Air Europa (26,20%). A seguinte compañía en importancia encóntrase moi próxima en participación: Iberia Express (24,40%), a terceira no ranking deste mesmo aeroporto é Vueling (21,9%).

Figura nº4.1.9.1.4.- Principais compañías aéreas no total dos tráfico dos aeroportos en Galicia. Ano 2012. Unidade: número de pasaxeiros e %.

Aeroporto	Compañía	Pasaxeiros	%
A Coruña	Iberia	414.544	49,90%
	Vueling	299.333	36,00%
	EasyJet	78.202	9,40%
Satiago	Ryanair	1.085.516	51,40%
	Vueling	302.325	14,30%
	Air Nostrum	137.054	6,50%
Vigo	Air Europa	215.663	26,20%
	Iberia Express	200.725	24,40%
	Vueling	179.687	21,90%

Fonte: AENA. Elaboración propia.

Nas Figuras nº4.1.9.1.5 e 4.1.9.1.6 tabulouse a participación de cada un dos tres aeroportos segundo a participación porcentual do tráfico aéreo mobilizado polas compañías tradicionais ou as de baixo custo. En termos de peso obsérvanse notables diferenzas dun aeroporto a outro. De feito, no aeroporto de Santiago o segmento das CBC lideran claramente o mercado cun 82,1% do total de pasaxeiros transportados no ano 2012. Pola súa banda, en A Coruña e Vigo, en cambio, este tipo de compañías representan o 45,5% de cuota en Alvedro e o 47,5% en Peinador. Noutro orde, o volume de pasaxeiros transportados por compañías tradicionais repártese de forma bastante equitativa nos tres aeroportos, cun 35,8% en A Coruña, un 30,0% en Santiago e un 34,2% en Vigo. O segmento "low cost", en cambio, utiliza principalmente o aeroporto de Santiago.

Figura nº4.1.9.1.5.- Distribución do peso das compañías aéreas en cada por aeroporto segundo o tipo de compañía aérea. Ano 2012. Unidade: %.

Compañía	A Coruña	Santiago	Vigo
Tradicional	**54,5**	**17,9**	**52,5**
Baixo Custo	**45,5**	**82,1**	**47,5**

Fonte: AENA. Elaboración Propia.

Figura nº4.1.9.1.6.- Distribución por aeroporto do tráfico aéreo segundo o tipo de compañía aérea. Ano 2012. Unidade: %.


Compañía	A Coruña	Santiago	Vigo
Tradicional	**35,8**	**30**	**34,2**
Baixo Custo	**15,1**	**69,3**	**15,6**

Fonte: AENA. Elaboración Propia.

Na Figura nº4.1.9.1.7 rexistráronse os valores % correspondentes á participación do tráfico aéreo entre 2005 e 2012 segundo agora o tipo de voo: nacional ou internacional. Como se indica, os tráficos nacionais son significativamente máis elevados que os internacionais no sistema aeroportuario de Galicia. Iso quere dicir que o tráfico aeroportuario con extremo de viaxe en Galicia e o outro extremo no estranxeiro ten que efectuarse maioritariamente a través doutros aeroportos hub nacionais: Madrid e Barcelona. Por outra parte, ao estudar o valor do tráfico internacional apreciamos como estes valores foron experimentando unha tendencia alcista ata situarse no ano 2012 no 12,7%. Cabe facer notar aquí que o nivel de crecemento non foi maior por causa dos efectos da crise económica e financeira mundial que a bo seguro se deixou sentir sobre a demanda de viaxe aeroportuaria.

Figura nº4.1.9.1.7- Evolución do tráfico aéreo segundo o tipo de voos: nacional e internacional. Peso dos segementos (%). Período 2005-2012.

Tipo de vuelo	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Nacional	91	88,8	89,3	88,1	89,7	89,5	89,2	87,3
Internacional	9	11,2	10,7	11,9	10,3	10,5	10,8	12,7



Fonte: AENA. Elaboración propia.

Na Figura nº4.1.9.1.8 reflectíronse os valores do tráfico aeroportuario galego segundo os principais destinos de cada aeroporto. Os valores sinálannos que A Coruña ten como destinos preferenciais a Madrid (61,60%), Barcelona (21,90%) e a Londres (10,20%). Pola súa banda, o aeroporto de Santiago de Compostela acláranos como os dous destinos preferenciais son, igualmente, Madrid (30,4%) e Barcelona (20,9%). O terceiro en importancia é agora Palma de Mallorca (7,80%). Finalmente, os principais destinos do aeroporto de Vigo son os dous anteriores citados. En efecto, o tráfico cara a Madrid (62,70%) e Barcelona (19,30%) constitúen os dous principais destinos aeroportuarios. A estes dous sucédelle en importancia, pero a unha considerable distancia, o tráfico cara a París Charles De Gaulle (8,60%).

Figura nº4.1.9.1.8.- Principais destinos segundo os aeroportos galegos e os viaxeiros transportados. Ano 2012.

Aeroporto	Destino[1]	Pasaxeiros	%
A Coruña	Madrid/Barajas	511.891	61,60%
	Barcelona	181.992	21,90%
	LONDRES/ HEATHROW	84.583	10,20%
Santiago	Madrid/Barajas	641.450	30,40%
	Barcelona	442.341	20,90%
	Palma de Mallorca	164.914	7,80%
Vigo	Madrid/Barajas	515.741	62,70%
	Barcelona	158.790	19,30%
	PARIS/ CDG	70.878	8,60%

Fonte. AENA. Elaboración propia.
[1]Aeroportos estranxeiros en maiúsculas.

A Figura nº4.1.9.1.9 proporciónanos información a propósito da operatividade de cada un dos tres aeroportos galegos segundo a cota de mercado do tipo de compañía que oferta servizo no tráfico nacional e internacional. Así, podemos analizar cal foi a participación das compañías de tradicionais e das compañías de baixo custo no tráfico de pasaxeiros tanto nacional como internacional. Ao observar os datos recolleitos no mapa, podemos apreciar como, en A Coruña o tráfico nacional está operado principalmente por liñas tradicionais. Mentres en Vigo e Santiago, en cambio, o tráfico nacional está liderado polo segmento das CBC aínda que con volumes e pesos diferentes. De feito, Peinador rexitra 372.000 pasaxeiros, cun 45% do total, e Lavacolla totaliza algo máis de 1,45 millóns, co 69% do total no mesmo. O tráfico internacional corresponde basicamente ás liñas de baixo custo en A Coruña e Santiago (co 11,5% e 13,3% de cuota, respectivamente), e ao segmento tradicional en Vigo, co 8,6% das cifras total de pasaxeiros.

Por último, tan só analizar dentro dos tres aeroportos galegos as CBC que participan e os principais aeroportos destino. A información da Figura nº4.1.9.1.10 resulta totalmente expresiva. No seo desta podemos ver como o aeroporto que ostenta maior número de enlaces e CBC concorrentes é o de Santiago de Compostela. Entre estas, podemos destacar a notable participación de Ryanair. Por outra parte, Santiago goza de nove conexións principais que se encontran todos na U.E. Entre estes, cabe destacar o peso específico de Londres, Bérgamo, Frankfurt e París. Para os casos da Coruña e Vigo a situación é xa moi distinta. Estes dous aeroportos presentan como a súa principal conexión aeroportuaria a Londres e como compañía que participa coa maior concorrencia no mercado aeroportuario internacional a Vueling.

Figura nº4.1.9.1.10.- Principais compañías e destinos incluídos no segmento do Low Cost internacional dos aeroportos galegos. Ano 2012.

AEROPORTO	COMPAÑÍAS	DESTINOS
A CORUÑA	VUELING	LONDRES, AMSTERDAM
SANTIAGO	RYANAIR, VUELING, AER LINGUS, EASYJET, VOLOTEA	GINEBRA, BASILEA, VENECIA, LONDRES, FRANKFURT, MILÁN, PARIS, ZURICH, DUBLÍN.
VIGO	VUELING	LONDRES

Fonte: AENA. Elaboración Propia.

4.1.10.- A oferta de conectividade ferroviaria a Galicia: Unha potencialidade para articulación territorial e a atracción turística.

No seguinte subapartado que se inicia fixamos noso obxectivo en analizar a participación do transporte ferroviario para a mobilización de demanda potencial turística. En seccións precedentes tivemos a oportunidade de estudar cal foi a participación do ferrocarril á hora de mobilizar persoas. Os valores máis destacados correspondían ao transporte por estrada. Non obstante, cabe apuntar que esta modalidade de desprazamento está a experimentar unha notable expansión no concernente a captación de demanda de viaxe. Esta tendencia xustifícase claramente ao indicar que este modo de transporte recibe un importante efecto investidor en prol de

modernizar estruturalmente a súa operatividade. Entre os anos 2004 e 2015[30] propuxéronse dous importantes plans investidores que puxeron o seu foco de acción no interese estratéxico e territorial en modernizar a oferta de transporte ferroviario. Para o caso de Galicia, sinalaremos que se logrou aprobar a modernización da traza ferroviaria estructurante: a que articula o Eixe Atlántico e a que posibilita a conexión da CC.AA coa Meseta. A dotación de capital público deu orixe a que a se realizase dobre vía en ancho internacional para Alta Velocidade (250 km/h). A conexión de Santiago-Ourense-Meseta fora planifica para Velocidade Alta (máis de 300 km/h). O resultado deste inxente investimento non se fixo esperar: logrouse incrementar a ganancia de viaxeiros en cada un dos itinerarios modernizados. As claves que contribúen a explicar esta ganancia en cota de mercado son basicamente tres. En primeiro lugar, os índices de accesibilidade territorial do ferrocarril experimentaron un notable crecemento, superando en moito os da estrada para itinerarios que discorran paralelos. O ferrocarril ten asignada unha máis elevada velocidade comercial media que o transporte por estrada. En todos os casos para a vida en óptimas condicións de transitabilidade dos convois se superan os 160 km/h. A modernización do material rodante logrou mesmo que para os modernos trens AVANT estas velocidades comerciais se situasen sobre os 240 km/h. Por esta causa, os tempos de viaxe coñeceron unha moi notable redución respecto dos anteriores que viñan sendo comercializados. En segundo lugar, os custos de viaxe son moito máis reducidos que os efectuados por medio do vehículo lixeiro en propiedade, toda vez que aquí non hai que agregarlle o mantemento dos vehículos nin custos de combustible, custos de peaxe, etc. Por último, os estándares de confort e comodidade do transporte ferroviario superan os da estrada. Estas variables deron lugar, xunto coa implementación dunha política tarifaria destinada a lograr a fidelización da demanda mediante bonos e tarifas reducidas, a unha ganancia neta crecente de demanda de viaxe para os principais itinerarios onde se logrou modernizar a prestación de servizo: Eixe Atlántico A Coruña-Vigo; Eixe A Coruña-Santiago-Ourense; Santiago-Ourense-Monforte de Lemos-O Barco-Meseta. O material rodante que logra comercializar os máis elevados niveis de calidade son os trens ALVIA, AVANT e finalmente ARCO.

Por outra parte, non podemos perder de vista que a dotación de conectividade por ferrocarril se converteu en Galicia nun verdadeiro produto turístico en si mesmo. Así, ofertáronse un destacado paquete de trens temáticos que están orientados a comercializar rutas turísticas dotadas dun elevado potencial turístico. Entre os exemplos máis sobresaíntes podemos sinalar: a ruta dos faros, a ruta de Ortigueira; a ruta do viño; a ruta do termalismo; a ruta da Ribeira Sacra; a ruta do Peregrino; etc. Este atractivo produto turístico compleméntase con outro de excelencia que se está a ofertar na infraestrutura ferroviaria FEVE: o Transcantábrico Ferrol-Balmaseda. Por último, cabe apuntar que recentemente esta oferta de trens turísticos se viu reforzada en Galicia grazas á concorrencia do tren Al-Ándalus.

Na seguinte Figura nº4.1.10.1 podemos analizar cal é a oferta española de transporte ferroviario para a comercialización de catro tipos de servizos:

- ✓ ALVIA.


[30] Efectivamente, no ano 2004 preséntase o Borrador do Plan Estratéxico de Infraestruturas do Transporte (PEIT) que foi aprobado en 2005 polo executivo presidido polo Presidente do Goberno José Luis Rodríguez Zapatero (PSOE) e sendo Ministra de Fomento Dña Magdalena Álvarez, para o período 2005-2020. Pola súa banda, este Plan queda parcialmente derrogado aínda que serviu de base para os obxectivos do PIVI: Plan de Infraestruturas do Transporte as Infraestruturas e a Vivenda 2012-2020. Esta planificación apróbase xa unha vez que accede ao goberno Mariano Rajoy Brey (PP) e figura como ministra de Fomento Dña Ana Pastor.

- ✓ ALARIS
- ✓ ALTARIA
- ✓ EUROMED

No mapa móstrasenos con precisión cal era a parte do territorio nacional que estaba a funcionar mediante trens de ancho ibérico por medio dos cales circulaban trens de ancho variable de longa distancia. Pois ben, como se apuntou previamente, eses trazados son os que acollen as estacións polas que transitan os trens de ancho variable. Esta malla ferroviaria aínda ostentaba unha elevada lonxitude no ano 2012. Pola súa banda, ao examinar a lonxitude da malla ferroviaria de ancho internacional advertimos o que apuntamos previamente. En efecto, a conexión de Madrid con Andalucía, logo de paso por Castela-A Mancha, así como a conexión de Madrid con Cataluña, logo de paso por Zaragoza son as principais conexións nacionais. Para o caso de Galicia, a malla de ancho internacional operativo en réxime de alta velocidade só chegaba ata Valladolid. Finalmente, no mapa aínda se mostra unha importante lonxitude ferroviaria dotada de ancho ibérico.

O esquema seguinte permite coñecer con maior nitidez cal era a malla ferroviaria española que no ano 2012 se encontraba aberta ao tráfico e o total de frecuencias coa que estaba a funcionar (Figura nº4.1.10.2). En paralelo, no esquema móstranse os tempos de viaxe para as principais comunicacións por este tipo de servizo. Así, no esquema sinálase que as comunicacións existentes entre Madrid e Valladolid (centro nodal ferroviario para o Norte e Noroeste) se encontraba funcionando con dúas frecuencias por sentido e cun tempo de viaxe próximo á hora (0,56 minutos) para cubrir as relacións Valladolid-Madrid. Neste mesmo sentido, apreciamos como as relacións Madrid-Zaragoza estaban cubertas por 19 frecuencias e tiña un tempo de viaxe de 1 hora e 18 minutos. Pola súa banda, as conexións Madrid Barcelona estaban cubertas por 18 frecuencias e o tempo de viaxe estaba fixado en 2 horas e 26 minutos. O conxunto deste itinerario é importante para a política turística galega, toda vez que unha boa parte do perfil dos visitantes que chegan a Galicia son de Madrid, Aragón, País Vasco ou Cataluña.


Figura nº4.1.10.2- Esquema dos servizos ferroviarios da AVE segundo as principais estacións, o seu número de frecuencias e tempos de viaxe.



Fonte: RENFE. Observatorio do Ferrocarril en España.

No esquema seguinte móstrase cal é a malla ferroviaria que oferta servizo segundo o tipo de tren: ALVIA, ALTARIS, ALARIS e EUREMED para o ano 2011 (Figura nº4.1.10.3). Así mesmo, reflectiuse cales son os itinerarios ferroviarios que son cubertos por trens que circulan por vía de ancho internacional en réxime de alta velocidade. Así pois, o esquema móstranos que as CC.AA do NW da Península Ibérica teñen o centro nodal de conexión neste tipo de características técnicas de trazado en Valladolid.

Figura nº4.1.10.3.- Rede ferroviaria española de servizo ALVIA, ALARIS, ALTARIA e EUROMED. Data 31-12-2011.



Fonte: RENFE. Observatorio do Ferrocarril en España.

No mapa seguinte preocupámonos por mostrar cal é a malla ferroviaria española que está aberta ao tráfico en ancho internacional e operativa en réxime de alta velocidade, así como tamén aquela outra que aínda non foi modernizada e se encontra prestando servizo en réxime de ancho ibérico (Figura nº4.1.10.4). A malla ferroviaria de ancho internacional aínda non logra articular a todo o conxunto do territorio nacional. Por iso, e como se indica no mapa de referencia, a malla ferroviaria de ancho ibérico (1.668 mm) aínda totaliza unha elevada lonxitude de rede ferroviaria. Para o caso de Galicia, esta rede é a que garante as conexións coas demais CC.AA tendo o seu centro nodal en Monforte de Lemos. Así, unha liña penetra en Galicia por Ourense procedente de Zamora e a outra polo Barco de Valdeorras procedente de León-Ponferrada. A nivel rexional, esta malla ferroviaria prestaba servizo nunha importante lonxitude de rede ferroviaria.


O mapa seguinte centra o seu interese en tratar de mostrarnos cal é a rede ferroviaria española que oferta servizos convencionais diúrnos (Figura nº4.1.10.5). Así, ao examinar a malla ferroviaria española apreciamos como todo o cuadrante do NW ten unha importante representación con este tipo de servizos. Os extremos de viaxe da rede ferroviaria con prestación de servizos ferroviarios convencionais en Galicia son Vigo e A Coruña. Os puntos de entrada cara a Galicia móstrannos como se utilizan dous

itinerarios básicos. Por un lado, o itinerario León-Ponferrada-O Barco de Valdeorras-Monforte de Lemos coa súa prolongación cara a Santiago de Compostela-A Coruña. Así mesmo, mediante esta liña tamén se comunica dende Monforte de Lemos a Lugo-A Coruña. As conexións coa parte meridional de Galicia efectúanse a través de León-Monforte de Lemos-Vigo ou, no seu propio caso, Puebla de Sanabria (Zamora)-Ourense-Vigo.

No seguinte mapa axial podemos analizar con detalle cales son as liñas ferroviarias españolas polas cales transitan dous tipos de trens que resulta dean contrastado interese para a demanda turística española cara a Galicia (Figura nº4.1.10.6). En efecto, o esquema acláranos cal é a rede ferroviaria que segue os trens TALGO diúrnos convencionais no ano 2011. Este tipo de servizos chegan ata Vigo-Pontevedra e ata A Coruña. Para a dotación de cobertura territorial deste tipo de trens a escala interrexional Galicia presenta dúas portas de entrada. A primeira é por León-Ponferrada-Monforte de Lemos. Este acceso garante o servizo cara a Lugo-A Coruña. O segundo dos apuntados é, como se expuxo oportunamente, Puebla de Sanabria-Ourense-Vigo. En segundo lugar, podemos examinar cales son os itinerarios que seguen os trens ARCO. Este tipo de servizos penetran en Galicia para 2011 por Monforte de Lemos con destino cara a Santiago de Compostela-A Coruña. Así mesmo, tamén hai unha oferta de tráfico ferroviario entre Monforte de Lemos-Lugo A Coruña. Por último, dótase de conexión ARCO a Vigo-Pontevedra logo de paso por Ourense. Esta dotación de servizo ferroviario vai posibilitar que se dote de conectividade territorial por ferrocarril a Galicia respecto de Castela -León (León, Palencia, Burgos); a Rioja; Navarra e o País Vasco (Bilbao, San Sebastián, Irún). Por esta razón, este tipo de servizos ferroviarios adquiren capital importancia para a comercialización da oferta turística de Galicia, tendo en conta que esta oferta de transporte chega ata a fronteira con Francia e comunica as CC.AA que se encontran no seu itinerario: Galicia, Castela-León e o País Vasco.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura nº4.1.10.6.- Rede e estacións ferroviarias nacionais en servizos convencionais diúrnos. Ano 2011




Fonte: RENFE. Observatorio del Ferrocarril en España.

O seguinte mapa e o seu esquema correspondente completan un pouco máis a información da dotación ferroviaria para Galicia. Nesta ocasión podede vos examinar cales son os itinerarios ferroviarios que presentan unha oferta de servizo ferroviario nocturno (Figura nº4.1.10.7). Así, no mapa apreciamos como a escala intrarrexional Galicia goza de servizo ferroviario na liña ferroviaria do Eixe Atlántico: Vigo-Pontevedra-Santiago de Compostela-A Coruña-Ferrol. En paralelo, podemos apreciar como tamén esta oferta pública de servizo se dispón na cidades do interior: Ourense e Lugo. Para iso, en centro nodal de tráfico ferroviario é Monforte de Lemos e Ourense. A operatividade de Monforte de Lemos resulta clave para canalizar cara a Galicia os tráficos ferroviarios procedentes de Cataluña: Fronteira francesa-Girona-Barcelona; así como tamén o corredor do Ebro (Zaragoza); Navarra, La Rioja, El País Vasco (Irún-San Sebastián, Vitoria), Bilbao; Castela León (Burgos, Palencia, Valladolid, Medina do Campo, Zamora, León); Asturias (Gijón, Oviedo). Pola súa banda, o funcionamento de Ourense como centro nodal ferroviario para este tipo de servizos nocturnos resulta clave para os tráficos procedentes de Madrid. Así, dótase de conectividade ferroviaria a esta Comunidade Autónoma con Galicia logo de tránsito por Castela-León (Medina do Campo, Valladolid, Palencia, Zamora).

No esquema ferroviario podemos advertir cales os principais itinerarios que seguen tres tipos importantes de servizos ferroviarios (Figura nº4.1.10.8). Por un lado, faremos referencia ao itinerario do tren hotel. Este tipo de servizos logran garantir o acceso a Galicia dunha importante demanda de viaxeiros que poden vir atraídos pola comercialización dos nosos produtos turísticos. As CC.AA. que se encontran articuladas por este tipo de servizos ferroviarios son: Cataluña-Aragón (Zaragoza); La Rioja (Logroño), Navarra (Pamplona), País Vasco (Bilbao, San Sebastián, Irún y

prolongación internacional del servicio hasta París), Castilla-León (Burgos-Palencia-León-Valladolid, Zamora). Por otra parte, se advierte como el tren hotel presenta extremos de viaje en Cataluña y sus respectivas prolongaciones internacionales hacia París, Zurich y Milán, así como en París, Gijón, Madrid y la prolongación hacia Lisboa.

Figura n4.1.10.8.- Rede ferroviaria e estacións en servizos nocturnos. Ano 2011.



Fonte: RENFE. Observatorio del Ferrocarril en España.

Se examinamos agora os servizos do tren Estrella, apreciamos como a dotación de conectividade territorial de Galicia xa se prolonga agora a todo o territorio nacional. Así advertimos como mediante este tipo de servizos ferroviarios Galicia se pode comunicar con Andalucía logo de paso por Madrid e Castela-A Mancha para este tipo de servizos de transporte ferroviario.

No mapa seguinte ocupámonos de indicar cales son os principais itinerarios que seguen as ofertas de tráfico ferroviario de media distancia (Figura nº4.1.10.9). Os tipos de trens que se encontran prestando servizo son moi modernos e responden á serie AVANT. Así pois, o mapa móstranos como para o peche do ano 2011 en Galicia unha oferta de tráfico ferroviario cuberta por trens AVANT en todo o conxunto do seu territorio rexional. Non obstante, ao examinar con detalle como era a infraestrutura sobre a que transitaba este tipo de tráficos apreciamos como unicamente o tramo Ourense-Santiago de Compostela era o único que estaba aberto ao tráfico comercial cunhas características técnicas de alta velocidade. As restantes liñas ferroviarias de Galicia eran operativas mediante servizos convencionais. No presente, completouse a modernización ferroviaria de alta velocidade no Eixe Atlántico e entre A Coruña-Ourense. Non obstante, aínda falta por lograr que se modernice a infraestrutura ferroviaria entre A Coruña-Ferrol. Por outro lado, tamén falta a modernización da infraestrutura ferroviaria para Monforte de Lemos-Lugo-A Coruña-Ferrol. Isto significa que a operatividade do transporte ferroviario está a resultar claramente especializado e

competitivo en dous itinerarios da rede ferroviaria galega. Non obstante, aínda falta concluír a modernización da malla ferroviaria para asegurar a articulación do territorio galego e posibilitar que o ferrocarril poida resultar un modo de transporte alternativo ao transporte por estrada nunha significativa lonxitude da rede ferroviaria.

No mapa seguinte podemos examinar con detemento cal é o volume de viaxeiros subidos e baixados nas principais estacións ferroviarias españolas para os servizos ferroviarios AVANT (Figura nº4.1.10.10). A información do mapa permítenos examinar con detalle cal era o ranking de cada estación no conxunto español do tráfico ferroviario de media distancia. Así, ao valorar estes rexistros apreciamos como os tráficos alcanzados no Eixe Atlántico galego se situaban nos lugares máis relevantes dentro do ranking español. Neste caso concreto podemos mencionar a sexta posición que ocupaba Santiago de Compostela coa mobilización de 1,6 Millóns de viaxeiros. A seguinte estación galega en importancia ocúpaa A Coruña, co posto nº11 no ranking e un fluxo de viaxeiros mobilizados da orde dos 1,40 Millóns de viaxeiros mobilizados. As posicións de Vigo e Pontevedra son a n.º 15 e n.º 21 respectivamente cun volume de viaxeiros mobilizados de 1,05 e 0,73 Millóns de viaxeiros respectivamente.


Con todo, merece que se subliñe que estes rexistros aínda non chegaron á súa cota máis alta. As razóns son esencialmente dous. Por unha parte, e esta é a máis importante, no ano 2012 aínda non se abrira ao tráfico comercial a totalidade da lonxitude do Eixe Atlántico ferroviario galego. Neste eixe había numerosos tramos en obras que tendían a reducir significativamente a velocidade comercial media para os tipos de trens que estaban a ser postos en servizo. En paralelo, aínda non se comercializara unha política tarifaria de bonos que primasen a fidelización do transporte ferroviario. Neste sentido, podemos subliñar a importancia que no presente está a adquirir unha promoción de billetes ferroviarios destinados estes a que o viaxeiro coñeza Galicia mediante o transporte ferroviario. En efecto, trátase do RAIL PASS[31]. Este bono ferroviario pódese adquirir se se efectuou un desprazamento de entrada en Galicia por medio do tren. Por outro lado, aquela demanda de viaxe que adquirise un billete para a realización dun traxecto ferroviario que está a ser comercializado como "Trens Turísticos" tamén pode solicitar este tipo de aboamento. Por último, merece que se destaque que o Eixe Atlántico ferroviario experimentou a súa entrada en servizo na primavera de 2015 (mes de Maio). Por iso, a taxa de crecemento do volume de viaxeiros transportados experimentará no curto e medio prazo unha ganancia neta nos valores de viaxeiros mobilizados para esta liña ferroviaria. Con todo, cabe sinalar que o Eixe Atlántico galego na actualidade tan só está modernizado entre Vigo e A Coruña. Así, aínda resta por concluír o itinerario A Coruña-Ferrol.

A segunda das razóns que nos conclúen por sinalar quela demanda de viaxe por ferrocarril aínda non rexistrou o seu nivel máximo é aquela que ten ás consecuencias da crise económica e financeira como a súa principal razón de control no gasto por parte da demanda potencial de viaxe. En efecto, numerosas viaxes que poderían ser efectuadas polo tren para dar cobertura a unha motivación de turismo, ocio e esparexemento víronse moi reducidos no seu número por causa da capacidade de gasto da demanda de viaxe.

[31] A política tarifaria destinada a primar a mobilidade por turismo deu orixe a que no ano 2015 RENFE e a Secretaría Xeral para O Turismo subscribisen un convenio de colaboración institucional destinado a primar a mobilidade intrarrexional do viaxeiro que chega a Galicia por tren para que poida desprazarse mediante un bono de viaxe de ata 90 viaxes para unha temporalidade de tres días por todo o conxunto da malla ferroviaria galega a un custo do aboamento de tan só 15 euros. Sen dúbida, este tipo de medidas de actuación contribuirán a gañar un importante segmento da demanda de viaxe en favor do ferrocarril.

No mapa seguinte complétase un pouco máis a información analizada previamente para o tráfico ferroviario de media distancia nas principais estacións ferroviarias españolas (Figura nº4.1.10.11). Neste podemos examinar cal é o ranking das principais estacións, como foi oportunamente analizado. Non obstante, neste novo mapa podemos advertir como na posición do ranking n.º 24 aparece unha estación galega: Vilagarcía de Arousa. Esta estación encóntrase radicada no Eixe Atlántico galego e oferta servizo á bisbarra de Arousa; Ou Salnés e Barbanza. Por iso, a cota de mercado que alcanza en canto a mobilización de viaxeiros subidos/baixados é de 0,52 Millóns de viaxeiros. Este nivel aínda crecerá máis nos próximos anos unha vez que se logra concluír a modernización da malla ferroviaria galega no Eixe Atlántico.

Figura nº4.1.10.11.- Ranking das princiapais das principais estacións ferroviarias españolas segundo o número de viaxeiros movilizados en trens de media distancia. Ano 2011.



Fonte: RENFE. Observatorio Ferroviario de España.

Para concluír, imos sinalar que a malla ferroviaria galega se completa coa traza de ancho FEVE en Galicia (Figura nº4.1.10.12). Esta rede afecta ao itinerario Ferrol-Gijón-Balmaseda. Trátase dunha liña ferroviaria que se desenvolve integramente pola Fachada Cantábrica. É un itinerario dotado dun enorme potencial para o turismo. Por un lado, é unha liña que discorre paralela á costa e, por iso, ostenta unha singular beleza para a demanda de viaxe por motivos puramente turísticos. Non obstante, cabe indicar que a demanda de viaxe para os extremos da matriz O-D é baixa. A baixa velocidade comercial media e a escasa frecuencia de trens son os principais indicadores que explican que esta liña ferroviaria mobilice esencialmente a unha demanda de curto percorrido.

4.1.10.1.- Os trens turísticos de Galicia.

A presente sección conclúese mostrando a comercialización dun atractivo produto turístico de Galicia: os trens turísticos. Así, comezaremos por sinalar que en Galicia existen tres tipos de produtos turísticos ferroviarios:

- ✓ O tren turístico Transcantábrico.
- ✓ O tren Al Andalus.
- ✓ Os trens turísticos temáticos.

Dentro da oferta dos trens temáticos, podemos enunciar aos sete que en Galicia están a ofertar servizo:

- ✓ Tren turístico a Ruta dos Faros.
- ✓ Tren turístico Ruta dos xardíns e pazos.
- ✓ Tren do Viño Ás Rías Baixas.
- ✓ Tren turístico do Viño O Ribeiro-Rías Baixas.
- ✓ Tren turístico do Viño A Ribeira Sacra.
- ✓ Tren turístico do Viño Valdeorras. Ribeira Sacra.
- ✓ Tren turístico do Viño Monterrei.

O tren Al Andalus constitúe a excelencia da comercialización dun tren turístico. No mapa podemos ver cales son os itinerarios que a escala da Peninsula Ibérica percorre este atractivo tren (Figura nº4.1.10.13). Para o caso de Galicia advertimos como Al Andalus comercializa unha oferta denominada Camiño de Sanitago. Así, este itinerario desenvólvese entre Santiago de Compostela e León. Para iso, o tren penetra en Galicia polo Bierzo en dirección a Monforte de Lemos-Ourense. Posteriormente, continúa pola liña Ourense-Santiago de Compostela. Por último, o tren Al Andalus vai percorrer a liña do Eixe Atántico Vigo-A Coruña. Por outro lado, esta ruta do Camiño de Santiago enlaza en León con outra atractiva ruta que se desenvolve entre Castela-León, La Rioja e Aragón. En efecto, trátase da Ruta do Viño Ribera del Duero-La Rioja. Este itinerario discorre polo interior das provincias de Castela-León e da Rioja e posibilita o viaxeiro a visita ás adegas de cada denominación de orixe que se encontran intercaladas na súa ruta. Por último, o itinerario desta atractiva ruta turística conclúe en Zaragoza.

Con referencia agora á oferta turística do tren Transcantábrico, cabe apuntar que se trata dun tren hotel de cinco estrelas. Esta oferta de tren turístico, xuntamente co Al Andalus, constitúen a excelencia da comercialización temática dun tren ferroviario. O itinerario do tren Transcantábrico desenvólvese dende Santiago de Compostela ata Balmaseda (Bilabao) (Figura nº4.1.10.12). Así, podemos indicar que este tren oferta servizo turístico pola infraestrutura de ancho FEVE Ferrol-Gijón-Balmaseda. Por outra parte, na comercialización do itinerario apreciamos como a oferta de servizo se apoiaba en boa medida na complementariedade do autobús para lograr realizar expedicións de curta lonxitude de viaxe. Trátase dunhas expedicións que se lle oferta ao viejaro no mesmo paquete turístico para o público efecto de que estes poidan tramitar puntuais visitas cara a puntos de interese turístico que se encontran no desenvolvemento do itinerario que segue o Transcantábrico. En paralelo, RENFE tamén recorre a esta estratexia de comunicación por autobús cando no itinerario descrito non existise a posibilidade de realizar o percorrido ferroviario por un ancho de vía FEVE. Neste concreto caso encóntrase a conexión de Santiago de Compostela con Ferrol, que se efectúa mediante autobús, toda vez que sobre este itinerario non pode transitar o Transcantábrico ao existir un ancho de vía diferente ao FEVE. Así mesmo, as conexións de San Sebastián-Bilbao tamén se efectuaban mediante autobús. A operatividade do tren turístico Transcantábrico é o máis veterano de España, toda vez que xa leva en servizo máis de tres décadas. Así, cabe indicar que se efectuou un óptimo labor de transformación e restauración, así como se lle aplicaron notorias melloras ao material rodante posto en funcionamento para oferta a excelencia ao viaxeiro potencial.

A posta en funcionamento da oferta cuberta a cargo dos Trens Turísticos de Galicia, rematan por mostralo ao viaxeiro unha atractiva oferta turística para coñecer de xeito moi axeitado a riqueza e o potencial turístico de Galicia. A posta en

funcionamento dos trens turísticos vai posibilitar que o viaxeiro transite por áreas de elevado atractivo paisaxístico e medio ambiental. Así pois, a promoción turística que está a efectuar TURGALICIA e RENFE por medio da posta en servizo deste tipo de trens, ten como un dos seus eslóganes o convite a que o viaxeiro se poida somerxer na natureza de Galicia, a súa riqueza patrimonial e na súa cultura, dende a ruta dun tren temático.

Na actualidade, RENFE logrou ofertar nada menos que sete itinerarios turísticos ferroviarios diferentes (Figura nº4.1.10.14). Do total destes, cinco deles poñen atención á atractiva oferta das denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia. A continuación sinalamos as sete rutas turísticas cubertas polos trens temáticos que están a prestar servizo en Galicia:

- ✓ *A Ruta dos Xardíns e Pazos Históricos*. Trátase de ofertarlle á demanda turística o acceso a unhas edificacións moi emblemáticas dentro do valor patrimonial arquitectónico, así como fomentar a asistencia a uns xardíns "cheos de romanticismo. "
- ✓ *A Ruta dos Faros*. Estas construcións localízanse en lugares de singular beleza paisaxística e constitúense en auténticos puntos de interese turístico por canto mostran ao visitante unhas paisaxes dotadas dunha beleza singular e unhas edificacións que se encontran no inventario do patrimonio histórico de Galicia.
- ✓ *A Ruta do Viño Rías Baixas*. Esta ruta posibilita que os visitantes asistan a unhas bisbarras moi fértiles para o cultivo do viño que ademais están moi ben dotadas de patrimonio histórico artístico: Cambados, Pontevedra, Vigo, Oia, ou Roseira.
- ✓ *A Ruta do Viño Ribeira Sacra*. O visitante vai poder considerar unhas paisaxes que resultan únicas no canón do Sil e do Miño. En paralelo, resulta de interese visitar Monforte de Lemos por canto é a cabeceira de bisbarra que ordena toda esta área vitivinícola. Por outra parte, os visitantes que optan por viaxar á ruta do viño Ribeira Sacra poden nesta bisbarra pódese asistir aos numerosos cenobios que aquí se encontran.
- ✓ *A Ruta do Viño Monterrei*. A asistencia dos viaxeiros que chegan a esta bisbarra poden contemplar conxuntos urbanos moi ben conservados dotados de elevado valor patrimonial: Verín.
- ✓ *A Ruta do Viño Ribeiro-Rías Baixas*. Trátase dunha ruta que combina dúas destacadas denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia: o Ribeiro e Rías Baixas. Esta ruta posibilita que se aprecien dous dos tres principais caldos de viño branco de Galicia: o Ribeiro, que se efectúa mediante uva treixadura, así como o Rías Baixas. Nesta ocasión participan uvas como a alvariña; loureira, doa branca, torrontés, e treixadura (segundo a variedade do viño). O viaxeiro aquí pode visitar conxuntos históricos moi ben conservados: Ribadavia; Cambados, etc.
- ✓ *A Ruta do Viño Ribeira Sacra-Valdeorras*. Trátase novamente dunha combinación de dúas destacadas denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia que se efectúan mediante uvas da variedade mencía. En paralelo, existen variedades como a garnacha, sousón, caíño tinto, espadeiro, etc. Por outra parte, na bisbarra de Valdeorras pódese gozar da cata do terceiro dos grandes viños brancos que ostenta Galicia: o viño godello. Nesta atractiva ruta pódese gozar da contemplación de paisaxes únicas e singulares, así como pódense visitar mosteiros e adegas que se encontran escavadas na terra.

4.1.11.- Infraestruturas de transporte e comuncicación en Galicia como factor condicionante da demanda turística: Un estado da custión.

As infraestruturas do transporte e as comunicacións constitúen un factor non pagado por parte dos axentes de produción. Neste caso, dos do sector turístico. Este investimento en infraestruturas posibilita que se aproxime a demanda potencial dun produto turístico ao propio recurso. Así, canto maior dotación e maior modernización deste tipo de infraestruturas maior capacidade de atracción exercerá a oferta turística susceptible de ser posta en valor fronte a destinos terceiros. En Galicia avanzouse moito nas últimas décadas en materia de dotación de infraestruturas do transporte e as comunicacións. Pode dicirse que dende que se iniciou o Estado das Autonomías se produciu en Galicia unha verdadeira modernización infraestructural da rede de comunicacións e servizos de transporte ofertados. Para empezar, a política investidora do Estado logrou que nos anos 1990 se fomentase unha dotación de infraestruturas de alta capacidade de carga[32] que contribuíron decididamente a integrar ao mercado interior de Galicia no mercado español. Por outra parte, logrouse así poñer en valor a notable riqueza turística coa que contaba Galicia. O papel exercido polas autovías de conexión de Galicia coa Meseta supuxo a ruptura do encravamento territorial[33] que secularmente padeceu[34]. Por outra parte, a posta en funcionamento da política autonómica de infraestruturas logrou articular internamente as bisbarras galegas[35]. Para iso, o esforzo investidor realizado pola administración autonómica foi considerable para o tempo de autogoberno de que dispón. Así, lográronse poñer en funcionamento unha importante rede de autovías e autoestradas que tiñan como obxecto articular as cabeceiras de bisbarra coa rede de infraestruturas do Estado. Neste capítulo tivemos a ocasión de estudar cales son os niveis da demanda de mobilidade que se está a rexistrar en cada un dos territorios autonómicos españois e, en paralelo, os rexistros alcanzados por parte de cada unha das provincias[36]. Os rexistros da Enquisa MOVILIA permítennos coñecer cales son os principais motivos de viaxe; a temporalización dos desprazamentos efectuados; a modalidade regular dos desprazamentos; a frecuencia destes; a distancia, etc. Así as cousas, neste tipo de rexistros tivemos a ocasión de estudar con detalle como se comportara a demanda de desprazamento ante a motivación de ocio, esparexemento e desfrute do tempo libre. Nesta dirección puidemos coñecer cales eran os fluxos xerados ou atraídos entre as diferentes CC.AA. No noso caso en concreto centrámonos en estudar o comportamento de Galicia como punto de destino segundo a motivación de turismo e esparexemento. Por outra parte, tamén nos interesou o coñecemento do perfil tipo que tiña o patrón do visitante que chegaba a Galicia. Na enquisa de referencia tivemos a oportunidade de analizar a duración das estanzas; a procedencia da demanda, o gasto corrente realizado, etc.

[32]Como se tivo a ocasión de indicar, a política investidora proposta polo Plan Director de Infraestruturas do Transporte contribuíu activamente a impulsar a modernización investidora en infraestruturas do transporte e as comunicacións. Véxase: MOPTMA (1993): "PDI 1993-2007". MOPTMA, Madrid.

[33]Véxase: LABASSE, J. (1987): "Ordenación del territorio". Edit. IEAL, Madrid.

[34]Véxase: DÍAZ FERNÁNDEZ, J. A. (2007): "El sistema de comunicaciones y transportes terrestres en el desarrollo regional de Galicia". Tese de doutoramento, Facultade de Xeografía e Historia. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela (USC), Santiago de Compostela.

[35]Véxase: DÍAZ FERNÁNDEZ, J. A. (2010): "La política de infraestructuras del transporte y las comunicaciones en Galicia: El estado de la cuestión", en: GONZÁLEZ LAXE, F. I. (dir.): "La economía de Galicia". Tomo II. Hércules Ediciones, A Coruña; pp 257-409; op.cit. páx. 384.

[36]Véxase: MINISTERIO DE FOMENTO (2011): "ENCUESTA MOVILIA 2011". Ministerio de Fomento, Madrid.

Por outra parte, nos últimos anos a política investidora estatal centrou todos os seus esforzos en prol de modernizar a rede de infraestruturas ferroviarias[37]. Pretendeuse poñer en funcionamento unha oferta ferroviaria capaz de operar en Alta Velocidade e dotada de dobre vía[38]. Para iso, foi necesario que o material rodante fose tamén modernizado para este novo tipo de infraestrutura. No presente, esta oferta de transporte por ferrocarril constitúe para Galicia unha verdadeira fortaleza para orixinar maior capacidade de atracción á demanda turística. No ano 2018 está previsto que se conclúa a malla ferroviaria de características AVE en Galicia. Esta infraestrutura contribuirá decididamente a xerar unha maior especialización aos sistemas de transporte que actualmente están a ofertar os seus servizos. En paralelo, beneficiará a maiores niveis de demanda potencial de transporte que actualmente só poden asistir en vehículo privado ou en transporte público por estrada. Finalmente, a entrada en servizo da AVE obrigará o transporte aeroportuario a especializarse e a ofertar os seus servizos para unha demanda que non poida concorrer por AVE a uns custos competitivos.

Por outra parte, nos últimos anos tivemos a oportunidade de advertir como o ferrocarril se está a erixir nun modo de transporte que tamén é en si mesmo un destacado produto turístico. Os casos da operatividade do tren *Al Andalus*; o *Transcantábrico*, ou os trens turísticos de Galicia así testemúñano. Nesta mesma liña, a política comercial de RENFE impulsou un produto destinado a captar demanda de viaxeiros por motivos turísticos. Chámase "*Galicia a todo tren*". Neste sentido, aquí comercializouse unha política de aboamentos moi atractiva. En efecto, trátase de que aqueles viaxeiros que chegasen a Galicia por tren ou, no seu caso, realizasen unha viaxe na nutrida oferta dos trens temáticos, poidan realizar durante tres días mediante o bono "*Rail Pass*" ata 90 viaxes en tren pola xeografía galega. Esta medida vai corrixir a existencia de numerosas prazas libres por cada sentido do tráfico. En paralelo, estase a traballar a favor de que a demanda de transporte por ferrocarril coñeza os produtos ferroviarios de excelencia que comercializa RENFE. Por último, lógrase que esta demanda de viaxe poida coñecer dende o ferrocarril a dotación de recursos turísticos tan ricos cos que conta Galicia.

Outro dos modos de transporte que tamén se converteu nun produto turístico en si mesmo é o turismo de cruceiros. Así, Galicia dispón de ata cinco portos de interese xeral do Estado. Nestes, só hai oferta de escala en catro destes. A singularidade do turismo de cruceiros en Galicia está ben presente se sinalamos que nesta comunidade autónoma se pode navegar practicamente todo o ano. Así, bótase en falta a oferta dun produto de minicruceiros que traten de fortalecer a oferta turística das bisbarras litorais galegas. Este produto pode contribuír decididamente á desestacionalización do turismo. Ademais, o turismo de cruceiros compleméntase en boa medida coa oferta do turismo náutico recreativo. As condicións de Galicia son óptimas para lograr o desenvolvemento dunha actividade turística vinculada ao mar. Cabe apuntar aquí que a oferta tradicional de transporte regular de ría podería gañar numerosos enteiros en prol da posta en valor dunha política turística de minicruceiros. De feito, no Grove existen varias empresas que están a ofertar os seus servizos durante a etapa estival para asistir a pequenas rutas pola costa ou, no seu caso, cara a algunha das illas do Parque Nacional dás Illas Atlánticas. Lamentablemente, non hai rexistros estatísticos do total de servizos efectuados; o total de viaxeiros transportados; o perfil tipo dos viaxeiros; o grao de satisfacción que a demanda emite respecto deste produto, etc. Así, queda ao descuberto

[37]Véxase: MINISTERIO DE FOMENTO (2001): "PIT 2000-2007". Ministerio de Fomento, Madrid.

[38]A política investidora destinada a modernizar o ferrocarril en España para lograr poñer en funcionamento unha malla ferroviaria operativa en réxime de Alta Velocidade e en ancho internacional foi proposta grazas á aprobación do PEIT 2005-2020 e, na última lexislatura, o Plan PIVI 2012-2020.

que a política turística de Galicia aínda ten moito camiño por percorrer. Para iso, fai falta que se instrumenten convenios de colaboración entre os centros de know-how e a Xunta de Galicia coa intención de traballar en prol da especialización do produto turístico galego para que progresivamente vaia gañando en niveis de competitividade. Esta proposta non goza hoxe en día da dotación de recursos propios abondo como para que se poidan ir efectuando estudos de investigación capaces de mostrar os pasos a dar para a política autonómica. A razón é clara. Os perversos efectos da crise económica e financeira deron lugar á emisión dunha norma que está centrada en lograr a estabilidade presupostaria a base de ir progresivamente corrixindo o déficit público. O problema é que non se avanza convenientemente en mellorar a competitividade da nosa atractiva oferta turística. Así as cousas, parece quedar claro que aínda falta moito por facer. Hai necesidade de que se defina un modelo de política autonómica que resulte sensible á incorporación de capital humano altamente especializado para poder poñer en valor uns recursos moi atractivos para a demanda potencial turística. Un bo exemplo sería a instrumentación dun observatorio que se dedique a analizar a actividade turística nas súas diferentes concepcións.

4.2.- ANÁLISE DA INFRAESTRUTURA TURÍSTICA.

Neste apartado imos acometer a análise da infraestrutura turísitica localizada no litoral galego. O obxectivo basicamente é que os xestores das diferentes OMDs teña un coñecemento exacto da situación da armazón da oferta do sector turístico. Un coñecemento que debe ser parte esencial dentro dos Sistemas de Información Turística a implementar co obxecto de poder abordar a xestión dun destino. Abordando especialmente dúas cuestións a súa estruturación tipolóxica e de calidade, e a súa distribución territorial. Neste último aspecto faremos especial fincapé coa aplicación dun elenco de indicadores de presión.

Agora ben, unha das primeiras cuestións a aclarar é definir ¿que entendemos por infraestrutura turística? Empezaremos sinalando que para calcular a oferta turística dun destino, hai que ter presente as peculiaridades do sector. Neste sentido, unha porcentaxe significativa de empresas son habitualmente catalogadas como "turísticas" pola actividade que realizan, aínda que ofrecen os seus produtos tamén ós residentes. Por iso, é difícil a formulación dunha delimitación do que é un empresa/equipamento turístico. Obviamente, o punto lóxico de partida sería considerar dúas variables: a función que cumpren os seus produtos e o mercado ó que van dirixidos. Acostúmase considerar, non obstante, que a empresa/equipamiento turístico, é aquel que desempeña unha posición no proceso de satisfacción das necesidades dos consumidores turísticos a través da configuración de produtos turísticos dentro dun destino. O concepto produto turístico esténdese a todas as actividades que teñen lugar dende a realización dunha reserva ata calquera contacto posterior á entrega e consumo dese produto, ampliando a unidade de análise dende a empresa ó destino turístico. Polo tanto consideraremos a infraestrutura turística o conxunto de equipamentos e instalacións que fan posible a permanencia do visitante nunha localidade. Neste concepto inclúese tanto a oferta básica como a complementaria.

A infraestructura turística no litoral galego está conformada tanto polos equipamentos básicos de carácter xeral e as infraestructuras de transporte como pola infraestructura de aloxamento. Os xestores das OMDs deben saber que a oferta de aloxamento é un dos factores fundamentais que identifican a un espacio como destino turístico. As diferencias na estruturación interna da oferta, atendendo a súa tipoloxía e calidade, determina fundamentalmente o tipo de demanda potencialmente captable. Polo

cal, profundizaremos na súa análise, contando coa limitacións que impoñen as escasas fontes estadísticas existentes a nivel municipal, nos temas relativos á oferta turística.

4.2.1.- Análise da oferta turística básica do litoral galego.

As empresas dedicadas a proporcionar aloxamento son un compoñente esencial da oferta básica do sector turístico. O obxecto específico do presente apartado deste traballo de investigación é a análise do mercado de aloxamento nos diferentes destinos do litoral galego. A este respecto, cabe precisar que, en xeral, o conxunto de medios de aloxamento dispoñibles se pode dividir en dous grandes grupos: regrado e no regrado. Dentro da oferta de aloxamento regrada podemos, á súa vez, diferenciar entre os establecemento de tipo hoteleiro (hoteis, hoteis-apartamento, pensións, ...) e os de tipo extrahoteleiro (cámpings, apartamentos, casas de turismo rural, etc). Mentres que dentro da oferta non regrada imos considerar basicamente ás vivendas de carácter secundario. Agora ben, a nosa análise do compoñente aloxamento do produto turístico litoral galego ímolo centrar no estudo da oferta hoteleira e nas residencias secundarias. As razóns desta elección son orde diferente.

A especial relevancia dos hoteis explícase, entre outras razóns, porque constitúen un elemento central de oferta de aloxamento en calquera área cun sector turístico desenvolvido e, ademais, son un factor determinante da imaxe e calidade do produto turístico. A dispoñibilidade dun sector hoteleiro competitivo e de calidade é un elemento clave para o funcionamento eficiente do produto turístico dun determinado destino. De feito, a imaxe turística e a definición do produto turístico dun determinado destino dependen en gran parte do grao de satisfacción dos visitantes coas infraestruturas hoteleiras que estes utilizan durante a súa estanza. Dentro do conxunto dos establecementos hoteleiros é posible distinguir varias modalidades en función das súas instalacións, forma de explotación, situación ou especialización en segmentos de demanda, podendo obterse o recoñecemento da devandita tipoloxía que, en todo caso, é complementaria á clasificación por estrelas do establecemento[39]. As tres modalidades máis relevantes son os hoteis, os hoteis-apartamento e os moteis. Por outra parte, no caso concreto da ordenación hoteleira en Galicia, identifícanse, ademais dos hoteis sen especialización concreta, dúas cualificacións específicas: Hoteis balneario[40] e Hoteis talaso[41].

No que respecta ao conxunto da *oferta regrada*, empezar sinalando que a evolución do volume de prazas dende o inicio da crise económica ligada ao estalido da burbulla inmobiliaria foi positiva tanto en Galicia como España (Figura nº4.2.1.1). Agora ben, temos que resaltar o maior incremento na oferta total regrada rexistrado en Galicia a pesar de que os efectos da crise foron máis prolongados dentro da demanda de

[39]"Os hoteis clasificaranse en cinco categorías identificadas por estrelas, conforme ás condicións establecidas regulamentariamente, segundo os servizos ofertados, o confort, o equipamento dos cuartos, as condicións das instalacións comúns, os servizos complementarios e o persoal de servizo, e calquera outra que se fixe regulamentariamente" (Artigo 58.1 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia). Véxase: "Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia". DOG nº216, 11/11/2011; pp. 32964-33034. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111111/AnuncioC3B0-041111-8318_gl.html


[40] "Son hoteis balneario aqueles establecementos que, reunindo os requisitos esixidos aos hoteis, conten, ademais, con instalacións balnearias, de acordo coa definición de balneario establecida na normativa sectorial autonómica" (Artigo 60 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia). Véxase: Ibídem.

[41]"Son hoteis talaso aqueles establecementos hoteleiros que conten con instalacións de tratamento de auga do mar como elemento diferenciador da súa oferta e demais requisitos que sinale a normativa que os regule" (Artigo 61 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia). Véxase: Ibídem.

orixe española. Un segmento de demanda moi maioritario en Galicia (77,14% do total de viaxeiros en Galicia no ano 2012)[42]. Por outro lado, tamén habemos de salientar que as distintas tipoloxías de establecementos mostraron comportamentos evolutivos diferentes tanto en Galicia como España. Iso se, dentro dunha pauta xeral de crecemento (Figura nº4.2.1.2).

No ano 2012, a análise do total de prazas dispoñibles sitúa a Galicia por debaixo da media española en termos de prazas por habitante, fronte 0,03 ás 0,05 prazas por habitante en España. Concretamente, Galicia concentra o 3,58% das prazas do total do estado. Dentro da cal, a oferta de prazas hoteleiras se situaba en 63.155; a estas habería que agregar as 16.537 prazas que son ofrecidas por campamentos turísticos, 6.678 prazas en turismo rural e 3.383 en réxime de apartamentos (Figura nº4.2.1.2).

Figura nº4.2.1.1.- Evolución da oferta total de prazas regradas en Galicia e España. Período 2007-2012 (2007=100).



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH), Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP), Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural (EOTR)-INE.

Figura nº4.2.1.2.- Evolución da oferta total de prazas regradas por tipoloxía de establecemento en Galicia e España. Período 2007-2012.

	Establecementos hoteleiros		Campamentos turísticos		Apartamentos turísticos		Aloxamentos de turismo rural		Total	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
2007	1.297.649	58.828	480.066	15.616	440.811	2.139	103.313	5.736	2.321.839	82.319
2008	1.340.439	60.646	486.298	16.371	441.656	2.285	114.766	5.964	2.383.159	85.266
2009	1.363.934	62.394	483.631	16.393	443.110	2.538	126.222	6.514	2.416.897	87.839
2010	1.398.900	62.701	485.772	16.394	434.971	2.685	130.882	6.632	2.450.525	88.412
2011	1.427.700	62.586	479.538	16.597	439.695	2.834	137.761	6.591	2.484.694	88.608
2012	1.432.582	63.155	487.702	16.537	444.807	3.383	142.468	6.678	2.507.559	89.753

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH), Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), Encuesta de Ocupación en

[42] Na análise da demanda en Galicia deterémonos con maior profundidade no apartado 4.3.

Apartamentos Turísticos (EOAP), Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural (EOTR)-INE.

A nivel provincial no ano 2012, segundo os datos rexistrados na Secretaría Xeral para o Turismo, Pontevedra (41,00%) e A Coruña (36,44%) localizan localizan o maior peso da oferta (Figura nº4.2.1.3). Especialmente signficativo é o peso da oferta de prazas en hoteis en Pontevedra (47,80%) dentro do territorio galego. Pola súa banda, o espazo litoral galego concentra no seu conxunto un total de 82.822 prazas de oferta regrada, un volume que supón o 63,84% do total en Galicia. Á súa vez, dentro das diferentes tipoloxías de establecementos, destaca o peso alcanzado polos cámpings (86,95%), apartamentos (80,74%) e hoteis (65,07%) dentro do territorio galego. Obviamente, estamos cunhas tipoloxías de oferta, especialemente as dúas primeiras, que responden tradicionalmente ás expectativas de aloxamento dun gran número de demandantes do produto de "sol e praia". Iso se, tiploxías orientadas a diferentes segmentos de demanda en canto forma de organización da viaxe e capacidade adquisitiva. Entre os diferentes espazos turísticos en que segmentamos o litoral galego destacan polo tamaño da súa oferta regrada (Figura nº4.2.1.4), na seguinte orde: Ría de Pontevedra (23.672 prazas, 18,25% total Galicia), Golfo Ártabro (15.503 prazas, 11,95% total Galicia) e Ría de Vigo (14.002 prazas, 10,79% total Galicia). Entre os diferentes municipios do litoral sobresaen os valores de Sanxenxo (14.398 prazas, 11,10% total Galicia), Vigo (5.975 prazas, 4,61% total Galicia), O Grove (5.907 prazas, 4,55% total Galicia) e A Coruña (5.068 prazas, 3,91% total Galicia). Agora ben, mentres os destinos de Sanxenxo e O Grove (Ría de Pontevedra) obedecen marcadamente a un produto de "sol e praia", as cidades de Vigo e A Coruña presentan unha oferta de produtos máis complexa, onde o urbano xoga un papel determinante.

Figura nº4.2.1.3.- Oferta total de prazas regradas por tipoloxía de establecemento en Galicia, a escala provincial e no total dos municipios do litoral galego. Ano 2012[2].

	Hoteis	%	Pensións	%	Turismo rural	%	Campings	%	Apartamentos	%	Total
Galicia	55.795	100	27.066	100	7.260	100	34.929	100	4.673	100	129.727
A Coruña	18.218	32,65	12.630	46,66	2.002	27,58	13.149	37,64	1.275	27,28	47.275
Lugo	6.443	11,55	7.254	26,80	2.015	27,75	3.225	9,23	773	16,54	19.711
Ourense	4.464	8,00	2.491	9,20	1.064	14,66	1.190	3,41	347	7,43	9.556
Pontevedra	26.670	47,80	4.691	17,33	2.179	30,01	17.365	49,72	2.278	48,75	53.184
LITORAL GALEGO	36.304	65,07[3]	10.475	38,70[3]	1.935	26,65[3]	30.335	86,85[3]	3.773	80,74[3]	82.822	63,84[3]

Fonte: Elaboración propia a partir do Directorio de empresas e actividades turísticas, Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo.
[1]A categoría "Pensións" engloba os Albergues Turísticos.
[2]Datos referidos ao 31 de decembro.
[3]Sobre total Galicia

Figura nº4.2.1.4- Oferta total de prazas regradas por tipoloxía de establecemento nos espazos turísticos e muncipios do litoral galego. Ano 2012[2].

	Hoteis	Pensións	Turismo rural	Campings	Apartamentos	Total oferta	% sobre total do litoral	% Total Galicia
Trabada	30	7	50	0	0	87	0,11	0,07
Ribadeo	699	236	73	278	150	1.436	1,73	1,11
Barreiros	160	126	64	1.085	0	1.435	1,73	1,11

Foz	231	130	52	558	80	1.051	1,27	0,81
Burela	257	140	0	0	0	397	0,48	0,31
Cervo	57	135	35	0	0	227	0,27	0,17
Xove	0	41	10	0	0	51	0,06	0,04
Viveiro	841	43	74	256	208	1.422	1,72	1,10
O Vicedo	0	92	22	0	0	114	0,14	0,09
A Mariña Lucense	**2.275**	**950**	**380**	**2.177**	**438**	**6.220**	**7,51**	**4,79**
Mañón	57	78	10	0	0	145	0,18	0,11
Ortigueira	88	190	66	0	21	365	0,44	0,28
Cariño	82	33	20	0	0	135	0,16	0,10
Cedeira	31	197	32	0	16	276	0,33	0,21
Valdoviño	69	14	19	604	0	706	0,85	0,54
Ortegal	**327**	**512**	**147**	**604**	**37**	**1.627**	**1,96**	**1,25**
Narón	459	175	0	42	0	676	0,82	0,52
Ferrol	766	260	0	215	0	1.241	1,50	0,96
Neda	0	18	16	0	0	34	0,04	0,03
Fene	0	59	0	0	0	59	0,07	0,05
Mugardos	0	0	0	0	0	0	0,00	0,00
Ares	0	23	0	384	0	407	0,49	0,31
Cabanas	282	148	0	0	7	437	0,53	0,34
Pontedeume	170	111	20	405	0	706	0,85	0,54
Miño	42	49	23	806	0	920	1,11	0,71
Paderne	0	18	29	0	0	47	0,06	0,04
Betanzos	91	24	0	0	0	115	0,14	0,09
Bergondo	143	63	0	1.500	0	1.706	2,06	1,32
Sada	391	69	0	389	80	929	1,12	0,72
Oleiros	774	29	0	470	196	1.469	1,77	1,13
Cambre	0	82	0	0	0	82	0,10	0,06
Culleredo	447	159	16	0	112	734	0,89	0,57
A Coruña	3.936	955	16	0	161	5.068	6,12	3,91
Arteixo	415	161	6	171	0	753	0,91	0,58
A Laracha	35	70	15	0	0	120	0,14	0,09
Golfo Ártabro	**7.951**	**2.473**	**141**	**4.382**	**556**	**15.503**	**18,72**	**11,95**
Carballo	267	119	48	560	32	1.026	1,24	0,79
Malpica	44	134	41	513	0	732	0,88	0,56
Ponteceso	0	46	16	0	76	138	0,17	0,11
Cabana de Bergantiños	222	29	23	0	0	274	0,33	0,21
Laxe	72	66	20	0	41	199	0,24	0,15
Vimianzo	0	104	20	0	0	124	0,15	0,10
Camariñas	61	186	0	0	0	247	0,30	0,19
Muxía	44	278	32	594	72	1.020	1,23	0,79
Cee	188	300	45	800	20	1.353	1,63	1,04
Fisterra	320	405	8	0	56	789	0,95	0,61
Corcubión	124	28	0	0	0	152	0,18	0,12
Dumbría	0	64	29	0	0	93	0,11	0,07
Carnota	17	196	12	0	46	271	0,33	0,21
Costa da Morte	**1.359**	**1.955**	**294**	**2.467**	**343**	**6.418**	**7,75**	**4,95**

Muros	41	359	6	669	140	1215	1,47	0,94
Outes	50	131	54	0	11	246	0,30	0,19
Noia	270	92	35	0	16	413	0,50	0,32
Porto do Son	63	104	12	960	0	1.139	1,38	0,88
Ría de Muros-Noia	**424**	**686**	**107**	**1.629**	**167**	**3.013**	**3,64**	**2,32**
Ribeira	190	178	6	1.185	0	1.559	1,88	1,20
A Pobra do Caramiñal	78	62	25	799	16	980	1,18	0,76
Boiro	148	160	50	165	14	537	0,65	0,41
Rianxo	0	118	33	150	0	301	0,36	0,23
Catoira	60	0	47	0	0	107	0,13	0,08
Vilagarcía de Arousa	350	143	10	287	24	814	0,98	0,63
Vilanova de Arousa	727	10	0	937	20	1.694	2,05	1,31
A Illa de Arousa	42	43	0	489	0	574	0,69	0,44
Cambados	630	128	121	0	43	922	1,11	0,71
Meaño	424	17	8	0	156	605	0,73	0,47
Ría de Arousa	**2.649**	**859**	**300**	**4.012**	**273**	**8.093**	**9,77**	**6,24**
Sanxenxo	7.821	802	91	4.462	1.222	14.398	17,38	11,10
O Grove	2.917	363	14	2.545	68	5.907	7,13	4,55
Poio	1.315	76	36	0	241	1.668	2,01	1,29
Pontevedra	1.051	220	12	0	0	1.283	1,55	0,99
Marín	117	36	6	0	0	159	0,19	0,12
Bueu	143	53	40	0	21	257	0,31	0,20
Ría de Pontevedra	**13.364**	**1.550**	**199**	**7.007**	**1.552**	**23.672**	**28,58**	**18,25**
Cangas	311	111	65	1.010	182	1.679	2,03	1,29
Moaña	126	110	16	347	12	611	0,74	0,47
Vilaboa	248	20	41	0	11	320	0,39	0,25
Soutomaior	135	0	22	0	0	157	0,19	0,12
Redondela	27	130	36	138	0	331	0,40	0,26
Vigo	4.545	689	0	657	84	5.975	7,21	4,61
Nigrán	328	165	18	1.581	48	2.140	2,58	1,65
Baiona	761	47	18	1.913	50	2.789	3,37	2,15
Ría de Vigo	**6.481**	**1.272**	**216**	**5.646**	**387**	**14.002**	**16,91**	**10,79**
Oia	422	57	28	891	0	1.398	1,69	1,08
O Rosal	0	12	26	0	0	38	0,05	0,03
A Guarda	470	20	10	1.520	20	2.040	2,46	1,57
Tomiño	53	45	52	0	0	150	0,18	0,12
Tui	529	84	35	0	0	648	0,78	0,50
Baixo Miño	**1.474**	**218**	**151**	**2.411**	**20**	**4.274**	**5,16**	**3,29**
LITORAL GALEGO	**36.304**	**10.475**	**1.935**	**30.335**	**3.773**	**82.822**	**100**	**63,84**


Fonte: Elaboración propia a partir do Directorio de empresas e actividades turísticas, Secretaría Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo.
[1]A categoría "Pensións" engloba os Albergues Turísticos.
[2]Datos referidos ao 31 de decembro.

No conxunto de España no ano 2012 é evidente o enorme peso da *oferta de establecementos hoteleiros* nas CC.AA. tradicionalmente turísticas que responden maioritariamente ao característico estereotipo de turismo "de sol e praia" (Figura nº4.2.1.5). De feito, as maiores porcentaxes de oferta de prazas hoteleiras localízanse en Andalucía (16,92), Cataluña (16,02), Canarias (15,75%) e Baleares (13,15). Pola súa

banda, Galicia concentra o 4,41% do total das prazas hoteleiras, o que a colocaría no sétimo lugar no conxunto das rexións españolas. No territorio galego son tamén as provincias litorais as que concentran o maior volume de prazas (Figura nº4.2.1.6). Esta concentración da actividade é mesmo notablemente superior á da oferta hoteleira medida en termos de prazas, dada a diverxencia nos niveis de ocupación.


O litoral galego, segundo os datos rexistrados na Secretaría Xeral para o Turismo, sumaba, no ano 2012, 46.779 prazas en establecementos hoteleiros (56,45% de Galicia). A Ría de Pontevedra co 18,00% das prazas galegas era o espazo xeográfico con maior concentración de prazas hoteleiras. Sanxenxo móstrase como o destino galego, non só litoral, con máis prazas (8.673 prazas, 10,47% de Galicia), superando a un centro turístico como Santiago de Compostela (8.487 prazas, 10,24% de Galicia). Tamén salientar que este liderado tamén o ostenta en número de prazas en hoteis (7.821 prazas, 14,02% de Galicia) por diante, outra vez, de Santiago de Compostela (5.341 prazas, 9,57% Galicia). Agora ben, a nivel agregado a oferta supera a demanda, dado que con relación a a entradas de visitantes e as pernoctacións existe unha infrautilización da devandita oferta en termos relativos. Un feito, tal e como se comprobará ao analizar as taxas de ocupación, especialmente significativo nos destinos litorais de "sol e praia" como son Sanxenxo e O Grove.

Figura nº4.2.1.5.- Distribución da oferta de establecementos hoteleiros en España por CC.AA. Ano 2012. Unidade =% prazas.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE.


Figura nº4.2.1.6- Distribución da oferta de establecementos hoteleiros en Galicia a nivel provincia. Ano 2012. Unidade =% prazas.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE.

Dende unha perspectiva dinámica, a oferta de prazas hoteleiras en Galicia experimentou unha destacada progresión no perído 2007-2012 (**Δ** 7,36%). Lugo (**Δ** 12,15%) e A Coruña (**Δ** 8,77%) son as provincias con maior crecemento (Figura nº4.2.1.7). Agora ben, os efectos da crise económica reflíctense nunha ralentización do crecemento a partir do ano 2009. Uns efectos que se percibiron con anterioridade e maior intensidade na demanda, coa excepción do ano 2010 marcado pola celebración do Xacobeo. Un descenso nas pernoctacións no período 2007-2012 cifrado en Galicia nun 17,22%. Agora ben, Ourense (-20,79%) e Pontevedra (-19,68%) rexistran peores valores dada a súa maior orientación ao mercado de demanda español (Figura nº4.2.1.8).

Figura nº4.2.1.7.- Evolución da oferta de prazas hoteleiras en Galicia e a escala provincial. Período 2007-2012 (2007 =100).



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE.

Figura nº4.2.1.8.- Evolución da demanda e da oferta de prazas hoteleiras en Galicia e a escala provincial. Período 2007-2012 (2007 =100).


	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Oferta	Pernoctacións	Oferta	Pernoctacións	Oferta	Pernoctacións	Oferta	Pernoctacións	Oferta	Pernoctacións
2007	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
2008	103,09	97,08	102,44	96,89	106	101,73	102,34	99,47	102,91	95,50
2009	106,06	92,73	105,78	94,92	109,56	96,12	105,6	90,35	105,16	89,95
2010	106,58	101,86	108,00	104,33	110,23	109,22	104,35	88,84	104,23	99,69
2011	106,39	89,20	106,03	87,15	112,07	99,49	104,74	86,34	105,06	89,13
2012	107,36	82,78	108,77	83,86	112,15	89,91	104,22	79,21	104,82	80,32

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE.

A evolución mensual da oferta de prazas en establecementos hoteleiros presenta unha marcada estacionalidade en Galicia (Figura nº4.2.1.9). Se se efectúa unha desagregación das cifras a escala provincial, afloran unha serie de particularidades (Figura nº4.2.10). En primeiro lugar, reflíctese de novo a diverxencia nas traxectorias das provincias costeiras e interiores de Galicia. Tanto Lugo coma Ourense presentan unha escasa variabilidade estacional. Fronte a estas, as provincias da Coruña e Pontevedra experimentan unha maior oscilación estacional, especialmente evidente no caso no caso da última. Neste territorio, o carácter predominantemente estival da oferta hoteleira dos destinos de "sol e praia" localizados nas Ría de Pontevedra explica a forte oscilación da oferta. Sanxenso, dos destinos analizados na Figura nº4.2.1.11, reflicte unha maior variación ao longo do ano na súa oferta. De feito, a oferta do més de decembro operativa (1.642 prazas) representa só un 18,89% da oferta de agosto (8.694 prazas).


En liñas xerais, a estacionalidade vai ligada en boa parte dos casos á existencia de pequenos establecementos de categorías dunha e dúas estrelas que se incorporan ao mercado exclusivamente en tempada alta. Polo tanto, podemos concluír que estes trazos son unha resposta lóxica ás características da demanda hoteleira para cada unha dos destinos turísticos que se poden delimitar en Galicia. A ausencia de destinos de carácter litoral relevantes nas provincias de Lugo e Ourense, salvo a excepción do caso da Mariña Lucense, dá lugar á carencia dunha forte oscilación na oferta.

Figura nº4.2.1.9.- Evolución mensual da oferta de prazas hoteleiras en Galicia . Ano 2012.




Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE.

Figura nº4.2.1.10.- Evolución mensual da oferta de prazas hoteleiras a nivel provincial en Galicia . Ano 2012.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE.


Figura nº4.2.1.11.- Evolución mensual da oferta de prazas hoteleiras nos principais destinos do litoral galego e Santiago de Compostela. Ano 2012.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE.
*Dato non dispoñible para os meses de xaneiro e febreiro nos casos de O Grove e Sanxenxo.

Aínda que dende inicios do século XXI se producira unha melloría nos niveis medios das taxas de ocupación en Galicia ata situarse en cifras próximas ao 40%, como consecuancia da crise económica esta retrocedeu por debaixo de valores do 30% no ano 2012 (Figura nº4.2.1.12). Un valor que se encontra moi por debaixo da media española de 52,05 (23,58 puntos de diferencial). A explicación deste dato tópase nunha considerable oscilación estacional, cunha demanda fortemente concentrada no período estival. Neste mesmo sentido, o acontecemento cultural máis relevante, o "Ano Xacobeo" supón tradicionalmente aproximar os niveis de ocupación ás medias nacionais. De feito, no Xacobeo de 2010 a media galega incrementouse ata 35,32% fronte ao 51,00% do conxunto de España (15,68 puntos de diferencial).

Figura nº4.2.1.12.- Grao medio de ocupación por prazas en establecementos hoteleiros por CC.AA. en España. Ano 2012. Unidade %.




Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE

As características da oferta e demanda hoteleira previamente comentadas explican a evolución mesual das taxas de ocupación tanto a nivel Galicia coma nas súas distintas provincias (Figura nº4.2.1.13). En conxunto, volve observarse tanto a existencia de dúas traxectorias claramente diferenciadas como a persistencia de baixas taxas de ocupación, que só para as dúas provincias que concentran un maior volume de actividade alcanza por encima do 50% no mes de agosto. Neste mes, o maior valor alcánzase en Pontevedra cunha media do 55,6%. É salientable igualmente que para as provincias interiores os máximos estacionais se moven en cifras próximas ao 40% para o caso de Lugo e ao 30% en Ourense. Á súa vez, as tempadas baixas sitúanse en cifras que van dende o 11,6% en Lugo e 13,2% en Ourense ata o 16,8% e 15,7% da Coruña e Pontevedra, respectivamente. Entre os destinos manexados na Figura nº4.2.1.14, o maior grao de ocupación rexístrase en todos os casos no mes de agosto e o menor en xaneiro (non dispoñemos de rexistros para O Grove e Sanxenxo). O mellor rexistro en agosto prodúcese en Ribadeo[43] (70,04) como tamén o maior diferencial entre os meses de máxima e mínima ocupación (57,4). Un valor, este último, que hai que relativizar en comparación con outros destinos dado que no mes de xaneiro (mes de menos ocupación) permanece en funcionamento 67,71% da oferta hoteleira opertiva no mes de agosto. Mes este último con maior volúme de oferta hoteleira activa.


[43]Vila litoral da Mariña Lucense, localizada na entrada a Galicia dende Asturias, favorecida pola mellora de accesibilidade proporcionada pola en construción Autovía do Cantábrico (A-8) e cunha marcada dependencia dunha demanda de "sol e praia" de retorno.

Figura nº4.2.1.13.- Evolución mensual do grao medio de ocupación por prazas en establecementos hoteleiros en Galicia. Ano 2012. Unidade %.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE

Figura nº4.2.1.14.- Evolución mensual do grao medio de ocupación por prazas en establecementos hoteleiros nos principias destinos do litoral galego e Santiago de Compostela. Ano 2012. Unidade %.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE
*Dato non dispoñible para os meses de xaneiro e febreiro nos casos de O Grove e Sanxenxo.

Unha primeira lectura destes datos permitiría afirmar que, en termos relativos respecto ao resto dos destino turísticos españois, en Galicia e especialemente no seu litoral existe unha relativa sobreoferta. Non obstante, é preciso ter en conta que os elevados niveis de actividade do sector turístico que rexistra o mercado español resaltan especialmente (en termos comparativos) a infrautilización da capacidade do sector hoteleiro galego. Por outro lado, a interacción entre actividade hoteleira e turística obriga a matizar esta afirmación. A demanda hoteleira é claramente dependente da

turística pero, igualmente, a demanda dun determinado destino turístico está tamén claramente ligada á oferta hoteleira neste[44].

4.2.1.1.- *Características da oferta hoteleira no litoral galego.*


A análise das características dos establecementos hoteleiros galegos pon de manifesto unha calidade inferior á media de España (Figura nº4.2.1.1.1). Un feito observable na preponderancia dos establecementos con estrelas de prata (pensións) cun total de 886 (57,24% da oferta galega) e, dentro das cualificacións dos hoteis, cun claro predominio dos de unha (15,44% da oferta galega) e dúas estrelas (13,82% da oferta galega). Os hoteis de tres estrelas son os máis números os no conxunto do estado (16,71% da oferta de España), en cambio en Galicia este lugar corresponde aos establecementos dunha estrela (Figura nº4.2.1.1.2).

Figura nº4.2.1.1.1.- Establecementos hoteleiros en España e Galicia por categoría. Ano 2012. Unidade: número de establecementos e % sobre total oferta en cada territorio.

	Total	Estrelas de ouro[1]	5* ouro	4* ouro	3* ouro	2* ouro	1* ouro	Estrelas de prata[2]	3* e 2* prata	1* prata
España	14.995	7.826	256	1.986	2.506	1.890	1.188	7.170	3.077	4.093
% sobre total	100	52,19	1,71	13,24	16,71	12,60	7,92	47,82	20,52	27,30
Galicia	1.548	663	9	87	114	214	239	886	354	531
% sobre total	100	42,83	0,58	5,62	7,36	13,82	15,44	57,24	22,87	34,30

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE
[1]Hoteis, hoteis-residencia, moteis e hoteis-apartamento.
[2]Pensións.

Figura nº4.2.1.1.2.- Estrutura de oferta de establecementos hoteleiros en España e Galicia por categoría. Ano 2012. Unidade: % sobre total oferta en cada territorio.




Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE
[1]Inclúe aos hoteis, hoteis-residencia, moteis e hoteis-apartamento. [2]Inclúe ás pensións.

[44]Véxase: SANTOS SOLLA, X. M. (coord.); CASTELLANOS GARCÍA, P.; DOPICO CASTRO, J. Á. e PENA LÓPEZ, J. A. (2007): "El sector hotelero en Galicia desde el punto de vista de la competencia". Estudo para elaborado para o TGDC (Tribunal Galego de Defensa da Competencia. Universidade de A Coruña; op. cit. páx. 57.

Se empregamos como criterio de medición da calidade da oferta hoteleira a porcentaxe de hoteis de catro e cinco estrelas, Galicia encóntrase por debaixo da media española (5,58% de establecementos fronte ao 14,83% de España) (Figura nº4.2.1.1.3). Neste sentido, Galicia é a rexión costeira que se sitúa á cola tanto en calidade coma en dimensión dos establecementos, ata o punto de que o seu perfil se axusta máis ao característico das rexións interiores que non se consideran fortemente penetradas polo turismo.

Figura nº4.2.1.1.3.- Oferta de hoteis de alta calidade (catro e cinco estrelas)[1] por CC.AA. en España. Ano 2012.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH)-INE
[1]Establecementos abertos no mes de agosto.

No que respecta, en concreto, á distribución provincial da oferta de hoteis en Galicia sinalar o peso predominante de Pontevedra co 46,12% dos establecementos (Figura nº4.2.1.1.4). Por outra parte, o 55,56% dos hoteis de cinco estrelas localízanse na Coruña. A explicación desta concentración débese a que Santiago de Compostela contabiliza 4 dos 9 establecementos galegos. Unha oferta que responde a un perfil de demanda urbano-cultural. Mentres, no conxunto do litoral nos encontramos con 4 establecementos de cinco estrelas. Aínda que debemos sinalar, que dentro deste conxunto, soamente o "Grande Hotel La Toja" (O Grove) se localiza fóra das cidades de Vigo e A Coruña. Un establecemento ligado nas súas orixes á explotación das augas termais da illa de A Toxa inciada avanzado o século XIX[45]. Un feito que nos apunta ao predominio dun segmento de demanda de perfil de adquisitivo medio-baixo dentro da oferta hoteleira litoral galega. Nesta dirección, tamén apunta que dentro do conxunto do litoral son os hoteis dun estrela os máis números con 212 establecementos (63,10% do total de Galicia) (Figura nº4.2.1.1.5).


[45]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2002a): "A illa da Toxa: O planeamento urbanístico no proceso de construcción e transformación dun producto turístico litoral". Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevdra, Vigo; op. cit. páxs. 15-21.

Figura nº4.2.1.1.4.- Número de hoteis en Galicia por categoría, provincia e no conxunto do litoral. Ano 2012. Unidade: número de establecementos e % sobre total oferta galega.

	Total	%	5*	%	4*	%	3*	%	2*	%	1*	%
Galicia	889	100	9	100	97	100	146	100%	301	100%	336	100
A Coruña	267	30,04	5	55,56	35	36,08	45	30,82	86	28,57	96	28,57
Lugo	122	13,72	1	11,11	15	15,47	16	10,96	39	12,96	51	15,18
Ourense	90	10,12	0	0,00	12	12,37	10	6,85%	20	6,64	48	14,29
Pontevedra	410	46,12	3	33,33	35	36,08	75	51,37	156	51,83	141	41,96
LITORAL GALEGO[2]	555	62,43	4	44,44	54	55,67	100	68,49	185	61,46	212	63,10

Fonte: Elaboración propia a partir do Directorio de empresas e actividades turísticas[1], Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo. "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis"[2]. TURGALICIA, Xunta de Galicia.
[1]Datos referidos ao 31 de decembro de 2012.
[2]Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

Figura nº4.2.1.1.5.- Número de hoteis en Galicia por categoría, provincia e no conxunto do litoral. Ano 2012. Unidade: número de establecementos.



Fonte: Elaboración propia a partir do Directorio de empresas e actividades turísticas[1], Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo. "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis"[2]. TURGALICIA, Xunta de Galicia.
[1]Datos referidos ao 31 de decembro de 2012.
Culleredo	0	1 (16)	0	0	1 (16)	0,84%	0,24%
Arteixo	0	1 (6)	0	0	1 (6)	0,32%	0,09%
A Laracha	0	2 (8)	0	0	2 (8)	0,42%	0,12%
Golfo Ártabro	**2 (30)**	**8 (90)**	**0**	**0**	**10 (120)**	**6,31%**	**1,77%**
Carballo	1 (24)	3 (24)	0	0	4 (48)	2,52%	0,71%
Malpica	0	3 (32)	0	0	3 (32)	1,68%	0,47%
Ponteceso	0	1 (16)	0	0	1 (16)	0,84%	0,24%
Cabana de Bergantiños	0	2 (23)	1 (9)	0	3 (32)	1,68%	0,47%
Laxe	0	1 (20)	0	0	1 (20)	1,05%	0,30%
Vimianzo	0	2 (20)	0	0	2 (20)	1,05%	0,30%
Muxía	0	2 (32)	0	0	2 (32)	1,68%	0,47%
Cee	0	0	3 (38)	0	3 (38)	2,00%	0,56%
Fisterra	0	1 (8)	0	0	1 (8)	0,42%	0,12%
Dumbría	0	2 (28)	0	0	2 (28)	1,47%	0,41%
Carnota	0	1 (12)	0	0	1 (12)	0,63%	0,18%
Costa da Morte	**1 (24)**	**18 (215)**	**4 (47)**	**0**	**23 (286)**	**15,03%**	**4,22%**
Muros	0	1 (6)	0	0	1 (6)	0,32%	0,09%
Outes	0	3 (54)	0	0	3 (54)	2,84%	0,80%
Noia	0	3 (37)	0	0	3 (37)	1,94%	0,55%

Porto do Son	0	1 (12)	0	0	1 (12)	0,63%	0,18%
Ría de Muros-Noia	**0**	**8 (109)**	**0**	**0**	**8 (109)**	**5,73%**	**1,61%**
Ribeira	0	0	1 (6)	0	1 (6)	0,32%	0,09%
A Pobra do Caramiñal	1 (7)	2 (18)	0	0	3 (25)	1,31%	0,37%
Boiro	0	3 (42)	1 (12)	0	4 (54)	2,84%	0,80%
Rianxo	0	2 (17)	2 (16)	0	4 (33)	1,73%	0,49%
Catoira	1 (21)	2 (26)	0	0	3 (47)	2,47%	0,69%
Vilagarcía de Arousa	0	0	1 (12)	0	1 (12)	0,63%	0,18%
Cambados	1 (19)	1 (10)	6 (92)	0	8 (121)	6,36%	1,79%
Meaño	0	0	1 (8)	0	1 (8)	0,42%	0,12%
Ría de Arousa	**3 (47)**	**10 (113)**	**12 (146)**	**0**	**25 (306)**	**16,08%**	**4,52%**
Sanxenxo	0	7 (82)	1 (10)	0	8 (92)	4,83%	1,36%
O Grove	0	1 (14)	0	0	1 (14)	0,74%	0,21%
Poio	0	3 (22)	0	0	3 (22)	1,16%	0,32%
Pontevedra	0	1 (6)	2 (20)	0	3 (26)	1,37%	0,38%
Marín	0	0	1 (6)	0	1 (6)	0,32%	0,09%
Bueu	0	2 (32)	0	0	2 (32)	1,68%	0,47%
Ría de Pontevedra	**0**	**14 (156)**	**4 (36)**	**0**	**18 (192)**	**10,09%**	**2,83%**
Cangas	1 (25)	5 (55)	1 (6)	0	7 (86)	4,52%	1,27%
Moaña	0	2 (16)	0	0	2 (16)	0,84%	0,24%
Vilaboa	0	3 (42)	0	0	3 (42)	2,21%	0,62%
Soutomaior	0	2 (22)	0	0	2 (22)	1,16%	0,32%
Redondela	1 (18)	0	1 (6)	0	2 (24)	1,26%	0,35%
Nigrán	1 (18)	0	0	0	1 (18)	0,95%	0,27%
Baiona	0	1 (8)	0	0	1 (8)	0,42%	0,12%
Ría de Vigo	**3 (61)**	**13 (143)**	**2 (12)**	**0**	**18 (216)**	**11,35%**	**3,19%**
Oia	0	1 (16)	1 (10)	0	2 (26)	1,37%	0,38%
O Rosal	1 (16)	1 (12)	0	0	2 (28)	1,47%	0,41%
A Guarda	0	1 (10)	0	0	1 (10)	0,53%	0,15%
Tomiño	0	6 (52)	0	0	6 (52)	2,73%	0,77%
Tui	2 (24)	1 (7)	1 (4)	0	4 (35)	1,84%	0,52%
Baixo Miño	**3 (40)**	**10 (97)**	**2 (14)**	**0**	**15 (151)**	**7,93%**	**2,23%**
LITORAL GALEGO	**16 (284)**	**116 (1.356)**	**25 (263)**	**0**	**157 (1.903)**	**100%**	**28,10%**

Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Turismo Rural". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 1 septembro de 2012.

Na maioría dos casos trátase de establecementos de moi reducida dimensión. De feito, o tamaño medio dos establecementos rurais está por debaixo das 10 prazas (Figura nº4.2.1.2.25). Pola súa banda, no conxunto do litoral galego a media sitúase nas 12,12 prazas/establecemento. A Mariña Lucense é o espazo turístico do litoral con maior tamaño medio na súa oferta (14,62 prazas/establecemento) (Figura nº4.2.1.2.26). Un reducido tamaño que non fai máis que responder ao carácter propio desta oferta. Unha oferta que atende a un segemento de demanda receoso da masificación e que busca o contacto co mundo rural.


Figura nº4.2.1.2.25.- Tamaño medio dos establecementos de turismo rural en Galicia por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2012. Unidade: número de prazas[1]/establecemento rural.



Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Turismo Rural". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 1 septembro de 2012.

[1]Os datos dispoñibles da oferta de hoteis desagregada a nivel municipal na "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Turismo Rural" propociona unicamente datos a nivel de número cuartos. En función do cal, co obxecto de poder comparar con outras escalas territoriais establecemos o factor de mutiplicar X2 ao número de cuartos.

Figura nº4.2.1.2.26.- Tamaño medio dos establecementos de turismo rural nos espazos turísticos do litoral galego. Ano 2012. Unidade: número de prazas[1]/establecemento rural.



Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Turismo Rural". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 1 septembro de 2012.

[1]Os datos dispoñibles da oferta de hoteis desagregada a nivel municipal na "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Turismo Rural" propociona unicamente datos a nivel de

número cuartos. En función do cal, co obxecto de poder comparar con outras escalas territoriais establecemos o factor de mutiplicar X2 ao número de cuartos.

O cámping é un segmento da oferta regrada que merece unha análise propia dende a nosa óptica de análise. A razón é que nos encontramos cun tipo de oferta de aloxamento moi vinculada ao espazo litoral. De feito, podemos afirmar que a oferta campista en Galicia é indubidablemente costeira e semiurbana. O litoral galego concentra o 88,06% das prazas en campings ofertadas en Galicia (Figura nº4.2.1.3). Polo tanto, achámonos ante un modelo de aloxamento marcado por un público que accede en busca de actividades vinculadas cara á praia e as actividades costeiras.

Nominalmente existen catro categorías de cámpings dentro do mercado de oferta. Cada unha destas categorías está en función dos servizos que prestan e que implican usualmente diferenzas de prezos. Non obstante, diferentes estudos demostraron que a devandita premisa sobre o terreo non sempre se cumpre[56]. De feito, comprobamos manexando os datos extraidos da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Campings"[57] que o prezo medio por adulto como neno é mínima. As diferenzas de servizo entre todas a categorías existentes en Galicia tampouco son excesivas. Todo o cal, e o feito de que o primeiro critrio de elección dun cámping sexa a súa localización, non os servizos/prezos, nos permite afirmar que existe un mercado único de cámpings galego sen segmentar por categorías[58]. Por outra parte, un estudo relativo á Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ) de finais de 2005 establece que o perfil dos usuarios dos cámpings é de xente nova e que viaxa con amigos de poucos ingresos ou de idade mozo-media con maiores ingresos e que viaxan en parella/familia[59].

A oferta no sector do cámping mostrou tanto en España coma en Galicia un claro estancamento dende o inicio da crise económica a finais de 2007 (Figura nº4.2.1.2.27). O número total de prazas en 2012 en Galicia, manexando datos da Enquisa de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), era superior ás de 2008 unicamente nun 1,01%. Agora ben, para poder analizar e desagregar a estrutura da oferta a escala municipal no litoral galego utilizamos como fonte de información a guía de cámpings editada por Turgalicia. En función dos datos obtidos desta fonte, observamos como en Galicia existen un total de 115 cámpings, dos cales 95 se localizan no litoral galego (82,61% do total) (Figura nº4.2.1.2.28). Así mesmo, decatámonos do dominio dos establecementos de segunda e terceira categoría. Agora ben, as prazas en establecementos de primeira categoría son as que presentan unha maior relevancia dentro do conxunto da oferta, o 40,93% e 40,84% de todas as prazas en Galicia e no conxunto do seu litoral, respectivamente (Figrua nº4.2.1.2.29).

[56] Nesta dirección, véxase: Revista CONSUMER (1999): "Inspeccionados 101 campings. La mitad no están adaptados para minusválidos", nº24, julio-agosto 1999. http://revista.consumer.es/web/es/19990701/actualidad/tema_de_portada/31174.php. FBA Consulting (2007): "Estudio sobre el sector de los campings en Galicia desde el punto de vista de la competencia". www.tgdcompetencia.org/estudios/est_15_2007_EE_campings_es.pdf

[57] Véxase: "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Campings". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

[58] FBA Consulting (2007): "Estudio sobre el sector de los campings en Galicia desde el punto de vista de la competencia". www.tgdcompetencia.org/estudios/est_15_2007_EE_campings_es.pdf; op. cit. páx. 7.


[59] Véxase: Instituto DYM Market Research (2005): "Estudio de mercado relativo a la Red Española de Albergues Juveniles (REAJ)". http://www.institutodym.es

Figura nº4.2.1.2.27.- Evolución do volume de prazas ofertadas en cámpings en España e en Galicia. Período 2007-2012. Unidade: número de prazas.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
España	480.066	486.298	483.631	485.772	479.538	487.702
Galicia	15.616	16.371	16.393	16.394	16.597	16.537


Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC) do INE.

Figura nº4.2.1.2.28.- Distribución da oferta de campings por categoría en Galicia, por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2012. Unidade: número de establecementos.



Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Campings". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.


Figura nº4.2.1.2.29.- Distribución da oferta de prazas de campings por categoría en Galicia, por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2012. Unidade: % de prazas.



Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Campings". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.


Por outro lado, estamos ante un tipo de oferta de aloxamento caracterizada por unha elevada estacionalidade, tanto a nivel Galicia (Figura nº4.2.1.2.30) como dos principais municipios do litoral galego (Figura nº4.2.1.2.31). Unha oferta que alcanza o seu máximo nos catro meses de verán, especialmente en agosto. Un feito distintivo desta tipoloxía de aloxamento dado o seu mencionado carácter litoral e a súa vinculación ao difrute do produto de sol e praia.

Figura nº4.2.1.2.30.- Evolución mensual da oferta de prazas en campings en Galicia. Ano 2012. Unidade: número de prazas.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC).

Figura nº4.2.1.2.31.- Evolución mensual da oferta de prazas en campings nos municipios de Valdoviño, Miño, Bergondo, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, O Grove, Cangas e Vigo. Ano 2012. Unidade: número de prazas.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC).

Na Figura nº4.2.1.2.32 recollemos o número de establecementos e prazas de camping dispoñibles nos municipios e zonas turísticas definidas no litoral galego, asi como a súa cota de mercado a nivel litoral como a nivel de Galicia. Da análise da táboa podemos extraer as seguintes conclusións:

- ✓ A Ría de Pontevedra preséntase como é espazo turístico do litoral con maior cota de mercado. De feito, concentra 19 cámpings con 7.317 prazas que representan o 23,77% e 20,93% da oferta do litoral e do conxunto do territorio galego, respectivamente. Unha oferta que se concentra exclusivamente nos municipios de Sanxenxo e O Grove, precisamente os dous muncipios do litoral galego con maior peso dentro da oferta de acampamentos turísticos. Sanxenxo con 10 establecementos e 4.915 prazas (Figura nº4.2.1.2.33) ocupa o primeiro lugar dentro dos municipios litorais co 15,97% e 14,06% da cota do mercado litoral e galego, respectivamente.
- ✓ O primeiro operador a nivel litoral galego é o único cámping localizado no municipio de Baiona, denominado "Bayona-Playa", cunha cota de 5,77% e 5,05% do mercado de oferta do litoral e galego, respectivamente. (Figura n.º. -). En segundo e terceiro lugar, encóntranse os cámpings "Cachadelos" en Sanxenxo (5,22% e 4,60% de cota de mercado de oferta do litoral e galego, respectivamente) e "Santa Tecla" en A Guarda (4,94% e 4,35% de cota de mercado de oferta do litoral e galego, respectivamente).
- ✓ Non existen grandes operadores en réxime de multipropiedade ou coa multixestión de varios cámpings. De feito, segundo a información á nosa disposición, unicamente existen dous operadores con dous cámpings en titularidade: por un lado, cámpings "Paisaxe" (Vilanova de Arousa) e "Playa Paisaxe II" (O Grove) ambos os dous de 1º categoría e cun total de 898 prazas (2,92% e 2,57% de cota de mercado de oferta do litoral e galego, respectivamente); e, por outro lado, cámpings Ría de Arosa (A Pobra do Caramiñal) e Ría de Arosa 2 (Ribeira) ambos os dous de 2ª categoría e cun total de 1.181 prazas (3,84% e 3,38% de cota de mercado de oferta do litoral e galego, respectivamente). Polo tanto, podemos afirmar que a maioría dos operadores son de pequena dimensión, cunha xestión de eminente carácter familiar.

Figura nº4.2.1.2.32.- Oferta de campings por categoría nos espazos turísticos e municipios do litoral galego. Ano 2012. Unidade: número establecementos e prazas.

	Luxo	1º categoría	2º categoría	3º categoría	Total	% prazas litoral	% prazas Galicia
Ribadeo	0	0	1 (300)	0	1 (300)	0,97%	0,86%
Barreiros	0	0	1 (618)	2 (491)	3 (1.109)	3,60%	3,17%
Foz	0	0	2 (558)	0	2 (558)	1,81%	1,60%
Viveiro	0	0	1 (256)	0	1 (256)	0,83%	0,73%
A Mariña Lucense	**0**	**0**	**5 (1.732)**	**2 (491)**	**7 (2.223)**	**7,22%**	**6,36%**
Valdoviño	0	1 (120)	0	2 (474)	3 (594)	1,93%	1,70%
Ortegal	**0**	**1 (120)**	**0**	**2 (474)**	**3 (594)**	**1,93%**	**1,70%**
Narón	0	0	0	1 (63)	1 (63)	0,20%	0,18%
Ferrol	0	0	0	1 (215)	1 (215)	0,70%	0,62%
Ares	0	0	0	2 (384)	2 (384)	1,25%	1,10%
Pontedeume	0	0	0	2 (408)	2 (408)	1,33%	1,17%
Miño	0	0	1 (279)	3 (509)	4 (788)	2,56%	2,25%
Bergondo	0	1 (725)	0	7 (819)	8 (1.544)	5,02%	4,42%

Sada	0	0	0	2 (364)	2 (364)	1,18%	1,04%
Oleiros	0	1 (276)	0	1 (135)	2 (411)	1,34%	1,18%
Arteixo	0	0	1 (171)	0	1 (171)	0,56%	0,49%
Golfo Ártabro	**0**	**2 (1.001)**	**2 (450)**	**19 (2.897)**	**23 (4.348)**	**14,13%**	**12,44%**
Carballo	0	0	0	3 (557)	3 (557)	1,81%	1,59%
Malpica	0	1 (513)	0	0	1 (513)	1,67%	1,47%
Muxía	0	0	1 (165)	2 (384)	3 (549)	1,78%	1,57%
Cee	0	0	1 (800)	0	1 (800)	2,60%	2,29%
Costa da Morte	**0**	**1 (513)**	**2 (965)**	**5 (941)**	**8 (2.419)**	**7,86%**	**6,92%**
Muros	0	1 (225)	1 (294)	1 (150)	3 (669)	2,17%	1,91%
Porto do Son	0	1 (390)	1 (246)	2 (288)	4 (924)	3,00%	2,64%
Ría de Muros-Noia	**0**	**2 (615)**	**2 (540)**	**3 (438)**	**7 (1.593)**	**5,18%**	**4,56%**
Ribeira	0	0	2 (981)	1 (192)	3 (1.173)	3,81%	3,36%
A Pobra do Caramiñal	0	0	1 (800)	0	1 (800)	2,60%	2,29%
Boiro	0	0	0	1 (165)	1 (165)	0,54%	0,47%
Rianxo	0	0	1 (150)	0	1 (150)	0,49%	0,43%
Vilagarcía de Arousa	0	0	1 (296)	0	1 (296)	0,96%	0,85%
Vilanova de Arousa	0	1 (460)	2 (298)	1 (158)	4 (916)	2,98%	2,62%
A Illa de Arousa	0	0	2 (417)	0	2 (417)	1,35%	1,19%
Ría de Arousa	**0**	**1 (460)**	**9 (2.942)**	**3 (515)**	**13 (3.917)**	**12,72%**	**11,21%**
Sanxenxo	0	4 (3.232)	5 (1.524)	1 (159)	10 (4.915)	15,97%	14,06%
O Grove	0	2 (810)	5 (1.168)	2 (424)	9 (2.402)	7,80%	6,87%
Ría de Pontevedra	**0**	**6 (4.042)**	**10 (2.692)**	**3 (583)**	**19 (7.317)**	**23,77%**	**20,93%**
Cangas	0	0	4 (986)	0	4 (986)	3,20%	2,82%
Moaña	0	0	1 (260)	1 (87)	2 (347)	1,13%	0,99%
Redondela	0	1 (138)	0	0	1 (138)	0,45%	0,39%
Vigo	0	0	2 (417)	1 (800)	3 (1.217)	3,95%	3,48%
Nigrán	0	1 (1.440)	0	0	1 (1.440)	4,68%	4,12%
Baiona	0	1 (1.776)	0	0	1 (1.776)	5,77%	5,08%
Ría de Vigo	**0**	**3 (3.354)**	**7 (1.663)**	**2 (887)**	**12 (5.904)**	19,18%	16,89%
Oia	0	2 (947)	0	0	2 (947)	3,08%	2,71%
A Guarda	0	1 (1.520)	0	0	1 (1.520)	4,94%	4,35%
Baixo Miño	**0**	**3 (2.467)**	**0**	**0**	**3 (2.467)**	**8,01%**	**7,06%**
LITORAL GALEGO	**0**	**19 (12.572)**	**37 (10.984)**	**39 (7.226)**	**95 (30.782)**	**100%**	**88,06%**


Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Campings". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

O tamaño medio dos campings está nas 303,97 prazas en Galicia, mentras no conxunto do litoral galego a media sitúase nas 324,02 prazas/establecemento (Figura nº4.2.1.2.34). O Baixo Miño é o espazo turístico do litoral con maior tamaño medio na súa oferta (822,33 prazas/establecemento) (Figura nº4.2.1.2.35). Agora ben, falamos de só tres establecementos de 1º categoría. Máis significativos son as medias da Ría de Vigo (492,00 prazas/establecemento) e da Ría de Pontevedra (385,11 prazas/establecemento) dado o volume da súa oferta con 12 e 19 cámpings, respectivamente. En calquera caso, medias superiores ás do litoral e conxunto do territorio galego pero inferiores á media de España (650,27 prazas/establecemento[60]). Uns valores que indican o reducido tamaño medio desta oferta no litoral galego. Tamaño que nos inicide no carácter de xestión familiar deste tipo de aloxamento e na

[60]Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC) do INE.

necisidad dende os xestores das OMDs de buscar políticas de colaboración dentro deste sector de empresariado turístico cara lograr sinerxías de todo tipo.


Figura nº4.2.1.2.34.- Tamaño medio da oferta de campings en Galicia, por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2012. Unidade: número de prazas/establecemento.



Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Campings". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Figura nº4.2.1.2.35.- Tamaño medio da oferta de campings nos espazos turísticos do litoral galego. Ano 2012. Unidade: número de prazas/establecemento.



Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Campings". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.


A oferta de apartamentos hoteleiros é moi reducida en Galicia. No ano 2012 existían en Galicia 134 apartamentos turísticos cun total de 4.825 prazas (Figura nº4.2.1.2.36). Desa oferta total, no conxunto do litoral galego contabilizábanse 96 establecementos (71,64% do total galego) con 3.937 prazas (81,60% do total Galicia). As devanditas prazas están repartidas en establecementos de tres, dous e unha chave. Non existe ningún establecemento de catro chaves ou con categoría de luxo. Case a metade das prazas (2.073 prazas) pertencen á 1ª categoría en Galicia (Figura nº4.2.1.2.37). Mentres no litoral galego domina a oferta de 2 chaves (40,36% das prazas).

Figura nº4.2.1.2.36.- Distribución da oferta de apartamentos turísticos por categoría en Galicia, por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2012. Unidade: número de establecementos.



Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

Figura nº4.2.1.2.37.- Distribución da oferta de prazas de apartamentos turísticos por categoría en Galicia, por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2012. Unidade: % de prazas.



Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

Respecto á súa distribución dentro do litoral galego pódese dicir que practicamente a metade das prazas de apartamentos turísticos encóntranse localizadas nos municipios Ría de Pontevedra (42,21% e 34,45% das prazas do litoral e de Galicia, respectivamente) (Figura nº4.2.1.2.38). Pola súa banda, Sanxenxo eríxese con 26 establecementos e 1.344 prazas (Figura nº4.2.1.2.39) como o municipio non xa só do

litoral senón tamén de toda Galicia con maior oferta desta tipoloxía de oferta parahoteleira (34,14% e 27,85% das prazas do litoral e de Galicia, respectivamente).

Figura nº4.2.1.2.38.- Oferta de apartamentos turísticos por categoría nos espazos turísticos e municipios do litoral galego. Ano 2012. Unidade: número establecementos e cuartos.


	4 chaves	3 chaves	2 chaves	1 chave	Total	% prazas litoral	% prazas Galicia
Ribadeo	0	0	5 (97)	4 (57)	9 (154)	3,91%	3,19%
Foz	0	2 (90)	0	1 (29)	3 (119)	3,02%	2,47%
Viveiro	0	1 (86)	1 (138)	0	2 (224)	5,69%	4,64%
A Mariña Lucense	**0**	**3 (176)**	**6 (235)**	**5 (86)**	**14 (497)**	**12,62%**	**10,30%**
Ortigueira	0	0	1 (21)	0	1 (21)	0,53%	0,44%
Cedeira	0	0	0	1 (24)	1 (24)	0,61%	0,50%
Ortegal	**0**	**0**	**1 (21)**	**1 (24)**	**2 (45)**	**1,14%**	**0,93%**
Cabanas	0	0	0	1 (7)	1 (7)	0,18%	0,15%
Sada	0	0	0	2 (80)	2 (80)	2,03%	1,66%
Oleiros	0	1 (90)	2 (97)	0	3 (187)	4,75%	3,88%
A Coruña	0	0	1 (85)	3 (174)	4 (259)	6,58%	5,37%
Golfo Ártabro	**0**	**1 (90)**	**3 (182)**	**6 (261)**	**10 (533)**	**13,54%**	**11,05%**
Carballo	0	0	0	1 (32)	1 (32)	0,81%	0,66%
Ponteceso	0	0	1 (76)	0	1 (76)	1,93%	1,58%
Laxe	0	0	0	2 (41)	2 (41)	1,04%	0,85%
Muxía	0	1 (58)	1 (8)	0	2 (66)	1,68%	1,37%
Cee	0	1 (9)	0	1 (13)	2 (22)	0,56%	0,46%
Fisterra	0	0	0	3 (56)	3 (56)	1,42%	1,16%
Carnota	0	0	0	2 (39)	2 (39)	0,99%	0,81%
Costa da Morte	**0**	**2 (67)**	**2 (84)**	**9 (181)**	**13 (332)**	**8,43%**	**6,88%**
Muros	0	0	1 (27)	3 (113)	4 (140)	3,56%	2,90%
Outes	0	0	0	1 (11)	1 (11)	0,28%	0,23%
Noia	0	0	1 (16)	0	1 (16)	0,41%	0,33%
Ría de Muros-Noia	**0**	**0**	**2 (43)**	**4 (124)**	**6 (167)**	**4,24%**	**3,46%**
A Pobra do Caramiñal	0	0	0	2 (20)	2 (20)	0,51%	0,41%
Boiro	0	0	0	1 (16)	1 (16)	0,41%	0,33%
Vilagarcía de Arousa	0	1 (24)	0	0	1 (24)	0,61%	0,50%
Vilanova de Arousa	0	0	1 (20)	0	1 (20)	0,51%	0,41%
Cambados	0	0	1 (43)	0	1 (43)	1,09%	0,89%
Meaño	0	0	1 (156)	0	1 (156)	3,96%	3,23%
Ría de Arousa	**0**	**1 (24)**	**3 (219)**	**3 (36)**	**7 (279)**	**7,09%**	**5,78%**
Sanxenxo	0	4 (369)	10 (597)	12 (378)	26 (1.344)	34,14%	27,85%
O Grove	0	0	2 (56)	0	2 (56)	1,42%	1,16%
Poio	0	0	0	4 (241)	4 (241)	6,12%	4,99%
Bueu	0	0	1 (21)	0	1 (21)	0,53%	0,44%
Ría de Pontevedra	**0**	**4 (369)**	**13 (674)**	**16 (619)**	**33 (1.662)**	**42,21%**	**34,45%**
Cangas	0	0	4 (105)	1 (35)	5 (140)	3,56%	2,90%
Moaña	0	0	0	1 (15)	1 (15)	0,38%	0,31%

Vilaboa	0	0	0	1 (11)	1 (11)	0,28%	0,23%
Vigo	0	0	0	1 (138)	1 (138)	3,51%	2,86%
Nigrán	0	0	0	1 (42)	1 (42)	1,07%	0,87%
Baiona	0	1 (50)	0	0	1 (50)	1,27%	1,04%
Ría de Vigo	**0**	**1 (50)**	**4 (105)**	**5 (241)**	**10 (396)**	**10,06%**	**8,21%**
A Guarda	0	0	1 (26)	0	1 (26)	0,66%	0,54%
Baixo Miño	**0**	**0**	**1 (26)**	**0**	**1 (26)**	**0,66%**	**0,54%**
LITORAL GALEGO	**0**	**12 (776)**	**35 (1.589)**	**49 (1.572)**	**96 (3.937)**	**100%**	**81,60%**

Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.


Finalmente, a oferta de apartamentos turísticos, ao igual que nos casos anteriores, trátase de establecementos de reducida dimensión e, polo xeral, de baixa calidade. O tamaño medio o tamaño medio sitúase en 36,01 prazas en Galicia. No litoral esta media é superior (41,01 prazas/establecemento). Entre as distintas categorías de apartamentos, os de maior tamaño medio son os de 3 chaves tanto en Galicia coma no conxunto do litoral (Figuras nº4.2.1.2.40). Unha oferta de prazas en apartamentos, por outra parte, caracterizada por unha marcada estacionalidade centrada nos meses de verán. Neste sentido, é moi revelador o comportamento da evolución mesual das prazas ofertadas no municipio de Sanxenxo. Municipio onde conxuntamente ao pico dos meses de verán do ano 2012, se parecia un segundo vinculado ás vacacións de Semana Santa (Figura nº4.2.1.2.43).

Figura nº4.2.1.2.40.- Tamaño medio da oferta de apartamentos turísticos en Galicia, por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2012. Unidade: número de prazas/establecemento.




Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

Figura nº4.2.1.2.41.- Tamaño medio da oferta de apartamentos turísticos nos espazos turísticos do litoral galego. Ano 2012. Unidade: número de prazas/establecemento.




Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

Figura nº4.2.1.2.42.- Evolución mensual da oferta de prazas en apartamentos en Galicia. Ano 2012. Unidade: número de prazas.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP)-INE.

Figura nº4.2.1.2.43.- Evolución mensual da oferta de prazas en apartamentos nos municipios de A Coruña. Muros, Ribadeo e Sanxenxo[1]. Ano 2012. Unidade: número de prazas.



Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP)-INE.

[1]Únicos municipios do litoral galego considerados nos datos publicados polo INE.

4.2.1.3.- *A "Q" de Calidade Turística como elemento distintivo de xestión dentro da oferta regrada do litoral galego.*

A necesidade na diferenciación do produto ofertado ao cliente, sempre tomando como referente a calidade deste, conduciu unha porgresiva aplicación das tecnoloxías de calidade nos establecementos regrados de aloxamento tanto no ámbito español como galego[61]. Entre estes sistemas, o máis coñecido dentro da demanda é a "Q" de Calidade Turística. Unha marca de calidade outorgada polo Instituto para a Calidade Turística (ICTE)[62]. Os establecementos avalados pola "Q" de Calidade pasaron unhas estritas auditorías que aseguran que a súa prestación de servizo é garantía de calidade, seguridade e profesionalidade. En calquera caso, estamos ante unha opción empresarial totalmente voluntaria onde o establecemento toma a decisión de aplicar un sistema de xestión e aseguramento da calidade que satisfaga as expectativas dos seus clientes.

No ano 2012, dentro da oferta regrada de aloxamento, Galicia contaba con 112 establecementos distinguidos coa Q de calidade (Figura nº4.2.1.3.1.). Un total 6.786 prazas que supoñían o 5,23% da oferta total (Figura nº4.2.1.3.2). Unha media que unicamente é superada polas provincias de Lugo (7,66%) e Ourense (8,38%). O conxunto do litoral galego presentaba un total 51 establecementos con 3.685 prazas (4,46% da oferta total).

Dentro das difrentes tipoloxías de establecementos, debemos resaltar que son os hoteis os que concentran practicamente toda a oferta dotada de "Q" de Calidade en Galicia (75,33% das prazas) como nas súas provincias: A Coruña (41,83%), Lugo (85,70%), Ourense (94, 38%) e Pontevedra (93,27%). Os hoteis certificadas con "Q" de

[61] Un aspecto que xa abordamos no apratado 1.10: "A calidade total como finalidade na configuración dun produto turístico litoral competitivo" deste traballo de investigación.

[62] O ICTE é organismo privado e independente de certificación de Sistemas de Calidade especialmente creados para empresas turísticas, formado polas asociacións turísticas nacionais, a Secretaría de Estado de Turismo, as CCAA e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). Unha entidade encargada basicamente de certificar, administrar e velar polo correcto uso da Marca "Q". Para unha maior información consultar: http://www.calidadturistica.es/motor.php?id_pagina=menu/que_es

calidade no litoral galego representaban 2.546 prazas (69,09% do total das prazas certificadas).

O espazo turístico litoral con máis hoteis (10) e cuartos (654) distinguidos coa "Q" de calidade é a Ría de Pontevedra (Figura nº4.2.1.3.3). Un volume de prazas que supoñen o 9,08% do total de cuartos ofertados neste espazo litoral. Unha media que é superada polo Baixo Miño (18,97%), Mariaña Lucense (12,99%) e Costa da Morte (11,13%). Pola contra, a Ría de Muros-Noia carece de oferta de hoteleira certificada. A nivel municipal dentro do litoral galego, Sanxenxo é o territorio con máis hoteis (6) e cuartos (412) con "Q" de calidade (10,00% dos cuartos ofertados). Pola súa banda, Carballo é o que presenta unha maior porcentaxe de oferta cartificada (39,74% dos cuatos ofertados). Unha cifra, en calquera caso pouco significativa dada a súa escasa planta hoteleira.

Se atendemos á categoría dos establecementos, os hoteis de 5 e 4 estrelas certificados son 22 en todo o litoral galego (Figura nº4.2.1.3.3). Unha cifra que supón o 84,61% e 92,93% do total de hoteis e cuartos con "Q" de calidade, respectivamente. Un feito significativo que debemos vincular a dúas premisas: por unha parte, á relativa complexidade da obtención deste tipo de certificacións de calidade e, por outro lado, ao carácter minufundista e familiar de gran parte da oferta de hoteis do litoral. Unha última premisa que nos traslada tamén ao problema xeral da baixa formación e capacitación nos xestores destas empresas.

Dentro do resto de oferta de aloxamento regrada no litoral, salientar que:

- ✓ O 16,82% das prazas en establecementos de turismo rural dispoñen da certificación "Q" de calidade (Figura nº4.2.1.3.4).
- ✓ Só dous cámpings localizados en Porto do Son e Ribeira (A Coruña) contan con "Q" de calidade. Un total de 711 prazas que supoñen o 2,54 do total ofertado (Figura nº4.2.1.3.5)[63].

Figura nº4.2.1.3.1.- Oferta total de establecementos regrados distinguidos coa "Q" de Calidade Turística por tipoloxía de establecemento en Galicia. Ano 2012. Unidade: número de establecementos e prazas[1].

	Hoteis		Pensións		Turismo Rural		Campings		Apartamentos	
	Número	Prazas[1]	Número	Prazas[1]	Número	Prazas[1]	Número	Prazas	Número	Prazas
A Coruña	11	866	4	58	21	403	2	771	0	0
Lugo	15	1.294	0	0	12	216	0	0	0	0
Ourense	7	756	0	0	2	45	0	0	0	0
Pontevedra	19	2.196	0	0	9	181	0	0	0	0
Galicia	52	5.112	4	58	44	845	2	771	0	0
LITORAL GALEGO	28	2.546	3	48	18	320	2	771	0	0


Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012. "Guía de Aloxamentos 2013: Turismo Rural". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 1 de setembro de 2012. "Guía de Aloxamentos 2013: Campings". Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

[1]Os datos dispoñibles da oferta de hoteis desagregada a nivel municipal na "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis" e na "Guía de Aloxamentos 2013: Turismo Rural" propocionan unicamente datos a nivel de número cuartos. En función do cal, co

[63]Na Figura nº4.2.1.3.6 reflectimos a distribución da oferta de aloxamentos distinguidos coa "Q" de Calidade Turística nos muncipios do litoral galego.

obxecto de poder comparar con outras escalas territoriais establecemos o factor de mutiplicar X2 ao número de cuartos.

Figura nº4.2.1.3.2.- Oferta total de establecementos regrados distinguidos coa "Q" de Calidade Turística por tipoloxía de establecemento en Galicia. Ano 2012. Unidade: % sobre total prazas[1] en cada territorio[2].



Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012. "Guía de Aloxamentos 2013: Turismo Rural". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 1 de setembro de 2012. "Guía de Aloxamentos 2013: Campings". Datos referidos ao 30 septembro de 2012. Directorio de empresas e actividades turísticas, Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo. Datos referidos ao 31 de decembro de 2012.

[1]Os datos dispoñibles da oferta de hoteis desagregada a nivel municipal na "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis" e na "Guía de Aloxamentos 2013: Turismo Rural" propocionan unicamente datos a nivel de número cuartos. En función do cal, co obxecto de poder comparar con outras escalas territoriais establecemos o factor de mutiplicar X2 ao número de cuartos.

[2]O valor da oferta total de prazas para cada categoría de establecemento utilizado para calcular os porecentjes é o reflectido no Directorio de empresas e actividades turísticas, Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo. Datos referidos ao 31 de decembro de 2012.

Figura nº4.2.1.3.3.- Oferta total de establecementos hoteleiros coa "Q" de Calidade Turística nos espazos e municipios turísticos do litoral galego. Ano 2012.

	5*	**4***	**3***	**2***	**1***	**Total Hoteis**	**% cuartos hoteis**	**Pensións[1] 3* e 2***	**% cuartos pensións**
Ribadeo	0	1 (47)	2 (56)	0	0	3 (113)	30,54	0	0
Cervo	0	0	0	0	1 (8)	1 (8)	26,67	0	0
Viveiro	0	1 (45)	0	0	0	1 (45)	10,14	0	0
A Mariña Lucense	**0**	**2 (92)**	**2 (56)**	**0**	**1 (8)**	**5 (156)**	**12,99**	**0**	**0**
Ortegal	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**
Ferrol	0	0	1 (37)	0	0	1 (37)	8,06	0	0

Bergondo	0	0	0	0	0	0	0	1 (14)	20,00
Oleiros	0	1 (9)	0	0	0	1 (9)	2,14	0	0
Golfo Ártabro	**0**	**1 (9)**	**1 (37)**	**0**	**0**	**3 (46)**	**1,03**	**1 (14)**	**1,05**
Carballo	0	0	0	1 (60)	0	1 (60)	39,74	0	0
Muxía	0	0	0	0	1 (6)	1 (6)	31,58	1 (6)	5,36
Fisterra	0	0	0	1 (16)	0	1 (16)	8,25	0	0
Carnota	0	0	0	0	0	0	0	1 (4)	4,76
Costa da Morte	**0**	**0**	**0**	**2 (76)**	**1 (6)**	**3 (82)**	**11,13**	**2 (10)**	**1,36**
Ría de Muros-Noia	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**
Cambados	0	1 (58)	0	0	0	1 (58)	15,85	0	0
Ría de Arousa	**0**	**1 (58)**	**0**	**0**	**0**	**1 (58)**	**4,26**	0	**0**
Sanxenxo	0	3 (129)	3 (283)	0	0	6 (412)	10,00	0	0
O Grove	0	2 (159)	1 (36)	0	0	3 (195)	12,03	0	0
Pontevedra	0	1 (47)	0	0	0	1 (47)	8,36	0	0
Ría de Pontevedra	**0**	**6 (335)**	**4 (319)**	**0**	**0**	**10 (654)**	**9,08**	**0**	**0**
Vilaboa	0	0	1 (8)	0	0	1 (8)	6,11	0	0
Baiona	0	1 (122)	0	0	0	1 (122)	29,05	0	0
Ría de Vigo	**0**	**1 (122)**	**1 (8)**	**0**	**0**	**3 (130)**	**3,72**	0	0
Oia	0	1 (70)	0	0	0	1 (70)	31,96	0	0
Tui	0	1 (32)	1 (45)	0	0	2 (77)	28,31	0	0
Baixo Miño	**0**	**2 (102)**	**1 (45)**	**0**	**0**	**3 (147)**	**18,97**	0	0
LITORAL GALEGO	**0**	**13 (718)**	**9 (465)**	**2 (76)**	**2 (14)**	**26 (1.273)**	**6,48**	**3 (24)**	**0,46**

Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.
[1]Inclúe a oferta de albergues turísticos.

Figura nº4.2.1.3.4.- Oferta total de Turismo Rural distinguida coa "Q" de Calidade Turística nos espazos e municipios turísticos do litoral galego. Ano 2012.

"Q" calidade turística"

	Número	Cuartos	Total cuartos turismo rural	% sobre total cuartos
Trabada	1	18	60	30,00
Barreiros	1	20	54	37,04
Foz	3	52	52	100
Viveiro	2	48	74	64,86
A Mariña Lucense	**7**	**138**	**380**	**36,32**
Ortegal	**0**	**0**	**0**	**0**
Pontedeume	1	20	20	100
Miño	1	14	25	56,00
Paderne	1	17	29	58,62
Golfo Ártabro	**3**	**51**	**120**	**42,50**
Laxe	1	20	20	100
Muxía	2	32	32	100
Dumbría	1	14	28	50,00

Costa da Morte	**4**	**66**	**286**	**23,08**
Outes	2	28	54	51,85
Ría de Muros-Noia	**2**	**28**	**109**	**25,68**
A Pobra do Caramiñal	1	12	25	48,00
Ría de Arousa	**1**	**12**	**306**	**3,92**
Ría de Pontevedra	**0**	**0**	**0**	**0**
Cangas	1	25	86	29,07
Ría de Vigo	**1**	**25**	**216**	**11,57**
Baixo Miño	**0**	**0**	**0**	**0**
LITORAL GALEGO	**18**	**320**	**1.903**	**16,82**

Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos 2013: Turismo Rural". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 1 de setembro de 2012.

Figura nº4.2.1.3.5.- Oferta total de campings distinguidos coa "Q" de Calidade Turística nos espazos e municipios turísticos do litoral galego. Ano 2012.

	"Q" calidade turística"		**Oferta total prazas**	**% sobre total prazas**
	Número	**Plazas**		
A Mariña Lucense	**0**	**0**	**0**	**0**
Ortegal	**0**	**0**	**0**	**0**
Golfo Ártabro	**0**	**0**	**0**	**0**
Costa da Morte	**0**	**0**	**0**	**0**
Porto do Son	1	390	960	40,63
Ría de Muros-Noia	**1**	**390**	**1.629**	**23,94**
Ribeira	1	381	1.185	32,15
Ría de Arousa	**1**	**381**	**4.012**	**9,50**
Ría de Pontevedra	**0**	**0**	**0**	**0**
Ría de Vigo	**0**	**0**	**0**	**0**
Baixo Miño	**0**	**0**	**0**	**0**
LITORAL GALEGO	**2**	**771**	**30.335**	**2,54**

Fonte: Elaboración propia a partir da "Guía de Aloxamentos 2013: Campings". Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

A modo de breve conclusión deste subapartado, sinalar que o analizar a implementación do distintivo "Q" de Calidade Turística no litoral galego observamos como predomina en empresas do sector hoteleiro e en concreto nos establecementos de maior calidade (4 e 5 estrelas). Unha realidade que nos volve a poñer de relevo as carácterísticas do sector turístico galego, dominado por empresas de pequena dimensión, xestionadas na súa gran maioría polos seus propietarios con criterios poucos centrados nas esixencias do mercado de demana actual.

4.2.2.- A oferta turística residencial.

Os xestores das OMDs do litoral galego deben ser plenamente conscientes dos profundos e vertixinosos cambios estruturais que está a experimentar a actividade turística a escala global. Uns cambios nas megatendencias que afectan tamén aos patróns de conduta das viaxes vacacionais. Os turistas permanecen cada vez menos tempo, autoorganizanse de forma acelerada as súas viaxes e gracias ás posibilidades que

facilita Internet para contratar directamente a oferta de servicios turísticos e os novos modelos de transporte, aloxanse cada día máis en vivendas propias, de amigos ou alugadas,..., o que supón unha progresiva ruptura do modelo e fundamentos de oferta e demanda sobre o que Galicia perfilou tradicionalmente o seu turismo litoral. Cambios na demanda coincidentes na última década cun escenario onde a oferta turística veuse marcada dende o punto de vista da súa ordenación territorial por un acelerado proceso de urbanización e construcción no litoral galego. Un proceso que unicamente paralizou os efectos da crise económica vinculada ao estalido da burbulla inmobiliaria. Cuestión que abordamos con suficiente profundidade no capítulo segundo deste traballo de investigación. As múltiples derivacións que iso comporta, e que superan as meramente turísticas, demandan un exercicio urxente de reflexión por parte dos xestores das OMDs para coñecer os diferentes impactos socioeconómicos como de orde ambiental que diso se derivaron a corto plazo, así como para valorar a competitividade a medio plazo dos distintos modelos de desenvolvemento que rixen nos diversos municipios turísticos do litoral, e a adecuación desos espacios turísticos a uns clientes cada día máis esixentes dunhas experiencias máis integrais.

O atractivo e competitividade de cualquer destino turístico derivase en boa parte de cal sexa o nivel e equilibrio entre as diversas categorías e tipoloxías de aloxamento, e sobre todo cómo se integren cos diversos servicios complementarios na conformación da denominada cadea de valor e as experiencias que se materializan nos mesmos, así como da ordenación territorial e as condicións do entorno no que se insertan. A realidade é que nas últimas décadas, nun bo número de municipios do litoral galego xeneralizaronse dinámicas que desembocaron en entornos sometidos a un urbanismo extensivo, e que induciron posicionamentos turísticos máis ben indiferenciados. En definitiva, unha excesiva presión urbanizadora, amparada nos altos rendementos que a curto prazo xeraba a promoción inmobiliaria ata o estalido da burbulla inmobiliaria. Un proceso urbanizador que condicionou a competitividade dos seus recursos naturais e patrimoniais dun bo número de municipios do litoral galego, poñendo en risco a capacidade das suás infraestructuras e sistemas para garantir os maiores empregos e unha renda sostible.

Os xestores das OMDs do litoral galego deben ser conscientes das potencialidades turísticas dos seus territorios co obxecto de configurar un modelo de desenvolvemento turístico acorde e diferenciado. Un modelo que debe fuxir do excesivo incremento da superficie urbanizada de carácter residencial. Unhas residencias secundarias que constitúen sen ningún tipo de dubida o elemento da paisaxe que mellor define e pecullariza o proceso de producción de espacio de ocio en amplos ámbitos territoriais do litoral galego. Un modelo de crecemento baseado na construción de residencias secundarias que fan a competencia á oferta regrada, responde a un esquema no que a especulación urbanística propiciou que a oferta de camas vaia por diante da demanda, o que xunto á existencia dunha importante oferta ilegal e desleal repercute nuns baixos prezos e escasa calidade da oferta hoteleira. Situación que demanda dende as OMDs unha maís que necesaria planificación que aborde todos estes aspectos; planificación non circunscrita únicamente aos problemas urbanísticos directamente derivados da proliferación da segunda residencia senón que abranga todo o ámbito territorial do destino turístico en cuestión. Non esquezamos a importancia que dentro do produto turístico ten o manter uns elevados niveis de calidade ambiental, para o cual faise preciso establecer unha serie de medidas que ordenen e limiten a ocupación do territorio, xa que ó sobrepasarse un determinado umbral de capacidade de carga producirase automáticamente un deterioro da calidade da experiencia turística.

4.2.2.1.- *O mercado inmobiliario.*

As series publicadas polo IGE posibilítannos ofrecer a evolución real na licitación de obra de nova planta durante o último período intercensual. De feito, analizamos a licitación de obra nos municpios do litoral galego para o intervalo 2002-2012 (Figura nº4.2.2.1.1). Un primeiro comentario debe versar sobre o evidente descenso do mercado da construción a raíz da crise económica inciada a finais de 2007. Unha crise caracterizada pola caída do sector do ladrillo e o consecuente estalido da burbulla inmobiliaria. Neste sentido, Galicia pasou de licitar 6.506 permisos de obra de nova planta (Figura nº4.2.2.1.1) cun total de 45.614 vivendas no ano 2007 (Figura nº4.2.2.1.3) a tramitarse soamente 1.582 licenzas para unha previsión de 2.192 vivendas no ano 2012. Falamos dunha caída do -311,25% e do 1.980,93%, respectivamente. Unha pauta de comportamento xeralizable tanto ás distintas provincias coma ao conxunto do litoral galego (Figura nº4.2.2.1.2). No conxunto do litoral as vivendas previstas de nova planta baixo licenza pasaron dun máximo 22.764 en 2006 a 1.476 no ano 2012, un descenso do -1.442,28 puntos.

O incesante crecimento do mercado no período comprendido entre 2002-2007, a pesar do prolongado aumento de prezos, soamente pode coexplicarse con que boa parte das novas vivendas tiñan un destino turístico e de segunda residencia dentro conxunto do litoral galego. Conxuntamente con factores como as continuas melloras nas condicións de financiación, tanto pola caída dos tipos de interese a uns tipos reais negativos, como polo aumento dos prazos dos préstamos e a falta de alternativas rendables para a canalización do aforro, o atractivo da vivenda como depósito de valor faise evidente. Así mesmo, durante estes anos a vivenda mostrouse como un activo altamente rendable, con tasas de revalorización reais en torno ao 14% anual. Unha burbulla edificativa que ten no litoral galego dous exemplos emblemáticos Barreiros e Ribeira, con 1.826 e 2.275 vivendas de nova planta no ano 2007. Estamos ante dous muncipios que neses momentos contaban con 3.246 e 27.181 habitantes de poboación de feito. Unha realidade que implicaba que o número de vivendas iniciadas alcanzara un ratio de 562,54 e 83,70 por cada mil habitantes en Barreiros e Ribeira, respectivamente. Nese ano 2007, o ratio en Galicia situábase en 16,45. Polo tanto, uns valores excepcionalmente altos que conduciron no caso do municipio de Barreiros á intervención da Xunta de Galicia paralizando as licenzas coa suspensión das normas de planeamento. Agora ben, a situación era neses momentos tan preocupante en todo o litoral galego que a Xunta de Galicia aprobou a supresión de novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral nos terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros "(...) dende o límite interior da ribeira do mar (..)"[64].Recordemos tamén que no ano 2007 dos 79 municipios litorais estudados só A Pobra do Caramiñal adaptara o seu urbanismo á Lei de Solo de 2002. Unha situación que mellorou actualmente pero non o suficiente, o certo é que existe no ano 2012 unha escasa adaptación dos municipios á vixente normativa galega de solo[65]. Unha situación que nos permite afirmar que foi a crise e a conseguinte baixada da burbulla inmobiliaria a que salvou importantes tramos do litoral galego da deterioración paisaxística ocasionada por un desenvolvemento

[64]Artigo 3.1. da "Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia". DOG nº94, de 16/5/2007; pp. 8.035-8.041.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20070516/Anuncio14756_es.html

[65] Unha problemática que abordamos xa amplamente no apartado 3.5, polo tanto, limitámonos apuntala.

urbanístico incontrolado e especulativo. A xeito de exemplo, as licenzas de obra maior aprobadas en Barreiros no ano 2012 foron cero. Nese mesmo ano, as vivendas previstas en Sanxexo foron 31 fronte ás 637 do 2007, un caía do mercado dun total de -1.954,84 puntos. Exemplos que se repiten por todo o litoral (Figura nº4.2.2.1.3). Un feito que tampouco nos pode deixar de lamentar certos desenvolvementos urbanísitos que chegaron a culminarse degradando o litoral e prexudicando a imaxe do noso produto turístico litoral.

Figura nº4.2.2.1.1.- Evolución do número de licencias de obra maior (nova planta) en Galicia, a nivel provincial[1], nos espazos turísticos e municipios do litoral galego. Perído 2002-2012. Unidade: Número de licencias.

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Trabada	5	1	2	1	1	0	2	2	2	2	0
Ribadeo	49	17	34	22	31	7	6	0	0	1	0
Barreiros	68	13	25	30	71	25	3	6	1	2	0
Foz	99	21	17	..	..	..	..	..	9	8	6
Burela	10	7	13	16	19	46	9	..	2	0	0
Cervo	29	14	9	7	31	20	14	4	10	6	8
Xove	0	5	8	13	18	53	24	0	1	2	1
Viveiro	30	10	29	38	17	28	17	4	14	12	3
O Vicedo	0	0	0	0	0	39	29	6	4	3	0
A Mariña Lucense	**290**	**88**	**137**	**127**	**188**	**218**	**104**	**22**	**43**	**36**	**18**
Mañón	0	0	0	..	..	..	..	0	0	0	0
Ortigueira	18	8	14	14	7	13	4	2	2	2	4
Cariño	10	1	10	5	16	9	13	2	3	2	1
Cedeira	16	13	23	24	45	36	19	6	5	1	12
Valdoviño	46	48	31	39	30	23	16	9	17	14	6
Ortegal	**90**	**70**	**78**	**82**	**98**	**81**	**52**	**19**	**27**	**19**	**23**
Narón	86	73	101	85	119	79	73	43	32	40	27
Ferrol	53	51	62	130	50	54	33	17	21	12	10
Neda	12	1	3	10	25	23	5	1	3	2	2
Fene	23	16	22	19	10	31	19	11	10	9	12
Mugardos	21	16	19	13	33	17	10	7	2	6	4
Ares	21	31	29	35	51	28	2	0	2	0	0
Cabanas	16	2	5	3	..	11	5	15	7	3	2
Pontedeume	42	14	6	4	3	3	..	..	2	0	1
Miño	6	24	32	40	13	64	23	28	15	7	8
Paderne	16	7	4	4	5	0	3	4	3	8	3
Betanzos	52	10	29	8	43	14	9	13	14	9	8
Bergondo	91	31	37	46	34	38	32	17	8	9	8
Sada	78	74	103	95	22	6	9	7	12	15	27
Oleiros	90	108	97	109	97	128	91	61	62	75	42
Cambre	9	38	12	32	..	29	15	8	8	13	11
Culleredo	101	47	56	54	50	38	46	19	17	14	13
A Coruña	111	100	114	100	84	64	39	14	17	7	13

Arteixo	73	45	59	45	50	61	16	6	5	4	17
A Laracha	34	6	39	50	59	40	36	19	17	10	15
Golfo Ártabro	**935**	**694**	**829**	**882**	**748**	**728**	**466**	**290**	**257**	**243**	**223**
Carballo	106	53	51	74	92	75	77	48	43	48	21
Malpica	13	8	20	23	24	28	10	6	6	5	6
Ponteceso	19	12	13	16	29	12	19	7	5	6	6
Cabana de Bergantiños	14	18	..	..	..	..	15	5	5	4	3
Laxe	28	9	4	22	7	6	1	0	2	2	4
Vimianzo	16	6	3	9	6	..	..	4	6	3	5
Camariñas	17	4	5	10	9	8	1	6	0	0	1
Muxía	10	5	7	9	4	3	10	3	3	1	1
Cee	16	16	21	14	33	19	14	16	12	8	6
Fisterra	16	10	34	76	37	28	1	5	9	11	8
Corcubión	..	..	..	..	..	..	..	..	3	3	4
Dumbría	0	0	0	0	0	..	0	1	0	0	0
Carnota	6	8	12	11	18	19	8	7	8	6	3
Costa da Morte	**261**	**149**	**170**	**264**	**259**	**198**	**156**	**108**	**102**	**97**	**68**
Muros	20	12	11	13	3	1	0	0	4	8	7
Outes	7	6	10	9	16	24	6	5	6	13	9
Noia	11	14	13	23	18	16	8	1	4	2	4
Porto do Son	125	17	23	25	40	23	21	10	4	2	13
Ría de Muros-Noia	**163**	**49**	**57**	**70**	**77**	**64**	**35**	**16**	**18**	**25**	**33**
Ribeira	110	71	64	66	88	112	48	15	22	27	20
A Pobra do Caramiñal	54	42	45	22	49	45	41	19	20	15	11
Boiro	88	35	51	89	87	67	38	21	27	13	12
Rianxo	91	17	22	27	21	14	18	6	3	5	2
Catoira	10	5	13	21	20	23	10	6	4	7	3
Vilagarcía de Arousa	74	93	68	89	59	85	43	28	15	14	14
Vilanova de Arousa	36	14	24	11	23	38	25	12	13	10	12
A Illa de Arousa	31	5	21	29	25	15	14	9	7	11	6
Cambados	43	48	41	50	49	58	29	18	16	9	6
Meaño	24	15	12	25	36	29	22	5	8	13	8
Ría de Arousa	**561**	**345**	**361**	**429**	**457**	**486**	**288**	**139**	**135**	**124**	**94**
Sanxenxo	39	57	84	140	130	133	77	44	30	22	25
O Grove	26	39	31	17	14	5	40	13	27	15	13
Poio	42	26	26	33	44	36	31	9	16	9	14
Pontevedra	109	71	54	70	55	86	47	37	25	15	13
Marín	39	17	10	7	7	11	2	1	3	0	0
Bueu	26	18	17	21	19	24	20	23	14	13	6
Ría de Pontevedra	**281**	**228**	**222**	**288**	**269**	**295**	**217**	**127**	**115**	**74**	**71**
Cangas	85	64	83	64	82	70	7	34	31	27	21
Moaña	73	56	70	114	43	40	49	28	22	21	7
Vilaboa	30	18	14	38	57	71	45	16	18	12	12
Soutomaior	14	7	12	8	9	16	12	5	5	5	4
Redondela	40	62	39	39	44	56	47	35	23	24	17


Vigo	154	215	238	130	75	83	126	89	109	54	88
Nigrán	76	27	32	91	54	20	22	16	7	8	13
Baiona	60	54	38	54	41	48	8	8	5	13	7
Ría de Vigo	**532**	**503**	**526**	**538**	**405**	**404**	**316**	**231**	**220**	**164**	**169**
Oia	50	27	24	26	26	32	11	9	2	4	6
O Rosal	28	44	38	61	77	52	13	12	7	7	14
A Guarda	35	39	28	23	45	40	24	15	11	9	14
Tomiño	86	118	132	183	212	174	77	43	30	18	10
Tui	79	17	35	38	19	60	41	28	10	21	17
Baixo Miño	**278**	**245**	**257**	**331**	**379**	**358**	**166**	**107**	**60**	**59**	**61**
LITORAL GALEGO	**3.391**	**2.371**	**2.637**	**3.011**	**2.880**	**2.832**	**1.800**	**1059**	**977**	**841**	**760**
A Coruña	3.062	1.729	2.389	2.559	2.407	2.612	2.060	1.007	939	780	663
Lugo	860	398	592	595	636	831	661	369	323	244	247
Ourense	601	361	415	525	528	527	517	248	207	195	131
Pontevedra	2.158	1.830	2.152	2.518	2.373	2.536	1.760	959	780	637	541
Galicia	6.681	4.318	5.548	6.197	5.944	6.506	4.998	2.583	2.249	1.856	1.582

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE. Ministerio de Fomento: "Estatística de construción de edificios".

[1]As sumas provinciais non coinciden coas municipais xa que se realizan estimacións por elevación para concellos sin resposta nalgún mes, distinguindo entre maiores e menores de 10.000 habitantes.

(..) Dato non dispoñible

Figura nº4.2.2.1.2.- Evolución da oferta do número de vivendas previstas nas licencias de obra maior (nova planta) en Galicia, a nivel provincial e no conxunto do litoral galego. Período 2002-2012 (2002=100).



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE. Ministerio de Fomento: "Estatística de construción de edificios".

Figura nº4.2.2.1.3.- Evolución do número de vivendas previstas nas licencias de obra maior (nova planta) en Galicia, a nivel provincial[1], nos espazos turísticos e muncipios do litoral galego. Perído 2002-2012. Unidade: Número de vivendas previstas.

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Trabada	1	18	1	0	0	0	0	0	0	3	0
Ribadeo	119	200	497	147	143	40	56	0	0	1	0
Barreiros	70	47	25	79	1.826	224	23	5	1	2	0
Foz	200	147	100	..	..	..	..	..	9	7	3
Burela	188	77	174	93	364	815	184	..	3	0	0
Cervo	38	44	87	140	1.065	196	146	4	8	27	3
Xove	0	18	39	28	219	364	88	0	1	2	1
Viveiro	455	481	228	529	544	720	123	2	26	64	1
O Vicedo	0	0	0	0	0	39	49	5	29	3	0
A Mariña Lucense	**1.071**	**1032**	**1.151**	**1.016**	**4.161**	**2.398**	**669**	**16**	**77**	**109**	**8**
Mañón	0	0	0	..	..	..	..	0	0	0	0
Ortigueira	25	10	52	83	107	241	3	1	8	3	5
Cariño	15	1	102	41	182	182	148	1	44	0	1
Cedeira	37	35	256	211	290	459	60	6	3	1	9
Valdoviño	46	61	29	210	30	38	16	9	17	14	6
Ortegal	**123**	**107**	**439**	**545**	**609**	**920**	**227**	**17**	**72**	**18**	**21**
Narón	351	715	1.161	1.774	892	1.066	666	64	60	54	53
Ferrol	167	344	361	592	236	453	100	59	73	72	9
Neda	12	1	3	12	152	112	5	1	3	2	2
Fene	48	80	114	131	97	110	130	27	10	9	9
Mugardos	85	122	136	34	269	316	10	96	2	7	4
Ares	26	113	285	284	728	349	43	0	21	0	0
Cabanas	51	2	4	2	..	6	4	15	7	3	2
Pontedeume	173	64	45	22	14	8	..	..	2	0	5
Miño	34	82	255	503	100	402	46	67	15	30	8
Paderne	9	2	1	2	2	0	2	3	2	7	3
Betanzos	65	17	106	82	400	70	98	68	11	18	8
Bergondo	102	26	33	47	35	34	30	16	36	9	8
Sada	225	257	717	725	280	65	37	11	21	15	31
Oleiros	269	581	527	429	355	556	289	86	203	107	137
Cambre	21	300	112	228	..	114	240	8	8	13	10
Culleredo	376	332	362	295	120	393	181	31	76	14	12
A Coruña	3.437	2.174	1.323	2.752	1.507	1.494	655	261	368	150	156
Arteixo	373	543	562	340	374	783	220	83	4	3	88
A Laracha	145	39	217	238	306	204	104	26	18	10	12
Golfo Ártabro	**5.969**	**5.794**	**6.324**	**8.492**	**5867**	**6.535**	**2860**	**922**	**940**	**523**	**557**
Carballo	197	348	183	419	775	548	416	89	83	45	35
Malpica	17	13	29	101	343	341	120	7	6	5	6
Ponteceso	22	16	18	58	231	230	76	37	5	6	4
Cabana de Bergantiños	12	10	..	..	..	..	49	4	5	4	3
Laxe	48	77	34	131	61	88	1	0	2	2	3
Vimianzo	13	12	3	22	27	..	..	4	40	3	4

Camariñas	26	1	4	77	36	45	1	6	0	0	1
Muxía	11	2	53	37	40	26	63	3	3	1	1
Cee	89	73	134	85	506	138	87	26	24	5	3
Fisterra	99	38	198	727	256	88	16	5	50	9	5
Corcubión	..	..	..	..	..	..	..	..	4	3	4
Dumbría	0	0	0	0	0	..	0	0	0	0	0
Carnota	6	7	33	28	56	94	32	16	8	5	1
Costa da Morte	**540**	**597**	**689**	**1.685**	**2.331**	**1.598**	**861**	**197**	**230**	**88**	**70**
Muros	109	26	27	18	3	1	0	0	0	38	7
Outes	6	6	8	35	45	313	14	4	6	11	9
Noia	112	55	100	190	103	89	31	1	20	2	4
Porto do Son	189	29	150	194	287	294	64	19	4	1	13
Ría de Muros-Noia	**416**	**116**	**285**	**437**	**438**	**697**	**109**	**24**	**30**	**52**	**33**
Ribeira	325	503	548	419	960	2275	502	81	41	36	34
A Pobra do Caramiñal	145	185	127	35	194	246	177	23	27	18	13
Boiro	229	339	433	793	1229	974	264	60	36	11	62
Rianxo	167	72	208	233	87	104	36	5	5	5	2
Catoira	9	4	32	109	106	300	135	41	2	7	1
Vilagarcía de Arousa	493	510	559	653	538	476	246	187	13	14	29
Vilanova de Arousa	96	47	163	34	62	232	56	22	14	7	11
A Illa de Arousa	105	20	186	119	331	85	127	37	7	11	7
Cambados	100	94	159	141	413	308	102	30	19	7	3
Meaño	31	40	14	48	75	98	103	4	3	10	8
Ría de Arousa	**1.700**	**1.814**	**2.429**	**2.584**	**3.995**	**5.098**	**1.748**	**490**	**167**	**126**	**170**
Sanxenxo	75	388	477	578	567	637	329	111	136	87	31
O Grove	63	191	99	65	175	5	84	89	27	12	17
Poio	352	129	117	107	309	127	123	9	16	9	15
Pontevedra	1.006	869	449	737	929	760	441	214	311	125	230
Marín	119	43	45	90	37	145	5	1	3	0	0
Bueu	80	58	32	69	29	159	66	40	14	13	6
Ría de Pontevedra	**1.695**	**1.678**	**1.219**	**1.646**	**2.046**	**1.833**	**1.048**	**464**	**507**	**246**	**299**
Cangas	341	448	267	315	342	131	7	59	52	43	20
Moaña	179	210	229	378	156	298	89	31	73	58	13
Vilaboa	29	20	14	41	65	81	49	14	17	15	12
Soutomaior	62	90	162	74	51	191	13	16	6	21	4
Redondela	121	145	94	90	297	273	264	82	39	20	16
Vigo	1.298	2.911	2.451	1.413	1.187	1.146	847	482	260	82	179
Nigrán	99	184	104	260	122	52	121	16	6	9	13
Baiona	249	190	279	118	146	287	61	8	4	43	5
Ría de Vigo	**2.378**	**4.198**	**3.600**	**2.689**	**2.366**	**2.459**	**1.451**	**708**	**457**	**291**	**262**
Oia	48	26	24	28	25	32	11	8	2	3	5
O Rosal	68	78	68	91	261	222	13	12	7	7	12
A Guarda	98	172	99	231	314	285	85	33	10	16	14
Tomiño	131	222	270	291	334	243	87	42	29	18	9
Tui	79	9	35	102	17	60	41	27	9	18	16
Baixo Miño	**424**	**507**	**496**	**743**	**951**	**842**	**237**	**122**	**57**	**62**	**56**

LITORAL GALEGO	**14.316**	**15.843**	**16.632**	**19.837**	**22.764**	**22.380**	**9.210**	**2.960**	**2.537**	**1.515**	**1.476**
A Coruña	11.172	10.233	15.254	17.802	17.869	22.665	10.480	3.412	2.573	1.236	1.060
Lugo	3.092	3.366	3.907	4.720	8.677	7.660	3.656	957	428	437	156
Ourense	2.277	2.381	2.769	2.823	3.382	3.176	2.531	752	382	934	159
Pontevedra	8.247	9.570	10.575	10.703	11.190	12.113	6.496	2.251	1.428	940	817
Galicia	**24.788**	**25.550**	**32.505**	**36.048**	**41.118**	**45.614**	**23.163**	**7.372**	**4.811**	**3.547**	**2.192**

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE. Ministerio de Fomento: "Estatística de construción de edificios".

[1]As sumas provinciais non coinciden coas municipais xa que se realizan estimacións por elevación para concellos sin resposta nalgún mes, distinguindo entre maiores e menores de 10.000 habitantes.

(..) Dato non dispoñible

4.2.2.2.- *A oferta de residencias secundarias.*

A expansión do uso residencial do solo, das residencias secundarias, ten unha clara proxección espacial nas modificacións rexistradas desde inicios do século XXI na organización do territorio litoral galego. Un litoral galego que estivo afastado tradicionalmente do desenvolvemento urbanístico residencial ligado ao produto turístico de "sol e praia", salvo sectores moi concretos (marxe norte de Ría de Pontevedra[66], os municipios de Baiona[67] e Nigran na órbita urbana de Vigo, Oleiros e Sada na zona de influencia da cidade da Coruña[68], ...) o que lle concedeu certa singularidade dentro do conxunto que conforma o litoral español. De feito, debido básicamente ao seu encravamento territorial, o litoral galego saíu case intacto da febre inmobiliaria dos anos 80 e 90 que esnaquizou outras zonas do litoral. Galicia era unha zona recóndita e de moi difícil acceso cuns tempos de viaxe elevados e cunhas estradas que se situaban á cabeza en índices de sinistralidade. Esta situación de seudo-illamento mantívose ata a total finalización no ano 2002 das autovías da Rías Altas e da Rías Baixas. Isto xunto co comezo na mellora da rede viaria interior aliviaron en gran parte os problemas de

[66]Neste sentido, recomendamos a lectura do libro: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2001). "Espacios turísticos e de ocio nas Rías Baixas: Unha análise a diferentes escalas". Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. No mesmo, abordamos o estudo do desenvolvemento turístico residencial na marxe norte de Ría de Pontevedra a inicios da década dos noventa do século XX. Un desenvolvemento que responde a dous modelos diferentes neste mesmo espazo. Por unha lado, Sanxenxo, especialmente, e Poio cun modelo de proliferación de residencias espontáneo, non planificado, que en calquera caso derivou na apropiación virtual de certos tramos da costa. Por outro, O Grove onde o desenvolvemento residencial estivo determinado pola posta en marcha de urbanizacións residenciais na décadas de 1960 e 1970. Un modelo de desenvolvemento vinculado en boa medida ao desenvolvemento pionero da oferta na Illa da Toxa. Para un maior coñecemento deste proceso, véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2002a): "A illa da Toxa: O planeamento urbanístico no proceso de construcción e transformación dun producto turístico litoral". Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevdra, Vigo.

[67]Véxase: SANTOS IGLESIAS, M. V. (2002): "El turismo en el Val Miñor. Transformaciones espaciales y socioeconómicas en el suroeste de la provincia de Pontevedra". Memoria de Licenciatura (Inédita), Departamento de Xeografía Aplicada, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

[68]Véxase: PENAS MURIAS, M. V. (1987): "El Área de Oleiros-Sada: Un espacio de Ocio en la periferia de La Coruña". Excma. Diputación Provincial de La Coruña, La Coruña. Neste libro, a autora reflexiona sobre o desenvolvemento incipiente residencial nos anos 80 do século XX nos municipios de Oleiros e Sada propiciado polo seu atractivo paisajístico e indudablemente a proximidade da cidade da Coruña. Especialmente interesante é o seu terceiro capítulo onde se aborda un estudo novedoso en Galicia, naqueles momentos, sobre a expansión residencial secundaria desde o punto de vista do seu morgfología e estilos de ocupación do territorio.

illamento e mala comunicación. Unhas circunstancias que propiciaron maiores desevolvementos inmobiliarios no espacio litoral. Un litoral onde o prezo era sensiblemente inferior ao doutros puntos litorais españois. Foi a partir de entón cando, cando nas Rías Baixas, a Costa da Morte, ou a Mariña de Lugo, comezaron a florecer urbanizacións de carácter turístico residencial. Este proceso de crecemento das residencias secundarias plasmouse nun deterioro da paisaxe tradicional e nunha excesiva concentración do espacio construido en determinados lugares concretos, de boa imaxe turística e adecuada accesibilidade. Unha realidade que queda plenamente reflaxada na evolución do número de residencias secundarias[69] durante o período intercensal 2001-2011. En Galicia este crecemento foi do 33,89% (Figura nº4.2.2.2.1). O litoral galego, no seu conxunto, pasou de albergar 214.790 residencias secundarias no ano 2001 a concentrar 266.312 no 2011. Unha evolución que representa un incremento do 23,99%. Agora ben, dentro do conxunto do litoral tanto a nivel espazos turísticos como municipal observamos comportamentos constrastados (Figura nº4.2.2.2.1):

- ✓ A Mariña Lucense (78,84%) e a Ría de Arousa (65,29%) son os espazos do litoral galego con maior incremento das residencias secundarias.
- ✓ Os municipios de Malpica (202,88%), Muxía (181, 55%), Fisterra (157,25%), Foz (147,78%) e Ribeira (142,07%) son os que experimentan un maior desenvolvemento residencial.
- ✓ Únicamente 13 dos 79 municipios analizados coñecen un retroceso censal no volume da súa oferta residencial de crácter secundario. Dentro dos mesmos, a explicación responde a diferentes causas. Dumbría é o territorio con maior descenso (-193,33%), aínda que cabe arguementar o pouco peso da súa carga residencial secundaria (30 vivendas no ano 2011). Moi significativo, é o caso de O Grove (-4,18%). Atopámonos con municipio cun tradicional desenvolvemento turístico residencial de "sol e praia". Os motivos do seu retroceso obedecen basicamente, na nosa opinión, ao cambio de uso das vivendas a principais. Un cambio de dedicación claramente favorecido pola súa mellora de accesibilidade ligada á inaguración da Vía Rápida do Salnés, posteriormente desdobrada en Autovía, neste último caso inagura no ano 2008. A está lóxica de cambio uso, tamén responden os casos de Carballo (-6,92%), Pontevedra (-6,01%) e A Coruña (-0,71%), todos municipios con destacados núcleos urbanos. Vigo, aínda que con valores positivos (0,02%) presenta un estancamento da súa oferta residencial que obedece aos mesmos motivos.

[69]Antes de continuar afondando na nosa análise, cremos oportuno sinalar que nos encontramos ante unha tipoloxía de aloxamento turístico de difícil aproximación dado que carecemos de información actualizada sobre o parque de vivendas de potencial uso turístico e se carece dos elementos de valor para deducir cuales son gozadas como tales. Para os efectos deste estudo, seguindo as pautas de DELOITTE/EXCELTUR (2005), realizamos unha aproximación ao parque de vivendas que polas súas condicións e localización se poden utilizar turisticamente. Con tal obxecto, ao longo do presente traballo de investigación, consideraremos como residencias secundarias non só a aquelas que foron declaradas como *segundas residencias* se non tamén a todas aquelas *baleira*s no momento de realizarse o Censo de Poboación e Vivendas por parte do INE. DELOITTE/ÁREA DE ESTUDIOS E INVESTIGACIÓN DE EXCELTUR (2005): "Impactos sobre el entorno, la economía y el empleo de los distintos modelos de desarrollo turítico del litoral Mediterráneo español, Baleares y Canarias: Sumariom ejecutivo". Exceltur, Madrid; op. cit. páx. 20.

Figura nº4.2.2.2.1.- Evolución do número de vivendas secundarias[1] en Galicia, a nivel provincial, nos espazos turísticos e muncipios do litoral galego. Perído 2001-2011. Unidade: Número de vivendas.

	2001	2011	Δ %
Trabada	91	260	185,71
Ribadeo	1.708	2.403	40,69
Barreiros	1.587	3.533	122,62
Foz	2.566	6.358	147,78
Burela	1.576	1.929	22,40
Cervo	599	1.058	76,63
Xove	227	208	-9,13
Viveiro	2.906	4.661	60,39
O Vicedo	476	579	21,64
A Mariña Lucense	**11.736**	**20989**	**78,84**
Mañón	279	451	61,65
Ortigueira	1.381	2.635	90,80
Cariño	793	1.527	92,56
Cedeira	1.834	2.686	46,46
Valdoviño	1.923	2.693	40,04
Ortegal	**6210**	**9992**	**60,9**
Narón	4.423	4.569	3,30
Ferrol	10.647	11.691	9,81
Neda	669	426	-57,04
Fene	1.563	1.928	23,35
Mugardos	781	990	26,76
Ares	1.207	2.926	42,42
Cabanas	1.046	1.151	10,04
Pontedeume	1.504	1.970	30,98
Miño	1.633	3.369	106,31
Paderne	375	243	-54,32
Betanzos	2.203	2.617	18,79
Bergondo	1.739	1.533	13,44
Sada	3.674	4.055	10,37
Oleiros	5.303	5.607	5,73
Cambre	2.838	3.645	28,44
Culleredo	3.282	4.104	25,05
A Coruña	30.040	29.827	-0,71
Arteixo	4.365	5.727	31,20
A Laracha	1.276	1.788	40,13
Golfo Ártabro	**78.568**	**88.166**	**12,22**
Carballo	5.530	5.172	-6,92
Malpica	867	2.626	202,88
Ponteceso	1.320	1.135	-16,30
Cabana de Bergantiños	354	832	135,03

Laxe	1.091	1.547	41,80
Vimianzo	785	1.258	60,25
Camariñas	2.099	1.854	-13,21
Muxía	412	1.160	181,55
Cee	1.348	2.393	77,52
Fisterra	786	2.022	157,25
Corcubión	359	837	133,15
Dumbría	88	30	-193,33
Carnota	1.074	1.734	61,45
Costa da Morte	**16.113**	**22.600**	**40,26**
Muros	1.986	2.275	14,55
Outes	1.227	1.373	11,90
Noia	2.427	2.818	16,11
Porto do Son	1.851	3.078	66,29
Ría de Muros-Noia	**7.491**	**9.544**	**27,41**
Ribeira	2.798	6.773	142,07
A Pobra do Caramiñal	1.076	1.930	79,37
Boiro	2.035	3.654	79,56
Rianxo	750	1.691	125,47
Catoira	299	285	-4,91
Vilagarcía de Arousa	4.494	5.810	29,28
Vilanova de Arousa	1.302	1.331	2,23
A Illa de Arousa	518	1.066	105,79
Cambados	1.257	1.749	39,14
Meaño	480	519	8,13
Ría de Arousa	**15.009**	**24.808**	**65,29**
Sanxenxo	8.992	11.059	22,99
O Grove	3.964	3.805	-4,18
Poio	2.264	3.373	48,98
Pontevedra	9.130	8.612	-6,01
Marín	2.604	3.302	26,80
Bueu	1.917	2.714	41,58
Ría de Pontevedra	**28.871**	**32.865**	**13,83**
Cangas	3.830	4.590	19,84
Moaña	1.272	2.499	96,46
Vilaboa	448	960	114,29
Soutomaior	464	1.013	118,32
Redondela	2.822	3.123	10,67
Vigo	29.119	29.124	0,02
Nigrán	4.317	4.988	15,54
Baiona	3.112	4.445	42,83
Ría de Vigo	**45.384**	**50.742**	**11,81**
Oia	423	654	54,61
O Rosal	557	1.131	103,05
A Guarda	1.877	2.395	27,60

Tomiño	1.069	952	-12,29
Tui	1.482	1.474	-0,54
Baixo Miño	**5.408**	**6606**	**22,15**
LITORAL GALEGO	**214.790**	**266.312**	**23,99**
A Coruña	161.262	206.262	27,90
Lugo	61.471	88.158	43,41
Ourense	70.402	111.985	59,07
Pontevedra	114.852	139.843	21,76
Galicia	407.987	546.248	33,89

Fonte: Elaboración propia a partir do INE: "Censo de población y vivendas" dos anos 2001 e 2011.

[1]Consideramos como vivendas secundarias ás incluidas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principias" (secundarias+baleiras)".

Atendendo aos valores sobre residencias secundarias recollidos no Censo de Pobblación e Vivendas 2011 (INE) elaboramos unha serie de indicadores de presión co obxecto dimensionar territorialmente a oferta turística residencial no ámbito litoral galego. Empezaremos apuntando que no ano 2011 había censadas no conxunto do litoral galego 264.524 residencias de carácter secundario, o que implica unha oferta total de 1.065.248 prazas[70] (48,43% do total en Galicia). Unha cifra de residencias secundarias que supón que o 30,68% da vivendas no litoral teña carácter secundario, unha densidade de 54,28 residencias secundarias/km^2 e unha Taxa de Función Residencial (T.F.R.) do 44,28 (Figura nº4.2.2.2.2). Uns indicadores de presión que reflicten resultados inferiores á media de Galicia, salvo a densidade. A explicación reside nos elevados promedios das pronvicias de marcado carácter interior de Lugo e Ourense. Dous territorios afectados por un grave problema de despoboamento. Circunstancia, pola cal, o valor máis elevado do indicador de densidade no litoral cobra maior significación por ser este espazo onde se concentra maioritariamente o poboamento galego (54,86% da poboación de feito no ano 2012 e o 54,05% das vivendas). Os espazos turísticos do litoral galego con maior oferta de prazas en residencias secundarias son (Figura nº4.2.2.2.3): Golfo Ártabro (352.664 prazas, 33,11% e 16,14% do total do conxunto do litoral galego e Galicia, respectivamente), Ría de Vigo (202.968 prazas, 19,05% e 9,29% do total do conxunto do litoral galego e Galicia, respectivamente) e Ría de Pontevedra (131.460 prazas, 12,34% e 6,02% do total do conxunto do litoral galego e Galicia, respectivamente). Nos dous primeiros espazos, estes altos valores responden a localizar dentro o seu sector litoral aos municipios urbanos de A Coruña (119.308 prazas, 11,20% e 5,46% do total do conxunto do litoral galego e Galicia, respectivamente), Ferrol (46.764 prazas, 4,39% e 2,14% do total do conxunto do litoral galego e Galicia, respectivamente) e Vigo (116.496 prazas, 10,94% e 5,33% do total do conxunto do litoral galego e Galicia, respectivamente). A oferta residencial da Ría de Pontevedra responde a unha maior

[70]A cada unha das potenciais residencias secundarias computámoslle unha capacidade de aloxamento de catro prazas por vivenda co obxecto de poder aproximarnos aos potenciais niveis de presión humana que inducen sobre o medio do espazo litoral. Trátase dun valor de asignación empregado e asumido noutros traballos efectuados. Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2001). "Espacios turísticos e de ocio nas Rías Baixas: Unha análise a diferentes escalas". Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2002a): "A illa da Toxa: O planeamento urbanístico no proceso de construcción e transformación dun producto turístico litoral". Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevdra, Vigo.

especialización turística centrada no produto "sol e praia" como demostran os indicadores de "% de vivendas secundarias sobre total" (35,54) e de T.F.R. (55,14). De feito, nesta Ría, atópase o municipio de Sanxenxo de marcada vocación turística residencial (44.236 prazas, 4,15% e 2,02% do total do conxunto do litoral galego e Galicia, respectivamente). Unha vocación que queda patente no 0,62 do seu indicador "prazas en residencias por poboación de feito" como no valor da súa T.F.R. (189,50) (Figura nº4.2.2.2.4). Un promedio superado só polos muncipios de Barreiros (1,13) e Foz (0,64). Territorios localizados na Mariña Lucense que sufriron un auténtico "boom inmobiliario" turistico residencial a inicios do século XXI como testemuña o incremento de vivendas secuncarias rexistrado no Censo de Poboación e Vivendas de 2011 (122,62% e 147,78%, respectivamente) (Figura nº4.2.2.2.1).

Figrua nº4.2.2.2.2.- Oferta turística residencial en Galicia, por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2011.

	Número de vivendas secundarias[1]	% vivendas secundarias sobre total	Densidade (vivendas secundarias por Km^2)	T.F.R.[2]	Oferta de prazas en residencias secundarias[3]	% total Galicia
A Coruña	206.262	31,89	25,94	46,84	825.048	37,76%
Lugo	88.158	39,33	8,94	64,87	352.632	16,14%
Ourense	111.985	45,51	15,40	83,58	447.940	20,50%
Pontevedra	139.843	28,60	31,11	40,07	559.372	25,60%
Galicia	546.248	34,01	18,47	51,57	2.184.992	100%
LITORAL GALEGO	266.312	30,68	54,28	44,28	1.065.248	48,75%

Fonte: Elaboración propia a partir do INE: Padrón municipal de habitantes (2012) e Censo de Poboación e Vivendas (2011). Datos superficie km^2 IGN (Instituto Geográfico Nacional).

[1]Consideramos como vivendas secundarias ás incluidas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principias (secundarias+baleiras)".

[2]T.F.R.= Rs X 100 / Rp

onde:

TFR é a Tasa de Función Residencial;

Rs é o número de vivendas secundarias;

Rp é o número de vivendas principais

[3]Oferta prazas en residencias secundarias= nº vivendas secundarias X 4.

Figrua nº4.2.2.2.3- Oferta turística residencial espazos turísticos e muncipios do litoral galego. Ano 2011.

	Número de vivendas secundarias[1]	% vivendas secundarias sobre total	Densidade (vivendas por Km^2)	Residencias secundarias/ Poboación de feito	T.F.R.[2]	Oferta prazas residencias secundarias[3]	% sobre total do litoral	% total Galicia
Trabada	260	36,41	3,14	0,21	57,65	1.040	0,10%	0,05%
Ribadeo	2.403	36,96	22,07	0,24	58,74	9.612	0,90%	0,44%
Barreiros	3.533	74,60	48,80	1,13	293,68	14.132	1,33%	0,65%
Foz	6.358	62,65	63,39	0,64	167,85	25.432	2,39%	1,16%
Burela	1.929	34,23	247,31	0,20	52,09	7.716	0,72%	0,35%
Cervo	1.058	36,72	13,58	0,24	58,07	4.232	0,40%	0,19%
Xove	208	14,06	2,33	0,06	16,38	832	0,08%	0,04%
Viveiro	4.661	42,55	42,64	0,29	74,13	18.644	1,75%	0,85%
O Vicedo	579	46,28	7,62	0,31	86,16	2.316	0,22%	0,11%
A Mariña Lucense	**20.989**	**47,38**	**28,97**	**0,35**	**90,13**	**83.956**	**7,88%**	**3,84%**

Mañón	451	39,49	5,49	0,29	65,27	1.804	0,17%	0,08%
Ortigueira	2.635	49,17	12,55	0,40	96,95	10.540	0,99%	0,48%
Cariño	1.527	45,28	32,15	0,35	82,76	6.108	0,57%	0,28%
Cedeira	2.686	50,34	31,45	0,37	101,44	10.744	1,01%	0,49%
Valdoviño	2.693	50,97	30,53	0,39	103,98	10.772	1,01%	0,49%
Ortegal	**9.992**	**48,76**	**19,48**	**0,38**	**95,23**	**39.968**	**3,75%**	**1,83%**
Narón	4.569	22,72	68,30	0,12	29,49	18.276	1,72%	0,84%
Ferrol	11.691	27,78	141,37	0,16	38,49	46.764	4,39%	2,14%
Neda	426	16,03	17,39	0,09	19,09	1.704	0,16%	0,08%
Fene	1.928	26,12	73,31	0,14	35,36	7.712	0,72%	0,35%
Mugardos	990	30,26	77,34	0,18	43,38	3.960	0,37%	0,18%
Ares	2.926	56,51	159,89	0,50	129,93	11.704	1,10%	0,54%
Cabanas	1.151	48,04	37,99	0,35	92,52	4.604	0,43%	0,21%
Pontedeume	1.970	38,76	67,24	0,24	63,34	7.880	0,74%	0,36%
Miño	3.369	59,45	102,09	0,59	146,61	13.476	1,27%	0,62%
Paderne	243	20,84	6,11	0,09	26,33	972	0,09%	0,04%
Betanzos	2.617	33,21	108,14	0,19	49,77	10.468	0,98%	0,48%
Bergondo	1.533	38,16	46,88	0,23	61,78	6.132	0,58%	0,28%
Sada	4.055	41,36	147,45	0,27	70,55	16.220	1,52%	0,74%
Oleiros	5.607	30,05	128,31	0,16	42,99	22.428	2,11%	1,03%
Cambre	3.645	28,41	89,56	0,15	39,68	14.580	1,37%	0,67%
Culleredo	4.104	26,39	66,52	0,14	35,86	16.416	1,54%	0,75%
A Coruña	29.827	22,02	789,07	0,12	28,25	119.308	11,20%	5,46%
Arteixo	5.727	32,43	61,12	0,19	48,01	22.908	2,15%	1,05%
A Laracha	1.788	29,29	14,19	0,16	41,43	7.152	0,67%	0,33%
Golfo Ártabro	**88.166**	**27,30**	**103,49**	**0,16**	**37,57**	**352.664**	**33,11%**	**16,14%**
Carballo	5.172	31,19	27,55	0,16	45,34	20.688	1,94%	0,95%
Malpica	2.626	54,63	42,91	0,44	120,40	10.504	0,99%	0,48%
Ponteceso	1.135	32,94	12,34	0,19	49,11	4.540	0,43%	0,21%
Cabana de Bergantiños	832	34,94	8,30	0,17	53,71	3.328	0,31%	0,15%
Laxe	1.547	55,21	42,04	0,47	123,27	6.188	0,58%	0,28%
Vimianzo	1.258	31,77	6,72	0,16	46,63	5.032	0,47%	0,23%
Camariñas	1.854	44,09	35,93	0,30	78,86	7.416	0,70%	0,34%
Muxía	1.160	39,31	9,57	0,22	64,77	4.640	0,44%	0,21%
Cee	2.393	46,09	41,62	0,30	85,49	9.572	0,90%	0,44%
Fisterra	2.022	53,68	68,78	0,41	115,94	8.088	0,76%	0,37%
Corcubión	837	54,67	128,77	0,48	120,95	3.348	0,31%	0,15%
Dumbría	30	2,81	0,24	0,01	2,89	120	0,01%	0,01%
Carnota	1.734	51,06	24,46	0,38	104,65	6.936	0,65%	0,32%
Costa da Morte	**22.600**	**40,29**	**20,07**	**0,24**	**67,52**	**90.400**	**8,49%**	**4,14%**
Muros	2.275	40,18	31,21	0,24	67,17	9.100	0,85%	0,42%
Outes	1.373	35,89	13,77	0,19	56,02	5.492	0,52%	0,25%
Noia	2.818	33,93	75,75	0,19	51,38	11.272	1,06%	0,52%
Porto do Son	3.078	47,94	32,54	0,32	92,91	12.312	1,16%	0,56%
Ría de Muros-Noia	**9.544**	**39,41**	**31,35**	**0,23**	**65,10**	**38.176**	3,58%	**1,75%**
Ribeira	6.773	41,68	98,44	0,24	71,48	27.092	2,54%	1,24%
A Pobra do Caramiñal	1.930	35,08	59,38	0,20	54,08	7.720	0,72%	0,35%
Boiro	3.654	35,62	42,19	0,19	55,33	14.616	1,37%	0,67%
Rianxo	1.691	30,57	28,76	0,14	44,02	6.764	0,63%	0,31%
Catoira	285	19,11	9,69	0,08	22,63	1.140	0,11%	0,05%
Vilagarcía de Arousa	5.810	29,42	131,45	0,15	41,68	23.240	2,18%	1,06%
Vilanova de Arousa	1.331	27,40	39,61	0,13	37,77	5.324	0,50%	0,24%
A Illa de Arousa	1.066	40,50	154,49	0,21	68,07	4.264	0,40%	0,20%
Cambados	1.749	25,74	74,74	0,13	34,67	6.996	0,66%	0,32%
Meaño	519	23,14	18,66	0,10	30,10	2.076	0,19%	0,10%
Ría de Arousa	**24.808**	**32,94**	**60,21**	**0,17**	**49,13**	**99.232**	**9,32%**	**4,54%**
Sanxenxo	11.059	65,44	245,21	0,62	189,50	44.236	4,15%	2,02%
O Grove	3.805	48,84	173,74	0,34	95,55	15.220	1,43%	0,70%
Poio	3.373	35,96	99,50	0,20	56,15	13.492	1,27%	0,62%
Pontevedra	8.612	21,77	72,80	0,10	27,83	34.448	3,23%	1,58%

Marín	3.302	27,23	89,97	0,13	37,42	13.208	1,24%	0,60%
Bueu	2.714	40,39	88,12	0,22	67,75	10.856	1,02%	0,50%
Ría de Pontevedra	**32.865**	**35,54**	**114,63**	**0,20**	**55,14**	**131.460**	**12,34%**	**6,02%**
Cangas	4.590	31,77	120,47	0,18	46,58	18.360	1,72%	0,84%
Moaña	2.499	25,84	71,20	0,13	34,84	9.996	0,94%	0,46%
Vilaboa	960	32,30	26,02	0,16	47,71	3.840	0,36%	0,18%
Soutomaior	1.013	28,14	40,52	0,14	39,16	4.052	0,38%	0,19%
Redondela	3.123	22,23	59,94	0,10	28,60	12.492	1,17%	0,57%
Vigo	29.124	20,28	266,95	0,10	25,45	116.496	10,94%	5,33%
Nigrán	4.988	45,30	143,33	0,28	82,87	19.952	1,87%	0,91%
Baiona	4.445	51,89	128,84	0,37	107,89	17.780	1,67%	0,81%
Ría de Vigo	**50.742**	**24,40**	**138,79**	**0,12**	**32,29**	**202.968**	**19,05%**	**9,29%**
Oia	654	39,54	7,85	0,21	65,40	2.616	0,25%	0,12%
O Rosal	1.131	32,29	25,65	0,17	47,70	4.524	0,42%	0,21%
A Guarda	2.395	37,97	116,83	0,23	61,24	9.580	0,90%	0,44%
Tomiño	952	17,38	8,93	0,07	21,04	3.808	0,36%	0,17%
Tui	1.474	20,06	21,58	0,09	25,11	5.896	0,55%	0,27%
Baixo Miño	**6.606**	**27,20**	**20,46**	**0,13**	**37,37**	**26.424**	**2,48%**	**1,21%**
LITORAL GALEGO	**266.312**	**30,68**	**54,28**	**0,17**	**44,28**	**1.065.248**	**100%**	**48,75%**

Fonte: Elaboración propia a partir do INE: Padrón municipal de habitantes (2012) e Censo de Poboación e Vivendas (2011). Datos superficie km^2 IGN (Instituto Geográfico Nacional).

[1]Consideramos como vivendas secundarias ás incluidas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principias (secundarias+baleiras)".

[2]T.F.R.= Rs X 100 / Rp

onde:

TFR é a Tasa de Función Residencial;

Rs é o número de vivendas secundarias;

Rp é o número de vivendas principais

[3]Oferta prazas en residencias secundarias= nº vivendas secundarias X 4.

4.2.3.- Oferta total de aloxamento e indicadores de presión sobre o litoral galego.

O conxunto do litoral galego no ano 2012 concetraba un total 1.148.070 prazas potenciais de aloxamento túrístico (49,60% do total de Galicia). Un volume de oferta de aloxamento que vén a supor: 0,73 prazas/habitante e 233,98 pazas/Km^2. Un indicador de presión, este último, moi expresivo da importancia do sector turístico litoral dentro de Galicia. Non en van, o valor deste indicador duplica amplamente o resutado obtido para o conxunto do territorio galego. Por outro parte, a oferta de aloxamento dentro do litoral galego céntrase esencialmente nas vivendas de caracter secundario (92,79% do total da oferta de aloxamento) (Figura nº4.2.3.1). Unha realidade que se traduciu en problemas de degradación ambiental en determinados sectores do litoral.

Figrua nº4.2.3.1.- Oferta total de aloxamento e indicadores de presión en Galicia, por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2012.

	Total prazas oferta regrada	Oferta de prazas en residencias secundarias[1]	Total prazas aloxamento turístico	% prazas Galicia	Prazas/ poboación de feito	Total Prazas aloxamento turístico/km^2
A Coruña	47.275	825.048	872.323	37,69	0,76	109,72
Lugo	19.711	352.632	372.343	16,09	1,07	37,78
Ourense	9.556	447.940	457.496	19,76	1,39	62,90
Pontevedra	53.184	559.372	612.556	26,46	0,64	136,29
Galicia	129.727	2.184.992	2.314.719	100	0,83	78,27
LITORAL GALEGO	82.822	1.065.248	1.148.070	49,60	0,73	233,98

Fonte: Elaboración propia a partir do INE: Padrón municipal de habitantes (2012) e Censo de Poboación e Vivendas (2011). Datos superficie km^2 IGN (Instituto Geográfico Nacional). Directorio de empresas e actividades turísticas, Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo. Datos referidos ao 31 de decembro.
[1]Oferta prazas en residencias secundarias= nº vivendas secundarias X 4. Consideramos como vivendas secundarias ás incluidas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principias: (secundarias+baleiras)".

A continuación, con datos do ano 2012, individualizaremos os distintos espazos turísticos definidos dentro do litoral galego en función das características esenciais da súa oferta de aloxamento (Figuras nº4.2.3.2-4.2.3.5):

- ✓ *A Mariña Lucense* conta cun total de 90.176 prazas de aloxamento (7,85% e 3,90% do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Un volume de oferta que equivale a 1,50 prazas/habitante e 124,48 plazas/km^2. O peso maior dentro do conxunto da oferta de aloxamento deste espazo litoral son as residencias de carácter secundario cun total de 83.956 prazas (93,10% da oferta total). Os municipios dentro deste espazo litoral con maior número de prazas en residencias secundarias son por esta orde: Foz (26.483), Viveiro (20.066) e Barreiros (15.567). Agora ben, o maior volume de prazas por habitante corresponde a Barreiros (4,98) e de prazas por km^2 a Burela (1.040,13). En canto á oferta regrada de aloxamento, A Mariña Lucense conta con en total con 6.220 prazas (6,90% da oferta total). Esta oferta concéntrase esencialemente nos territorios de Ribadeo (1.436 prazas), Barreiros (1.435 prazas) e Viveiro (1.422 prazas). Agora ben, a oferta regrada de Barreiros esta baseada esencialmente nos cámpings, mentres nos outros dous municipios sobretodo en hoteis. Unha oferta que dentro da Mariña Lucense se caracteriza por ser de baixa calidade (58,53% das prazas en hoteis ofertadas son de 2 e 1 estrela). Hoteis que presentan un tamaño medio reducido (51,11 prazas/establecemento). En definitiva, A Mariña Lucense caracterízase por ser un espazo litoral cunha oferta predominantemente residencial e cunha oferta regrada escasa con baixa calidade.
- ✓ *Ortegal* localiza dentro do seu territorio un total de 41.595 prazas de aloxamento (3,62% e 1,80% do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Os indicadores de presión de oferta de aloxamento regristran os valores de 1,57 prazas/habitante de feito e 81,08 plazas/km^2. A oferta en Otergal de prazas en vivendas secundarias é de 39.968 (96,09% das prazas de aloxamento). Valdoviño (10.772), Cedeira (10.744) e Ortigueira (10.540) son os municipios que concentran basicamente este tipo de oferta residencial dentro deste espazo litoral. A oferta regrada dentro de Ortegal é de 1.627 prazas. Valdoviño

preséntase como o territorio con máis prazas dentro da oferta regrada (706 prazas). Dentro do cal dominan as prazas en cámping co 85,55% das prazas regradas (Figura nº4.2.3.2). En definitva, Ortegal constitúe un espazo litoral galego con unha oferta basicamente residencial, onde a oferta regrada é moi escasa e de baixa categoría.

- ✓ O *Golfo Ártabro* acolle no seu conxunto un total de 368.167 prazas de aloxamento (32,07% e 15,91% do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Unha cifra que o situa como o sector litoral galego con maior volume de oferta de aloxamento. Os indicadores de presión de oferta de aloxamento rexistran os valores de 0,66 prazas/habitante de feito e 432,17 plazas/km^2. O valor do primeiro destes indicadores, en cambio, matiza en certa medida o peso real desta oferta. A oferta no Golfo Ártabro de prazas en vivendas secundarias é de 352.664 (95,79% das prazas de aloxamento). Os municipios das cidades da Coruña (124.376 prazas) e Ferrol (48.005 prazas) son os que concentran o 46,82% das prazas en residencias secundarias de todo este espazo litoral. Uns valores que hai que manexar con cautela, dado o fator de distorsión que supón o carácter urbano destes territorios. En cambio, Miño (14.396 prazas) e Ares (12.111 prazas) son territorios onde o valor da súa oferta residencial cobra especial significación en función dos resultado obtidos polos seus indicadores de presión (Figrua nº4.2.2.2.3). A oferta regrada dentro do Golfo Ártabro é de 15.503 prazas. A Coruña con 5.068 prazas (32,69% do total de Golfo Ártabro) preséntase como o principal núcleo turístico. Unha situación que se debe ligar ao seu cáracter urbano e a súa variada carteira de produtos turísticos. En definitva, o Golfo Ártabro eríxese nun espazo litoral galego cun marcado carácter urbano que condiciona a súa oferta de aloxamento. Unha oferta basicamente de carácter residencial pero cunha oferta regrada diversificada, onde predominan as prazas en establecementos hostaleiros. A Coruña localiza 28 establecementos e 2.231 cuartos en hoteis. Unha oferta de cuartos en hoteis que se concentra nos de alta categoría, 5 e 4 estrelas (65,35% dos cuartos en hoteis). Por outra parte, o tamaño medio dos hoteis no Golfo Ártabro é de 110,02 prazas/hotel, mentres na Coruña é de 159,36 prazas/hotel. Polo tanto, A Coruña configúrase dentro deste espazo litoral como un referente na oferta de hoteis de calidade. Así mesmo, como unha das poucas excepcións dentro do litoral galego.
- ✓ A *Costa da Morte* contabiliza no seu conxunto un total de 96.818 prazas de aloxamento (8,43% e 4,18% do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Os indicadores de presión de oferta de aloxamento regristran os valores de 1,04 prazas/habitante de feito e 85,99 plazas/km^2. A oferta na Costa da Morte de prazas en residencias secundarias é de 90.400 (93,37% das prazas de aloxamento). Carballo (20.668 prazas) é o territorio con maior volume de oferta turística residencial de todo este espazo litoral. A oferta regrada dentro da Costa da Morte acada 6.418 prazas. Unha oferta vinculada esencialmente á de prazas en cámpings (2.467 prazas) e pensións (onde se inclúen albergues) (1.955 prazas). Non esquezamos que nos encontramos nun espazo onde está cobrando especial significación dentro da demanda Xacobea por ser atravesado polo Camiño de Fisterra. Cee (1.353 prazas), Carballo (1.026 prazas) e Muxía (1.020 prazas) son os municipios con maior volume de oferta regrada. Polo tanto, a Costa da Morte caracterízase como unha oferta basicamente de carácter residencial e por unha reducida oferta regrada en crecemento pero de baixa calidade.

- ✓ A *Ría de Muros-Noia*, o menor en superficie dos espazos establecidos no litoral galego (304,4 km^2), presenta un total de 41.189 prazas de aloxamento (3,59% e 1,78% do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Os indicadores de presión de oferta de aloxamento regristran os valores de 1,00 prazas/habitante de feito e 135,31 plazas/km^2. A Ría de Muros-Noia conta con 38.176 prazas en vivendas secundarias (92,68% das prazas de aloxamento). Porto do Son (12.312 prazas) e Noia (11.312 prazas) acollen gran parte desta oferta residencial. A proximidade xeográfica como a accesibilidade a Santiago de Compostela determinan en boa medida o peso desta oferta. A oferta regrada dentro do conxunto da Ría de Muros-Noia é de 3.013 prazas (Figura nº4.2.3.3). Unha oferta regrada onde dominan as 1.629 prazas en acampamentos turísticos (54,07% das prazas rebancadas da Ría de Muros-Noia). En defnitiva, a Ría de Muros-Noia presenta unha oferta basicamente de carácter residencial e unha oferta regrada de baixa calidade centrada basicamente en ao tipoloxía de cámpings.
- ✓ A *Ría de Arousa* localiza un total de 107.325 prazas de aloxamento (9,35% e 4,64% das prazas do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Os indicadores de presión de oferta de aloxamento rexistran os valores de 0,74 prazas/habitante de feito e 260,50 plazas/km^2. A Ría de Arousa conta con 99.232 prazas en vivendas secundarias (92,46% das prazas de aloxamento). Ribeira (27.092 prazas) e Vilagarcía de Arousa (23.240 prazas) son os municipios con maior oferta turística residencial dentro da Ría de Arousa. Este muncipio vilagarcián foi un dos pioneiros territorios no desenvolvemento turístico galego a finais do século XIX ligado ás práciticas balneotrópicas e a accesibilidade proporcionada porla primeira liña de ferrocarril en Galicia: o ferrocarril Cornes[71]-Carril inagurado o 15 de seteiembre de 1873[72]. Ribeira, pola súa banda, coñeceu un destacado crecemento da súa oferta residencial motivado entre outros factores á súa mellora en accesibilidade por estrada coa inauguración da Autovía do Barbanza[73] en abril do ano 2009 (142,07% crecemento intercensual de prazas en residencias secundarias)[74]. A oferta regrada na Ría de Arousa é de 8.093 prazas. Unha oferta regrada onde dominan as 4.012 prazas en acampamentos turísticos (49,57% das prazas rebancadas da Ría de Arousa). Agora ben, non debemos pasar por alto a súa oferta de 2.649 prazas en hoteis (32,73% das prazas regradas da Ría de Arousa). Unha oferta situada basicamente nos municipios de Vilanova de Arousa (727 prazas), Cambados (630 prazas) e Vilagracía de Arousa (350 prazas). Agora ben, a Ría de Arousa presenta hoteis predominantemente de baixa calidade (78,27% das prazas son de establecementos de 2 e 1 estrela). Unha realidade que conxuntamente ao valor do tamaño medio dos hoteis de 57,96 prazas/hotel (Figura nº4.2.3.2) sitúanos ante unha oferta familiar e de baixa de profesionalidade. En defnitiva, a Ría de Arousa presenta unha oferta basicamente de carácter residencial. Pola súa banda, a oferta regrada é de baixa calidade, pequeno tamaño e de xestión maioritariamente familiar.

[71]Actualmente dentro do municpio de Santiago de Compostela.
[72]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004a). "As infraestruturas de transportes na demanda turística", en DÍAZ FERNÁNDEZ, J. A. e LOIS GONZÁLEZ, R. C. (dir.). "Las infraestructuras de comunicaciones y transportes en el desarrollo territorial de Galicia". Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra; pp. 481-523; op. cit. páx. 483.
[73]Antes de ser desdobrada era unha Vía Rápida cuxa construción se finalizou en xuño do 2001.
[74] Véxase Figura n.-

- ✓ A *Ría de Pontevedra* presenta un total de 155.132 prazas de aloxamento (13,51% e 6,70% das do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Os indicadores de presión de oferta de aloxamento rexistran os valores de 0,93 prazas/habitante de feito e 541,10 plazas/km^2. Un valor este último moi revelador da importancia do sector turísitico nesta áera territorial do litoral galego. A Ría de Pontevedra conta con 131.460 prazas en residencias secundarias (84,74% das prazas de aloxamento ofertas na Ría de Pontevedra). Pontevedra (34.448 prazas) e, especialmente, Sanxenxo (44.236 prazas) son os municipios con maior oferta turística residencial neste espazo. A oferta regrada na Ría de Pontevedra é de 23.762 prazas. O maior volume de oferta de todos os espazos turísiticos considerados no litoral galego (28,58% e 18,25% das prazas do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Unha oferta regrada onde dominan as 13.364 prazas en hoteis (56,45% das prazas rebancadas da Ría de Pontevedra). A mesma aparece sobretodo localizada nos municpios de Sanxenxo (7.821 prazas) e O Grove (2.917 prazas). O peso da oferta de hoteis de alta calidade, 4 e 5 estrelas, é significativa en ambos os dous territorios: 11,22% e 31,27% das prazas en Sanxenxo e O Grove, respectivamente. O tamaño medio dos hotles na Ría de Pontevedra é de 68,90 prazas/hotel. Unha media que situa a este espazo como o terceiro con mellor media dentro do litoral galego, só detrás do Golfo Ártabro e a Ría de Vigo. Pola súa parte, os muncipios Sanxenxo (72,26), ou Grove (75,40) e Pontevedra (74,93) presentan tamaños medios superiores á media do conxunto da Ría de Pontevedra. En calquera caso, unhas medias baixas que nos remiten ao carácter minufundista e familiar desta tipoloxía de oferta. En defnitiva, a Ría de Pontevedra presenta unha oferta, como o resto do litoral galego, de carácter predominantemente residencial. Agora ben, a oferta regrada é ampla dentro do contexto galego. Achámonos, en función dos datos de aloxamento, co destino turístico de "sol e praia" por excelencia do litoral galego.
- ✓ A *Ría de Vigo* localiza un total de 216.970 prazas de aloxamento (18,90% e 9,37% das prazas do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Os indicadores de presión de oferta de aloxamento rexistran os valores de 0,52 prazas/habitante de feito e 593,46 plazas/km^2. A Ría de Vigo conta con 202.968 prazas en residencias secundarias (93,55% das prazas de aloxamento ofertadas na Ría de Vigo). Vigo como conxunto urbano, o máis habitado de Galicia (297.355 habitantes de feito en 2012), presenta a maior oferta residencial da Ría (116.496 prazas). Nigrán (19.952 prazas), Cangas (18.360 prazas) e Baiona (18.360 prazas) tamén presentan unha destacada oferta. A oferta regrada na Ría de Pontevedra é de 14.002 prazas. Unha oferta regrada onde dominan as 6.481 prazas en hoteis (46,29% das prazas rebancadas da Ría deVigo). Unha oferta localizada basicamente nos municipios de Vigo (4.545 prazas) e Baiona (761 prazas). O peso da oferta de hoteis de alta calidade, 4 e 5 estrelas, é significativa en ambos os dous territorios: 44,13% e 29,05% das prazas en Vigo e Baiona, respectivamente. O tamaño medio dos hoteis na Ría de Vigo é de 81,14 prazas/hotel. Unha media que situa a este espazo como o segundo con mellor media dentro do litoral galego, só detrás do Golfo Ártabro (110,02 prazas/hotel) (Figura nº4.2.3.2). Vigo presenta un tamaño medio de 101,18 prazas/hotel. En defnitiva, a Ría de Vigo presenta unha oferta predominantemente de carácter turístico residencial e unha oferta regrada centrada principalmente nas prazas en hoteis.

- ✓ O *BaixoMiño* engloba un total de 30.698 prazas de aloxamento (2,67% e 1,33% das prazas do litoral galego e de Galicia, respectivamente). Os indicadores de presión de oferta de aloxamento rexistran os valores de 0,60 prazas/habitante de feito e 95,10 plazas/km^2. O Baixo Miño presenta 26.424 prazas en residencias secundarias (86,08% das prazas de aloxamento ofertadas na Ría de Vigo). A Guarda (9.580 prazas) e Tui (5.896 prazas) son os muncipios con maior oferta residencial dentro deste espazo. A oferta regrada no Baixo Miño é de 4.274 prazas. Unha oferta regrada onde dominan as 2.411 prazas en campings (56,41% das prazas regradas do Baixo Miño) (Figura nº4.2.3.2). Unha oferta localizada exclusivamente nos municpios da Guarda (1.520 prazas) e Oia (891 prazas). O peso da oferta de hoteis no Baixo Miño é tamén significativa con 1.474 prazas (34,49% das prazas rebancadas do Baixo Miño). Unha oferta de prazas en hoteis concentrada en establecementos de baixa categoría, 1 e 2 estrelas, co 55,87% das prazas en hoteis. O tamaño medio dos hoteis no Baixo Miño é de 64,58. Unha media que situa a este espazo como o cuarto con mellor media dentro do litoral galego (Figura nº4.2.3.2). En defnitiva, o Baixo Miño presenta unha oferta dominada polas vivendas de carácter secundario e unha oferta regrada centrada principalmente na oferta de acampamentos turísticos.

Figura nº4.2.3.2.- Caracterización dos espazos turísticos do litoral galego en función da súa oferta de aloxamento. Ano 2012.

	Oferta de aloxamento dominate[1]	Oferta regrada dominante[2]	Tamaño Medio oferta regrada[3]	4	5	Portas de entrada
Mariña Lucense	Residencial (93,10)	Hoteis (36,58)	51,11 (1) 22,04 (2) 14,62 (3) 317,57 (4) 35,50 (5)	Foz (26.483)	Ribadeo (1.436)	Ribadeo Viveiro
Ortegal	Residencial (96,09)	Campings (37,12)	31,09 (1) 21,45 (2) 10,21 (3) 198, 00 (4) 22,50 (5)	Valdoviño (11.478)	Valdoviño (706)	Ortigueira Valdomiñoa
Golfo Ártabro	Residencial (95,79)	Hoteis (51,29)	109,15 (1) 21,97 (2) 12,00 (3) 189,04 (4) 53,30 (5)	A Coruña (124.376)	A Coruña (5.068)	A Coruña
Costa da Morte	Residencial (93,37)	Campings (38,44)	39,84 (1) 19,28 (2) 12,43 (3) 302,38 (4) 25,54 (5)	Carballo (21.714)	Cee (1.353)	Carballo
Ría de Muros-Noia	Residencial (92,68)	Campings (54,07)	40,00 (1) 23,50 (2) 13,63 (3) 227,57 (4) 27,83 (5)	Porto do Son (13.451)	Muros (1.215)	Noia
Ría de Arousa	Residencial (92,46)	Campings (49,57)	57,96 (1) 21,77 (2) 12,24 (3) 301,31 (4) 39,86 (5)	Ribeira (28.651)	Vilanova de Arousa (1.694)	Vilagarcía de Arousa
Ría de Pontevedra	Residencial (84,74)	Hoteis (56,45)	68,90 (1) 18,30 (2)	Sanxenxo (58.634)	Sanxenxo (14.398)	Pontevedra Sanxenxo

			10,67 (3) 385,11 (4) 50,36 (5)			
Ría de Vigo	Residencial (93,55)	Hoteis (46,29)	81,14 (1) 19,97 (2) 12,00 (3) 492,00 (4) 39,60 (5)	Vigo (122.471)	Vigo (5.975)	Vigo
Baixo Miño	Residencial (86,08)	Campings (56,41)	64,58 (1) 22,67 (2) 10,07 (3) 822,33 (4) 26,00 (5)	A Guarda (11.620)	A Guarda (2.040)	Tui A Guarda

Fonte: Elaboración propia a partir do: Censo de Poboación e Vivendas (2011)-INE. Directorio de empresas e actividades turísticas, Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo (datos referidos ao 31 de decembro). "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia (datos referidos ao 30 septembro de 2012). "Guía de Aloxamentos 2013: Campings" (datos referidos ao 30 septembro de 2012). "Guía de Aloxamentos 2013: Turismo Rural". TURGALICIA, Xunta de Galicia (datos referidos ao 1 de setembro de 2012).

[1](% prazas total). Oferta prazas en residencias secundarias= nº vivendas secundarias X 4. Consideramos como vivendas secundarias ás incluidas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principias: (secundarias+baleiras)".

[2](% prazas total oferta regrada). Directorio de empresas e actividades turísticas, Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo (datos referidos ao 31 de decembro). A categoría "Pensións" engloba os Albergues Turísticos.

[3]Prazas/establecemento: Hoteis (1); Pensións (2), Turismo Rural (3); Campings (4) e Apartamentos Turísticos (5). A categoría "Pensións" engloba os Albergues Turísticos. "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia (datos referidos ao 30 septembro de 2012). "Guía de Aloxamentos 2013: Campings" (datos referidos ao 30 septembro de 2012). "Guía de Aloxamentos 2013: Turismo Rural". TURGALICIA, Xunta de Galicia (datos referidos ao 1 de setembro de 2012). Hoteis (1); Pensións (2), Turismo Rural (3); Campings (4) e Apartamentos Turísticos (5). A categoría "Pensións" engloba os Albergues Turísticos.

4. Municipio con maior volumen de prazas de aloxamento (número prazas).

5. Municipio con maior volumen de prazas de oferta regrada (número prazas).

Fiugra nº4.2.3.3.- Oferta total de aloxamento e indicadores de presión nos espazos turísticos e municipios do litoral galego. Ano 2012.

	Total prazas oferta regrada	**Oferta de prazas en residencias secundarias[1]**	**Total prazas aloxamento turístico**	**% prazas litoral**	**% prazas Galicia**	**Prazas/ poboación de feito**	**Total Prazas aloxamento turístico/km²**
Trabada	87	1.040	1.127	0,10	0,05	0,89	13,63
Ribadeo	1.436	9.612	11.048	0,96	0,48	1,10	101,45
Barreiros	1.435	14.132	15.567	1,36	0,67	4,98	159,77
Foz	1.051	25.432	26.483	2,31	1,14	2,65	264,04
Burela	397	7.716	8.113	0,71	0,35	0,84	1.040,13
Cervo	227	4.232	4.459	0,39	0,19	0,99	57,24
Xove	51	832	883	0,08	0,04	0,25	9,91
Viveiro	1.422	18.644	20.066	1,75	0,87	1,25	183,59
O Vicedo	114	2.316	2.430	0,21	0,10	1,28	31,97
A Mariña Lucense	**6.220**	**83.956**	**90.176**	**7,85**	**3,90**	**1,50**	**124,48**
Mañón	145	1.804	1.949	0,17	0,08	1,27	23,71
Ortigueira	365	10.540	10.905	0,95	0,47	1,66	51,93

Cariño	135	6.108	6.243	0,54	0,27	1,43	132,27
Cedeira	276	10.744	11.020	0,96	0,48	1,52	129,04
Valdoviño	706	10.772	11.478	1,00	0,50	1,67	130,14
Ortegal	**1.627**	**39.968**	**41.595**	**3,62**	**1,80**	**1,57**	**81,08**
Narón	676	18.276	18.952	1,65	0,82	0,48	283,29
Ferrol	1.241	46.764	48.005	4,18	2,07	0,67	580,47
Neda	34	1.704	1.738	0,15	0,08	0,32	70,94
Fene	59	7.712	7.771	0,68	0,34	0,56	295,48
Mugardos	0	3.960	3.960	0,34	0,17	0,73	309,38
Ares	407	11.704	12.111	1,05	0,52	2,07	661,80
Cabanas	437	4.604	5.041	0,44	0,22	1,53	166,37
Pontedeume	706	7.880	8.586	0,75	0,37	1,03	293,04
Miño	920	13.476	14.396	1,25	0,62	2,51	436,24
Paderne	47	972	1.019	0,09	0,04	0,39	25,60
Betanzos	115	10.468	10.583	0,92	0,46	0,78	437,31
Bergondo	1.706	6.132	7.838	0,68	0,34	1,17	239,69
Sada	929	16.220	17.149	1,49	0,74	1,15	623,60
Oleiros	1.469	22.428	23.897	2,08	1,03	0,69	546,84
Cambre	82	14.580	14.662	1,28	0,63	0,61	360,25
Culleredo	734	16.416	17.150	1,49	0,74	0,58	277,96
A Coruña	5.068	119.308	124.376	10,83	5,37	0,51	3.290,37
Arteixo	753	22.908	23.661	2,06	1,02	0,77	252,51
A Laracha	120	7.152	7.272	0,63	0,31	0,63	56,76
Golfo Ártabro	**15.503**	**352.664**	**368.167**	**32,07**	**15,91**	**0,66**	**432,17**
Carballo	1.026	20.688	21.714	1,89	0,94	0,69	116,68
Malpica	732	10.504	11.236	0,98	0,49	1,87	183,59
Ponteceso	138	4.540	4.678	0,41	0,20	0,77	50,85
Cabana de Bergantiños	274	3.328	3.602	0,31	0,16	0,76	35,95
Laxe	199	6.188	6.387	0,56	0,28	1,93	173,56
Vimianzo	124	5.032	5.156	0,45	0,22	0,65	27,53
Camariñas	247	7.416	7.663	0,67	0,33	1,26	148,51
Muxía	1.020	4.640	5.660	0,49	0,24	1,07	46,70
Cee	1.353	9.572	10.925	0,95	0,47	1,39	190,00
Fisterra	789	8.088	8.877	0,77	0,38	1,78	301,94
Corcubión	152	3.348	3.500	0,30	0,15	2,02	538,46
Dumbría	93	120	213	0,02	0,01	0,06	1,70
Carnota	271	6.936	7.207	0,63	0,31	1,57	101,65
Costa da Morte	**6.418**	**90.400**	**96.818**	**8,43**	**4,18**	**1,04**	**85,99**
Muros	1.215	9.100	10.315	0,90	0,45	1,09	141,50
Outes	246	5.492	5.738	0,50	0,25	0,80	57,55
Noia	413	11.272	11.685	1,02	0,50	0,79	314,11
Porto do Son	1.139	12.312	13.451	1,17	0,58	1,39	142,19
Ría de Muros-Noia	**3.013**	**38.176**	**41.189**	**3,59**	**1,78**	**1,00**	**135,31**
Ribeira	1.559	27.092	28.651	2,50	1,24	1,03	416,44
A Pobra do Caramiñal	980	7.720	8.700	0,76	0,38	0,90	267,69
Boiro	537	14.616	15.153	1,32	0,65	0,79	174,98
Rianxo	301	6.764	7.065	0,62	0,31	0,60	120,15
Catoira	107	1.140	1.247	0,11	0,05	0,36	42,41
Vilagarcía de Arousa	814	23.240	24.054	2,10	1,04	0,64	544,21
Vilanova de Arousa	1.694	5.324	7.018	0,61	0,30	0,66	208,87
A Illa de Arousa	574	4.264	4.838	0,42	0,21	0,97	701,16
Cambados	922	6.996	7.918	0,69	0,34	0,57	338,38
Meaño	605	2.076	2.681	0,23	0,12	0,49	96,44
Ría de Arousa	**8.093**	**99.232**	**107.325**	**9,35**	**4,64**	**0,74**	**260,50**
Sanxenxo	14.398	44.236	58.634	5,11	2,53	3,33	1.300,09
O Grove	5.907	15.220	21.127	1,84	0,91	1,88	964,70
Poio	1.668	13.492	15.160	1,32	0,65	0,91	447,20
Pontevedra	1.283	34.448	35.731	3,11	1,54	0,43	302,04
Marín	159	13.208	13.367	1,16	0,58	0,52	364,22
Bueu	257	10.856	11.113	0,97	0,48	0,90	360,81

Ría de Pontevedra	**23.672**	**131.460**	**155.132**	**13,51**	**6,70**	**0,93**	**541,10**
Cangas	1.679	18.360	20.039	1,75	0,87	0,77	525,96
Moaña	611	9.996	10.607	0,92	0,46	0,55	302,19
Vilaboa	320	3.840	4.160	0,36	0,18	0,70	112,73
Soutomaior	157	4.052	4.209	0,37	0,18	0,58	168,36
Redondela	331	12.492	12.823	1,12	0,55	0,43	246,12
Vigo	5.975	116.496	122.471	10,67	5,29	0,41	1.122,56
Nigrán	2.140	19.952	22.092	1,92	0,95	1,24	634,83
Baiona	2.789	17.780	20.569	1,79	0,89	1,71	596,20
Ría de Vigo	**14.002**	**202.968**	**216.970**	**18,90**	**9,37**	**0,52**	**593,46**
Oia	1.398	2.616	4.014	0,35	0,17	1,29	48,19
O Rosal	38	4.524	4.562	0,40	0,20	0,69	103,45
A Guarda	2.040	9.580	11.620	1,01	0,50	1,11	566,83
Tomiño	150	3.808	3.958	0,34	0,17	0,29	37,13
Tui	648	5.896	6.544	0,57	0,28	0,38	95,81
Baixo Miño	**4.274**	**26.424**	**30.698**	**2,67**	**1,33**	**0,60**	**95,10**
LITORAL GALEGO	**82.822**	**1.065.248**	**1.148.070**	**100**	**49,60**	**0,73**	**233,98**

Fonte: Elaboración propia a partir do INE: Padrón municipal de habitantes (2012) e Censo de Poboación e Vivendas (2011). Datos superficie km^2 IGN (Instituto Geográfico Nacional). Directorio de empresas e actividades turísticas, Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo. Datos referidos ao 31 de decembro.

[1]Oferta prazas en residencias secundarias= nº vivendas secundarias X 4. Consideramos como vivendas secundarias ás incluidas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principias: (secundarias+baleiras)".

4.2.4.- Produtos turísticos diferenciadores e emerxentes da oferta turísticoa do litoral galego.

O modelo clásico de turismo no litoral galego cambiou, na última década, emerxendo produtos complementarios ao ata agora produto estrela, sol e praia. A creación de novos produtos formulouse como unha das vías para o mantemento da competitividade dos destinos turísticos do litoral, xa que xeran efectos positivos como o aumento da satisfacción dos visitantes e do gasto en destino, a redución da estacionalidade ou a creación de novas opcións de negocio[75]. De feito, produciuse unha diversificación na oferta, aparecendo novos produtos turísticos como poden ser: o turismo náutico, natureza, mariñeiro, etc. [76]. A oferta turística do litoral galego caracterízase actualmente pola súa diversidade e complementariedade. Fronte a outros destinos turísticos monoproducto, o litoral galego posúe unha notable variedade e singularidade de recursos, tanto naturais coma etnográficos[77], nun espazo territorialmente pequeno. Agora ben, non todos estes recursos poden considerarse como produto turístico, xa que poden non estar dispoñibles para o seu uso ou non posuír un interese potencial claro. Non se encontran estructurados de maneira que poidan

[75]Véxase: ANTON CLAVÉ, S. (2004): "De los procesos de diversificación y cualificación a los productos turísticos emergentes. Cambios y oportunidades en la dinámica reciente del turismo litoral". Papeles de Economía Española, nº 102; pp. 316-333. PRIESTLEY, G. e LLURDÉS, J.C. (2007): "Planning for sustainable development in Spanish coastal resorts", en AGARWAL, S. e SHAW, G. (eds.): "Managing coastal tourism resorts. A global perspective". Channel View Publications, Clevedon (U.K.); pp. 90-111.

[76]Véxase: PEÑALVER TORRES, M. T. (2004): "El turismo activo como alternativa y complemento al modelo turístico en la Región de Murcia". Cuadernos de Turismo, nº14; pp. 179-215; op. cit. páx. 180.

[77]Véxase: PADÍN FABEIRO, C. e ABOY GARCÍA, S. (2010): "Nuevos productos turísticos: La apuesta por el turismo marinero en Galcia". Revista de Estudos Politécnicos, vol VIII, nº 14; pp. 55-83; op. cit. páx. 59.

presentarse ao visitante como un produto turístico individualizado. As OMDs son as que deben integrar e organizar os diferentes compoñentes da oferta dun territorio para estruturar produtos diferenciados que respondan ás necesidades e motivacións de diferentes mercados e segmentos. A complexidade da cadea do produto turístico esixe que se formulen accións dirixidas a mellorar cada un dos pasos, desde a planificación e a creación de produto ou a programación, ata a promoción e a comercialización. Un labor de creación e desenvolvemento de novos produtos turísticos que dentro do litoral galego constituíuse nunha das principais estratexias de actuación por parte dos entes tanto públicos coma privados[78]. Unhas actuacións que teñen como fin a reestruturación da obsoleta carteira de produtos ofrecida polos destinos do litoral galego. Unha oferta baseada case exclusivamente no produto "sol e praia". Así como, facer fronte ás novas megatencias observadas dentro o mercado de demanda[79], onde son especialmente significativas as novidosas e cambiantes necesidades e motivacións do consumidor turístico.

En definitiva, situación que determina a necesidade, dende as OMDs do litoral galego de poñer en funcionamento políticas que redefinan os produtos turísticos por medio da introdución de elementos enriquecedores da denominada oferta turística complementaria como un argumento favorecedor da cualificación, diversificación e diferenciación destes. Neste sentido, están tamén aqueles esforzos encamiñados a potenciar segmentos turísticos de maior valor engadido. A posta en funcionamento destas medidas revitalizadoras leva consigo a necesaria implementación de dous tipos de actuacións, que podemos cualificar como[80]:

- ✓ *Actuacións de potenciación e desenvolvemento de novos produtos*. Para o cal é esencial coñecer, valorar e aproveitar os recursos propios dun espazo por medio de deseños operativos, relacionados, por exemplo, co turismo rural, activo...
- ✓ *Accións de reacondicionamento de espazos turísticos consolidados*, dentro das cales se inscriben intervencións de dotación e mellora de equipamentos e servizos, reordenación de bordos marítimos, reapertura ao mar das poboacións, técnicas de esponxamento e de recuperación de áreas portuarias degradadas. Entre este tipo de actuacións inclúense aquelas orientadas á creación de novos elementos de oferta complementaria, entre as cales se encontrarían, a modo de exemplo, as encamiñadas á creación ou mellora dos portos deportivos e á posta en valor de todas aquelas actividades englobadas dentro do termo turismo náutico.

O obxectivo do presente apartado é realizar unha análise dos produtos turísticos complementarios e emerxentes ao tradicional "sol e praia". O criterio de selección basearase no seu peso actual como potencialidade cara o futuro das actividades turísticas no litoral galego. Nun primeiro grupo abordaremos o estudo nos seus trazos definitorios esenciais daqueles produtos onde o litoma "auga" é un elemento destacado. Posteriormente, ocuparémonos daqueles outros produtos que consideremos de gran transcendencia á hora da diferenciación dentro do mercado do destino litoral galego pero con vinculación con outros recursos presentes no litoral galego.

[78]Véxase: ULLA LORENZO, F. e PAZOS OTÓN, M. (2010): "Productos y destinos turísticos emergentes en Galicia". Revista de Estudos Politécnicos, vol, 8, nº14; pp. 21-43; op. cit. páx. 43.
[79]Tratadas con amplitude no Capítulo 1 deste traballo de investigación.
[80]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b): "El turismo náutico en Galicia: La oferta de puertos deportivos". Monografías. Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páxs. 7 e 8.

4.2.4.1. O produto turístico de natureza.

Tanto Galicia como o conxunto do seu litoral caracterÍzanse por unha gran diversidade paisaxística, e xa que logo como destinos privilexiados para practicar turismo na natureza, polas súas boas condicións climáticas e a riqueza do seu medio natural. Agora ben, as OMDs do litoral galego deben ser plenamente conscientes que os procesos ligados á evolución da economía galega tiveron unha repercusión clara sobre o hábitat do litoral. Procesos que supuxeron o deterioro en determinados sectores do litoral do medio e dun ben común como é a paisaxe. Unha degradación con evidente incidencia no potencial de atracción turístico dos destinos litorais galegos. De feito, a incorporación das cuestións medioambientais na axenda política coincidiu co desenvolvemento da administración autonómica e a consolidación dunha distribución dentro do estado español das competencias na materia ambiental marcadamente descentralizada[81]. Neste proceso, a Lei 4/1989, de 27 de Marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestres[82] supuxo unha gran novidade para a política de conservación ao incorporar a planificación de espazos naturais. Esta lei e as súas modificacións posteriores (Lei 40/97[83] e 41/97[84]) serviron ás CC.AA. como marco básico de referencia. A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia[85] e a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (LPPG)[86] constitúen os eixes vertebradores da de protección dos recursos naturais galegos. Un réxime propio de protección que establece, entre outras cousas, unha segmentación e clasificación dos diferentes espazos naturais cos que conta a comunidade. Uns espazos naturais que constitúen os recursos fundamentais[87] para o desenvolvemento do *Produto*

[81]Nesta cuestión xa incidimos con profundidade neste traballo de investigación, concretamente no apartado 3.4: "Desenvolvemento turístico e a protección ambiental do litoral".

[82] Véxase: "Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres". BOE nº74, de 28/3/1989. https://www.boe.es/boe/dias/1989/03/28/pdfs/A08262-08269.pdf Esta norma foi derogada pola Lei 42/2007.

[83] Véxase: "Ley 40/1997, de 5 de noviembre, sobre reforma de la Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres". BOE nº 266, de 6/11/1997; páx. 32179. https://www.boe.es/boe/dias/1997/11/06/pdfs/A32179-32179.pdf

[84] Véxase: "Ley 41/1997, de 5 de noviembre, por la que se modifica la Ley 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna Silvestres". BOE nº266, de 6/11/1997; pp. 32179 -32184. https://www.boe.es/boe/dias/1997/11/06/pdfs/A32179-32184.pdf

[85] Véxase: "LEY 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación de la Naturaleza". BOE nº 230, de 25/9/2001. http://www.boe.es/boe/dias/2001/09/25/pdfs/A35529-35542.pdf
DOG nº171, de 4/9/2001. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010904/AnuncioE1EA_gl.html

[86] Véxase: "LEY 7/2008, de 7 de julio, de protección del paisaje de Galicia". BOE nº201 de 20/8/2008; pp. 34968- 34968. http://www.boe.es/boe/dias/2008/08/20/pdfs/A34968-34973.pdf

[87]Véxase: WEARING, S. e NEIL, J. (1999): "Ecotourism. Impacts, Potentials and Possibilities". Butterworth-Heinemann. Oxford (U.K.). BUCKLEY, R. (2000): "Neat Trends: Current Issues in Nature, Eco- and Adventure Tourism". International Journal of Tourism Research, nº 2; pp. 437-444. EAGLES, P. F. J.; McCOOL, S. F. e HAYNES, C. D. (2003): "Turismo sostenible en áreas protegidas. Directrices de planificación y gestión". Organización Mundial del Turismo/ Programa de las Naciones Unidas para el Medio Ambiente/Unión Mundial para la Naturaleza (UICN). Madrid. NEL·LO, M. e LLANES, C. (2005): "L'ecoturisme". Universitat Oberta de Catalunya (UOC), Barcelona. MUÑOZ FLORES, J. C. (2008): "El turismo en los espacios naturales protegidos españoles, algo más que una moda reciente". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, nº 46; pp. 291-304. VERA REBOLLO, J. F. (2008): "Turismo en espacios naturales protegidos", en SANCHO COMÍNS, J. y VERA REBOLLO, J. F. (dirs.): Turismo en espacios rurales y naturales. Atlas Nacional de España". Centro Nacional de Información Geográfica-Instituto Geográfico Naciona; pp. 21-23. De feito, está bastante estendida a opinión que a declaración dun territorio como espazo protexido implica unha revalorización que á súa vez comporta un incremento da demanda turística. Véxase: REINIUS, S. W. e FREDMAN, P. (2007): "Protected Areas as Attractions". Annals of Tourism Research, vol. 34, nº4; pp. 839-854. PULIDO FERNÁNDEZ, J. I. (2007): "Elementos para orientar la formulación de una política turística sostenible en los parques naturales andaluces". Cuadernos de Turismo; nº 19; pp. 167-188. ANTON CLAVÉ, S.; BLAY BOQUÉ,

Turístico de Natureza[88], máxime ante a crecente diversificación motivacional na demanda, interesada cada vez máis na procura da autenticidade e de experiencias en contacto co medio natural. Dentro o cal, o turismo en espazos protexidos[89] que recibiu escasa atención en Galicia[90]. Un produto turístico de natureza que é un dos que máis está a crecer nos últimos anos[91], realidade que se constata co aumento das visitas a espazos naturais protexidos tanto en Galicia[92] como en España. Non obstante, no período 2006-2012 déixanse enxergar os efectos da crise económica desencadeada a partir de finais do 2007. Unha crise que só deixa ver os seus efectos no no último ano da serie contemplado. Un dos anos da crise económica España con cifra record de parados (Figura nº4.2.4.1.1). En calquera caso, os espazos naturais protexidos desempeñan un importante papel na dinámica turística, en particular polas posibilidades que ofrecen de revalorizar recursos naturais e estruturar produtos turísticos, asegurando a contribución da actividade ao desenvolvemento socioeconómico do espazo protexido e a súa área de influencia[93]. A designación de áreas protexidas non garante de por si a supervivencia dos valores desas zonas. E o que é aínda máis importante, a eficacia desa xestión varía enormemente dun lugar a outro. Na nosa opinión aínda que queda moito por facer para mellorar a eficacia da xestión das áreas protexidas dentro do litoral galego. As OMDs han de procurar que se creen "(...) os marcos e estratexias de xestión precisas para garantir que ese elemento apoie e manteña os valores naturais e culturais das áreas protexidas. Os xestores teñen o labor e a responsabilidade de protexer eses valores naturais das áreas protexidas e os elementos socioculturais asociados. Ademais, deben velar por que o acceso con fins de turismo e esparexemento sexa adecuado. Trátase dun

---

J. e SALVAT SALVAT, J. (2008): "Turismo, actividades recreativas y uso público en los parques naturales. Propuesta para la conservación de los valores ambientales y el desarrollo productivo local". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, nº 48, pp. 5-38.

[88]Neste punto, antes de continuar analizando este produto dentro do litoral galego, creemos preciso acoutar terminoloxicamente que entendemos por turismo de natureza. "Turismo de natureza é aquel que ten como principais motivacións a realización de actividades recreativas e de esparexemento, a interpretación e/ou coñecemento da natureza, con diferente grado de profundidade e a práctica de actividades deportivas de diferente intensidade física e risco que usen expresamente os recursos naturais de forma específica, sen degradarlos ou esgotalos". Véxase: BLANCO PORTILLO, R. (2006): "El turismo de naturaleza en España y su Plan de Impulso". Estudios Turísticos, nº169-170; pp. 7-38; op. cit. páx. 10.

[89]Entendemos que o turismo "(...) en espazos protexidos é aquel que se practica en perímetros territoriais declarados como tales (...)".Véxase: PAÜL CARRIL, V. (2009): "El turismo en el Parque Natural do Invernadeiro. Situación heredada y perspectivas de cambio". Cuadernos de Turismo, nº 24; pp. 135-167; op. cit. páx. 141.

[90]Ibídem; op. cit. páx. 135.

[91]Véxase: GÓMEZ-LIMÓN GARCÍA, J.; DE LUCIO FERNÁNDEZ, J. V. e MÚGICA DE LA GUERRA, M. (2000): "Los espacios naturales protegidos del Estado Español en el umbral del siglo XXI: De la declaración a la gestión activa". Fundación Fernando González Bernáldez, Madrid; op. cit. páx. 28. NEWSOME, D.; MOORE, S. A. e DOWLING, R. K. (2001): "Natural area tourism: Ecology, Impacts and Management". Channel View Publications, Clevedon (U.K.); op. cit. páx. 11. EUROPARC-España (2007): "Catálogo de buenas prácticas en materia de accesibilidad en espacios naturales protegidos". Fundación Fernando González Bernáldez, Madrid; op. cit. páx. 13.
http://www.redeuroparc.org/documentos_anexos/Publicaciones/ligadas_a_plan_de_accion/manual_5.pdf

[92]Véxase: CABALAR FUENTES, M. (2010): "O uso público nos Espazos Naturais Protexidos de Galicia: diagnose e propostas de acción". Tese de Doutoramento. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

[93]Véxase: ANTON CLAVÉ, S.; BLAY BOQUÉ, J. e SALVAT SALVAT, J. (2008): "Turismo, actividades recreativas y uso público en los parques naturales. Propuesta para la conservación de los valores ambientales y el desarrollo productivo local". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, nº 48, pp. 5-38; op. cit. páx. 9. VERA REBOLLO, J. F. (coord.); LÓPEZ PALOMEQUE, F.; MARCHENA, M. J. e ANTON CLAVÉ, S. (2011): "Análisis territorial del turismo y planificación de destinos turísticos". Tirant lo Blanch, Valencia; op. cit. páx. 322.

desafío importante que obriga a emitir xuízos complexos sobre as concesións mutuas entre o desenvolvemento do turismo, a protección do valor dos recursos polos que se crearon as áreas protexidas e os intereses da comunidade local"[94].

O litotal galego conta cunha ampla diversidade de espazos naturais incluídos dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos, cunha enorme capacidade para ofrecer ao visitante os máis variados medios paisaxísticos. Variedade cimentada na compartimentación do relevo e os contrastes altitudinais como a unha importante fragmentación climática, ao que hai que engadir o permanente moldeado da paisaxe polo ser humano. Na Figura nº4.2.4.1.2 analizamos os equipamentos e as dotacións de tipo físico (centros de recepción, puntos de información, itinerarios...), e o acceso/regulación do fluxo de visitantes nos principais espazos protexidos do litoral galego. Neste punto, creo conveniente facer fincapé na necesidade de racionalizar a profusión de Centros de Interpretación e Información arredor do Parque Natural das Fragas do Eueme. Convén en primeiro lugar ter clara a estratexia de xestión e planificación para o espazo e despois crear os mecanismos de difusión ou interpretación (proxectos museísticos incluídos) axeitados para a súa visita e coñecemento. Unha oferta de centros de información e interpretación númerosa tamén no conxunto do litoral galego que pode conducir a unha saturación deste tipo de produtos[95]. Polo tanto, sería pertinente dirixir os esforzos das OMDs na dirección de idear proxectos novidosos e interesantes, de modo que se eviten infraestruturas baleiras e repetitivas.

[94]Véxase: EAGLES, P. F. J.; McCOOL, S. F. e HAYNES, C. D. (2003): "Turismo sostenible en áreas protegidas. Directrices de planificación y gestión". Organización Mundial del Turismo/ Programa de las Naciones Unidas para el Medio Ambiente/Unión Mundial para la Naturaleza (UICN). Madrid; op. cit. páx. 12.

[95]En Galicia, no ano 2012, existían 144 Centros de Interpretación (CI), dos cales 52 se localizan en muncipios do litoral galego (36,11%). As experiencias que abordan temáticas relacionadas cos valores naturales,fundamentalmente os referidos aos espazos naturais protexidos, son as máis numerosas (27% do total). Agora ben, o problema máis importante dos CI en Galicia ten que ver co seu funcionamento: o 11% das instalacións están pechadas, e máis do 60% están infrautilizadas, xa que se abren exclusivamente baixo demanda ou en horarios de oficina (polo que non cobren as necesidades dos visitantes que acoden os fins de semana, festivos e vacacións). "Non se está a aproveitar o potencial dos CI para presentar as características identitarias a nivel local, nin aqueles produtos singulares que teñen un alto potencial como produto de interese turístico (só o 7% se centran nestes aspectos)". Por tanto, resulta preciso mellorar "(…) os contidos da maior parte dos CI para que realmente poden mostrar a "alma" do lugar. É necesario actualizar os contidos e información da maioría dos CI por resultar obsoletos ou encontrarse moi deteriorados polo tempo (e mesmo polo uso). Sería recomendable que estas novas exposicións se centrasen máis na interactividade e a participación dos visitantes. É necesario investir tamén na formación e actualización das persoas que están á fronte, e apostar pola súa estabilidade laboral, para que realmente poidan profesionalizarse neste sector. Non facelo é un dispendio estratéxico difícil de xustificar. Non é xustificable a cantidade de investimentos que se desembolsaron en crear ou rehabilitar infraestruturas e que se abandonan ou se están deteriorando deterioran por estar os CI pechados ou infrautilizados. Sería necesario facer un maior esforzo en facer máis visibles estes centros; en moitos casos trátase de iniciativas locais, mantidas por pequenas corporacións locais, con dificultades para divulgar estes servizos; a creación dunha Rede Galega de CI non só permitiría realizar unha divulgación conxunta, se non que facilitaría o intercambio, a formación continua dos profesionais, a resolución conxunta de problemas concretos e a colaboración de cara a aumentar a calidade dos servizos". Véxase: SERANTES PAZOS, A. (2012): "Los centros de interpretación basados en la valorización de los recursos ¿son instrumentos para el desarrollo turístico? Estudio de caso", en FRAIZ BREA, J. A. (ed.). "Creación y desarrollo de productos turísticos: innovación y enfoque experiencial". Actas del XVII Congreso de la AECIT. O Carballiño, Ourense. 21-23 de noviembre de 2012. AECIT; pp. 41-48; op. cit. páxs. 47 e 48.

Figura nº4.2.4.1.1.- Evolución dos visitantes aos Parques nacionais españois[1] e, en concreto, Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas Atlánticas. Período 2006-2012. Unidade: número de visitantes.

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Aigüestortes	355.633	322.555	304.606	329.227	294.547	322.572	299.658
Archipiélago de Cabrera	74.532	76.541	60.804	60.662	64.688	75.544	108.188
Cabañeros	73.926	72.688	78.767	90.001	92.578	92.038	81.150
Caldera de Taburiente	371.558	389.024	408.088	337.649	387.805	424.832	354.901
Doñana	376.287	384.638	350.005	380.155	341.961	326.013	282.817
Garajonay	842.467	884.858	860.000	625.801	610.254	825.638	744.304
Illas Atlánticas de Galicia	**220.240**	**238.939**	**254.000**	**274.716**	**292.374**	**322.396**	**280.798**
Monfragüe	---	351.885	331.788	306.041	297.976	296.219	259.408
Ordesa y Monte Perdido	616.700	617.950	616.600	617.500	614.059	612.500	607.450
Picos de Europa	1.863.847	1.774.955	1.712.668	1.818.671	1.610.341	1.717.728	1.566.124
Sierra Nevada	728.137	737.183	684.573	673.302	667.319	680.883	680.162
Tablas de Daimiel	100.666	122.955	94.687	105.957	398.742	204.314	135.611
Teide	3.567.701	3.142.418	2.866.057	3.052.830	2.407.480	2.731.484	2.660.854
Timanfaya	1.787.776	1.748.149	1.600.175	1.371.349	1.434.705	1.549.003	1.474.383
Total	**10.979.470**	**10.864.738**	**10.222.818**	**10.083.561**	**9.514.829**	**10.181.164**	**9.535.808**

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

[1]Sierra de Guadarrama foi declarado Parque nacional no ano 2013, mediante a "Ley 7/2013, de 25 de junio, de declaración del Parque Nacional de la Sierra de Guadarrama" (BOE nº152, de 26/6/2013 Sec. I; pp. 47795-47852.

Figura nº4.2.4.1.2.- Principais Espazos Naturais Protexidos no litoral galego dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos: Equipamentos turísticos básicos.

Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas Atlánticas

Figura principal de portección: Parque Nacional. Data de declaración: 1/7/2002. Lei 15/2002, do 1 de xullo.

Instrumentos de planificación: Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN): Decreto 274/1999 e Decreto 88/2002. Decreto 23/2006, do 16 de febreiro, polo que se establecen determinadas medidas de xestión no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

***Superficie*:** Cortegada: 43,8 ha terrestres. Sálvora: 248 ha terrestres e 2.309 ha mariñas. Ons: 470 ha terrestres e 2.171 ha mariñas. Cíes: 433 ha terrestres e 2.658 ha mariñas. TOTAL: 8.332,8 ha (1.194,8 ha terrestres e 7.138 ha mariñas).

***Municipios*:** Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Bueu e Vigo (Pontevedra).

Acceso: En barco privado[1]. En transporte público[2]. Servizos de transporte para grupos organizados[3]. Viaxes de transporte non regular ou charters (arquipélagos de Sálvora e de Cortegada). Autorización escrita previa para realizar actividades de mergullo nas augas do Parque Nacional.

***Equipamentos*:**

Centro de visitantes do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia - Edificio Cambón (Vigo).

Illas Cíes: Asistencia sanitaria. Aseos públicos. Áreas de descanso. Caseta de Información. Centro de Información. Miradoiros. Observatorios de aves mariñas. Paneis informativos e sinalización. Cámping[4] . Servizo de restauración[5]. Itinerarios guiados gratuítos (Semana Santa, Xullo, Agosto e Setembro). Sendeiros sinalizados (4, total 21,2 km)

Arquipélago de Ons: Asistencia sanitaria. Aseos públicos. Áreas de descanso. Caseta de Información. entro de Visitantes. Miradoiros. Paneis informativos e sinalización. Servizo de restauración. Itinerarios guiados gratuítos (Semana Santa, Xullo, Agosto e Setembro). Sendeiros sinalizados (4, total 19,4 km).

Arquipélago de Sálvora: Paneis informativos e sinalización. Itinerarios guiados (previa solicitude e condicionado a dispoñibilidade de persoal para a data solicitada). Sendeiros sinalizados (1, total 1, 2 km).

Arquipélago de Cortegada: Caseta de información. Paneis informativos e sinalización. Itinerarios guiados (previa solicitude e condicionado a dispoñibilidade de persoal para a data solicitada). Sendeiros sinalizados (2, total 5,3 km).

Parque Natural Fragas do Eume

Figura principal de protección: Parque Natural. Data de declaración 11/8/1997. Decreto 218/1997, do 30 de xullo.
Instrumentos de planificación: Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN). Decreto 211/1996.
Superficie: 9.125,65 ha.
Municipios: Cabanas, A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Monfero e Pontedeume (A Coruña).
Acceso:
Desde Pontedeume, polo chamado portal de Caaveiro: estrada DP-6902 desde Pontedeume ata o río Eume, onde se sitúa no km. 5, o Centro de Visitantes do Parque Natural, e despois pola via de servizo chégase ata o Mosteiro de Caaveiro.
Desde As Neves polo chamado portal de A Capela: estrada AC-564, tanto desde Cabanas como desde o concello de As Pontes para chegar ata o concello de A Capela, onde desde o lugar de As Neves, a través dunha estrada local, chegamos a central hidroeléctrica de Ventureira. No lugar de As Neves existe un Centro de Visitantes de titularidade municipal.
Desde Monfero, polo chamado portal de Monfero: Xunto ao mosteiro de Monfero atópase o novo Centro de Visitantes de Monfero. Chégase ata el, desde Pontedeume, primeiro pola estrada AC-144 ata o lugar de Ponte da Pedra, onde a través da estrada AC-151 chegamos ao lugar de As Travesas, de onde parte a estrada DP-5003 ata o mosteiro e o centro de visitantes. Tamén pódese acceder ao portal de Monfero, desde o concello de Irixoa, a través da estrada AC-152 ata o lugar de As Travesas.
As fins de semana o paso con vehículos está restrinxido, pero existe transporte colectivo ata a ponte da Figueira, a máis próxima ao Mosteiro de Caaveiro.
Equipamentos: Oficina de información del Parque Natural. Centro de Recepción. Centros de Visitantes. Paneles informativos. Parque Eólico Experimental Sotavento[6]. Visita guiada gratuíta ao Mosteiro de Caaveiro (fins de semana, festivos e tempada alta, resto ano: consultar). Sendeiros sinalizados (1, total ¿).

Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

Figura principal de protección: Parque Natural. Data de declaración: 15/6/1992. Decreto 139/1992, do 5 de xuño.
Instrumentos de planificación: Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN): Decreto 148/1992 (corrección de erros 23/10/1992).
Superficie: 996,25 ha.
Municipio: Ribeira (A Coruña).
Acceso: Polo sur, Autovía do Barbanza (AG-11) desde Padrón. Tamén estrada AC-550 no treito Noia-Santa Uxía de Ribeira con desvíos cara á costa. Dous accesos directos ao Parque con remate en zonas de aparcamento, un á duna móbil en Olveira e outro ao centro de recepción no Vilar.
Equipamentos: Centro de Recepción de Visitantes. Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia (CIELGA). Cafetaría-restaurante e área recreativa de O Vilar. Aparcamentos en Olveira, O Vilar, praia da Ladeira e Vixán. Miradoiros. Observatorios de aves. Paneis informativos. Sendeiros sinalizados (3, total 5 km).

Parque Natural de Monte Aloia

Figura principal de protección: Parque Natural. Data de declaración: 18/1/1979. Decreto 3160/1978, de 10 do novembro.
Instrumentos de planificación: Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN): Decreto 274/2001, do 27 de setembro. Plan Teitor de Uso e Xestión (P.R.U.X.): Decreto 65/2009.
Superficie: 746,29 ha
Muncipio: Tui (Pontevedra).
Acceso: A partir da autovía A-55 (ou da estrada N-550), tomando un desvío a aproximadamente 0,5 km de Tui, pasando pola aldea de Frinxo. Tamén desde a estrada PO-340 (Tui-Gondomar) e pola estrada local Gondomar-Prado-Tui.
Equipamentos: Centro de Interpretación da Natureza. Áreas Recreativas. Miradoiros. Paneis informativos. Sendeiros sinalizados (6, total 10 km.).

Fonte: Elaboración propia a partir da Xunta de Galicia: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) e Turgalicia.

[1]Pódese facer a visita calquera día do ano. Para facelo é preciso ter o permiso de navegación e o permiso de fondeo expedido polo Parque. O permiso de navegación, requisito para obter o de fondeo, é anual e permite navegar nas augas do Parque Nacional durante o ano en curso. Os fondeos solicítanse por día, puidendo solicitar varios días á vez.

[2]Existe un transporte público regular durante Semana Santa, fins de semana de maio e no verán no caso das Illas Cíes e Arquipélago de Ons. Non existe para os arquipélagos de Sálvora ede Cortegada. As empresas de transporte que realizan estes servizos adoitan ter base nos portos de: Vigo, Cangas e Baiona (Illas Cíes); Sanxenxo, Portonovo e Bueu (Arquipélago de Ons). Cada tempada as empresas establecen as

súas rutas e horarios polo que é necesario consultalos para achegarse ás illas nestas datas. O cupo de visitantes diario a Cíes nestas épocas é de aproximadamente 2000 persoas.

[3]Estas empresas deberán ter os permisos do parque necesarios para navegación e fondeo, mais deben ter en conta o momento no que se realizan pois: Fora da tempada regular ou de transporte público, o cupo redúcese a 250 persoas diarias en Cies e Ons. O é cupo de 125 persoas diarias nos arquipélago de Sálvora e Cortegada. Terán en conta que deben dispor de 1 guía por cada 25 participantes do grupo concertado. Na tempada regular, a visita destes grupos debe estar autorizada polo parque pois dada a afluencia en transporte público contan cun cupo compartido de aproximadamente 200 plazas. No caso de ter autorización de transporte regular deberán incluirse no cupo da central de reservas, de 2000 prazas.

[4]Equipamento de carácter privado, autorizado a través dunha concesión. Atópase na Illa do Faro. Ten capacidade limitada e cada visitante pode aloxarse un máximo de 15 días consecutivos. O cámping, xeralmente, está aberto sempre que haxa transporte marítimo de viaxeiros.

[5]No período no que opera o transporte público regular.

[6]Dedicado á divulgación das enerxías renovables, con todo tipo de actividades, visitas guiadas e cesión de bicicletas.

Con todo, só nos últimos anos foron xurdindo produtos turísticos de natureza máis ou menos desenvolvidos e estructurados. Un campo amplo que inclúe actividades recreativas, de interpretación e coñecemento da natureza, en maior ou menor grao de profundidade, así como a práctica de actividades deportivas de diferente risco e actividade física, todo iso facendo uso de recursos naturais[96]. Onde as OMDs deben asegurar a conservación dos espazos naturais, procurando que as actividades turísticas desenvólvanse nun nivel acorde coa capacidade de acollida e os obxectivos de conservación. Uns produtos organizados que contan cun sector privado carácterizado por unha importante atomización, estar sometido a frecuentes presións por formas de comercialización non legais, e que dificultan a súa consolidación, a consecución duns niveis de calidade e a penetración nos mercados de mercados. Agora ben, realizouse un gran esforzo promocional dos destinos de natureza, pero en moitas ocasións pouco específico ou pouco centrado en produtos concretos. Un dos máis coñecidos é o *turismo activo*[97]. Agora ben, ¿que entendemos por turismo activo? O turismo activo é aquel que ten como motivación principal a realización de actividades deportivas de diferente intensidade física e que usen expresamente os recursos naturais sen degradalos. En función dos recursos naturais dos que faga uso, podemos falar de turismo activo terrestre, acuático ou aéreo[98]. Dentro destes tres posibles medios que forman parte da natureza (terrestre, aéreo e acuático), foron xurdindo actividades/produtos de distinta intensidade física e risco, destinadas a un público que vai dende os máis conservadores aos máis aventureiros e demandantes de grandes emocións[99].

Antes de continuar a nosa análise do produto turístico de natureza, faremos un breve estudo da oferta de empresas de turismo activo no litoral galego. Para iso partimos da base de datos de Turgalicia, centrando a busca en empresas que oferten máis dun produto considerado de turismo activo e practicado na natureza. En Galicia, no ano 2012, segundo Turgalicia operaban 18 empresas de turismo activo[100]. Agora ben, Turgalicia tamén ofrece a posibilidade de buscar de modo xeral actividades de turismo deportivo en Galicia, obtendo neste caso unha poboación moito máis ampla que a anterior, cun total de 152 empresas ou organizacións, as cales as cales sumamos as 18

[96]Véxase: ARAÚJO VILA, N.; PAÜL CARRIL, V. e FRAIZ BREA, J. A. (2011): "El turismo activo o de aventura como componente destacado del turismo de naturaleza. Análisis de la oferta en Galicia". Gran Tour: Revista de Investigaciones Turísticas, nº 4; pp.8-31; op. cit. páx. 11.

[97]Aínda que este tipo de turismo tamén se pode practicar fóra de espazos naturais, mesmo nas cidades. Non consideramos este suposto dado que se afasta en boa medida do noso ámbito territorial de análise.

[98]Véxase: ARAÚJO VILA, N.; PAÜL CARRIL, V. e FRAIZ BREA, J. A. (2011); op. cit. páx. 11.

[99]Ibídem; op. cit. páx. 13.

[100]Das cales unicamente 5 tiñan a súa sede en muncipios do litoral galego (27,78% do total en Galicia).

empresas de turismo activo xa citadas, facendo unha poboación total en Galicia de 170 empresas que ofertan polo menos un produto de turismo activo (Figura nº4.2.4.1.3). No conxunto do litoral galego teñen a súa sede 118 empresas que ofrecen actividades de turismo activo (70,00% do total de Galicia). A Ría de Pontevedra é o espazo turístico do litoral con maior oferta de empresas de turismo activo con 33 (27,73 e 19,41% e 19,41% da oferta do litoral e de Galicia, respectivamente). Das cales, practicamente a metade, se localizan en O Grove (16 empresas). Un valor que o sitúan como o municipio litoral galego con máis oferta (13,45 e 9,41 da oferta do litoral e de Galicia, respectivamente). Agora ben, esta relevancia débese esencialmente ao feito de que o porto do Grove é a sede de gran número de empresas que ofertan cruceiros polas Rías de Arousa ou Pontevedra (Figuras nº4.2.4.1.4 e 4.2.4.1.5).

Figura nº4.2.4.1.3.- Distribución xeográfica das empresas de polo menos unha actividade de turismo activo en Galicia. Ano 2012.

	Número de empresas	% respecto ao total Galicia
A Coruña	61	35,88
Lugo	18	10,59
Ourense	18	10,59
Pontevedra	73	42,94
Galicia	170	100
LITORAL GALEGO	119	70,00

Fonte: Elaboración propia a partir de Turgalicia.

Figura nº4.2.4.1.4.- Oferta de empresas de turismo activo nos espazos e municpios do litoral galego: (A) Náutica: navegación (mar ou río), (B) Submarinismo; (C) Equitación; (D) Ruta marisqueo; (E) Rutas Cicloturísticas/BBT; (F) Sendeirismo/rutas a pé; (G) Golf ; (H) Automobilismo (4X4,...); (I) Quads; (J) Actividades aéreas (parapente,...); (K) Máis dunha actividade. Ano 2012.

	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	TOTAL	% sobre litoral	% sobre Galicia
Ribadeo	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Foz	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Burela	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0,84	0,59
Cervo	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Viveiro	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0,84	0,59
O Vicedo	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
A Mariña Lucense	**4**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**2**	**6**	**5,04**	**3,53**
Valdoviño	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Ortegal	**1**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**1**	**0,84**	**0,59**
Narón	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Ferrol	1	2	0	0	0	1	0	0	0	0	0	4	3,36	2,35
Pontedeume	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Paderne	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Sada	3	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	4	3,36	2,35
Cambre	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	3	2,52	1,76
A Coruña	5	2	0	0	0	0	0	0	0	0	2	9	7,56	5,29
Arteixo	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
A Laracha	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Golfo Ártabro	**11**	**4**	**4**	**0**	**1**	**1**	**0**	**0**	**0**	**0**	**4**	**25**	**21,01**	**14,71**
Carballo	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Fisterra	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Corcubión	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	2	1,68	1,18
Carnota	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0,84	0,59
Costa da Morte	**3**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**2**	**5**	**4,20**	**2,94**

Muros	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Outes	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Porto do Son	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	1,68	1,18
Ría de Muros-Noia	**3**	**0**	**1**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**4**	**3,36**	**2,35**
Ribeira	1	1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	3	2,52	1,76
A Pobra do Caramiñal	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Boiro	2	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3	2,52	1,76
Rianxo	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	1,68	1,18
Vilagarcía de Arousa	6	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	7	5,88	4,12
A Illa de Arousa	3	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	4	3,36	2,35
Cambados	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Ría de Arousa	**16**	**2**	**0**	**1**	**0**	**0**	**0**	**0**	**1**	**0**	**1**	**21**	**17,65**	**12,35**
Sanxenxo	3	0	1	0	1	0	0	0	1	0	0	6	5,04	3,53
O Grove	13	1	0	1	0	0	0	1	0	0	0	16	13,45	9,41
Poio	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Pontevedra	4	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0	6	5,04	3,53
Marín	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	2	1,68	1,18
Bueu	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	1,68	1,18
Ría de Pontevedra	**23**	**2**	**2**	**2**	**1**	**0**	**0**	**1**	**1**	**0**	**1**	**33**	**27,73**	**19,41**
Cangas	3	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	4	3,36	2,35
Vigo	12	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	13	10,92	7,65
Nigrán	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Baiona	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Ría de Vigo	**17**	**1**	**0**	**1**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**19**	**15,97**	**11,18**
Oia	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
A Guarda	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,84	0,59
Tui	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3	3	2,52	1,76
Baixo Miño	**1**	**0**	**1**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**3**	**5**	**4,20**	**2,94**
LITORAL GALEGO	**79**	**9**	**8**	**4**	**2**	**1**	**0**	**1**	**2**	**0**	**13**	**119**	**100**	70,00
A Coruña	*28*	*10*	*6*	*0*	*2*	*0*	*0*	*0*	*2*	*1*	*12*	*61*	---	35,88
Lugo	*5*	*0*	*0*	*0*	*0*	*3*	*0*	*0*	*0*	*0*	*10*	*18*	---	10,59
Ourense	*2*	*0*	*2*	*0*	*0*	*0*	*2*	*1*	*0*	*1*	*10*	*18*	---	10,59
Pontevedra	*51*	*3*	*4*	*4*	*1*	*0*	*0*	*1*	*1*	*0*	*8*	*73*	---	42,94
Galicia	**86**	**13**	**12**	**4**	**3**	**3**	**2**	**2**	**3**	**2**	**40**	**170**	**---**	**100**

Fonte: Elaboración propia a partir de Turgalicia.

Da poboación total de empresas que ofertan actividades de turismo activo no litoral, encontrámonos con que a maioría se centra en ofertar actividades náuticas (paseos en embarcacións de vela, pesca ou submarinismo), supoñendo un 66,39% do total (Figura nº4.2.4.1.6). A continuación, sitúanse aquelas que ofertan máis dun produto considerado de turismo activo cun total de 13 empresas (10,92% do total do litoral galego). Os municipios de Tui e A Coruña (con 3 e 2 empresas, respectivamente) son que presentan máis empresas deste tipo dentro do litoral galego (Figura nº4.2.4.1.7). En terceiro lugar, están as empresas que centran a súa oferta na actividade de submarinismo, un 7,56% do total do litoral galego, seguidas por as empresas que ofertan equitación y rutas de marisqueo, un 6,72% y un 3,36% do total, respectivamente. As restantes tipoloxías mostran uns valores moi inferiores.

Figura nº4.2.4.1.6.- Actividades de turismo activo no litoral galego. Ano 2012.

Actividade	Número de empresas	% respecto ao total
Náutica: navegación (mar ou río)	79	66,39%
Submarinismo	9	7,56%
Equitación	8	6,72%
Ruta marisqueo	4	3,36%
Rutas cicloturísticas	2	1,68%
Sendeirismo/rutas a pé	1	0,84%
Automobilismo	1	0,84%
Quads	2	1,68%
Más de unha actividade	13	10,92%
TOTAL	119	100

Fonte: Elaboración propia a partir de Turgalicia.

Unha vez que temos unha idea global do sector dentro do conxunto do litoral galego, imos prestar especial atención ás empresas que ofertan máis dun produto de turismo activo (Figura nº4.2.4.1.7). Unha análise da mesmas indícanos que a maioría traballa na propia zona de localización da súa sede, aproveitando os recursos naturais do seu ámbito (ríos, sendeiros, barrancos...) e as propias instalacións no caso de actividades de paintball, tirolina, rocódromo..... Algunha delas, ofertan a posibilidade de operar por toda Galicia segundo a demanda do cliente (Quad Aventuras, Meigalicia, Turnauga, Itineris...). No que atinxe ás actividades ofertadas, o rango se move nun mínimo de 3 actividades dende a empresa con a oferta máis sinxela ás catorce nas que teñen a oferta máis completa (Roq Sport, Meigalicia e Atlantis Adventure Turismo Activo). A tendencia media é ofertar ao redor de 8 actividades. En canto ao tipo de actividades, son moi poucas as que ofertan para os tres posibles medios (terra, auga e aire), sendo o medio predominante o terrestre, presente nas 13 empresas. Tanto para iniciar a actividade neste sector como para ampliar carteira, é o medio preferido, deducindo que é o que require menor investimento, preparación ou condicións máis específicas. No caso das actividades acuáticas, como xa se viu, existen multitude de empresas vinculadas coa navegación, que exclusivamente ofertan tal produto, polo que nas empresas con carteira diversificada a tendencia é a de non ofertar gran variedade, senón algún produto como kaiak, ráfting, vela, piragüismo, .. pero tan só como máximo tres destes. O medio aéreo é o menos explotado, sendo tan só 4 as empresas que ofertan actividades neste campo (Boat of Dreams, Eolo Actividades, Meigalicia e Atlantis Adventure Turismo Activo), limitándose a parapente, exceptuando o caso de Atlantis Adventure Turismo Activo que proporciona unha oferta baseada exclusivamente no Puenting.

Figura nº4.2.4.1.7.- Empresas de turismo activo no litoral galego. Ano 2012.

Empresa	Municipio (sede)	Funcionamento	Actividades ofertadas
Ibán García 10 Sports	Burela (Lugo)	Todo o ano	**Terra :** Sendeirismo **Auga:** submarinismo, surf, vela
Roq Sport	Viveiro (Lugo)	Todo o ano	**Terra :** Descenso de barrancos**;** Escalada**;** Rappel**;** Rocódromo**;** Tirolina**;** Rutas en Quad; BBT; Paintball; Tiro con arco; Sendeirismo**;** Orientación **Agua:** Piragüismo**;** Kaiak aguas tranquilas 1
Boat of Dreams	Sada (A Coruña)	Todo ano	**Terra:** Sendeirismo **Agua:** Vela**;** Submarinismo**;** Piragüismo

			Aire: Parapente
Axiña Servicios Deportivos	Cambre (ACoruña)	Todo o ano	**Terra:** Escalada**;** Rappel**;** Rocódromo Tirolina; Rutas en Quad; Rutas a Caballo Paintball; Tiro con arco; Sendeirismo Orientación
Fantasía Animación	A Coruña-ACoruña	Todo o ano	**Terra:** Paintball**;** Tiro con arco**;** Sendeirismo Orientación; Equitación; Escalada; Quads **Auga:** Kaiaks**;** Rafting
Eolo Actividades	A Coruña (A Coruña)	Todo o año	**Terra**: Escalada; Rappel; Rocódromo; Tirolina; Rotas en Quad; Sendeirismo; Orientación **Aire:** Parapente
Meigalicia	Corcubión (A Coruña)	Todo ano	**Terra**: Paintball; Escalada; Sendeirismo; Tiro con arco; Tirolina; Golf; 4x4. **Auga:** Suf**;** Piragüismo**;** Pesca deportiva**;** Turismo mariñeiro **Aire:** Parapente **Ecoturismo:** Observación de aves**;** Micoloxía
Atlantis Adventure Turismo Activo	Carnota (A Coruña)	Todo o ano	**Terra:** Descenso de barrancos**;** Escalada**;** Rappel**;** Rocódromo**;** Tirolina**;** Espeleoloxía**;** Rotas en Quad**;** Rotas a Cabalo**;** Paintball**;** Sendeirismo**;** Orientación **Auga:** Piragüismo**;** Kaiak augas tranquilas **Aire:** Puenting
Piragüilla	A Illa de Arousa (Pontevedra)	Todo o ano	**Terra:** Sendeirismo**;** Orientación**;** Taller marisqueo **Auga:** Kaiak**;** Rafting**;** Snorkel
Ecoparque Multiaventura de Marín	Marín (Pontevedra)	Todo o ano	**Parque multiaventura:** equitación, tirolinas, escalada.
Arrepións	Tui (Pontevedra)	Febreiro a Novembro	**Terra:** Sendeirismo**;** Orientación **Auga:** Piragüismo**;** Ráfting**;** Hidrospeed**;** Kaiak augas tranquilas**;** Kaiak augas bravas
Aquamiño Tamuxe Kayak	Tui (Pontevedra)	Todo o ano	**Terra:** Bicicletas**;** Sendeirismo**;** Orientación**;** Visita a adegas **Auga:** Paseos en Catamarán polo Rio Miño**;** Aluguer de barcos, con ou sen necesidade de titulación náutica**;** Kaiak augas tranquilas**;** Deslizador tirados por lancha rápida
Verdeazul	Tui (Pontevedra)	Todo o ano	**Terra:** Bicicletas**;** Sendeirismo **Auga:** Rafting**;** Kaiak de augas tranquilas

Fonte: Elaboración propia a partir de Turgalicia.

O medio que foi máis explotado ata agora no litoral galego, é o terrestre, onde destacan produtos como o sendeirismo ou o ciclomontañismo. O sendeirismo é un produto turístico que representa unha verdadeira experiencia relacionada coa natureza; pero non exclusivamente, xa que podemos vinculala co turismo rural, deportivo e cultural. O sendeirismo débese entender como un produto que representar unha experiencia turística integral, sobre todo se a enfocamos no ámbito de ámbitos rurais e naturais, nos que os recursos turísticos existentes poden ser relacionados entre si a través desta actividade. Os xestores das OMDs deben ser plenamente concientes que o

desenvolvemento deste produto turístico informal esixe unha forte implicación de todos os axentes locais, privados e públicos. Máis que un simple trazado sinalizado, o turista-senderista "consume" un territorio "(...) a través das súas paisaxes e a súa identidade, duns itinerarios adaptados, e duns servizos e acollida brindados antes, durante e despois da súa actividade de sendeirismo"[101]. Unha experiencia turística integral xa que é capaz de combinar deporte, natureza e cultura, entre outros[102]. Agora ben, o sendeirismo é unha das principais actividades e motivacións dentro do producto turístico de natureza. Se trata da actividade máis demandada polo turista de natureza e a máis ofertada polas empresas e os destinos. A oferta nos países desenvolvidos europeos é inmensa e é practicamente imposible encontrar un destino de natureza que non conte cunha respectable rede de camiños e sendas tradicionais[103]. De feito, a tendencia no mundo desenvolvido occidental é a de ver incrementar o número de persoas que elixen o sendeirismo como alternativa para manterse en forma, para coñecer un lugar ou simplemente como nexo complementario da súa actividade turística habitual (pequenos paseos, percorridos culturais caminando,…). O sendeirismo é unha actividade amplamente practicada en todos os países desenvolvidos xa que se adapta a un amplo abano de motivacións, idades e condición física. Se ben é certo que o perfil do consumidor de sendeirismo non conta con un estándar concreto, si podemos establecer unhas características xerais que nos permiten aproximarnos a dito perfil: papel destacado das mulleres, constitúe unha actividade perfecta para realizar no ámbito familiar, o número de senderistas con idade superior a 50 anos é moi representativo[104] e adoita ser practicado basicamente por clases sociais medias e altas[105].

Polo tanto, o sendeirismo preséntase ás OMDs do litoral galego como unha magnífica estratexia dinamizadora de recursos paisaxísticos. Esta infraestrutura turística no ano 2012 contaba no conxunto do litoral galego cun total 22 sendas sinalizadas (33,33% das sinalizadas en toda Galicia)[106] (Figura nº4.2.4.1.8). Un conxunto de rutas que son realizables a pé, a cabalo ou en bicicleta, e que permitan ao turista realizar unha actividade complementaria relacionada coa natureza e o patrimonio cultural.

---

[101]Véxase: OBSEVATORIO EUROPEO LEADER/AEIDL (2001): "La valorización del turismo de senderismo en los territorios rurales: Guía pedagógica sobre la elaboración y la aplicación de un proyecto de senderismo". Cuaderno de la Innovación nº12, Observatorio Europeo LEADER, Bruselas; op. cit. páx. 5.

[102]Véxase:RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, M.; RODRÍGUEZ CAMPO, Mª. L. e SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, P. (2012): "El senderismo como experiencia turística integral", en FRAIZ BREA, J. A. (ed.): "Creación y desarrollo de productos turísticos: innovación y enfoque experiencial". ACTAS del XVIII Congreso de la AECIT (Asociación de Expertos Científicos en Turismo) O Carballiño (Ourense) entre el 21 y 23 de Noviembre de 2012, AECIT; pp. 306-313; op. cit. páx. 306.
http://www.aecit.org/actas_XVII_ocarballino.php

[103] Ibídem; op. cit. páx. 308.

[104]Neste punto, BEEDIE e HUDSON (2003: 628) sosteñen que, a nivel mundial, para o caso concreto de turistas de montaña que realizan actividades de sendeirismo e excursionismo, a media de idade deste tipo de turistas está sobre os 41 anos de idade e que máis do 77% son persoas maiores de 30 años. Véxase: BEEDIE, P. e HUDSON, S. (2003): "Emergence of mountain-based tourism adventure tourism". Annals of Tourism Research, vol. 30, nº3; pp. 625-643; op. cit. páx. 628.

[105]Véxase: OBSEVATORIO EUROPEO LEADER/AEIDL (2001): "La valorización del turismo de senderismo en los territorios rurales: Guía pedagógica sobre la elaboración y la aplicación de un proyecto de senderismo". Cuaderno de la Innovación nº12, Observatorio Europeo LEADER, Bruselas; op. cit. páx. 9.

[106]Consideramos como tales todas aquelas que algún momento do seu trazado atravesan un municipio do litoral galego e están recollidas dentro do catálogo: "Sendas para descubrir un país" (2013). Turgalicia, Xunta de Galicia. Neste catálogo recóllense toos aqueles sendeiros que recollen as condicións de homologación esixidas pola Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada (F.E.D.M.E.) no ámbito estatal, ou a Federación Galega de Montañismo (F.G.M.) no ámbito autonómico, e que se axustan á normativa internacional.

Recentemente, co obxecto de promover e potenciar a actividade do sendeirismo, Turgalicia desenvolveu baixo o nome "*sendegal*"[107] unha ferramenta gratuíta, dispoñible dende xuño de 2013, para dispositivos móbiles tipo i-phone e android. Unha aplicación que permite coñecer as rutas oficialmente homologadas de Galicia para o sendeirismo, integrando a descrición de cada unha delas coa súa visualización, perfil topográfico, grao de dificultade... así como as valoracións e comentarios útiles doutras persoas que xa a percorreron antes[108].

Ademais do senderismo, as actividades relacionadas coa bicicleta no marco da natureza están cobrando importancia. Nesta dirección, unha liña crave de actuación de á Xunta de Galicia constitúea o proxecto "Centros BTT Galicia"[109] que pretende dotar medio prazo ao territorio galego dunha Rede de Centros para a práctica con bicicletas todo terreo (BTT). Unha Rede de Centros BTT Galicia concibida para dar soporte técnico a cada centro, ao obxecto de favorecer o seu crecemento e maduración como produto, ao tempo que actuará como plataforma de promoción e dinamización da totalidade dos Centros que a compoñen de xeito integrado e unificado. Os centros BTT ideáronse en Francia e pasaron a España por Cataluña, que foi a primeiro comunidade en instalalo. Actualmente hai centros BTT na Comunidade Valenciana, o País Vasco, Madrid e Aragón. Un centro BTT é unha instalación preparada para a prestación dun produto turístico baseado no uso da bicicleta de montaña. O centro BTT consta dun punto de información principal onde se subministran toda clase de produtos e servizos, así como datos sobre rutas cicloturistas. O punto de acollida pon a disposición do usuario un servizo de atención e información sobre o propio Centro BTT e o seu ámbito. Tamén conta con servizo de aluguer de bicicletas, zonas de aparcadoiro, zonas habilitadas para o lavado e reparación de bicicletas, duchas e servizos e caixa de primeiros auxilios. Ligado a este centro encóntranse unha serie de rutas balizadas e sinalizadas, clasificadas por diferentes niveis de dificultade segundo varios parámetros: lonxitude, desnivel, natureza e estado do terreo, perigosidade, etc. As rutas identifícanse cun código de cores segundo a súa dificultade, dende verde (moi doado) ata negro (moi difícil). As rutas discorren por tramos de escasa circulación motorizada, xeralmente non asfaltados. A maioría dos itinerarios son circulares e inícianse no punto de acollida. Son rutas marcadas, interconectadas entre si e que poden realizarse ben de forma única ou ben mesmo como grandes travesías. Os sinais utilizados para balizar as rutas están homologados e son similares ás utilizadas noutros centros BTT en España e en Europa. En defintiva. un produto turístico potencialmente desestacionalizador con imaxe propia

[107]Véxase: http://www.turgalicia.es/canle-profesional/descargas-e-utilidades/sendeirismo-no-mobil-nas-tuas-mans?langId=es_ES

[108]Para cada unha das sendas, a aplicación dispón dos planos de cada ruta, que poden descargarse e/ou gravarse previamente na memoria do teléfono, co que durante a ruta se pode empregar o dispositivo no modo en liña ou non. En ambos caos, o GPS indica a posición para poder seguir o camiño sen dificultade. *Sendegal* incorpora tamén un modo de buscas por listado ou mapa, que proporciona información sobre:

- ✓ A lonxitude da ruta
- ✓ Tempo estimado do percorrido
- ✓ Grao de dificultade. A aplicación utiliza o sistema MIDE, un método deseñado pola Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada (FEDME) que permite valorar de forma obxectiva a dificultade física e técnica dos sendeiros.
- ✓ Perfil topográfico
- ✓ Imaxes e outros datos de interese
- ✓ Valoracións ou comentarios de utilidade para outras persoas que fan sendeirismo.

Os perfís propios desta aplicación están dispoñibles nas principais redes sociais especializadas en sendeirismo (Every Trail, Wikiloc e ikiMap), nas que se pode consultar, ou descargar directamente ao dispositivo móbil, as rutas homologadas en Galicia.

[109]Véxase: http://www.turgalicia.es/presentacion-centros-btt?langId=es_ES

que facilita o uso ordenado e sostible da bicicleta de montaña a través dunha rede normalizada de instalacións e que está dirixido tanto ao usuario experto coma ao principiante. No ano 2012, Galicia só contaba cun Centro BTT. O Centro BTT O Salnés, inaugurado en maio de 2011, cuxo punto de acollida se localiza no Campo de Golf de Meis, a 15 quilómetros de Pontevedra e a 75 de Santiago de Compostela. O Centro BTT O Salnés ofrece 10 rutas (117,5 km totais)[110] para todos os niveis aínda que se destacan os itinerarios esixentes arredor do Monte Castrove. Nas rutas máis accesibles destaca a do Circuíto do Monte da Escusa con saída e chegada no Campo de Golf e con fermosas vistas panorámicas sobre as rías de Arousa e de Pontevedra (Figura nº4.2.4.1.9).

Figura nº4.2.4.1.9.- Centro BTT O Salnés: Localización, servizos e rutas.



Servizos:
Información Centro BTT; Información turística; Aluguer de bicicletas; Zona de lavado; Despachos; Vestiarios; Duchas auga quente; Aluguer de toallas; Aseos; Máquina de bebidas; Cafetaría/Restaurante; Bolsa pícnic para ciclistas; Campo de Golf;Tenda de material de golf; Clases de Golf.

Ruta	Nome	Muncipios percorrido	Km	Dificultade
1	circuíto do Monte da Escusa	Meis-Poio	6,8	(fácil)
2	ruta dos Muiños de Armenteira	Meis-Ribadumia	8,2	
3	ruta dos Outeiros de Silván	Meis	6,7	
4	circuíto do Val de Meis	Meis	13,8	(difícil)
5	ruta da Changa	Meis-Meaño	9,5	
6	ruta do Monte Castrove	Meis-Ribadumia	15,2	
7	panorámica do Monte Castrove	Meis	12,2	(moi difícil)
8	ruta de Bordóns	Meis-Poio-Samxemxo	13,4	
9	vistas de Arousa	Meaño-Meis	14,3	
10	circuíto de Campo Ladrón	Meis	17,4	

Fonte: Elaboración propia a partir de Turgalicia.

Outro produto de natureza que está a potenciar actualmente Turismo de Galicia é ornitolóxico. O litoral galego con máis de 1.300 km de costa posúe un mosaico de hábitats singulares onde observar moitas especies diferentes de aves. Asi mesmo, a súa

[110]Véxase: http://www.turgalicia.es/presentacion-das-rutas-do-centro-btt-do-salnes?langId=es_ES

posición estratéxica, un dos puntos máis occidentais de Europa, fano un lugar extraordinario para o avistamento das migracións de aves mariñas. Dende Turgalicia fíxose un traballo de inventariado de aves e de espazos, así como das épocas óptimas para a observación, das figuras de protección asociadas e da bioloxía e hábitat predominantes nos espazos identificados[111]. Dentro destes espazos identificados, diferencian seis *ambientes*[112] (entre os cales figura o catalogado como "*litoral e mar aberto*") e *dez mellores lugares*[113] para para a observación de aves en Galicia (catro dos mesmo localizados no litoral). Asi mesmo, estanse a impulsar políticas de promoción baseadas no seu carácter sostible e a súa vinculación co espazo rural. A observación de aves é un nicho de mercado que creceu bastante en países como Reino Unido, Estados Unidos ou Alemaña. En total, estímase que uns 3 millóns de persoas viaxan cada ano co obxectivo principal de observar aves. Utilizan Internet de forma intensiva, infórmanse con antelación, gustan de aprender sobre o tema e os lugares nos que habitan as diferentes especies e valoran en gran xeito poder ver o maior numero de especies posible nunha viaxe da forma máis eficiente, a un custo razoable. Son viaxeiros que buscan unha conexión coa natureza e vivir unha experiencia única. Polo tanto, estamos ante un produto cun mercado de demanda en crecemento, cun elevado nivel de desestacionalización e de gran potencialidade no litoral galego. Agora ben, dentro dos potenciais destinos no litoral galego estanse a dar os primeiros pasos con asesoramento por parte da Xunta de Galicia.

En definitiva, tanto en Galicia como no seu litoral infrautilizáronse importantes posibilidades de desenvolvemento vinculadas á declaración de espazos naturais protexidos e a súa posterior xestión como espazos turísticos. Só na última década se xeneralizou a posta en valor destes espazos como destinos turísticos concibidos per se. As OMDs deben ser plenamente conscientes que a delimitación, protección e xestión de espazos naturais protexidos é fundamental para sentar as bases dun Turismo de Natureza coherente e estructurado. Para o cal, ademais, resulta imprescindible unha coordinación estreita entre as políticas ambientais e turísticas.

4.2.4.2. O produto turístico náutico.

Dentro desta pauta necesaria de contribuír ao mantemento dun turismo competitivo e sostible nos espazos litorais galego, un *produto turístico náutico* ben planificado se nos presenta como un compoñente de gran potencialidade como revalorizador e xerador de plusvalías á oferta turística litoral. Un produto turístico náutico insuficientemente estructurado e promovido dentro do global ofertado dende o destino turístico galego[114]. O Turismo Náutico é un turismo en si mesmo, son vacacións activas en contacto coa auga que permiten realizar todo tipo de actividades náuticas en tempo de ocio. Compartindo a actividade náutica co desfrute da natureza e a oferta turística e recreativa das diferentes rexións[115]. O turismo náutico, polo tanto, debemos entendelo como un tipo de turismo activo integrado dentro do litoral, vinculado ao contacto coa auga en tempo de ocio. Incluíndo toda unha variada gama de actividades:

[111]Véxase: http://www.turgalicia.es/presentacion-de-turismo-ornitoloxico?langId=gl_ES

[112] Véxase: http://www.turgalicia.es/zonas-de-observacion-de-aves-en-galicia?langId=es_ES

[113]En concreto se trantan dos seguientes áreas do litoral: Estaca de Bares e a Ría do Barqueiro, a Ría de Ortigueira e Cariño, a Costa dá Morte e o Complexo Ons-Grove. Véxase: http://www.turgalicia.es/os-10-mellores-lugares...?langId=es_ES

[114]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b): "El turismo náutico en Galicia: La oferta de puertos deportivos". Monografías. Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páx. 8.

[115]Véxase: G.M.M. CONSULTORES TURÍSTICOS, S.A., (1998): "El turismo náutico en España". Instituto de Turismo de España, TURESPAÑA, Madrid.

vela, chárter, motonáutica, windsurfing, surf, submarinismo, remo, piragüismo, etc..., que posibilitan a creación de toda unha serie de mini-produtos específicos[116]. Non obstante, en España a práctica destes deportes tradicionalmente foi un couto limitado a fraccións minoritarias da poboación, por un conxunto de razóns, entre as cales poden apuntarse a carencia de instalacións para tal fin, a penalización fiscal das embarcacións deportivas[117], ou a ausencia dunha política de fomento de deportes náuticos[118]. Se ben é certo que esta situación mellorou no período 2002-2006, en clara conexión cun maior grao de desenvolvemento e de redistribución de renda experimentado pola sociedade, aínda que o turismo náutico seguía conservando certo grao de exclusividade. Como poñen, por exemplo, de manifesto a evolución do volume de matriculacións de embarcacións de recreo en España[119] cun crecemento acumulado do 22% neste intervalo temporal, facéndose evidente a vitalidade do sector. Agora ben, esta situación cambiou coa crise económica; de feito, a partir de 2007 empezou a acusarse un descenso paulatino das matriculacións ata chegar á situación actual (Figura nº4.2.4.2.1). Unha frota composta por 214.506 unidades no ano 2012, un 13,32% máis que en 2007 (Figura nº4.2.4.2.). Galicia, polo seu lado, contaba no ño 2012 cunha frota de 17.461 de embarcacións e motos de auga, un 14,04% máis que no ano 2007. Polo tanto, rexístrase un incremento constante da frota de embarciones e motos de auga matriculadas tanto en Galicia como España no período considerado de 2003-2012. Agora ben, a crise significou unha leve ralentización no crecemento da frota matriculada (Figura nº4.2.4.2.3).

Figura nº4.2.4.2.1.- Produto turístico náutico: Evolución mesual das matriculacións de embarcacións de recreo en España. Período 2007-2012.

	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Maio	Xuñ.	Xul.	Agost.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Total ano
2007	674	696	828	948	1.363	1.593	1.621	1.440	986	967	838	663	12.627
2008	780	803	760	957	1.024	1.038	1.398	958	718	747	634	500	10.317
2009	322	414	436	518	660	820	935	769	541	592	388	315	6.710
2010	242	378	483	477	707	763	878	647	506	383	304	261	6.029
2011	212	341	453	512	664	841	779	657	336	286	238	203	5.522
2012	258	270	412	373	650	797	765	542	227	236	181	134	4.845

Fonte: Elaboración propia a partir de ANEN (Asociación Nacional de Empresas Náuticas).

[116]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b); op. cit. páxs. 8 e 9.

[117]De feito, a náutica deportiva viuse afectada polo incremento impositivo que o Consello de Ministros aprobou o 13 de xullo de 2012 por Real Decreto-Lei 20/2012, no que se prevén, entre outras, unha serie de medidas de carácter fiscal, con incidencia no Imposto sobre o Valor Engadido. Con este cambio, pasan a tributar ao tipo xeral do 21% os servizos prestados por clubs náuticos. Tamén tributarán ao 21% o ensino deportivo (vela, golf, tenis, etc.)y o aluguer de material para a práctica deportiva. A adquisición dun barco xerará a obriga de pagar un 21% do prezo en concepto de IVE. Agás, cando se trate dunha compra-venda dun barco de segunda man entre particulares, en cuxo caso se deberá facer unha liquidación do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos documentados, que supón un 4% do prezo pagado ou do prezo medio de venda aplicable.

[118]Véxase: ALVARGONZÁLEZ RODRIGUEZ, R. (1989): "Metamorfosis portuarias: el nuevo puerto deportivo de Gijón. Notas para una tipología de los espacios de ocio litorales". ERIA, nº18; pp. 77-84; op.cit. páx.77.


[119]Información subministrada pola Dirección General de la Marina Mercante (DGMM), a través dos seus rexistros de embarcacións matriculadas, que para o caso das embarcacións de recreo son as listas 6º e 7º (embarcacións para uso de aluguer e particular, respectivamente).

Figura nº4.2.4.2.2.- Produto turístico náutico: Evolución do número de embarcacións de recreo e motos de auga matriculadas por CC.AA. en España. Período 2003-2012.

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Andalucía	17.560	20.287	23.184	25.211	26.830	28.429	29.381	30.251	31.033	31.958
Asturias	2.455	2.742	3.087	3.323	3.511	3.696	3.826	3.934	4.030	4.187
C. Valenciana	14.910	16.518	18.187	19.491	20.533	21.330	21.870	22.403	22.940	23.447
Cantabria	4.804	5.140	5.417	5.612	5.767	5.921	6.024	6.124	6.184	6.243
Cataluña	34.248	36.965	39.774	42.181	44.104	45.752	46.828	47.962	48.816	49.676
Ceuta	821	855	880	927	964	1.019	1.074	1.107	1.123	1.191
GALICIA	**11.445**	**12.597**	**13.817**	**14.648**	**15.311**	**15.881**	**16.308**	**16.701**	**17.086**	**17.461**
Baleares	24.347	26.037	27.753	28.869	29.760	30.774	31.335	31.911	32.506	33.475
Canarias	11.109	12.174	13.196	14.154	14.919	15.489	15.837	16.153	16.516	16.831
Madrid	13.366	14.391	15.438	17.049	18.337	19.493	20.254	20.993	21.720	22.013
Melilla	580	604	633	679	717	759	804	835	862	917
Muricia	7.862	8.643	9.456	10.150	10.704	11.047	11.289	11.503	11.727	11.817
País Vasco	5.907	6.311	6.709	7.145	7.494	7.739	7.904	8.107	8.292	8.464
ESPAÑA[1]	**114.316**	**157.116**	**170.275**	**180.931**	**189.295**	**196.623**	**201.285**	**205.873**	**210.198**	**214.506**
ESPAÑA[2]	5.098	6.148	7.256	8.506	9.656	10.706	11.449	12.111	12.637	13.174
ESPAÑA[3]	**119.414**	**163.264**	**177.531**	**189.437**	**198.951**	**207.329**	**212.734**	**217.984**	**222.835**	**227.680**

Fonte: Elaboración propia a partir da Dirección General de Mariña Mercante (DGMM, Ministerio de Fomento) e ANEN (Asociación Nacional de Empresas Náuticas).
[1]Embarcacións Total.
[2]Motos de Auga.
[3]Total.

Figura nº4.2.4.2.3.- Produto turístico náutico: Evolución do número de embarcacións de recreo e motos de auga matriculadas en Galcia e España. Período 2003-2012. (Ano 2003=100).



Fonte: Elaboración propia a partir da Dirección General de Mariña Mercante (DGMM, Ministerio de Fomento) e ANEN (Asociación Nacional de Empresas Náuticas).

O litoral Galego ofrece unhas excelentes condicións potenciais para o turismo náutico-deportivo en función da súa situación como escala intermedia cara a captar

fluxo de tránsito náutico-deportivo procedente do arco europeo con destino no Mediterráneo. Pero ademais, conta coas excelentes condicións das súas diversas Rías para a navegación deportiva, tanto en percorridos dunha xornada coma para pequenas travesías entre distintas Rías, aproveitando a ampla oferta de instalacións náuticas existentes[120]. Por outro lado, as devanditas instalacións portuarias galegas ostentan un potencial atractivo como portos base con respecto aos mercados das CC.AA. interiores e xeograficamente próximas a Galicia. Potencialidade especialmente incrementada coa modernización funcional da trama viaria galega que viu incrementar sensiblemente os seus niveis de capacidade de carga e, consecuentemente, os estándares de accesibilidade territorial[121]. En función de todo o apuntado, o produto turístico náutico preséntase como unha ofera complementario e de calidade[122] do turismo litoral galego, un instrumento de diversificación e a este tempo de cualificación da devandita oferta. Ademais de supoñer un sector socioeconómico relevante, se atendemos ás cifras de negocio e emprego[123], e á súa capacidade potencial de captar un segmento de demanda específico cunha destacada media de gasto[124]. Así mesmo, o devandito produto, pode ser un elemento potencialmente desestacionalizador, debido esencialmente a que a súa práctica non está en exceso condicionada polos factores climáticos[125]. En definitiva, o nivel de gasto que realiza o turista náutico, a importante economía de escala que xera e o prestixio e a etiqueta de calidade que achega ao destino, convérteno nunha opción de desenvolvemento interesante e a analizar por parte das OMDs do litoral galego. Agora ben, as OMDs deben ser plenamente conscientes que o desenvolvemento deste produto, e especialmente a construción de infraestruturas portuarias, débese procurar realizar minimizando os impactos que carrexa sobre o litoral, especialmente na dinámica mariña. É dicir, o produto náutico-turístico pode e debe actuar como un importante

[120]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b); op. cit. páx. 9.

[121]Véxase: DÍAZ FERNÁNDEZ, J. A. (2001): "Reflexiones y notas de la política portuaria y sus efectos en la red regional de puertos de interés general de Galicia". Revista de Estudios de Contrucción y Transportes, nº93; pp. 81-104.

[122]Agora ben, non debemos caer no paradoxo de vincular "turismo de alto poder adquisitivo" con "turismo de calidade". É preciso, ter sempre presente o principio de analizar a calidade do turismo en virtude do seu respecto ao medio, do seu comportamento cidadán e da súa capacidade para desenvolver iniciativas que revertan en beneficio da poboación local. Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b); op. cit. páx. 10.

[123]De feito, o primeiro estudo efectuado sobre Impacto Económico da Náutica de Recreo en España, iniciativa de ANEN (Asociación Nacional de Empresas Náuticas) en colaboración con Fira de Barcelona e a Fundación Innovamar, estimaba que a náutica de recreo no ano 2007 achegaba sobre a economía concretábase en 113.737 empregos (directos, indirectos, e inducidos), un 0,13% do total do emprego español, e na xeración dun 0,7% do Valor Engadido Bruto, (VAB), 5.536 millóns de euros. Véxase: http://www.fondear.org/noticias/NoticiaAutomatica.asp?IDNoticia=1023 . Por outra parte, as estimacións realizadas polo IVIE con oacasión da celebración da America's Cup 2007 no Porto de Valencia, cifraban o impacto deste evento nun aumento anual próximo ao 1% do PIB durante o período 2004-07, e un 1,1% do emprego da Comunidade Valenciana. É dicir, 2.724 millóns de euros de renda (valor engadido), e 73.859 empregos: Véxase: IVIE (Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas) (2008): "Impacto Económico de la 32ª America's Cup Valencia 2007: Informe final". IVIE, Valencia; op. cit. páx. 94.

[124]A modo de exemplo, no mencionado estudo sobre o "Impacto Económico de la 32ª America's Cup Valencia 2007" cuantificábase o gasto medio diario dos españois asistentes á America's Cup en 147,2 euros e o dos estranxeiros 150,76 euros. Véxase: IVIE (Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas) (2008): "Impacto Económico de la 32ª America's Cup Valencia 2007: Informe final". IVIE, Valencia; op. cit. páx. 45.

[125]O clima é un destacado elemento condicionador do desenvolvemento turístico, debido a que pode condicionar o grao de aproveitamento dos recursos turísticos. De aí a relevancia de promover produtos turísticos que non estean excesivamente predeterminados polo clima. Neste sentido, se para a oferta de sol e praia o condicionante determinante é a busca do factor heliotrópico, para o turismo náutico a presenza ou non de sol non é un criterio sine que non para a súa práctica. Véxase: Ibídem.

dinamizador do espazo turístico litoral, pero sempre sobre a base do correcto uso dunha política de planificación e de xestión eficaz que teña en conta o debido respecto ao medio e o uso racional dos recursos turísticos. Posto que, un turismo náutico ben planificado debe contribuír ao mantemento dun turismo competitivo e sostible dentro da área litoral, onde se conxugue a innovación de novos produtos como complemento dos tradicionais[126]. Neste sentido, as OMDs do litoral galego deben ter presente que o turismo náutico implica a utilización de diversos tipos de infraestruturas e servizos: portos deportivos, empresas de mergullo, pesca, wíndsurf, etc.., é dicir, en espazos estandarizados e especializados, ou en si mesmo, de modo libre, no litoral. Polo tanto, é papel da Administración competente planificar ao longo do litoral a distribución posible de usos, creando tramos de praia especializados por exemplo para a práctica do wíndsurf, motonáutica..., e estruturando o resto do litoral con zonas aptas para o mergullo, recalada de barcos, portos deportivos,... Esencialmente queremos apuntar que, unha axeitada planificación de usos do litoral e a coordinación dos diferentes elementos que integran a oferta náutica nos permitirán unha axeitada estruturación do produto turístico náutico[127].

Dentro das diferentes actividades incluídas baixo o epígrafe de turismo náutico, a cualificada como náutica de recreo[128] constitúe o segmento de maior demanda e de maior repercusión sobre a estruturación de usos do espazo litoral. Nesta breve análise do produto turístico náutico centrarémonos na navegación de recreo e da súa infraestrutura máis relevante que son as instalacións náuticodeportivas, ou sexa, os portos deportivos. O sector náutico en Galicia conta cun importante número de instalacións[129] que se incrementaron de xeito palpable nos últimos tempos. Así, podemos constatar un importante incremento tanto do número total de amarres coma de portos deportivos existentes. Na actualidade en Galicia hai 10.784 prazas de amarre distribuídas entre 39 portos deportivos (Figura nº4.2.4.2.4 e 4.2.4.2.5). Por provincias, na Coruña e en Pontevedra é onde se encontra localizada case a totalidade dos portos deportivos galegos, sendo está última provincia a que posúe un maior número de amarres, co 46,08% da capacidade total de Galicia. Mentres, España en setembro de 2012, segundo datos da Federación Española de Asociaciones de Puertos Deportivos y Turísticos (FEAPDT)[130], había repartidos 368 portos ou dársenas para uso deportivo e recreativo

[126]Ibídem.

[127]Véxase: CARDONA MARTORELL, J. (2000): "El papel de la administración local en destinos con oferta náutica", en ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (dir.): "Futuro y expectativas del turismo náutico". Universidad Politécnica de Valencia (UPV), Valencia; pp. 41-61.

[128]O factor que diferencia a navegación de recreo doutros tipos de navegación é a motivación que a orixina. A navegación de recreo é unha actividade de carácter lúdico, que se leva a cabo durante o tempo de ocio.

[129]Existe unha ampla tipoloxía de instalacións náuticas en Galicia (portos deportivos, embarcadoiros, instalacións ligeras...). Centraremos a nosa análise pola súa relevancia exclusivamente nos denominados portos deportivos. Agora ben, ante a diversidade de instalacións e clasificacións existentes para describir e sistematizar as instalacións existentes para o servizo de embarcacións de recreo, creemos conveniente axustarnos á definición na xa derrogada Lei de Portos Deportivos 55/1969 do 26 de abril que define como portos deportivos a aqueles "(...) portos especialmente construídos ou destinados para ser utilizados por embarcacións deportivas e as zonas que con tal finalidade constrúanse ou habiliten nos portos destinados a industria e comercio marítimos". Posto que a vixente Leus 6/1987, do 12 de xuño, do Plan Especial de Portos da Comunidade Autónoma de Galicia non establece unha definición concreta para determinar que debemos entender por porto deportivo.

[130]A FEAPDT confecciona anualmente o informe sobre a situación actual do número de portos e amarres que dispón España, sobre o seguimento dos plans directores e leis de portos de cada autonomía e sobre os proxectos de nova construción e ampliación previstos. Para o cal, establece criterios propios, contabilizando Fondeadoiros, Dársenas, Portos interiores, Portos marítimos e Mariñas secas. Uns criterios que diverxen dos empregados por Portos de Galicia. En calquera caso, empregamos as súas estatísticas

cun total de 132.948 amarres (Figura nº4.2.4.2.6). En función destes datos, Galicia sitúase con 53 instalacións (14,4% do total en España) como a terceira CC.AA. como maior numero de portos deportivos, só por detras de Baleares e Andalucía ambas as dúas con 55 instalacións. Respecto ao número de amarres, máis do 75% se encontra en rexións bañadas polo Mediterráneo, sobre todo en Cataluña, Baleares e Andalucía. Galicia ocupa o quinto lugar, entre as Comunidades Autónomas españolas no número de amarres (9,3%). En canto ao tamaño das instalacións, segundo datos de Portos de Galcia, a maior parte dos portos galegos son de pequena capacidade, concretamente o 58,97% non supera os 300 amarres e existen só dúas instalacións con máis de 600 puntos de atraque[131]. Así, o tipo medio de instalación náutica deportiva en Galicia conta con algo máis de 230 amarres, fronte á media algo superior a 361 amarres para o total de España[132].

Figura nº4.2.4.2.4.- Turismo náutico: Oferta de portos deportivos e capacidade en Galicia, por provincias. Ano 2012.

	< 300 amarres		300-800 amarres		TOTAL	
	Nº portos	Nº amarres	Nº portos	Nº amarres	Nº portos	Nº amarres
A Coruña	13 (56,52%)	2.376 (58,18%)	6 (37,50%)	2.592 (38,69%)	19 (48,72%)	4.968 (46,07%)
Lugo	1 (4,35%)	225 (5,51%)	1 (6,25%)	622 (9,28%)	2 (5,13%)	847 (7,85%)
Pontevedra	9 (39,13%)	1.483 (36,31%)	9 (56,25%)	3.486 (52,03%)	18 (46,15%)	4.969 (46,08%)
GALICIA	23	4.084	16	6.700	39	10.784

Fonte: Elaboración propia a partir de "Guía básica de servizos náuticos de Galicia", Portos de Galicia, Xunta de Galicia.

Figura nº4.2.4.2.6.- Distribución da oferta portos deportivos por CC.AA. en España. Ano 2012. Unidade: Número de portos e amarres.

	Portos	% Portos	Amarres	% Amarres
Baleares	55	14,9%	22.431	16,9%
Andalucía	55	14,9%	20.298	15,3%
Galicia	**53**	**14,4%**	**12.356**	**9,3%**
Cataluña	50	13,6%	30.770	23,1%
Canarias	44	12,0%	8.234	6,2%
Valencia	42	11,4%	19.641	14,8%
País Vasco	20	5,4%	5.664	4,3%
Murcia	19	5,2%	6.521	4,9%
Asturias	17	4,6%	2.547	1,9%
Cantabria	11	3,0%	3.693	2,8%
Melilla	1	0,3%	493	0,4%
Ceuta	1	0,3%	300	0,2%
ESPAÑA	**368**	**100%**	**132.948**	**100%**

Fonte: Elaboración propia a partir da FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE PUERTOS DEPORTIVOS Y TURÍSTICOS (FEAPDT):

para poder estudar a situación a nivel España e poder establecer a situación de Galicia respecto ao resto de CC.AA. Véxase: FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE PUERTOS DEPORTIVOS Y TURÍSTICOS (FEAPDT): "Informe anual de puertos deportivos en España 2012". http://www.feapdt.es/informe-anual-puertos-deportivos-y-turisticos-2012/

[131]En concreto son os portos de deportivos do Real Club Náutico de Ribadeo (622 amarres) e Mariña de Sada (770 amarres).

[132]Manexando os datos da FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE PUERTOS DEPORTIVOS Y TURÍSTICOS (FEAPDT): "Informe anual de puertos deportivos en España 2012". http://www.feapdt.es/informe-anual-puertos-deportivos-y-turisticos-2012/

"Informe anual de puertos deportivos en España 2012". http://www.feapdt.es/informe-anual-puertos-deportivos-y-turisticos-2012/

¿De toda esta oferta de instalacións náutico-deportivas, dende unha consideración meramente de carácter turístico, cantas actúan como un auténtico produto[133] e non como un compoñente máis da oferta complementaria? Na actualidade parece evidente que a gran maioría, por non dicir a totalidade das instalacións náuticas existentes en Galicia, se comportan como oferta complementaria, constitúen un elemento diversificador e enriquecedor do seu tradicional modelo turístico litoral de "sol e praia"[134]. Aínda que temos que salientar os esforzos que se están a desenvolver co obxecto de crear un verdadeiro produto turístico náutico galego dende as diferentes administracións. Neste sentido, temos que destacar pola súa potencial relevancia, a iniciativa levada a cabo para constituír e poñer en funcionamento a *Estación Náutica Rías Baixas*[135].

O concepto de estación náutica xurdiu a principios dos anos noventa do pasado siglo[136] no Mar Menor (Murcia), como un intento de revitalizar un destino caracterizado por unha oferta estructurada en torno ao produto sol e praia. Os bos resultados logrados por esta iniciativa pioneira, motivaron o interese da Secretaría General de Turismo, recollendo o concepto de Estación Náutica como un produto fundamental de calidade para o futuro do mercado turístico español. Produto que empezou a consolidarse co establecemento entre estas tres primeiras estacións da Rede Española de Estacións Náuticas en 1998, cuxa misión é aglutinar os intereses e necesidades dos seus membros, co obxectivo de facilitar o seu desenvolvemento, así como establecer unhas políticas comúns en canto á xestión, calidade do servizo, a imaxe e a promoción e comercialización[137].

A figura de estación náutica[138] preséntase como un instrumento de colaboración e implicación das diferentes administracións públicas e o sector privado, conxuntado dentro dun mesmo paquete turístico a oferta de carácter náutico coa restauración, aloxamento e empresas complementarias. En definitiva, polo tanto, podemos afirmar que se trata dun produto vertebrador e integral de estanza activa que procura ofertar un servizo estandarizado de calidade, centrado na práctica de actividades náuticas. Á hora de formularse a posibilidade da configuración dunha estación náutica os xestores das

[133]Podemos falar de produto turístico no caso de que a instalación en cuestión admita habitualmente a usuarios de carácter transeúnte ou que dentro dos seus usuarios base existe un compoñente significativo dos que utilizan a súa embarcación como aloxamento secundario. Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b): "El turismo náutico en Galicia: La oferta de puertos deportivos". Monografías. Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páx. 33.

[134]Actualmente podemos afirmar que o papel do porto deportivo como factor de fomento da actividade turística en Galicia é moi limitado actualmente polo tipo de demanda que atrae marcada por un marcado carácter estacional e que non deixa ganancias máis alá do ámbito inmediato do porto. Polo tanto, faise imprescindible por parte dos xestores destas instalacións deportivas como dos axentes públicos como privados o deseño de estratexias encamiñadas a lograr o aumento das estanzas medias das embarcacións e a participación das tripulacións destas en diferentes tipos de actividades de carácter motivador e orixinal. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 33.

[135]Véxase: http://www.estacionesnauticas.info/destinos/estacion-nautica-rias-baixas/

[136]O antecedente máis próximo desta forma de integrar dun xeito estructurado a oferta de actividades náuticas nun espazo concreto, constitúeno as Station Voile francesas, baseadas no modelo dunha estación de esquí.

[137]Véxase: http://www.estacionesnauticas.info/quien-somos/

[138]As Estacións Náuticas constitúen un produto turístico formado pola conxunción das actividades náuticas coa oferta de aloxamento, incluíndo de forma complementaria outras actividades deportivas e culturais, así como a oferta de restauración, comercial, etc. Véxase: CONSULTUR (1999): "Definición y desarrollo de la red de estaciones náuticas". Secretaría de Estado de Comercio, Turismo y Pyme, Madrid.

OMDs do litoral galego, deben considerala como un produto especializado inmerso nun espazo turístico, nunha área litoral cuxa estrutura e actividades turísticas son homoxéneas. Agora ben, este espazo pode englobar un ou varios municipios. Os principais obxectivos a conseguir da institución dunha Estación Náutica deben ser[139]:

- ✓ Reducir custos e optimizar investimentos.
- ✓ Concretar e materializar o desenvolvemento e a comercialización dos produtos turísticos existentes, así como de novos produtos.
- ✓ Realizar unha programación integrada.
- ✓ Reducir a estacionalidade incrementando a actividade turística ao facer extensiva a posibilidade de atraer demanda ao longo de todo o ano.
- ✓ Fomentar as interrelacións empresariais institucionais vinculando ao tecido empresarial a un proxecto concreto. Isto facilitará o contacto permanente de empresarios de distintos sectores, así como o aproveitamento de sinerxías comerciais, de información e de xestión. Así mesmo, beneficiaría o desenvolvemento económico local[140].

O obxectivo de inducir á implementación no seu territorio dunha estación náutica por parte dunha OMDs non debe ser outro que mellorar o produto turístico náutico ofertado no destino, por medio da estandarización e cualificación dos servizos, e a profesionalización do empresariado. De feito, a estrutura de rede que leva consigo o concepto de estación náutica supón ofrecer ao consumidor unha estanza activa no mar, independentemente do destino seleccionado. A elección acerca do tipo de aloxamento a utilizar e da actividade náutica a practicar eríxense nas motivacións principais. O destino é secundario, dado que o atractivo fundamental só resulta modificado a través doutras ofertas tales como a restauración, os comercios, etc. Por esta razón, os servizos complementarios que trae consigo a actividade náutica (actividades de animación, gardaría, consignas, aparcamientos...), supoñen valores engadidos ao produto capaces de detraer demanda á competencia[141].

No que respecta á gama de prestacións que ofrecen as diferentes instalacións náuticas en Galicia é moi variada. Cando, ao noso entender, o feito de dispoñer dunha oferta ou doutra de servizos preséntase como unha das cuestións clave para o éxito dun porto deportivo[142]. En función do indicado e con afán esclarecedor neste estudo, dentro da oferta de servizos existente nos portos deportivos galegos, distinguiremos entre aqueles que podemos cualificar como básicos[143] dos definidos como adicionais[144]. Os

[139]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b): "El turismo náutico en Galicia: La oferta de puertos deportivos". Monografías. Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páx. 42.

[140]Véxase: VÁZQUEZ BARQUERO, A. (1999): "Desarrollo, redes e innovación: Lecciones sobre desarrollo endógeno". Pirámide, Madrid.

[141]Véxase: YEPES, V. e AMOR, F. (2001): "Las estaciones náuticas y el municipio turístico en la Comunidad Valenciana", en ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (dir.): "La oferta turística de las estaciones náuticas." Universidad Politécnica de Valencia (UPV), Valencia; pp. 5-17.

[142]Esta oferta de servizos pode estar configurada en función da demanda preexistente ou orientarse a unha demanda potencial en lugar dunha real. Neste caso, os estudos previos de valoración da demanda de servizos, real e potencial, preséntanse como claves para o futuro dunha boa xestión empresarial da instalación. Véxase: ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (2000): "El planeamiento de infraestructuras para el turismo náutico". Cuadernos de Turismo, nº6; pp. 29-44; op. cit.páx. 34.

[143]Os servizos básicos ou base son os que posibilitan a actividade náutica (atraque, varada-botadura...), sen os cales a instalación non ten utilidade práctica ninguna. Véxase: Ibídem; op. cit.páx. 33.

[144]Entre os que diferenciaremos, á súa vez, entre: periféricos, derivados e complementarios. *Servizos periféricos* son aqueles destinados ás embarcacións e usuarios, pero que non poden utilizarse se non se utilizan os servizos base (subministracións de auga e enerxía eléctrica, recollida de aceites...). *Servizos derivados* son aqueles que poden utilizarse sen ser usuarios dos servizos base (abastecementos, varadoiros, centros de enseñanza...). *Servizos complementarios* son aqueles servizos e ofertas non

portos galegos ofrecen, polo xeral, os servizos básicos propios de este tipo de instalacións. No que respecta aos denominados servizos adicionais a situación é bastante heteroxénea. Aínda que a gran maioría posúe puntos de luz, auga corrente nos seus amarres... (servizos básicos periféricos), non é menos certo que os equipamentos en servizos básicos derivados e complementarios son francamente mellorables. Especialmente preocupante é a situación destes últimos, pola súa clara conexión co desenvolvemento da actividade turística náutica. Valla como exemplo, só un 79,49% das instalacións conta con servizo de restauración, un 51,28% con servizo de lavandaría, un 15,38% con escola de mergullo... (Figura nº4.2.4.2.7).

Figura nº4.2.4.2.7.- Turismo náutico: Oferta de servizos existente nos portos deportivos en Galicia. Ano 2012. Unidade: % sobre total instalacións.

	A Coruña	Lugo	Pontevedra	GALICIA
Información	94,74	100	100	97,44
Auga	100	100	100	100
Electricidade	94,74	100	94,44	94,87
Acceso Minusválidos	42,11	50,00	50,00	46,15
Aparcadoiro	94,74	100	100	97,44
Botiquín	94,74	100	100	97,44
Estación Meteorolóxica	94,74	100	94,44	94,87
Taller	52,63	50,00	61,11	56,41
Zona Wi-Fi	63,16	50,00	55,56	58,97
Combustible	52,63	100	66,67	61,54
Tránsitos	63,16	100	50,00	58.97
Cámaras seguridade	47,37	100	55,56	53,85
Recollida Lixos	100	100	83,33	92,31
Recollida Aceites	100	100	83,33	92,31
Residuos Perigosos	36,84	--	44,44	38,46
Augas Residuais	52,63	50,00	55,56	53,85
Vixilancia (24 horas)	68,42	100	72,22	71,79
Radio (VHF)	94,74	100	83,33	89,74
Travel	42,11	50,00	61,11	51,28
Duchas	89,47	100	72,22	82,05
Aseos	94,74	100	61,11	79,49
Restaurante	73,68	100	83,33	79,49
Xeo	55,56	100	72,22	64,10
Lavandería	52,63	50,00	50,00	51,28
Guindastres	42,11	50,00	66,67	53,85
Rampla Varada	84,21	100	44,44	66,67
Varadero	47,37	50,00	27,78	38,46
Rampla Lixeira	5,26	--	16,67	10,26
Escola Vela	52,63	50,00	33,33	43,59
Escola Remo	21,05	--	5,56	12,82
Escola Mergullo	15,79	50,00	11,11	15,38
Clube Náutico	68,42	100	50,00	61,54
Oficinas	89,47	100	72,22	82,05

directamente relacionados coa náutica (lavandaría, supermercados, cafetarías...). Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 34.

Fonte: Elaboración propia a partir de "Guía básica de servizos náuticos de Galicia", Portos de Galicia, Xunta de Galicia.

En definitiva, os xestores da OMDs deben ter moi claro que a actividade desenvolvida nunha instalación náutica está en función das infraestruturas e servizos de distinta índole dispoñibles. Por outra parte, deben ser concientes que os portos deportivos forman parte da oferta do destino, serven para establecer ofertas de paquetes turísticos especializados. É dicir, as instalacións náuticas deben actuar como elementos de carácter estratéxico, de cara tanto á diversificación e diferenciación da oferta coma á recualificación e reactivación de destinos turísticos litorais tradicionais como por exemplo O Grove e Sanxenxo. Sen embargo, as OMDs deben saber tamén que se se acometen de forma desorganizada poden supoñer graves impactos ecolóxicos para o espazo que as acolle[145]. Un claro e desafortunado caso no litoral galego é a actuación levada a cabo para a construción do porto deportivo de Sanxenxo[146], con graves consecuencias sobre o medio, reflectido palmariamente no importante deterioración sufrida pola estremeira praia do Silgar. Se ben é certo que a aplicación por parte das OMDs de medidas de control, de penalización e de prevención non resulta doada como medio ás agresións ambientais que poden orixinar as actividades relacionadas coa navegación e a pesca deportiva[147].

No que respecta ao carácter da xestión, tradicionalmente a actividade náutica e a xestión dos diferentes portos deportivos en Galicia estiveron fundamentalmente vinculadas aos clubs náuticos. No ano 2012, en cambio, as instalacións existentes en Galicia tiñan esta ou outro tipo de xestión privada de carácter empresarial, ou son administradas directamente por unha administración pública (Figura nº4.2.4.2.8). Destacando, pola súa maior importancia numérica, as vinculadas directamente a unha ou máis asociacións deportivas con 20 instalacións (51,28% sobre total Galicia) y cun total de 5.105amarres (47,34% sobre total Galicia). Unha xestión en mans de asociacións deportivas que implica en liñas xerais unha perda de pontencialidade cara lograr articular un produto náutico deportivo competitivo. De feito, a explotación en mans do sector privado resulta máis eficaz e eficiente en boa mediada debido ao seu afán de lucro como a unha dirección máis profesionalizada.

[145]Con poucas excepcións os portos son obras duras sobre o medio. A construción dunha obra portuaria sobre o litoral dá lugar para efectos ambientais durante a obra de construción e durante todo o período de explotación posterior. Véxase: PERIS MORA, E. (1999): "La calidad medioambiental, clave en las instalaciones náuticas de recreo", en ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (ed.): "Puertos deportivos y clubes náuticos: una oferta turística diferenciada". Universidad Politécnica de Valencia (UPV), Valencia; pp. 85-105. Agora, tamén é certo que un porto deportivo non xera efectos distintos sobre o litoral que os que pode ocasionar outra obra de defensa ou protección de costas.

[146]Un tipo de actuación realizada baixo o suposto dun incremento da calidade do destino turístico, pero que no fondo non constituíu máis que a escusa para tratar de incrementar os prezos do solo e a súa sombra reactivar a actividade inmobiliaria. Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b): "El turismo náutico en Galicia: La oferta de puertos deportivos". Monografías. Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páx. 34.

[147]Ibídem.

Figura nº4.2.4.28.-Turismo náutico: Distribución dos portos deportivos segundo o carácter da súa xestión en Galicia. Ano 2012.

			Distribución provicial-nº instalacións		
	Nº instalacións	Nº amarres	A Coruña	Lugo	Pontevedra
Sector público	6 (15,39)[1]	1.430 (13,26)[1]	3	-	3
Asoc. deportivas	20 (51,28)	5.105 (47,34)	11	1	8
Sector privado	13 (33,33)	4.249 (39,40)	5	1	7
Total	39	10.784	19	2	18

Fonte: Elaboración propia a partir de "Guía básica de servizos náuticos de Galicia", Portos de Galicia, Xunta de Galicia.
[1]% sobre total Galicia.

A continuación, imos analizar outro factor esencial á hora de valorar a calidade das diferentes estacións náuticas deportivas, que é o mantemento na súa xestión duns axeitados niveis de sostibilidade. É evidente que todos os portos deportivos como instalacións e xeradores de actividade modifican o equilibrio inicial do ecosistema onde se emprazan, xerando un determinado impacto ambiental. A cuestión é reducir na medida do posible os impactos ambientais negativos co fin de preservar a calidade ambiental e consecuentemente lograr o factor calidade ambiental como elemento enriquecedor da imaxe do produto porto deportivo dentro do mercado turístico náutico[148]. O primeiro precedente de dotar dun selo de eco-calidade ás instalacións náuticas de recreo, constitúeo a iniciativa institucional "Bandeira Azul" da U.E.[149] que con carácter anual distingue as praias e portos deportivos que posúen uns axeitados equipamentos de servizos ao mesmo tempo de que manteñen un exemplar respecto ao medio natural. No ano 2012 concedéronse 17 Bandeiras Azuis aos portos deportivos galegos (Figura nº4.2.4.2.9 e 4.2.4.2.10). Grazas ao éxito desta iniciativa, moitos portos deportivos formuláronse a necesidade de comezar a considerar dentro da súa xestión os obxectivos ecolóxicos no seu aspecto de protección e concienciación cidadá (dispoñer de servizos de retirada de residuos producidos no mar, control do uso de aceites e tóxicos...)[150]. Agora ben, na actualidade, cremos que as OMDs deben incitar ás instalacións náuticas ir máis alá na ecoxestión, por medio da implantación de sistemas voluntarios como un medio de diferenciación e valoración fronte a competencia. Estes Sistemas de Calidade (ISO 9000, ISO 14000...) establecen uns criterios uniformes de recoñecemento de que se aplicou a mellor tecnoloxía posible co obxectivo de lograr o maior grao de satisfacción dentro da demanda turística potencial dun porto deportivo. Non obstante, dentro do catálogo existente ao noso entender é de utilidade á hora de implantar nunha instalación náuticodeportiva, a Norma ISO 14000 e derivadas ao establecer un amplo abano de criterios de calidade, concretando cuales deben ser os

[148]Ibídem; op. cit. páx. 44.
[149]A Bandeira Azul xorde en 1986 como unha iniciativa promovida pola rama francesa da FEEE (Fundación Europea para a Educación Ambiental) para valorar e premiar os portos deportivos franceses. No ano 1987 a Comisión das Comunidades Europeas selecciona o proxecto para ser patrocinado con carácter institucional. Nova situación que levou consigo a revisión e consenso dos criterios a aplicar, así como a súa extensión ás praias. Como consecuencia do éxito logrado nesta primeira campaña, a DG XI da Comisión Europea decidiu continuar co seu apoio económico e institucional en campañas sucesivas.
[150]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b): "El turismo náutico en Galicia: La oferta de puertos deportivos". Monografías. Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páx. 45.

criterios dunha correcta Xestión Ambiental. O Regulamento 1221/2009 da U.E.[151] constitúe unha versión máis esixente que a ISO 14000; pero ambas as dúas, Norma e Regulamento establecen os requisitos para que un Sistema de Xestión Ambiental implantado nun porto deportivo poida ser verificado oficialmente e certificado polos organismos competentes[152].

Figura nº4.2.4.2.9.- Produto turístico náutico: Evolución do número de Bandeiras Azuis concedidas en Galicia con respecto a outras CC.AA. españolas: Período 1996-2012.


	1996	2003	2007	2012	
	Nº	Nº	Nº	Nº	% total España
Cataluña	15	21	19	24	**24,49%**
C. Valenciana	15	20	12	12	**12,24%**
Murcia	4	5	1	2	**2,04%**
Andalucía	16	20	11	16	**16,33%**
Balerares	18	13	19	21	**21,43%**
Canarias	6	5	3	3	**3,06%**
Melilla	-	1	1	1	**1,02%**
Galicia	4	7	8	17	**17,35%**
Asturias	1	1	1	1	**1,02%**
Cantabria	1	2	1	0	**0,00%**
País Vasco	2	2	1	1	**1,02%**
ESPAÑA	82	97	77	98	**100%**

Fonte: Elaboración proia a partir de FEEE (Foundation for Environmental Education Europe)-ADEAC (Asociación De Educación Ambiental y del Consumidor).

[151]Véxase: "REGLAMENTO (CE) No 1221/2009 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 25 de noviembre de 2009 relativo a la participación voluntaria de organizaciones en un sistema comunitario de gestión y auditoría medioambientales (EMAS), y por el que se derogan el Reglamento (CE) no 761/2001 y las Decisiones 2001/681/CE y 2006/193/CE de la Comisión". Diario OficialdelaUnión Europea L 342, de 22/12/2009. http://www.magrama.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/legislacion/R_1221_2009_tcm7-1799.pdf

[152]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b): "El turismo náutico en Galicia: La oferta de puertos deportivos". Monografías. Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páx. 46.

Figura nº4.2.4.2.10.- Produto turístico náutico: Número de portos deportivos con bandeira azul por provincia en Galicia. Ano 2012



Fonte: Elaboración proia a partir de FEEE (Foundation for Environmental Education Europe)-ADEAC (Asociación De Educación Ambiental y del Consumidor).

No que respecta ao chárter náutico[153] en Galicia, hai que sinalar que a oferta existente é escasa, aínda que está a experimentar un importante crecemento nos últimos anos. Actualmente, actúan en Galicia un total de 23 empresas con 63, concentradas na súa gran maioría na provincia de Pontevedra (Figura nº4.2.4.2.11).

Figura nº4.2.4.2.11.- Turismo náutico: Empresas de "chárter náutico" en Galicia. Ano 2012.

	Nº empresas	Nº embarcacións
A Coruña	8	19
Lugo	-	-
Pontevedra	15	44
Galicia	23	63

Fonte: Elaboración propia a partir de TURGALICIA.

Un dos principais problemas que teñen que afrontar as empresas chárter galegas é a alta estacionalidade, xa que actualmente aínda a maior parte da demanda concéntrase no período estival. Problema ao que temos que sumar o da competencia ilegal; non temos cifras oficiais, pero dentro do propio sector estímase que o número de barcos ilegais excede con amplitude ao de barcos rexistrados. Unha situación, de falta de control e regulación, que repercute negativamente na imaxe de calidade ofrecida por este tipo de oferta turística. Dificultando, por ende, o labor de avaliar a dimensión real alcanzada polo chárter náutico na nosa comunidade[154].

[153]Por chárter náutico entendemos o aluguer de embarcacións de calquera tipo para practicar actividades náuticas como poden ser a pesca de altura, o submarinismo, fotografía e video submarino..., ou ben por ocio, para celebrar actos, festas e outras tantas alternativas que pode ofrecer este produto. O chárter está aberto tanto a persoas inexpertas como expertas na navegación. Posibilitando, a estas últimas, o acceso a espazos que pola súa distancia e as limitacións dos períodos vacacionais resultan na práctica inaccesibles para as súas propias embarcacións. Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004b): "El turismo náutico en Galicia: La oferta de puertos deportivos". Monografías. Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), Universidade da Coruña, A Coruña; op. cit. páx. 40.
[154]Ibídem; op. cit. páx. 41.

A posibilidade de alugar embarcacións permite coñecer e ter acceso ás diferentes actividades náuticas a un abano maior de demanda. Mesmo, pode actuar como instrumento a través do cal iniciar a náutica, actuando como soporte de diferentes tipos de escolas (vela, motonáutica, submarinismo...). Vantaxe competitiva á que temos que sumar un alto grao de flexibilidade, tanto á hora de elixir o destino turístico e a instalación náutica como a programar a duración da estanza e forma de gozar o tempo de ocio. En Galicia sería de sumo interese o aproveitamento para o chárter náutico de embarcacións de pescadores habilitadas e remodeladas ou mesmo recuperadas dentro dun proceso de recuperación da memoria histórica como vía de diferenciación do produto[155].

Se ben a administración presentou en xullo de 2012 o "Plan Estratéxico da Náutica Recreativa en Galicia 2012-2020"[156], a realidade fálanos actualmente da ausencia dunha axeitada ordenación e planificación en Galicia no relativo ás instalciones náuticas deportivas e, por extensión, en todo o referente ao produto turístico náutico, malia a importancia actual e potencial deste sector turístico. A esta situación, hai que unir a idiosincrasia propia do sector en Galicia, incapaz de xuntar esforzos, marcar obxectivos propios e ante terceiros, privados e públicos. Mostra do cal é a evidente falta de éxito da aplicación do programa de Estacións Náuticas no litoral galego. Faltando, polo tanto, unha máis que necesaria e lóxica interlocución entre os diferentes segmentos do sector co fin de xuntar esforzos cara un obxectivo común, que non debe ser outro máis que o o pleno desenvolvemento do potencial do produto turístico náutico no litoral galego. Formúlase a clara necesidade da elaboración dunha axeitada planificación do turismo náutico baixo prismas de racionalidade e de sostibilidade. En definitiva, a necesidade dun Plan do Produto Turístico Náutico para Galicia. Un Plan encamiñado, entre outros aspectos, a corrixir tanto os déficits infraestructurais existentes na rede de portos deportivos como a promover un uso integral e coordinado das instalacións existentes. Outra das premisas a lograr é evitar o fraccionamento da oferta de actividades náuticas. Para o cal, é preciso unha coordinación entre as diferentes instalacións e empresas do sector, unha aposta en común co fin de non estar en desvantaxe con respecto a outros espazos turísticos.

4.2.4.3. O produto turístico de cruceiros.

En canto ao ***produto turístico de cruceiros***[157] cabe destacar o seu desenvolvemento e crecemento a comezos desta década, aproveitando a clara vocación

[155]Ibídem.

[156]Un Plan estratéxico concibido cun horizonte de 8 anos (2012-2020) co obxectivo de establecer as prioridades infraestructurais e de xestión do global do sistema portuario deportivo galego. Dentro do cal se establecen catro liñas estratéxicas, definidas como: Mellora da Xestión, Desenvolvemento das Infraestruturas, Potenciar Galicia como destino do turismo náutico e Responsabilidade Social Corporativa. Para cada unha das cales se plantean obxectivos e accións estratéxicas concretas. Agora ben, baixo o noso punto de vista, a súa principal achega é a proposta de creación dun Cluster da Náutica Recreativa de Galicia co obetivo declarado de buscar a vantaxe competitiva que outorgarían as potenciais sinerxías internas entre empresas e entidades do sector. Véxase: PORTOS DE GALICIA (2012): ""Plan Estratégico de la Náutica Recreativa en Galicia 2012-2020". Portos de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia.
http://www.portosdegalicia.es/attachments/760_PLAN%20ESTRATEXICO%20DA%20NAUTICA%20RECREATIVA%20EN%20GALICIA%202012-2020.pdf

[157]Neste produto non consideramos a destacada oferta de minicruceiros existente especialmente nas Rías de Arousa e Pontevedra. O Grove é o principal porto onde se concentra esta oferta. Unha oferta centrada basicamente en ofrecer circuítos marítimos dunha xornada de viaxe en con degustación de marisco. A este respecto, véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2004a): "As infraestruturas de transportes na demanda turística", en DÍAZ FERNÁNDEZ, J. A. e LOIS GONZÁLEZ, R. C. (dir.). "Las infraestructuras de

marítima do territorio galego así como a disposición de portos de interese xeral con infraestruturas aptas para a recepción destes viaxeiros[158]. Un turismo de cruceiros que é un dos segmentos do mercado turístico internacional que maior crecemento experimentou neste século XXI[159]. De feito, dende hai un tempo asistimos a un rápido proceso de crecemento de pasaxeiros así como á creación, diversificación, e consolidación de destinos[160]. Entre 2003 e 2013, a demanda do produto turístico de cruceiros no mundo aumentou de 12,0 millóns de pasaxeiros a 21,3 millóns (77 %), cun crecemento do 2,0% en 2013[161]. Por outro lado, a OMT sinala que o 5% do conxunto dos turistas do mundo chegou ao seu destino por mar, en cruceiro e transbordador, no ano 2013[162]. Pola súa banda, o turismo de cruceiros en Galicia pasou de mover uns 121.668 pasaxeiros en 2003 aos 394.749 en 2011[163]. Falamos dun crecemento do 233,33% neste intervalo temporal. Tras unha lixeira caída en 2012 o turismo de cruceiros sufriu un retroceso no conxunto da comunidade do 12,4% en 2013 (Figura nº4.2.4.3.1). Este retroceso é debido na súa totalidade á diminución dos pasaxeiros no porto de Vigo, onde retrocederon un 28,5%[164]. O porto de Vigo concentraba no ano 2013 ao 50,3% dos cruceiristas de Galicia, rexistrando 171.800 pasaxeiros (Figura nº4.2.4.3.2). A Coruña rexistraba cifras lixeiramente inferiores, acadando o 45,9% do volume de pasaxeiros, o maior peso na serie histórica, e coincidindo co seu maior volume (156.890 pasaxeiros). O porto de Vigo alcanzou o seu máximo histórico no ano 2011 con 253.637 pasaxeiros. Dende entón ata a 2013 perdeu 81.837 viaxeiros (-47,64%). En calquera caso, Vigo segue a ser o porto con máis cruceiristas da nosa comunidade e o oitavo de España[165]. No porto de Ferrol facían escala o 3,2% dos cruceiristas de 2013, mentres que Vilagarcía tiña un peso do 0,6%, de xeito que o volume conxunto de ambos portos é de 13.052 pasaxeiros en 2013[166]. Atendendo ao total de cruceiros atracados en portos galegos obsérvase unha tendencia crecente nos últimos anos, interrompida no ano 2013 (Figura nº4.2.4.3.3). No ano 2013, o número de

---

comunicaciones y transportes en el desarrollo territorial de Galicia". Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra; pp. 481-523; op. cit. páxs. 518-519.

[158]Véxase: GONZÁLEZ LAXE, F. (coord.); ARMESTO PINA, J. F.; SÁNCHEZ FERNÁNDEZ. P. e LAGO PEÑAS, S. (2015): "Informe de conxuntura socioeconómica: Turismo. Foro económico de Galicia; op. cit. páx. 7. http://www.foroeconomicodegalicia.es/documentos/nota-coxuntura-turismo-i2015/

[159]Véxase: DWYER, L. e FORSYTH, P. (1998). "Economic significance of cruise tourism". Annals of Tourism Research, vol. 25, nº2; pp. 393-415. SUN, X.; JIAO, Y. e TIAN, P. (2011). "Marketing research and revenue optimization for the cruise industry: A concise review". International Journal of Hospitality Management, vol. 30, nº3; pp. 746–755. MARTÍNEZ REYNÉS, R.; SEGUÍ PÓNS, J. Mª. e PETRUS BEY, J. Mª. (2011): "El Binomio Transporte y Turismo: del fordismo al postmodernismo", en "Circulaçao transportes e logistica. Diferentes perspectivas". Editorial Outras Expressões, São Paulo; pp. 185-214.

[160]Véxase: OMT (2008): "Turismo de cruceros. Situación actual y tendencias: Resumen ejecutivo". OMT, Madrid; op. cit. pax. 7.

[161]No ano 2013, o sector dos cruceiros xerou en total (directa, indirecta e inducida) de 117,15 mil millóns de dólares e emprego equivalente 891,009 empregados a tempo completo. Véxase: BREA (Business Research & Economic Advisors) (2014): "The Global Economic Contribution of Cruise Tourism 2013". CLIA (Cruise Lines International Association); op. cit. páxs. 4 e 5. http://www.cruising.org

[162]Véxase: UNWTO (World Tourism Organization) (2014): "Tourism Highlights, 2014 Edition".UNWTO, Madrid; op. cit. páx. 4.

[163]Véxase: TURISMO DE GALICIA (2014): "Turismo de Cruceiros Galicia 2013". Área de Estudos e Investigación, Turismo de Galicia, Xunta de Galicia; op. cit. páx. 3.
http://www.turgalicia.es/aet/portal/index.php?idm=12


[164]Ibídem; op. cit. páx. 5.

[165]Ibídem; op. cit. páx.5.

[166]Ibídem; op. cit. pax. 4.

cruceiros diminuíu en Galicia un 4,37% respecto a 2012, o cal estivo motivado fundamentalemente polo descenso de cruceiros no porto de Vigo.

Figura nº4.2.4.3.1.- Evolución do número pasaxeiros de cruceiros no conxunto dos portos Galegos[1]. Período 2003-2013.



Fonte: Elaboración propia a partir de Puertos del Estado, Gobierno de España.
[1]Dos cinco portos de interese xeral do Estado galegos, unicamente Marín e Ría de Pontevedra non rexistra tráfico de cruceiros.

Figura nº4.2.4.3.2.- Evolución do número pasaxeiros de cruceiros nos portos Galegos[1]. Período 2003-2013.

	A Coruña	Ferrol-San Cibrao	Vigo	Vilagarcía	Total portos galegos
2003	42.644	0	72.219	6.805	121.668
2004	43.402	397	93.497	4.228	141.524
2005	33.757	564	131.536	3.585	169.442
2006	39.988	2.984	129.268	6.927	179.167
2007	49.854	3.158	150.478	4.970	208.460
2008	57.517	3.722	216.333	5.289	282.861
2009	53.574	2.445	222.948	3.549	282.516
2010	70.695	640	233.644	4.373	309.352
2011	128.563	9.423	253.637	3.126	394.749
2012	140.890	7.069	240.352	2.012	390.323
2013	156.890	10.853	171.800	2.199	341.742

Fonte: Elaboración propia a partir de Puertos del Estado, Gobierno de España.
[1]Dos cinco portos de interese xeral do Estado galegos, unicamente Marín e Ría de Pontevedra non rexistra tráfico de cruceiros.


Figura nº4.2.4.3.3.- Evolución número de cruceiros nos portos Galegos. Período 2009-2013.

	2009	2010	2011	2012	2013
A Coruña	58	63	79	94	108
Ferrol-San Cibrao	3	3	4	11	9
Marin-Ría de Pontevedra	11[1]	0	0	0	0
Vigo	102	114	118	103	83
Vilagarcía	14	14	12	7	6
Total Galicia	178	193	213	215	206

Fonte: Elaboración propia a partir de Puertos del Estado, Gobierno de España.
[1]Dato que contrasta co feito de que non se regitre ningún pasaxeiro nas estatísticas de Portos do Estado.

Analizando o reparto dos viaxeiros por meses, no ano 2013 os meses con maior peso son, por orde de importancia, outubro, maio e setembro. Séguenlles, agosto, xullo, abril e xuño. Finalmente os meses de novembro a marzo teñen un peso moi reducido (Figura nº4.2.4.3.4). O turismo de cruceiros presenta, polo tanto, un gran potencial desestacionalizador, alargando a súa influencia dende abril ata outubro[167].

Figura nº4.2.4.3.4.- Turismo de Cruceiros: Distribucón mensual dos viaxeiros desembarcados en portos galegos. Ano 2013.




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.

Sobre a base da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013)[168] podemos caracterizar este segmento de demanda en Galicia. En función dos resutados obtidos nesta enquisa podemos establecer as seguintes premisas[169]:

[167]Ibídem; op. cit. páx. 3.
[168]Esta enquisa realízouse nos portos de A Coruña e Vigo durante o período de xuño a outubro de 2013. A poboación obxectivo foron os maiores de 14 anos non residentes en Galicia que se achegaron á Galicia en cruceiro (en escala) e desembarcan, e que son, polo tanto, excursionistas segundo a definición da OMT. O tamaño da mostra foi de 1.498 enquisas. Véxase: TURISMO DE GALICIA (2014): "Turismo de Cruceiros Galicia 2013". Área de Estudos e Investigación, Turismo de Galicia, Xunta de Galicia; op. cit. páxs. 12 e 13. http://www.turgalicia.es/aet/portal/index.php?idm=12
[169]Ibíden; op. cit. páx. 17-56.

✓ Case o 99% dos pasaxeiros enquisados son estranxeiros, fronte ao 1% de españois residentes noutras comunidades autónomas. Dentro dos viaxeiros estranxeiros sobresaen principalmente os procedentes do Reino Unido, que supón o 72,4% do mercado internacional. Seguen, en orde de importancia, Estados Unidos e Alemaña co 6,8% e 6,1%, respectivamente (Figura nº4.2.4.3.5).

Figura nº4.2.4.3.5.- Turismo de Cruceiros: Procedencia dos viaxeiros estranxeiros desembarcados en portos galegos[1]. Ano 2013.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.


[1]Baixo o epígrafe Resto Países agrúpanse ata 28 nacionalidades.

✓ O perfil sociodemográfico dos viaxeiros desembarcados nos portos da Coruña e Vigo indícanos que o reparto entre homes e mulleres inclínase moi lixeiramente de cara aos homes (50,4% fronte a 49,6%) (Figura nº4.2.4.3.6). A idade media dos viaxeirso sitúase nos de 59 anos. Ao redor do 41% dos viaxeiros son maiores de 65 anos[170]. En calquera caso o turismo de cruceiros está dirixido a un mercado adulto, senior, que ten potencial económico e que non está condicionado polos períodos vacacionais tradicionais, e que polo tanto pode contribuír á desestacionalización do turismo[171].

[170]Hai que recordar neste punto que a Enquisa de Turismo de Cruceiros diríxese só aos individuos con 15 anos ou máis, polo que a idade media está lixeiramente nesgada.

[171]Véxase: TURISMO DE GALICIA (2014): "Turismo de Cruceiros Galicia 2013". Área de Estudos e Investigación, Turismo de Galicia, Xunta de Galicia; op. cit. páx. 52.


Figura nº4.2.4.3.6.- Turismo de Cruceiros: Perfil sociodemográfico dos viaxeiros desembarcados en portos galegos. Idade. Ano 2013.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.


✓ O 51,5 dos viaxeiros desembarcados enquisados posúe un título superior, un 42,9% estudos secundarios e tan só un 4,5% ten estudos primarios (Figura nº4.2.4.3.7). En canto á situación profesional, o perfil maioritario dos viaxeiros é o dun xubilado (50,9%), seguido dos asalariados (36,4%) (Figura nº4.2.4.3.8).

Figura nº4.2.4.3.7.- Turismo de Cruceiros: Perfil sociodemográfico dos viaxeiros desembarcados en portos galegos. Nivel de Estudos. Ano 2013.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.


Figura nº4.2.4.3.8.- Turismo de Cruceiros: Perfil sociodemográfico dos viaxeiros desembarcados en portos galegos. Situación profesional. Ano 2013.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.

✓ Entre os motivos que máis se sinalan os enquisados para realizar o cruceiro son: descanso (44,8%), pracer por navegar (37,1%) e interese por coñecer diversos países e cidades (29,4%). Séguenlle a certa distancia: vivir unha experiencia diferente (8,9%), celebracións (6,7%), comodidade (6,3%) e coñecer xente (4,9%) (Figura nº4.2.4.3.9).

Figura nº4.2.4.3.9.-Turismo de Cruceiros: Motivación dos viaxeiros desembarcados en portos galegos para a realización do cruceiro. Ano 2013.




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.

✓ O 19,9% dos enquisados sinalou que a escala nunha cidade galega influíra bastante ou fora decisiva na decisión de realización do cruceiro. Para o 60,7% a presenza da escala en Galicia no itinerario do cruceiro non tivo ningunha

influencia á hora de realizar o cruceiro e para o 18,7% influíu pouco (Figura nº4.2.4.3.10).


Figura nº4.2.4.3.10.- Turismo de Cruceiros: Influencia da escala en Galicia na decisión para a realización do cruceiro. Ano 2013.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.

✓ O 63% dos cruceiristas que desembarcan en portos galegos, realizan a súa viaxe en parella, o 27% viaxa coa familia, mentres o 7,3% viaxan con amigos. Tan só o 2,6% realizaba o cruceiro só (Figura nº4.2.4.3.11).


Figura nº4.2.4.3.11.- Turismo de Cruceiros: Tipo de compañía coa que se realiza o cruceiro. Ano 2013.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.

✓ En canto ao comportamento no destino, empezar sinalando que tan só o 7,8% dos viaxeiros enquisados afirma ter realizado unha excursión durante a escala (Figura nº4.2.4.3.12)[172]. Destes o 85% fixo a reserva no barco.

Figura nº4.2.4.3.12.- Turismo de Cruceiros: Comportamento no destino, ¿Realizou o cruceirista algunha excursión organizada? Ano 2013.




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.

✓ O 97,4% dos cruceiristas desembarcados nos portos galegos realizou algunha actividade na cidade. As máis freceuntes son: pasear pola cidade (74% dos desembarcados) e ir de compras (62,7%). Por outra parte, aínda que en menor medida, un 24,4% visitan lugares de especial interese turístico, a mesma porcentaxe que fan uso dos servizos de restauración. Unicamente un 9,9% visitan museos/monumentos, e a porcentaxe que utiliza os servizos de asesoramento dunha oficina de turismo non chega ao 1% (Figura nº4.2.4.3.13).

[172] Un resultado que debemos tomar con certa incredulidade dado que os propios enquisadores postulan nesta dirección, dado que o tempo de escala dos cruceiristas adoita ser reducido e as excursións poden, en ocasións, abarcar case a totalidade dese tempo, de xeito que ao remate da excursión os pasaxeiros só teñen tempo de regresar apresuradamente ao barco, polo que rexeitan realizar a enquisa. "É probable, polo tanto, que esta cifra estea subestimada". Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 37.


Figura nº4.2.4.3.13.- Turismo de Cruceiros: Comportamento no destino, ¿Realizou o cruceirista algunha actividade ou visita no destino? Ano 2013.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia

- ✓ No referente á valoración e nivel de satisfación alcanzado polos viaxeiros desembarcados nos portos da Coruña e Vigo, empezar dicindo que case do 90% dos enquisados repetirían a viaxe. Ao analizar os elementos máis valorados no destino encontrámonos que non se presentan grandes diferenzas de valoración entre A Coruña e Vigo (Figura nº4.2.4.3.14). De feito, a valoración global foi de 4,5 puntos para as dúas cidades. Agora ben, entre os diferentes elementos de cada destino valorados en A Coruña foron a seguridade é o aspecto os mellor valorados, mentres que en Vigo foi a hospitalidade. Pola contra, os aspectos peor valorados foron: na Coruña a sinalización e información e o uso de idiomas e en Vigo o interese e atractivo turístico da cidade e a información recibida.

Figura nº4.2.4.3.14.- Turismo de Cruceiros: Valoración e nivel de satisfación dos cruceiristas respecto aos principais servcios ofertados nos portos de A Coruña e Vigo. Ano 2013.



Fonte: Enquisa de Turismo de Cruceiros en Galicia (2013) de Turismo de Galicia.

A pesar do crecemento do tráfico de cruceiros e pasaxeiros na útima década, as autoridades dos portos galegos con tráfico de cruceiros non deben deixar de seguir poñendo atención na comercialización do turismo de cruceiros. O gran reto é conseguir converterse en portos base, en portos de saída e chegada de cruceiros. As OMDs das cidades portuarias non deben esquecer a importancia de posicionar o porto dentro do mercado e que crear un plan de mercadotecnia para dalo a coñecer é de vital importancia. Nesta dirección, resulta de vital importancia a asistencia a feiras internacionais para unha maior e mellor promoción. Agora ben, é necesario un maior apoio por parte das cidades de chegada destes grandes buques turísticos, xa que, se ben é certo que o número de cruceiros crece ano a ano, a complementariedade que ofrecen as cidades en forma de excursións, visitas guiadas ou simplemente apertura de comercios e tendas é nalgúns casos moi escasa. De feito, un dos elementos pendente de mellora para a fluidez do tráfico portuario galego, son as conexións e a accesibilidade co hinterland portuario. Nesta dirección, os investimentos portuarios para a recepción e emisión de cruceiros, a integración do porto na cidade, son medidas de éxito nos principais portos de cruceiros do mundo.

4.2.4.4. O produto turístico mariñeiro.

A importancia do sector pesqueiro en Galicia é indiscutible tanto como motor xerador de riqueza económica como dende o punto de vista cultural. "A súa gastronomía, a actitude das súas xentes abertas ao mundo e a pervivencia dunha cultura marítima testemúñano"[173]. O *produto turístico mariñeiro* xorde como consecuencia da crise económica pola que está a atravesar o sector pesqueiro[174] e para complementar os

[173]Véxase: MARUGAN PINTOS, B. (2012): "La organización de las mariscadoras como agentes de transformación social". Em Debate (Rev. Dig.), nº7; pp. 82-106; op. cit. páx. 83.

[174]Un sector pesqueiro que cada vez reporta menores ingresos, tanto polo estado dos recursos coma polos baixos prezos alcanzados por estes e polo incremento de custos de explotación. Polo tanto, é preciso

ingresos daquelas comunidades costeiras cuxa principal fonte de ingresos segue sendo a pesca, realizando unha serie de actividades alternativas á pesca extractiva[175]. Un produto turístico mariñeiro que podemos definir como a posta en valor dun conxunto recuros materiais e inmateriais cara a súa comercialización co obxecto de achegar a cultura do mar e valorizar a actividade pesqueira[176]. Dentro destas actividades destacan principalmente as rutas en barco e a pé, das que existen multitude de experiencias en desenvolvemento a nivel europeo[177](Figura nº4.2.4.4.1). Unhas iniciativas que ademais de servir para obter unha renda complementaria,"(...) levan consigo co seu desenvolvemento a obtención de beneficios sociais, permitindo valorizar a vida e a cultura mariñeira; biolóxicos, reducindo a presión sobre os recursos ao realizar outra actividade; e ambientais, conseguindo que os participantes destas actividades teñan un comportamento máis responsable do medio mariño; os cales inflúen positivamente na sostibilidade do sector pesqueiro e das comunidades costeiras"[178]. En definitiva, o

---

aumentar a competitividade, tanto do sector coma das persoas que traballan nel. Propoñer unha oferta de turismo pesqueiro ou mariñeiro ao visitante é unha alternativa á crise do sector, á vez que un complemento para a actividade pesqueira do que esta debe beneficiarse para gañar dinamismo e competitividade. Vésaxe: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (2013): "Bases para la creación del futuro Club de Producto de Turismo Pesquero o Marinero". Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Gobierno de España; op. cit. páxs. 3 e 4. Por último, reseñar que o proxecto de constitución do *Club de Produto de Turismo Pesqueiro ou Mariñeiro* xorde dentro dun convenio subscrito entre a Secretaría General de Pesca coa Secretaría de Estado de Turismo do Goberno de España en xuño de 2013 para o desenvolvemento de actuacións de turismo mariñeiro. Trátase dunha iniciativa na que van da man o sector pesqueiro e o turístico encamiñada a poder constituír sinerxías que permitan a interrelación entre estes ámbitos de actividade. Pertencer ao Club de Produto de Turismo Mariñeiro e/ou Pesqueiro levará consigo obter unha serie de vantaxes como poder aumentar o mercado potencial grazas á promoción e á comercialización conxunta de todos os seus membros; o recoñecemento do turismo mariñeiro ou pesqueiro como destino turístico; colaboración entre os membros; acceso á imaxe do club e á garantía de calidade dos servizos e produtos que se ofrecen; desestacionalización da demanda ao ampliar o abano dunha oferta diferente, innovadora, con produtos personalizados e situados en localizacións singulares con gran riqueza paisaxística, cultural e patrimonial; e posibilidade de diversificar as actividades. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 3-5.
http://www.magrama.gob.es/es/pesca/temas/diversificacion/basesclubdeproducto_tcm7-374524.pdf

[175]Véxase BALLESTEROS, M. A.; CHAPELA, R.; DOMÍNGUEZ, J. M.; FELIX. J. e JIMÉNEZ, M. (2013): "El turismo marinero, nuevas actividadesde diversificación para las comunidades costeras en Andalucía y Galicia", en BARRAGÁN MUÑOZ, J. M. (coord..); CHICA RUÍZ, J.A.; GARCÍA ONETTI, J.; GARCÍA SANABRIA, J. e PÉREZ CAYEIRO, Mª. L. (eds.): "Mejorando la gestión de las áreas litorales de Iberoamérica. I Congreso Iberoamericano de Gestión Integrada de Áreas Litorales. Libro de Comunicaciones".Grupo de Investigación Gestión Integrada de Áreas Litorales, Universidad de Cádiz, Cádiz; pp. 119-211; op. cit. páx. 199. Nesta dirección, a Secretaría General de Pesca (Ministerio de Agricultura, Aliementación y Medio Ambiente), a través da Dirección General de Ordenación Pesquera, creou o Grupo Técnico de Trabajo de Diversificación Pesquera y Acuícola (DIVERPES). Un grupo que elaborou o primeiro Plan Estratéxico Nacional DIVERPES 2013-2020, co obxecto de detectar e analizar as debilidades e fortalezas do sector en materia de diversificación pesqueira e acuícola. O devandito documento está centrado nas seguintes catro áreas de actuación: Turismo, Comercialización e transformación, Medio e Social. Vexase:
http://www.magrama.gob.es/es/pesca/temas/diversificacion/grupo_diverpes.aspx.

[176]Véxase: ARREGUI, V. e GARCÍA ARANDA, C. (2007): "Proyecto Sagital. Proyecto guía para el centro de actividades turístico-pesqueras". ESIC, Madrid; op. cit. páx. 10.

[177]Unhas experiencias de diversificación do sector pesqueiro que xa se recollían entre as propostas recollidas na iniciativa EQUAL II do Fondo Social Europeo (FSE). Unhas iniciaticas que posteriormente se materializaron a través do proxecto SAGITAL (Servicio de Adaptación para a Gestión de Iniciativas Turistico-pesqueras en Áreas Litorales) (2005-2007). Neste, perseguíase a realización de actividades turísticopesqueras que respectasen un uso sostible do litoral, conxugando, polo tanto, os conceptos de mellora da poboación pesqueira, turismo alternativo e xestión sostible dos recursos mariños. Véxase: http://ec.europa.eu/employment_social/ECDB/equal/jsp/dpComplete_2182.htm

[178]Ibídem.

turismo mariñeiro prenséntase como unha fonte alternativa de rendibilidade económica e como un instrumento de posta en valor dos numerosos recursos das comunidades pesqueiras, tanto tanxibles coma intanxibles, mediante o reemprego da bagaxe, tradicións e coñecementos dos pescadores, que deberán transmitir a súa cultura e forma de vida ao turista, así como a utilización dos barcos e artes de pesca, para o desenvolvemento da súa actividade de forma didáctica demostrativa para o turismo[179]. A nivel lexislativo, Galicia é unha das poucas as CC.AA.[180] que na súa regulación do sector pesqueiro recolle algún termo ou concepto do turismo pesqueiro ou mariñeiro[181]. De feito, a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca en Galicia[182] (posteriormente modificada[183]) recolle como novas oportunidades as actividades de pesca turismo ou turismo pesqueiro, as rutas turísticas de coñecemento da actividade pesqueira e marisqueira e o aproveitamento das estruturas portuarias para divulgar o patrimonio cultural mariñeiro. Asi mesmo, no marco desta normativa defínese a actividade de turismo mariñeiro como as "(...) actividades desenvolvidas polos colectivos de profesionais do mar, mediante contraprestación económica, orientadas á valorización e difusión do seu traballo no medio mariño, así como os costumes, tradicións, patrimonio e cultura mariñeira"[184]; e contémplanse como actividades de turismo mariñeiro a pesca turismo[185], as rutas guiadas[186] e a gastronomía[187].

---

[179]Ibídem; op. cit. páxs. 202 e 203.

[180]As outras CC.AA. son: Cataluña, Illas Baleares e Murcia.Véxase:

- ✓ "Decreto 87/2012, de 31 de julio, sobre la pesca-turismo, el turismo pesquero y acuícola y las demostraciones de pesca en aguas marítimas y continentales de Cataluña". DOGC (Diari Oicial de la Generalitat de Catalunya) nº6184, de 02/8/2012; pp. 38951-38958. http://hispagua.cedex.es/sites/default/files/hispagua_legislacion/catalunya/20120802/614480.pdf
- ✓ "Ley 6/2013, de 7 de noviembre, de Pesca Marítima, Marisqueo y Acuicultura en las Illes Balears". BOE nº290, de 4/12/2013; pp. 96339-96391. http://www.boe.es/boe/dias/2013/12/04/pdfs/BOE-A-2013-12688.pdf
- ✓ "Ley 2/2007, de 12 de marzo, de Pesca Marítima y Acuicultura de la Región de Murcia". BOE nº175, de 21/7/2008; pp. 31793-31815. http://www.boe.es/boe/dias/2008/07/21/pdfs/A31793-31815.pdf

[181]A nivel estatal, segundo un informe realizado no marco do Proxecto SAGITAL, a vixente Lei 3/2001, do 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado (...) para nada prevé a posibilidade de que se realicen actividades de Pesca-turismo. Máis aínda, non só se carece dunha expresa regulación, senón que da propia Lei e normas regulamentarias de desenvolvemento pode concluírse que, polo menos implicitamente, tales prácticas quedan prohibidas". No mesmo Informe se identifican os obstáculos máis decisivos como se propuxeron e consensuaron co sector pesqueiro modificacións a introducir na lexislación. Véxase: MOLINA GARCÍA, A. (2013): "Diagnóstico estratégico de la actividad de Pesca-turismo en España". Secretaría General de Pesca, Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Madrid. op. cit. páx. 35-37. Agora ben, actualmente existe un Proxecto de Lei pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado aprobado no Consello de Ministros do 11 de abril de 2014. Un proxecto que trata de impulsar a mellora da situación socioeconómica do sector pesqueiro e acuícola grazas por medio da súa diversificación económica, con actividades como o turismo pesqueiro ou mariñeiro e a pesca-turismo. Así mesmo, pretende introducir os conceptos de "turismo pesqueiro ou mariñeiro", "turismo acuícola" e "pesca-turismo" na normativa nacional, co fin de dotar de cobertura legal aos que decidan emprender propostas relacionadas con estas actividades para que poidan asegurar a súa implantación coas máximas garantías. Véxase: http://www.magrama.gob.es/es/pesca/temas/diversificacion/turismo.aspx

[182]Véxase: "Ley 11/2008, de 3 de diciembre, de pesca de Galicia". DOG nº243, de 16/12/2008; pp. 22.275- 22.317. http://www.accioncosteira.es/archivos/Lei%20de%20Pesca%20de%20Galicia.pdf

[183]Véxase: "Ley 1/2009, de 15 de junio, de modificación de la Ley 11/2008, de 3 de diciembre, de pesca de Galicia". DOG nº116, de 16/6/2009; pp. 10.355. www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090616/Anuncio1F46E_es.html

[184]Artigo 112 da Lei 11/2008.

[185]"Pesca turismo: actividades desenvolvidas a bordo de embarcacións pesqueiras por parte dos profesionais do mar dirixidas ao coñecemento, valorización e difusión do seu traballo no medio mariño" (Artigo 113 a) da Lei 11/2008).

Figura nº4.2.4.4.1.- Pontenciais actividades turístico-mariñeiras.



Fonte: Elaboración propia a partir de ARREGUI, V. e GARCÍA ARANDA, C. (2007).

En Galicia, a Confraría de pescadores de Lira foi pioneira en desenvolver actividades de turismo mariñeiro en 2004 baixo a denominación de Mar de Lira. Un proxecto desenvolvido abranguendo abranguendo diferentes actividades de turismo pesqueiro, ecolóxico, cultural e gastronómico, "(...) co obxectivo de dinamizar o ámbito social da comunidade pescadora de Lira e dar a coñecer a complexidade do mundo da pesca e do mar ao conxunto da sociedade"[188]. No ámbito da promoción do turismo en Galicia, dentro da web de "Turgalicia" ofrécense diferentes actividades do que se

[186]" Rutas guiadas: actividades dirixidas ao coñecemento do medio en que se desenvolven as actividades profesionais en praias, portos e vilas mariñeiras, guiadas por profesionais do mar" (Artigo 113 b) da Lei 11/2008).

[187]"Gastronomía: actividades dirixidas á promoción e posta en valor do consumo dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura" (Artigo 113 d) da Lei 11/2008).

[188]Véxase: http://www.mardelira.net Esta oferta quedou integrada dende 2011, nunha nova marca, MAR GALAICA Turismo Mariñeiro, nun principio vinculada ao Grupo de Acción Costeira Seo Fisterra e ría de Muros-Noia (GAC 4), e a partir de 2012 ampliada ao conxunto da costa galega, cubrindo actividades a bordo de embarcacións tradicionais, itinerarios pola costa, aloxamento en casas rurais, museos da pesca e gastronomía tradicional. Véxase: http://www.margalaica.net/

denomina como "Turismo mariñeiro", baixo o slogan "Embarcarte nun barco de pesca e vivir unha verdadeira xornada de traballo con toda a tripulación"[189] . Dende esta web inclúense enlaces ás iniciativas que se están a desenvolver no litoral galego, entre as que cabe destacar as seguintes[190]:

- ✓ Mar de Laxe iniciativa que forma parte do Plan de Desenvolvemento Pesqueiro do Porto de Laxe, busca revalorizar o traballo da xente do mar dende unha perspectiva innovadora[191]. O turismo pesqueiro é unha das actividades que contempla o plan, contando con dúas embarcacións para ofercer aos turistas a obervación e a participación na pesca[192].
- ✓ *Mar de Lira* proxecto desenvolvido pola Confraría de pescadores de Lira (Carnota, A Coruña), na que está previsto ofrecer saídas de "turismo mariñeiro" a bordo de embarcacións de pesca, na que o participante pode tomar parte na propia actividade laboral (na medida do posible), e coñecer directamente as súas inquietudes, dificultades dificultades e a propia fala mariñeira"[193]. De forma complementaria tamén se contempla unha nova actividade denominada "Pesca deportiva sostible"[194], e na que o participante, ademais de ir a bordo da embarcación de pesca, poderá realizar pesca deportiva asesorado polo patrón, sempre que dispoña da correspondente licenza de pesca e respectando os topes, vedas e tamaños permitidos.
- ✓ Pescanatur[195] é unha asociación integrada polas Confrarías de pescadores de San Martiño do Grove, San Telmo de Pontevedra e San Xosé de Cangas, todas na provincia de Pontevedra, que pretende dar a coñecer o mundo do mar mediante actividades de turismo mariñeiro e ititurismo, dende un enfoque de sostibilidade e sempre respectuoso co medio. O proxecto iniciouse en 2005 pero non acabou de consolidarse ata finais de 2006, co inicio dunha proba piloto no programa "Experiencias do Noso Mar", composto basicamente por rutas no mar e na praia (actividades de pesca, marisqueo e acuicultura), abranguendo tamén actividades de degustación gastronómica en restaurantes asociados ao programa[196]. Dentro da súa actual oferta de turismo mariñeiro inclúese a actividade de Pesca-turismo, embarcando o visitante para unha xornada de pesca de baixura, ou ben xornadas tanto "marisqueo a flote" como "marisqueo a pé"[197].
- ✓ *Turismo mariñeiro en Portosín-Portocelta*, actividade ofertada dende a Confraría de pescadores "San Andrés de Portosín" (Porto do Son, A Coruña). Na información xeral de Turgalicia, así como noutras fontes de información, se recolle a posibilidade de embarcar e participar nunha xornada de pesca nun barco de cerco da Confraría de pescadores de Portosín[198]. Entre as actividades de

[189]Véxase: http://www.turgalicia.es/presentacion-de-turismo-marineiro?langId=es_ES
[190]Véxase: MOLINA GARCÍA, A. (2013): "Diagnóstico estratégico de la actividad de Pesca-turismo en España". Secretaría General de Pesca, Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Madrid; op. cit. páx. 66 e 67.
[191]Véxase: http://www.mardelaxe.com/
[192]Véxase: PARDELLAS DE BLAS, X. X.; PADÍN FABEIRO, C. e ABOY GARCÍA, S. (2011): "Turismo pesquero: experiencias en Europa y España". Papeles de Economía Española, nº128; pp. 221-228; op. cit. páx. 224.
[193]Véxase: http://www.mardelira.net/turismo/index.html
[194]Véxase: http://www.mardelira.net/pesca/index.html
[195]Véxase: http://www.pescanatur.es/
[196]Véxase: PARDELLAS DE BLAS, X. X.; PADÍN FABEIRO, C. e ABOY GARCÍA, S. (2011): "Turismo pesquero: experiencias en Europa y España". Papeles de Economía Española, nº128; pp. 221-228; op. cit. páx. 224.
[197]Véxase: http://www.osalnes.com/cataloga/ap/ficha-es/?etq=1&id=1875
[198]Véxase: http://www.margalaica.net/turismo-a-bordo/mar-de-cerca

turismo mariñeiro que se ofertan dentro do perfil social de "PortoCelta Turismo Mariñeiro de Portosin"[199], cabe destacar as rutas pola Ría de Muros e Noia e os cursos de pesca deportiva para maiores e nenos a bordo do Joaquín Vieta[200], un balandro de 1916 restaurado de 20 metros de eslora.

- ✓ *Guimatur* que é unha asociación que xorde no ano 2004 en Cambados (Pontevedra) para dar a coñecer a rica herdanza cultural mariñeira, especialmente o marisqueo a pé, así como revalorizar o papel da muller no mundo do mar. Con tal obxecto oferta visitas guiadas pola beira e polos bancos marisqueiros de Cambados. Actualmente realízanse dous percorridos: Ruta do marisqueo e ruta do porto[201].
- ✓ *Rutas no barco "Chasula"*. O "Chasula" é unha embarcación construída no ano 1959 seguindo a tipoloxía das embarcacións para a pesca do cerco nas Rías Altas e restaurada en 2003. Desenvolve actividades relacionadas coa pesca do cerco e as súas artes: cerco, cerco real, traíña, tarrafa. A pesca ao asexo (pola noite) e á lusada (coa primeira luz de día). Pesca do cerco de día para a captura de cebo. Igualmente organiza xornadas de pesca deportiva, saídas para a observación de aves e mamíferos mariños e visitas guiadas ás illas do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes)[202].

Finalmente, analizando o espectro da oferta incluído no catálogo "Turismo Mariñeiro" de Turgalicia[203] como na propia web deste organismo[204], en toda Galicia se oferta un gran número de iniciativas que pretenden achegar ao turista, incluída a poboación local, á vida e á cultura do mar, tan arraigada nesta comunidade autónoma (Figura nº4.2.4.4.2). Igualmente baixo a iniciativa "Mar Galaica Turismo Mariñeiro" e en vinculación cos sete Grupos de Acción Costeira galegos, tratouse de recoller en unha plataforma web todas as actividades vinculadas co turismo mariñeiro na Comunidade Autónoma[205]. En xuño de 2011, dende o Grupo de Acción Costeira Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia (GAC4)[206], presentouse o Club de Produto de Turismo Mariñeiro Mar Galaica[207] e, asi mesmo, comezaron coa implantación do estándar Finisterrae co

[199]Véxase: https://es-es.facebook.com/pages/PortoCelta-Turismo-Marinero-de-Portosin/106466359392561

[200] Véxase: http://www.joaquinvieta.com/

[201] Véxase: http://guimatur.org/es/visitas

[202]Véxase: http://www.intramar.org/index.html

[203]Véxase: TURGALICIA (2012): "Turismo Mariñeiro". Turgalicia, Xunta ge Galicia, Santiago de Compostela.

[204]Véxase: http://www.turgalicia.es/presentacion-de-turismo-marineiro?langId=es_ES

[205]Véxase: http://www.margalaica.net/

[206]Véxase: http://www.accioncosteira.es/?q=es/node/495

[207]Un club formado por profesionais do mar, empresas de hostalaría, museos e centros de interpretación vinculados ao mundo do mar, para a realización de actividades e servizos de turismo mariñeiro. Véxase: http://www.margalaica.net/socios No ano 2012, este Club contaba con 57 empresas vinculadas ao mundo do mar, as cales desempeñaban 95 actividadesen nos municpios do litoral galego que integran a iniciativa: Fisterra, Corcubión, Cee, Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia e Porto do Son (A Coruña). A experiencias que se ofertaban o visitante respondían ás seguintes tipoloxías. Turismo a bordo (faenar en pesqueiro profesional), Mariñeiro en terra (marisqueo a pé ou vista a conserveras), La mar de aventuras (embarcar en veleiro, cruceiro que mostra resto de naufraxios e faros ou achegarse a actividade de percebieros e bateas), Tabernas e Restaurantes (degustar menus mariñeiros e participar en talleres gastronómicos), Aloxamentos e Más servizos. Co obxecto da comercialización dos seus servizos, Mar Galicia desenvolveu un catálogo de ferramentas SIPC (catálogo de servizos, portafolios comercial, sistema territorial de información e comercialización, sistema de reservas on line, incorporación da oferta en catálogos de touroperdores) que facilitado á difusión dos destintos servizos, conseguindo chegar a

obxecto de convertelo no primeiro estándar de calidade de turismo mariñeiro en Europa[208].

Non hai moitos estudos relevantes sobre a demanda efectiva deste produto[209]. Agora ben, o perfil medio do turista interesado por esta oferta é unha parella urbana, entre 30 e 45 anos, con ingresos medios e que escolleu un destino de litoral para pasar as súas vacacións. Considera esta oferta como un complemento, en combinación á súa estanza no destino de praia e/ou de natureza e en calquera caso, a paisaxe (45%) e a gastronomía (38%), son as motivacións principais para achegarse a portos con oferta de turismo pesqueiro. De feito, soamente un 26% mostraríase en primeiro lugar interesado pola cultura mariñeira. Outra característica interesante desta demanda sería o seu carácter itinerante, máis dun 40% pasaba a noite en varios lugares, facendo un percorrido polo litoral e preto dun 29% non tiña reservado o aloxamento[210].

Ao noso modo de etender estamos ante un produto turistico de gran potencialidade cara a diferenciación da imaxe turística do litoral galego dentro do mercado. Nesta dirección, apuntan os datos proporcionados polo estudo realizado polo Centro Tecnoloxico do Mar (CETMAR) e a Universidade de Cádiz no marco do Proxecto Europeo PRESPO cuxo obxectivo foi detectar a demanda potencial de actividades de pesca turismo en Andalucía e Galicia[211] (Figura nº4.2.4.4.3). En defnitiva, as OMDs do litoral galego deben ser conscientes de que existe un nicho de demanda potencial de actividades vinculadas á cultura mariñeira que non participan deste tipo de actividades debido, fundamentalmente, a unha falta de oferta estructurada e de axeitada política de promoción. Unha realidade que demanda por parte das OMDs a implementación de liñas de actuación encamiñadas a corrixir estas carencias. Os xestores das OMDs do litoral deberán planificar o produto valorando e xestionando os recursos do patrimonio dentro do seu territorio, preservándoos da súa desaparición e buscando un modelo de desenvolvemento sostible. A tal obxecto, terán que formular e apoiar as estratexias para conservar a longo plazo o patrimonio cultural da pesca/marisqueo, mellorar o coñecemento deste patrimonio entre a poboación local, a potencial demanda turística, e contribuír ao mesmo tempo ao desenvolvemento económico e social do colectivo dos pesacadores/mariscadores.

---

todos os sitemas de distribución de vendas: directa, cruzada, on line, minorista, almacenista ou por rede comercial. Véxase:
http://www.magrama.gob.es/ministerio/pags/Biblioteca/Revistas/pdf_REP%2FFEP_13_6_7.pdf

[208]Véxase: http://www.margalaica.net/files/20111005140036_ESTNDARFINISTERRAEEspoct2011.pdf

[209]Véxase: PARDELLAS DE BLAS, X. X. e PADÍN FABEIRO, C. (2013): "La nueva demanda combinada de turismo litoral y turismo pesquero: motivaciones y efectos". Cuadernos de Turismo, nº32; pp. 243–258; op. cit. páx. 248.

[210]Ibídem.

[211]En ambos os dous territorios realizouse un traballo de campo no que se entrevistou turistas que pasaban unha estanza vacacional en municipios litorais. Un traballo do cal onde se se lles ten preguntado a estes turistas pola prácticade actividades relacionadas coa mar, o grao de coñecemento e participación nas actividades de turismo mariñeiro e a súa disposición a pagar por unha actividade concreta. Para unha maior información dos obxectivos do Proxecto PRESPO (Desenvolvemento sostible das pesqueiras artesanais do Arco Atlántico), véxase:
http://atlanticprojects.ccdr-n.pt/project-area/prespo?set_language=es&cl=es

Figura nº4.2.4.4.3.-Turismo mariñeiro: Turistas en Galicia que manifestan un alto interese en realizar actividades vinculadas á cultura mariñeira. Ano 2011. Unidade: %.

	% sobre o total
Paseo en barco+unha explicación cultural mariñeira	46,3
Paseo en barco+unha explicación cultural mariñeira+participar nunha demostración de pesca	36,6
Paseo en barco+unha explicación cultural mariñeira+participar nunha demostración de pesca+degustala a bordo do barco	49,9
Paseo en barco+unha explicación cultural mariñeira+participar nunha demostración de pesca+degustala nun restaurante	22,2

Fonte: Elaboración propia a partir de Enquisas do Proxecto PRESPO: BALLESTEROS, M. A.; CHAPELA, R.; DOMÍNGUEZ, J. M.; FELIX. J. e JIMÉNEZ, M. (2013).

Á marxe dos produtos analizados anteriormente, existen no litoral galego outros que se ben non teñen a súa significación ou potencialidade de capatación de demanda si contribúen a diversificar, polo tanto, a enriquecer a carteira de produtos ofertados dentro dos destinos. Entre estes produtos destacamos os seguintes:

4.2.4.5. O produto turístico Camiño de Santiago.

"O Camiño de Santiago constitúe un fenómeno multifacético de proxección e recoñecemento internacional: forma parte do patrimonio cultural intanxible, pero tamén é unha secular ruta de peregrinación, un elemento territorial de alto valor simbólico e un produto turístico de prestixio"[212]. De feito, cando se estuda a realidade turística de Galicia no seu conxunto, o seu produto máis diferenciador e de prestixio sen lugar a dúbidas o constitúe o Camiño de Santiago. Unha realidade que ven dada en gran parte por ser un un referente cultural de primeira orde. Numerosas cualificacións outorgadas ao respecto poñen de relevo este valor cultural indiscutible. Neste sentido, podemos destacar entre outras mencións que dende 1987 é o Primeiro Itinerario Cultural Europeo do Consello de Europa ao tempo que está considerado pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade dende o ano 1993. De acordo co seu carácter de Itinerario Cultural, estamos ante unha ruta de comunicación fisicamente delimitada, de forte significado histórico e carácter dinámico, que acolle un movemento continuo de persoas e que foi e segue sendo testemuña dun intercambio recíproco de ideas, coñecementos e valores entre xentes, continentes, países ou rexións, durante un significativo período de tempo[213]. Por conseguinte, dende esta perspectiva o Camiño de Santiago é "(...) un lugar de encontro e de intercambio de vivencias entre persoas de nacionalidades diversas, un espazo de «formación» e «información»"[214]. Agora ben, tamén posúe unha indiscutible vertente relixiosa e espiritual en tanto en canto se trata dunha ruta de peregrinación[215].

[212]Véxase: PORCAL GONZALO, Mª. C.; DÍEZ ANGULO, A. e JUNGUITU INIÑIGUEZ DE HEREDIA, J. (2012): "Dimensión territorial y turística de la Ruta Norte del Camino de Santiago en el País Vasco: Distintas concepciones, valoraciones y propuestas de intervención sobre un fenómeno multifácetico". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, nº58; pp. 177-204; op. cit. páx. 177.

[213]Véxase: INTERNATIONAL COUNCIL ON MONUMENTS ANS SITES (ICOMOS) (2008): "The Icomos Charter on Cultural Routes. Ratified by the 16th General Assembly of ICOMOS, Québec (Canada) on 4 October 2008".
https://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&cad=rja&uact=8&ved=0CCUQFjAAahUKEwj_3u70juzGAhVK9HIKHfklCyI&url=http%3A%2F%2Fwww.international.icomos.org%2Fcharters%2Fculturalroutes_e.pdf&ei=gSyuVb-aIcroywP5y6yQAg&usg=AFQjCNFecZh39qb5FHruyflY41SyXF7i4w&bvm=bv.98197061,d.bGQ

[214]Véxase: PORCAL GONZALO, Mª. C.; DÍEZ ANGULO, A. e JUNGUITU INIÑIGUEZ DE HEREDIA, J. (2012); op. cit. páx. 179.

[215]Ibídem.

Estamos, polo tanto, ao noso entender, ante un produto turístico experiencial; no cal, se evidencia unha mestura de tradición relixiosa e cultural[216]. Un produto, onde lonxe de diminuír a frecuentación, continúase incrementando o número de viaxeiros que percorren as súas diferentes rutas e os seus efectos xa non se limitan só aos anos "xacobeos"[217]. Así, no ano 2013 o número de peregrinos superou a cifra dos 200 mil (215.880 peregrinos), segundo os datos da Arquidiocese de Santiago. Isto supón aproximarse aos niveis do ano 2010 que foi o último Ano Santo e, sobre todo, incrementar nun 12,15% o volume acadado o ano anterior[218]. O Camiño Francés, o máis transitado e coñecido como frecuentado dos chamados Camiños de Santiago non atravesa ningún municipio litoral galego (Figura nº4.2.4.5.1). Agora ben, se o fan:

- ✓ O *Camiño do Norte* (ou *Camiño da Costa*) que transcorre pola costa cantábrica e penetra en Galicia por Ribadeo[219], e é a partir da mencionada poboación que a ruta se afasta da costa para internarse no interior lucense, tomando a dirección sueste, para dirixirse á capital galega. Cada ano o número de peregrinos aumenta con forza na ruta cantábrica. Dentro da oferta aloxativa[220] a disposición dos viaxeiros de que discorren por esta ruta encontrámonos cun só albergue, en concreto, en Ribadeo (Lugo) con 12 prazas. No ano 2004[221] un total de 7.117 persoas obtiveron a compostela seguindo esta ruta; no ano 2012, foron 12.919 (Figura nº4.2.4.5.2), falamos polo tanto dun incremento no intervalo considerado do 81,52% (Figura nº Figura nº4.2.4.5.3).

[216]Neste traballo consideramos os peregrinos como turistas. Existen diferentes opinións sobre a relación entre peregrinación e turismo. En xeral, dende o punto de vista da industria turística considérase os peregrinos como turistas xa que concordan coa definición de turismo. Véxase: MAAK, K. (2009): "El Camino de Santiago como posible motor turísticoen zonas rurales de escasos recursos: El caso de Brandeburgo". Cuadernos de Turismo, nº23; pp. 149-171; op. cit. páx. 154. Non imos entrar a xustificar teoricamente está postura por ser unha cuestión que consideramos escápase ao obxectivo da nosa aproximación. Unicamente realizaremos un apuntamento e unha recomendación. Un apuntamento realizado por ÁLVAREZ SOUSA (1999), co que coincidimos plenamente: "Os efectivos poboacionais movidos pola perigrinación contemporánea non permiten unha doada diferenciación entre peregrino e turistas". Véxase: ÁLVAREZ SOUSA, A. (1999): "Marco teórico para a analise das perigrinacións", en ÁLVAREZ SOUSA, A. (dir.): "Homo peregrinus". Edicións Xerais de Galicia, Vigo; pp. 11-58; op. cit. páx. 31. Por outra parte, recomendamos a lectura das reflexións recollidas no artigo: LOIS GONZÁLEZ, R. C. e LÓPEZ, L. (2012): "El Camino de Santiago: una aproximación a su carácter polisémico desde la geografía cultural y el turismo". Documents d'Anàlisi Geogràfica, vol. 58, nº3; pp. 459-479. Unhas reflexións que compartimos en boa medidae que nos inducen á reflexión.

[217]Véxase: SANTOS SOLLA, X. M. (1999): "Mitos y realidades del Xacobeo". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles (AGE), nº 27; pp. 103-117. LOIS GÓNZALEZ, R. e SANTOS SOLLA, X. M. (1999): "El Camino de Santiago", en BOTE GÓMEZ, V. (ed.): "La actividad turística española en 1998" AECIT, Madrid; pp. 597-603. SANTOS SOLLA, X. M. (2002): "Pilgrimage and Tourism at Santiago de Compostela". Tourism Recreation Research, vol. 27, nº2; pp. 41-50. SANTOS SOLLA, X. M. (2006): "El Camino de Santiago: Turistas y peregrinos hacia Compstela". Cuadernos de Turismo, nº18; pp. 135-150.

[218]Véxase: GONZÁLEZ LAXE, F. (coord.); ARMESTO PINA, J. F.; SÁNCHEZ FERNÁNDEZ. P. e LAGO PEÑAS, S. (2015): "Informe de conxuntura socioeconómica: Turismo. Foro económico de Galicia; op. cit. páx. 7. http://www.foroeconomicodegalicia.es/documentos/nota-coxuntura-turismo-i2015/

[219]Son tres os muncipios do litoral galego (Ribadeo, Barreirose Trabada) polos que discorre o Camiño do Norte ou da Costa.

[220]Imos considerar unicamente a oferta de aloxamento da rede de albergues públicos (abertos todo o ano) existente nos muncipios do litoral por onde discorren as diferentes rutas do Camiño de Santiago, para o que usamos os datos da páxina web da Sociedade Xestora do Xacobeo. A utilización dos servizos e instalacións destes albergues está cuantiaficada no pagamento de 6 € por persoa e día. Véxase: http://www.xacobeo.es/ Recordar, de todos os xeitos que o resto da oferta de aloxamento xa a analizamos con profundidade no apartado precedente deste traballo de investigación.

[221]Ano Xacobeo.

- ✓ O *Camiño Inglés* é o Camiño de Santiago que ten a súa orixe en Ferrol ou na Coruña[222]. Foi a ruta medieval de peregrinación dos devotos ingleses e doutros lugares do norte de Europa, os cales chegaban en barco ao porto da Coruña e ao de Ferrol. Esta ruta xacobea aumenta a bo ritmo cada ano o número de peregrinos, aínda que segue lonxe da frecuentación doutros camiños. Percorrérono 3.092 peregrinos en 2004 e 3.577 no 2012 (Figura nº4.2.4.5.2), polo tanto o incremento neste período considerado é do 15,69% (Figura nº4.2.4.5.3). Esta ruta dispón nos muncipios do litoral dunha oferta de tres albergues situados nos muncipios de Neda (28 prazas), Miño (22 prazas) e Betanzos (32 prazas), cun total de 82 prazas.
- ✓ O *Camiño a Fisterra-Muxía* é a extensión do Camiño Francés dende Santiago ata o Cabo de Finisterre[223], seguindo a milenaria tradición pagá de chegar ao final da terra do mundo coñecido. Xa na idade media algúns peregrinos se achegaban a Muxia, antes de ir a Finisterre, para visitar o santuario da Nosa Señora da Barca, lugar en que segundo unha lenda a virxe María chegou en barca para alentar o apóstolo na súa ardua tarefa[224]. Este camiño experimentou un crecemento moi rápido no número de peregrinos a partir do 2001, ano no cal se inauguraron os primeiros albergues. Unha rede de albergues públicos nos municipios litorais constituída actualmente por catro instalacións cun total de 120 prazas: Muxía (1 alabergue con 32 prazas), Fisterra (1 albergue con 28 prazas) e Dumbría (2 albergues cun total de 60 prazas). Con datos do ano 2013, aproximadamente un dez por cento dos peregrinos que chegan a Santiago seguen o seu periplo cara a Fisterra[225]. De feito, a cantidade de persoas que percorren este itinerario rexistrou un proceso de crecemento moi significativo dende o ano 1998 (1.352 peregrinos contabiliazados) ata o ano 2010; ano no que se contabilizaron 17.983 peregrinos (un crecemento do 1.230,10% neste período)[226].
- ✓ A *Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla*, recoñecida oficialmente e como ruta da Traslatio do Apóstolo Santiago dende Jaffa a Iria Flavia, esta ruta marítimo-fluvial pola Ría de Arousa e o río Ulla conmemora a chegada a Galicia, por mar, do corpo do apóstolo Santiago O Maior, logo do seu martirio en Xerusalén no ano 44[227]. A partir da illa Cortegada, unha serie de cruceiros colocados en illotes ou a beiras do esteiro do Ulla marcan o Camiño, atravesando as míticas Torres de Oeste en Catoira e os espazos naturais das Brañas de Laíño, ata chegar a Padrón para dende aquí continuar cara a Compostela[228]. Na igrexa de Santiago de Padrón (A Coruña) consérvase o Pedrón. A tradición conta que nesa pedra se amarrou a barca do Apóstolo despois da longa viaxe. A conmemoración anual da Translatio a través da Ría de Arousa, promovida pola Fundación Ruta

[222]O seu trazado discorre polos seguintes municpios do litoral galego: Ferrol, Neda, Fene, Pontedeume, Miño, Betanzos, A Coruña e Culleredo.
[223]O seu trazado discorre polos seguintes municpios do litoral galego: Dumbría, Cee, Corcubión, Fisterra e Muxía..
[224]Véxase: http://camino.xacobeo.es/caminos/camino-de-fisterra-muxia
[225]Véxase: http://www.gronze.com/camino-de-santiago/caminos/guia-del-camino-finisterre/informacion
[226] Estes datos están baseados na explotación do rexistro das entregas das denominadas "Fisterranas" que se realiza no Albergue Municipal de Fisterra. Véxase: PARGA-DANS, E.(2012): "El perfil de la peregrinación en el Camiño Santiago-Fisterra". Informe de proyecto: Procesos de Patrimonialización no Camiño de Santiago: Tramo Santiago-Fisterra-Muxía. CSIC-INCIPIT; op. cit. páxs. 3 e 4.
[227]Véxase: http://www.fundacionxacobea.com/the-route/
[228]Véxase: http://www.turgalicia.es/ruta-do-mar-de-arousa-e-rio-ulla?langId=es_ES

Xacobea do Mar de Arousa e Ulla[229], realízase a finais de xullo ou principios de agosto. Segundo os datos da páxina web da Sociedade Xestora do Xacobeo dentro dos municipios litorais que constitúen esta ruta non existe ningún albergue. Unha circuanstancia que conxuntamente ao non ser contemplada dentro do Informe estatístico anual elaborado pola Oficina de Atención ao Peregrino fainos carecer de datos obxectivos sobre a evolución e características da súa demanda.

- ✓ O *Camiño Portugués* entra en Galicia por Tui e ao igual que os eixes viarios de comunicación actuais, aproveita a Depresión Meridiana para trazar o seu percorrido cara Santiago de Compostela[230]. Unha variante deste é *O Camiño Portugués pola Costa* seguido tradicionalmente por aqueles que cruzaban o río Miño preto da súa desembocadura e, pola serra que se alza ante os seus ollos ou ben baixando á Garda e remontando pola ribeira, dirixíanse a Vigo para empalmar en Redondela co outro Camiño Portugués[231]. A oferta de albergues públicos ao longo dos seus dous trazados polos muncipios do litoral galego está composta por catro establecementos cun total de 166 prazas: Tui (40 prazas), A Guarda (36 prazas), Redondela (34 prazas) e Pontevedra (56 prazas). Camiño Portugués segundo as estatísticas da Oficina do Peregrino é o segundo camiño en número de peregrinos, detrás do Camiño Francés. Un 13,31% dos que recolleron a Compostela no ano 2012 fixeran o Camiño Portugués (Figura nº4.2.4.5.4). No período comprendido entre os anos 2004-2012 o número de viaxeiros que o percorren incrementouse nun 61,80% (Figura nº4.2.4.5.3).

O produto turístico do Camiño de Santiago posúe características particulares fronte ao resto da oferta turística galega. Estamos ante un produto que alcanza tradicionalmente as súas maiores cotas de demanda nos Anos Xacobeos. Agora ben, os datos do "Informe estatístico" elaborado anualmente pola Oficina de Acollida ao Pergrino[232] reflíctennos un crecemento en frecuentación de viaxeiros no período 2004-2012, descontando o repunte de frecuentación ligado ao Ano Xacobeo 2010[233] (Figura nº4.2.4.5.2).

[229]Véxase: http://www.fundacionxacobea.com/

[230]Transcorre polos seguintes muncipios do litoral galego: Tui, Redondela, Soutomaior e Pontevedra.

[231]Véxase: http://camino.xacobeo.es/caminos/camino-portugues-por-la-costa

[232] Véxase: http://peregrinossantiago.es/esp/servicios-al-peregrino/informes-estadisticos/


[233]Unhas cifras inferiores ás dos viaxeiros que realmente percorren os diferentes rutas do Camiño de Santiago. Dado "(...) que debemos considerar que cada ano parece que hai unha proporción menor de peregrinos que recollen a Compostela, despois de descender dende o 90 ao 85%, debido non só ao desinterese polo documento senón que porque empeza a haber un significativo número que repite a experiencia e a partir da segunda vez xa non solicita ese diploma quedando fóra das estatísticas (...)" que proporciona a Oficina de Atención ao Peregrino. Véxase: SANTOS SOLLA, X. M. (2006): "El Camino de Santiago: Turistas y peregrinos hacia Compstela". Cuadernos de Turismo, nº18; pp. 135-150; op. cit. páx. 141. En calquera caso, estas estatísticas, a pesar de ter claras deficiencias metodolóxicas, son as únicas que contemplan un intervalo temporal amplo e nos permiten debuxar un perfil aproximado da demanda do produto turístico do Camiño de Santiago.

Figura nº4.2.4.5.2.-Produto turístico Camiño de Santiago: Evolución do número de peregrinos segundo os camiños. Período 2004-2012. Unidade: número peregrinos.

	2004[1]	2005	2006	2007	2008	2009	2010[1]	2011	2012
Total	179.944	93.924	100.377	114.026	125.141	145.877	272.135	183.164	192.488
Camiño Frances	138.646	79.396	82.407	91.872	98.729	113.001	189.212	132.652	134.979
Camiño Portugués	15.839	5.507	6.467	8.110	9.770	11.956	34.147	22.062	25.628
Camiño do Norte	7.117	3.843	5.378	5.871	7.035	9.183	17.954	11.729	12.919
Vía da Prata	9.309	3.140	3.523	4.193	5.104	6.254	14.197	8.061	8.163
Camiño Primitivo	4.876	1.028	1.588	2.569	2.719	3.388	7.661	5.544	6.349
Camiño Inglés	3.092	651	804	1.085	1.451	1.793	6.442	2.720	3.577
Outros camiños	1.065	359	210	326	333	302	1.522	396	873


Fonte: Elaboración propia a partir da Oficina de Acogida al Peregrino/S.A.M.I. Catedral de Santiago.
[1]Ano Xacobeo.

Figura nº4.2.4.5.3.- Produto turístico Camiño de Santiago: Evolución do número de peregrinos segundo os camiños que atravesan municipios do litoral galego, Camiño Francés e peregrinos totais. Período 2004-2012. (2004=100).



Fonte: Elaboración propia a partir da Oficina de Acogida al Peregrino/S.A.M.I. Catedral de Santiago.

Figura nº4.2.4.5.4.- Produto turístico Camiño de Santiago: Distribución do número de peregrinos segundo os camiños. Ano 2012. Unidade: %.



Fonte: Elaboración propia a partir da Oficina de Acogida al Peregrino/S.A.M.I. Catedral de Santiago.

Á marxe deste incremento de frecuentación e dunha marcada estacionalidade dentro da demanda[234], os camiños xacobeos móstranse como un produto con características diferenciais dentro da carteira de produtos do destino galego. Así, con datos do ano 2012, primeiramente destaca a súa internacionalidade da súa demanda xa que máis da metade dos turistas proveñen de fora do Estado Español (un 50,50%) (Figura nº4.2.4.5.5). Dentro deste colectivo de viaxeiros, destancan os procedentes de Alemaña, Italia, Portugal, Francia e EE.UU. (8,11%, 6,44%, 5,37%, 4,22% e 3,67%, respectivamente para cada caso). Un factor de grande importancia cara a promover e vender a Galicia como destino fose das fronteiras españolas. Non esquezamos, como de feito reflectimos no apartado en que analizamos a demanda con destino Galicia, un dos principais problemas dos destinos galegos é a súa gran dependencia da demanda de orixe nacional. No caso concreto desta demanda, as CC.AA. con maior achega de efectivos ao conxunto de peregrinos desprazados a Santiago de Compostelason, por esta orde (Figura nº4.2.4.5.6): Madrid, Andalucía, Cataluña e Comunidade Valenciana

[234]Respecto a esta circunstancia, SANTOS SOLLA (2006) apuntaba, como un dos puntos débiles deste produto, dentro do comportamento da demanda unha "(...) marcada tendencia á concentración estival que facía que en 1990 o 86% dos peregrinos chegasen entre xuño e setembro (...) en 2005 ata o 72'8%, sendo mesmo inferior nos anos xacobeos cun 66'4% en 2004. O mesmo acontece se consideramos as diferentes rutas. Se ao longo da década de 1990 as porcentaxes da ruta francesa sempre superaban o 90%, agás nos anos santos nos que se aproximaban ao 80%, na actualidade estamos por debaixo do 85%, cifra aínda moi elevada pero que mantén unha clara liña descendente". Véxase: . SANTOS SOLLA, X. M. (2006): "El Camino de Santiago: Turistas y peregrinos hacia Compstela". Cuadernos de Turismo, nº18; pp. 135-150; op. cit. páx. 141. Unha tendencia que perdura na actualidade, segundo puidemos constatar sobre o terreo segue crecendo.


(9,17%, 7,58%, 6,63% e 5,55%, do total de pergrinos, respectivamente). En canto á caracterización desta demanda dende o punto de vista sociodemográfico, podemos salientar os seguintes aspectos, en función dos datos solicitados na Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela: o 56,53% dos pregrinos son homes; o 56,79% está comprendido entre o tramo de idade de 30-60 anos (Figura nº4.2.4.5.7) e ; no referente á súa categoría profesional dominan (Figura nº4.2.4.5.8): os empregados (22,37%), estudantes (18,05%), técnicos (12,86%), xubilados (11,48%) e os de profesión liberal (11,31%). Uns valores que nos permiten afirmar a existencia dun espectro de demanda amplo en canto a idade ou niveis de renda. A motivación dominante entre os pergrinos chegados á meta final de Santiago de Compostela é o relioxioso e outros[235] (52,56%) (Figura nº4.2.4.5.9). Finalmente, destacar que o medio utilizado de chegada predominantes é facer a ruta a pé (85,60%) (Figura nº4.2.4.5.10). Un medio de desprazamento que xunto a outros factores xustifican que o peregrino tipo realice un gasto notablemente inferior con respecto a calquera outro tipo turista[236]. Entre estos factores, as características motivacionais da viaxe fan que os seus gastos en manutención e, sobre todo, en aloxamento sexan reducidos, así como á súa estancia media. Estes condicionantes repercuten negativamente sobre o seu impacto económico[237]. Agora ben, este produto turístico non deixa de ser un referente dentro da imaxe turística galega dentro do mercado. Un produto de marcado carácter diferenciador que situou a Galicia no imaxinario turístico internacional.

[235]Os item de motivación para a relaización da peregrinación a Santiago de Compostela recollidos no "Informe estatístico" realizado pola Oficia de Atención ao Peregrinos son unicamente tres e, ao noso modo de ver, deberían recollerse outros campos de elección. Os tres contemplados non permiten recoller a variedade motivacional existente dentro da demanda do Camiño de Santiago. De feito, somos da opinión que as motivacións que na actualidade inducen a emprender o Camiño de Santiago non son sempre estritamente relixiosas nin tampouco espirituais senón que, a miúdo, conviven con aspiracións de ocio vacacional. Advírtese que o peso dunhas e outras no proceso de decisión cambiou ao longo da historia ao compás, por exemplo, das correntes de pensamento e da maior ou menor secularización da sociedade. Véxase: PORCAL GONZALO, Mª. C.; DÍEZ ANGULO, A. e JUNGUITU INIÑIGUEZ DE HEREDIA, J. (2012): "Dimensión territorial y turística de la Ruta Norte del Camino de Santiago en el País Vasco: Distintas concepciones, valoraciones y propuestas de intervención sobre un fenómeno multifácetico". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, nº58; pp. 177-204; op. cit. páxs. 179-180. Recomendamos tamén a lectura das interesantes reflexións realizadas no artigo: SANTOS SOLLA, X. M. (2002): "Pilgrimage and Tourism at Santiago de Compostela". Tourism Recreation Research, vol. 27, nº2; pp. 41-50.

[236]Neste punto, unha das causas determinantes é a "(...) práctica desaparición da partida de gasto que xeralmente representa un maior montante, o aloxamento". Unha realidade que debemos vincular exisitencia dunha rede pública e gratuíta de albergues fundamentada na " (...) inxenua idea de querer recuperar unha vía medieval de peregrinación mantendo no posible aquel espírito (...)". Unha rede pública que se ben "(...) axudou a incrementar os fluxos, probablemente en exceso, (...) reduciu significativamente o impacto económico e dificultou a creación de produtos secundarios ao longo do camino". Véxase: . SANTOS SOLLA, X. M. (2006): "El Camino de Santiago: Turistas y peregrinos hacia Compstela". Cuadernos de Turismo, nº18; pp. 135-150; op. cit. páx. 141.

[237]Véxase: GONZÁLEZ LAXE, F. (coord.); ARMESTO PINA, J. F.; SÁNCHEZ FERNÁNDEZ. P. e LAGO PEÑAS, S. (2015): "Informe de conxuntura socioeconómica: Turismo. Foro económico de Galicia; op. cit. páx. 7. http://www.foroeconomicodegalicia.es/documentos/nota-coxuntura-turismo-i2015/

Figura nº4.2.4.5.5.- Produto turístico Camiño de Santiago: Distribución do número de peregrinos segundo os principais mercados de demanda de orixe[1]. Ano 2012. Unidade: %.




Fonte: Elaboración propia a partir da Oficina de Acogida al Peregrino/S.A.M.I. Catedral de Santiago.

[1]No grupo de "Resto de países" incluímos aquelas nacionalidades que non alcanza unha porcentaxe superior ao 0,90% dentro do conxunto de pergrinos contabilizados na Oficina de de Acogidad ao Peregrino.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura nº4.2.4.5.6.- Produto turístico Camiño de Santiago: Distribución do número de peregrinos segundo as CC.AA. de orixe[1]. Ano 2012. Unidade: %.




Fonte: Elaboración propia a partir da Oficina de Acogida al Peregrino/S.A.M.I. Catedral de Santiago.

Figura nº4.2.4.5.7.- Produto turístico Camiño de Santiago: Distribución do conxunto de peregrinos por grandes grupos de idade. Ano 2012. Unidade: %.




Fonte: Elaboración propia a partir da Oficina de Acogida al Peregrino/S.A.M.I. Catedral de Santiago.

Figura nº4.2.4.5.8.- Produto turístico Camiño de Santiago: Distribución do conxunto de peregrinos segundo a súa categoría profesional. Ano 2012. Unidade: %.




Fonte: Elaboración propia a partir da Oficina de Acogida al Peregrino/S.A.M.I. Catedral de Santiago.

Figura nº4.2.4.5.9.- Produto turístico Camiño de Santiago: Distribución do conxunto de peregrinos segundo a súa motivación. Ano 2012. Unidade: %.



Fonte: Elaboración propia a partir da Oficina de Acogida al Peregrino/S.A.M.I. Catedral de Santiago.

Figura nº4.2.4.5.10.- Produto turístico Camiño de Santiago: Distribución do conxunto de peregrinos segundo a medio de desprazamento. Ano 2012. Unidade: %.



Fonte: Elaboración propia a partir da Oficina de Acogida al Peregrino/S.A.M.I. Catedral de Santiago.

En defintiva, o produto turístico do Camiño de Santiago e, en concreto, os seus tramos que percorren o litoral galego constitúe un fenómeno de carácter pluridimensional, un espazo de encontro e convivencia para viaxeiros con motivacións moi distintas, e unha realidade territorial complexa. En calquera caso, as OMDs do litoral galego deben ser plenamente conscientes de que a súa axeitada xestión ofrece un campo de múltiples oportunidades cara un desenvolvemento económico turístico sostible dos seus ámbitos territoriais. Entre as cales, podemos destacar as seguintes:

- ✓ O Camiño de Santiago pode exercer un efecto catalizador para a promoción dentro do mercado de demanda internacional do conxunto da oferta territorial do litoral galego.
- ✓ A ocasión de fomentar a cooperación territorial e de que o Camiño de Santiago se converta nun instrumento de gobernanza territorial, que favoreza a articulación de mecanismos de coordinación interinstitucional, e o intercambio de experiencias e de boas prácticas entre os diferentes axentes involucrados, tanto públicos coma privados.
- ✓ A oportunidade que representan os camiños do Norte, Inglés, Fisterra-Muxia e Portugués como a Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla de converterse en produtos turísticos alternativos ao tradicional Camiño Francés dirixidos, particularmente, a aqueles peregrinos a quen non lles satisfai este último debido á súa crecente masificación ou priorizan aspectos como a paisaxe costeira na súa escala de valores.
- ✓ A configuración do Camiño de Santiago como unha ferramenta estratéxica de mercadotecnia territorial cara ao coñecemento e á toma de conciencia da riqueza tanto ambiental coma cultural do litoral galego, non só por parte dos viaxeiros senón tamén pola poboación local.
- ✓ O desafío e a ocasión de que os peregrinos volvan máis tarde ao litoral galego a difrutar doutros produtos turísticos coas súas familias ou amigos, se a experiencia adquirida é satisfactoria.

4.2.4.6. O produto turístico enogastronómico.

Nas últimas décadas obsérvase un cambio nas preferencias do consumidor de produtos turísticos, motivado por unha oferta máis variada e gustos máis selectivos. Entre estes produtos turísiticos destaca o turismo gastronómico. Un turismo gastronómico que creceu considerablemente e converteuse nun dos máis dinámicos e creativos segmentos do mercado turísitico[238]. Tanto destinos como empresas turísticas se teñen dado conta da importancia da gastronomía co fin de diversificar a oferta e estimular o desenvolvemento económico local, rexional e nacional. Ademais, estamos ante un produto turístico que inclúe no seu discurso valores sostibles baseados no territorio, a paisaxe, o mar, a cultura local, os produtos locais, a autenticidade, o cal é algo que ten en común con tendencias actuais de consumo cultural[239]. A demanda turística actual está caracterizada en boa medida pola busca de experiencias; un campo onde a gastronomía ofrece a posibilidade de desenvolver un produto baseado no feito de probar e saborear a riqueza agroalimentaria dun territorio. De feito, a gastronomía, como recurso turístico, é apreciada tanto polo seu propio valor intrínseco coma polo seu carácter simbólico, "(...) na medida que actúa como identificador de pobos e territorios"[240]. Neste sentido, se os xestores das OMDs son capaces de estruturar a oferta en produtos turísticos axeitados, os recursos gastronómicos non unicamente acrecientan o valor de marca dun destino senón tamén o propio[241]. Agora ben, ¿que debemos entender por turismo gastronómico[242]? O turismo gastronómico é definido como aquel desexo de experimentar un tipo de gastronomía particular dunha rexión específica[243]. Dun modo máis específico, o turismo gastronómico debemos asimilalo ás visitas a produtores primarios e secundarios de alimentos, festivais gastronómicos, restaurantes e lugares específicos onde a degustación de pratos e/ou a experimentación dos atributos dunha rexión especializada na produción de alimentos é a razón principal para realizar a viaxe[244]. Analizando as defincións manexadas, podemos concluír que a clave para distinguir este segmento de demanda dentro do mercado é a súa motivación pola gastronomía, son de feito uns viaxieros entendidos na materia ou polo menos procuran

[238]Véxase: LEAL LONDOÑO; Mª. P. (2013): "Turismo gastronómico y desarrollo local en Cataluña: El abastecimiento y comercialización de los productos alimenticios". Tesis doctoral, Departamento de Geografía Física y Análisis Geográfico Regional, Facultad de Geografía e Historia, Universitat de Barcelona, Barcelona; op. cit. páx. V.

[239]Véxase: WORLD TOURISM ORGANIZATION (UNWTO) (2012): "Global Report on Food Tourism". UNWTO; Madrid; op. cit. páx. 5.

[240]Véxase: ARMESTO LÓPEZ, X. A. e GÓMEZ MARTÍN, B. (2004): "Productos agroalimentarios de calidad, turismo y desarrollo local: el caso del Priorat". Cuadernos Geográficos, nº34; pp. 83-94; op. cit. páx. 84.

[241]Véxase: BARRERA, E. e BRINGAS ALVARADO, O. (2008). "Food Trails: Tourist Architectures Built on Food Identity". Gastronomic Sciences: Food for Thought, vol. 3; pp. 56-61

[242]Existe unha ampla variedade de termos na literatura científica utilizados para establecer a relación que existe entre gastronomía e turismo: *cuisine tourism, food tourism, gourmet tourism, gastronomy tourism, gastronomic tourism, culinary tourism, ...* "No caso dos autores de orixe anglo-saxónica (…) este fenómeno é apelidado de *Food Tourism*, xa nos Estados Unidos, o termo máis utilizado é o *Culinary Tourism*, sendo que nos países latinos predomina a designación de *Turismo Gastronómico"*. Véxase: RAVARA DE OLIVEIRA, S. P. (2007): "O Turismo Gastronómico e o Enoturismo como potenciadores do Desenvolvimento Regional". I International Tourism Congress, School of Tourism and Maritime Technology, Polytechnic Institute of Leiria, Peniche; op. cit. páx. 2.
http://cassiopeia.ipleiria.pt/esel_eventos/files/3902_12_SimaoOliveira_4bf5103dd97f6.pdf. Sen entrar en debater o máis idoneo destes, nós imos decantarnos por turismo gastronómico.

[243]Véxase: HALL, C. M. e SHARPLES, L. (2003): "The consumption of experiences or the experience of consumption? An introduction to the tourism of taste", en HALL, C. M.; SHARPLES, L.; MITCHELL, R.; MACIONIS, N. e CAMBOURNE, B. (eds.): "Food tourism around the world: Development, management and markets". Butterworth-Heinemann, Oxford (U.K.); pp. 1-24; op. cit. páx. 10.

[244]Ibídem.

selo, procurando coas súas viaxes aumentar os seus coñecementos e gozar ao máximo daquilo que os motiva a desprazarse[245]. De feito, os destinos gastronómicos "(...) de éxito son (...) aqueles que sacian o apetito dos turistas gastronómicos pola autenticidade, ofrecendo produtos e experiencias que comunican fielmente un vínculo próximo entre gastronomía, territorio e comunidade"[246]. Nesta dirección, o turismo gastronómico é considerado un medio para recuperar a gastronomía tradicional de cada zona. A gastronomía forma parte da identificación cultural dun territorio, dado o seu carácter histórico e cultural[247]. "É importante destacar, tamén, que o conxunto de recursos, produtos e servizos, articulados en torno á gastronomía contribúen a xerar experiencias únicas para o turista, actividade que está totalmente aliñada coas novas expectativas da demanda que actualmente busca experimentar vivencias, realizar actividades memorables, moito máis que "visitar dun xeito pasivo" un determinado lugar"[248]. Un turismo gastronómico que en España coñeceu un importante desenvolvemento na primeira década do século XXI. De feito, "(...) é evidente a importancia que representa a gastronomía en España para o turismo na actualidade[249]. Sen ir máis lonxe, no ano 2012, máis 5 millón de turistas turistas internacionais, case o 10% dos que visitaron España, declararon que a calidade da alimentación e dos viños era o motivo principal da súa elección[250]. De feito, no ano 2010, estimábanse que visitaban a España "(...) por este motivo fundamentalmente ao redor de cinco millóns e medio de persoas cada ano. Ademais, a gran maioría dos cincuenta millóns de turistas estranxeiros que en total visitaron España destacaron o atractivo da súa gastronomía cando se lles preguntou sobre os aspectos máis valorados do país"[251]. Unha realidade en alza que espertou o interese tanto da administración central[252] coma das administracións de todas as administracións autonómicas españolas polo desenvolvemento do produto turístico gastronómico. As CC.AA. que máis están a apostar por este produto turístico son Asturias, País Vasco, Aragón, Cataluña, Cantabria, Valencia, Castela-A Mancha e Galicia. Unha aposta que se manifesta no establecemento de Plans Estratéxicos de Competitividade ou Clubs de produtos específicos de turismo gastronómico[253].

[245]Véxase: RAVARA DE OLIVEIRA, S. P. (2007); op. cit. páx. 4.

[246]Véxase: HILLEL, D.; BELHASSEN, Y. e SHANI, A. (2013): "What makes a gastronomic destination attractive? Evidence from the Israeli Negev". Tourism Management, vol. 36; pp. 200-209; op. cit. páx. 202.

[247]Véxase: MILLÁN VÁZQUEZ DE LA TORRE, G. (2011): "Las empresas alimentarias nuevo motor del turismo industrial en la provincia de Córdoba. Análisis del perfil del turista". ROTUR (Revista de Ocio y Turismo), nº4; pp.89-116; op. cit. páx. 94.

[248]Véxase: TURGALICIA (2012): "Plan de enogastronomía de Galicia. Resumo executivo". Xunta de Galicia; op. cit. páx. 7.
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153270.pdf?langId=es_ES

[249] Véxase: LEAL LONDOÑO; Mª. P. (2013); op. cit. páx. 25.

[250]Véxase: DIPUTACIÓ DE LLEIDA (2013): "Pla Operatiu de Turisme de Lleida 2014"; op. cit. páx. 5.
http://www.turismedelleida.cat/plaoperatiu2014.pdf

[251]Véxase: FLAVIÁN BLANCO, C. e FANDOS HERRERA, C. (coords.) (2011): "Turismo gastronómico: Estrategias de marketing y experiencias de éxito". Prensas Universitarias de Zaragoza, Zaragoza; op. cit. páx. 12.

[252]Una muestra deste crecente interese foi a aprobación polo Consello de Ministros no 24 de xullo de 2009 do "*Plan de Promoción Internacional del Turismo Enogastronómico*". A raíz deste Plan xurdiu o *Club de Produto Gastronómico Saborea España* (Tasting Spain), unha iniciativa que contou con 9 millóns de euros para o período 2009-2012. O obxectivo principal desta iniciativa era posicionar a marca Saborea España/Tasting Spain no mercado nacional e internacional a través de experiencias e produtos gastronómicos asociados a destinos gastronómicos españois de referencia.

[253]Véxase: SÁNCHEZ MIRAVET, V. I. (2012): "La gastronomía como producto turístico en la provincia de Valencia". Tesis doctoral, Facultad de las Ciencias Jurídicas y de la Empresa, Universidad Católica San Antonio de Murcia (UCAM), Murcia.

Ademais, pola súa significación de vecindidade, non podemos deixar de mencionar a importancia que está a cobrar Portugal como destino gastronómico dentro do mercado europeo[254]. No caso de Galicia, onde a gastronomía goza dun importante recoñecemento, dende a administración veuse impulsando este sector nos últimos anos a través de diversas políticas e estratexias, e na actualidade, mediante a posta en marcha, no ano 2012, do "Plan de enogastronomía de Galicia"[255] e do Plan Director de Turismo Enogastronómico de Galicia e Norte de Portugal 2012-2014[256]. Un plan que pretende fortalecer este modelo de turismo mediante a implementación de estratexias e accións que impulsen a competitividade do produto gastronómico e o enoturismo en Galicia[257]. Un produto enogastronómico que posúe un enorme potencial tanto en Galicia como no seu litoral á vista dos seguintes datos[258]:

- ✓ Galicia conta cunha ampla variedade de produtos do mar e o primeiro produtor e consumidor español de peixe. De feito, dentro do mercado de demanda os peixes e mariscos son os produtos alimentarios máis valorados da cociña galega. Entre os cales sobresae o polbo como símbolo e carácter de marca da cociña tradicional galega. Non obstante, a variedade climática e de solos posibilitaron o desenvolvemento doutro tipo de recurosos gastronómicos a ofrecer os turistas:

[254]Véxase: RAVARA DE OLIVEIRA, S. P. (2007): "O Turismo Gastronómico e o Enoturismo como potenciadores do Desenvolvimento Regional". I International Tourism Congress, School of Tourism and Maritime Technology, Polytechnic Institute of Leiria, Peniche.
http://cassiopeia.ipleiria.pt/esel_eventos/files/3902_12_SimaoOliveira_4bf5103dd97f6.pdf

[255]Aprobado o día 3 de maio de 2012 polo Conselo da Xunta. Véxase: TURGALICIA (2012): "Plan de enogastronomía de Galicia Resumo Executivo".
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153270.pdf

[256]Este Plan encóntrase enmarcado no *Proxecto ECA-IT*, incluído no Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Norte de Portugal. Dentro deste, prevense cinco eixes de actuación: organización e implentación do plan, impulso de destinos gastronómicos, desenvolvemento de produtos gastronómicos, mercadotecnia e formación e innovaciónen o sector. Véxase: TURGALICIA/DINAMIZA Asesores (2011): "Plan Director de Turismo Enogastronómicode Galicia y Norte de Portugal". Turgalicia, Xunta de Galicia. http://www.ecait.org/sites/default/files/4_2_Enogastronomia.pdf Outro proxecto de interese é o *CANTATA 2* (*Celtic Authentic Niche Tourism in the Atlantic Area 2*). Un proxecto que realizouse entre 2010-2012 cofinanciado polo FEDER a través do Programa Operativo de Cooperación Trasnacional Espacio-Atlántico co obxectivo principal do desenvolvemento integral do medio rural galego mediante un maior aproveitamento do seu potencial local agroalimentario e turístico. Neste marco operativo desenvolveu o produto turístico innovador "Rutas agroalimentarias de Galicia", consistente en diversos itinerarios que vinculan o proceso produtivo agropecuario e industrial e da degustación da cociña local. Véxase: http://rutasagroalimentarias.xunta.es/rutas.
"DECÁLOGO DO PRODUTO TURÍSTICO "RUTAS AGROALIMENTARIAS DE GALICIA".
http://rutasagroalimentarias.xunta.es/sites/default/files/decalogo_producto_2.pdf

[257]Se ben, nós compartimos a consideración de englobar o enoturismo dentro do paragüas do termo turismo gastronómico. Non imos criticar a utilización deste termo por Turgalica. En calquera caso, apuntar que as semellanzas no perfil do turista que practica enoturismo e turismo gastronómico, levan a determinados estudosos, entre os que nos incluímos, a defender a indisociabilidade dos dous produtos, algo que de feito é doado de observación nos diferentes destinos gastronómicos. De feito, ao observarse atentamente as prácticas desta demanda, constátase que un "(…) turista gastronómico (…) ao facer unha comida vai moitas veces acompañar a mesma con viño e, estando nunha rexión vitivinícola, complementará a súa visita cunha ida a unha adega cooperativa ou a unha unidade semellante. No caso do enoturista, aínda que sexa a degustación de viño e toda a experiencia envolvente que o leve a viaxar, por certo complementará a súa degustación con gastronomía local, na maioría das veces aquela máis típica, máis auténtica". Véxase: RAVARA DE OLIVEIRA, S. P. (2007); op. cit. páx. 5. Polo tanto, ao longo deste breve comentario imos manexar os dous termos: gastronómico e enogastronómico, aínda que como sinalamos somos partidarios do primeiro.

[258]Véxase: http://www.turgalicia.es/canle-profesional/plans-e-proxectos/plan-de-enogastronomia-de-galicia

viños e augardentes, carnes, verduras e hortalizas, legumes, produtos do bosque...[259].

- ✓ A gastronomía galega conta con 5 Denominacións de Orixe (Monterrei, Valdeorras, Ribeira Sacra, Ribeiro e Rías Baixas) e tres indicacións xeográficas vitivinícolas protexidas (Figura nº4.2.4.6.1). Das cales, a D. O. Rías Baixas[260] e os Viños da Terra: Barbanza e Iria[261] e Betanzos[262] abranguen munipios do litoral galego. Tamén cabe resaltar a existencia doutros produtos agroalimentarios galegos englobados baixo as figuras protección de orde europea anteriores. En calquera caso, estamos ante uns produtos gastronómicos cuxa singularidade se debe aos factores de produción propios do medio xeográfico galego no que se producen, transforman ou elaboran (Figura nº4.2.4.6.2).

[259]Véxase: TURGALICIA/DINAMIZA Asesores (2011): "Plan Director de Turismo Enogastronómicode Galicia y Norte de Portugal". Turgalicia, Xunta de Galicia; op. cit. páx. 26. http://www.ecait.org/sites/default/files/4_2_Enogastronomia.pdf

[260]A historia da *Denominación de Orixe Rías Baixas* comeza en 1980 cando se recolle na B.O.E. do 11 de outubro a Denominación Específica Albariño. Catro anos máis tarde, o 30 de abril, apróbase o Regulamento da Denominación Específica Albariño e do seu Consello Regulador. Debido ás necesidades de adaptar a lexislación española á comunitaria, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, nunha Orde do 17 de marzo de 1988, recoñece a Denominación de Orixe Rías Baixas, e o 4 de xullo publica a Orde que aproba o Regulamento da Denominación de Orixe e do seu Consello Regulador, ratificado nunha Orde Ministerial do 28 de xullo dese mesmo ano. Posteriormente, este regulamente foi actualizado no ano 2009. Véxase: "Orde de 21 de xullo de 2009 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe Rías Baixas e do seu consello regulador". DOG nº147, de 29/7/2009; pp. 12.780- 12.794. http://doriasbaixas.com/public/ficheros/consejoregulador/NUEVO%20REGLAMENTO%20RIAS%20BAIXAS%20%2029-07-09.CASTELLANO.pdf "ORDEN de 1 de febrero de 2012 por la que se modifica el Reglamento de la denominación de origen Rías Baixas y de su Consejo Regulador". DOG nº31, de 14/2/2012; páxs. 5822e 5823. http://doriasbaixas.com/public/ficheros/consejoregulador/ReglamentoDORIasBaixasModificaciDOG20120214.pdf O ámbito xeográfico da Denominación de Orixe Rías Baixas abarca 33 concellos distribuídos ao longo de cinco subzonas de produción e que se encontran nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

[261] Véxase: "Orde do 11 de decembro de 2006 pola que se recoñece a indicación xeográfica Viño da Terra de Barbanza e Iria e se establecen as normas da súa utilización nos viños de mesa producidos na área xeográfica delimitada". DOG nº241, de 18/12/2006; pp. 18.328- 18.330. http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/alimentacion/produtos_calidade/barbanza_iria.pdf

"Orde do 28 de abril de 2008 pola que se modifica a do 11 de decembro de 2006 pola que se recoñece a indicación xeográfica Viño da Terra de Barbanza e Iria e se establecen as normas da súa utilización nos viños de mesa producidos na área xeográfica delimitada". DOG nº89, de 9/5/2008; pp. 8.355- 8.362. http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/alimentacion/produtos_calidade/o_280408_barbanza_iria.pdf

[262]Véxase: "Orde do 8 de novembro de 2000 sobre as condicións que deben cumprir para acollerse á denominación Viño da Terra de Betanzos os caldos elaborados nesa comarca vitivinícola". DOG nº224, de 20/11/2000; pp. 15.460- 15.463 .http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/alimentacion/produtos_calidade/betanzos.pdf

"Orde do 21 de decembro de 2006 pola que se modifica a Orde do 8 de novembro de 2000, sobre as condicións que deben cumprir para acollerse á denominación Viño da Terra de Betanzos os caldos elaborados nesa comarca vitivinícola". DOG nº2, de 3/1/2007; páx. 85. http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/alimentacion/produtos_calidade/betanzos_2007_ampliacion.pdf "Orde do 28 de abril de 2008 pola que se modifica a do 8 de novembro de 2000 sobre as condicións que deben cumprir para acollerse á denominación Viño da Terra de Betanzos os viños elaborados nesa comarca vitivinícola". DOG nº89, de 9/5/2008; pp. 8.340- 8.347. http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/alimentacion/produtos_calidade/o_280408_betanzos.pdf

Figura nº4.2.4.6.1.- Denominacións de Orixe e Viños da Terra en Galicia.

Denominación de Orixe (D.O.P.)	Provincia	Ruta do viño[1]	Viños da Terra (I.X.P.)
D.O. Monterrei	Ourense	Non certificada	Viño da Terra de Barbanza e Iria
D.O. Ribeiro	Ourense	Certificada	Viño da Terra Val do Miño-Ourense
D.O. Rías Baixas	Pontevedra e Coruña	Certificada	Viño da Terra de Betanzos
D.O. Ribeira Sacra	Ourense e Lugo	Non certificada	
D.O. Valdeorras	Ourense	Non certificada	

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia.
[1]Ruta do Viño certificada pola Asociación Española de Cidades do Viño (ACEVIN),

Figura nº4.2.4.6.2.- Denominacións de Orixe Portexidas (DOP) e Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) galegas ao marxe do viño.

Categoría	DOP	IXP
Carne fresca		Tenreira galega
Produtos cárnicos		Lacón Galego
		Chourizo Galego
		Xamón Galego
		Botelo Galego
		Androlla Galega
Queixos	Arzúa–Ulloa	
	San Simón da Costa	
	Cebreiro	
	Tetilla	
Froitas, hortalizas e cereais	Pemento de Herbón	Castaña de Galicia
		Faba de Lourenzá
		Grelos de Galicia
		Pataca de Galicia
		Pemento da Arnoia
		Pemento de Oímbra
		Pemento do Couto
Peixes e marisco	Mexillón de Galicia	
Produtos de panadaría, Pastelaría e repostaría		Pan de Cea
		Tarta de Santiago
Bebidas espirituosas		Augardente de Galicia
		Augardente de Herbas de Galicia
		Licor Café de Galicia
		Licor de Herbas de Galicia

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia.

- ✓ Galicia conta cun tecido importante de insdustrias relacionadas coa gastronomía. No ano 2011, había rexistradas un total de 841 industrias agroalimentarias que

abranguían diversos sectores (viños, augardente e licores, queixos, carnes...)[263]. Dentro das 5 Rutas do Viño galegas sumábanse un total de 90 adegas visitables[264]. Ademáis, había un total: de 91 empresas de destilarías rexistradas no Conselo Regulador de Augardentes e Licores tradicionais de Galicia[265]; de 75 empresas dedicadas á conserva de peixes e mariscos[266]; 70 industrias de produción de queixos e 13 delas son visitables[267]; así como, identificáronse un total de 28 espazos de divulgación da cultura enogastronómica[268]. Por outra parte, no ano 2014, 11 adegas estaban certificadas coa Q de Calidade Turística, das cales 6 se localizaban en municipios do litoral galego[269].

- ✓ En Galicia, no ano 2014, segundo o *Directorio de Empresas e Actividades Turísticas (REAT)* elaborado pola Xunta de Galicia, había un total de 5.371 establecementos de restauración, distribuídos a nivel provincial do seguinte xeito: 2.122 establecementos na Coruña (39,51% do total), 886 en Lugo (16,50% do total), 502 en Ourense (9,35% do total) e 1861 en Pontevedra (34,65% do total) (Figura nº4.2.4.6.3). No conxunto do litoral galego localizábanse 2.913 establecementos, o que supón o 54,24% do total do conxunto da oferta galega. O espazo litoral con maior concentración de oferta é o Golfo Ártabro con 801 locais e o 14,91% do total da oferta do territorio galego. Os municipios con maior volume de oferta de restaurantes dentro de Galicia son os municipios urbanos litoraiss de A Coruña (353 establecementos, o 6,57% do total oferta galega) e Vigo (529 establecementos, o 9,85% do total oferta galega). É de destacar tamén o importante peso alcanzado por este tipo de oferta nos muncipios de Sanxenxo (111 establecementos, o 2,07% do total oferta galega) e O Grove (84 establecementos, o 1,56% do total oferta galega) (Figura nº4.2.4.6.4). Dous municpios da Ría de Pontevedra cun marcado desenvolvemento turístico centrado esencialmente no produto sol e praia. En canto á distribución dos restaurantes por categorías en Galicia como no litoral galego podemos destacar (Figura nº4.2.4.6.5): A escasa oferta de restaurantes da categoría de "Luxo" pois tan só existen dous establecementos rexistrados en Galicia, dos cales ningún se localiza no litoral. A gran maioría da oferta tanto en Galicia como non conxunto do litoral galego concéntrase na 4ª categoría (81,10% e 80,64% da oferta, respectivamente), correspondente aos restaurantes

[263]"Das cales o 60% eran adegas, seguidas polas que producen augardentes e licores cun 13%. O 9% son industrias cárnicas e o 7% producen queixos. Atendendo á estruturación por provincias, en Pontevedra había 332 industrias, en Ourense 252, en Lugo 183 e na Coruña sumaban 74 industrias agroalimentarias. Véxase: TURGALICIA/DINAMIZA Asesores (2011): "Plan Director de Turismo Enogastronómicode Galicia y Norte de Portugal". Turgalicia, Xunta de Galicia; op. cit. páxs. 62 e 63.
http://www.ecait.org/sites/default/files/4_2_Enogastronomia.pdf

[264]Unha oferta que estaba distribuída da seguinte forma: 39 na Ruta do viño Rías Baixas, 16 na Ruta do viño Ribeiro, 13 na Ruta do viño Monterrei, 12 na Ruta do viño de Valdeorras e 10 na Ruta do viño Ribeira Sacra. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 65.

[265]Ibídem; op. cit. páx. 65.

[266]Agora ben, a actividade turística sistematizada en forma de visitas a estas empresas no ano 2011 era practicamente inexistente. Tan só, a fábrica de *Conservas Cuca* de Vilaxoán (Vilagarcía-Pontevedra) ofrecía nesas datas programas de visitas guiadas ao turista co obxecto de ver directamente o proceso de eleboración das conservas de produtos do mar. Ibídem; op. cit. páx. 71.

[267]Véxase: PARDO LÓPEZ, Mª. C. (2011):"La enogastronomía como recurso turístico de Galicia". IV Evento Interregional WineTech, FEUGA, Santiago de Compostela; op. cit. páx. 4. http://www.winetech-sudoe.eu/files/CarmenPardo.pdf

[268]Ibídem; op. cit. páx. 5.

[269]Véxase: : TURISMO DE GALICIA (2014): "Establecementos de Calidade Turística. Galicia 2014": Turismo de Galicia, Xunta de Galicia.
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153387.pdf?langId=es_ES

de 1 garfo. Tanto no conxunto galego coma no seu litoral, séguenlle por cantidade os restaurantes de 3º categoría (2 garfos) e 2º categoría (3 garfos). Dentro da oferta de 1ª categoría (4 garfos) tan só están rexistrados 6 restaurantes en Galicia, dos cales 5 se localizan no litoral.Todos eles localizados no Golfo Ártabro, en concreto 3 no territorio municipal de A Coruña. Polo tanto, podemos concluír esta análise do sector por categorías, destancando o escaso peso dos restaurantes de alta gama e a necesidade de implementar dende as diferentes OMDs accións que favorezan a mellora da calidade do servizo no sector da restauración. No referente á oferta de restauración ligada a selos de calidade tanto en Galicia coma no conxunto do seu litoral, no ano 2014 había 11 restaurantes con Estrela Michelín, 10 dos mesmos localizados en municipios do litoral galego[270], e 24 distinguidos con Soles Repsol[271] (Figura nº4.2.4.6.6). En Galicia, ademais, nas mesmas datas, existían 52 restaurantes coa Q de Calidade Turística, dos cales 29 localízanse en municipios do litorlal galego[272].

Figura nº4.2.4.6.3.- Distribución da oferta de restauración por categorías en Galicia, a nivel provincial e no conxunto do litoral galego. Unidade: número de establecementos. Ano 2014[1].

	Luxo	4 garfos	3 garfos	2 garfos	1 garfo	Total	% sobre total Galicia
A Coruña	1	6	12	472	1.631	2.122	**39,51**
Lugo	0	0	4	167	715	886	**16,50**
Ourense	1	0	4	91	406	502	**9,35**
Pontevedra	0	0	6	251	1.604	1.861	**34,65**
GALICIA	2	6	26	981	4.356	5.371	**100**
LITORAL GALEGO	**0**	**5**	**13**	**546**	**2.349**	**2.913**	**54,24%**

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas (REAT), Xunta de Galicia.
[1]Datos referidos ao 31 de decembro de 2013.

[270]Na edición 2014 da *Guía Michelín* os restaurantes galegos premiados co galardón de estrela Michelín son: Alborada e Árbore da Veira (A Coruña), A Estación (Cambre), As Garzas (Malpica), O Retiro da Costiña (Santa Comba), Yayo Daporta (Cambados), Casa Solla e Pepe Vieira (Poio), Silabario (Tui), Culler de Pau (O Grove) e Maruja Limón (Vigo). Por provincias, a repartición dos restaurantes galegos con estrelas Michelin é o seguinte: cinco en A Coruña e seis en Pontevedra. Véxase: TURISMO DE GALICIA (2014): "Las estrellas Michelin en Galicia 2014". Turismo de Galicia, Xunta de Galicia. http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtu3/~edisp/turga157629.pdf?langId=es_ES

[271]Estes vinte e catro restaurantes repártense un total de 29 soles. Hai cinco restaurantes con dous soles: Galileo en Pereiro de Aguiar (Ourense), Culler de Pau e D'Berto en O Grove (Pontevedra), Pepe Viera-Camiño de Serpe e Solla en Poio (Pontevedra), e dezanove con un sol: Nito en Viveiro (Lugo); El Refugio en Oleiros (A Coruña); Alborada, A Pulpeira de Melide e Pablo Gallego en A Coruña (A Coruña); As Garzas en Malpica de Bergantiños (A Coruña); Fogón Retiro da Costiña en Santa Comba (A Coruña); Acio, Ana, Casa Marcelo e Dos Reis en Santiago de Compostela (A Coruña); Casa Bóveda en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra); Yayo Daporta en Cambados (Pomtevedra); La Taberna de Rotilio en Sanxenxo (Pontevedra); Maruja Limón e Toñi Vicente en Vigo (Pontevedra); Silabario (Tui); A Taberna (Ourense); e España (Lugo). Por provincias, a repartición dos restaurantes galegos con Soles Repsol é o seguinte: dez na Coruña e en Pontevedra e, dous en Lugo e Ourense. Véxase: TURISMO DE GALICIA (2014): "Guía Soles de Repsol en Galicia 2014". Turismo de Galicia, Xunta de Galicia. http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtu3/~edisp/turga157629.pdf?langId=es_ES

[272]Por provincias, a repartición dos restaurantes galegos coa "Q de calidade" é a seguinte: 25 na Coruña, 12 Pontevedra, 9 en Lugo e 6 en Ourense. Véxase: TURISMO DE GALICIA (2014): "Establecementos de Calidade Turística. Galicia 2014": Turismo de Galicia, Xunta de Galicia. http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153387.pdf?langId=es_ES

Figura nº4.2.4.6.5.- Distribución da oferta de restauración por categorías nos espazos turísticos e municipios do litoral galego. Unidade: número de establecementos. Ano 2014[1].

	Luxo	4 garfos	3 garfos	2 garfos	1 garfo	Total	% sobre total litoral	% sobre total Galicia
Trabada	0	0	0	0	1	1	0,03%	0,02%
Ribadeo	0	0	0	15	29	44	1,51%	0,82%
Barreiros	0	0	0	0	18	18	0,62%	0,34%
Foz	0	0	0	9	29	38	1,30%	0,71%
Burela	0	0	0	6	20	26	0,89%	0,48%
Cervo	0	0	0	3	5	8	0,27%	0,15%
Xove	0	0	0	0	10	10	0,34%	0,19%
Viveiro	0	0	0	14	27	41	1,41%	0,76%
O Vicedo	0	0	0	1	2	3	0,10%	0,06%
A Mariña Lucense	**0**	**0**	**0**	**48**	**141**	**189**	**6,49%**	**3,52%**
Mañón	0	0	0	0	9	9	0,31%	0,17%
Ortigueira	0	0	0	8	10	18	0,62%	0,34%
Cariño	0	0	0	0	5	5	0,17%	0,09%
Cedeira	0	0	1	6	10	17	0,58%	0,32%
Valdoviño	0	0	0	5	10	15	0,51%	0,28%
Ortegal	**0**	**0**	**1**	**19**	**44**	**64**	**2,20%**	**1,19%**
Narón	0	0	0	13	24	37	1,27%	0,69%
Ferrol	0	1	0	12	44	57	1,96%	1,06%
Neda	0	0	0	1	2	3	0,10%	0,06%
Fene	0	0	0	3	7	10	0,34%	0,19%
Mugardos	0	1	0	1	6	8	0,27%	0,15%
Ares	0	0	0	0	8	8	0,27%	0,15%
Cabanas	0	0	0	3	10	13	0,45%	0,24%
Pontedeume	0	0	0	5	11	16	0,55%	0,30%
Miño	0	0	1	1	15	17	0,58%	0,32%
Paderne	0	0	0	0	1	1	0,03%	0,02%
Betanzos	0	0	0	5	19	24	0,82%	0,45%
Bergondo	0	0	0	4	16	20	0,69%	0,37%
Sada	0	0	0	13	18	31	1,06%	0,58%
Oleiros	0	0	1	23	50	74	2,54%	1,38%
Cambre	0	0	0	3	16	19	0,65%	0,35%
Culleredo	0	0	1	12	26	39	1,34%	0,73%
A Coruña	0	3	2	89	259	353	12,12%	6,57%
Arteixo	0	0	1	9	44	54	1,85%	1,01%
A Laracha	0	0	0	5	12	17	0,58%	0,32%
Golfo Ártabro	**0**	**5**	**6**	**202**	**588**	**801**	**27,50%**	**14,91%**
Carballo	0	0	0	7	45	52	1,79%	0,97%
Malpica	0	0	0	7	12	19	0,65%	0,35%
Ponteceso	0	0	0	2	6	8	0,27%	0,15%
Cabana de Bergantiños	0	0	0	1	9	10	0,34%	0,19%
Laxe	0	0	0	1	9	10	0,34%	0,19%
Vimianzo	0	0	0	2	16	18	0,62%	0,34%
Camariñas	0	0	0	0	17	17	0,58%	0,32%
Muxía	0	0	0	1	17	18	0,62%	0,34%
Cee	0	0	0	4	13	17	0,58%	0,32%
Fisterra	0	0	0	5	20	25	0,86%	0,47%
Corcubión	0	0	0	3	5	8	0,27%	0,15%
Dumbría	0	0	0	0	1	1	0,03%	0,02%
Carnota	0	0	0	1	10	11	0,38%	0,20%
Costa da Morte	**0**	**0**	**0**	**34**	**180**	**214**	**7,35%**	**3,98%**
Muros	0	0	1	7	21	29	1,00%	0,54%
Outes	0	0	0	3	10	13	0,45%	0,24%
Noia	0	0	0	4	22	26	0,89%	0,48%

Porto do Son	0	0	0	4	25	29	1,00%	0,54%
Ría de Muros-Noia	**0**	**0**	**1**	**18**	**78**	**97**	**3,33%**	**1,81%**
Ribeira	0	0	1	10	32	43	1,48%	0,80%
A Pobra do Caramiñal	0	0	1	6	13	20	0,69%	0,37%
Boiro	0	0	0	3	17	20	0,69%	0,37%
Rianxo	0	0	0	2	13	15	0,51%	0,28%
Catoira	0	0	0	0	7	7	0,24%	0,13%
Vilagarcía de Arousa	0	0	1	9	44	54	1,85%	1,01%
Vilanova de Arousa	0	0	0	0	19	19	0,65%	0,35%
A Illa de Arousa	0	0	0	1	9	10	0,34%	0,19%
Cambados	0	0	0	5	21	26	0,89%	0,48%
Meaño	0	0	0	0	16	16	0,55%	0,30%
Ría de Arousa	**0**	**0**	**3**	**36**	**191**	**230**	**7,90%**	**4,28%**
Sanxenxo	0	0	0	12	99	111	3,81%	2,07%
O Grove	0	0	0	18	66	84	2,88%	1,56%
Poio	0	0	0	5	42	47	1,61%	0,88%
Pontevedra	0	0	0	19	111	130	4,46%	2,42%
Marín	0	0	1	3	19	23	0,79%	0,43%
Bueu	0	0	0	1	23	24	0,82%	0,45%
Ría de Pontevedra	**0**	**0**	**1**	**58**	**360**	**419**	**14,38%**	**7,80%**
Cangas	0	0	0	4	45	49	1,68%	0,91%
Moaña	0	0	0	2	15	17	0,58%	0,32%
Vilaboa	0	0	0	2	8	10	0,34%	0,19%
Soutomaior	0	0	0	4	21	25	0,86%	0,47%
Redondela	0	0	0	5	38	43	1,48%	0,80%
Vigo	0	0	1	65	463	529	18,16%	9,85%
Nigrán	0	0	0	12	45	57	1,96%	1,06%
Baiona	0	0	0	10	38	48	1,65%	0,89%
Ría de Vigo	**0**	**0**	**1**	**104**	**673**	**778**	**26,71%**	**14,49%**
Oia	0	0	0	6	9	15	0,51%	0,28%
O Rosal	0	0	0	3	6	9	0,31%	0,17%
A Guarda	0	0	0	7	39	46	1,58%	0,86%
Tomiño	0	0	0	2	12	14	0,48%	0,26%
Tui	0	0	0	9	28	37	1,27%	0,69%
Baixo Miño	**0**	**0**	**0**	**27**	**94**	**121**	**4,15%**	**2,25%**
LITORAL GALEGO	**0**	**5**	**13**	**546**	**2.349**	**2.913**	**100%**	**54,24%**

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas (REAT), Xunta de Galicia.
[1]Datos referidos ao 31 de decembro de 2013.

- ✓ Contabilízanse máis de 300 festas gastronómicas, algunhas das mesmas catalogadas como Festas de Interés Turístico Nacional, que impulsan o sector turístico e promocionan os produtos con indicación de calidade (Figura nº4.2.4.6.7). Unha gran cantidade e variedade de festas nas que se exaltan os produtos típicos de cada territorio e que presentan un elevado potencial de utilización en valor da marca na promoción de diversos produtos alimentarios[273]. A orixe destas festas sitúase en celebracións locais ou comarcais nas que se conmemoran tradicións do lugar ou se celebran colleitas ou festas relixiosas, como as romaxes, nas que o cumprimento da promesa ao santo se completaba cunha comida tradicional. Non obstante, algunhas destas exaltacións

[273]Véxase: CLUSAGA/USC (2013). "Plan de Marketing Territorial como estratexia de desenvolvemento do sector alimentario de Galicia. Resumo executivo". CLUSAGA (Clúster Alimentario de Galicia); op. cit. páx. 27. Véxase: http://www.clusteralimentariodegalicia.org

gastronómicas naceron xa con marcadas intencións turísticas (Festa do Marisco de O Grove, Festa do Viño Albariño de Cambados,...). Unhas festas que constitúen a proba palpable da gran tradición culinaria galega fundamentada nun materia prima de alta calidade, apreciada dentro e fóra de España[274].

Figura nº4.2.4.6.7.- Principais festas gastronómicas galegas.

Produto	**Localidade/Municipio**	**Provincia**	**Data de celebración**
Arroz con leite	Ferrol	A Coruña	7 de xaneiro
Calos	Vilanova de Arousa	Pontevedra	15 de xaneiro
Botelo	O Barco de Valdeorras	Ourense	26 de xaneiro
Chourizo	Vila de Cruces	Pontevedra	4 febreiro
Cocido Galego	Lalín	Pontevedra	Domin. anterior Entroido
Butelo	A Fonsagrada	Lugo	Domin. anterior Entroido
Androlla	Navia de Suarna	Lugo	Domingo Entroido
Cabrito	Vilariño de Conso	Ourense	Domingo Entroido
Androlla ou Botelo	Viana do Bolo	Ourense	Domingo Entroido
Grelo	As Pontes	A Coruña	Domingo Entroido
Queixo galego de tetilla	Antas de Ulla	Lugo	Febreiro (variable)
Queixo galego de tetilla	Arzúa	A Coruña	1.º domingo marzo
Filloa	Lestedo (Boqueixón)	A Coruña	Domingo Piñata
Queixo galego de tetilla	Friol	Lugo	3.º domingo marzo
Orella de Porco	Sales (Vedra)	A Coruña	Marzo (variable)
Caldo galego	Mourente (Pontevedra)	Pontevedra	Último domingo marzo
Viño	O Rosal	Pontevedra	Semana Santa
Rosquilla	Abades (Silleda)	Pontevedra	Domingo de Pascua
Lamprea	Pontecesures	Pontevedra	Véspera de San Lázaro
Augardente do Ulla	Ribadulla	A Coruña	Marzo-maio (variable)
Viño Ribeira Sacra	Chantada e Quiroga	Lugo	Marzo-abril (variable)
Viño do Ulla	Sarandón (Vedra)	A Coruña	Abril (variable)
Ostras	Arcade (Soutomaior)	Pontevedra	Domingo Pascua
Lamprea	Arbo	Pontevedra	Abril (variable)
Empanada de lamprea	Padrón	A Coruña	Sábado Santo
Produto	Localidade	Provincia	Data
Augardente	Portomarín	Lugo	Domingo Pascua
Angula	Tui	Pontevedra	Domingo Pascua
Champiñón	Ordes	A Coruña	Último sábado abril
Viño do Ribeiro	Ribadavia	Ourense	Finais abril/principios maio
Filloa	Muimenta (Cospeito)	Lugo	1 de maio
Troita	A Pontenova	Lugo	1 de maio
Choco	Redondela	Pontevedra	2.º domingo maio
Salmón	A Estrada	Pontevedra	3.º domingo maio
Melindres	Melide	A Coruña	3.º domingo maio
Galo de curral	Vila de Cruces	Pontevedra	Último domingo maio
Troita	Pontecaldelas	Pontevedra	Último domingo maio
Veu tinto de O Salnés	Barrantes (Ribadumia)	Pontevedra	1.ª fin de semana xuño
Cereixa	Beade (Vigo)	Pontevedra	2.ª fin de semana xuño
Roscón de Xema	A Garda	Pontevedra	Último sábado de xuño
Lagosta	A Garda	Pontevedra	Último domingo de xuño
Percebe de Roncudo	Corme (Ponteceso)	A Coruña	1.º sábado de xullo
Rosquilla	Gondomar	Pontevedra	1.º domingo de xullo
Pan de Cea	Cea	Ourense	Día San Benito (11 xullo)
Calos	Mosteiro (Meis)	Pontevedra	Dom. máis próx. ao 11 xullo
Ameixa	Carril (Vilagarcía)	Pontevedra	Dom. anter. ao 16 de xullo
Sardiña	Cortegada (Silleda)	Pontevedra	16 de xullo
Xouba (sardiña pequena)	Rianxo	Pontevedra	25 de xullo

[274]Véxase: PADÍN FABEIRO, C. (2009): "Las fiestas gastronómicas en Galicia", en PARDELLAS DE BLAS, X. X. (dir.): "Turismo gastronómico: recursos e itinerarios". Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, Vigo; pp. 135-150.

Churrasco	Coveo	Pontevedra	25 de xullo
Año ao espeto	Moraña	Pontevedra	Último domingo de xullo
Tortilla	Laro (Silleda)	Pontevedra	1.º venres de agosto
Pemento de Herbón	Padrón	A Coruña	1.º sábado de agosto
Viño Albariño	Cambados	Pontevedra	1.º domingo de agosto
Navalla	Fisterra	A Coruña	1.º domingo de agosto
Mexillón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	1º domingo de agosto
Pemento	Arnoia	Ourense	1.º fin de semana agosto
Polbo	O Carballiño	Ourense	2.º domingo de agosto
Viño de Valdeorras	A Rúa	Ourense	2.ª quincena
Xamón	A Cañiza	Pontevedra	15 de agosto
Empanada	Allariz	Ourense	3.º domingo de agosto
Augardente do Condado	Sela (Arbo)	Pontevedra	3.º domingo de agosto
Ameixa	Campelo (Poio)	Pontevedra	3.º domingo de agosto
Empanada	Bandeira (Silleda)	Pontevedra	3.º sábado de agosto
Queimada (A Maruxaina)	Cervo	Lugo	Sáb. desp. do 16/agosto
Sardiña	Sada	A Coruña	18 de agosto
Leitón á brasa	Amil (Moraña)	Pontevedra	Último domingo agosto
Pan de millo	Cabral (Vigo)	Pontevedra	Último domingo agosto
Requeixo	A Capela	A Coruña	Último domingo agosto
Empanada	Noia	A Coruña	Último domingo agosto
Veu de O Condado	Salvaterra	Pontevedra	Último domingo agosto
Pataca	Coristanco	A Coruña	3.º domingo setembro
Anguía	Valla	Pontevedra	Últ. domingo setembro
Pataca	Vilar de Barrio	Ourense	2.ª fin semana outubro
Marisco	O Grove	Pontevedra	2.ª semana de outubro
Faba	Lourenzá	Lugo	Dom. anter. a 9 outubro
Vieira	Bueu	Pontevedra	Último domingo outubro
Cogomelos e Champiñóns	Ás Pontes	A Coruña	1.º novembro
Castañas asadas	Ourense	Ourense	11 novembro
Carne richada	Forcarei	Pontevedra	1.º fin semana decembro
Lombo de porco	Petín	Ourense	Ponte Constitución
Marisco	Mañón	A Coruña	Ponte Constitución
Carne ao caldeiro	Agolada	Pontevedra	Segundo domingo decembro
Churrasco	Silleda	Pontevedra	13 de decembro
Capón	Vilalba	Lugo	21 de decembro
Capón	Arzúa	A Coruña	22 de decembro
Empanada de costelas	A Rúa	Ourense	Sábado seguinte a Nadal

Fonte: Turgalicia, Xunta de Galicia[275].

- ✓ A gastronomía é a segunda motivación despois da natureza que fai que os turistas elixan a nosa comunidade como destino[276]. Así se recolle nunha enquisa incluída no Plan de Enogastronomía, realizada pola Secretaría Xeral de Turismo[277]. Outro estudo neste caso realizado no ano 2010 pola consultora DINAMIZA Asesores a nivel de España[278] permítenos achegar outros aspectos

[275]Véxase: http://www.turgalicia.es/blog/gastronomia/las-fiestas-gastronomicas/?lang=es

[276] Véxase: TURGALICIA (2012): "Plan de enogastronomía de Galicia. Resumo executivo". Xunta de Galicia; op. cit. páx. 59.
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153270.pdf?langId=es_ES

[277] Véxase: PARDO LÓPEZ, Mª. C. (2011); op. cit. páx. 7.

[278]O principal obxectivo deste estudo foi coñecer o perfil, as motivacións e os aspectos máis valorados dos turistas que viaxan con motivos enogastronómicos no territorio español e dos turistas aos que lles inflúe bastante ou moito a gastronomía á hora de elixir o seu destino. Un estudo realizado por encarga da AEI Euskadi Turismo, Rutas del Vino y Brandy del Marco de Jerez, Cluster Turístico de Extremadura, Acentur, e Federació d'Empreses Innovadores Turistiques da provincia de Castelló no marco do proxecto de "Creación del Club de Producto Gourmet Experience" con financiamento de SEGITTUR (Sociedad Estatal para la Gestión de la Innovación y las Tecnologías Turísticas, S.A.), sociedade dependente do

significativos respecto a este perfil da demanda de turismo enogastronómico. Entre os cales, cabe destacar que: tres de cada catro dos entrevistados (76%) recomendarían aos seus familiares, amigos e coñecidos as súas experiencias culinarias, mentres que o 13% o fai a través das redes sociais; existe máis de 10,1 millóns de españois potenciais turistas enogastronómicos; máis da metade da poboación española (53,95%) afirma que a gastronomía e o viño inflúenlles á hora de escoller destino nas súas viaxes; as estanzas medias adoitan ser de 4,68 días e o gasto diario por persoa duns 163 euros (aloxamento + restauración) e a tradición e a utilización de materia prima de calidade están entre os factores máis valorados polos turistas enogastronómicos.

Unha oferta gastronómica galega que poden constituír o principal reclamo motivacional cara un sector especifico de demanda[279]. Agora ben, o carácter transversal da gastronomía como produto turístico[280] facilita que complemente a oferta doutros produtos como o turismo de incentivos e congresos, sol e praia, golf, de saúde, relixioso ou idiomático, de natureza, ... (Figura nº4.2.4.6.8). De feito, da combinación da gastronomía con outros produtos turísticos xurdiron iniciativas exitosas como o Bono Iacobus[281] que marida gastronomía e o Camiño de Santiago, ou Outono Gastronómico[282], que combina esta oferta coa de turismo rural.

Figura nº4.2.4.6.8.- Complementariedade de produto turístico enogastronómico cos principais produtos da oferta turística do litoral galego.

Produto	Importancia	Oferta/ produtos de interese
Sol e praia	ALTA	Compras, catas, actividades lúdicas...
Natureza/Activo	MEDIA	Restauración propia do medio rural, visitas a empresas produtoras...
Náutico	ALTA	Restauración en instalacións náuticas, chárter náutico con degustación a bordo, eventos de empresa..
Cruceiros	ALTA	Excursións por rutas vitícolas, restauración/tapeo en cidades portuarias, compras de produtos "*gourmet*", ...
Mariñeiro	MOI ALTA	Vistas a lonxas, bateas, piscifactorías...; degustación a bordo de embarcacións pesqueiras; rutas de marisqueo a pé,..
Camiño de Santiago	MEDIA	*Bono Iacobus*, restauración, eventos gastronómicos, ...

Ministerio de Industria, Energía y Turismo. Véxase: http://dinamizaasesores.es/enoturismo/primer-estudio-sobre-la-demanda-de-turismo-enogastronomico-en-espana

[279]Véxase: LÓPEZ-GUZMÁN GUZMÁN, T. J. e SÁNCHEZ CAÑIZARES, S. Mª. (2008): "La creación de productos turísticos utilizando rutas enológicas". vol. 6, nº2; pp. 159-171; op. cit. páx. 160.

[280]Véxase: TURGALICIA (2012): "Plan de enogastronomía de Galicia. Resumo executivo". Xunta de Galicia; op. cit. páx. 37.
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153270.pdf?langId=es_ES

[281]" O *Bono Iacobus* é un servizo turístico deseñado especificamente para o Camiño de Santiago. Permite percorrer por etapas as distintas vías históricas que dende hai séculos conducen a Santiago de Compostela, aloxándose cada día nunha casa de turismo rural diferente. O prezo inclúe o aloxamento, as ceas, os almorzos e os traslados en coche desde os establecementos rurais ata o inicio e final de cada etapa.Tamén é posible contratar como servizos opcionais o picnic para o xantar do día, o traslado da equipaxe e o aloxamento en Santiago de Compostela". Véxase: http://www.turgalicia.es/portada-do-bono-iacobus

[282]No ano 2012, celebrouse o 6º Outono Gastronómico, patrocinado por Turgalicia, no cal participaron máis de 130 casas de Turismo Rural de Galicia. Unha experiencia que permite degustar un menú e pasar a noite nunha casa de turismo rural a un prezo moi atractivo. Na edición do ano 2011, participaron máis de 8 mil persoas e vendéronse máis de 9 mil menús. Véxase: PARDO LÓPEZ, Mª. C. (2011); op. cit. páx. 19.

Saúde	MEDIA	Restauración, eventos, degustacións e catas, actividades lúdicas, dieta atlántica...
Rural	MOI ALTA	*Outono Gastronómico,* restauración, etnografía, festas gastronómicas, produtos ecolóxicos...
Golf	ALTA	Paseos gastronómicos, compras gastronómicas, restaurantes alta cociña...
Urbano/Cultural	MOI ALTA	Restauración, degustación, talleres, incentivos, visitas a empresas produtoras, ...
MICE	MOI ALTA	Restauración, degustación, talleres, incentivos, visitas a empresas produtoras...
Relixioso	MEDIA	Restauración, eventos/romaxes gastronómicas,...
Idiomático	MEDIA	Restauración, eventos gastronómicos, compras gastronómicas...

Fonte: Elaboración propia a partir de TURGALICIA (2012): "Plan de enogastronomía de Galicia Resumo Executivo".
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153270.pdf

Entre os diferentes produtos turísticos gastronómicos existenes dentro da oferta actual do litoral galego imos destacar pola súa relevancia: as festas e feiras gastronómicas, e as rutas do viño. En canto ás primeiras, as festas e feiras constitúen eventos de divulgación gastronómica de primeira orde distribuídos ao longo de todo o ano e de gran raizame no territorio galego[283]. Entre as que sobresaen a Festa do Viño Albariño en Cambados (1.º domingo de agosto)[284] e a Festa do Marisco de O Grove (2.ª semana de outubro). En ambos os dous casos, son dúas festividades creadas con clara vocación turísitica. De especial interese o a Festa do Marisco do Grove[285], declarada o 25 de marzo de 2013 Festa de Interese Turístico Nacional[286], polo seu carácter desestacionalizador[287] e a súa grande afluencia de visitantes. Unha realidade que podemos constatar nos datos da EOH (Enquisa de Ocupación Hoteleira) dos últimos anos, onde se reflicte claramente o aumento de pernotacións durante o mes de octubro. Un mes que tradicionalmente noutros destinos próximos do litoral (Sanxenxo, Poio, Pontevedra,...) presentan unha baixada de vistantes como consecuancia do fin da tempada alta estival. Por último salientar que a celebración de xornadas gastronómicas, concursos de pinchos, foros, etc., aumentou considerablemente tanto no litoral galego

[283]Unhas festas que xurdiron e multiplicaron nos últimos anos por todo o territorio galego. De feito, a maior parte delas son de recente creación, en concreto de finais dos 80 e dos 90 do século XX, sendo moi poucas as anteriores a estas datas. "As máis antigas son as vinícolas como a do Albariño que é de 1952, a do Condado de 1959 e a do Ribeiro de 1964". Véxase: SANTOS SOLLA, X. M. (1994): "Fiestas, ferias y mercados de Galicia", en NUÑEZ RODRÍGUEZ, M. (coord..): "El rostro y el discurso de la fiesta" , Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; pp. 297-309; op. cit. páx. 305.

[284]Festa de Interese Turístico Nacional dende o 3 de setembro de 1990. Véxase: "RESOLUCIÓN de 3 de septiembre de 1990, de la Secretaría General de Turismo, por la, que se concede el título de «Fiesta del Vino de Albariño», de Cambados (Pontevedra)". BOE nº224, de 18/9/1990; páx. 27314. http://www.boe.es/boe/dias/1990/09/18/pdfs/A27314-27314.pdf

[285]No ano 1963 celebrouse o primeiro certame de exaltación do marisco.

[286]Véxase: "Resolución de 25 de marzo de 2013, de la Secretaría de Estado de Turismo, por la que se concede el título de «Fiesta de Interés Turístico Nacional» a la «Fiesta del Marisco de Grove» de O Grove (Pontevedra)". BOE nº93, de 18/$/2013 Sec. III; páx. 29931.
http://www.boe.es/boe/dias/2013/04/18/pdfs/BOE-A-2013-4108.pdf

[287]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2002a): "A illa da Toxa: O planeamento urbanístico no proceso de construcción e transformación dun producto turístico litoral". Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevdra, Vigo; op. cit. páx. 113 e 114.

coma no conxunto de Galicia durante os últimos anos. Unhas iniciativas que resultan efectivas á hora de promover e poñer en valor o patrimonio gastronómico dun destino. Non obstante, son poucos os produtos creados que perduran no tempo.

As rutas gastronómicas constitúen un interesante instrumento para posicionar os produtos e asocialos a un apelativo de calidade xeográfica; "(...) son articulacións territoriais tematicamente formuladas (...)"[288] en torno a un produto gastronómico. Agora ben, a maioría das inciativas deste tipo no litoral galego non constitúen produtos turísticos estruturados, xa que non están suxeitas a ningún plan nin a ningunha xestión, polo que na maioría dos casos existen carencias de sinalización turística, creación de servizos turísticos especializados, posta en valor dos recursos, falta de xestión da calidade, falta de cohesión da oferta,... Talvez, a única excepción a esta falta efectiva de planificación tanto en Galicia como no litoral galego son as rutas do viño. Uns percorridos que adoitan estar sinalados e publicitados con paneis especiais nos cales se insiste nos valores naturais, culturais, ambientais, viñedos e adegas. Estas rutas constitúen o medio a través do cal os territorios vitícolas e as súas producións relacionadas poden ser divulgados, comercializados e gozados en forma de oferta turística. Unha ruta do viño consiste en estruturar unha visita por todos os lugares e recursos que teñen que ver co viño ou o seu estilo de vida nun territorio determinado[289]. Noutras palabras, unha ruta do viño é "(...) unha ruta turística que une varias adegas e viñedos nunha zona determinada"[290]. A SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO (2000) define a ruta do viño como "(...) a integración baixo un mesmo concepto temático dos recursos e os servizos turísticos de interese, existentes e potenciais, dunha zona vitivinícola, formulados dende a autenticidade e a vocación vivencial, co fin de construír un produto dende a identidade propia do destino, que facilita a comercialización conxunta de toda a zona e garante o nivel de satisfacción da demanda, impulsando así o desenvolvemento económico-social integral da mesma"[291]. En definitiva, unha ruta do vino "(...) é un produto turístico baseado na integración de actividades vitícolas, gastronómicas, culturais e de ocio, as cales se complementan cunha ampla oferta de restauración e de aloxamento, servizos relacionados coa devandita actividade e outros complementarios, dentro dunha mesma zona vitivinícola. En todos os casos, o denominador común é un: o viño"[292]. Polo tanto, unha ruta turística enolóxica é froito do esforzo e a sinerxía que derivan da colaboración entre axentes públicas e privadas, a partir dunha alianza e obxectivos comúns[293]. Unha Ruta do Viño é unha ferramenta para idónea cara fomentar un modelo de desenvolvemento rural sostible e integrador, capaz de dinamizar a competitividade dun territorio, incrementar e mellorar a produción vinícola, respectar o medio e mellorar as condicións de vida dos

[288]Véxase: BARRERA, E. (2006). "Rutas alimentarias. Estrategias culturales de desarrollo territorial". Cuadernos de Patrimonio Cultural y Turismo, nº15; pp. 67-86; op. cit. páx. 84.
[289]Véxase: RAVENSCROFT, N. e VAN WESTERING, J. (2001): "Wine tourism, culture and the everyday: A theoretical note". Tourism and Hospitality Research, vol. 3, nº2; pp. 149-162; op. cit. páx. 153.
[290]Véxase: BRUWER, J. (2003): "South African wine routes: some perspectives on the wine tourism industry's structural dimensions and wine tourism product". Tourism Management, vol. 24, nº4; pp. 423-435; op. cit. páx. 424.
[291]Vésaxe: SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO (2000): "Propuesta para la asistencia técnica para el desarrollo del estudio de definición del producto *Rutas del Vino de España*". Servicio de Publicaciones del Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Madrid; op. cit. páx. 15.
[292]Véxase: DEL RIO RAMA, ÁLVAREZ, FRAIZ BREA / CULTUR / ANO 8 - Nº 13 -FEV (2014)
[293]Véxase: TELFER, D. J. (2001): "Strategic alliances along the Niagara Wine Route". Tourism Management, vol. 22, nº1; pp. 21-30; op. cit. páx. 21.

cidadáns[294]. Por outra parte, o produto enoturístico permite a potencialidade de captar un segmento de demanda "(...) que busca sensacións novas sensacións, que conta con maiores horas de ocio e un fraccionamento das vacacións que permite desestacionalizar estas"[295]

Galicia posúe cinco Denominación de Orixe (D.O.) vitícolas, contando cada unha coa súa propia ruta do viño[296]. Todas elas contan cunha ampla gama de servizos turísticos entre os que predominan sectores e servizos como adegas, aloxamentos e restaurantes[297]. De feito, todas estas rutas presentan un alto nivel de implicación e fomentaron a cooperación público-privada no desenvolvemento do produto turístico de cada denominación de orixe[298]. O gran reto para as OMDs destes territorios é implimentar unha política de mercadotecnia territorial máis efectiva, onde un dos seus públicos obxectivo sexa o enogastronómico e un compoente estratéxico básico a posta en marcha de accións continuas de dinamización do produto gastronómico. Deste conxunto de cinco rutas, só dúas rutas posuían no ano 2012 certificación pola Asociación Española de Cidades do Viño (ACEVIN) [299]: a Ruta do viño do Ribeiro e a Ruta do viño Rías Baixas (Figuras nº4.2.4.6.9-4.2.4.6.11)[300], precisamente a única con marcado carácter litoral. No ano 2013 a Ruta do Viño das Rías Baixas foi a sexta máis

[294]Véxase: MILLÁN VÁZQUEZ DE LA TORRE, G. e MELIÁN NAVARRO, A. (2008): "Rutas turísticas enológicas y desarrollo rural. El caso de estudio de la denominación de origen Montilla-Moriles en la provincia de Córdoba". Papeles de Geografía, nº47-48; pp. 159-170; op. cit. páx. 162.

[295]Véxase: ÁLVAREZ GARCÍA, J. ; DE LA CRUZDEL RÍO RAMA, Mª. ; COCA PÉREZ, J. L. e GONZÁLEZ SANMARTÍN, J. M. (2014): "Turismo enológico y Ruta del Vino Ribeiro en Galicia-España". Estudios y Perspectivas en Turismo, vol. 23; pp. 706-729; op. cit. páx. 707.

[296]Un produto interesante dado á súa vinculación co mundo do viño é a chamada: *Ruta dos Arrierios*. Un traxecto que na Idade Media transcorría por un Camiño Real, unindo a zona de produción do viño de Ribadavia (Ourense) con Pontevedra. Unha ruta tamén coñecida como Ruta do Viño, debido a que no traxecto de Ourense a Pontevedra os arrieros trasnportaban principalmente bocois de viño. De regreso a Ourense, os arrieros transportaban produtos do litoral: polbo, peixes secos ou salgados e marisco. En torno a este camiño histórico, o *Plan de Dinamización de Produto Turísitico Terras de Pontevedra* articulou un produto constituído por unha rede de restaurantes, comercios, actividades de ocio, museos, hoteis e aloxamentos rurais, nos que se pode gozar, da gastronomía típica galega maridada cos viños D.O Ribeiro e Rías Baixas. En defintiva un produto interesante que corre o perigo de deixar dinamizarse ao caducar o *Plan de Dinamización de Produto Turísitico Terras de Pontevedra* no ano 2011. Véxase: http://terrasdepontevedra.blogspot.com.es/2011_03_01_archive.html

[297] Véxase: TURGALICIA/DINAMIZA Asesores (2011): "Plan Director de Turismo Enogastronómicode Galicia y Norte de Portugal". Turgalicia, Xunta de Galicia; op. cit. páx. 41.
http://www.ecait.org/sites/default/files/4_2_Enogastronomia.pdf


[298]Ibídem; op. cit. páx. 137.

[299]A Asociación Española de Cidades do Viño (Acevin) e a Secretaría Xeral de Turismo recollen no *Manual do Produto Turístico Rutas do Viño de España* a metodoloxía para a implantación deste produto turístico e a súa posterior certificación por parte do Comité de Xestión e Certificación das Rutas do Viño de España. Neste manual defínense un conxunto de requisitos aplicables á entidade xestora da ruta, tales como o sistema de xestión desta, a sinalización, as accións de promoción e apoio á comercialización, así como os relativos ás distintas tipoloxías de establecementos que poden formar parte dela: restaurantes, aloxamentos, adegas, comercios, etc. En definitiva, a marca Rutas do Viño de España establece uns criterios de calidade cara a diferenciación destas rutas fronte a outras propostas enoturísticas.Véxase:
http://www.wineroutesofspain.com/ver/2772/Tu-satisfacci%C3%B3n-garantizada.html

[300]A Ruta do Viño Rías Baixas iniciou a súa andaina no ano 1996 e despois dun longo recorrido, no ano 2005 a Ruta de Vino Rías Baixas intégrase no Club de Produto Rutas do Viño de España tras superar un proceso de certificación externa. Na actualidade a Ruta do Viño Rías Baixas está integrada por seis itinerarios, catro dentro da subzona do Salnés, un en O Rosal e outro en Ribeira do Ulla. Véxase: http://doriasbaixas.com/public/manager.php?p=Rutas Agora ben, "(...) a ruta non foi percibida como un produto de gran valor por parte das empresas asociadas nin adquiriu unha notoriedade significativa no territorio". Véxase: TURGALICIA/DINAMIZA Asesores (2011): "Plan Director de Turismo Enogastronómicode Galicia y Norte de Portugal". Turgalicia, Xunta de Galicia; op. cit. páx. 136. http://www.ecait.org/sites/default/files/4_2_Enogastronomia.pdf


visitada de todas as rutas existentes en España (Figura nº4.2.4.6.12)[301], cun total de 66.908 visitantes rexistrando por segundo ano consecutivo un incremento no número de enoturistas superior (Figura nº4.2.4.6.13).

Figura nº4.2.4.6.12.- Número de vistantes nas adegas das Rutas do Viño de España. Ano 2013. Unidade: número de visitantes.



Fonte: Elaboración propia a partir do "Informe de visitantes a bodegas asociadas a las Rutas del Vino de España", ACEVIN (Asociación Española de Ciudades del Vino). Ano 2013.

Figura nº4.2.4.6.13.- Evolución do número de vistantes ás adegas da "Ruta do viño Rías Baixas". Período 2008-2013. Unidade: número de visitantes.



Fonte: Elaboración propia a partir do "Informe de visitantes a bodegas asociadas a las

[301]Uns datos estraídos das enquisas realizadas á demanda real en destino por parte do *Observatorio Turístico das Rutas do Viño de España*. Unha ferramenta posta en marcha polo Club de Produto Turístico de Rutas do Viño de España no ano 2008. Unha ferramenta que foi a primeira iniciativa para medir os datos da oferta e a demanda do turismo do viño no Estado español.

Rutas del Vino de España", ACEVIN (Asociación Española de Ciudades del Vino). Anos 2008-2013.

A xeito de conclusión, sinalar que o produto turístico enogastronómico preséntasenos como un produto singular, desestacionalizador e con alto compoñente cultural, "(...) convértese tamén nunha pauta de desenvolvemento socioeconómico das zonas rurais e costeiras e os seus contornos produtivos, xerando verdadeiras alternativas económicas derivadas da dinamización turística"[302]. Os xestores das OMDs do litoral galego deben de considerar a importancia da gastronomía dos seus territorios como contribución á experiencia única que o viaxeiro busca na súa viaxe. A gastronomía pode utilizarse para satisfacer ao viaxeiro, para contribuír á autenticidade do destino e para incrementar o impacto económico do turismo. Un produto gastronómico que debe partir da definción de cales van ser os recursos patrimoniais, os recursos que imos converter en produtos turísticos que permitan identificar o destino dentro do mercado. Polo tanto, para poder promover un destino a través da súa propia gastronomía, é necesario que se dean unha serie de características básicas, destacando entre as mesmas que o destino turístico ha de presentar unha diferenciación clara dos seus recursos gastronómicos endóxenos, que debe de ter unha cociña que sexa recoñecible por parte dos viaxeiros e que teña un número variado e importante de establecementos de calidade onde os viaxeiros poidan gozar desa gastronomía. Neste punto, debemos tamén salientar a importancia de mellorar a profesionalidade dos recursos humanos no conxunto da cadea de valor do turismo gastronómico do litoral galego, a través da formación e a reciclaxe. Por outro lado, o seguinte reto a afrontar polos xestores das OMDs é converter o seu territorio nunha *paisaxe culinaria*. Nesta dirección, unha estratexia mercadotecnia territorial básica é articular rutas turísticas gastronómicas, semellantes ás xa existentes rutas do viño, que permitan aproveitar esta vantaxe comparativa para fomentar/estruturar a oferta turística do territorio. Unha oferta turística articulada e interpretada a través da cociña, os produtos autóctonos e todos os servizos e actividades que os rodean. De aí, o gran reto por parte das OMDs de lograr que traballen conxuntamente o sector público e privado, así como o sector turístico transversalmente con outros sectores (agroindustria, bodegueiros, mariscadores...). Agora ben, os xestores das OMDs deben ter claro de que non se trata de crear unha presión indiscriminada sobre o patrimonio gastronómico, senón de explotalo de xeito racional en clave de sostibilidade. Finalmente, consideramos que a gastronomía é actualmente un dos elementos clave para o desenvolvemento e a potenciación do destino Galicia como do litoral galego e, por iso, avogamos porque as diferentes administracións públicas como as empresas privadas consideren a gastronomía como un elemento diferencial nas súas estratexias de promoción e comercialización co obxecto de aumentar a satisfacción dos potenciais visitantes.

4.2.4.7. O produto turístico de saúde.

O termo turismo de saúde[303] nace nos anos 70 do pasado século[304] co obxecto de encadrar aqueles desprazamentos cuxa principal motivación é a saúde integral[305]. A

[302]Véxase: TURGALICIA (2012): "Plan de enogastronomía de Galicia. Resumo executivo". Xunta de Galicia; op. cit. páx. 8.
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153270.pdf?langId=es_ES

[303]Estamos ante un termo difícil de delimitar, complexo e discutido amplamente. Véxase: EOI (2013): "Turismo de salud en España". EOI (Escuela de Organización Industrial), Ministerio de Industria, Energía y Turismo, Gobierno de España, Madrid; op. cit. páx. 10. http://www.eoi.es/savia/documento/eoi-80152/turismo-de-salud-en-espana Baixo este termo inclúense diferentes denominacións, basicamente en función do tratamento (termalismo se se realiza con técnicas baseadas na auga mineiro medicinal e

saúde é vista por este tipo de demanda turísitica como algo máis que a ausencia de enfermidade[306] e se como sinónimo de calidade de vida[307]. A oferta do produto turístico de saúde/benestar estrutúrase en Galicia basicamente en tres tipos de establecementos en relación coa auga utilizada nos tratamentos: balnearios (termalismo), centros de talasoterapia (talasoterapia e tratamentos mariños) e outros tipos onde englobamos os spa, os centros de saúde e beleza ou *remise en forme*,...[308] Un turismo de benestar que en España creceu dunha forma rápida, ata tal punto que se converteu nunha fonte importante de negocio. De feito, a consultora DBK, no seu estudo "Balnearios" (xullo 2012)[309], indica que en 2011 chegouse a facturar un total de 3.250 millóns de euros en servizos de saúde e benestar (un 10,9% máis que no ano anterior, incremento vinculado basicamente ao dinamismo da demanda estranxeira). Pola contra, no mesmo estudo se

---

talasoterapia se utiliza auga mariña) e da motivación (se é preventiva denomínase turismo de benestar ou wellness e se é de curación turismo médico). Noutras palabras, un turista de saúde sería alguén que viaxa en busca dun servizo club de saúde ou spa para reducir o estrés, de tratamentos termais ou de procedementos máis complexos nun hospital. Véxase: Ibídem; op. cit. páx. 11. Neste apartado imos considerar basicamente a oferta ligada ao termalismo e talasoterapia polo seu evidenta significación dentro do sector turístico galego. Por conseguinte, imos utilizar ao longo deste apartado os termos turismo de saúde e de benestar indistintamente. Aínda Que o máis apropiado ao falar basicamente da oferta balnearia galega o a utilización do termo de turismo de benestar. Un turismo de benestar que debemos definir como "(...) a suma de todas as relacións e fenómenos resultantes dunha viaxe e a estanza de persoas que teñen como principal motivación preservar ou promover a súa saúde, alóxanse nun hotel especializado que ofrece coñecementos axeitados e coidados individuais e requiren un paquete de servizos integrados que inclúe xeralmente, hidroterapia, vigorización física, dietética, relaxación e actividade mental". Véxase: ARES GÜIMIL, T. (2003): "El turismo de salud en la sociedad de ocio actual", apuntes del VI Master en Organización y Dirección Turística, Universidade de Vigo. Por iso considérase ao turismo do benestar, como unha subcategoría do turismo de saúde. Dende o punto de vista da demanda, asúmese que o benestar é buscado fundamentalmente por persoas saudables, sendo a súa primeira pretensión o relax, a prevención, a revitalización ou a beleza. Véxase: ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E. e FRAIZ BREA, J. A. (2008): "Marketing turístico de la salud", en CUBILLO PINILLA, J. Mª. e CERVIÑO FERNÁNDEZ, J. (coords.): "Marketing sectorial". ESIC Editorial, Madrid; pp. 77-106; op. cit. páx. 81.

[304]Véxase: SAN PEDRO MARTÍNEZ, Mª A. (2004): "El turismo de salud", en AECIT (Asociación Española de Expertos Científicos en Turismo): "La actividad turística española en 2003". Editorial Universitaria Ramón Areces, Castellón; pp. 559-574.

[305]Véxase: ROSS, K. (2001): "Health tourism: an overview". HSMAI Marketing Review. http://www.hospitalitynet.org/news/4010521.html Pola súa banda, CARRERA e BRIDGES (2006), por exemplo, definen o turismo de saúde como a viaxe organizada fóra do ámbito habitual do usuario, para o mantemento, mellora ou recuperación do seu benestar individual físico e mental. Véxase: CARRERA, P. M. e BRIDGES, J. F. P. (2006): "Globalization and healthcare: understanding health and medical tourism". Expert Review of Pharmacoeconomics and Outcomes Research, vol. 6, nº4; pp. 447-454; op. cit. páx. 447.

[306]HENN BONFADA, M. R.; LOPES BRANCO BONFADA, P.; GONÇALVES GANDARA, J. M. e FRAIZ BREA, J. A. (2008): "Turismo termal: cambios conceptualesy mercadológicos de los balnearios en España". Turismo Visão e Ação – Eletrônica, v. 10, nº 03; pp. 415-434; op. cit. páx. 417.

[307]Véxase: LOPES BRANCO BONFADA, P.; HENN BONFADA, M. R.; ALÉN GONZÁLEZ, Mª E. e GONÇALVES GANDARA, J. M. (2011): "El turismo de salud y el uso terapúetico del agua". Estudios y Perspectivas en Turismo, vol. 20; pp 462-477; op. cit. páx. 462.

[308]Véxase: AMOR GARROSET, F.e FERNÁNDEZ TORÁN, M. A. (1998): "El turismo de salud en la comunidad Valenciana". Revista Valenciana D´estudis Autonòmics, nº25; pp. 187-195. ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E.e RODRÍGUEZ COMESAÑA, L. (2006) "Caldaria: hoteles y balnearios", en RUIZ DE MAYA, S. E GRANDE ESTEBAN, I. (coords.): "Comportamientos de compra del consumidor: 29 casos reales". ESIC. Madrid; pp. 273-287. SAN PEDRO MARTÍNEZ, Mª A. (2004): "El turismo de salud", en AECIT (Asociación Española de Expertos Científicos en Turismo): "La actividad turística española en 2003". Editorial Universitaria Ramón Areces, Castellón; pp. 559-574. SAN JOSÉ ARANGO, C. (2012): "Hidrología médica y terapias complementares". Secretariado de Publicaciones, Universidad de Sevilla, Sevilla.

[309]Véxase: http://www.dbk.es/pdf/sectores/sumarios/Balnearios.pdf

indica que no ano 2011 as estacións termais facturaron un total de 250 millóns de euros (2,0% menos respecto á cifra do ano anterior)[310]. Para este mesmo ano, ANBAL (Asociación Nacional de Balnearios)[311] fala dunha facturación de ao redor de 278.000.000 euros, de 972.000 clientes cunha estanza media de 4.5 días, de 4.375.000 pernoctacións, nun conxunto de 119 estacións balnearias, delas as 106 con hotel, e de 5.589 postos de traballos distribuídos en balnearios e hoteis[312]. No ano 2012, segundo datos do Observatorio do Termalismo[313], había en funcionamento 113 balnearios en toda España. Galicia contaba no ano 2012 con 21 centros de balneoterapia[314] (18,58% dos establecementos balnearios de España) cun total de 2.900 prazas hoteleiras (Figura nº.) e 4 de talasoterapia[315] cun total de 566 prazas hoteleiras[316]. No conxunto do litoral galego localízanse 5 balnearios cun 831 prazas de aloxamento (23,81% e 28,66% da oferta galega, respectivamente) e 4 talasos (100% da oferta galega) (Figura nº4.2.4.67.1). Se atendemos á categoría das prazas de aloxamento ofertas por balnearios e talasos predominan as de alta calidade (5 e 4 estrelas) tanto en Galicia (74,84% da cuartos ofertadas) como no conxunto do seu litoral (83,69% dos cuartos ofertados) (Figura nº4.2.4.7.3). Por outra parte, o sector hoteleiro galego aproveitou a crecente ampla demanda de servizos wellness, incorporando á súa oferta de aloxamento e restauración, tratamentos de benestar. De feito, habilitáronse spas e centros de beleza nos mesmos hoteis; preferentemente nos hoteis de maior categoría. Achámonos, polo tanto, ante un crecente oferta nun produto que presenta dúas grandes virtudes á hora de enriquecer a carteira de oferta do litoral galego, por un lado ser un produto desestacionalizador e, por outro, o seu marcado carácter diferenciador. Un produto a pesar da crecente diversificación da súa oferta fundamentado basicamente na gran riqueza[317] e tradición termal de Galicia[318]. Agora ben, se é certo que esta está oferta é

[310]Un descenso que a consultora DBK atribúe a unha conxuntura económica marcada pola crise e a consecuente debilidade do consumo dos fogares españois. Agora ben, tamén apuntan que esta caída da demanda se viu parcialmente compensada polo crecemento da actividade do programa de Termalismo Social do Imserso (Instituto de Mayores y Servicios Sociales): Véxase: Ibídem. Aínda que debemos sinalar que no período 2010-2012 un total de 120.000 séniors europeos de 16 nacionalidades distintas gozaron dos destinos españois grazas ao Programa de Turismo Social Europeo. Véxase: Véxase: EOI (2013): "Turismo de salud en España". EOI (Escuela de Organización Industrial), Ministerio de Industria, Energía y Turismo, Gobierno de España, Madrid; op. cit. páx. 106.
http://www.eoi.es/savia/documento/eoi-80152/turismo-de-salud-en-espana

[311]Véxase: http://www.balnearios.org

[312]Véxase: ANBAL (2012): "Datos Estadísticos del sector balneario en el año 2011". Asociación Nacional de Balnearios (ANBAL). http://www.balnearios.org/intranet/documento/datos-estad-sticos-2011

[313]Véxase: http://www.observatoriotermalismo.org/

[314]Dos cales sete contaban coa certficación *"Q" de Calidade Turística de Estacións Termais* (33,33% do total da oferta de balnarios galega) posta en marcha polo ICTE (Instituto para Calidade Turística Española) en 2004.

[315]Para chegar a esta cifra tivemos que confrontar os datos procedentes de Turgalicia cos da Agrupación Empresarial Innovadora Termal de Galicia (AEITEGAL). Véxase: Turismo de saúde e benestar en Galicia. http://www.turgalicia.es/localizador-de-recursos?langId=gl_ES. AEITEGAL (2011): "Galicia, destino termal". Agrupación Empresarial Innovadora Termal de Galicia (AEITEGAL); op. cit. páx. 5. http://www.termaldegalicia.com/pdf/aeitegal_guia.pdf

[316]Un total de 283 cuartos (cuartosX2=566 prazas). Datos procedentes da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

[317]En Galicia están catalogadas máis de 300 captacións mineromedicinais, das que 20 son utilizadas por balnearios. Véxase: AEITEGAL (2011): "Galicia, destino termal". Agrupación Empresarial Innovadora Termal de Galicia (AEITEGAL); op. cit. páx. 5. http://www.termaldegalicia.com/pdf/aeitegal_guia.pdf Unhas augas minerais que se clasifican en oito categorías (bicarbonatadas, carbogaseosas, ferruxinosas, radiactivas, sulfatadas, sulfuradas, cloradas e oligometálicas). Cada tipo de auga é óptima para un tipo de tratamento diferente. Algunhas das patoloxías máis tratadas están relacionadas coa reumatoloxía, tratamentos respiratorios ou tratamentos dermatolóxicos. Véxase: Ibídem; op. cit. páxs. 56 e 57.

maioritariamente de interior non deixan de existir espazos termais no litoral, se non se vexa o caso emblemático da Illa de A Toxa (O Grove, Pontevedra)[319]. De feito, A Illa da Toxa (O Grove) é o gran referente tanto litoral como galego do produto de saúde/benestar con 2 balnerarios (Grande Hotel La Toja e Hesperia Isla de la Toja) e un Talaso (Hotel Louxo La Toja) cun total de 418 cuartos. O produto turísitico termal é un segmento do turismo de saúde/benestar que utiliza a auga mineromedicinal como materia prima. Unhas augas termais que son postas en valor en forma de tratamentos terapéuticos tradicionais, destinados á curación de distintas patoloxías, aos que habería que sumar técnicas contemporáneas ligadas á saúde e beleza. A renovación destes establecementos, os novos tratamentos e a incorporación de programas lúdicos son o reflexo da reactivación, recualificación e diversificación deste turismo, que á parte de atraer a súa clientela terapéutica tradicional responde, ás novas tendencias da demanda turística cantrada na busca de calidade de vida.

Figura nº4.2.4.7.2.- Evolución da oferta de prazas hoteleiras do sector termal en Galicia. Período 1998-2011. Unidade: número de prazas.

	1998	2000	2002	2004	2006	2007	2008	2011	2012
Balneario Acuña (Caldas de Reis-Pontevedra)	108	108	108	108	108	Pechado	108	108	108
Balneario de Arteixo (Ateteixo-A Coruña)[1]	---	---	---	54	54	54	54	54	54
Arnoia Caldaria Hotel Balneario (A Arnoia-Ourense)	50	100	100	100	100	100	100	100	100
Oca Augas Santas Balneario & Golf Resort (Pantón- Lugo)	---	---	---	---	---	210	210	210	210
Balneario Baños de Brea (Vila de Cruces-Pontevedra)	40	68	68	68	68	68	68	86	86
Balneario de Carballo (Carballo-A Coruña)	76	114	114	114	114	114	114	114	114
Balneario de Compostela (Brión-A Coruña)	---	---	---	---	118	118	118	118	118
Balneario Forniños (Cuntis–Pontevedra)	154	160	160	196	36	196	196	196	196

[318]De feito, Galicia contou con "(...) dous dos balnearios máis luxosos e elitistas da España da Restauración (1874-1923) -A Toxa e Mondariz-". Véxase: VILAR RODRÍGUEZ, M. "Balnearios, intereses políticos y desarrollo turístico en el noroeste de España: el caso de A Toxa y Mondariz (1874-1935)". Cuadernos de Historia Contemporánea, vol. 33; pp. 163-185; op. cit.páx. 167. "Pero non só iso. Os balnearios galegos puxeron a Galicia no mapa turístico internacional. Contribuíron ao descubrimento dun destino turístico na periferia do pracer da época, ao que Galicia asomaba indirectamente a través da proxección dos seus portos e da potencia histórica, artística e relixiosa de Santiago de Compostela, un dos centros de peregrinación de referencia da cristiandade (...). Viuno moi ben Emilia Pardo Bazán en 1912: "Empeza por medio dos balnearios, como Mondariz e La Toja, a iniciarse aquí o movemento de atracción dos turistas" (...)". Véxase: VALLEJO POUSADA, R. (2014): "Salud y recreo: los establecimientos balnearios de Galicia y el descubrimiento de una periferia turística en el primer tercio del siglo XX". XI Congreso Internacional de la AEHE (Asociación Española de Historia Económica), 4 y 5 de Septiembre 2014, Colegio Universitario de Estudios Financieros (CUNEF), Madrid; op. cit. páx. 17. http://www.aehe.net/xicongreso/pdfs/s1_vallejo.pdf

[319]"Os precedentes máis remotos do fenómeno turístico na Illa da Toxa hai que buscalos nas súas augas termais. Pero este feito é generalizable a toda a provincia, o turismo pontevedrés arranca avanzado o século XIX vinculado á explotación dos balnearios como os de Catoira, Cuntis, Caldas de Reis, Mondariz, A Toxa... que atraían coas súas augas termais ás minorías sociais burguesas e pequeno burguesas. Figurando boa parte d destes balnearios, incluído o da Toxa, entre os cento cincuenta recogdos no Mapa de Balnearios de España de 1867, elaborado por A.García López". Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2002a): "A illa da Toxa: O planeamento urbanístico no proceso de construcción e transformación dun producto turístico litoral". Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevdra, Vigo; op. cit. páx. 15.

Balneario Dávila (Caldas de Reis– Pontevedra)	47	47	47	47	47	47	47	47	47
Hotel Balneario de Guitiriz & Golf Club (Guitiriz– Lugo)	Pechado	Pechado	Pechado	206	206	206	206	206	206
Gran Hotel La Toja (O Grove- Pontevedra)	404	404	404	404	404	404	404	404	404
Hotel Balneario Isla de La Toja (O Grove- Pontevedra)	---	---	200	208	208	208	208	208	208
Laias Caldaria Hotel Balneario (Cenlle- Ourense)	---	---	200	200	200	200	200	200	200
Lobios Caldaria Hotel Balneario (Lobios- Ourense)	---	---	---	188	188	188	188	188	188
Hotel Balneario de Lugo-Termas Romanas (Lugo-Lugo)	81	81	126	126	126	126	126	126	126
Balneario de Baños de Molgas (Baños de Molgas– Ourense)	50	50	50	50	50	50	50	50	50
Balneario de Mondariz (Mondariz-Balneario-Pontevedra)	130	292	292	292	388	388	388	388	388
Balneario de Caldas de Partovia (O Carballiño-Ourense)	Non dispoñe de hotel								
Balneario de SOUSAS (Verín-Ourense)[2]	Non dispoñe de hotel								
Balneario de Caldelas de Tui (Tui – Pontevedra)	51	51	51	51	51	51	51	51	51
Balneario Río Pambre (Palas de Rei – Lugo)	---	---	---	46	46	46	46	46	46
Total prazas Galicia	1.191	1.475	1.920	2.458	2.512	2.774	2.882	2.900	2.900
Total prazas litoral galego	531 (44,58%)[3]	569 (38,58%)	769 (40.05%)	831 (33,81%)	831 (33,08%)	831 (29,96%)	831 (28,83%)	831 (28,66%)	831 (28,66%)

Fonte: Elaboración propia a partir de ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E. (2013): "Turismo Termal y de Salud", en "Memoria do Curso Académico 2012-2013". Centro Asociado UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia) en Ourense, Ourense.

[1]Non figuraba na relación de balnerairos recollida por ALÉN GONZÁLEZ (2013). No ano 2012 dispuña de 27 cuartos (cuartosX2=54 prazas).

[2]A principios do século XX construíuse o hotel hospedaxe, que funcionou ata 1960.

[3]Porcentaxe sobre total Galicia.

Figura nº4.2.4.7.3.- Distribución provincial e por categoría do establecemento dos cuartos hoteleiros vinculadas a balnearios e talasos. Ano 2012. Unidade: número de cuartos e % sobre total.

	5 estrelas	**4 estrelas**	**3 estrelas**	**2 estralas**	**1 estrela**	**Total**
A Coruña	---	---	59 (40,41)[1]	60 (41,10)	27 (18,49)	146
Lugo	---	208 (70,51)	87 (29,49)	---	---	295
Ourense	---	183 (70,11)	50 (19,16)	---	28 (10,73)	261
Pontevedra	198 (19,66)	690 (68,52)		119 (11,82)		1.007
Galicia	198 (11,59)	1.081 (63,25)	196 (11,47)	179 (10,47)	55 (3,22)	1.709
LITORAL GALEGO	198 (28,33)	387 (55,36)	---	87 (12,45)	27 (3,86)	699

Fonte: Elaboración propaia a partir da "Guía de Aloxamentos Turísticos 2013: Hoteis". TURGALICIA, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 30 septembro de 2012.

[1]Porcentaxe sobre o total de oferta de cada territorio.

A extraordinaria riqueza termal que posúe Galicia foi aproveitada con fins turísticos dende o século XIX. Non obstante, a crise, que se acentuou na segunda metade do século XX no mellor dos casos[320], levou ao peche de moitos balnearios[321], mentres que outros se transformaron en centros de saúde vinculados a programas sociais para poboación da terceira idade[322], sendo en xeral pouco atractivos para a maior parte dos turistas[323]. Non obstante, a mediados da década de 1990 comeza unha recuperación significativa do termalismo que se vai acelerar sobre todo a partir do comezo do novo século[324]. Como antecedentes inmediatos debemos citar os estudos encargados pola Secretaría Xeral para ou Turismo da Xunta de Galicia: *Estudo para o Desenvolvemento do Termalismo en Galicia"* (1991) e o "*Estudo de intervencións a realizar en 23 instalacións termais de Galicia para a súa adecuación ás esixencias actuais*" (1995)[325]. Estes e outros traballos máis axudarían a redactar e aprobar a Lei 5/1995 de regulación

[320]"Os adiantos en cirurxía e medicina, posteriores, á primeira e, esencialmente, a segunda Guerra Mundial fan que decaian en Europa os balnearios de interior. O golpe de man definitivo chega coa aparición do auténtico turismo de sol e praia cara a 1930. A partir dos anos setenta agrávase a situación de crise, de maneira que na década seguinte, os clientes dos balnearios son, case exclusivamente, persoas con enfermidades crónicas, que reciben tratamento, o que ten un carácter moi negativo e retrae a outros segmentos da sociedade. Moitos dos balnearios pechan nese período, xa que o sector se encontra azoutado por unha crise económica xeneralizada, atendendo a persoas enfermas, de idade avanzada e pouca renda, o que non permitía investir na renovación da oferta". Véxase: ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E. (2013): "Turismo Termal y de Salud", en "Memoria do Curso Académico 2012-2013". Centro Asociado UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia) en Ourense, Ourense; pp. 9-35; op. cit. páx. 11.

[321]Véxase: CÁTEDRA TOMÁS, Mª. (2009): "El agua que cura. Healing Waters". Revista de Dialectología y Tradiciones populares, vol. LXIV, nº1; pp 177-210; op. cit. páx. 188.

[322]Un inventario de 1992 eleborado pola Dirección Xeral de Arquitectura do MOPU puxo de manifesto a deterioración, envellecemento e obsolescencia de tales balnearios ocupados polas clases populares con programas de servizos sociais. Véxase. Ibídem; op. cit. páx. 188.

[323]Véxase: SANTOS SOLLA, X. M. (2012): "Los turismos de interior en Galicia. Balance y perspectivas". Polígonos. Revista de Geografía, nº23; pp. 213-234; op. cit. páx. 220.

[324]Un renacemento do sector balnearios que debemos vincular aos cambios acontecidos durante a década dos oitenta do século XX no mercado demanda potencial. Entre os que podemos citar como máis importantes:

- ✓ "Crece o culto ao corpo e a preocupación por unha alimentación sanda. Vaise procurar coidar a saúde para ter unha maior calidade de vida e isto pasa por dar máis importancia á prevención de molestias e enfermidades.
- ✓ A medicina farmacolóxica mostra carencias, xa que boa parte dos tratamentos desencadean efectos secundarios. Vólvese entón a vista cara a tratamentos naturais, non invasores, entre os que se encontran os tratamentos balnearios. A investigación está a corroborar os seus efectos positivos, como un elemento que axuda na cura e prevención de enfermidades.
- ✓ O estilo de vida urbano, con contaminación, ruído e estrés fan que se busque descanso lonxe das tensións da vida cotiá.
- ✓ Moitos destinos turísticos tradicionais dan síntomas de esgotamento, como consecuencia da masificación e a deterioración destes. Prodúcese un cambio no turismo de masas que comezará a dirixirse cara a fórmulas que fuxan da masificación e que permitan o contacto coa natureza.
- ✓ No ano 1989, comeza a funcionar en España o programa de Termalismo Social do Imserso que subvenciona a asistencia aos balnearios a persoas da terceira idade. Este programa permite aos balnearios ter uns ingresos seguros ao longo do ano, o que fai que se amplíen os períodos de apertura e se acometan melloras nos establecementos". Véxase: ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E. (2013): "Turismo Termal y de Salud", en "Memoria do Curso Académico 2012-2013". Centro Asociado UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia) en Ourense, Ourense; pp. 9-35; op. cit. páxs. 11 e 12.

[325]Véxase: DEL MORAL CRESPO, J. (2000): "Contribución socio-económica de las aguas minerales en la Comunidad Autonóma de Galicia", en LÓPEZ GETA, J. A. e PINUAGA ESPEJEL, J. I. (eds.): "Panorama actual de las Aguas Minerales y Minero-medicinales en España". Instituto Tecnológico Geominero de España, Ministerio de Medio Ambiente, Madrid; pp. 261-269; op. cit. páx. 264.

das augas termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia[326], así como o Decreto 402/1996 que regula e ordena o sector[327]. Froito deste proceso de modernización e adecuación á realidade do mercado actual, o producto turístico termal galego converteuse nun dos de maior grao de especialización e singularidade, con maior capacidade de desestacionalización da demanda, con poder para a captación de máis segmentos de público, de gran atractivo para a articulación de oferta turística combinada con outros produtos ou servizos relacionados co patrimonio cultural, natural, enogastronómico, deportivo, etc[328]. De feito, os balnearios galegos buscan novos perfís de clientes a través dunha crecente oferta de actividades e servizos de ocio, relax, beleza e posta en forma como complemento aos tratamentos tradicionais. O balneario deixa de ser esencialmente un centro sanitario e pasa a estar cada vez máis orientado ao turismo[329], pero sen perder a súa principal característica e diferenciación que é o emprego da auga mineromedicinal[330]. O establecemento pioneiro neste proceso foi o de Mondariz (Pontevedra), aínda que en terras interiores, localízase moi preto das Rías Baixas[331]. No que respecta a demanda actual deste tipo de instalacións, ALÉN e FRAIZ (2006) destacan como perfil socioeconómico dos usuarios de balnearios de Galicia a súa procedencia maioritariamente española (e sobre todo galega)[332],

[326]De feito, esta norma establece no seu artigo 2.1.a) que son augas minero-medicinais as nacidas "(…)natural ou artificialmente e que polas súas características e calidades sexan declaradas de utilidade pública e sexan aptas para tratamentos terapéuticos". Asi mesmo, establécese no seu artigo 2.2 da citada Lei que augas termais son ""(...) aquelas augas cuxa temperatura de surgencia sexa superior, polo menos, en catro graos centígrados á media anual do lugar en que nacen". Véxase: "Ley 5/1995, de 7 de junio, de regulación de las aguas minerales, termales, de manantial y de los establecimientos balnearios de la Comunidad Autónoma de Galicia". BOE nº173, de 21/7/1995; pp. 22497-22502.
http://www.boe.es/boe/dias/1995/07/21/pdfs/A22497-22502.pdf
Por outra parte, no artigo 1º da Orde da Consellería de Sanidade e Servizo Sociais do 5 de novembro de 1996, establécese que terán "(…) consideración de establecementos balnearios aqueles que, estando dotados dos medios adecuados, utilizan as augas mineromedicinais ou termais declaradas de utilidade pública, con fins terapéuticos e preventivos para a saúde". Véxase: "ORDE do 5 de novembro de 1996 pola que se regula a autorización sanitaria dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia". DOG nº227, de 20/11/1996.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19961120/AnuncioE01A_es.html

[327]Véxase: "DECRETO 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia". DOG nº226, de 19/11/1996.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19961119/AnuncioBA92_gl.html

[328] Véxase: TURISMO DE GALICIA (2014): "Ourense, destino termal. Galicia, destino termal. Plan de turismo termal para la provincia de Ourense". Turismo de Galicia, Xunta de Galicia/Deputación de Ourense; op. cit. páx. 3. http://issuu.com/turismodegalicia/docs/plan_termal_formato_pitg_2014_05_21/0

[329]Véxase: CÁTEDRA TOMÁS, Mª. (2009): "El agua que cura. Healing Waters". Revista de Dialectología y Tradiciones populares, vol. LXIV, nº1; pp 177-210; op. cit. páx. 188.

[330]Véxase: HENN BONFADA, M. R.; LOPES BRANCO BONFADA, P.; GONÇALVES GANDARA, J. M. e FRAIZ BREA, J. A. (2008): "Turismo termal: cambios conceptualesy mercadológicos de los balnearios en España". Turismo Visão e Ação – Eletrônica, v. 10, nº 03; pp. 415-434; op. cit. páx. 416.

[331]Véxase: ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E. e FRAIZ BREA, A. (2006): "Evaluación de la relación existente entre la calidad de servicio, la satisfacción y las intenciones de comportamiento en el ámbito del turismo termal". Revista Europea de Dirección y Economía de la Empresa, vol. 15, nº3; pp. 171-184; op. cit. páx. 176.

[332]Segundo datos de ALÉN (2013): "A procedencia dos clientes, é basicamente nacional destacando a comunidade de Madrid que achega o 25% de clientes, seguida por Cataluña co 9%, Valencia, País Vasco, Castela-León e Andalucía co 8% cada unha, Asturias e Aragón con 6% cada unha, Castela-A Mancha, Galicia e Navarra co 5% cada unha, o 2% para Cantabria, A Rioxa e Extremadura cada unha, resaltamos que a porcentaxe de estranxeiros está no 1%, o cal resulta curiosamente baixo e que debería supoñer importantes reflexións sectoriais".Véxase: ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E. (2013): "Turismo Termal y de Salud", en "Memoria do Curso Académico 2012-2013". Centro Asociado UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia) en Ourense, Ourense; pp. 9-35; op. cit. páx. 22.

predominio de parellas, máis mulleres que homes, traballando por conta allea e funcionarios, con estudos superiores, comprendidos fundamentalmente no grupo de idade entre 35 e 54 anos, e con ingresos medios mensuais medios ou medio/altos[333]. Agora ben, esta nova tipoloxía de demanda convive cos segmentos tradicionais da terceira idade con outro tipo de motivacións basicamente relacionadas coa cura termal[334]. En consecuncia, os xestores destas instalacións balnearias deben ser plenamente concientes desta diversidade que os obriga a prestar servizos diferenciados e heteroxéneos, asi como á especialización nun segemento de demanda determinado[335]. Unha ampla diversidade de motivacións dentro da demanda que implican a necesidade de ofrecer un produto termal integrado por varias categorías de servizos, entre eles unha ampla oferta de ocio, co fin de conseguir a diferenciación da oferta do establecemento[336]. Un aumento de complexidade e variedade da oferta de tratamentos e actividades que fai necesario un persoal cada vez máis cualificado e diversificado co obxecto de lograr unha xestión eficaz do balneario[337]. Polo seu lado, os xestores das OMDs do litoral galego deben ser conscientes do carácter emerxente do produto turístico de benestar dadas as súas grandes posibilidades de crecemento en función do amplo espectro do seu segmento de demanda potencial, o seu carácter desestacionalizador e complementario á outros produtos turísticos (golf, congresos, cultural,..) cara establecer paquetes turísticos de marcado carácter diferenciador dentro do mercado. Agora ben, os xestores das OMDs tamén deben procurar unha mellor coordinación na promoción do produto turísitico de benestar por parte dos distintos axentes tanto públicos coma privados implicados dentro do seu territorio. Neste sentido, a promoción efectuada actualmente adoece dunha marcada confusión terminolóxica e conceptual. "A maioría das campañas institucionais promoven globalmente o turismo de saúde, é dicir, sen distinción por establecementos. Isto é máis patente nos anuncios, que

[333] Véxase: ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E. e FRAIZ BREA, A. (2006): "Evaluación de la relación existente entre la calidad de servicio, la satisfacción y las intenciones de comportamiento en el ámbito del turismo termal". Revista Europea de Dirección y Economía de la Empresa, vol. 15, nº3; pp. 171-184; op. cit. páx. 176.

[334]Un segmento de vital importancia para os balnearios en función da existencia do programa de Termalismo Social do IMSERSO. Un programa en funcionamento dende 1989 que facilita a estanza de persoas da terceira idade (normalmente maiores de 65 anos) nos balnearios que estean adscritos ao devandito programa, coa finalidade de mellorar a saúde a través do uso da auga mineromedicinal e nunhas condicións económicas vantaxosas, posto que unha parte do tratamento é achegado pola Seguridade Social. Véxase: http://imserso.es/imserso_01/envejecimiento_activo/termalismo/index.htm

[335]"A especialización prodúcese ao servir as necesidades dun determinado segmento ou dunha zona. O segmento poderá ser o RR (reumático rico) de toda a vida, o cliente que compra descanso, o que compra programas de beleza, fitness ou outros, e, mesmo, os pequenos grupos de terceira idade. Que se traballe cun ou outro segmento dependerá de se a especialización se dá por ser líder en custos ou por diferenciación". Véxase: VAZQUEZ-ILLÁ NAVARRO, J. (2000): "Estrategias competitivas para el sector balenario", en LÓPEZ GETA, J. A. e PINUAGA ESPEJEL, J. I. (eds.): "Panorama actual de las Aguas Minerales y Minero-medicinales en España". Instituto Tecnológico Geominero de España, Ministerio de Medio Ambiente, Madrid; pp. 41-62; op. cit. páxe. 58 e 59.

[336]Véxase: ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E. (2003): "Análisis de la calidad de servicio percibida en los establecimientos termales: conceptualización, medición y relación con otras variables de marketing". Tesis Doctoral, Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense, Universidad de Vigo, Ourense; op. cit. páx. 244.

[337]Véxase: HENN BONFADA, M. R.; LOPES BRANCO BONFADA, P.; GONÇALVES GANDARA, J. M. e FRAIZ BREA, J. A. (2008): "Turismo termal: cambios conceptualesy mercadológicos de los balnearios en España". Turismo Visão e Ação – Eletrônica, v. 10, nº 03; pp. 415-434; op. cit. páx. 426.

nos folletos publicitarios, xa que en estes últimos describen os establecementos existentes segundo a súa actividade"[338].

4.2.4.8. O produto turístico rural.

O produto coñecido como ***turismo rural*** é unha das tipoloxías nas que máis claramente ilustra, tanto cuantitativa coma cualitativamente, a intención por parte da administración autonómica por promover e consolidar unha modalidade capaz de diversificar os produtos que ofertaba Galicia nos primeiros anos 90[339]. Nun principio tratouse fundamentalmente de fomentar a apertura de establecementos de aloxamento nos que se valoraba sobre todo a singularidade e a tipicidade destes, mesmo por enriba dos servizos ofertados[340]. Un feito favorecido polo apoio que supuxo contar con numerosas axudas procedentes de diversas administracións, dende a autonómica á europea (LEADER I ,LEADER II,...)[341], o establecemento dun marco regulador propio e a mellora evidente na accesibilidade galega aos mercados potenciais[342]. Un produto turístico actualmente consolidado no que se detectan problemas asociados a un exceso de oferta e á falta de oferta complementaria aos propios aloxamentos rurais. De feito, a evolución en número de establecementos e prazas da oferta de Turismo Rural foi crecente no conxunto do litoral galego: dunha rede de 100 establecementos e 1.150 prazas en 2004 pásase a 161 establecementos e 1.935 prazas en 2012, o que supón un destacado incremento da oferta alojativa nesta modalidade (Figura nº4.2.4.8.1). Un crecemento que podemos catalogar como excesivo ata o punto de supoñer un exceso de oferta[343]. As preocupantes taxas de ocupación comentadas no apartado anterior déixannos ver con toda claridade a inadecuación entre a oferta e a demanda. Agora ben, debemos tamén indicar que nos últimos anos se observa un crecemento moi pausado en comparación cos períodos anteriores, sen dúbida á marxe dos efectos da crise económica porque dende a administración autonómica se considera que a oferta actual é suficiente, e só formularíase o apoio en caso de non existir oferta ningunha no municipio, ou para a tipoloxía D, de aldeas rurais[344], que foi introducida na norma coa reforma actualmente vixente de 2004[345].

---

[338]Véxase: ALÉN GONZÁLEZ, Mª. E. (2013): "Turismo Termal y de Salud", en "Memoria do Curso Académico 2012-2013". Centro Asociado UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia) en Ourense, Ourense; pp. 9-35; op. cit. páx. 34.

[339]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2007): "El turismo rural en Galicia: ¿un producto estructurado?". Turismo e Territorio, nº0; pp. 35-81; op. cit. páxs. 37 e 38.

[340]Véxase: SANTOS SOLLA, X. M. (2012): "Los turismos de interior en Galicia. Balance y perspectivas". Polígonos. Revista de Geografía, nº23; pp. 213-234; op. cit. páx. 214.

[341]De feito, ABAD (2003) estimaba que a finais do ano 2000 o 64% do total de prazas ofertadas na provincia de Ourense recibiran algún tipo de axuda da Xunta de Galicia. Esta autora estima que, se incluímos outras subvencións, nalgúns anos se chegaría ao 100% de prazas subvencionadas. Véxase: ABAD ROMERO, P. (2003): "El turismo rural en Galicia". Revista Galega de Economía, vol. 12, nº2; pp 5-28; op. cit. páx. 11.


[342] Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2007); op. cit. páx. 38.

[343] (Xosé Santos, Cristóbal Ramírez)

[344]Véxase: SANTOS SOLLA, X. M. (2012): "Los turismos de interior en Galicia. Balance y perspectivas". Polígonos. Revista de Geografía, nº23; pp. 213-234; op. cit. páx. 222.

[345]Artigo 2 d) do Decreto 191/2004. Véxase: "Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural". DOG nº154, de 10/8/2004; pp. 11.442-11.453.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2004/20040810/Anuncio15536_gl.pdf .
Posteriormente modificado polo Decreto 142/2006 no que atende exclusivamente ao modelo das placas distintivas dos distintos tipos de establecementos de turismo rural. Véxase: "Decreto 142/2006, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural". DOG nº173, de 7/9/2006; páx. 13.742.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2006/20060907/Anuncio1989E_gl.pdf

Figura nº4.2.4.8.1.- Evolución do número de prazas e establecementos de Turismo Rural no conxunto do litoral galego.



Fonte: Elaboración propia a patir do Directorio de empresas e actividades turísticas, Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo, Xunta de Galicia. Datos referidos ao 31 de decembro.

Na actualidade o Turismo Rural vive un momento de encrucillada tanto no litoral coma en Galicia. Por un lado, trátase dun produto turístico con enormes potencialidades, tendo en conta os atractivos do litoral galego para o seu desenvolvemento. Non obstante, por outra parte, existen unha serie de anomalías repercuten na calidade do produto. Unha destas debilidades é o comentado exceso de oferta, como consecuencia da política de subvención practicada dende a Xunta de Galicia. Un exceso de oferta que se reflicte nunhas cifras de ocupación moi baixas. Agora ben, na nosa opinión a gran debilidade desta oferta reside na ausencia dun produto integral de Turismo Rural. De feito, os establecementos de Turismo Rural en

gran medida no litoral simplemente ofrecen aloxamento e restauración[346]. Polo tanto, trátase dunha actividade cuxa oferta de aloxamento se encontra na actualidade perentoriamente necesitada dunha rede de recursos asociados, a xeito de oferta complementaria[347]. Nalgúns casos a interacción coa poboación local, mesmo cos donos dos aloxamentos, é inexistente, o que constitúe unha desviación do concepto de Turismo Rural como produto turístico cimentado na interacción coa cultura, costumes e tradicións locais. Os xestores das OMDs do litoral galego deben ser conscientes que esta tipoloxía de oferta regrada require elaborar toda unha oferta complementaria, capaz de dinamizar a estanza do turista nos espazos rurais, dentro dun paradigma de sostibilidade e integración coas comunidades locais. Unhas lineas de actuación lóxicas a promover dende as OMDs que deberían animar a realización de talleres gastronómicos ou de artesanía, rutas de sendeirismo ou paisaxísticas, ou a posibilidade de colaborar nas tarefas agrícolas ou gandeiras,... todo un conxunto de actividades encamiñadas a dinamizar os tecidos socioeconómicos rurais locais, configurando verdadeiros produtos turísticos sostibles e integrais[348]. Un enfoque de produto que tamén inclúa a satisfacción do cliente obxectivo, o interese da colectividade, as repercusións sobre o medio e as accións da competencia, convértese no máis axeitado para a xestión e ordenación do turismo rural. A necesidade de regular a demanda e os efectos derivados da súa actuación, esixen unha visión ampla que abranga a toda a colectividade que, aínda sen ser usuaria do produto, si esixe unha conservación do medio en óptimas condicións de desfrute para xeracións vindeiras. Con esta finalidade, o turista rural e a sociedade en xeral, deben ser non só "informados" das características do turismo rural, senón tamén "formados", para que comprendan que neste caso e máis que en ningún outro, a adquisición e desfrute do produto supón unha serie de dereitos para o turista, pero tamén un conxunto de obrigas co medio rural que visitan[349]. Polo tanto, consideramos que a xestión e ordenación do produto turístico rural por parte das OMDs debe abordarse tendo en conta, entre outros aspectos, a necesidade de desenvolvelo como un turismo

[346]Estamos de acordo plenamente coa formulación de SPARRER (2007) segundo a cal moitos aloxamentos de turismo rural localizados en municipios litorais serven sobre todo de plataforma para facer actividades vinculadas máis con produtos de sol e praia ou urbanos. Véxase: SPARRER, M. (2007): Turismo no espazo rural e desenvolvemento. Estudo comparativo da provincia da Coruña e o Landkreis Wittmund". Dirección Xeral de Turismo, Consellería de Innovación e Industria, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

[347]Véxase: LOIS GONZÁLEZ, R.C. (2007): "A nova política para o turismo nos espazos rurais de Galicia", en BACARIZA CORTIÑAS, S. X. (coord.): "I Seminario Internacional de Turismo Rural". Xunta de Galicia. Santiago de Compostela; pp. 7-19. SPARRER, M. (2007): Turismo no espazo rural e desenvolvemento. Estudo comparativo da provincia da Coruña e o Landkreis Wittmund". Dirección Xeral de Turismo, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

[348]Uns produtos turísticos rurais que os xestores das OMDs deben estruturar partindo da combinación de recursos turísticos, tanto naturais coma creados polo home, con vistas a obter unha gama de produtos adaptados ás necesidades e demandas de cada segmento específico de turistas. A práctica ausencia dos denominados «paquetes turísticos», tan desenvolvidos noutros tipos de turismo, supón unha carencia destacable e cuxo efecto sobre a evolución futura do turismo rural pode ser moi negativa. Un paquete turístico rural que inclúa aquelas actividades e servizos que os turistas demandan para gozar das súas vacacións aproveitando, así mesmo, o seu tempo de ocio para coñecer e participar da natureza, costumes e tradicións dos lugares que visitan, resulta esencial para o logro da súa satisfacción global. No caso de que non se desenvolva unha oferta complementaria á oferta de servizos básicos, será difícil lograr o desenvolvemento dos devanditos paquetes turísticos e, conseguintemente, cubrir as necesidades dos cada vez máis esixentes turistas. Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2007): "El turismo rural en Galicia: ¿un producto estructurado?". Turismo e Territorio, nº0; pp. 35-81; op. cit. páxs. 71 e 72.

[349]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2007): "El turismo rural en Galicia: ¿un producto estructurado?". Turismo e Territorio, nº0; pp. 35-81; op. cit. páx. 39.

minoritario, as características da demanda, a importante interrelación entre o sector público e o privado e a necesaria conservación do medio rural no que se leva a cabo[350].

4.2.4.9. O produto turístico de golf.

O *produto turistico de Golf* trata de dar resposta a aquel segmento de demanda que se define polos desprazamentos cuxa motivación principal é a práctica de golf ou a asistencia a competicións de golf, xa sexa de forma activa ou pasiva. Os estudos verifican que a súa práctica ten unha tendencia á alza nas sociedades avanzadas. De feito, cobrou progresivamente unha maior proxección social, deixando de estar vinculado exclusivamente ás elites socio-económicas[351]. O conxunto da demanda potencial de turismo de golf está valorado en torno a 80 millóns de xogadores[352], repartidos fundamentalmente entre Estados Unidos con case o 50% e Xapón co 20%[353]. Tanto creceu o turismo de golf, que este deporte conta dende 1997 cunha axencia de viaxes propia, a International Association of Golf Tour Operators (IAGTO[354]), "(...) o que demostra a importancia do turismo de golf no conxunto de actividades relacionadas co deporte e co turismo"[355].

O golf é un deporte cun alto volume de practicantes en toda Europa, no ano 2012 había un total de 4.378.864 de xugadores (Figura nº4.2.4.9.1). O número de mulleres que practican golf en Europa é inferior ao de homes (1.087.245), non obstante, representa aproximadamente un 24,83% do total de xogadores. Unha media que se mantivo constante no período 2007-2012 segundo os datos da European Golf Association (Figura nº4.2.4.9.2). Do mesmo modo, o número de xogadores juniors que practican este deporte permaneceu estable neste intervalo temporal considerado, no ano 2012 alcanzan case os 425.000 xogadores. (un 9,67% do total de xogadores). Os datos de evolución do números de xogadores da European Golf Association durante o período 2000-2012 mostran un crecemento do 33,37% (Figura nº4.2.4.9.1). Por outra parte, dado que non en todos os mercados existe a obrigatoriedade de federarse, non sempre é doado estudar exactamente o volume de practicantes. Os datos oficiosos do ano 2010 cifraban este volume de xogadores no contorno dos 9 millóns en toda Europa[356]. En

[350]Ibídem; op. páx. 40.

[351]Véxase: SERRANO GÓMEZ, V.; RIAL BOUBETA, A.; GARCÍA GARCÍA, O. e GAMBAU I PINASA, V. (2011): "El perfil de usuario en clubes de golf sociales mixtos con campos de 9 hoyos en Galicia: Un intento de segmentación desde la perspectiva de género". Cuadernos de Psicología del Deporte , vol. 11, nº2; pp. 131-138; op. cit. páx. 132.

[352]Véxase: OBSERVATORIO TURÍSTICO DE LA COMUNIDAD VALENCIANA (2013): "Turismo de golf". Consejería de Economía, Industria, Turismo y Ocupación de la Comunidad Valenciana, Valencia.

[353]Véxase: GONZÁLEZ ANTUÑA, J. I. (2011): "Diagnóstico del marketing del producto Golf en la instalación Varadero Golf Club, Cuba". http://www.gestiopolis.com/diagnostico-marketing-producto-golf-instalacion-varadero-golf-club-cuba

[354]Precisamente, o informe de 2012 da IAGTO, indicaba que as vendas globais de vacacións vinculadas ao deporte dos paus creceron ao redor dun 9,3 % en 2012 en comparación co ano anterior. Os datos proceden das respostas dun 48% dos turoperadores enquisados do total de 492 que forman parte de IAGTO, situados en 62 países. As cifras do informe indican que os operadores da entidade se ocuparon de atender a 1,6 millóns de golfistas en 2012, con vendas de vacacións de golf por máis de 1.500 millóns de euros. A maioría das viaxes, máis dun 60% foron ao estranxeiro, é dicir a campos de golf situados fóra dos seus países de orixe. O incremento medio de vendas dos turoperadores europeos foi dun 9,4% en relación co ano anterior, levemente por enriba do 9,3% global. Véxase: http://www.iagto.com

[355]Véxase: BABINGER, F. (2012). "El golf en España: la concentración social y territorial de un fenómeno que transciende ampliamente lo depoertivo". Ería, nº88; pp. 185-197; op. cit. páx. 187.

[356] Véxase: TURGALICIA (2010): "Plan de acción Turismo de Golf en Galicia 2010-2013". Turgalicia, Xunta de Galicia; op. cit. páx. 30.
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153269.pdf?langId=es_ES

España, pola súa banda, desde o ano 85 ata o ano 2012 pasou dunha cifra de 45.000 xogadores a unha cifra que supera os 325 mil licenzas, un crecemento do 622,22% (Figura nº4.2.4.9.3). Agora ben, debemos resaltar tamán un lixeiro axuste no número de licenzas federativas dende a cifra máxima rexistrada en 2010. A conxuntura económica actual motivou unha lixeira diminución dun 3,95% do número total de federados[357]. Actualmente é o 3º deporte en España por número de licenzas federativas. As CC.AA. con máis licenzas de xogadores no ano 2012, segundo datos da Real Federación Española de Golf, eran Madrid (95.194, 29,26% do total España), Andalucía (50.401, 15,49% do total España) e Cataluña (40.822, 12,55% do total España). Galicia contaba con 12.433 licenzas (3,82% do total España) (Figura nº4.2.4.9.4). O número de federados en España representa o 0,69% do total da poboación. Realizando esta mesma análise por CC.AA, destacan a situación de Cantabria (1,56%), Madrid (1,46%), Asturias (0,99%) e País Vasco (0,93%). En Galicia esta media sitúase nun 0,45% (Figura nº4.2.4.9.3). Estes promedios moi por enriba da media nacional nas Comunidades Autónomas da zona norte debemos atribuílo en gran parte ao clima, que facilita o mantemento das instalacións, a tradición, como no caso de País Vasco ou Cantabria e a promoción da Administración Pública a través de escolas e campos públicos, como no caso de Asturias. A situación de Madrid sería independente á do resto de CC.AA. "(...) xa que a presenza de executivos e empresarios xunto a unha das rendas brutas dispoñibles máis elevadas do país motivou que mostre o segundo peso específico de xogadores respecto á poboación total máis alto do país"[358]. A evolución das licenzas en Galicia, segundo datos da Federación Galega de Golf, durante o período 2004-2012 é positiva, aínda que se fan evidentes os efectos da crise económica (Figura nº4.2.4.9.5). En calquera caso, para todo o intervalo, o crecemento de xogadores fedrados foi dun 26,76%.

[357] Un axuste que na nosa opinión non significa que xogadores de golf renunciasen a practicar esta actividade, se non que os federados que non practicaba este deporte regularmente deron de baixa as súas licenzas federativas como ferramenta de recorte de gastos, polo que non estimamos que este recorte teña un impacto na demanda potencial efectiva. Véxase: AGUIRRE NEWMAN (2011): "Estudio de Mercado Campos de Golf en España. Resumen Ejecutivo". op. cit. páx. 7. https://www.aguirrenewman.com


[358] Ibídem; op. cit. páx. 7.

Figura nº4.2.4.9.1.- Turismo de Golf: Evolución do número de xogadores nos principais mercados potenciais de Galicia e no conxunto de Europa[1]. Período 2000-2012. Unidade: número de xogadores

	Europa	Gran Bretaña[2]	Irlanda	Alemaña	Francia	Portugal	España
2000	3.187.622	1.178.895	215.834	345.176	277.459	7.500	151.080
2001	3.400.588	1.206.003	221.340	370.490	291.754	9.400	174.854
2002	3.556.623	1.214.749	231.733	399.016	301.902	12.000	195.096
2003	3.741.680	1.214.618	238 091	428.076	325.229	13.000	217.621
2004	3.958.965	1.209.592	255.200	457.237	345.022	15.768	217.430
2005	4.107.174	1.203.174	266.730	483.172	359.141	17.642	233.708
2006	4.135.086	1.177.874	280.240	506.746	368.746	15.791	267.122
2007	4.270.156	1.193.809	287. 000	527.427	378.275	13.835	310.822
2008	4.328.856	1.154.755	289.120	552.388	387.067	14.342	318.337
2009	4.328.856	1.140.498	259.000	575.176	396.990	14.769	303.231
2010	4.439.233	1.110.448	259.000	599.328	410.377	14.545	338.160
2011	4.392.378	1.071.859	253.318	610.104	407.530	14.656	328.495
2012	4.378.864	1.046.600	217.567	624.569	418.340	14.679	325.310

Fonte: Elaboración propia a partir de European Golf Association.
[1]Dentro do conxunto das federacións membros da European Golf Association, no ano 2012 eran 44.
[2]Total de xugadores de Inglaterra, Escocia e Gales.

Figura nº4.2.4.9.2.- Evolución do número de xogadores de golf por sexo e juniors en Europa[1]. Período 2007-2012[2].




Fonte: Elaboración propia a partir de European Golf Association.
[1]Dentro do conxunto das federacións membros da European Golf Association, no ano 2012 eran 44.
[2]A elección deste intervalo temporal, afectado de cheo pola crise económica financeira iniciada a finais de 2007, obdece a que a non ofrece resultados do sexo femenido no intervalo 2001-2006. Descoñecemos os motivos. Véxase: http://www.ega-golf.ch/050000/050200.asp

Figura nº4.2.4.9.3.- Turismo de Golf: Licenzas de golf por CC.AA. Ano 2012.

	Licenzas[1]	Poboación[2]	% golfista habitante
Andalucía	50.401	8.449.985	0,60
Aragón	6.581	1.349.467	0,49
Asturias	10.628	1.077.360	0,99
Baleares	7.514	1.119.439	0,67
Canarias	8.939	2.118.344	0,42
Cantabria	9.238	593.861	1,56
Castela- A Mancha	7.020	2.121.888	0,33
Castela-León	17.845	2.546.078	0,70
Cataluña	40.822	7.570.908	0,54
C. Valenciana	22.292	5.129.266	0,43
Extremadura	2.600	1.108.130	0,23
Galicia	**12.433**	**2.781.498**	**0,45**
Madrid	95.194	6.498.560	1,46
Murcia	6.655	1.474.449	0,45
Navarra	3.936	644.566	0,61
País Vasco	20.365	2.193.093	0,93
A Rioxa	2.545	323.609	0,79
Ceuta	69	84.018	0,08
Melilla	253	80.802	0,31
ESPAÑA	**325.330**[3]	**47.265.321**	**0,69**


Fonte: Fonte: Elaboración propia a partir de Real Federación Española de Golf. INE.
[1]Datos a 1 de xaneiro de 2012.
[2]Datos a 1 de xanerio 2012.
[3]Non inclúe licenzas de honra e medallas de mérito.

Figura nº4.2.4.9.4.-Turismo de Golf: Distribución de licenzas de golf por CC.AA. Ano 2012. Unidade: %.



Fonte: Fonte: Elaboración propia a partir de Real Federación Española de Golf.

Figura nº4.2.4.9.5.- Evolución do número de licenzas de golf en Galicia. Período 2004-2012.



Fonte: Elaboración propia a partir da Federación Gallega de Golf.

Os mercados anglosaxóns, o centro e o norte de Europa contan con importante bolsas de poboación que o practican (Figura nº4.2.4.9.1), e con xogadores que se desprazan en diferentes ocasións ao ano na procura de novos destinos onde practicalo[359]. Entre outras motivacións encóntrase non gozar dun tempo favorable para o xogo na maior parte do ano. Unha realidade xunto con outros factores que situaron a España como un dos tres destinos máis importantes de turismo de golf en Europa[360]. A temporada alta do turismo de golf en España é marzo, abril e outubro, meses moi diferentes aos da temporada alta tradicional, do produto "sol e praia"[361], provocando así unha desestacionalización turística nas zonas que xeralmente reciben estes turistas[362]. En canto ao perfil do turista de golf, podemos empezar apuntando o alto interese deste segmento de demanda en realizar outro tipo de actividades durante a súa estadía. Entre estas actividades cabe salientar, a súa tendencia por: realizar compras, excursións e visitas culturais e, unha inclinación especialmente favorable ás potencialidades dos destinos galegos, gozar dunha boa gastronomía[363]. Noutra orde, a maioría dos turistas de golf alóxanse en hoteis[364]. De feito, en termos de gasto, o turista de golf presenta unha

[359]Segundo a enquisa de "Hábitos do Xogador de Golf", realizado polo Grupo Grupo Gheisa (2005), o xogador de golf viaxa ata nove veces ao ano para practicar. Así, o 43,75% dos xogadores chega a realizar máis de nove desprazamentos anuais. Unhas viaxes son realizadas normalmente nos períodos estacionais de primavera e outono. Outros datos interesantes deste mesmo estudo sobre o perfil de demanda de golf, son que en torno ao 50% dos casos, a viaxe se realiza en parella. Respecto á estanza media, esta adoita ser de entre 2 e 4 noites, o que favorece o desenvolvemento de actividades complementarias no destino. Ademais, este estudo inidca que o factor prezo non é determinante á hora de seleccionar o destino por parte do turista de golf. Véxase: http://www.rfegolf.es/Noticias/NewsDetails.aspx?NewsId=1072

[360]Véxase: TURGALICIA (2010); op. cit. páx. 38.

[361]Ibídem; op. cit. páx.37.

[362]Véxase: AGUIRRE NEWMAN (2011): "Estudio de Mercado Campos de Golf en España. Resumen Ejecutivo". op. cit. páx. 8. https://www.aguirrenewman.com

[363] Ibídem; op. cit. páx. 49.

[364]En concreto, segundo un informe realizado por Turespaña en 2004, un 45% dos turistas de golf alóxanse en hoteis, mentres que o 17% utilizan o formato apartamento e o 12% ocupan as súas segundas ou terceiras residencias compradas en España. Véxase: THR (Asesores en Turismo, Hostelería y Recreación, S.A.) (2004) Estudios de Productos Turísticos. Turismo de Golf. "Estudio sobre la demanda

estadía maior que a do turista tradicional e un orzamento medio un 180% máis elevado e un gasto diario tres veces superior[365]. Ademais, a súa práctica é moi lonxeva, podendo abarcar todas as etapas da vida, desde os 5 aos 90 anos, sen que requira unha gran formación física. O xogador de golf desexa coñecer novos campos e destinos, gozar do reto e a experiencia de xogar noutros distintos dos que habitualmente practica na súa contorna, posto que cada campo é distinto e ofrece experiencias e retos diferenciados[366]. En relación coa oferta, nos primeiros anos 90 Galicia contaba con 6 campos de golf. No 2012, oferta estaba de instalacións conformada por cun total de 19 instalacións de golf nas catro provincias: 10 campos de 18 buratos, 5 campos de 9 buratos e 4 campos de Pitch&Putt (Figura nº4.2.4.2.4). Por provincias, A Coruña é a que máis oferta ten de instalacións de golf. O conxunto do litoral galego conta cunha oferta de 4 campos de 18 buratos, 3 campos de 9 buratos e 2 campos de Pitch&Putt. Fóra dos Pitch&Putt[367], Galicia ten unha oferta de 12,5 campos equivalentes a 18 buratos. Nos mesmo termos, o litoral galego concentra unha oferta de 5,5 campos equivalentes a 18 buratos (Figura nº4.2.4.9.6). Agora ben, a mellora da oferta non consiste tan só en aumentar o número de campos de golf. Tamén é necesario ofrecer calidade, variedade na tipoloxía dos campos, tarifas axustadas ao tipo de oferta, así como ser capaz de completala con outros atractivos adicionais. Un aspecto destacado dentro desta oferta de instalacións é sinalar o escaso peso dos "resort integrados". É dicir, onde se conxugue instalación hoteleira/residencias secundarias con campo de goff. Unha realidade que denota a desconexión existente entre o golf e o turisno. En Galicia, só existen 4 casos poidamos asimilar a este perfil. Dos cales, só un se localiza no litoral referímonos ao *Club de Golf La Toja* (O Grove, Pontevedra). De feito, a "(...) urbanización da Illa da Toxa conformouse en gran medida en torno ao campo de golf como foco central de atracción favorecedor da demanda de residencias secundarias de alto "standing" (golf urbanización)"[368]. Neste punto, hai que recordar que o sector inmobiliario. utilizou con frecuencia os campos de golf en España, como un reclamo nas súas vendas. Aínda que a crise freou o boom inmobiliario "(...) e polo tanto o paquete que en demasiadas ocasións formaban urbanizacións e golf, cabe sinalar que este binomio non beneficiou a imaxe do

extranjera de golf: la promoción y comercialización del turismo de golf en España". Turespaña, Madrid; op. cit. pax. 25.

[365]Véxase: TURGALICIA (2010); op. cit. páx. 45. A consultora no seu estudo cifra o gasto diario do turista de golf en 171,4 €, que estiman un 74,8% máis que o gasto do turista medio. AGUIRRE NEWMAN (2011): "Estudio de Mercado Campos de Golf en España. Resumen Ejecutivo". op. cit. páx. 8. https://www.aguirrenewman.com

[366]TURGALICIA (2010); op. cit. páx. 24.

[367]Actualmente non existen referencias de demanda de turística relacionada cos Pitch&Putt. Unha modalidade de instalación que só tivo un desenvolvemento interesante en Irlanda e en Cataluña, e que considérase polo mundo do golf como unha vía para facilitar o acceso á práctica do golf a novos xogadores polo prezo e a facilidade de situar unha instalación destas características fronte a un campo de golf tradicional de 18 buratos. Véxase: Véxase: TURGALICIA (2010): "Plan de acción Turismo de Golf en Galicia 2010-2013". Turgalicia, Xunta de Galicia; op. cit. páx. 52.
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153269.pdf?langId=es_ES

[368]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2002a): "A illa da Toxa: O planeamento urbanístico no proceso de construcción e transformación dun producto turístico litoral". Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevdra, Vigo; op. cit. páx. 107. Neste mesmo estudo, aportabamos dous xuízos de valor que creemos aínda totalmente vixentes: "O turismo baseado na práctica do deporte do golf ofrece a posibilidade de diversficar a oferta turística litoral galega e de atraer un importante número de turistas de calidade en períodos mesmo de baixa ocupación hoteleira. Además, o custo de mantemento destes campos e servizos auxiliares é menor en Galicia, grazas a condicionantes fundamentalmente de tipo climático, que noutras rexións españolas mediterráneas que van por diante no desenvolvemento deste tipo de oferta". Ibídem; op. cit. páx. 108.

golf, sendo fonte de críticas (..:)"[369].Á fin e ao cabo, estes resorts supoñen a destrución do piasaje orixinal, o substrato físico, pero tamén o sociocultural, por un escenario turístico residencial, por unha "*natureza turistizada*"[370]. Sen que se nos esqueza a problemática ambiental xerada pola alta demanda de auga dos campos de golf, espacialmente en zonas sensibles do Mediterráneo a sufrir longas tempadas de escased deste ben natural.

Os factores que posibilitaron o crecemento e mellora das instalacións de golf na comunidade, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo, debemos buscalas esencialmente na mellora das comunicacións observada en Galicia durante os últimos anos unido ao crecente interese por este deporte, tanto por parte de turistas como dos propios habitantes de Galicia[371]. Ademais, certos hoteis comezaron a integrar paquetes turísticos nos que se inclúen actividades de golf e de turismo termal (turismo de natureza nalgúns casos) en un mesmo produto[372]. No marco do citado "Plan de acción Turismo de Golf en Galicia 2010-2013" tamén preténdese ligar a oferta de golf coa gastronómica, enolóxica e rural, constituíndo así un produto resultado da confluencia de varias modalidades turísticas.

Figura nº4.2.4.9.6.- Distribución da oferta de instalacións de golf na Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2012.

	Instalacións	18 buratos	9 buratos	Campos equivalentes a 18 buratos	Pitch&Putt
A Coruña	8	4	2	5	2
Lugo	4	2	1	2,5	1
Pontevedra	6	3	2	4	1
Ourense	1	1		1	
Galicia	19	10	5	12,5	4
LITORAL GALEGO	9	4	3	5,5	2

Fonte: Elaboración propia a partir da Federación Gallega de Golf.

Turismo e golf estase convertendo nun dos binomios con maior peso no sector turístico nos últimos anos, ata tal punto que pode ser unha estratexia sólida, enriquecedora e clave a medio e longo prazo[373]. O produto turístico de golf preséntase ás OMDs do litoral galego como unha estratexia de desenvolvemento cara contrarrestar a estacionalidade da actividade turística, á vez que permite avanzar na calidade dos diferentes produtos turísticos ofertados, potenciando a súa diversificación e atractivo, así como a atracción dun segmento de demanda con elevada capacidade de gasto en destino. Estamos ante un segmento de demanda cuxa captación por parte das OMDs do litoral galego sería de grande interese dada as características apuntadas con

[369]Véxase: SERRANO GÓMEZ, V. (2013): "Evolución de la práctica del golf, características y dimensión económica". Revista Española de Educación Física y Deportes (REEFD), nº403; pp. 63-80; op. cit. páx. 79.
[370]Véxase: ALEDO TUR, A. (2008): "De la tierra al suelo: La transformación del paisaje y el nuevo turismo residencial". ARBOR Ciencia, Pensamiento y Cultura, CLXXXIV, 729; pp. 99-113; op. cit. páx. 100.
[371]Véxase: ULLA LORENZO, F. e PAZOS OTÓN, M. (2010): "Productos y destinos turísticos emergentes en Galicia". Revista de Estudos Politécnicos, vol, 8, nº14; pp. 21-43; op. cit. páx. 28.
[372] Ibídem.
[373]Véxase: TURGALICIA (2010): "Plan de acción Turismo de Golf en Galicia 2010-2013". Turgalicia, Xunta de Galicia; op. cit. páx. 24.
http://www.turgalicia.es/docs/mdaw/mtuz/~edisp/turga153269.pdf?langId=es_ES

anterioridade. Polo tanto, o produto turístico de golf debe ser concibido como medio idóneo para a diversificación da oferta dos destinos de "sol e praia" do litoral galego. Se ben, e co fin de optimizar os seus beneficios, cremos que é preciso a súa planificación exhaustiva. Nesta dirección, non quixera rematar esta breve análise do produto turístico de golf sen apuntar unha serie de recomendacións cara os xestores das OMDs turístico do litoral galego á hora de impulsar este produto no seu territorio. Estas recomendacións son basicamente tres:

- ✓ Deseñar e desenvolver produtos de golf baseados en experiencias globais, centradas en tres eixes primordiais cultura, saúde (balnearios e spa) e gastronomía.
- ✓ Establecer os mecanismos necesarios para congregar tanto os axentes privados coomo públicos en torno á creación dun Club do Produto Turístico de Golf. Un organismo que debería centrarse na acción promocional, da comercialización e da imaxe global que se proxecta tanto nos destinos internacionais como nacionais.
- ✓ Realizar actividades formativas orientadas a profesionais centradas entre outros campos: nas mellores técnicas de coidados de campos de golf (*Green Keeper*) e cursos formativos en xestión turística especializada. Neste aspecto, na xestión dos campos de golf ha de primarse o desenvolvemento sostible e ordenado da actividade, polas implicacións e interaccións co territorio que da mesma derivan. Un obxectivo que require a existencia dun sistema de control que, entre outros, favoreza a configuración de espazos turísticos de calidade. Por iso, creemos de vital importancia a implantación de sistemas de xestión ambiental que garanta unha xestión ambiental transparente, moderna e participativa nos campos de golf.

4.2.4.10. O produto turístico urbano-cultural.

A cultura, en xeral, converteuse na actualidade nun obxecto de crecente consumo turístico[374]. Un produto turístico que se basea en todo tipo de recursos culturais, materiais ou inmateriais, sen que o concepto "patrimonio cultural" se refira exclusivamente ao patrimonio monumental[375]. Uns recursos culturais que se constituíron nun elemento central nas estratexias de mercadotecnia urbana e, de forma especial, nas políticas turísticas que a tomaron como un factor diferencial que permite dotar aos destinos de produtos singulares. De feito, nos últimos anos, produciuse unha explosión de destinos urbanos que intentan poñer en valor os seus recursos, atractivos e sinais de identidade culturais co obxectivo de xerar interese entre os potenciais

[374]Véxase: PULIDO FERNÁNDEZ, J. I. e SÁNCHEZ RIVERO, M. (2010): "Attitudes of the cultural tourist: a latent segmentation approach". Journal of Cultural Economics, vol. 34, nº2; pp. 111–129.

[375]O concepto de patrimonio é amplo e complexo, inclúe tanto o ámbito natural como cultural. De feito, "(...) engloba nocións de paisaxe, conxuntos históricos, paisaxes naturais e conxuntas arquitectónicas, así como as nocións de biodiversidade, colección, prácticas culturais tradicionais ou actuais, coñecemento e experimentación". Véxase: MORUCCI, B. (2006): "Prólogo", en FONT SENTÍAS, J. (coord..). "Casos de turismo cultural: de la planificación estratégica a la gestión del producto". Ariel, Barcelona; pp. 15-17; op. cit. páx. 15. Por último, engadir que o termo patrimonio, aínda que foi obxecto de diversas acepcións, a grandes trazos fai referencia ao conxunto de elementos naturais ou culturais con que conta un determinado territorio ou grupo humano e que son considerados valiosos por parte da sociedade, de aí que sexa un concepto cuxa singularidade radica na existencia dese recoñecemento e valoración social. Véxase: PORCAL GONZALO, Mª. C.; DÍEZ ANGULO, A. e JUNGUITU INIÑIGUEZ DE HEREDIA, J. (2012): "Dimensión territorial y turística de la Ruta Norte del Camino de Santiago en el País Vasco: Distintas concepciones, valoraciones y propuestas de intervención sobre un fenómeno multifácetico". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, nº58; pp. 177-204; op. cit. páx. 179.

turistas[376]. Os xestores das cidades apostan polo turismo urbano polos beneficios económicos, socioculturais e ambientais que lle reporta[377]. Os turistas buscan satisfacer nas cidades as súas necesidades de ocio e vacacións grazas ao desfrute dos recursos turísticos que a cidade lle ofrece, que non son só extrictamente culturais (compras, ocio nocturno...). Esa atracción mutua pode levar á cidade a converterse nun destino turístico que debe ser representado por unha marca detrás da cal debe existir unha oferta integral cuxa configuración debería partir dunha verdadeira acción de gobernanza, onde figuren os diferentes actores tanto públicos coma privados do destino.

Galicia conta cunha atractiva oferta de turismo urbano-cultural. Non son poucas as cidades e vilas galegas que desenvolveron políticas, programas e accións para revalorizar os seus propios recursos para configurar produtos turísticos comerciables tanto no mercado de proximidade coma no nacional e, nalgúns casos, internacional. Iniciativas de carácter público que se viron acompañadas no ámbito empresarial pola renovación cando non ampliación da oferta hoteleira, que reforzaron o seu produto turístico, se ben provocaron unha situación de sobre oferta estrutural de aloxamento, por incrementarse por enriba do verdadeiro potencial de demanda a curto e medio prazo. De feito, os incrementos no número de prazas na planta hoteleira das cidades galegas do litoral no período 2003-2012, se ben inferiores aos de Santiago Compostela (54,73% máis prazas hoteleiras), foron moi significativos (Figura nº4.2.4.10.1): A Coruña (19,74%), Ferrol (37,77%), Pontevedra (25,42%) e Vigo (30,04%). Uns incrementos que en ningún caso se corresponden coa evolución da demanda[378], especialmente dende o estalido da crise económica en España motivada polo estalido da burbulla inmobiliaria a finais de 2007.

[376]Véxase: SMITH, M. K. e RICHARDS, G. (eds.) (2013): "The Routledge Handbook of Cultural Tourism". Routledge, Abingdon (Oxon, U.K.).


[377]Uns beneficios que podemos concretar basicamente en cinco:

- O turismo permite a introdución da cidade nas novas redes de intercambio e de negocios a escala nacional como internacional (mercadotecnia territorial).
- A considerable achega á economía local que realizan algúns segmentos de determinadas modalidades turísticas (como o turismo cultural ou o turismo de negocios).
- O turismo urbano non é tan estacional como outras tipoloxías turísticas, existindo unha repartición máis equilibrada dos turistas durante todo o ano. Existen picos de demanda, pero, en comparación a outras modalidades, a estacionalidade do destino é reducida. Por conseguinte, a oferta de emprego resulta máis estable.
- Trátase dunha industria "sen chemineas", en aparencia máis inofensiva que outras, como as dedicadas á produción física.
- O turismo caracterízase por importantesefectos multiplicadores sobre diferentes subsectores.

Véxase: CAZES, G. e POTIER, F. (1994): "Le tourisme urbain". PUF (Presses Universitaires de France), Paris. SHAW, G. e WILLIAMS, A. M. (2002): "Critical issues in tourism. A geographical perspective". Blackwell Publishers Ltd., Oxford (U.K.).

[378]Véxase as Figuras nº4.3.2.1.16 e 4.3.2.1.17 do apartado seguinte deste capítulo.

Figura nº4.2.4.10.1.- Evolución da oferta de prazas en hoteis nas cidades de A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Santiago de Compostel e Vigo. Período 2003-2012. Unidade: 2003=100.



Fonte: Elaboración propia a partir do Directorio de Empresas e Actividades Turísticas (DEAT), Dirección Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo.

En calquera caso, dende a administración autónomica nos últimos anos a promoción da "(...) imaxe turística de Galicia céntrase moito máis no mundo urbano, querendo reafirmar o feito de que Galicia non é só Santiago e un vasto espazo rural"[379]. Unha actividade promocional que se viu acompañada de diferentes accións de mercadotecnia urbana centradas basicamente na posta en valor dos cascos históricos tanto das sete principais cidades coma de moitas vilas galegas[380]. Un factor que unido á construción ou rehabilitación de edificios emblemáticos como centros e colectores culturais da máis variada índole[381] permitiu sentar os piares básicos para o desenvolvemento do produto urbano-cultural galego. Nesta dirección, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Ferrol posiciónase como destinos urbanos, poñendo en valor os seus recursos turísticos e participando en distintos plans de promoción turística que cambian por completo o concepto da planificación e xestión. En canto ás vilas ou pequenas

[379]Véxase: PAZOS OTÓN, M. e ALONSO LOGROÑO, Mª. P. (2011): "Cambios recientes en la imagen turística de Galicia: Un análisis de los principales factores explicativos", en Grupo TERAP {Territorio. Recursos .Ambientales y Patrimonio) (eds.): "Espacios y destinos turísticos en tiempos de globalización y crisis. Vol. 1". Actas del XII Coloquio de Geografía del Turismo, Ocio y Recreación/Asociación de Geógrafos Españoles (AGE), Universidad Carlos III, Colmenarejo (Madrid), del 17 al 19 de junio de 2010. AGE/ Universidad Carlos III de Madrid; pp. 341-357;op. cit. páx. 352.

[380] Un dos factores que contribuíu enormemente ao desenvolvemento do turismo urbano en Galicia foi a utilización de internet como ferramenta promocional, tanto dende a Xunta de Galicia (Turgalicia) coma dende a administración municipal, para dar a coñecer a súa oferta turística e conseguir atraer un maior número de visitantes, conscientes de que se converteu no principal catálogo de moitos turistas á hora de planificar a súa viaxe.

[381]Neste punto, asistimos nos anos anteriores ao estalido da crise económica de finais de 2007 a un labor construtiva desmesurada que ten ocasiando unha sobreoferta de colectores culturais, espazos-salas multiúsos ou museos, en moitas ocasións faltos de verdadeiro contido de programación cultural e a escasa distancia entre as distintas cidades e vilas de Galicia. "Así, como noutros campos da vida social galega, caeu no problema do localismo exacerbado que fai que cada núcleo de poboación intente contar cun colector cultural ou un gran museo, cuestión que deriva nun exceso de oferta". Véxase: PAZOS OTÓN, M. e ULLA LORENZO, F. (2010): "Productos y destinos turísticos emergentes en Galicia". Revista de Estudos Politécnicos, vol. VIII, nº14; pp. 21-43; op. cit. páx. 36.

cidades do litoral galego, os procesos de rehabilitación urbana foron un elemento clave para conseguir revitalizar os cascos históricos e conseguir atraer visitantes[382]. En definitiva, toda unha serie de actuacións, levada a cabo con criterios máis ou menos axeitados, que permitiron evolucionar en termos de calidade cara a unha oferta de equipamentos e rede cultural, revalorizando antigos elementos do patrimonio cultural galego e poñendo en valor novos elementos[383]. De todas as maneiras, sirva de paradoxo que estas estratexias para potenciar a imaxe urbana, para a diferenciación dentro do mercado, levaron consigo finalmente certa tendencia de homoxeneización e estandarización. Agora ben, tamén é certo que sobre a base desta oferta patrimonial e cultural potenciada foise incrementando e diversificando a carteira de produtos turísticos ofertados de turismo urbano-cultural tanto en Galicia como en concreto no seu litoral. Como exemplos máis significativos da estruturación de novos produtos son as numerosas rutas turísticas asociadas á riqueza patrimonial, cultural e artística, que baixo un mesmo fío condutor se foron configurando no entramado urbano das cidades[384] e vilas de Galicia (Ruta Picasso[385], Ruta Modernista[386], Ruta Torre de Hércules[387], ... en A Coruña; Vigo Antigo[388], Vigo Señorial[389], ... en Vigo; ...) ou a creación de programas específicos que enlanzan diferentes espazos do territorio galego algúns deles de carácter urbano como a "Ruta da Camelia: Pazos e Xardíns..."[390].

---

[382]Ibídem.

[383]Véxase: PAZOS OTÓN, M. e ULLA LORENZO, F. (2010): "Productos y destinos turísticos emergentes en Galicia". Revista de Estudos Politécnicos, vol. VIII, nº14; pp. 21-43; op. cit. páx. 36.

[384]Nesta dirección, resulta interesante resulta interesante a experiencia resultante do proxecto: "Deseño e creación de rutas e circuítos turísticos que contribúan ao desenvolvemento turísitico da cidade de Vigo" desenvolvido durante o ano 2012 pola consultora Hidria dentro do Plan de Competitividade de Produto Turístico "Vigo, Turismo Urbano & Ría" (2009-2012). Véxase: http://hidria.es/portfolio/diseno-y-creacion-de-rutas-turisticas-en-la-ciudad-de-vigo Un proxecto que promoveu o deseño e creación de varios circuítos turísticos dentro da cidade, co obxectivo do desenvolvemento da imaxe turística de Vigo e contribuír ao seu posicionamento como destino nacional. Neste marco, as inciaticas desenvolvidas foron:

- ✓ Diseño e creación dun Circuíto Turístico denominado "Ruta do Museo do Mar". Se deseño un circuíto turístico dirixido a un público xeral e co obxectivo de mostrar a vinculación da cidade, Vigo, co mar e coa súa ría. Este circuíto formúlabase como unha experiencia vivencial onde o visitante poida coñecer de primeira man aspectos relacionados co porto de Vigo, o seu barrio pesqueiro, a construción naval, etc.
- ✓ Diseño e creación dun Circuíto Turístico denominado "Fin de semana para Mozos". Se deseño un circuíto turístico dirixido a un público novo, entre os 18 e os 35 anos, para coñecer Vigo dun xeito vivencial, a través de actividades de turismo activo e cultural.
- ✓ Diseño e creación de Itinerarios/Paseos Arquitectónicos pola cidade de Vigo. Deseñáronse 4 itinerarios autoguiados, dirixidos a todo tipo de público para coñecer a historia da cidade, Vigo, a través da arquitectura. Estes 4 itinerarios foron: Vigo Antiguo; Vigo Marítimo; Vigo Señorial e Vigo de Ayer a Hoxe.

[385]Véxase: http://www.turismocoruna.com/web/corTurServer.php?idSecweb=97&idCategoria=124

[386] Véxase: http://www.turismocoruna.com/web/corTurServer.php?idSecweb=97&idCategoria=125

[387]Un percorrido urbano centrado no fito que supón a Torre de Hércules.
Véxase: http://www.turismocoruna.com/web/corTurServer.php?idSecweb=97&idCategoria=126 A Torre de Hércules é o faro romano máis antigo en funcionamento que existe no mundo. Singularidade pola que foi declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco o 27 de xuño de 2009. Véxase: "Tower of Hercules (Spain) inscribed on UNESCO's World Heritage List alongside two Swiss watch-making towns". http://whc.unesco.org/en/news/532

[388]Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/vigo-antiguo

[389]Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/vigo-senorial

[390]Un percorrido do norte ao sur de Galicia a través de 12 pazos e xardíns, públicos e privados: Pazo de Mariñán (Bergondo- A Coruña), Alameda de Santiago de Compostela (A Coruña), Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra - A Coruña), Pazo de Oca (A Estrada-Pontevedra), Casa-Museo de Rosalía de Castro (Padrón-A Coruña), Pazo de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra), Pazo Quinteiro da Cruz (Ribadumia-Pontevedra), Pazo da Saleta (Meis-Pontevedra), Pazo de Lourizán (Pontevedra), Castelo de

Estreitamente vinculado coas cidades e vilas de Galicia, non debemos pasar por alto a signficación turísitca das festas tradicionais, como elementos dinamizadores e integradores da cultura. Unhas celebracións que axudaron a poñer en valor unha serie de elementos propios da cultura e tradición galega. Galicia contaba no ano 2014 con 6 festas declaradas de Interese Turístico Internacional. As devanditas festas son: Festas do Apóstolo en Santiago de Compostela, Romaxe Viquinga en Catoira (Pontevedra), Festival Internacional do Mundo Celta en Ortigueira (A Coruña), A Rapa das Bestas (San Lorenzo de Sabucedo, Pontevedra), Corpus Christi (Ponteareas, Pontevedra) e Semana Santa de Viveiro (Lugo). Ademais, foron declarados 13 festas de Interese Turístico Nacional e 101 de Interese Turístico de Galicia[391]. Moitas destas celebracións contan coa gastronomía como principal reclamo, como xa hemos comentado ao analizar o produto turístico enogastronómico.

Á marxe destes produtos urbano-culturais ligados basicamente ao patrimonio non debemos esquecer a importancia que está a adquirir o produto turístico de compras (shopping) e o produto turístico de ocio nocturno. De feito, o turismo de compras creceu de forma destacada nas cidades da Coruña[392] e Vigo[393] sobre a base da creación de novos centros comerciais e, en parte, aos fluxos de visitantes vinculados ao turismo de cruceiros. No referente ao ocio nocturno, entre outras experiencias, resulta interesante a promovida dende a cidade de Vigo: Un Mar de Noites[394]. Nesta, Turismo de Vigo, na súa páxina web destaca sloganes como: "Vigo, a cidade que nunca dorme"[395] e se describen a oferta dos principais espacios urbanos de ocio nocturno como o seu horario recomendado (Barrio Histórico[396], Churruca[397], Areal[398], Alameda/Montero Ríos[399] y Samil/Beiramar[400]).

Non debemos tampouco esquecer para finalizar o comentario do produto turístico urbano-cultutal facer unha referencia aos problemas de xestión e rehabilitación das zonas antigas das cidades e vilas galegas. Así, en moitos casos, os plans postos en marcha apostaron unicamente por rehabilitar edificios e espazos urbanos (caso da Coruña e Vigo), pero estas actuacións non foron acompañadas de instrumentos que permitisen paliar na medida do posible o proceso de sobrevaloración e especulación de prezos destes espazos urbanos. Unha dinámica evolutiva nos prezos que ten ocasionando o efecto expulsión da poboación local e o baleirado poboacional destas rúas dos centros históricos. Unha parte significativa deste proceso de despersonalización foi que moitos dos locais e baixos comerciais destes cascos víronse ocupados por tendas de recordos e souvenires ou outros negocios vinculados fundamentalmente ao sector da restauración, expulsando a armazón de negocios tradicional. En definitiva, os xestores

---

Soutomaior (Soutomaior.Pontevedra), Parque do Castro (Vigo-Pontevedra) e Pazo-Museo Quiñones de León (Vigo-Pontevedra). "Preto de 8.000 variedades en xardíns vinculados ao patrimonio histórico de Galicia. Como o Pazo Quiñones de León, cunha camelia cuxa copa mide máis de 15 m de diámetro, ou os exemplares de camelia reticulata dos Pazos de Oca e Santa Cruz de Ribadulla, quizais os máis antigos de Europa". Véxase: http://www.turgalicia.es/portada-da-ruta-da-camelia?langId=gl_ES

[391]Véxase:http://www.turgalicia.es/localizador-de-recursos/-/sit/que_hacer/fiestas/fiestas_de_interes_turistico/galicia?langId=es_ES

[392]Véxase:https://www.coruna.es/servlet/Satellite?pagename=CorunaPortal/Page/Generico-Page-Generica&cid=1421634098316&argIdioma=es

[393]Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/vigo-de-compras

[394]Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/un-mar-de-noches

[395] Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/la-noche-de-vigo

[396]Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/barrio-historico-primera-hora

[397]Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/churruca-ruta-rock-e-indie

[398]Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/areal-ruta-de-musica-de-moda

[399]Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/alameda-montero-rios-ruta-afterwork

[400]Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/samil-beiramar-ruta-litoral

das OMDs enfróntanse ao grave problema de desculturización e a banalización dos elementos patrimoniais que supoñen os cascos históricos dos seus núcleos urbanos. Agora ben, tamén é certo que no mercado turístico actual ofrecer patrimonio histórico diferencial xa non resulta suficiente como garantía de éxito. A competitividade turística dos núcleos urbanos galegos, nun mercado cada vez máis globalizado e cun maior número de destinos competidores, dependerá da súa capacidade de ofrecer de forma sostida produtos-experiencias que xeren vivencias diferenciais máis asociadas coas novas preferencias e hábitos dos turistas[401]. Neste contexto, o reto das OMDs dos núclos urbanos litorais galegos formúlase en termos de ser capaces de reinventar e poñer no maior valor a súa oferta turística, ofrecendo unha ampla gama de contidos e experiencias singulares (liñas de produtos) en continua renovación e aliñados con as esixencias cambiantes daqueles clientes finais máis desexables para cada unha delas, en función das súas características e do posicionamento turístico desexado[402]. Avanzar neste reto supoñerá apostar dende as OMDs por novas políticas turísticas que permitan o reforzo e o sostemento no tempo da capacidade competitiva. Entre a multiplicidade dos obxectivos a procurar por parte das OMDs na dirección de consolidar as vantaxes turísticas competitivas dos seus núcleos urbanos, consideramos esenciais os seguintes[403]:

- ✓ A coordinación e cooperación entre os axentes implicados no desenvolvemento turístico do destino mediante a implementación dun sistema de xestión e gobernanza turística profesional e especializada.
- ✓ A planificación estratéxica participativa co obxecto de limitar a espontaneidade das actuacións urbanísticas e facilitar que os recursos se invistan naqueles aspectos clave que foron consensuados polos diferentes axentes que interactuar no espazo urbano; a configuración dunha oferta integral e flexible.
- ✓ A xeración e posta en valor de recursos singulares de potencial atractivo turístico e a súa transformación en produtos turísticos diferenciais.
- ✓ Estruturación dos recursos e servizos turísticos a través de liñas/clubs de produto (cluster de servizos turísticos) aliñadas coas novas motivacións dos turistas (cultura, congresos, deporte, eventos...), e integradas polos múltiples e heteroxéneos servizos prestados por distintas empresas dos diferentes subsectores da súa cadea de valor turística (hoteis, autobuses, AA.VV. receptivas, pazos de congresos, museos, auditóriums, ...) e comercializados ao cliente final[404].
- ✓ Aposta decidida pola dotación dun sistema accesibilidade de transporte (aerportuario, ferroviario, ...) e de mobilidade turística (eficiencia na conexión cidade-aeroporto en transporte público, dotación dun servico de taxis eficiente, pases intemodales de transporte específicos para as estanzas curtas que realizan os turistas, información en distintos idiomas nos distintos soportes do sistema

[401]Véxase: EXCELTUR (2013): "UrbanTUR 2012: Monitor de competitividad tuística de los destinos urbnos españoles". Exceltur; op. cit. pax. 15.
http://www.exceltur.org/wp-content/uploads/2014/10/URBANTUR-2012_INFORME.pdf
[402]Ibídem.
[403]Elaborados en parte tomando algúns dos ámbitos de traballo que conforman o Decálogo da Competitividade Turística Urbana incluído no informe UrbanTUR 2012 elaborado por EXCELTUR (2013). Véxase: EXCELTUR (2013): "UrbanTUR 2012: Monitor de competitividad tuística de los destinos urbnos españoles". Exceltur; op. cit. pax. 16.
http://www.exceltur.org/wp-content/uploads/2014/10/URBANTUR-2012_INFORME.pdf
[404]Ibídem; op. cit. páx. 33.

público de transporte, apoio á bicicleta como sistema sostible de mobilidade turística[405], ...) que favoreza os desprazamentos inter e intraurbanos.

- ✓ A xestión dos fluxos turísticos que evite os problemas de sobrecarga turística e garanta a integridade dos recursos patrimoniais, a compatibilidade de usos turísticos e non turísticos e a calidade da experiencia dos visitantes.
- ✓ Aproveitamento das novas tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) tanto na xestión e integración previa dos diversos actores que conforman o produto turístico, coma na súa posterior mercadotecnia, distribución e atención ás necesidades do turista en destino.
- ✓ O coñecemento sobre diferentes aspectos fundamentais da demanda como de destinos competidores para que a xestión sexa eficaz e sostible no tempo;
- ✓ O seguimento e control dos proxectos acometidos.

Outro produto turístico de alta potencialidade e ligado basicamente ao mundo urbano é o MICE (Meetings, Incetive Travel, Conference/Conventions and Exhibitions[406]). Unha serie de actividades das que máis están crecendo dentro do mercado turístico munidial. Este produto experimentou un desenvolvemento importante en Galicia durante as últimas décadas. De feito, agárdase que sexa un dos produtos turísticos máis importantes no futuro próximo[407]. En todo caso, o produto turístico MICE, está actualmente asociado basicamente ás tres cidades punteiras por importancia económica, cultural e social de Galicia, como son Santiago, A Coruña e Vigo. De feito, a cidade Vigo creou unha fundación para posicionar, fomentar e promover a celebración de actividades congresuais, turismo de negocios e viaxes de incentivo: Vigo Convention Bureau (VCB)[408]. A xeito de exemplo de resaltar a crecente importancia do produto MICE en Vigo con feiras da celebración de feiras da importancia de Conxemar[409], Navalia[410], Salón do Automóbil[411] ... Finalmente, destacar a relevancia cada vez máis

[405]Ibidém; op. cit.páx. 32.

[406]Traducido ao galego: Reunións, Viaxes de incetivo, Conferencias/Convencións e Feiras.

[407]Vésaxe: CASTIÑEIRAS SOBRIDO, X. R. (2001): "Turismo de reuniones en Galicia", en ÁLVAREZ SOUSA, A. (coord..): "Desenvolvemento e Planificación Municipal do Turismo". Deputación Provincial da Coruña, A Coruña; pp. 119-127. TURGALICIA (2002): "Estimación del volumen de mercado generado por la celebración de congresos, convenciones y viajes de incentivo durante el año 2001". Turgalicia, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. BESTEIRO RODRÍGUEZ, B. (2003a): "Congresos y Reuniones, una opción para la desestacionalización del turismo en Galicia", en "La Geografía y la gestión del turismo". ACTAS VIII Coloquio de Geografía del Turismo, Ocio y Recreación, Santiago de Compostela, 7-8 de noviembre de 2002, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; pp. 115-125. BESTEIRO RODRÍGUEZ, B. (2003b): "El turismo de congresos y reuniones en la Comunidad Autónoma Gallega". Papers de turisme, nº33; pp.128-147. MIRANDA, D. (2008): "Análise do desenvolvemento e o potencial do turismo MICE. Estudo do caso de Galicia e Santiago de Compostela". Dirección Xeral de Turismo, Consellería de Innovación e Industria, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. ÁLVAREZ SOUSA, A.; GÓNZALEZ VÁZQUEZ, E. e VARELA GONZÁLEZ, J. A. (2005): "Plan de Ordenación del Turismo de Galicia. POTGA 2005-2010". Dirección Xeral de Turismo, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

[408] Véxase: http://www.vigocb.org/

[409]Conxemar (Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados) celébrase Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) en outubro e é a feira anual máis importante de Galicia, tanto por cifra de visitantes coma por volume de negocio. Nas últimas edicións superou un volume de negocio de 1.000 millóns de euros e atraeu uns 25.000 visitantes de todo o mundo. Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/conxemar

[410]A Feira Internacional de Industria Naval de Vigo (Navalia) é a primeira feira de España e o Sur de Europa no seu sector. A feira, centrada na construción naval, combina a exhibición con xornadas de traballo e máis de 40 relatorios cada ano. Celébrase en maio no Instituto Feiral de Vigo, con máis de 20.000 profesionais e unha cifra superior aos 5.000 millóns de euros de negocio. Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/navalia

crecente do *produto turístico idiomático* dentro do mercado, centrado en atraer turistas motivados polo estudo da lingua castelá. Un produto turístico con escaso desenvolvemento aínda nas cidades galegas do litoral galego pero de grande interese en potenciar dende as OMDs polo elevado número de demanda que mobiliza, a súa capacidade para xerar prescriptores e demanda potencial para o futuro polos lazos afectivos que desenvolven os estudantes e o notable impacto económico que xera, derivado das longas estanzas que leva asociado.

4.3.- FACTORES DETERMINANTES E IMPLICACIÓNS DA DEMANDA DO PRODUTO TURÍSTICO LITORAL GALEGO.

Unha xestión turística eficaz por parte das OMDs que rendibilice os investimentos da iniciativa privada e aplique os recursos públicos alí onde máis necesarios son, require o coñecemento da realidade, o seguimento permanente da conxuntura turística, a aproximación de carácter prospectivo e o acceso ás fontes de información necesarias para a toma de decisións en políticas concretas[412]. Polo tanto, a necesidade dun *Sistema de Información Turística* que manexe e xere información de calidade é unha cuestión central para as OMDs. A demanda[413] é unha variable importante para un destino turístico que debe coñecerse, medirse e analizarse. A chegada de turistas e excursionistas a determinados sectores do litoral galego constitúe unha oportunidade de desenvolvemento socioeconómico. Non obstente, constitúe un vector de potencial deterioro do medio, especialmente se os fluxos de visitantes non se xestionan axeitadamente. Para tal efecto, resulta de especial interese coñecer en profundidade os visitantes que visitan o litoral galego (determinar o seu volume, a súa distribución, a súa tipoloxía básica, as súas motivacións...). O seu coñecemento constitúe unha das fontes de vantaxes competitivas máis importantes dun destino dentro do mercado turístico. Neste sentido, debemos ter presente que a competitividade dun destino turístico está determinada por un conxunto de factores que son percibidos como atractivos por un específico segmento de turistas[414]. En consecuencia, resulta fundamental para os xestores das OMDs identificar e mellorar os factores influentes na avaliación dun destino por parte dos turistas, como fontes de diferenciación para o destino. Os técnicos de mercadotecnia dos destinos turísticos deben distinguir entre a demanda real e potencial, coñecer as súas necesidades e os seus gustos, determinar a

[411]Dende 1992, o Salón do Automóbil, o máis importante do sector no noroeste de España, celébrase durante dúas semanas ao ano no Instituto Feiral de Vigo co fin de aproveitar o potencial de atracción do seu clúster do automóbil, liderado pola planta de PSA Peugeot Citroën en Vigo. Véxase: http://www.turismodevigo.org/es/salon-del-automovil

[412]Véxase: BIGNÉ ALCAÑIZ, J. E.; FONT AULET, X. e ANDREU SIMÓ, L. (2000): "Marketing de destinos turísticos: Análisis y estrategias de desarrollo". ESIC Editorial, Madrid; op. cit. páx. 248.

[413] A demanda turística pódese definir, dende o punto de vista da Teoría Económica, como a cantidade de produto ou servizo turístico que os individuos están dispostos a adquirir a un prezo concreto nun momento determinado. Non obstante, o obxectivo deste traballo de investigación non se centra no concepto puramente económico de demanda turística, é dicir, non se formula a análise da demanda turística como función dun conxunto de variables explicativas, como poderían ser o prezo dos produtos ou servizos turísticos, o tipo de cambio da moeda, a renda per cápita do consumidor, ... Máis ben ao contrario, con esta investigación preténdese incidir na necesidade por parte das OMDs de contar con Sistemas de Información Turística onde a variable da demanda debe ser un elemento cantral e, por outra parte, avanzar no coñecemento dos consumidores de produtos e servizos turísticos no litoral galego, é dicir, dos demandantes de turismo. É máis, non nos formulamos analizar dende un punto de vista cuantitativo a estes demandantes, senón caracterizalos dende un punto de vista cualitativo.

[414]Véxase: FRANCH, M.; MARTINI, U.; INVERARDI, P. L. N. e BUFFA, F. (2006), "From reconstruction and analysis of tourist profiles to some suggestions to destination management- An empirical research in the dolomites area". Tourism Review, vol. 61, nº2; pp. 30-37.

qué mercados meta van tentar captar, e decidir acerca dos produtos, servizos e programas apropiados para atender eses mercados. Cada mercado ten características e necesidades específicas. Resulta preciso establecer unha diferenciación selectiva. Unha prioridade esencial para o desenvolvemento dunha estratexia de mercadotecnia sistemática dentro dun destino é identificar os mercados meta específicos cara ao que dirixir a venda dos seus produtos. Polo tanto, o estudo da demanda turística é unha fonte de información que permite aos xestores das OMDs, así como para os actores económicos implicados nas actividades, coñecer o seu comportamento e cales son os seus elementos esenciais. Uns coñecementos acerca da demanda que van permitir tomar decisións a favor do crecemento e desenvolvemento dos destinos turísticos. Así, constitúe unha base excelente sobre a que deseñar as campañas de comercialización por parte das OMDs, asociando produtos existentes ou a crear cos segementos específicos que constitúen a demanda potencial de tales produtos. De forma paralela, resulta de sumo interese analizar o posicionamento dun destino no competitivo mercado turístico. A análise da demanda constitúe, polo tanto, unha fonte estratéxica de información para os xestores das OMDs. O estudo da demanda turística e a construción de modelos explicativos do seu comportamento supón o estudo dos factores de influencia, que permiten coñecer os seus elementos esenciais. As causas determinantes da demanda turística nos destinos turísticos por regra xeral son variadas e moitas complexas na súa explicación. De aí a necesidade do seu estudo a través de procedementos que combinen elementos cuantitativos e cualitativos.

A este respecto, neste traballo de investigación centrado na experiencia de xestión turística no litoral galego, postulamos como un instrumento básico na estratexia de mercadotecnia territorial segmentar os visitantes para os efectos de poder posteriormente confrontar os recursos e a oferta turística coa demanda turística efectiva. En concreto, cremos que as OMDs do litoral galego precisan conseguir basicamente os seguintes obxectivos:

- ✓ Cuantificar a afluencia de visitantes.
- ✓ Determinar o perfil do visitante en relación a unha serie de parámetros básicos (procedencia, niveis de gasto efetuado, duración estanza...).
- ✓ Caracterizar a actividade da demanda turística dentro do litoral galego, con especial referencia a lugares máis visitados...
- ✓ Analizar as imaxes turísticas do litoral galego, para os efectos de determinar a distribución dos fluxos con imaxes máis ou menos xenéricas e o grao de coñecemento de produtos máis ou menos alternativos como o turismo mariñeiro.

En suma, os xestores das OMDs deben afondar no coñecemento profundo da demanda turística do litoral galego, tanto en termos cuantitativos (volume de visitantes, distribución por categoriás básicas...) como en relación a parámetros máis cualitativos (actividades realizadas, motivacións,...). Alcanzar este coñecemento resulta unha ferramenta de especial interese para establecer dende as OMDs unha estratexia turística coherente (comunicación, creación de produtos específicos...), aínda que a súa utilidade desborda amplamente o ámbito de desenvolvemento turístico. En efecto, este conxunto de información resulta imprescindible tamén para o deseño e implementación de actuacións no ámbito medio ambiental como no campo da mercadotecnia territorial.

Agora ben, para os efectos de alacanzar os obxectivos formulados para este estudo faise preciso por parte das OMDs unha aproximación á realidade dende moitas perspectivas, acorde coa transversalidade do fenómeno turístico, e os recursos a diferentes fontes de documentación e técnicas de investigación. De feito, unha das principais dificultades coa que se enfrontan os xestores das OMDs á hora de deseñar e desenvolver plans e programas de comercialización é a falta de información precisa, ordenada, comparable e

continúa sobre a demanda turística. Esta dificultade derívase basicamente de dúas realidades, por un lado, a diversidade de axentes xeradores de información tanto en termos cuantitativos como cualitativos. Doutro, o elevado nivel de estacionalidade que caracteriza ás actividades turísticas.

En función de todo o anterior, cremos imprescindible por parte de todas as OMDs o establecemento e posta en funcionamento dun Sistema de Información Turística. Unha ferramenta de xestión que entre nas súas funcións deberá recoller información sobre a demanda sobre a base de tres obxectivos:

1. Establecer unha canle de información apoiada en estudos periódicos e consistentes de carácter regular sobre os diferentes aspectos determinantes no comportamento actual e futuro da demanda turística. Neste punto, as novas tecnoloxías de información deben xogar un papel decisivo e determinante.
2. Proporcionar información aos distintos axentes públicos e privados do destino para que deseñen/axusten as súas estratexias de comercialización.
3. Desenvolver unha alta capacidade de análise para manexar e interpretar axeitadamente todo o fluxo de información xerado.

En definitiva, postulamos pola posta en funciomamiento dende as OMDs dunha ferramenta que permita obter, manexar e interpretar información de interese real e actualizada sobre a demanda turística. Unha información que reuna os seguintes requisitos:

- ✓ *Sistémica*, sobre a base dun proceso formal e definido de obtención.
- ✓ *Fiable*, en canto á súa obtención, tratamento e representatividade.
- ✓ *Periodica*, ao obxecto de coñecer a súa evolución e poder establecer unha análise de tipo dinámico.
- ✓ *Global*, que abranga todos aqueles factores que poden determinar e incidir no comportamento da demanda turística.

Uns requisitos de calidade da información que deben determinar a implementación nas OMDs dun modelo sistematizado capaz de obter unha gran cantidade de datos, xestionar a calidade dos mesmos, integrar as distintas fontes de información e, por último, divulgar análises detalladas e oportunas ao alcance dos axentes tanto públicos coma privados do destino. Unhas análises que permitan tomar decisións en cada momento e para cada situación de mercado reducindo ao máximo posible a incerteza achega das súas consecuencias.

Polo tanto, o principal reto ao que se enfrontan as os xestores das OMDs é o de dispoñer de estatísticas de demanda que proporcionen un conxunto de información coherente e útil, que posibiliten realizar unha aproximación acertada ao fenómeno turístico no seu territorio. Agora ben, a información acerca da demanda turística requirida por parte dos xestores das OMDs é moi diversa e pode encontarse en distintos estados de elaboración (Figura nº4.3.1). Xa que logo, un primeiro obxectivo será identificar a existencia de fontes de información que reporten os datos requiridos como os métodos precisos para obtela. En calquera caso, desde as OMDs é necesario adoptar unha formulación sistémica e secuencial. Non esquezamos que a necesidade de información para a toma de decisións é permanente e, en consecuencia, resulta ineludible concibir de xeito continuo a investicación acerca dos mercados de demanda. De ahi, a nosa interpelación á necesidade instrumental de dipoñer un procedemento de análise da demanda turística encaixado dentro dun sistema de información de marketing. Un procedemento de análise que asegure a xeración dun fluxo constante e ordenado de información sobre a demanda procedente de diversas fontes e a súa distribución entre os distintos axentes públicos como privados do sector turístico dun destino determinado (Figura nº4.3.2).


Figura 4.3.1.- Principais áreas de investigación sobre a demanda turística a abordar dentro dun Sistema de Información Turística.

Área de investigación	Metodoloxía
Impacto económico	**Datos secundarios**
	Gasto turístico recollido a través de enquisas
Estudo da imaxe do destino	**Catálogos de promoción turística, internet, noticias**
	Enquisas a visitantes
Volume de turistas	**Utilización servizos**
Estacionalidade da demanda	**Utilización servizos**
Tipoloxía do vistante	**Datos internos do sector empresarial**
	Enquisas na rúa en puntos estratéxicos
	Custionarios en hoteis
Investigación acontecementos/eventos	**Custionarios e enquisas durante e despois do acontecemento**
Pretest/Eficacia campañas de promoción	**Cuestionarios na rúa**
	Dinámicas de grupo a turistas
Plan fidelización de visitantes	**Sistemas de marketing directo/relacional**
	Cuestionarios
Viabilidade de desenvolvemento de novos produtos	**Enquisas a visitantes na rúa**
	Cuestionarios en hoteis
	Valoración de impacto e financiamento
Análise de destinos competidores	**Estudos de casos**
	PEST[415]
Previsión evolución da demanda	**Estudos econométricos**

Fonte: Elaboración propia.

[415]A análise PEST céntrase en analizar o ámbito político, económico, sociocultural e tecnolóxico dun destino turístico. Este análise xa foi efectuado neste traballo de investigación para o turismo litoral gallego no Capítulo II deste traballo de investigación.

Figura nº4.3.2..- Encaixe do procedemento de análise da demanda dentro dun Sistema de información Turística.



Fonte: Elaboración propia.

Dentro das fontes de información da demanda dispoñibles para as OMDs do litoral galego están aquelas xeradas externamente á organización, procedentes de informes, estatísticas, artigos prensa, feiras, páxinas web e similares.

Polo tanto, actualmente a información dispoñible para o estudo da demanda turística en Galicia procede das seguintes fontes[416]:

A. Estatísticas de carácter oficial como Egatur, Frontur e Familitur, as elaboradas dende o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, as diferentes Enquisas de Ocupación e o Censo de Poboación e Vivendas (para o estudo da demanda de carácter residencial) elaborados polo INE e os indicadores de noites por destinos elaborados polo IGE.
B. Rexistros das consultas efectuadas nas oficinas de información turística.
C. Rexistros de visitantes en museos, monumentos, equipamentos lúdicos de natureza diversa e uso turístico,...dependientes de diversas administracións públicas ou entidades privadas.
D. Algúns resultados de enquisas e estudos realizados por diferentes órganos xestores do turismo (memorias de actividades de fundacións, padroados de turismo, sociedades de xestión do turismo...).

Todo un elenco de información acerca da demanda que presenta ás veces serias dificultades para a súa integración e tratamento. As súas limitacións como fontes de información útil procede de factores como o escaso nivel de desagregación dos datos

[416]ANTÓN CLAVÉ, S. e GONZÁLEZ REVERTÉ, F. (coord.) (2005): "Planificación territorial del turismo". Editorial UOC, Barcelona; op. cit. páxs. 105 e 106.

publicados dalgunhas das estatísticas oficiais, a falta de sistematización na recollida da información a nivel local, a ausencia de coherencia nas series estatísticas de determinadas institucións, a descontinuidade temporal da recollida de datos, o abandono na realización de estatísticas, as dificultades de acceso á información,...

Figura nº4.3.3.- Fontes e técnicas para a análise da demanda turística segundo a natureza das fontes.

Fontes dispoñibles (análise de datos secundarios)	Técnicas de produción de datos (análise de datos primarios)
De ámbito turístico**: Frontur, Familitur, Enquisa de ocupación hoteleira, Enquisa de Ocupación de Cámpings, Enquisa de Ocupación de Apartamentos Turísticos, Enquisa de Ocupación de Aloxamentos de Turismo Rural, estatísticas de carácter autonómico, estatísticas de ámbito local (Observatorios Turísticos).** De carácter complementario**: rexistros de museos, consultas de Oficinas de Información Turística, informes sobre a base de enquisas, memorias de actividades, folletos publicitarios, Censo de Poboación e Vivendas do INE...**	**Inventarios ou censos e conteos (coñecemento do número e as características da totalidade dos elementos que compoñen a poboación obxecto de estudo): afluencia a determinados espazos públicos, recontos de vehículos turísticos...** **Enquisas (coñecementos das características xerais sobre a base de mostras reperesentativas do universo estudado): visitantes, hostaleiros, comerciantes, axencias de viaxes e touroperadores...** **Entrevistas non estruturadas: administradores turísticos locais, hostaleiros, comerciantes, representantes eclesiásticos, xestores do patrimonio...**

Fonte: Elaboración propia a partir de ANTÓN CLAVÉ, S. e GONZÁLEZ REVERTÉ, F. (coord.) (2005): "Planificación territorial del turismo". Editorial UOC, Barcelona; op. cit. páx. 106.

Na Figura nº4.3.3 recollemos unha síntese dos principais organimos que xeran información achega do sector turístico galego. Nesta direccción, tambíen detallamos e discribimos brevemente as principais fontes de información sobre a demanda turística no destino Galicia, en función da organización xeradora dos mesmos (Figura nº4.3.4).

Figura nº4.3.4.- Principais fontes de información e organismos xeradores achega do sector turístico galego: Fontes creadas especificamente para o estudo da demanda turística.

Organismo	Fonte	Descrición
IET[1]	**FRONTUR (Movementos Turísticos en Fronteiras)**	**Esta enquisa é unha fonte de información primaria, con cobertura nacional, que dende o punto de vista da conxuntura turística, constitue un instrumento básico e imprescindible para a observación do turismo estranxeiro en España posto que permite coñecer, entre outras variables, o número de turistas que mes a mes chegan a España polas súas distintas fronteiras, así como as súas características básicas en relación co país de residencia, comunidade autónoma de destino, duración da estanza, aloxamento ou motivo da viaxe.**
	EGATUR (Enquisa de Gasto Turístico)	**EGATUR é a fonte estatística básica para a análise do gasto e do comportamento turístico dos visitantes (turistas e excursionistas) non residentes en España. Trátase dunha operación en fronteira de carácter continuo e con periodicidade mensual que se leva a cabo nos principais pasos fronteirizos de estrada, aeroporto, porto e trens internacionais. A encuestación realízase mediante entrevista persoal aos visitantes non residentes á saída de España. A través de EGATUR recóllese información detallada da viaxe realizada polo visitante que vén a España así como das características do propio visitante. Esta información comprende a maioría dos conceptos relacionados coa viaxe como son o transporte, aloxamento, manutención,**

		actividades, compras, etc.; o gasto económico que estes supoñen; e unhas características xerais do visitante como son o nivel de estudos, nivel de renda, situación laboral.
	FAMILITUR (Movementos Turísticos dos Españois)	**Está concibida para estimar o número de viaxes e realizar unha caracterización superficial dos viaxeiro residentes en España, así como do seu desprazamento sobre a base dun número reducido de variables. Inclúe as viaxes realizadas tanto dentro do territorio nacional coma no estranxeiro. Agora ben, a estatística recolle aqueles movementos turístico que levan aparellada unha pernoctación fóra da residencia habitual, polo tanto, non inclúe o excursionismo.**
INE[2]	**Encuesta sobre la Ocupación Hotelera (EOH), de Ocupación de Acampamentos Turísticos (EOAC), de Ocupacíón de Apartamentos Turísticos (EOAP) e de Ocupación de Aloxamentos de Turismo Rural (EOTR)**	**Ofrécennos información desagregada sobre viaxeiros aloxados e pernoctacións realizadas.**
	Censo de Poboación e Vivendas	**No mesmo recóllese o uso como primeira ou segunda residencia de todas as unidades de vivenda censadas.**
Instituto de Estudos Turísticos de Galicia	**Enquisa de destino: Análise estatística sobre o turismo en Galicia**	**O obxectivo da Enquisa de destino era coñocer o perfil do turista que visita Galicia no período estival e a distribución do gasto que efectuaba**
	Enquisa de Excursionismo	**Porporciona datos sobre o número de excursións realizadas a Galicia polos residentes en Asturias, León e Zamora. Sinala o número total excursións efectuadas dende estas provincias diferenciado**

		entre a motivación por traballo renumerado e outros motivos segundo o xénero.
IGE[3]	**Indicadores da intensidade da demanda turística**	**Conxunto de catro indicadores de presión que teñen por finalidade medir a intensidade do impacto do turismo no territorio galego. Estes indicadores ofrécense para o conxunto de Galicia e unha agregación dos concellos en 18 grandes destinos turísticos.**
	Gasto dos viaxeiros non residentes en establecementos hoteleiros de Galicia	**Detalla o gasto total (miles de euros) dos viaxeiros por concepto de gasto a nivel Galicia (total, paquete turístico, aloxamento, restaurantes, comida comercios, desprazamentos, agasallos, ocio e outros), o gasto total a nivel provincial (miles de euros), o gasto diario medio por persoa (euros) a nivel Galicia e provincial, o gasto medio por persoa (euros) a nivel Galicia segundo cateoría dos establecementos hoteleiros e o gasto diario medio por persoa de viaxeiros que non adquiren paquete turístico (euros) por concepto de gasto (total, aloxamento, restaurantes e resto) a nivel Galicia como provincial e segundo a categoría do establecemento**

Fonte: Elaboración propia.
[1]Instituto de Estudios Turísticos.
[2] Instituto Nacional de Estadística.
[3] Instituto Galego de Estatística.

Actualmente en España, "(…) a estatística oficial referida a a demanda turística conta cunha sólida base asentada dende o Plan Estatístico Nacional[417], que cobre todas

[417]O Plan Estatístico Nacional é o principal instrumento ordenador da actividade estatística da Administración Xeral do Estado e ten unha vixencia de catro anos. Contén as estatísticas que han de elaborarse no cuadrienio polos servizos da Administración Xeral do Estado ou calquera outras entidades dependentes dela e as que han de levarse a termo total ou parcialmente con participación das comunidades autónomas e as corporacións locais en virtude de acordos de cooperación cos servizos estatísticos estatais ou, se é o caso, en execución do previsto nas leis. Actualmente, está vixente o Plan Estatístico Nacional 2013-2016 que foi apruebado polo Real Decreto 1658/2012, do 7 de decembro.

as partes do turismo (...), tanto no que se refire ao turismo receptor, como ao turismo que desenvolven as familias residentes en España nas súas viaxes ao estranxeiro e dentro de España"[418].

Nesta dirección, o IET realiza estatísticas dende a óptica da demanda. Enquisas "(…) dirixidas ás persoas que realizan as viaxes"[419]. As tres estatísticas que realiza o IET son: Familitur (estatísticas sobre a demanda turística dos españois), Frontur (estatísticas sobre a demanda turística de visitantes estranxeiros non residentes) e Egatur (estatísticas sobre o gasto de turistas estranxeiros non residentes en España). O IET dende o ano 1996 deseña e xestiona dúas operacións estatísticas sobre a demanda turística: Movementos Turísticos en Fronteira (FRONTUR) e Movementos Turísticos dos Españois (FAMILITUR) que cuantifican mensualmente os fluxos de viaxes e viaxeiros nacionais e internacionais e analizan o seu comportamento.

Os fluxos demanda exterior son obxecto de estudo por parte das estatísticas de FRONTUR e EGATUR. Ambas as dúas estatísticas están baseadas nunha encuestación en fronteiras. Agora ben, mentres a primeira proporciona un marco xeral, a segunda caracteriza os devanditos fluxos e estima o gasto turístico asociado. Estas dúas operacións estatísticas comparten operativa de campo e xestión. O marco xeral que proporciona FRONTUR permite a medición do número de visitantes, atendendo á súa tipoloxía (turistas ou excursionistas), a súa forma de organización, o seu tipo de aloxamento, o seu país de residencia e o seu destino principal. EGATUR, pola súa banda, amplía as características que se observan nestes visitantes achegando fundamentalmente un detalle do gasto levado a cabo por estes, mediante este detalle é posible estimar unha estrutura xeral dos conceptos en que se realiza o gasto, así como se o mesmo se realizou no país de orixe do turista ou no destino. Tamén se recollen, entre outras, un conxunto de variables de grande interese no estudo de estes colectivos como o seu grao de satisfacción ou as actividades realizadas durante a viaxe[420].

A utilidade que presentan as estatísticas do IET para o estudo do turismo litoral en Galicia é limitada. As variables sobre o destino viaxe unicamente se explotan a nivel Comunidade Autónoma. Un feito que non fai posible diferenciar e calibrar a importancia dos desplazmientos aos distinto destinos do litoral galego. De forma paralela, a énfase no turista, o visitante que pasa a noite, e especialmente no turista de longa duración (aquel que pasa a noite en destino tres ou máis noite), non permiten apreciar na súa xusta medida o fenómeno do excursionismo, de gran relevancia en determinados tramos do litoral galego. Non obstante, ambas as dúas estatísticas constitúen un referente básico para os efectos de establecer o peso da demanda tuística sobre o territorio galego. É máis, unha explotación axeitada das dúas fontes estatísticas do IET permite realizar un seguimento temporal sobre determinados aspectos clave da demanda de produtos turísticos localizados no litoral galego (motivacións, actividades, grao de satisfación...).

Véxase: "Real Decreto 1658/2012, de 7 de diciembre, por el que se aprueba el Plan Estadístico Nacional 2013-2016". BOE nº295, de 8 de diciembre de 2012; pp. 84151- 84322. http://www.boe.es/boe/dias/2012/12/08/pdfs/BOE-A-2012-14907.pdf

[418]PRADO MASCUÑANO, J. (2013): "La lógica de las estadísticas de turismo en España y el papel del Instituto de Estudios Turísticos". Índice, Revista de Estadística y Sociedad, nº56; pp. 24-26; op. cit. páx. 25.

[419]GUTIÉRREZ BRITO, J. (2013): "El turismo que vemos y contamos. Técnicas de investigación social aplicadas al turismo". UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia), Madrid; op. cit. páx. 34.

[420]PRADO MASCUÑANO, J. (2013): "La lógica de las estadísticas de turismo en España y el papel del Instituto de Estudios Turísticos". Índice, Revista de Estadística y Sociedad, nº56; pp. 24-26; op. cit. páx. 26.

O INE, pola súa banda, é o organismo responsable de realizar estatísticas turísticas dende a óptica da oferta[421]. Neste caso, encontrámonos con enquisas dirixidas aos establecementos turísticos. Podemos destacar as seguintes fontes de interese:

- ✓ Enquisa de Ocupación Hoteleira (EOH).
- ✓ Enquisa de Ocupación de Acampamentos Turísticos (EOAC).
- ✓ Enquisa de Ocupación de Apartamentos Turísticos (EOAP).
- ✓ Enquisa de Ocupación de Aloxamentos de Turismo Rural (EOTR).

O obxectivo fundamental destas enquisas de ocupación é medir o número de viaxeiros en aloxamentos colectivos e o número de pernoctacións que estes xeran, así como calcular o grao de ocupación e a estanza media por viaxeiro. Ademais recollen información sobre toda unha serie de variables adicionais relativas ao tipo de cliente. A xeito de exemplo, a ***Enquisa de Ocupación Hoteleira***[422] ofrécenos información desagregada sobre viaxeiros aloxados e pernoctacións realizadas en establecementos hoteleiros.

En definitiva, malia a aparente abundancia de resultados, estas operacións estatísticas presentan unha serie de carencias. A principal é que se descoñece o perfil do turista, xa que existe pouca información acerca de variables fundamentais asociadas á viaxe como o gasto, o motivo da visita, a organización da viaxe, os medios de transporte utilizados, lugares visitados, actividades realizadas, servizos contratados, idade, etc. Outra limitación é a relacionada co nivel de desagregación, os datos publicados aparecen a nivel provincial. Polo tanto, non se conta con información pública desagregada por municipios, nin moito menos de localidades concretas. No caso de Galicia, dispoñemos de datos para catro zonas turísticas definidas polo INE[423], que

---

[421]GUTIÉRREZ BRITO, J. (2013): "El turismo que vemos y contamos. Técnicas de investigación social aplicadas al turismo". UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia), Madrid; op. cit. páx. 34.

[422]Esta enquisa substitúe en xaneiro de 1999 á antiga Enquisa de Movemento de Viaxeiros en Establecementos Hoteleiros (MVEH).

[423] O INE considera como zonas turísticas a un conxunto de municipios nos que se localiza de forma específica a afluencia turística dentro do marco territorial dunha Comunidade Autónoma. En Galicia encontramos as seguintes zonas turísticas, todas elas cun marcado carácter litoral: *A Mariña Lucense*, *Rías Altas*, *Costa da Morte* e *Rias Baixas*. Ata o ano 2011, estas zonas englobaban os seguintes municipios:

- ✓ **Costa da Morte (A Coruña**): Arteixo, Laracha, Carballo, Malpica, Ponteceso, Cabana, Laxe, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión.
- ✓ **Rías Altas (A Coruña)**: Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Ferrol, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Bergondo, Sada, Oleiros, A Coruña.
- ✓ **A Mariña Lucense (Lugo)**: O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo.
- ✓ **Rías Baixas (Pontevedra e A Coruña)**: Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Ribeira, Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño, O Grove, Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal, A Guarda.

A partir do ano 2012, o INE integrou nestas zonas turísticas establecidas máis territorios. A continuación, detallamos as incorporacións por cada zono turística:

- ✓ **A Mariña Lucense (Lugo):** Alfoz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourol, A Pontenova, Trabada e O Valadouro.
- ✓ **Rías Altas (A Coruña):** Abegondo, Aranga, Arteixo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne, A Capela, Cerdido, Fene, Moeche, Monferro, Narón, Neda, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas e Vilarmaior. O municipio de Arteixo cambia de zona turística, con anterioridade estaba incluído na Costa da Morte.
- ✓ **Costa da Morte (A Coruña):** Carnota, Coristanco, Dumbría, Mazaricos, Vimianzo e Zas. O municipio de Carnota cambia de zona turística, con anterioridade estaba incluído nas Rías Baixas.
- ✓ **Rías Baixas (Pontevedra e A Coruña)**: Dodro, Catoira, Meis, Pontecesures, Valga, A Illa de Arousa, Lousame, Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar,

abranguen todo o litoral, e para determinados municipios en función da súa importancia turística. A obtención de información a nivel local require petición de explotación á medida da área de información do propio INE[424].

A nivel autonómico, a Xunta de Galicia proporciona datos estatísticos sobre a demanda turística basicamente a traves de dúas institucións: Instituto de Estudos Turísticos de Galicia e o Instituto Galego de Estatística (IGE). A análise da demanda turística por parte do Instituto de Estudos Turísticos de Galicia[425] ofrece datos de perfil e caracterización empregando como fontes de datos operacións estatísticas incluídas no Plan Galego de Estatística, así como outro tipo de estatísticas pertencentes a diferentes organismos. Agora ben, estatísticas de produción propia deste organismo sobre a demananda turística, son unicamente dúas: a Enquisa de destino: Análise estatística sobre o turismo en Galicia e a Enquisa de Excursionismo[426]. O obxectivo da Enquisa de destino, realizada por primeira vez para o ano 2000, era coñocer o perfil do turista que visita Galicia no período estival e a distribución do gasto que efectuaba. Utilizamos o pasado dado que debemos lamentar o feito de que a última Enquisa de destino foi efectuada para o ano 2009. Os motivos deste feito parecen obedecer a argumentacións de racionalización presupostaria. Polo tanto, unha base estatística de produción propia escasa que se trata de complementar cos datos ofrecidos por outros organismos de carácter local ou de orde superior.

Polo seu lado, o IGE[427] actualmente elabora estatísticas sobre a demanda turística a traves da información subministrada polo INE. Entre a mesmas, é de destacar a elaboración dun onxunto de *Indicadores da intensidade da demanda turística.* Un conxunto de catro indicadores que teñen por finalidade medir o impacto do turismo no

---

Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Pazos, de Borbén, O Porriño, Ponteareas, Saceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui, Barro, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cotobade, Cuntis, A Lama, Moraña, Portas e Ponte Caldelas.

Unha estruturación territorial das zonas turísticas definidas polo INE que consideramos desarcertada especialmente a raíz da modificación introducida. Unha consideración negativa que deriva basicamente do feito da inclusión dentro das distintas zonas turísticas de municipios do interior. Unha agregación que implica englobar dentro dunha mesma división territorios con lóxicas turísticas diferentes. Unha realidade que ao noso entender dificulta a valoración dos datos estatísticos subministrados. Véxase: http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=001&c=0305002&ruta=definiciones/defcod.jsp?C=03050020000000

[424]ANTÓN CLAVÉ, S. e GONZÁLEZ REVERTÉ, F. (coord.) (2005): "Planificación territorial del turismo". Editorial UOC, Barcelona; op. cit. páx. 112.

[425] O consorcio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia foi creado polo Decreto 89/2007, do 19 de abril, como un ente asociativo dotado de personalidade xurídica propia. Posteriormente foi disolto polo DECRETO 99/2013, do 27 de xuño. Unha resolución que tamén leva aparellada que a totalidade dos fins e funcións do IET de Galicia son asumidos pola Axencia Turismo de Galicia, de conformidade co establecido no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos. Véxase: "DECRETO 99/2013, de 27 de junio, por el que se disuelve el consorcio Instituto de Estudios Turísticos de Galicia". DOG nº122, de 28/6/2013; páx. 25257. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130628/AnuncioG0244-270613-0009_es.html

"DECRETO 196/2012, de 27 de septiembre, por el que se crea la Agencia de Turismo de Galicia y se aprueban sus estatutos". DOG nº193, de 9/10/2012; páxs. 38646- 38695. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20121009/AnuncioC3C1-041012-0003_es.html

[426] Neste caso, estamos ante unha enquisa que porporciona datos sobre o número de excursións realizadas a Galicia polos residentes en Asturias, León e Zamora. De feito, sinala o número total excursións efectuadas dende estas provincias diferenciado entre a motivación por traballo renumerado e outros motivos segundo o xénero. En definitiva datos moi básicos que proporcionan pouca información de cara a axustar accións dende as OMDs para abordar está práctica de ocioturística. Os últimos datos publicados son do ano 2012, os cales informan dun total de 628.806 excursións realizadas con destino Galicia dende a provincias de Asturias, León e Zamora.

[427] Instituto Galego de Estatística.

territorio galego[428]. Estes indicadores ofrécense para o conxunto de Galicia e unha agregación dos concellos en 18 grandes destinos turísticos[429]. Ademais, realízase un

[428] Os catro indicadores de presión eleborados polo IGE son:

- *Indicador de área* = Número de noites / Área do destino (km^2)
- *Indicador de costa* = Número de noites / Liña de costa do destino (km)
- *Indicador de poboación (1)* = ((Número de noites / nº de días no ano) / poboación do destino) x100
- *Indicador de poboación (2*) = Número de noites / poboación do destino

A poboación de cada ano obtense como a media da poboación no Padrón municipal de habitantes do INE dese ano e do ano seguinte a 1 de xaneiro. As noites calcúlanse coa metodoloxía empregada e publicada polo INE (número de noites en establecementos hoteleiros, de cámping, de apartamentos turísticos e de turismo rural situados en Galicia). A información da área e a liña de costa dos destinos é fornecida polo Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia. O indicador de costa só se define para os destinos costeiros. Por último, sinalar que os catro indicadores para os destinos calcúlanse distinguindo entre o total de noites das noites de residentes de fóra de Galicia.

[429] O IGE distingue dezaoito grandes destinos turísticos en Galicia; oito deles catalóganse como destinos costeiros: A Coruña e As Mariñas, Costa da Morte, Ferrolterra, a Mariña Lucense, a Ría de Arousa, a Ría de Muros e Noia, a Ría de Vigo e Baixo Miño e a Ría e Terras de Pontevedra. Na Figura nº4.3.5 pode consultarse a relación dos concellos que integra cada unha das áreas turísticas costeiras de Galicia.

Figura nº4.3.5.-. Apéndice: Municipios por destinos turísticos litorais.

Destino	Municipio	Costeiro
A Coruña e As Mariñas	Abegondo	Non
	Aranga	Non
	Arteixo	Si
	Bergondo	Si
	Betanzos	Si
	Cambre	Si
	Carral	Non
	Cesuras	Non
	Coirós	Non
	A Coruña	Si
	Culleredo	Si
	Irixoa	Non
	Miño	Si
	Oleiros	Si
	Oza dos Ríos	Non
	Paderne	Si
	Sada	Si
Costa da Morte	Cabana de Bergantiños	Si
	Camariñas	Si
	Carballo	Si
	Carnota	Si
	Cee	Si
	Corcubión	Si
	Coristanco	Non
	Dumbría	Si
	Fisterra	Si
	Laxe	Si
	Laracha	Si
	Malpica de Bergantiños	Si
	Mazaricos	Non
	Muxía	Si
	Ponteceso	Si
	Vimianzo	Si
	Zas	Non

Ferrolterra	Ares	Si
	Cabanas	Si
	A Capela	Non
	Cedeira	Si
	Cerdido	Non
	Fene	Si
	Ferrol	Si
	Mañón	Si
	Moeche	Non
	Monfero	Non
	Mugardos	Si
	Narón	Si
	Neda	Si
	Ortigueira	Si
	Pontedeume	Si
	As Pontes de García Rodríguez	Non
	San Sadurniño	Non
	As Somozas	Non
	Valdoviño	Si
	Vilarmaior	Non
	Cariño	Si
Mariña Lucense	Alfoz	Non
	Barreiros	Si
	Cervo	Si
	Foz	Si
	Xove	Si
	Lourenzá	Non
	Mondoñedo	Non
	Ourol	Non
	A Pontenova	Non
	Ribadeo	Si
	Trabada	Si
	O Valadouro	Non
	O Vicedo	Si
	Viveiro	Si
	Burela	Si
Ría de Arousa	Boiro	Si
	Dodro	Si
	A Pobra do Caramiñal	Si
	Rianxo	Si
	Ribeira	Si
	Cambados	Si
	Catoira	Si
	O Grove	Si
	Meaño	Si
	Meis	Non
	Pontecesures	Non
	Ribadumia	Si
	Sanxenxo	Si
	Valga	Si
	Vilagarcía de Arousa	Si
	Vilanova de Arousa	Si
	A Illa de Arousa	Si
Ría de Muros e Noia	Lousame	Non
	Muros	Si
	Noia	Si
	Outes	Si
	Porto do Son	Si

tratamento específico do litoral galego por tratarse dun foco de especial atracción turística[430]. A finalidade destes indicadores é axudar a planificar os recursos e as políticas encamiñadas a potenciar a actividade turística con criterios de sostibilidade[431]. Asi mesmo, O IGE tamén elaboraba ata o segundo trimestre de 2010, a estatistica: *Gasto dos viaxeiros non residentes en establecementos hoteleiros de Galicia*. Na mesma, detallábase o gasto total (miles de euros) dos viaxeiros por concepto de gasto a nivel Galicia (total, paquete turístico, aloxamento, restaurantes, comida comercios,

Ría de Vigo e Baixo Miño	Arbo	Non
	Baiona	Si
	A Cañiza	Non
	Covelo	Non
	Crecente	Non
	Fornelos de Montes	Non
	Gondomar	Si
	A Guarda	Si
	Mondariz	Non
	Mondariz-Balneario	Non
	Mos	Non
	As Neves	Non
	Nigrán Si	Si
	Oia	Si
	Pazos de Borbén	Non
	O Porriño	Non
	Ponteareas	Non
	Redondela	Si
	O Rosal	Si
	Salceda de Caselas	Non
	Salvaterra de Miño	Non
	Soutomaior	Si
	Tomiño	Si
	Tui	Non
	Vigo	Si
Ría e Terras de Pontevedra	Barro	Non
	Bueu	Si
	Caldas de Reis	Non
	Campo Lameiro	Non
	Cangas	Si
	Cotobade	Non
	Cuntis	Non
	A Lama	Non
	Marín	Si
	Moaña	Si
	Moraña	Non
	Pontevedra	Si
	Portas	Non
	Poio	Si
	Ponte Caldelas	Non
	Vilaboa	Si

Fonte: IGE. http://www.ige.eu

[430] Agora ben, como critica sinalar que dentro dos municipios que conforman os oito destinos costeiros definidos polo IGE nos encontramos con territorios non litorais. Un feito que desvirtúa en certa medida os datos obtidos para estes oito destinos á hora de abordar un estudo sobre o turismo en espazo litoral. Se ben, temos que indicar que na estatística: *Indicadores de noites por destinos nos concellos costeiros* só se achan os índices de presión aos muncipios costeiros das zonas delimitadas para o litoral.

[431] Véxase: http://www.ige.eu/estatico/estat.jsp?ruta=html/gl/OperacionsEstruturais/Intensidade_Demanda_Turistica.html

desprazamentos, agasallos, ocio e outros), o gasto total a nivel provincial (miles de euros), o gasto diario medio por persoa (euros) a nivel Galicia e provincial, o gasto medio por persoa (euros) a nivel Galicia segundo cateoría dos establecementos hoteleiros (1 e 2 estrelas, 3 estrelas, 4 estrelas e 5 estrelas) e o gasto diario medio por persoa de viaxeiros que non adquiren paquete turístico (euros) por concepto de gasto (total, aloxamento, restaurantes e resto) a nivel Galicia como provincial e segundo a categoría do establecemento.

Os rexistros de solicitudes de información nas *Oficinas de Información Turística* subministran datos referidos fundamentalmente á procedencia e distribución temporal dos visitantes en viaxe individual dun destino turístico. Non son indicativas do volume total de demanda posto que non todos os visitantes se ven na necesidade de acudir a estes centros de información ou non poden facelo polos horarios de peche ou non coñecer a súa localización. Por outro lado, os visitantes en grupos organizados apenas recorren a este tipo de fonte de información dado que contan normalmente con guías turísticos. En función, do apuntado, ademais doutros factores relacionados coa formación do seu persoal, a súa arbitraria distribución territorial ou o escaso tempo de apertura durante o ano e mesmo en temprada alta destes establecementos, somos partidarios de desbotar esta fonte de información polo seu carácter parcial e abitrario.

Noutra orde, os rexistros de de visitantes a museos, monumentos, equipamentos de natureza lúdica e/ou cultural e infraestruturas de diverso tipo proporcionan datos moi fiables sobre as características do destino onde se sitúan. Non obstante, este tipo de rexistros adoitan estar elaborados a partir de criterios útiles para a xestión e venda de entradas. Polo tanto, polo menos nos casos existentes no litoral galego, serven basicamente para coñecer o volume total e a distribución temporal da afluencia. De feito, únicamente os rexistros de afluencia destes equipamentos de carácter complementario localizados en espazos urbanos poden chegar a ser representativos do volume total de visitantes se os devanditos elementos patrimoniais (museos e monumentos) constitúen pola súa popularidade fitos de referencia ou de visita obrigada dentro da vila ou cidade, como poden ser os casos da Torre de Hércules (A Coruña), Museo da Deputación de Pontevedra (Pontevedra), Santa María A Nova (Noia),... En calquera caso, estamos a falar dunha aproximación moi parcial e limitada a datos basicamente da estacionalidade de afluencia; polo cal, de non ser complementados con enquisas realizadas aos visitantes ao final da visita non somos partidarios da súa utilización.

Finalmente, sinalar que en amplas zonas do litoral galego ligadas basicamente ao produto de sol e praias, a segunda residencia constitúe un indicador do volume potencial de visitantes. Neste caso, a poboación flotante de visitantes é moito máis difícil de estimar e o recurso ao traballo de campo e as estimacións indirectas resultan ineludibles. A información aproximada pódese extraer dos censos de poboación e vivendas que elabora o INE a nivel nacional cada 10 anos. Neles recóllese o uso como primeira ou segunda residencia de todas as unidades de vivenda censadas[432].

[432]Véxase: ANTÓN CLAVÉ, S. e GONZÁLEZ REVERTÉ, F. (coord.) (2005): "Planificación territorial del turismo". Editorial UOC, Barcelona; op. cit. páx. 112.

4.3.1.- Proposta dun procedemento para a análise da demanda turística por parte das OMDs.

O obxectivo deste apartado é mostrar un procedemento para a análise da demanda turística que ofreza sobre unha base metodolóxica sólida, información precisa e suficiente como apoio ao proceso de toma de decisións nos diferentes procesos que concorren dentro das OMDs. Unha proposta de procedemento que permita medir o nivel de demanda turística nun destino, incluíndo nas diferentes etapas propostas de ferramentas investigativas encamiñadas á busca de información primaria e secundaria sobre a demanda. Os métodos empíricos utilizados están básicamente relacionados con instrumentos psicosociais de procura de información, métodos de expertos e estatísticos. En calquera caso, un conxunto de métodos teóricos propostos baixo un enfoque sistémico co obxecto de analizar as partes e interrelacións do proceso turístico e os elementos que os compoñen e a modelación para a concepción do modelo teórico proposto.

Na Figura nº4.3.1.1 reflectimos as bases do modelo sistémico de xestión da demanda dun destino turístico. Un modelo no que está encaixado o procedemento de análise da demanda túrística. No modelo, reflexamos as variables que inciden na demanda turística desde o mercado emisor, onde se atopa a demanda potencial, ata un destino turístico, ao que chega a demanda real, unidos a través dunha interfase turística. Analízase a contorna turística e a influencia de factores a escala mundial[433]. Un sistema formado por:

- *O mercado emisor* do que procede o turista, onde unha vez que se leve a cabo o proceso de comercialización parte da demanda potencial convértese en real.
- *A interfase turística*, que considera o desprazamento de ida e regreso, onde debemos considerar o xeito de organizar a viaxe polos visitantes que pode ser por AAVV/TTOO ou de xeito independente, así como o modo de transporte a utilizar, que pode ser nacional ou internacional.
- *O destino turístico* que debe ofrecer unhas características que o fagan desexable á demanda fronte á competencia. O fenómeno turístico pivota sobre a experiencia da demanda dentro dun destino determinado. A competitividade no sector turístico céntrase no destino[434]. Un produto turístico conformado dentro dun espazo xeográfico pola combinación de recursos, oferta hosteleira e complementaria como a infraestructura de diverso tipo que da conectividade interna e soporte á mesma.


Por outro lado, sinalar que o procedemento proposto de análise da demanda dun destino debe facerse dentro do marco de xestión dun Sistema de Información de Mercadotecnia dunha OMD. No cal, será preciso levar a cabo ademaís dunha análise da demanda outro das capacidades con que conta o destino, para logo comparalas e de acordo aos resultados obtidos, desenvolver un grupo de estratexias que ao implantalas e logo controlalas, faciliten a xestión da demanda e os seus futuros resultados por parte das OMDs. Un enfoque competitivo de carácter dinámico que debe sustentarse nunha planificación de carácter estratéxico. Neste sentido, a base de calquera plan de

[433]Aspectos xa abordados amplamente no Capítulo II deste traballo de investigación.

[434]Unha competitividade territorial que se está intensificando a escala global dentro do mercado turístico. Un aumento da presión competitiva que leva consigo unha selección a favor da prosperidade dos destinos mellor preparados cara atraer e satisfacer a demanda presente e potencial. Para o que os xestores das OMDs teñen que adoptar unha actitude máis activa e dispor dunha estratexia competitiva que se fundamente na procura dunha posición favorable no mercado. Unha estratexia competitiva que se fundamenta en boa medida nun axeitado coñecemento dos mercados de demanda.

mercadotecnia debe ser unha coidada análise dos segmentos de mercado dispoñibles e a selección de mercados-obxectivo apropiados. Non todos os segmentos do mercado son apropiados para un destino turístico. O plan de mercadotecnia dun destino turístico non debe de ser definitivo. As condicións do mercado cambian e teñen lugar fenómenos imprevisibles. Polo tanto, os xestores turísticos dun destino sen unha boa fonte de información están en clara desvantaxe dentro dun mercado cada vez máis global e competitivo. O desenvolvemento correcto dun plan de mercadotecnia depende da dispoñibilidade de información fiable.

Figura nº4.3.1.1.- Modelo de xestión da demanda dun destino turístico: Principais variables.



Fonte: Adaptado de RIGOL MADRAZO, L. Mª. (2008).

Agora ben, non temos a intención de limitar, nin substituír a importancia doutros enfoques e métodos empregados para a análise da demanda turística senón presentar un procedemento alternativo que puidese ser tamén utilizado para o seu estudo e que sirva de soporte a unha xestión eficiente e orientada cara á demanda nos destinos turísticos.

Unha proposta de procedemento de análise da demanda que estruturamos nos seguintes pasos:

1. ***Identificación e análise dos mercados emisores***. É de vital importancia que os xestores das OMDs teñan coñecemento dos mercados emisores de demanda, para asegurar o mellor posicionamento posible e maior rendibilidade do sector turístico, xa que se se teñen identificados os mercados se poderá mellorar a oferta turística. Esta etapa supón a segmentación dos turistas do destino considerando mediante a combinación de criterios obxectivos e subxectivos que refiren variables demográficas, xeográficas, socioeconómicas así como outras relacionadas coas actitudes, percepcións, gustos e preferencias. Ao mesmo tempo, a determinación das taxas de crecemento de cada mercado permiten clasificar o mercado en: mercado en expansión ou desenvolvemento, mercado masivo, ou mercado en declive facilitando o deseño das estratexias que se deben seguir con cada mercado. Esta etapa debemos estruturala á súa vez en dous procesos:
    a) *Identificación dos mercados emisores través de fontes secundarias*. Identificar os mercados emisores dun destino, representa o primeiro paso que se debe levar a cabo para coñecer a súa demanda real. Para coñecer a procedencia dos turistas, se son nacionais ou estranxeiros, pódense revisar fontes secundarias (informes de goberno, bases de datos estatísticos, ..).
    b) *Identificación dos atributos do mercado emisor*. Débense identificar os atributos ou características dos visitantes. A demanda que visita un destino turístico posúe expectativas diferentes e diversas, isto débese a que posúe hábitos, costumes e características diferentes de acordo co seu mercado de orixe e segmento. Para poder satisfacelos é necesario identificar e analizar os atributos que posúen. Unhas variables que van condicionar o comportamento da demanda, que poden ser moi distintas entre elas, e a decisión final depende desta combinación de variables. Neste punto, é aconsellable a aplicación de enquisas á demanda real e aos prestadores de servizos turísticos para obter información sobre as variables mencionadas anteriormente no propio destino. Agora ben, previamente deberase determinar as variables a analizar, cales posúen unha incidencia directa na demanda turística presente como futura. Para a caracterización da demanda real que visita o destino, requírese considerar múltiples variables socio-económicas (idade, sexo, nivel educacional, ocupación laboral, ingresos, …) e relacionadas coa viaxe (composición do grupo, momento da viaxe, anticipación para tomar a decisión, anticipación para reservar, método de reservas, motivación ou propósito, duración da estanza, gastos no mercado emisor e no destino, tipoloxía de aloxamento, …). Tamén se deberían incorporar outras variables que eventualmente poidan estar a influír (cambio monetario, impacto publicidade e promoción, estabilidade política...). Unhas enquisas que deben estar estructuradas cunha combinación de preguntas e escalas como a de Likert, de importancia, de valoración, de opcións múltiples e abertas. Onde o obxectivo é obter a información máis clara e precisa sobre as variables.
2. ***Análise da tendencia da demanda turística***. A tendencia mostra a pauta direccional da demanda nun período concreto de observación. Unha análise a longo desta variable prazo permite coñecer o patrón de comportamento da

demanda turística nun destino. O coñecemento do comportamento actual e pasado da demanda, grazas á análise da tendencia, pode ser utilizado para efectuar prognósticos, é dicir prever o nivel da demanda no futuro. O prognóstico da demanda futura é o principal reto dos xestores das OMDs, dado que é unha información crítica na toma de decisións ao garantir o seu desenvolvemento racional un primeiro achegamento á coherencia demanda-oferta. A predición exacta debe utilizar procedementos sistemáticos e obxectivos, así como utilizar fontes de información válida que proporcionan información actualizada.

3. ***Análise da estacionalidade da demanda turística***. O termo estacionalidade refírese a flutuacións periódicas da variable, en períodos relativamente curtos de tempo. Coñéceselle tamén como variación estacional e trátase das flutuacións periódicas e rítmicas da variable en lapsos de tempo máis curtos, xeralmente asociadas coas estacións aínda que por extensión se aplican a calquera intervalo de tempo dentro do ano. A análise da estacionalidade da demanda constitúe un importante soporte para a toma de decisións comerciais desde as OMDs, posto que posiblita:
    a) Facilitar a formulación de obxectivos de crecemento a longo prazo lanzando novas liñas de produtos cuxas vendas poden paliar a estacionalidade.
    b) Coñecer os mercados que predominan nos diferentes meses do ano.
    c) Deseñar as ofertas de opcionais para tempadas baixas e altas de ocupación hoteleira, de acordo cos mercados que concorren nos períodos.
    d) Establecer estratexias marketing axeitadas para as tempadas de baixa demanda turística.
    e) Administrar eficientemente o presuposto das campañas de comercialización.
4. ***Análise da vocación do destino turístico e satisfacción dos clientes***. A análise da *vocación* do destino turístico baséase no estudo da imaxe proxectada polo destino e a percibida dentro da demanda. Agora ben, somos partidarios de considerar só aqueles elementos máis relevantes asociados á imaxe do destino que posibiliten obter datos significativos para a xestión integrada do produto turístico. Neste punto, salientar dúas ideas clave a manexar dende as OMDs:
    a) A imaxe basease nas percepcións do turista máis que na realidade obxectiva do propio destino. Polo tanto, a imaxe dun destino turístico é un concepto subxectivo, dado que se concibe como unha interiorización das percepcións do turista. Nesta dirección, debemos ter moi presente que a imaxe dun destino é unha mestura de percepcións positivas e negativas que representan a realidade antes de que os individuos tomen a decisión de elixir o destino de viaxe, de maneira que só cando a imaxe positiva excede á negativa o turista potencial tomará a decisión de elixir o destino.
    b) A imaxe de destino proxectada desde OMDs é aquela que se transfire cara ao seu mercado de referencia a través das distintas canles de comunicación. Dentro destes cabe destacar a presenza de oficinas de turismo como as axencias de viaxes e/ou turoperadores que se mostran estreitamente relacionados coa propia realidade do destino. Os xestores das OMDs non deben ignorar tampouco a importancia de controlar os contidos relativos ao destino que circulan por internet. A imaxe

configúrase como unha ferramenta indispensable para poder competir nun mercado cada vez máis internacional e sofisticado. O éxito da promoción e comercialización vai depender do grao de congruencia entre a imaxe proxectada e percibida do destino. Xa que logo, dispoñer dunha imaxe de marca forte, coherente, diferenciada, recoñecible e posibilitadora dunha corrente favorable ao destino dentro do mercado de demanda potencial é un dos obxectivos básicos nos que deben centrarse as accións de marketing que se deriven do plan estratéxico implementado desde as OMDs. A imaxe, o concepto dun territorio, débese manexar coidadosamente. Efectivamente, a imaxe inflúe dunha forma decisiva no proceso de selección do destino por parte dos turistas potenciais e o seu comportamento e gasto nun destino determinado durante a visita. Con tal obxecto, os programas de comunicación e promoción tanto de carácter público como privado deberían de coordinarse coidadosamente por parte dos organismos xestores da súa estratexia de mercadotecnia territorial. En calquera caso, desenvolver imaxes exitosas dun xeito efectivo require dunha rigorosa investigación de mercado.

Neste punto propoñemos a utilización polos xestores das OMDs de técnicas estruturadas para coñecer a imaxe do destino definidas como aproximación multi-atributo. Unhas técnicas que se basean no emprego de atributos relevantes do destino que establece de antemán o investigador. Seguidamente, os individuos valóranos a través dunha escala Likert ou diferencial semántica[435]. Os atributos obtéñense mediante revisión da literatura e, posteriormente, complétanse mediante os resultados obtidos en varias entrevistas en profundidade aos *target groups*.

Por outra parte, a *satisfacción* dun visitante fai referencia ao seu estado emocional logo da valoración comparativa dos resultados dos requisitos do produto/destino turístico respecto ás súas expectativas[436]. Un concepto de satisfacción que está directamente relacionado ao de calidade. De feito, a súa idea central alude á calidade na realización do servizo e a súa adaptación ás necesidades e expectativas do consumidor. Nesta dirección, a medición da satisfacción da demanda está determinada pola identificación e avaliación das súas expectativas e percepcións. As expectativas concíbense como os desexos ou necesidades que o visitante posúe, ou como a súa esperanza de servizo, antes de que este lle sexa ofrecido. As percepcións son as crenzas ou constatacións obxectivas que o cliente forxa do servizo tras recibilo. A calidade do produto turístico virá determinada pola valoración do grao de axuste entre as expectativas e a percepción final do resultado por parte da demanda[437]. Noutras

[435]Véxase: ECHTNER, C. M. e RITCHIE, J. R. B. (1991): "The Meaning and Measurement of Destination Image". The Journal of Tourism Studies, vol.2 , nº2; pp. 2-12. ECHTNER, C. M. e RITCHIE, J. R. B. (1993): "The Measurement of Destination Image: An Empirical Assessment". Journal of Travel Research, vol.31, nº4; pp. 3-13.

[436]Véxase: KOTLER, P.; BOWEN, J.; MAKENS, J.; RUFIN MORENO, R. e REINA PAZ, M. D. (2004): "Marketing para turismo". Pretince Hall-Pearson Educación, S. A., Madrid. KOTLER P. e KELLER K. L. (2006): "Marketing Management". Pearson/Prentice Hall. Upper Saddle River (New Jersey-USA).

[437]É dicir, a satisfacción está baseada na comparación entre as expectativas sobre un destino (imaxe previa do destino) e a experiencia evaluativa percibida no destino. Neste punto, referímonos o que o turista ve, sente, e alcanza coa experiencia no destino. As OMDs deben dirixir os seus esforzos cara á procura e obtención de información da demanda, desenvolvendo múltiples modelos e técnicas que permitan medir o nivel de satisfacción e xa que logo de calidade. Neste sentido, o indispensable Sistema de Información Turística a implementar desde as OMDs, debe recoller un ou varios modelos de medida práctica de

palabras, a calidade das interaccións e experiencias dos turistas con diferentes aspectos do destino forma a base da completa satisfacción/insatisfacción co destino e as futuras decisións de viaxe[438]. A medición da satisfacción cos diferentes compoñentes ou atributos dos destinos é importante para analizar os factores determinantes da satisfacción/insatisfacción global co destino[439]. Ademais, a satisfacción do consumidor, dentro do ámbito turístico, ten unha influencia positiva no comportamento post-compra[440] debido principalmente ao seu forte impacto sobre a comunicación boca-oído, intencións de repetición de visita e lealdade[441]. De acordo con este enfoque, a intención e disposición dos

---

calidade dos produtos turísticos. Ao respecto existen distintos métodos de valoración da satisfacción, suxeitos a vantaxes e limitacións, dirixidos á mellora continua da calidade e alcanzar niveis superiores de satisfacción. Entre os mesmos, recoñécense especialmente por parte dos investigadores:

- O modelo *SERVQUAL (Service Quality)* ou dos desaxustes no cal se determina a calidade dos servizos/produtos como a diferenza entre as expectativas dun cliente cara este servizo/produto e a apreciación deste servizo/produto ao ser recibido, a través do tratamento da información recollida mediante cuestionarios. Véxase: PARASURAMAN, A.; ZEITHAML, V. A. e BERRY, L.L. (1988): "SERVQUAL: A Multiple-Item Scale for Measuring Consumer Perceptions of Service Quality". Journal of Retailing, vol. 64, nº1; pp. 12- 40. ZEITHAML, V. A; PARASURAMAN, A. e BERRY, L. L. (1992): "Calidad total en la gestión de los servicios". Ediciones Díaz de Santos, S.A., Madrid.
- O modelo *SERVMAN* ou enfoque de xestión de servizo. Neste a idea básica do modelo anterior mantense, pero fai énfase en que cada organización debe mellorar, polo que se considera aos gaps como áreas problemáticas de xestión e pode considerárselle como un modelo sistémico. Véxase: KUNST, P. e LEMMINK, J. (eds.) (1994): "Managing Service Quality". Paul Chapman Publishing Ltd, London.
- O modelo *SERVPERF*. Neste enfoque a medición da satisfacción do cliente realízase sobre a base dunha escala única que inclúe o listado de ítemes de percepción de resultado. Véxase: CRONIN, J. J. e TAYLOR, S. A. (1994): "SERVPERF versus SERVQUAL: Reconciling Performance-Based and Perceptions-Minus-Expectations Measurement of Service Quality". Journal of Marketing, vol. 58, nº1; pp. 125-131.

[438] Véxase: TEARE, R. E. (1998): "Interpreting and responding to customer needs". Journal of Workplace Learning, vol. 10, nº2; pp. 76-94.

[439] Neste aspecto, debemos sinalar pola súa importancia na definición da satisfacción da demanda é a diferenciación entre a satisfacción global coa viaxe e o destino, e a satisfacción con atributos individuais. A satisfacción global é un concepto máis amplo que implica unha avaliación integral despois da compra e non a suma das valoracións individuais de cada atributo. Véxase: FORNELL, C. (1992): "A national customer satisfaction barometer: the Swedish experience". Journal of Marketing, vol. 56, nº1; pp. 6-21. GNOTH, J. (1994): "Quality of service and tourist satisfaction" en WITT, S. e MOUTINHO, L. (eds): "Tourism Marketing and Management Handbook". Prentice Hall, Hemel Hempstead (U.K.); pp. 279-84.

[440] Véxase: OLIVER, R. L. (1980): "A Cognitive Model of the Antecedents and Consequences of Satisfaction Decisions". Journal of Marketing Research, vol. 17, nº4; pp. 460-469. CRONIN, J. J. e TAYLOR, S. A. (1992): "Measuring Service Quality: A Reexamination and Extension". Journal of Marketing, vol. 56, nº3; pp. 55-68. KEAVENEY, S. M. (1995): "Customer Switching Behavior in Service Industries: An Exploratory Study". Journal of Marketing, vol. 59, nº2, pp. 71-82.

[441] Véxase: OLIVER, R. L. (1980): "A Cognitive Model of the Antecedents and Consequences of Satisfaction Decisions". Journal of Marketing Research, vol. 17, nº4; pp. 460-469. ANDERSON, E. W. e SULLIVAN, M. W. (1993): "The antecedents and consequences of customer satisfaction for firms". Marketing Science, vol. 12, nº2; pp. 125-143. RUST, R.T. e ZAHORIK, A. J. (1993): "Customer loyalty, customer retention and market share". Journal of Retailing, vol. 69, nº2; pp. 193-215. HALLOWELL, R. (1996): "The relationship of customer satisfaction, customer loyalty, profitability: An empirical study". International Journal of Service Industry Management, vol. 7, nº4; pp. 27-42. BAKER, D. A. e CROMPTON, J. L. (2000): "Quality, satisfaction and behavioral intentions". Annals of Tourism Research, vol. 27, nº3; pp. 785-804. KOZAK, M. e RIMMINGTON, M. (2000): "Tourist Satisfaction with Mallorca, Spain as an Off-Season Holiday Destination". Journal of Travel Research, vol. 38, nº3; pp. 260-269.

turistas a repetir a visita depende do nivel de satisfacción co destino[442]. Todo o cal, xustifica a grande importancia adquirida pola análise por parte das OMDs dos factores que interveñen no proceso de avaliación do destino levado a cabo polos turistas e excursionistas nas súas viaxes e os factores que determinan o seu grao de satisfacción tanto co destino en xeneral como cos servizos turísticos utilizados[443].

En definitiva, estamos ante unha proposta procedemento que permitirá a medición da demanda turística nun destino, co obxectivo de que xestores das OMDs poidan ter coñecemento da tendencia de demanda turística, así como aqueles factores internos e externos que inflúen nela. Todo isto co fin de axudar aos axentes públicos e privados do destino no proceso de toma de decisións para o mellor aproveitamento das potencialidades turística dentro da planificación estratéxica dun destino. De feito, o procedemento proposto de análise da demanda turística permite aos xestores das OMDs:

- ✓ Determinar as variables que condicionan a demanda turística.
- ✓ Pronosticar a demanda turística
- ✓ Caracterizar a demanda turística a partir dunha investigación de mercado, co obxectivo de poder influenciar sobre ela, considerando múltiples variables.
- ✓ Determinar as capacidades proxectadas no destino e confrontala con o prognóstico da demanda determinada para establecer as estratexias que facilitan a xestión da demanda dun destino turístico e os seus resultados futuros.
- ✓ Un sistema de indicadores que permite seguir a evolución do comportamento da demanda turística.

4.3.2.- Análise descritiva da demanda turística en Galicia.

Neste apartado realizamos unha aproximación á evolución e ás características dos viaxeiros que chegaron a Galicia. En concreto, pretendemos ofrecer unha valoración da súa evolución recente e ofercer segmentación básica do mercado. A motivación da análise xorde polo feito de que o seu coñecemento constitúe un elemento de primordial importancia para os xestores das OMDs do litoral galego co fin de poder eleborar estratexias e lograr un uso máis eficiente dos recursos por parte da administración e dos diferentes axentes privados do sector turístico. Agora ben, debemos remarcar a falta de datos de suficente fiabilidade para abordar determinados aspectos importantes para unha axeitada segmentación da demanda. En calquera caso, imos debuxar a situación da demanda turística no litoral galego nos seus principais trazos.

4.3.2.1.- Evolución da demanda

En función dos datos apuntados con anterioridade no apartado 2.1.10 deste traballo de investigación, podemos aseverar que durante os últimos 60 anos o desenvolvemento da demanda turística en España foi espectacular. Agora ben, atendendo aos datos que facilita o Instituto de Estudios Turísticos, nos primeiros tres anos da crise España perdeu seis millóns de turistas internacionais. Con todo, puidemos constatar dende o ano 2010 unha evidente recuperación da demanda internacional, sen

[442]Véxase: MILLÁN CAMPOS, Á.; DÍAZ SÁNCHEZ, E. e ESTEBAN TALAYA, Á. (2010): "Satisfacción de la demanda turística en Castilla-La Mancha". Revista de Análisis Turístico, nº9; pp. pp. 42-54; op. cit. páx. 44.


[443]Véxase: MILLÁN CAMPOS, Á.; DÍAZ SÁNCHEZ, E. e ESTEBAN TALAYA, Á. (2010): "Satisfacción de la demanda turística en Castilla-La Mancha". Revista de Análisis Turístico, nº9; pp. pp. 42-54; op. cit. páx. 43,

alcanzar aínda os valores previos á crise[444]. Se ben, é certo que a partir do ano 2010, prodúcese dentro da demanda un comportamento de carácter bipolar: unha caída xeneralizada da demanda de residentes en España como unha recuperación e crecemento dos fluxos procedentes do estranxeiro[445]. As causas son obvias. Un recrudecemento da crise económica en España, reflectida de xeito moi significativo no incremento da taxa de paro. Unha taxa de paro que se incrementa en case cinco puntos, situándose no 25% no ano 2012. Por outra banda, o impulso á demanda estranxeira veu determinada, pola progresiva recuperación das economías locais. Sen esquecernos do factor de inestabilidade socio-política nos países árabes do Mediterráneo.

No que respecta á situación do sector turístico galego, o predominio do turismo nacional e o elevado grao de estacionalidade seguen estando entre as súas principais características. O seguimento das cifras de demanda turística en Galicia durante o período 2001-2012, mediante o número de viaxeiros rexistrados (Figura nº4.3.2.1.1), reflexa que esta experimentou un destacado crecemento pero estruturalmente inferior á media española. O número de viaxeiros rexistrou un incremento do 27,58% fronte ao 31,85% do conxunto do territorio español. Neste terreo, o impulso de acontecementos como os Anos Santos parece ter sido decisivo, ata o punto de que o período inmediatamente posterior a estes sempre vai asociado a importantes caídas da demanda.

[444] Véxase: Figura nº2.1.10.7.
[445] Véxase: Figura nº2.1.10.14.

Figura nº4.3.2.1.1.- Evolución anual da cifra de viaxeiros en Galicia[446] e España en establecementos regrados. Período 2001-2012.




Fonte.-INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH), Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP), Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural (EOTR).

Como era de esperar, o número de pernoctacións a está moi relacionado co volume de viaxeiros. De feito, a evolución da cifra de pernotacións foi paralela á de viaxeiros (Figura nº4.3.2.1.2). Rexistrándose, neste caso, en Galicia un incremento no período 2001-2012 do 13,65%, superior ao logrado en España que foi de 9,78%.

[446] Anos Xacobeos: 2004 e 2010.

Figura nº4.3.2.1.2- Evolución anual da cifra de pernoctacións en Galicia e España en establecementos regrados. Período 2001-2012.




Fonte.-INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH), Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP), Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural (EOTR).

A confrontación dos datos de viaxeiros cos de pernoctacións durante o período 2001-2012 revelan certa debilidade nas estanzas medias. A estancia media segue a ser un dos problemas estruturais da actividade turística. Proba diso é que a permanencia ou duración da visita no caso do turismo galego é das máis curtas do turismo peninsular. A estadía media no conxunto dos establecementos de aloxamento regrado de Galicia sitúabase en 2,2 noites neste ano 2012[447], cifra que cae un 2,6% en relación ao anterior 2011. Este descenso destaca pola súa magnitude no contexto de crise da demanda apuntado, de feito é o valor máis baixo desde o ano 2003. Dalgunha maneira a conxuntura actual está reflectindo un cambio no comportamento da demanda turística

[447]Mentres en España a estadía nos establecementos regrados sobe un 0,7% ata situarse nunha media de 3,8 noites como consecuencia dos incrementos rexistrados nas principais CC.AA. desde o punto de vista turístico (Cataluña, Andalucía, Canarias ou Baleares). Son en todo caso melloras moi suaves que salvo no caso de Cataluña quedan sempre por debaixo do 1% interanual.

como é o descenso da duración das viaxes e da estadía media nos destinos, neste caso en Galicia. Con 3,7 e 3,8 noites respectivamente os cámpings e os apartamentos turísticos son as tipoloxías que rexistran as estadías máis elevadas neste 2012 (Figura nº4.3.2.2.3). Nos hoteis e pensións a cifra sitúase no contorno de 2,1 noites mentres que nos establecementos de turismo rural o nivel cae a unha media de 1,95 noites (mínimo histórico no sector pois nunca antes baixara de dúas noites de media[448])[449].

Figura nº4.3.2.2.3.-Estadía media da demanda nos establecementos regrados galegos. Ano 2012.



Fonte: INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS DE GALICIA (2013): "CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA: Ocupación en establecementos regrados. Informe preliminar. Ano 2012".


Non obstante, desde o ano 2007, o volume de demanda turística regrada vén caendo de forma practicamente consecutiva (Figuras nº4.3.2.2.4-4.3.2.2.7). De feito, Galicia pasa de rexistrar pouco máis de 9,4 millóns de pernoitas para situarse en preto de 9,18 millóns en 2008, 8,87 millóns en 2009, 8,54 millóns en 2011 e 7,95 millóns no 2012. Agora ben, este descenso das pernoctacións durante o período considerado é consecuencia da caída da demanda nacional basicamente. Dado que as pernoctacións de non residentes dende o ano 2009 seguen unha tendencia positiva. Polo tanto, tal e como comentamos con anterioridade dentro do capítulo 2, a evolución negativa tanto da economía galega como da española, marcado especialmente cun descenso elevado das cifras de emprego, repercutiu de forma evidente sobre a demandade turísta dos diferentes destinos galegos. Unha tendencia negativa que se interrompen puntualmente no ano 2010 coa celebración do Xacobeo, evento no que Galicia marca niveis históricos de demanda no aloxamento regrado con preto de 4,3 millóns de viaxeiros e 9,7 millóns de pernoitas[450].

[448]INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS DE GALICIA (2013): "CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA: Ocupación en establecementos regrados. Informe preliminar. Ano 2012". http://www.ietgalicia.com/

[449] Ibídem.


[450] Unha repercusión sobre a afluencia de demanda cara Galicia que foi tratada xa con amplitude no apartado 2.1.10 deste traballo de investigación.

Figura nº4.3.2.1.4.- Evolución do número de viaxieros en establecementos regrados por país de residencia en España. Periodo 2007-2012.




Fonte.-INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH), Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP), Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural (EOTR).

Figura nº4.3.2.1.5.- Evolución do número de viaxieros en establecementos regrados por país de residencia en Galicia. Periodo 2007-2012.




Fonte.-INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH), Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP), Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural (EOTR).

Figura nº4.3.2.1.6.- Evolución do número de noites en establecementos regrados por país de residencia en España. Periodo 2007-2012.



Fonte.-INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH), Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP), Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural (EOTR).

Figura nº4.3.2.1.7.- Evolución do número de noites en establecementos regrados por país de residencia en Galicia. Periodo 2007-2012.



Fonte.-INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH), Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP), Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural (EOTR).

No ano 2012 Galicia rexistrou algo máis de 3,6 millóns de viaxeiros aloxados e 7,9 millóns de pernoitas nos establecementos regrados da comunidade. Tales cifras supoñen unha caída do 4,30% e 7,45%, respectivamente, en relación ao ano 2011 (Figura nº4.3.2.1.5-4.3.2.1.7)[451]. No ano 2012 o 80,91% da demanda turística regrada, medida en termos de pernoitas, corresponde ao turismo nacional[452]. O 19,09% restante corresponde ao turismo internacional (Figura nº4.3.1.2.8). En termos de viaxeiros a estrutura da demanda cambia lixeiramente pois o peso do mercado estranxeiro ascende ao 22,86% do total con 829.639 no total de Galicia. O peso do mercado nacional queda neste caso no 77,14%.

Figura nº4.3.2.2.8.- Peso dos mercados da demanda turística nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada galegas: noites. Ano 2012.



Fonte: INE.

Apuntar tamén que no ano 2012, obsérvase un comportamento dispar entre estes dous mercados en Galicia con referencia ao ano precedente. Así, atopamos caídas no turismo nacional, do 6,42% en viaxeiros e do 9,78% en pernoitas, e crecementos do mercado internacional, do 2,94% e 2,50% respectivamente. Unha situación en referencia á demanda estranxeira que podemos de cualificar de moi positiva e que vén a constatar unha tendencia obervada noutros anos (Figura nº4.3.2.2.9). Apuntar tamén en relación a este mercado a positiva evolución rexistrada no ano 2012 no gasto total como no gasto medio por persoa e diario (Figura nº4.3.2.2.10).

[451]Unha conxuntura negativa da demanda turística en Galicia que se enmarca nun contexto de descensos xeneralizados no conxunto do España. De feito, no ano 2012, no conxunto do estado obsérvase unha caída tanto da cifra de viaxeiros aloxados (–2,66%) como das pernoitas (–1,88%). En definitiva, uns descensos non moi elevados que responden en boa medida a un mal comportamento da demanda nacional (–5,97%). O mercado internacional, en cambio, increméntase no conxunto do Estado un 0,94%.

[452] Falamos de residentes tanto en Galicia como nas restantes CC.AA.

Figura nº4.3.2.2.9.- Evolución do número de turistas estranxeiros entrantes a Galicia e España. Periodo 2001-2012.

Ano	España	Galicia
2001	48.565.345	703.367
2002	50.330.624	789.571
2003	50.853.813	745.845
2004	52.429.832	748.120
2005	55.913.778	1.186.869
2006	58.004.462	1.151.327
2007	58.665.504	1.030.721
2008	57.316.238	934.821
2009	52.177.640	763.751
2010	52.677.187	688.601
2011	56.176.884	851.561
2012	57.464.496	861.338

Fonte: FRONTUR / Instituto de Estudios Turísticos de España.


Figura nº4.3.2.2.10.- Evolución do gasto levado a cabo polos turistas estranxeiros en Galicia. Periodo 2012

Ano	Gasto total (Millóns de euros)	Gasto Medio Persoa (Euros)	Gasto Medio Diario (Euros)	Estadía Media (Noites)
2004	524,44	735,73	72,29	10,18
2005	834,33	718,86	89,93	7,99
2006	809,72	711,16	95,18	7,47
2007	782,56	759,57	90,66	8,38
2008	744,38	797,64	96,05	8,30
2009	679,03	891,14	97,42	9,15
2010	646,79	938,57	90,88	10,33
2011	683,24	802,60	99,75	8,05
2012	708,66	823,35	100,18	8,22

Fonte: EGATUR / Instituto de Estudios Turísticos de España

Por outro lado, sinalar tamén que no ano 2012 o 83,5% da demanda turística en Galicia aloxada en establecementos regrados corresponde aos establecementos hoteleiros. Dentro dos cales, o maior peso corresponde os hoteis, co 67,4% do total da demanda regrada (Figura nº4.3.1.2.11). O 16,5% corresponde ao segmento extrahoteleiro, destacando neste caso o peso dos cámpings. Unha tipoloxía que absorbe o 10% do total da demanda. Unhas cifras moi superiores ás rexistradas nos apartamentos turísticos e nos establecementos de turismo rural, segmentos de oferta que representan pouco máis do 3% da demanda total.


Figura nº4.3.2.2.11.- Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Ano 2012



Fonte: INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS DE GALICIA (2013): "CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA: Ocupación en establecementos regrados. Informe preliminar. Ano 2012".


A escala provincial, ao longo do período 2007-2012, tomando como referencia os datos rexistrados pola Enquisa de Ocupación Hoteleira (EOH) elaborada polo INE, obsérvase a existencia de dúas traxectorias claramente diferenciadas. A Coruña e Pontevedra rexistran os maiores volumes tanto de viaxeiros como de pernoctacións (Figuras nº4.3.2.1.12- nº4.3.2.1.12). No que respecta á evolución das cifras, a traxectoria das dúas provincias é totalmente converxente, ata o punto de que poderían ser consideradas como un destino conxunto que aglutina a práctica totalidade da demanda galega. De feito, estas dúas provincias como Lugo e Ourense, reflicten na evolución dos seus valores os efectos da crise e sobredemánda vinculada ao ano Xacobeo 2010. Uns efectos da crise que aínda se manifestan dado que non se puideron recuperar os valores previos a esta. Unha realidade que debemos vincular á gran dependencia que existe dos fluxos de visitantes de orixe nacional.

Figura nº4.3.2.1.12.- Galicia: Evolución do número de viaxeiros en establecementos hoteleros por provincia. Periodo 2007-2012.



Fonte: INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH).

Figura nº4.3.2.1.13.- Galicia: Evolución do número de noites en establecementos hoteleros por provincia. Periodo 2007-2012.




Fonte: INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH).

Uns efectos da crise como a dependencia da demanda nacional que tamén se reflicten na evolución dos viaxeiros e pernoctacións durante o período 2007-2012 nas distintas zonas como puntos turísticos contemplados polo INE dentro do litoral galego. En calquera caso, debemos sinalar que as Rías Baixas é o espazo que presenta os valores máis altos, concentrando o 31,65% dos viaxeiros e o 36,90% das pernoctacións totais en estableciemientos hoteleiros de toda Galicia no ano 2012. En canto á evolución dos valores dentro das zonas turísticas durante o perido 2007-2012, podemos destacar as seguintes pautas (Figuras nº4.3.2.2.14-4.3.2.2.15):

- ✓ En todas as zonas turísticas non se recuperaron os rexistros previos á crise tanto a nivel viaxeiros como pernoctacións.


- ✓ As Rías Baixas son o espazo no cal máis repercute a maior afluencia vinculada ao ano Xacobeo 2010. Os motivos debemos ligalos á boa accesibilidade a Santiago de Compestela dende enclaves como Sanxenxo e O Grove, circunstancia que posibilitou atender ao exceso de demanda que non puido acoller a oferta de aloxamento da capital galega como poder combinar un produto relixioso-cultural co desfrute do litoral galego. De feito, Sanxeno rexistrou no ano 2010 un total de 890.355 noites en establecementos hoteleiros, o valor más elevado do período 2007-2012 (Figura nº nº4.3.2.1.17).
- ✓ Unha recuperación en todas as zonas turísticas dos valores de viaxeiros como pernoctacións no ano 2012 con respecto ao ano anterior. A excepción da Costa da Morte que neste ano rexistra un descenso no número de viaxeiros.

Figura nº4.3.2.1.14.- Galicia: Evolución do número de viaxeiros en establecementos hoteleros por zonas turísticas: Costa da Morte, Rías Altas, A Mariña Lucense (costa) e Rias Baixas. Periodo 2007-2012.



Fonte: INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH).


Figura nº nº4.3.2.1.15.- Galicia: Evolución do número de noites en establecementos hoteleros por zonas turísticas: Costa da Morte, Rías Altas, A Mariña Lucense (costa) e Rias Baixas. Periodo 2007-2012.



Fonte: INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH).


Finalmente, dentro da pauta decrecente orixinada pola crise económica, destacar que as cidades de A Coruña e Vigo, por esta orde, son as que rexistran os maiores valores de viaxeiros para o período 2007-2012 dentro dos muncipios recollidos na EOH do territorio gallego (Figura nº4.3.2.2.16). Agora ben, hai que apuntar que Sanxenxo supera en número de pernocatacións a Vigo en toda a serie analizada e, mesmo nos anos 2009 e 2010 a A Coruña (Figura nº4.3.2.2.17). Unha circunstancia que nos manifesta un maior estanza media da demanda en Sanxenxo. A xeito de exemplo, a estanza media en establecementos hoteleiros no ano 2012 en Sanxeno foi de 3,22 días polos 2,15 da Coruña e os 2,02 de Vigo. Un feito que debemos relacionar ao tipo de produto ofertado en cada un destes destinos. Un produto marcadamente de sol e praia no caso do municipio pontevedrés fronte a outro máis complexo no caso das dúas cidades, aínda que en ambos casos de marcado carácter urbano.

Figura nº nº4.3.2.1.16.- Galicia: Evolución do número de viaxeiros en establecementos hoteleros por puntos turísticos: A Coruña, Ribadeo, O Grove, Sanxenxo e Vigo. Periodo 2007-2012.



Fonte: INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH).

Figura nº nº4.3.2.1.17.- Galicia: Evolución do número de noites en establecementos hoteleros por puntos turísticos: A Coruña, Ribadeo, O Grove, Sanxenxo e Vigo. Periodo 2007-2012.



Fonte: INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH).

En defintiva, os xestores das OMDs do litoral galego deben asumir que actualmente a súa potencial demanda turística está caracterizada basicamente polos seguintes trazos:

- ✓ É unha demanda heteroxénea se se atende ás motivacións do turista, tipo de viaxe e aloxamento escollido, produtos e servizos turísticos consumidos, etc. Non está centrada motivacionalmente en gozar en exclusiva do sol e a praia.
- ✓ É unha demanda caracterizada por unha evolución en expansión e con maiores flutuacións que no conxunto de España (Anos Xacobeos). Agora ben, tamén hai que salientar que sufriu os efectos da crise inciada a finais de 2007.
- ✓ É unha demanda concentrada, tanto no tempo coma no espazo.

A continuación analizaremos a concentración da demanda turística en Galicia en ambas as dúas dimensións: temporal e espacial. Unha análise que imos efectuar a través dos datos obtidos pola EOH do INE para o territorio galego. Unha elección que está xustificada por unha premisa incuestionable. Os establecementos hoteleiros concentran a maior parte da demanda rexistrada en Galicia. En concreto, no ano 2012 o 83,60% das pernoctacións efectuáronse neste tipo de oferta de aloxamento. Polo tanto, as conclusións efectuadas a partir dos mesmo son plenamente amplicables para o conxunto da demanda con destino Galicia.

4.3.2.2.- Concentración espacial da demanda turística galega.

A análise da distribución da demanda turística en Galicia no tempo e no espazo ten, dende o punto de vista xeográfico, un interese fundamental. "A excesiva concentración temporal da demanda impide o aproveitamento óptimo dos recursos, o cal se reflicte, basicamente, na infrautilización de traballo e capital; a súa excesiva concentración espacial provoca o deterioro nos servizos prestados e danos no ámbito

físico, debidos á aglomeración. Calquera delas pode xerar, polo tanto, importantes deseconomías externas"[453].

O estudo da concentración territorial da demanda turística en Galicia e nos seus destinos do litoral imos estruturalo en:

- ✓ concentración en orixe
- ✓ e concentración en destino[454].

Agora ben, para esta análise da concentración espacial da demanda turística utilizaranse os datos referidos ao número de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros no ano 2012 (EOH), porque esta fonte estatística do INE porporciona información dos viaxeiros analizados por orixe e, as prazas hoteleiras son amplamente dominantes dentro da oferta regulada dos destinos litorais. En consecuencia o manexo desta fonte posibilítanos obter unhas conclusións válidas para responder aos obxectivos formulados neste apartado.

4.3.2.2.1.- Concentración en orixe

A maior parte dos viaxeiros que chegaron a Galicia no ano 2012 eran españois (76,91)%, só unha porcentaxe próxima ao 23% procedían do estranxeiro, sendo Portugal o principal país de orixe dos visitantes estranxeiros (4,29%) (Figura n.º4.3.2.2.1.1).

A nivel provincial destaca o feito de que as provincias de Ourense e Pontevedra son as que máis dependen dos viaxeiros procedentes do conxunto de España, con porcentaxes do 90,63% e do 82,47%, respectivamente, mentres que en as provincias de Lugo e, sobre todo, da Coruña, hai unha maior diversificación na procedencia dos que se aloxan nos establecementos hoteleiros, sendo sensiblemente superior a cifra de viaxeiros que proceden dos países europeos (Figura n.º4.3.2.2.1.2).

Estes valores se os contrastamos cos rexistrados tanto nas zonas como puntos turísticos do litoral galego contemplados na Enquisa de Ocupación Hoteleira (EOH) elaborada polo INE (Figura nº.4.3.2.2.1.3) permítenos afirmar que son os destinos de sol e praia os que determinan basicamente esa preponderancia do segmento de demanda nacional tanto a nivel Galicia coma especialmente na provincia de Pontevedra. Os datos rexistrados de demanda residente en España na provincia de Ourense obedecen á estruturación do seu sector turístico centrado basicamente na oferta de turismo de saúde (balnerios) e cultural. Unha tipoloxía de produtos que na actualidade seguen dependendo do mercado de demanda nacional. Pola súa banda, as provincias da Coruña e Lugo son unha claro exemplo do que supón e posibilitará cara a captación de mercados de demanda exteriores o Camiño de Santiago. Nesta dirección tamén apuntan os valores alcanzados pola demanda exterior na Costa da Morte (36,68%). Resultados moi vinculados ao auxe recente e cada vez maior do Camiño de Fisterra como prolongación da ruta xacobea.

Entre as zonas turísticas do litoral galego, as Rías Baixas destacan por concentrar o maior volume de viaxeiros no ano 2012 (31,65% do total de Galicia) e polo dominio da demanda de residentes en España (82,41%). Así mesmo, resaltar o peso dos destinos do Grove e Sanxexo. Dous municipios localizados na Península do

[453] Véxase: REY GRAÑA, C. e RAMIL DÍAZ, M. C. (2000): "Estructura del mercado turístico gallego". Revista Galega de Economía, vol. 9, nº1; pp. 1-23; op. cit. páx. 1.

[454] A estruturación dese apartado baséase no artigo: MARTÍNEZ ROGET, F. e DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C. (2000): "La demanda turística en Galicia. El problema de la concentración". Revista Galega de Economía, vol. 9, nº2; pp. 1-18; op. cit. páxs. 9-17.

Salnés e moi vinculados á oferta turística residencial de sol e praia[455]. Nos mesmo é amplamente dominante a demanda residente en España. Aínda que cabe resaltar a importante porcentaxe de turistas de orixe portuguesa que acoden a este sector do litoral galego, especialmente en Sanxenxo (11,54%). Por último, resaltar a destacada porcentaxe demanda estranxeira no caso da cidade de Vigo (22,91%). Un valor que é o máis alto alcanzado por este segmento de demanda dentro dos destinos do litoral galego contenplados dentro das estatísticas oficiais (Figura nº.4.3.2.2.1.3).

Por último, a análise concreta da demanda de residentes en España sinálanos que os efectivos máis numerosos dentro do destino Galicia, despois dos residentes na mesma rexión (39,84%), son os procendentes de Madrid (16,62%), Castela-Léon (7,27%), Cataluña (6,97%), Asturias (5,87%) e Andalucia (5,36%) (Figura nº nº4.3.2.2.1.4). Un segundo posto madrileño que se mantén en todas as provincias galegas. Agora ben, alcanzando os valores máis significativos na Coruña (18,06%) e Pontevedra (16,55%). A importancia dos efectivos das outras CC.AA. varia segundo as distintas provincias aínda que se seguen situando nos primeiros postos as mencionadas para o conxunto do destino galego (Figura nº4.3.2.2.1.5). Este maior peso dos efectivos das CC.AA. mencionadas con anterioridade, tanto a nivel Galicia coma a nivel provincial, obedece a varios factores que esencialmente podemos reducir a dous: accesibilidade e turismo de retorno. Este factor é especialmente determinante no caso da demanda procedente de Madrid e Cataluña.

Esta composición descrita da demanda turística dos destinos galegos na que predominan os visitantes españois dunhas determinadas CC.AA. e, polo tanto, moi concentrada en orixe, resulta un freo para a futura evolución do sector, para o cal sería preferible unha descomposición entre distintos países que permitise a chegada de turistas con diferentes niveis de renda e atenuar así as posibles crises que puidesen producirse nalgúns deles ao diversificar os riscos derivados da dependencia dun país en concreto[456]. Un problema de dependencia da demanda nacional que determinou a importante redución de afluencia de viaxeiros ao destino galego dende finais de 2007, salvo a parentese que representa o Xacobeo 2010. Non esquezamos a profunda crise económica que atravesa España dende ese ano motivada esencialemente polo estalido da burbulla inmobiliaria. Unha crise amplamente analizada no capitulo 2 deste traballo de investigación.

[455] Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2001): "Espacios turísticos y de ocio nas Rías Baixas: unha análise a diferentes escalas". Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral para o Turismo, Santiago de Compostela.

[456] Véxase: MARTÍNEZ ROGET, F. e DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C. (2000): "La demanda turísticas en Galicia. El problema de la concentración". Revista Galega de Economía, vol. 9, nº2; pp. 1-18; op. cit. páxs. 9-17; op. cit. páx. 9.

Figura nº4.3.2.2.1.1- Concentración espacial da demanda turística galega e española en orixe. Ano 2012.

	Total	A	B	UE[1]	Alemaña	Francia	Italia	Portugal	R. U.	EE.UU.	C
ESPAÑA	82.962.481	43.025.752	39.936.729	29.182.352	7.019.583	4.259.794	2.420.081	1.070.205	7.809.361	1.958.383	2.237.327
nº viaxeiros GALICIA	3.216.346	2.473.594	742.753	521.831	92.643	75.705	71.893	138.125	40.885	43.354	83.888
nº viaxeiros ESPAÑA %		51,86	48,14	35,17	8,46	5,13	2,92	1,29	9,41	2,36	2,70
GALICIA %		76,91	23,09	16,22	2,88	2,35	2,24	4,29	1,27	1,35	2,61

Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH): Viajeros entrados por comunidades autónomas, país de residencia.
A Residentes en España
B Non residentes en España
C Resto de América
[1]Sen España

Figura nº.4.3.2.2.1.2- Concentración espacial da demanda turística das provincias galegas en orixe. Ano 2012.

	Total	A	B	UE[1]	Alemaña	Francia	Italia	Portugal	R.U.	EE.UU.	C
						Número de Viaxeiros					
A Coruña	1.431.674	1.011.917	419.757	279.487	54.042	39.864	50.907	49.559	23.460	26.840	56.377
Lugo	502.756	382.286	120.471	84.175	23.389	13.639	11.587	6.087	7.165	10.131	10.225
Ourense	271.398	245.972	25.426	19.610	1.823	3.784	1.236	8.221	1.353	766	2.660
Pontevedra	1.010.518	833.419	177.099	138.559	13.389	18.418	8.163	74.258	8.907	5.616	14.626
						%					
A Coruña	100	70,68	29,32	19,52	3,77	2,78	3,56	3,46	1,64	1,87	3,94
Lugo	100	76,04	23,96	16,74	4,65	2,71	2,30	1,21	1,43	2,02	2,03
Ourense	100	90,63	9,37	7,23	0,67	1,39	0,46	3,03	0,50	0,28	0,98
Pontevedra	100	82,47	17,53	13,71	1,32	1,82	0,81	7,35	0,88	0,56	1,45


Fonte: INE, Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH): Viajeros entrados por comunidades autónomas, país de residencia.
A Residentes en España
B Non residentes en España
C Resto de América
[1]Sen España

Figura nº4.3.2.2.1.3.- Concentración espacial da demanda turística das zonas e puntos turísticos do litoral galegos en orixe. Ano 2012.

	Total	A	B	UE[1]	Alemaña	Francia	Italia	Portugal	R.U.	EE.UU	C
						Número de Viaxeiros					
Costa da Morte (A Coruña)	88.945	56.319	32.626	27.127	10.561	4.236	4.710	1.260	1.205	1.421	1.171
Rías Altas (A Coruña)	570.764	485.892	84.872	57.800	4.949	8.017	7.922	18.852	6.586	3.657	11.064
Costa A Mariña Lucense (Lugo)	101.511	90.482	11.029	7.972	1.782	1.732	911	690	1.299	793	933
Rías Baixas (Pontevedra e A Coruña)	1.017.822	838.824	178.998	140.252	14.201	19.378	8.638	73.326	9.031	5.733	14.439
A Coruña	331.702	274.878	56.823	36.801	2.875	4.151	5.468	12.571	3.982	2.696	-
Ribadeo	48.866	42.048	6.818	4.962	1.035	1.182	527	338	894	453	-
O Grove	96.636	86.004	10.631	8.668	1.053	1.002	306	4.980	568	294	-
Sanxenxo	190.877	162.786	28.091	25.562	641	1.040	290	22.035	397	483	-
Vigo	302.672	233.325	69.347	48.294	3.128	9.638	4.303	22.500	2.907	2.191	-
						%					
Costa da Morte (A Coruña)	100	63,32	36,68	30,49	11,87	4,76	5,30	1,42	1,35	1,60	1,32
Rías Altas (A Coruña)	100	85,13	14,87	10,13	0,87	1,40	1,39	3,30	1,15	0,64	1,94
Costa A Mariña Lucense (Lugo)	100	89,14	10,86	7,85	1,76	1,71	0,90	0,68	1,28	0,78	0,92
Rías Baixas (Pontevedra e A Coruña)	100	82,41	17,59	13,78	1,40	1,90	0,85	7,20	0,89	0,56	1,42
A Coruña	100	82,87	17,13	11,09	0,87	1,25	1,65	3,79	1,20	0,81	-
Ribadeo	100	86,05	13,95	10,15	2,12	2,42	1,09	0,69	1,83	0,93	-
O Grove	100	89,00	11,00	8,97	1,09	1,04	0,32	5,15	0,59	0,30	-
Sanxenxo	100	85,28	14,72	13,39	0,34	0,54	0,15	11,54	0,21	0,25	-
Vigo	100	77,09	22,91	15,96	1,03	3,18	1,42	7,43	0,96	0,72	-


Fonte: INE, Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH): Viajeros entrados por comunidades autónomas, país de residencia.
A Residentes en España
B Non residentes en España
C Resto de América
[1]Sen España


Figura nº nº4.3.2.2.1.4.- Concentración espacial da demanda turística galega en orixe: Residentes España, distribución por CC.AA. Ano 2012. Unidade: %.



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH): Distribución porcentual de los viajeros residentes por comunidades y ciudades autónomas de destino y comunidades y ciudades autónomas de procedencia.

Figura nº4.3.2.2.1.5.- Concentración espacial da demanda turística nas provincias galegas en orixe: Residentes España, distribución por CC.AA. Ano 2012. Unidade: %.





Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH): Distribución porcentual de los viajeros residentes por comunidades y ciudades autónomas de destino y comunidades y ciudades autónomas de procedencia.

4.3.2.2.2.-Concentración en destino

O estudo dos datos referidos ao número de viaxeiros da EOH detallados a nivel provincial no período 2007-2012, permítenos afirmar que as maiores porcentaxes de demanda corresponden aos establecementos da Coruña e Pontevedra, con cifras neses seis anos contemplados sempre superiores de media ao 42% na Coruña e ao 30% en Pontevedra. As provincias de Lugo e de Ourense acolleron de media nese período de tempo unha porcentaxe do 15,20% e do 8,48% do total dos viaxeiros que se aloxaron nos establecementos hoteleiros de Galicia (Figura nº4.3.2.2.2.1).


Se se analiza a evolución deste reparto dos viaxeiros por provincias durante o período estudado pódese comprobar que as provincia da Coruña e Ourense matuvieron o seu peso no total de Galicia no que se refire aos viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros. Lugo incrementou a súa importancia relativa no conxunto dos viaxeiros aloxados nestes establecementos a partir do ano 2008; mentres que Pontevedra foi a provincia que baixou nos anos estudados (Figura nº4.3.2.2.2.2).

Figura nº4.3.2.2.2.1.- Concentración espacial da demanda turística galega en destino: Distribución por provincias. Período 2007-2012. Unidade: %.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
A Coruña	**44,55**	**42,59**	**44,74**	**45,87**	**43,93**	**44,51**
Lugo	**13,80**	**15,20**	**15,08**	**15,67**	**15,80**	**15,63**
Ourense	**8,29**	**9,14**	**8,41**	**7,74**	**8,83**	**8,44**
Pontevedra	**33,36**	**33,07**	**31,77**	**30,72**	**31,44**	**31,42**

Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH): Viajeros entrados por provincias, categoría y meses.

Figura nº4.3.2.2.2.2.- Evolución temporal da concentración espacial da demanda turística en destino: Distribución por provincias. Período 2007-2012.



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH): Viajeros entrados por provincias, categoría y meses.


A importancia dos destinos turísticos do litoral dentro do sector turístico galego queda reflectida nas Figuras nº4.3.2.2.2.3-4.3.2.2.2.4. En primeiro lugar sinalar que as zonas turísticas do litoral reciben de media durante o período analizado algo máis do 52% do total de viaxeiros que acoden a Galicia. Soamente no ano 2010, motivado polo ano xacobeo, recibiron unha porcentaxe inferior ao 50% (48,62%). En segundo lugar, hai que resaltar a enorme importancia das Rías Baixas como destino turístico concentrando unha media do 29,48% dos viaxeiros á comunidade galega nos seis anos analizados. Á marxe, das cidades da Coruña e Vigo, onde inflúen outras motivacións de viaxe á marxe do produto turístico litoral, debemos destacar os municipios pontevedreses do Grove e Sanxenxo con porcentaxes superiores xeralmente ao 3% e 6% das viaxeiros do destino galleo no período contemplado.

Figura nº4.3.2.2.2.3.- Concentración espacial da demanda turística galega en destino: Distribución por zonas e puntos turísticos do litoral. Período 2007-2012. Unidade: %.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Costa da Morte (A Coruña)	**2,52**	**2,48**	**2,63**	**2,49**	**2,98**	**2,77**
Rías Altas (A Coruña)	**17,45**	**16,84**	**17,14**	**15,38**	**16,04**	**17,75**
A Mariña Lucense (Lugo)	**3,28**	**3,30**	**3,37**	**3,01**	**2,95**	**3,16**
Rías Baixas (Pontevedra e A Coruña)	**30,52**	**30,12**	**28,78**	**27,74**	**28,06**	**31,65**
A Coruña	**12,15**	**10,84**	**10,89**	**10,00**	**10,52**	**10,31**
Ribadeo	**1,63**	**1,54**	**1,73**	**1,61**	**-**	**1,52**
O Grove	**2,97**	**3,26**	**3,07**	**2,89**	**3,04**	**3,00**
Sanxenxo	**6,13**	**6,19**	**6,85**	**6,87**	**6,13**	**5,93**
Vigo	**10,68**	**10,20**	**9,02**	**8,45**	**9,12**	**9,41**

Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH): Viajeros entrados por provincias, categoría y meses.

Figura nº4.3.2.3.2.4.- Evolución temporal da concentración espacial da demanda turística en destino: Distribución por zonas y puntos turísticos. Período 2007-2012.



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH): Viajeros entrados por provincias, categoría y meses.

4.3.2.2.2.1.-Indicadores de presión da concentración da demanda turística en destino

En 2012 as noites en aloxamentos turísticos de Galicia situáronse en 7.946.701, cifra que dividida polo tamaño de poboación galega, sitúase en 2,86 noites ao ano por cada residente en Galicia. Por outro lado, o Indicador Poboación (1)[457], en 2012, tomou o valor de 0,78% o que significa que, nese ano, os turistas supuxeron o equivalente a 0,78 novos habitantes por cada 100 residentes habituais. Este índice inclúe a poboación de Galicia que visitou ao longo do ano algún destino turístico galego e se aloxou nalgún dos establecementos turísticos considerados. Se cinguimos a análise unicamente aos visitantes de fóra da nosa Comunidade Autónoma, o indicador toma un valor de 0,51%.
A demanda turística non se distribúe homoxeneamente por todo o territorio, senón que tende a concentrarse en torno a catro grandes focos de atracción[458]: os concellos que

[457] Indicador Poboación (1) = ((Número de noites / número de días no ano) / poboación do destino) x 100.
[458] O IGE establece dezaoito grandes destinos turísticos en Galicia: A Coruña e As Mariñas, Ancares – Courel, Celanova – Limia, Costa da Morte, Deza – Tabeirós, Ferrolterra, Lugo e a Terra Chá, Manzaneda – Trevinca, Mariña Lucense, O Ribeiro, Ría de Arousa, Ría de Muros e Noia, Ría de Vigo e Baixo Miño,

bordean a Ría de Arousa (19,39%), Terras de Santiago (18,01%), A Coruña e As Mariñas (13,65%) e a Ría de Vigo e Baixo Miño (13,00%). Estas catro zonas por si soas representan o 64,05% das noites rexistradas en Galicia en 2012. Os seguintes destinos litorais en importancia son: a Ría e Terras de Pontevedra (co 7,24% das noites), a área de Ferrolterra (4,40%), a Mariña Lucense (3,49%), Costa da Morte (3,11%) e Ría de Muros e Noia co 1,09%. Polo tanto, o conxunto dos oito destinos establecidos polo IGE no litoral galego concentran 65,37% das noites rexistradas no ano 2012 na oferta de aloxamento galego. As zonas litorais son, dende hai anos, un foco de atracción turístico moi importante de Galicia. De feito, entre os cinco primeiros postos do ranking de noites sitúanse catro destinos que agrupan concellos costeiros. Se se concreta a análise para estes municipios, observamos que o 74,27% das noites rexistradas en 2012 (uns 5.253.684) tiveron lugar en aloxamentos turísticos situados en concellos costeiros (Figura nº4.3.2.2.2.1.1).

A poboación dos concellos costeiros soporta unha presión turística media de 0,85 viaxeiros por cada 100 residentes (Figura nº4.3.2.2.2.1.1). Agora ben, este índice varía considerablemente dunhas zonas a outras. Os concellos da Ría de Arousa (exceptuando os de Meis e Pontecesures, que non teñen costa) experimentan incrementos poboacionais da orde de 2,25 habitantes por cada 100 residentes habituais por mor do turismo e os concellos costeiros da Mariña Lucense do 1,17%.

No tocante ao indicador que relaciona a poboación residente co volume de noites, de novo os concellos da Ría de Arousa (8,24) sitúanse á cabeza no listado de destinos turísticos.

Se se relacionan as noites coa superficie da Comunidade Autónoma galega resulta un valor de 289 noites por km^2. Desagregando este indicador por destinos turísticos, de novo aparecen os concellos litorais da Ría de Arousa na primeira posición, con 2.974 noites por km^2. Séguenо en importancia a zona da Coruña e As Mariñas, con 2.621 noites/km^2 e a Ría de Vigo e Baixo Miño (1.673 noites/km^2). En cambio, os valores do indicador número de noites por km de liña de costa do destino sitúan no primeiro lugar a zona da Coruña e As Mariñas, con 5.933 noites/Km de liña de costa (Figura nº4.3.2.2.2.1.1).

En definitiva, da aplicación dos indicadores de presión da demanda en destino deseñados polo IGE podemos volver afirmar que a demanda turística con destino Galicia se localiza fundamentalmente no seu litoral. Por conseguinte, o sector turístico galego malia os seus indubidables avances na diversificación da súa oferta de produtos segue dependendo en boa medida da súa oferta de produtos vinculados ao litoral.

Ría e Terras de Pontevedra, Ribeira Sacra, Terras de Ourense e Allariz, Terras de Santiago, Verín – Viana. Oito dos cales abranguen municipios do litoral galego.

Figura nº4.3.2.2.2.1.1.- Indicadores de presión da intensidade da demanda turística: Galicia e grandes destinos litorais galegos (só concellos costeiros) según o IGE. Período 2011-2012.

	2011					2012				
	Noites	**A**	**B**	**C**	**D**	**Noites**	**A**	**B**	**C**	**D**
Galicia	**8.538.669**	**289**	**3.375**	**0,84**	**3,06**	**7.946.701**	**269**	**3.141**	**0,78**	**2,86**
Total zona de costa	***5.253.684***	***1.047***	***2.090***	***0,91***	***3,32***	***4.912.621***	***979***	***1.954***	***0,85***	***3,11***
A Coruña e As Mariñas	**1.143.891**	**2.621**	**5.933**	**0,77**	**2,81**	**1.078.800**	**2.472**	**5.596**	**0,72**	**2,64**
Costa da Morte	**185.799**	**148**	**408**	**0,48**	**1,77**	**244.256**	**195**	**536**	**0,64**	**2,35**
Ferrolterra	**362.449**	**449**	**757**	**0,55**	**2,01**	**344.602**	**427**	**720**	**0,53**	**1,92**
Mariña Lucense	**269.194**	**372**	**1.026**	**1,23**	**4,48**	**257.122**	**355**	**980**	**1,17**	**4,29**
Ría de Arousa	**1.697.138**	**2.974**	**3.432**	**2,48**	**9,05**	**1.540.692**	**2.700**	**3.115**	**2,25**	**8,24**
Ría de Muros e Noia	**96.409**	**313**	**673**	**0,64**	**2,33**	**86.532**	**281**	**604**	**0,58**	**2,12**
Ría de Vigo e Baixo Miño	**981.035**	**1.673**	**3.517**	**0,65**	**2,38**	**896.400**	**1.529**	**3.213**	**0,59**	**2,18**
Ría e Terras de Pontevedra	**517.769**	**1.575**	**2.488**	**0,75**	**2,75**	**464.217**	**1.412**	**2.231**	**0,67**	**2,46**

Fonte: Elaboración IGE a partir das enquisas do INE: Encuesta de Ocupación Hotelera (EOH), Encuesta de Ocupación en Acampamentos Turísticos (EOAC), Encuesta de Ocupación en Apartamentos Turísticos (EOAP), Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural (EOTR).

(A) Indicador Área = Número de noites / Área do destino (km^2).
(B) Indicador Costa = Número de noites / Liña de costa do destino (km).
(C) Indicador Poboación (1) = ((Número de noites / número de días no ano) / poboación do destino) x 100.
(D) Indicador Poboación (2) = Número de noites / poboación do destino.

A poboación do ano "a" obtense como a media da poboación no Padrón do ano "a"e do ano "a+1" a 1 de xaneiro.

4.3.2.2.3.- Concentración temporal da demanda turística galega.

A estacionalidade da demanda turística foi tradicionalmente un dos problemas básicos de cara a sostibilidade económica da oferta nos destinos turísticos galegos do litoral. Agora ben, se ben para calcular a estacionalidade pódese recorrer a diferentes técnicas estatísticas, neste traballo van ser utilizadas as seguintes[459]:

- ✓ Análise da estacionalidade da serie histórica das pernoctacións hoteleiras durante o perído 2007-2012, recollida polo INE na súa Enquisa Ocupación Hoteleira.
- ✓ Obtención dunha taxa de estacionalidade turística anual (TET) a partir do cociente entre a suma dos tres meses nos que se realizan o maior número de pernoctacións do ano e o número de pernoctacións totais do ano de referencia, de modo que se este cociente toma un valor superior a 0,25 nos estaría a indicar que nese ano a demanda turística tivo un comportamento estacional.

4.3.2.2.3.1.-Análise da estacionalidade a través das series temporais de pernoctacións a diferentes escalas.

Da simple análise da evolución das pernoctacións de viaxeiros en establecementos hoteleiros durante o período 2007-2012, pódese comprobar, como tanto para España coma para Galicia, o terceiro trimestre de cada ano, meses de xullo, agosto e setembro, aparece marcado como o de maior concentración das pernoctacións (Figuras nº4.3.2.2.3.1.1-4.3.2.2.3.2). Esta concentración, non obstante, é maior no caso

[459] Véxase: MARTÍNEZ ROGET, F. e DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C. (2000): "La demanda turísticas en Galicia. El problema de la concentración". Revista Galega de Economía, vol. 9, nº2; pp. 1-18; op. cit. páxs. 9-17; op. cit. páx.11.

das pernoctacións en os establecementos hoteleiros de Galicia que no conxunto de España. Destacando, polos seus valores, no caso galego especialmente o mes de agosto. De feito, en todo o período contemplado, o mes de agosto concentrou o 17,02% do total das pernoctacións en establecementos hoteleiros.

A nivel das provincias, os meses de verán e en concreto o mes de agosto seguen sendo os máis frecuentados (Figuras nº4.3.2.2.3.1.3-4.3.2.2.3.1.6). Agora ben, podemos establecer lixeiras matizacións entre estes entes territoriais. Os valores máis altos de estacionalidade no mes de agosto rexístranse nas provincias de Lugo (17,08% no ∑ 2007-2012) e Pontevedra (19,84% no ∑ 2007-2012). As razóns debemos buscalas esencialmente no seu carácter de provincias litorais e nunha clara vocación da súa demanda co produto de sol e praia. A provincia da Coruña debe os seus valores máis baixos (15,65% no ∑ 2007-2012) , malia contar con destacados destinos de sol e praia de carácter residencial, á existencia no seu territorio de otros produtos turísticos desestacionalizadores ligados esencialmente a Santiago de Compostela e o Camiño de Santiago. Por último, salientar que os valores máis baixos da provincia de Ourense (12,08% no ∑ 2007-2012) obedecen ao seu carácter de espazo interior e consecuentemente unha demanda vinculada a produtos de carácter menos estacional (turismo cultural, turismo de saúde, turismo rural, turismo enolóxico....).

Dentro das zonas turísticas litorais establecidas polo INE dentro da EOH tamén podemos establecer certas matizacións dentro dunha marcada estacionalidade estival no mes de agosto (Figuras nº4.3.2.2.3.1.7-4.3.2.2.3.1.10). Os valores maiores de estacionalidade neste mes prodúcense na Mariña Lucense e Costa da Morte. De feito, o diferencial co mes de xullo, o segundo máis frecuentado en ambos os dous casos, é de 8,63 e 6,67 no ∑ 2007-2012, respectivamente. As Rías Altas mostran o menor contraste de afluencia entre estes dous meses (**Δ** 3,02 puntos no ∑ 2007-2012). Mentres, o valor rexistrado nas Rías Baixas (**Δ** 5,55 puntos no ∑ 2007-2012) tópase nunha situación intermedia dentro do conxunto das zonas turísticas galegas establecidas polo INE. Obviamente, estes contrastes dentro da estacionalidade débense basicamente ao feito de abranguer tanto as Rías Altas coma as Rías Baixas ás dúas cidades máis importantes de Galicia: A Coruña e Vigo, respectivamente. Uns núcleos urbanos que concentran gran parte da afluencia a estes destinos litorais como responden a unha demanda que obedece a diversas motivacións moitas das cales son de carácter desestacionalizador (turismo de negocios, turismo de congresos, turismo de compras, turismo cultural...). Nesta dirección apuntan as medias de pernoctacións rexistradas no período 2007-2012 nestes dous destinos do litoral galego (Figuras nº4.3.2.2.3.1.11 e 4.3.2.2.3.1.15). Así, se ben é certo que os rexistros media máis elevados seguen dándose no mes de agosto: A Coruña con 13,95% e Vigo con 14,86% no ∑ 2007-2012, non é menos certo que o seu diferencial co mes de xullo (segundo mes en maior afluencia en demanda) é menor que nos outros destinos litorais para os que a EOH do INE ofrece valores (Figuras nº4.3.2.2.3.1.12-4.3.2.2.3.1.14). Dentro destes destinos litorais, os valores máis altos en agosto rexístranse para o conxunto temporal 2007-2012, por orde, en Sanxenxo (25,75%), O Grove (22,50%) e Ribadeo (22,04%). Uns municipios que obedecen basicamente a unha demanda turística de sol e praia vinculada á súa boa accesibilidade e tradición dentro do sector. Non esquezamos que estes enclaves do litoral foron algúns dos primeiros en coñecer un desenvolvemento incipiente do fenómeno turístico en Galicia a principios do século XX. Neste sentido, o destino con maior bagaxe é O Grove. Un pasado de desenvolvemento turístico neste caso cimentado na produción dun


espazo de ocio-turístico na Illa da Toxa en torno á súa oferta balneotrópica[460]. Outro punto a destacar no caso concreto do Grove, son os destacados valores no mes de outubro de afluencia rexistrados na EOH no período 2007-2012. En concreto encontrámonos neste mes cunha media para este período de pernoctacións do 10,84% (Figura nº4.3.2.2.3.1.13). Un volume de pernoctacións que debemos vincular esencialmente coa celebración neste mes da Festa do Marisco[461]. Unha demostración práctica de que a desestacionalización da demanda é viable nos destinos de sol e praia galegos sempre que os cousas se realicen con planificación e criterios obxectivos.

[460] Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2002a): "A illa de A Toxa: O planeamento urbanístico no proceso de construcción e transformación dunn producto turístico litoral". Servicio de Publicaciones, Diputación Provincial de Pontevedra, Vigo.

[461] Dende 1963 celébrase dende o 2 ao 12 de outubro a "Festa do Marisco". Festa de Interese Turístico Nacional dende o ano 2013. Véxase: "Resolución de 25 de marzo de 2013, de la Secretaría de Estado de Turismo, por la que se concede el título de "Fiesta de Interés Turístico Nacional" a la "Fiesta del Marisco de Grove" de O Grove (Pontevedra)". BOE» nº 93, de 18 de abril de 2013, páx. 29931. http://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2013-4108 Estamos ante un evento gastronómico-cultural que ten como obxectivo exaltar o marisco producido no litoral galego das Rías Biaxas. De feito, un dos seus principais reclamos é que durante os días en que discorre a festa se abren postos de venda de mariscos e pescados a prezos populares.

Figura nº4.3.2.2.3.1.1.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros en España. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	**271.689.481**	**12.356.394**	**13.555.040**	**17.428.802**	**21.690.169**	**23.486.608**	**28.459.008**	**34.315.590**	**38.132.493**	**30.142.242**	**23.476.804**	**15.289.839**	**13.356.493**
%	**100,00%**	**4,55%**	**4,99%**	**6,41%**	**7,98%**	**8,64%**	**10,47%**	**12,63%**	**14,04%**	**11,09%**	**8,64%**	**5,63%**	**4,92%**
2008	**268.551.840**	**12.710.146**	**14.831.691**	**19.216.126**	**19.300.764**	**25.060.656**	**27.737.509**	**34.559.658**	**37.945.216**	**29.305.643**	**22.253.202**	**13.685.099**	**11.946.130**
%	**100,00%**	**4,73%**	**5,52%**	**7,16%**	**7,19%**	**9,33%**	**10,33%**	**12,87%**	**14,13%**	**10,91%**	**8,29%**	**5,10%**	**4,45%**
2009	**250.984.810**	**11.203.819**	**12.527.991**	**15.536.341**	**19.591.068**	**22.661.503**	**26.082.353**	**32.764.251**	**36.192.581**	**27.387.006**	**21.752.259**	**13.255.271**	**12.030.368**
%	**100,00%**	**4,46%**	**4,99%**	**6,19%**	**7,81%**	**9,03%**	**10,39%**	**13,05%**	**14,42%**	**10,91%**	**8,67%**	**5,28%**	**4,79%**
2010	**267.163.482**	**11.308.373**	**13.108.750**	**16.752.851**	**19.843.019**	**23.982.979**	**27.357.010**	**34.909.440**	**39.085.826**	**29.696.355**	**23.976.893**	**14.363.392**	**12.778.595**
%	**100,00%**	**4,23%**	**4,91%**	**6,27%**	**7,43%**	**8,98%**	**10,24%**	**13,07%**	**14,63%**	**11,12%**	**8,97%**	**5,38%**	**4,78%**
2011	**286.761.259**	**12.183.118**	**14.238.644**	**18.086.818**	**22.618.769**	**24.670.723**	**30.704.218**	**37.980.214**	**41.694.917**	**32.099.863**	**24.764.256**	**14.674.921**	**13.044.798**
%	**100,00%**	**4,25%**	**4,97%**	**6,31%**	**7,89%**	**8,60%**	**10,71%**	**13,24%**	**14,54%**	**11,19%**	**8,64%**	**5,12%**	**4,55%**
2012	**280.659.549**	**12.600.203**	**14.163.457**	**17.393.498**	**21.445.224**	**24.628.932**	**30.243.838**	**37.395.658**	**40.581.091**	**32.045.387**	**23.909.187**	**13.854.509**	**12.398.564**
%	**100,00%**	**4,49%**	**5,05%**	**6,20%**	**7,64%**	**8,78%**	**10,78%**	**13,32%**	**14,46%**	**11,42%**	**8,52%**	**4,94%**	**4,42%**
∑ 2007-2012	**1.625.810.426**	**72.362.053**	**82.425.573**	**104.414.436**	**124.489.013**	**144.491.401**	**170.583.937**	**211.924.812**	**233.632.125**	**180.676.497**	**140.132.601**	**85.123.031**	**75.554.948**
%	**100,00%**	**4,45%**	**5,07%**	**6,42%**	**7,66%**	**8,89%**	**10,49%**	**13,04%**	**14,37%**	**11,11%**	**8,62%**	**5,24%**	**4,65%**



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.2.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros en Galicia. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	**8.024.978**	**343.879**	**363.288**	**475.331**	**644.774**	**599.666**	**728.375**	**1.002.555**	**1.368.319**	**837.584**	**734.608**	**511.589**	**415.010**
%	**100,00%**	**4,29%**	**4,53%**	**5,92%**	**8,03%**	**7,47%**	**9,08%**	**12,49%**	**17,05%**	**10,44%**	**9,15%**	**6,37%**	**5,17%**
2008	**7.790.366**	**366.988**	**415.535**	**587.551**	**541.130**	**685.871**	**702.436**	**964.138**	**1.252.030**	**777.991**	**677.489**	**454.474**	**364.733**
%	**100,00%**	**4,71%**	**5,33%**	**7,54%**	**6,95%**	**8,80%**	**9,02%**	**12,38%**	**16,07%**	**9,99%**	**8,70%**	**5,83%**	**4,68%**
2009	**7.444.455**	**313.760**	**351.328**	**428.640**	**556.533**	**612.711**	**679.821**	**956.703**	**1.282.553**	**794.415**	**685.041**	**424.307**	**358.644**
%	**100,00%**	**4,21%**	**4,72%**	**5,76%**	**7,48%**	**8,23%**	**9,13%**	**12,85%**	**17,23%**	**10,67%**	**9,20%**	**5,70%**	**4,82%**
2010	**8.174.139**	**288.774**	**341.801**	**472.665**	**631.319**	**703.132**	**790.352**	**1.041.017**	**1.363.203**	**936.722**	**778.452**	**446.516**	**380.185**
%	**100,00%**	**3,53%**	**4,18%**	**5,78%**	**7,72%**	**8,60%**	**9,67%**	**12,74%**	**16,68%**	**11,46%**	**9,52%**	**5,46%**	**4,65%**
2011	**7.158.335**	**264.126**	**301.992**	**385.662**	**573.610**	**584.293**	**687.658**	**995.351**	**1.238.733**	**789.680**	**632.895**	**379.528**	**324.808**
%	**100,00%**	**3,69%**	**4,22%**	**5,39%**	**8,01%**	**8,16%**	**9,61%**	**13,90%**	**17,30%**	**11,03%**	**8,84%**	**5,30%**	**4,54%**
2012	**6.643.326**	**252.363**	**293.888**	**368.188**	**516.845**	**529.467**	**621.732**	**858.680**	**1.192.209**	**738.346**	**593.495**	**377.337**	**300.775**
%	**100,00%**	**3,80%**	**4,42%**	**5,54%**	**7,78%**	**7,97%**	**9,36%**	**12,93%**	**17,95%**	**11,11%**	**8,93%**	**5,68%**	**4,53%**
∑ 2007-2012	**45.235.604**	**1.829.890**	**2.067.832**	**2.718.037**	**3.464.211**	**3.715.140**	**4.210.374**	**5.818.445**	**7.697.048**	**4.874.739**	**4.101.980**	**2.593.751**	**2.144.155**
%	**100,00%**	**4,05%**	**4,57%**	**6,01%**	**7,66%**	**8,21%**	**9,31%**	**12,86%**	**17,02%**	**10,78%**	**9,07%**	**5,73%**	**4,74%**



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.3.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros na provincia de A Coruña. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	3.409.124	156.407	167.351	209.029	279.459	280.516	307.318	392.282	532.126	337.931	320.479	236.469	189.757
%	100,00%	4,59%	4,91%	6,13%	8,20%	8,23%	9,01%	11,51%	15,61%	9,91%	9,40%	6,94%	5,57%
2008	3.303.173	179.581	203.420	260.671	252.027	318.097	298.694	376.566	465.182	293.009	282.405	207.221	166.298
%	100,00%	5,44%	6,16%	7,89%	7,63%	9,63%	9,04%	11,40%	14,08%	8,87%	8,55%	6,27%	5,03%
2009	3.235.981	162.049	177.077	193.832	250.671	284.072	291.403	376.889	508.250	321.031	292.996	203.454	174.257
%	100,00%	5,01%	5,47%	5,99%	7,75%	8,78%	9,01%	11,65%	15,71%	9,92%	9,05%	6,29%	5,38%
2010	3.556.640	147.349	178.502	220.466	283.951	321.256	333.707	410.778	531.636	378.549	339.764	220.094	190.588
%	100,00%	4,14%	5,02%	6,20%	7,98%	9,03%	9,38%	11,55%	14,95%	10,64%	9,55%	6,19%	5,36%
2011	2.970.954	129.829	142.436	172.425	249.654	253.555	278.310	400.891	467.932	316.937	249.244	164.961	144.779
%	100,00%	4,37%	4,79%	5,80%	8,40%	8,53%	9,37%	13,49%	15,75%	10,67%	8,39%	5,55%	4,87%
2012	2.858.968	120.707	138.424	162.183	230.387	242.895	271.517	346.570	469.626	299.883	259.682	171.368	145.728
%	100,00%	4,22%	4,84%	5,67%	8,06%	8,50%	9,50%	12,12%	16,43%	10,49%	9,08%	5,99%	5,10%
∑2007-2012	9.386.565	397.885	459.362	555.074	763.992	817.706	883.534	1.158.239	1.469.194	995.369	848.690	556.423	481.095
%	100,00%	4,24%	4,89%	5,91%	8,14%	8,71%	9,41%	12,34%	15,65%	10,60%	9,04%	5,93%	5,13%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.4.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros na provincia de Lugo. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	873.482	40.117	43.393	56.570	73.245	68.337	78.396	95.687	149.872	82.227	77.848	57.849	49.939
%	100,00%	4,59%	4,97%	6,48%	8,39%	7,82%	8,98%	10,95%	17,16%	9,41%	8,91%	6,62%	5,72%
2008	888.635	40.730	49.207	68.254	64.041	84.064	83.087	102.131	142.854	88.995	74.001	50.185	41.085
%	100,00%	4,58%	5,54%	7,68%	7,21%	9,46%	9,35%	11,49%	16,08%	10,01%	8,33%	5,65%	4,62%
2009	839.562	34.915	40.517	51.448	69.476	75.051	78.943	97.218	140.278	86.980	72.652	48.534	43.547
%	100,00%	4,16%	4,83%	6,13%	8,28%	8,94%	9,40%	11,58%	16,71%	10,36%	8,65%	5,78%	5,19%
2010	954.020	32.141	38.265	62.261	73.342	88.954	95.925	114.998	161.315	104.812	87.601	52.609	41.799
%	100,00%	3,37%	4,01%	6,53%	7,69%	9,32%	10,05%	12,05%	16,91%	10,99%	9,18%	5,51%	4,38%
2011	869.005	31.083	37.429	46.025	69.612	74.439	87.350	112.626	150.510	97.928	78.962	44.174	38.868
%	100,00%	3,58%	4,31%	5,30%	8,01%	8,57%	10,05%	12,96%	17,32%	11,27%	9,09%	5,08%	4,47%
2012	785.309	27.889	31.695	41.848	61.902	71.884	80.102	99.082	133.664	90.235	71.924	41.980	33.104
%	100,00%	3,55%	4,04%	5,33%	7,88%	9,15%	10,20%	12,62%	17,02%	11,49%	9,16%	5,35%	4,22%
∑2007-2012	2.608.337	91.113	107.389	150.134	204.856	235.277	263.377	326.706	445.490	292.975	238.487	138.763	113.771
%	100,00%	3,49%	4,12%	5,76%	7,85%	9,02%	10,10%	12,53%	17,08%	11,23%	9,14%	5,32%	4,36%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.5.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros naa provincias de Ourense. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	619.837	31.438	36.040	48.543	55.974	52.026	55.458	59.046	75.345	56.277	55.091	53.169	41.429
%	100,00%	5,07%	5,81%	7,83%	9,03%	8,39%	8,95%	9,53%	12,16%	9,08%	8,89%	8,58%	6,68%
2008	616.535	32.093	39.435	54.704	51.525	56.331	54.374	60.960	71.970	55.281	52.852	45.925	41.085
%	100,00%	5,21%	6,40%	8,87%	8,36%	9,14%	8,82%	9,89%	11,67%	8,97%	8,57%	7,45%	6,66%
2009	560.041	27.267	34.569	41.977	47.152	50.573	50.067	56.813	63.489	53.840	54.946	42.127	37.221
%	100,00%	4,87%	6,17%	7,50%	8,42%	9,03%	8,94%	10,14%	11,34%	9,61%	9,81%	7,52%	6,65%
2010	550.677	27.822	32.125	42.653	48.406	50.234	47.618	55.120	65.921	52.195	54.359	39.991	34.233
%	100,00%	5,05%	5,83%	7,75%	8,79%	9,12%	8,65%	10,01%	11,97%	9,48%	9,87%	7,26%	6,22%
2011	535.181	23.960	28.458	43.030	46.011	43.548	49.702	54.624	66.811	54.287	50.752	40.495	33.503
%	100,00%	4,48%	5,32%	8,04%	8,60%	8,14%	9,29%	10,21%	12,48%	10,14%	9,48%	7,57%	6,26%
2012	490.949	22.255	28.648	35.323	43.944	40.572	45.458	43.402	64.018	48.623	48.034	41.471	29.200
%	100,00%	4,53%	5,84%	7,19%	8,95%	8,26%	9,26%	8,84%	13,04%	9,90%	9,78%	8,45%	5,95%
∑2007-2012	3.373.225	164.835	199.275	266.230	293.012	293.284	302.677	329.965	407.555	320.503	316.034	263.178	216.671
%	100,00%	4,89%	5,91%	7,89%	8,69%	8,69%	8,97%	9,78%	12,08%	9,50%	9,37%	7,80%	6,42%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.6.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros na provincias de Pontevedra. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	3.122.536	115.917	116.504	161.190	236.095	198.787	287.201	455.540	610.977	361.149	281.190	164.102	133.884
%	100,00%	3,71%	3,73%	5,16%	7,56%	6,37%	9,20%	14,59%	19,57%	11,57%	9,01%	5,26%	4,29%
2008	2.982.024	114.584	123.473	203.922	173.537	227.379	266.280	424.481	572.024	340.706	268.231	151.142	116.265
%	100,00%	3,84%	4,14%	6,84%	5,82%	7,62%	8,93%	14,23%	19,18%	11,43%	8,99%	5,07%	3,90%
2009	2.808.870	89.528	99.163	141.384	189.234	203.015	259.407	425.782	570.535	332.563	264.446	130.192	103.620
%	100,00%	3,19%	3,53%	5,03%	6,74%	7,23%	9,24%	15,16%	20,31%	11,84%	9,41%	4,64%	3,69%
2010	3.112.801	81.461	92.910	147.285	225.621	242.688	313.103	460.120	604.331	401.166	296.728	133.822	113.565
%	100,00%	2,62%	2,98%	4,73%	7,25%	7,80%	10,06%	14,78%	19,41%	12,89%	9,53%	4,30%	3,65%
2011	2.783.195	79.254	93.669	124.183	208.332	212.750	272.297	427.210	553.480	320.527	253.938	129.898	107.658
%	100,00%	2,85%	3,37%	4,46%	7,49%	7,64%	9,78%	15,35%	19,89%	11,52%	9,12%	4,67%	3,87%
2012	2.508.101	81.511	95.121	128.835	180.613	174.116	224.656	369.626	524.901	299.606	213.856	122.519	92.743
%	100,00%	3,25%	3,79%	5,14%	7,20%	6,94%	8,96%	14,74%	20,93%	11,95%	8,53%	4,88%	3,70%
∑2007-2012	17.317.532	562.255	620.840	906.799	1.213.432	1.258.735	1.622.944	2.562.760	3.436.249	2.055.718	1.578.389	831.675	667.735
%	100,00%	3,25%	3,59%	5,24%	7,01%	7,27%	9,37%	14,80%	19,84%	11,87%	9,11%	4,80%	3,86%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.7.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros na zona turística: Costa da Morte. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	206.055	6.986	10.556	11.957	16.549	14.123	18.825	27.645	45.709	19.974	14.428	10.258	9.045
%	100,00 %	3,39%	5,12%	5,80%	8,03%	6,85%	9,14%	13,42%	22,18%	9,69%	7,00%	4,98%	4,39%
2008	205.008	6.111	9.732	18.671	12.884	16.973	18.635	28.003	39.068	20.736	16.121	10.004	8.069
%	100,00 %	2,98%	4,75%	9,11%	6,28%	8,28%	9,09%	13,66%	19,06%	10,11%	7,86%	4,88%	3,94%
2009	202.621	8.085	9.472	10.562	14.314	15.948	18.176	31.070	40.526	19.555	12.543	11.821	10.548
%	100,00 %	3,99%	4,67%	5,21%	7,06%	7,87%	8,97%	15,33%	20,00%	9,65%	6,19%	5,83%	5,21%
2010	203.857	6.195	9.226	12.816	17.526	18.709	16.760	30.950	45.529	20.583	14.190	6.346	5.027
%	100,00 %	3,04%	4,53%	6,29%	8,60%	9,18%	8,22%	15,18%	22,33%	10,10%	6,96%	3,11%	2,47%
2011	173.274	3.700	6.985	6.415	12.405	14.169	16.384	29.838	40.711	22.920	10.252	5.608	3.889
%	100,00 %	2,14%	4,03%	3,70%	7,16%	8,18%	9,46%	17,22%	23,50%	13,23%	5,92%	3,24%	2,24%
2012	199.737	2.924	2.648	11.446	14.431	18.000	18.079	27.526	42.875	26.545	17.190	10.985	7.086
%	100,00 %	1,46%	1,33%	5,73%	7,23%	9,01%	9,05%	13,78%	21,47%	13,29%	8,61%	5,50%	3,55%
∑2007-2012	1.190.557	34.001	48.619	71.867	88.109	97.922	106.859	175.033	254.419	130.314	84.724	55.022	43.664
%	100,00%	2,86%	4,08%	6,04%	7,40%	8,22%	8,98%	14,70%	21,37%	10,95%	7,12%	4,62%	3,67%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.8.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros na zona turística: Rías Altas. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	1.341.564	73.319	72.981	95.111	110.158	105.521	120.569	151.724	187.705	123.283	124.574	95.328	81.291
%	100,00%	5,47%	5,44%	7,09%	8,21%	7,87%	8,99%	11,31%	13,99%	9,19%	9,29%	7,11%	6,06%
2008	1.300.987	82.383	86.917	98.558	99.389	119.451	116.687	139.364	171.475	113.758	110.267	88.848	73.887
%	100,00%	6,33%	6,68%	7,58%	7,64%	9,18%	8,97%	10,71%	13,18%	8,74%	8,48%	6,83%	5,68%
2009	1.267.284	68.350	69.015	85.629	96.707	107.842	109.362	149.005	184.766	121.450	117.436	83.210	74.512
%	100,00%	5,39%	5,45%	6,76%	7,63%	8,51%	8,63%	11,76%	14,58%	9,58%	9,27%	6,57%	5,88%
2010	1.212.203	58.903	63.329	78.731	96.456	107.826	107.284	140.134	183.174	123.851	110.877	71.260	70.380
%	100,00%	4,86%	5,22%	6,49%	7,96%	8,90%	8,85%	11,56%	15,11%	10,22%	9,15%	5,88%	5,81%
2011	1.106.737	54.512	60.679	71.964	102.155	90.307	95.844	147.500	174.717	106.035	79.359	64.212	59.453
%	100,00%	4,93%	5,48%	6,50%	9,23%	8,16%	8,66%	13,33%	15,79%	9,58%	7,17%	5,80%	5,37%
2012	1.235.475	60.655	68.671	73.072	93.499	86.146	104.423	162.373	213.513	117.042	104.384	82.210	69.488
%	100,00%	4,91%	5,56%	5,91%	7,57%	6,97%	8,45%	13,14%	17,28%	9,47%	8,45%	6,65%	5,62%
∑2007-2012	7.464.255	398.122	421.592	503.065	598.364	617.093	654.169	890.101	1.115.351	705.419	646.897	485.068	429.011
%	100,00%	5,33%	5,65%	6,74%	8,02%	8,27%	8,76%	11,92%	14,94%	9,45%	8,67%	6,50%	5,75%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.9.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros na zona turística: Mariña Lucense. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	239.940	9.615	10.376	14.426	19.634	15.130	20.043	32.788	53.417	21.463	16.459	14.914	11.675
%	100,00%	4,01%	4,32%	6,01%	8,18%	6,31%	8,35%	13,67%	22,26%	8,95%	6,86%	6,22%	4,87%
2008	221.694	10.790	13.029	16.865	11.534	15.319	18.091	33.070	48.481	20.901	14.555	10.980	8.080
%	100,00%	4,87%	5,88%	7,61%	5,20%	6,91%	8,16%	14,92%	21,87%	9,43%	6,57%	4,95%	3,64%
2009	215.823	8.217	9.738	12.386	15.285	15.290	18.570	31.509	48.647	20.793	15.324	10.652	9.413
%	100,00%	3,81%	4,51%	5,74%	7,08%	7,08%	8,60%	14,60%	22,54%	9,63%	7,10%	4,94%	4,36%
2010	218.100	7.870	9.019	10.638	13.403	12.974	22.123	33.063	54.291	20.922	15.154	9.797	8.844
%	100,00%	3,61%	4,14%	4,88%	6,15%	5,95%	10,14%	15,16%	24,89%	9,59%	6,95%	4,49%	4,06%
2011	186.932	6.091	6.734	7.348	13.328	10.786	18.236	34.286	47.367	17.568	12.290	6.816	6.079
%	100,00%	3,26%	3,60%	3,93%	7,13%	5,77%	9,76%	18,34%	25,34%	9,40%	6,57%	3,65%	3,25%
2012	197.278	6.468	6.868	8.818	11.990	11.600	17.314	31.652	54.597	20.264	13.857	7.506	6.344
%	100,00%	3,28%	3,48%	4,47%	6,08%	5,88%	8,78%	16,04%	27,68%	10,27%	7,02%	3,80%	3,22%
∑2007-2012	1.279.772	49.051	55.764	70.481	85.174	81.099	114.377	196.369	306.801	121.911	87.639	60.665	50.435
%	100,00%	3,83%	4,36%	5,51%	6,66%	6,34%	8,94%	15,34%	23,97%	9,53%	6,85%	4,74%	3,94%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.10.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros na zona turística: Rías Baixas. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	2.878.431	102.673	101.406	135.608	216.064	176.236	263.261	437.799	594.546	339.473	253.671	141.976	115.719
%	100,00%	3,57%	3,52%	4,71%	7,51%	6,12%	9,15%	15,21%	20,66%	11,79%	8,81%	4,93%	4,02%
2008	2.796.490	105.273	114.705	193.984	158.415	204.922	252.126	411.023	562.152	315.927	241.848	132.697	103.419
%	100,00%	3,76%	4,10%	6,94%	5,66%	7,33%	9,02%	14,70%	20,10%	11,30%	8,65%	4,75%	3,70%
2009	2.577.256	82.686	90.161	116.982	170.084	183.232	236.995	403.794	548.163	306.628	237.108	109.106	92.317
%	100,00%	3,21%	3,50%	4,54%	6,60%	7,11%	9,20%	15,67%	21,27%	11,90%	9,20%	4,23%	3,58%
2010	2.809.472	73.066	81.496	119.135	197.762	213.938	284.632	431.789	579.675	364.032	257.987	110.127	95.834
%	100,00%	2,60%	2,90%	4,24%	7,04%	7,61%	10,13%	15,37%	20,63%	12,96%	9,18%	3,92%	3,41%
2011	2.452.555	67.586	78.607	92.791	174.376	177.841	242.307	400.001	525.396	285.655	220.848	98.809	88.337
%	100,00%	2,76%	3,21%	3,78%	7,11%	7,25%	9,88%	16,31%	21,42%	11,65%	9,00%	4,03%	3,60%
2012	2.494.866	80.080	95.702	123.967	180.573	167.019	223.123	374.684	536.915	297.569	207.770	115.324	92.141
%	100,00%	3,21%	3,84%	4,97%	7,24%	6,69%	8,94%	15,02%	21,52%	11,93%	8,33%	4,62%	3,69%
∑2007-2012	16.009.075	511.364	562.077	782.467	1.097.274	1.123.188	1.502.444	2.459.091	3.346.848	1.909.285	1.419.232	708.039	587.767
%	100,00%	3,19%	3,51%	4,89%	6,85%	7,02%	9,38%	15,36%	20,91%	11,93%	8,87%	4,42%	3,67%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.11.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros no punto turístico: A Coruña. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	878.834	48.816	50.198	66.360	76.070	70.592	75.629	98.417	114.244	80.645	77.618	64.702	55.544
%	100,00%	5,55%	5,71%	7,55%	8,66%	8,03%	8,61%	11,20%	13,00%	9,18%	8,83%	7,36%	6,32%
2008	817.803	54.220	57.683	65.501	67.381	74.056	70.057	83.336	102.504	67.398	70.530	57.554	47.585
%	100,00%	6,63%	7,05%	8,01%	8,24%	9,06%	8,57%	10,19%	12,53%	8,24%	8,62%	7,04%	5,82%
2009	786.045	42.253	45.476	51.742	59.512	63.406	65.439	94.702	110.943	74.596	75.947	54.198	47.831
%	100,00%	5,38%	5,79%	6,58%	7,57%	8,07%	8,33%	12,05%	14,11%	9,49%	9,66%	6,90%	6,09%
2010	765.814	39.215	40.587	48.595	61.855	68.045	64.754	86.020	109.696	78.772	72.105	48.196	47.973
%	100,00%	5,12%	5,30%	6,35%	8,08%	8,89%	8,46%	11,23%	14,32%	10,29%	9,42%	6,29%	6,26%
2011	710.148	37.592	44.160	49.260	69.141	58.000	61.284	90.423	101.132	63.805	50.005	42.324	43.021
%	100,00%	5,29%	6,22%	6,94%	9,74%	8,17%	8,63%	12,73%	14,24%	8,98%	7,04%	5,96%	6,06%
2012	713.953	36.979	42.569	45.190	57.043	50.964	59.485	85.820	113.554	66.975	60.771	50.403	44.200
%	100,00%	5,18%	5,96%	6,33%	7,99%	7,14%	8,33%	12,02%	15,90%	9,38%	8,51%	7,06%	6,19%
∑2007-2012	4.672.601	259.075	280.673	326.648	391.002	385.063	396.648	538.719	652.074	432.191	406.976	317.377	286.154
%	100,00%	5,54%	6,01%	6,99%	8,37%	8,24%	8,49%	11,53%	13,96%	9,25%	8,71%	6,79%	6,12%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.12.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros no punto turístico: Ribadeo. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	104.260	4.355	5.420	6.963	9.697	7.322	9.453	13.025	21.514	9.414	7.311	5.419	4.367
%	100,00%	4,18%	5,20%	6,68%	9,30%	7,02%	9,07%	12,49%	20,63%	9,03%	7,01%	5,20%	4,19%
2008	90.986	3.494	4.393	7.331	4.603	6.278	8.199	11.936	19.494	9.779	6.738	4.725	4.018
%	100,00%	3,84%	4,83%	8,06%	5,06%	6,90%	9,01%	13,12%	21,43%	10,75%	7,41%	5,19%	4,42%
2009	102.477	3.640	4.508	6.238	7.740	7.659	10.253	13.971	20.620	10.076	7.611	5.213	4.948
%	100,00%	3,55%	4,40%	6,09%	7,55%	7,47%	10,01%	13,63%	20,12%	9,83%	7,43%	5,09%	4,83%
2010	104.706	3.054	3.981	5.438	6.685	7.134	11.352	14.310	25.592	11.224	7.296	4.614	4.026
%	100,00%	2,92%	3,80%	5,19%	6,38%	6,81%	10,84%	13,67%	24,44%	10,72%	6,97%	4,41%	3,85%
2011	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
2012	86.437	2.511	2.975	4.110	5.839	4.799	7.436	15.315	20.521	10.536	6.414	3.156	2.826
%	100,00%	2,91%	3,44%	4,75%	6,76%	5,55%	8,60%	17,72%	23,74%	12,19%	7,42%	3,65%	3,27%
∑2007-2012	488.870	17.054	21.277	30.080	34.564	33.192	46.693	68.558	107.742	51.029	35.370	23.127	20.185
%	100,00%	3,49%	4,35%	6,15%	7,07%	6,79%	9,55%	14,02%	22,04%	10,44%	7,24%	4,73%	4,13%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.13.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros no punto turístico: O Grove. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	338.375	9.382	12.211	13.087	21.275	17.876	27.411	47.937	77.168	44.597	37.557	15.833	14.041
%	100,00%	2,77%	3,61%	3,87%	6,29%	5,28%	8,10%	14,17%	22,81%	13,18%	11,10%	4,68%	4,15%
2008	316.923	---	11.600	19.471	13.540	19.549	27.234	44.828	69.102	36.869	35.507	18.509	12.449
%	100,00%	---	3,66%	6,14%	4,27%	6,17%	8,59%	14,14%	21,80%	11,63%	11,20%	5,84%	3,93%
2009	306.233	---	---	13.936	19.115	20.689	27.592	49.421	69.214	34.151	30.652	14.816	---
%	100,00%	---	---	4,55%	6,24%	6,76%	9,01%	16,14%	22,60%	11,15%	10,01%	4,84%	---
2010	329.487	---	---	---	17.325	18.924	32.308	56.520	77.877	40.778	35.881	---	---
%	100,00%	---	---	---	5,26%	5,74%	9,81%	17,15%	23,64%	12,38%	10,89%	---	---
2011	280.284	---	---	---	15.280	13.597	28.722	49.269	62.111	38.838	33.569	---	---
%	100,00%	---	---	---	5,45%	4,85%	10,25%	17,58%	22,16%	13,86%	11,98%	---	---
2012	262.914	---	---	15.497	17.164	12.217	20.934	46.130	57.171	33.783	25.694	11.229	9.672
%	100,00%	---	---	5,89%	6,53%	4,65%	7,96%	17,55%	21,75%	12,85%	9,77%	4,27%	3,68%
∑2007-2012	1.834.221	---	---	---	103.699	102.852	164.201	294.106	412.644	229.017	198.861	---	---
%	100,00%	---	---	---	5,65%	5,61%	8,95%	16,03%	22,50%	12,49%	10,84%	---	---



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.14.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros no punto turístico: Sanxenxo. Período 2007-2012. Unidade %.


	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	798.899	9.457	11.444	19.167	47.503	40.219	81.307	164.451	207.543	116.063	66.893	21.241	13.611
%	100,00%	1,18%	1,43%	2,40%	5,95%	5,03%	10,18%	20,58%	25,98%	14,53%	8,37%	2,66%	1,70%
2008	769.388	6.246	12.976	37.116	29.099	52.276	76.838	147.286	202.860	107.221	64.747	19.789	12.935
%	100,00%	0,81%	1,69%	4,82%	3,78%	6,79%	9,99%	19,14%	26,37%	13,94%	8,42%	2,57%	1,68%
2009	794.925	9.440	11.086	17.573	44.620	45.105	82.839	157.194	207.784	116.106	76.653	15.784	10.740
%	100,00%	1,19%	1,39%	2,21%	5,61%	5,67%	10,42%	19,77%	26,14%	14,61%	9,64%	1,99%	1,35%
2010	890.355	---	---	17.889	62.706	68.516	104.535	159.906	210.325	144.555	77.989	16.886	---
%	100,00%	---	---	2,01%	7,04%	7,70%	11,74%	17,96%	23,62%	16,24%	8,76%	1,90%	---
2011	698.542	---	---	12.999	47.959	39.417	84.318	138.893	182.611	97.376	58.099	12.850	---
%	100,00%	---	---	1,86%	6,87%	5,64%	12,07%	19,88%	26,14%	13,94%	8,32%	1,84%	---
2012	614.094	---	---	17.052	36.315	38.975	62.169	123.683	164.886	87.294	42.360	15.528	9.498
%	100,00%	---	---	2,78%	5,91%	6,35%	10,12%	20,14%	26,85%	14,22%	6,90%	2,53%	1,55%
∑2007-2012	4.566.208	---	---	121.796	268.202	284.508	492.007	891.414	1.176.010	668.616	386.741	102.078	---
%	100,00%	---	---	2,67%	5,87%	6,23%	10,77%	19,52%	25,75%	14,64%	8,47%	2,24%	---



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

Figura nº4.3.2.2.3.1.15.- Evolución da variación mensual do volume de pernoctacións en establecementos hoteleiros no punto turístico: Vigo. Período 2007-2012. Unidade %.

	Total	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
2007	726.467	51.980	49.362	59.390	62.725	48.546	64.241	73.275	96.371	64.599	62.907	49.986	43.084
%	100,00%	7,16%	6,79%	8,18%	8,63%	6,68%	8,84%	10,09%	13,27%	8,89%	8,66%	6,88%	5,93%
2008	694.160	51.774	46.489	53.849	50.592	57.404	54.262	70.098	94.723	67.808	62.968	44.012	40.181
%	100,00%	7,46%	6,70%	7,76%	7,29%	8,27%	7,82%	10,10%	13,65%	9,77%	9,07%	6,34%	5,79%
2009	617.536	36.523	38.546	42.997	45.888	50.793	47.921	70.313	90.979	58.580	55.990	42.061	36.944
%	100,00%	5,91%	6,24%	6,96%	7,43%	8,23%	7,76%	11,39%	14,73%	9,49%	9,07%	6,81%	5,98%
2010	662.096	35.203	37.402	44.195	50.004	53.507	61.705	74.142	103.262	63.211	59.321	40.654	39.491
%	100,00%	5,32%	5,65%	6,68%	7,55%	8,08%	9,32%	11,20%	15,60%	9,55%	8,96%	6,14%	5,96%
2011	645.342	30.517	35.336	37.483	51.869	54.705	57.468	81.563	102.107	60.951	57.791	38.972	36.580
%	100,00%	4,73%	5,48%	5,81%	8,04%	8,48%	8,91%	12,64%	15,82%	9,44%	8,96%	6,04%	5,67%
2012	611.574	29.364	32.495	37.961	52.437	42.332	54.538	71.092	100.641	62.431	54.816	39.854	33.613
%	100,00%	4,80%	5,31%	6,21%	8,57%	6,92%	8,92%	11,62%	16,46%	10,21%	8,96%	6,52%	5,50%
∑2007-2012	3.957.180	235.361	239.630	275.875	313.515	307.287	340.135	440.484	588.084	377.580	353.793	255.539	229.893
%	100,00%	5,95%	6,06%	6,97%	7,92%	7,77%	8,60%	11,13%	14,86%	9,54%	8,94%	6,46%	5,81%



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera: Pernoctaciones de los viajeros por comunidades autónomas, país de residencia y meses.

4.3.2.2.3.2. Indicador de presión da concentración temporal da demanda turística en destino: A taxa de estacionalidade turística.

A anterior análise da serie histórica de viaxeiros en establecementos hoteleiros galegos durante o período 2007-2012, permitiunos constatar como o terceiro trimestre de cada ano, meses de xullo, agosto e setembro, aparece marcado cunha maior concentración das pernoctacións. Destacando, especialmente nos destinos do litoral recollidos dentro da EOH do INE, o mes de agosto como o de maior afluencia de viaxeiros.

O segundo método de aproximación ao coñecemento da estacionalidade turística que utilizaremos é un indicador de presión: *a taxa de estacionalidade turística*. Un valor númerico que obtemos a partir dos datos de evolución mensual de pernoctacións en establecementos hoteleiros recollidos na EOH elaborada polo INE. En defintiva, a taxa de estacionalidade turística (TETP) definirémola do seguinte modo[462]:

$$TETP = \frac{(\mathrm{P}^1_{\max} + \mathrm{P}^2_{\max} + \mathrm{P}^3_{\max})}{P_{tot}}$$

onde TETP é a taxa de estacionalidade turística anual; $\mathrm{P}^1_{\max}$, $\mathrm{P}^2_{\max}$, $\mathrm{P}^3_{\max}$ é o número de pernoctacións nos tres meses de maior afluencia dentro do ano; e P_{tot} é o número total de pernoctacións do ano de referencia.

A aplicación deste indicador a escala Galicia posibilítanos comprobar doadamente como a demanda turística presenta unha marcada alta concentración temporal centrada no terceiro trimestre do ano, é dicir, nos meses de xullo, agosto e setembro. De feito, indícanos como durante todo o período considerado (Figuras nº4.3.2.2.3.2.1-4.3.2.2.3.2.2), no terceiro trimestre de cada ano concéntranse máis do 40% das pernoctacións anuais no caso de Galicia. Agás a única de excepción na serie do ano 2008, data en que tanto España coma Galicia rexistran un valor do 38%. O resto de anos da serie o valor rexistrado en Galicia é sempre superior ao do conxunto do estado español. Ademais, analizada a evolución desta taxa observamos como é menos homoxénea no caso galego que no conxunto de España. Así, os valores oscilan en Galicia, para o período considerado, entre o 0,38 no ano 2008 e o 0,44 dos anos 1990, 1993 e 2000, mentres que no conxunto de España varía entre o 0,38 dos anos 1990, 1999, 2000, 2001, 2002, 2006, 2007, 2008 e 2009, e o 0,41 do ano 1993. En calquera caso, podemos sinalar unha tenue redución da TETP en Galicia durante o período contemplado. Unha redución, de todos os xeitos, insuficiente con respecto ao obxectivo de lograr un sector turístico máis eficiente e, polo tanto, competitivo dende o punto de vista da produtividade.


[462] Véxase: MARTÍNEZ ROGET, F. e DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C. (2000): "La demanda turística en Galicia. El problema de la concentración". Revista Galega de Economía, vol. 9, nº2; pp. 1-18; op. cit. páx. 16.

Figura nº4.3.2.2.3.2.1.- Taxas de estacionalidade turística en establecementos hoteleiros. Galicia-
España: Período 1990-2012.

	1990	1993	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
ESPAÑA	0,38	0,41	0,38	0,38	0,38	0,38	0,39	0,39	0,39	0,38	0,38	0,38	0,38	0,39	0,39	0,39
GALICIA	0,44	0,44	0,40	0,44	0,43	0,42	0,43	0.41	0,43	0,41	0,40	0,38	0,41	0,41	0,42	0,42

Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera.

Figura nº4.3.2.3.3.2..2.- Evolución das taxas de estacionalidade turística das pernoctacións en establecementos hoteleiros. Galicia-España. Período 1990-2012.



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera.


A nivel provincial, os valores rexistrados no indicador de presión TETP durante o período 2007-2012 (Figuras nº4.3.2.2.3.2.3-4.3.2.2.3.2.4) presentan os valores máis altos nas provincias litorais de Lugo e Pontevedra. Agora ben, só Pontevedra ofrece rexistros superiores aos de Galicia en todos eses anos. Uns resultados que gardan clara relación coa dependencia deste espazo provincial da demanda de motivación ligada ao produto sol e praia. Pola contra, as provincias da Coruña e Ourense sempre presentan valores por debaixo da media galega. Os valores máis baixos de TETP durante toda a serie temporal rexístranse en Ourense. As razóns están claramente relacionadas co seu carácter de provincia interior e a estruturación da súa carteira de produtos turísticos. En cambio, os datos da Coruña obedecen esencialmente ao peso do sector turístico de Santiago de Compostela cunha demanda menos estacionalizada. en función, dunha afluencia de viaxeiros ligada ao seu patrimonio arquitectónico e relixioso.

Figura nº4.3.2.2.3.2.3.- Taxas de estacionalidade turística en establecementos hoteleiros nas provincias galegas. Período 2007-2012.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
A Coruña	0,37	0,35	0,37	0,37	0,40	0,39
Lugo	**0,53**	0,38	0,39	0,40	0,42	0,41
Ourense	0,31	0,31	0,31	0,31	0,33	0,33
Pontevedra	**0,46**	0,45	0,47	0,47	0,47	0,48

Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera.

Figura nº4.3.2.2.3.2.4.- Evolución das taxas de estacionalidade turística das pernoctacións en establecementos hoteleiros nas provincias galegas. Período 2007-2012.



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera


As zonas turísticas galegas recollidas dentro da EOH do INE presentan uns valores de TETP no período 2007-2012 por enriba da media galega, coa única excepción das Rías Altas (Figuras nº4.3.2.2.3.2.5-4.3.2.2.3.2.6). Estes valores inferiores debemos ligalos ao poder de matización derivado da cidade da Coruña. Un destino que dado o seu carácter urbano e comercial presenta valores de afluencia de demanda menos estacionalizados. En cambio, A Mariña Lucense presenta os valores máis altos no indicador TETP, en función da súa clara dependencia da demanda estival de retorno ligada á súa oferta de produtos de carácter turístico litoral (sol-praia, gastronomía, paisaxe litoral...).

Figura nº4.3.2.2.3.2.5. - Taxas de estacionalidade turística en establecementos hoteleiros nas principais zonas turísticas galegas. Período 2007-2012.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Costa da Morte (A Coruña)	0,45	0,43	0,45	0,48	0,54	0,49
Rías Altas (A Coruña)	0,35	0,33	0,36	0,40	0,39	0,40
Costa A Mariña Lucense (Lugo)	0,45	0,46	0,47	0,58	0,53	0,54
Rías Baixas (Pontevedra e A Coruña)	0,48	0,46	0,49	0,49	0,49	0,48

Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera.

Figura nº4.3.2.2.3.2.6.- Evolución das taxas de estacionalidade turística das pernoctacións en establecementos hoteleiros nas principais zonas turísticas galegas. Período 2007-2012.



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera.


Os razoamentos anteriormente indicados constátanse ao examinar os valores obtidos pola TETP nos destinos urbanos da Coruña e Vigo (Figuras nº4.3.2.2.3.2.7-4.3.2.2.3.2.8). Pola súa parte, Ribadeo, O Grove e Sanxenxo presentan valores acordes coa súa marcada vocación turística. Especialmente, no caso dos dous últimos destinos, localizados nas Rías Baixas e coñecidos dentro do mercado turístico pola calidade dos seus areais. Sanxenxo rexistran durante todo o período analizado valores de TETP no ámbito do 0,60%. Resultados que nos falan claramente dun grave problema de estacionalidade.

Figura nº4.3.2.2.3.2.7. - Taxas de estacionalidade turística en establecementos hoteleiros nos principais puntos turísticos galegos. Período 2007-2012.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Coruña (A)	**0,33**	**0,32**	**0,36**	**0,36**	**0,37**	**0,37**
Ribadeo	**0,42**	**0,45**	**0,44**	**0,49**		**0,54**
Grove (O)	**0,50**	**0,48**	**0,50**	**0,53**	**0,54**	**0,52**
Sanxenxo	**0,61**	**0,59**	**0,61**	**0,58**	**0,60**	**0,61**
Vigo	**0,32**	**0,33**	**0,36**	**0,36**	**0,38**	**0,38**

Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera.

Figura nº4.3.2.2.3.2.8.- Evolución das taxas de estacionalidade turística das pernoctacións en establecementos hoteleiros nos principais puntos turísticos galegos. Período 2007-2012.



Fonte: Elaboración propia. INE, Encuesta de Ocupación Hotelera.

4.3.3.- Recapitulación final.

A xeito de conclusión, empezar remarcando que os xestores turísticos dun destino sen unha boa fonte de información sobre a demanda están en clara desvantaxe dentro dun mercado cada vez máis global e competitivo. Lembremos que as condicións do mercado cambian e teñen lugar fenómenos imprevisibles. Polo tanto, o desenvolvemento correcto dun plan de mercadotecnia depende da dispoñibilidade de información fiable. Na actualidade, somos da opinión que as OMDs no litoral galego carecen dun procedemento axeitado de recollida de información sobre os seus fluxos de viaxeiros e xa non digamos sobre a súa demanda potencial. Os xestores destas OMDs dispoñen soamente de datos de carácter xeneral porcedentes basicamente das fontes estatísticas de carácter estatal. Os procedementos de obtención de información sobre a demanda de orde autonómica quedaron moi mal parados a raíz da remodelación administrativa que supuxo a creación da Axencia de Turismo de Galicia[463] e a posterior disolución do. Instituto de Estudos Turísticos de Galicia[464].

Unha demanda que no caso do territorio galego mostra unha evolución marcada polos efectos evidentes da crise económica. Uns efectos que á altura do ano 2012 eran aínda patentes tanto en afluencia de viaxeiros coma en volúmen de pernoctacións. Analizadas as variables de modo individualizado, podemos concluir que estamos nun contexto marcado por unha caída da demanda turística española. A redución da renda

[463] Véxase: "DECRETO 196/2012, de 27 de septiembre, por el que se crea la Agencia de Turismo de Galicia y se aprueban sus estatutos". DOG nº193, de 9/10/2012; páxs. 38646- 38695. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20121009/AnuncioC3C1-041012-0003_es.html

[464] Véxase: "DECRETO 99/2013, de 27 de junio, por el que se disuelve el consorcio Instituto de Estudios Turísticos de Galicia". DOG nº122, de 28/6/2013; páx. 25257. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130628/AnuncioG0244-270613-0009_es.html

dispoñible dos españois ante a crecente evolución do desemprego, xunto co deterioro dos niveis de confianza dos fogares españois acabaron afectando de forma importante ao seu consumo turístico. Nesta dirección, prevemos que o turista español continuará adaptando os seus patróns de viaxes como resposta a crise económica.

En calquera caso, podemos afirmar que o principal problema estrutural da demanda turística o litoral galego é a súa alta concentración, tanto temporal coma espacial[465]. A alta concentración temporal, coñecida baixo o nome de estacionalidade e comentada amplamente por todo un elenco de estudos[466], tradúcese en que a demanda turística se concentra en meses que se corresponden co período vacacional de verán, sobre todo en agosto e con oscilacións á alza en vacacións da Semana Santa. Alta estacionalidade que impide o aproveitamento óptimo dos recursos[467] provoca importantes efectos negativos sobre o sector turístico como baixa rendibilidade, investimentos insuficientes, problemas do emprego temporal e baixa utilización do equipamento.

En canto á concentración espacial, no caso da Comunidade de Galicia ten lugar tanto en orixe, xa que a maioría dos visitantes proceden de España e do norte de Portugal, como en destino: as provincias da Coruña e Pontevedra absorben máis de 75% da total demanda turística galega (42,5% e 33,1% respectivamente). A concentración en orixe supón para o sector turístico galego unha gran dependencia da actividade turística da situación da economía nacional. Por outra parte, a concentración en destino ten tamén unhas consecuencias negativas, que se reflicten basicamente en perda de calidade dos servizos ofrecidos e deterioro do ámbito físico que, á súa vez, fai menos atractivo o destino turístico[468].

4.4.- CONCLUSIÓNS.

O conxunto do litoral galego caracterízase aínda na actualidade por un desenvolvemento turístico moi escaso en comparación co que ocorre noutras zonas do mediterráneo español Trátase dun sistema pouco integrado nos circuítos comerciais e que espacialmente plásmase en modelos de ocupación extensivos, con predominio dun desenvolvemento inmobiliario de carácter secundario e lastrado por unha forte estacionalidade. Ante esta realidade, os xestores das diferentes OMDs do litoral galego deben seguir apostando polo turismo dende un modelo desenvolvendo sostible. Un modelo no que a oferta de aloxamento se oriente prioritariamente cara ás prazas de hotel de calidade, centradas a estancias cortas baseadas en produtos turísticos de carácter diferenciador que reduzan a estacionalidade e proporcionen un posicionamento máis

[465]Véxase: MARTÍNEZ ROGET, F. e DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C. (2000): "A demanda turística en Galicia. O problema da concentración". Revista Galega de Economía, vol. 9, nº2; pp. 91-108.

SAN PEDRO MARTÍNEZ, Mª A. (2004): "El turismo de salud", en AECIT (Asociación Española de Expertos Científicos en Turismo): "La actividad turística española en 2003". Editorial Universitaria Ramón Areces, Castellón; pp. 559-574.
SANTOS IGLESIAS, M. V. (2002): "El turismo en el Val Miñor. Transformaciones espaciales y socioeconómicas en el suroeste de la provincia de Pontevedra". Memoria de Licenciatura (Inédita), Departamento de Xeografía Aplicada, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
SANTOS PAVÓN, E. L. e FERNÁNDEZ TABALES, A. (2010): "El litoral turístico español en la encrucijada: entre la renovación y el continuismo". Cuadernos de Turismo, nº25; pp. 185-206.
SANTOS SOLLA, X. M. (1994): "Fiestas, ferias y mercados de Galicia", en NUÑEZ RODRÍGUEZ, M. (coord..): "El rostro y el discurso de la fiesta" , Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; pp. 297-309.
- (1999): "Mitos y realidades del Xacobeo". Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles (AGE), nº 27; pp. 103-117.
- (2002): "Pilgrimage and Tourism at Santiago de Compostela". Tourism Recreation Research, vol. 27, nº2; pp. 41-50.
- (2006): "El Camino de Santiago: Turistas y peregrinos hacia Compstela". Cuadernos de Turismo, nº18; pp. 135-150.
- (2012): "Los turismos de interior en Galicia. Balance y perspectivas". Polígonos. Revista de Geografía, nº23; pp. 213-234.

SANTOS SOLLA, X. M. (coord.); CASTELLANOS GARCÍA, P.; DOPICO CASTRO, J. Á. e PENA LÓPEZ, J. A. (2007): "El sector hotelero en Galicia desde el punto de vista de la competencia". Estudo para elaborado para o TGDC (Tribunal Galego de Defensa da Competencia. Universidade de A Coruña.
SANTOS SOLLA, X. M. e LOIS GONZÁLEZ, R. C. (2011). "El Camino de Santiago en el contexto de los nuevos turismos". Estudios turísticos, nº189; 95–116.
SCHLÜTER, R. G. e THIEL ELLUL, D. (2008). "Gastronomía y turismo en Argentina: Polo gastronómico Tomás Jofré". Pasos. Revista de Turismo y Patrimonio Cultural, vol. 6 , nº2; pp. 249-268.
SEATON, A. (1996): "The Analysis of Tourism Demand: Market Segmentation", en SEATON, A. e BENNETT, M. (eds.): "Marketing Tourism Products: Concepts, Issues, Cases". Thomson Business Press, London; pp. 28-54.
SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO (2000): "Propuesta para la asistencia técnica para el desarrollo del estudio de definición del producto Rutas del Vino de España". Servicio de Publicaciones del Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Madrid.
SMITH, M. K. e RICHARDS, G. (eds.) (2013): "The Routledge Handbook of Cultural Tourism". Routledge, Abingdon (Oxon, U.K.).
SERANTES PAZOS, A. (2012): "Los centros de interpretación basados en la valorización de los recursos ¿son instrumentos para el desarrollo turístico? Estudio de caso", en FRAIZ BREA, J. A. (ed.). "Creación y desarrollo de productos turísticos: innovación y enfoque experiencial". Actas del XVII Congreso de la AECIT. O Carballiño, Ourense. 21-23 de noviembre de 2012. AECIT; pp. 41-48.
http://www.aecit.org/actas_XVII_ocarballino.php
SERRANO GÓMEZ, V. (2012): "Diseño y elaboración de una herramienta de gestión para evaluar la calidad percibida de los usuarios en clubes de Golf".Tesis de Doctorado. Departamento de Educación Física y Deportiva, Facultad de Ciencias del Deporte y la Educación Física, Universidad da Coruña, A Coruña.
-(2013): "Evolución de la práctica del golf, características y dimensión económica". Revista Española de Educación Física y Deportes (REEFD), nº403; pp. 63-80.
SERRANO GÓMEZ, V.; RIAL BOUBETA, A.; GARCÍA GARCÍA, O. e GAMBAU I PINASA, V. (2011): "El perfil de usuario en clubes de golf sociales mixtos con campos de 9 hoyos en Galicia: Un intento de segmentación desde la perspectiva de género". Cuadernos de Psicología del Deporte , vol. 11, nº2; pp. 131-138.
SHAW, G. e WILLIAMS, A. M. (2002): "Critical issues in tourism. A geographical perspective". Blackwell Publishers Ltd., Oxford (U.K.).
SONG, H. e WITT, S. F. (2000): "Tourism Demand Modelling and Forecasting: Modern Econometric Approaches". Elsevier Science Ltd., Kidlington, Oxford (U.K.).
SONG, H.; WITT, S. F. e LI, G. (2009): "The Advanced Econometrics of Tourism Demand". Routledge, New York and Abingdon (U.K.).
SPARRER, M. (2007): Turismo no espazo rural e desenvolvemento. Estudo comparativo da provincia da Coruña e o Landkreis Wittmund". Dirección Xeral de Turismo, Consellería de Innovación e Industria, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
SUN, X.; JIAO, Y. e TIAN, P. (2011). "Marketing research and revenue optimization for the cruise industry: A concise review". International Journal of Hospitality Management, vol. 30, nº3; pp. 746–755.
TEARE, R. E. (1998): "Interpreting and responding to customer needs". Journal of Workplace Learning, vol. 10, nº2; pp. 76-94.

TELFER, D. J. (2001): "Strategic alliances along the Niagara Wine Route". Tourism Management, vol. 22, nº1; pp. 21-30.
TURGALICIA (2002): "Estimación del volumen de mercado generado por la celebración de congresos, convenciones y viajes de incentivo durante el año 2001". Turgalicia, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
ULLA LORENZO, F. e PAZOS OTÓN, M. (2010): "Productos y destinos turísticos emergentes en Galicia". Revista de Estudos Politécnicos, vol, 8, nº14; pp. 21-43.
VALLEJO POUSADA, R. (2014): "Salud y recreo: los establecimientos balnearios de Galicia y el descubrimiento de una periferia turística en el primer tercio del siglo XX". XI Congreso Internacional de la AEHE (Asociación Española de Historia Económica), 4 y 5 de Septiembre 2014, Colegio Universitario de Estudios Financieros (CUNEF), Madrid. http://www.aehe.net/xicongreso/pdfs/s1_vallejo.pdf
VÁZQUEZ BARQUERO, A. (1999): "Desarrollo, redes e innovación: Lecciones sobre desarrollo endógeno". Pirámide, Madrid.
VAZQUEZ-ILLÁ NAVARRO, J. (2000): "Estrategias competitivas para el sector balenario", en LÓPEZ GETA, J. A. e PINUAGA ESPEJEL, J. I. (eds.): "Panorama actual de las Aguas Minerales y Minero-medicinales en España". Instituto Tecnológico Geominero de España, Ministerio de Medio Ambiente, Madrid; pp. 41-62.
VERA REBOLLO, J. F. (2008): "Turismo en espacios naturales protegidos", en SANCHO COMÍNS, J. y VERA REBOLLO, J. F. (dirs.): Turismo en espacios rurales y naturales. Atlas Nacional de España". Centro Nacional de Información Geográfica-Instituto Geográfico Naciona; pp. 21-23.
VERA REBOLLO, J. F. (coord.); LÓPEZ PALOMEQUE, F.; MARCHENA, M. J. e ANTON CLAVÉ, S. (2011): "Análisis territorial del turismo y planificación de destinos turísticos". Tirant lo Blanch, Valencia.
VERA REBOLLO, J. F. e MARCHENA GÓMEZ, M. (1990): "Turismo y desarrollo. Un planteamiento actual". Papers de turisme, nº3; pp. 59-84.
VILAR RODRÍGUEZ, M. "Balnearios, intereses políticos y desarrollo turístico en el noroeste de España: el caso de A Toxa y Mondariz (1874-1935)". Cuadernos de Historia Contemporánea, vol. 33; pp. 163-185.
VILLARINO PÉREZ, M. (2000): "Turismo rural: una opción de desarrollo endógeno", en HERNÁNDEZ BORGE, J.; DÍAZ FERNÁNDEZ, J. A. e PATIÑO ROMARÍS, C. A. (coords.): "O turismo en Galicia: potencialidades endóxenas de desenvolvemento urbano e económico". Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, Vigo; pp. 369-387.
WEARING, S. e NEIL, J. (1999): "Ecotourism. Impacts, Potentials and Possibilities". Butterworth-Heinemann. Oxford (U.K.).
WEAVER, P. A.; WEBER, K. e McCLEARY, K.W. (2007): "Destination Evaluation: The Role of Previous Travel Experience and Trip Characteristics". Journal of Travel Research, vol, 45, nº3; pp. 333-344.
WIND, Y. (1978): "Issues and Advances in Segmentation Research". Journal of Marketing Research, vol.15, nº3; pp. 317-338.
WORLD TOURISM ORGANIZATION (UNWTO) (2012): "Global Report on Food Tourism". UNWTO; Madrid.
YEPES, V. e AMOR, F. (2001): "Las estaciones náuticas y el municipio turístico en la Comunidad Valenciana", en ESTEBAN CHAPAPRÍA, V. (dir.): "La oferta turística de las estaciones náuticas." Universidad Politécnica de Valencia (UPV), Valencia; pp. 5-17.
YU, L. e GOULDEN, M. (2006): "A comparative analysis of international tourists' satisfaction in Mongolia". Tourism Management, vol. 27, nº6; pp. 1331-1342.

YUKSEL, A. (2001): “Managing customer satisfaction and retention: A case of tourist destinations, Turkey”. Journal of Vacation Marketing, vol. 7, nº2; pp. 153-168.
ZEITHAML, V. A; PARASURAMAN, A. e BERRY, L. L. (1992): “Calidad total en la gestión de los servicios”. Ediciones Díaz de Santos, S.A., Madrid.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 5.- RECAPITULACIÓN FINAL E CONCLUSIÓNS.

Neste último capítulo da presente tese doutoral empezaremos realizando unha breve recapitulación final. De feito, antes de entrar a comentar as conclusións obtidas, queremos salientar o acerto de ter elixido o estudo do turismo no espazo no litoral galego dende a prespectiva da xestión das OMDs, dado que podemos consideralo como un bo indicador dos actuais procesos de despegue, consolidación ou reestruturación, segundo os casos, do desenvolvemento turístico, así como da diversificación produtiva, a innovación e o novo posicionamento dos destinos litorais. Pero comprobamos tamén o grande interese que desperta a nivel científico a xestión das actividades turísticas nun momento en que están en proceso de redefinición as relacións entre sociedade e o medio e os novos hábitos e comportamentos de ocio e tempo libre das sociedades postmodernas, dos que están a xurdir novas oportunidades para un novo modelo turístico avanzado e sostible. Noutra orde, a análise das actividades turísticas no litoral galego axudounos a comprender mellor o proceso de cambio socioeconómico e de usos do espazo na franxa costeira galega como resultado dunha serie de factores sociais e económicos e dos mecanismos de intervención das diferentes Administracións Públicas (local, autonómica e nacional). Este estudo serviu, de feito, para revelar algunhas situacións ignoradas ou escasamente tidas en conta nos estudos sobre o espazo litoral galego como é o proceso complexo de apropiación material e simbólica deste por os diferentes actores territoriais que leva consigo o desenvolvemento turístico (propietarios de vivendas secundarias, hoteleiros, instalacións náuticas,....), así como as interioridades da posta en valor e reconversión funcional de numerosos recursos territoriais turísticos ata entón infrautilizados e de espazos xeográficos antes marxinais dende o punto de vista económico. Neste sentido, tamén achegamos novos datos e informacións para o coñecemento amplo e de conxunto dos espazos de turísticos do litoral galego, que presentan, diversas tipoloxías no seu desenvolvemento segundo a infraestrutura de aloxamento predominante, as características dos seus recursos, os equipamentos e infraestruturas de acceso,.... Isto levounos a reflexionar sobre a necesidade dunha xestión dende as OMDs encamiñada a non reproducir mimeticamente experiencias e procesos de desenvolvemento turístico, realizar esforzos de investigación e coñecemento específico das distintas realidades destes espazos de ocio, inventariar os seus recursos potenciais de interese turístico e mellorar os niveis e canles de comunicación entre os actores do territorio que teñan unha especial influencia no desenvolvemento do turismo. Todo isto, iso si, formulado dende o prisma da gobernanza, é dicir, da cooperación público-privada e a coxestión na definición e posta en marcha, respectivamente, das estratexias de desenvolvemento dos destinos do litoral galego. Por outra parte, e en relación co anterior, a elección de do obxecto deste traballo de investigación serviunos non só para coñecer o modelo de desenvolvemento turístico no espazo litoral galego e ilustrar con iso un proceso de máis amplo alcance como é o desenvolvemento e reestruturación recente do turismo, senón tamén de xeito recorrente para coñecer unha serie de problemáticas xerais sobre a ordenación e planificación da actividade turística nos espazos litorais, a súa inserción noutras actuacións de carácter sectorial e particularmente nas relacionadas coas políticas de ordenación do territorio. A evolución dos espazos turísticos do litoral galego e a incidencia nestes de diversas intervencións económicas e políticas revela un escenario de bastante complexidade con concepcións e intereses que entran en xogo á hora de definir os seus usos e potencialidades. A relevancia desta Tese Doutoral estriba tamén en que finalmente nos

achegou unha información relevante para a regulación e tratamento destas prácticas nas normativas, instrumentos de planificación e políticas públicas que máis poden incidir nestas, sobre todo as de carácter ambiental que afectan aos espazos protexidos, as turísticas (ordenación, planificación e promoción) ou outras en materia de ordenación do territorio. Esta circunstancia relacionouse polo xeral co escaso coñecemento científico do tema e a urxencia dunha verdadeira xestión turística territorial, de maneira que con esta tese doutoral pretendemos cubrir na medida do posible este importante baleiro achegando orientacións para a mellora do seu tratamento nas políticas públicas a implentar dende as OMDs. Finalmente, habemos de salientar que un dos principais problemas cos que nos encontramos nesta tese doutoral foi carecer de referencias sólidas sobre o fenómeno estudado, pero iso fíxonos comprender a maior necesidade e oportunidade se cabe de abordalo con certo rigor. Neste sentido, o noso traballo intentou botar algunha luz sobre un tema pouco explorado en Galicia, non soamente dende o punto de vista da súa caracterización e incidencia territorial, senón tamén dende un enfoque metodolóxico e epistemolóxico e dende unha vertente aplicada no ámbito da xestión pública do turismo dende as OMDs. E dende esta perspectiva, habemos de destacar a análise crítica que realizamos das fontes estatísticas dispoñibles, así como a súa contrastación e comparación e o emprego de diversas metodoloxías e achegas interdisciplinares para a caracterización e avaliación deste fenómeno e as súas variables principais.

No referente ao apartado de conclusións deste proxecto de Tese Doutoral propoñemos mostrar as máis importantes que resultaron para cada un os dos catro bloques temáticos correspondentes aos distintos capítulos en que temos estruturado este traballo de investigación, centrándonos, en concreto, en confirmar ou reformular, no seu caso, as hipóteses de partida que deixamos expostas no primeiro capítulo introductorio da investigación.

5.1.1.- CONCLUSIÓNS SOBRE O MARCO CONCEPTUAL E A SIGNIFICACIÓN ACTUAL DO TURISMO LITORAL EN GALICIA.

1. *Puidemos constatar que a práctica do turismo estase convertendo dentro da sociedade moderna avanzada nunha tendencia. A vacación e a viaxe turística convertéronse nunha necesidade básica.* Unha realidade que consolidou ao sector turístico como un das frontes máis dinámicas da economía actual, cuns niveis de crecemento en constante alza. Así mesmo, o turismo é unha actividade cunha resistencia extraordinaria e unha habilidade sen parangón con outros sectores para superar as crises. De feito o turismo debe ser considerado como unha ferramenta de desenvolvemento económico. Todo iso dentro dunha contorna global marcado actualmente por una forte competitividade e mutabilidade entre os distintos destinos turísticos. Polo que respecta a España, o turismo compórtase como unha das actividades máis dinámicas da economía. O movemento de turistas en fronteiras, os ingresos da balanza de pagos por turismo ou as pernoctaciones hoteleiras ratifican esta tendencia. En Galicia a súa importancia tamén é fundamental, posto que segundo a Dirección Xeral de Turismo (Xunta de Galicia) en 2011 contabilizáronse en Galicia, preto de 3,3 millóns de turistas, cun gasto directo de 3.263 millóns de euros. Con estas cifras, o peso do turismo sobre o PIB galego pasou de representar o 3% en 1992 ao 5,6% en 2011. Uns datos que poñen de relevo a importancia que para unha rexión como Galicia ten o sector turístico na súa economía.

2. *Os destinos litorais concentran unha gran parte da oferta turística mundial, constitúen o principal motivo do desprazamento dos maiores fluxos internacionais*. Un desenvolvemento turístico no espazo litoral que implicou un elevado consumo do solo, xerando diversos modelos de implantación e transformación de estruturas territoriais, sociais e económicas ao longo do litoral galego. Un acondicionamiento territorial para as prácticas turísticas que implica a xeración dunha serie impactos de orde medioambiental, nun espazo litoral especialmente vulnerable dadas as súas características. A procura de autenticidade e diferenciación na experiencia turística, a crecente valoración do medio natural e dos espazos non degradados, a actitude activa e o rexeitamento á estandarización da oferta no espazo litoral, son os factores determinantes na definición dunha nova estratexia baseada nunha dimensión territorial e ambiental, que busca redefinir o modelo de implantación turística. Nesta dirección, as novas estratexias implementadas desde a gran maioría de OMDs á hora de potenciar o turismo no espazo litoral contemplan xeralmente o problema da excesiva concentración da oferta na franxa costeira, así como a reestructuración dos tradicionais modelos produtivos. Unha gama de estratexias de reestructuración cimentadas basicamente na aspiración dunha mellor distribución da oferta no territorio e na incorporación do espazo interior (traspaís) no desenvolvemento do turístico. Planificar adecuadamente, estruturar un espazo turístico, parte necesariamente dun coñecemento correcto da realidade e da capacidade de prever as accións que debemos impulsar e implementar para que ese espazo, sen perder os seus atributos esenciais, poida adaptarse o mellor posible ás necesidades suscitadas por un mercado tan competitivo como o turístico. En calquera caso, un dos problemas ao noso entender máis determinantes na xestión territorial dos destinos turísticos litorais reside na gobernanza exercida desde diferentes niveis administrativos e, con frecuencia, en diferentes xurisdicións espaciais. De feito, se avaliamos a integración eficaz do desenvolvemento turístico do litoral galego, vémonos obrigados a afirmar que a participación efectiva dos gobernos autonómicos e central no seu control pode cualificarse en liñas xerais dun fracaso, en función dunha actuación case sempre oportunista das autoridades municipais e dos fracasos nos intentos de implementar instrumentos de cooperación e comunicación entre as diferentes administracións públicas. Non existe forma única e ideal de xestionar o turismo en espazos litorais. Somos da opinión que cada destino turístico debe determinar a combinación de instrumentos que mellor se adapten ás súas circunstancias específicas de desenvolvemento territorial e á súa contorna competitiva concreta. Formulación que nos reafirma na necesidade de partir dunha adecuada diagnose territorial, para o que é imprescindible a posta en funcionamento dun adecuado sistema de información turística. No entanto, unha premisa imprescindible para lograr un desenvolvemento turístico sostible é o establecemento dun adecuado marco de relacións público-privadas en cada destino. Implementar sistemas de gobernanza centrados en redes de cooperación entre os axentes públicos e privados que interactuan no mesmo territorio.
3. *Puidemos verificar a importancia do marketing a nivel de destinos como marco estratéxico territorial*. Nun contexto global en que as novas tendencias dentro da demanda como o incremento da oferta turística, tanto a nivel de cantidade como de variedade de produtos e destinos turísticos, crearon un escenario no que os xestores das empresas e destinos turísticos deberán adoptar o enfoque de marketing como filosofía e proceso sistemático, orientado a anticipar e satisfacer

as necesidades do turista. Neste aspecto, as OMDs dirixiran preferentemente os seus esforzos cara á proxección dunha imaxe favorable como elemento diferenciador do destino, co fin de que os visitantes potenciais atopen suxerente a visita ao mesmo e decídanse a realizar as súas vacacións en devandito lugar. Todo destino turístico debe posuír un sistema de información xeral e particular sobre os diferentes mercados, tanto daqueles que emiten turistas cara a el como sobre outros que potencialmente poidan ser de interese. Nesta dirección, en función da literatura científica manexada, podemos afirmar que as OMDs deben desprazarse dunha visión de marketing tradicional centrada no produto cara a un enfoque centrado no cliente. De feito, o desenvolvemento de estratexias orientadas á obtención da fidelidade dos clientes preséntase como un aspecto clave na xestión actual das OMDs.

4. *O estudo de disitintas achegas científicas, desde distintos enfoques desciplinares, permítenos afirmar a necesidade da adopción da óptica sistémica do cluster no modelo de xestión do proceso produtivo do turismo litoral galego cara facer fronte a necesaria adaptación aos cambios operados no mercado turístico global*. Referímonos en particular ás novas orientacións da demanda, especialmente na percepción holistica do cliente sobre o produto/destino turístico litoral e ás novas coordenadas da competitividade dominantes na actividade turística. Unha matriz relacional na que deben estar presentes e interactuando a totalidade das dimensións do fenómeno turístico, abranguendo desde os aspectos puramente económico-empresariais, ata os socioeconómicos de desenvolvemento e xestión do territorio, e participación da poboación xunto aos ambientais e ecolóxicos, si pretendemos que o turismo poida actuar como un instrumento de desenvolvemento nas áreas litorais. En definitiva, somos partidarios de promover unha lóxica sistémica na xestión turística do territorio. Esta lóxica sistémica implica canalizar todos os recursos de capital, físico e humano cara a unha visión estratéxica común da área territorial, da súa funcionalidade como tal espazo turístico e do rol do turismo no proceso de desenvolvemento da mesma. En tales esquemas, a planificación das actividades, a procura da innovación, a promoción da integración vertical e horizontal de servizos e produtos turísticos, tanto dos segmentos receptivos como dos complementarios, ocupan un lugar protagonista así como a cooperación para a adquisición de servizos condivisibles, a creación de valor engadido, a comercialización ou a formación de recursos humanos por citar algúns temas centrais.
5. *Na procura de competitividade por parte das OMDs, un paso decisivo consiste en establecer unhas novas formas de xestión baseadas na colaboración e o consenso entre os distintos axentes tanto públicos como privados*. Nesta dirección, propugnamos un novo modelo de xestión turística que se engloba baixo o concepto de gobernanza. Unha gobernanza entendida como os procesos de decisión público-privados que van mellorar a xestión dos conflitos dentro dos destinos turísticos a través dos esforzos sinérxicos e coordinados das administracións nos seus diferentes niveis e atribucións, da sociedade civil que habita nas comunidades receptoras e do tecido empresarial relacionado coas actividades de orde turístico.
6. *A diferente documentación e literatura consultada permítenos concluír que a sostibilidade das actividades turísiticas debe ocupar un punto central na actuación estratéxica de calquera OMD*. Na actualidade a calidade ecolóxica da contorna ambiental é un factor esencial na competitividade dun destino turístico.

De feito, a protección do medio ambiente debe instrumentalizarse como unha vantaxe competitiva. Agora ben, o desenvolvemento turístico sostible implica tomar decisións difíciles de xestión territorial por parte das OMDs sobre a base de complexos equilibrios sociais, económicos, medioambientais e políticos; require unha visión transectorial e integrada que involucre ao sector público, o sector privado, o terceiro sector e aos cidadáns, buscando a obtención dos mellores e maiores beneficios sen descoidar ao medio ambiente. Todo iso dentro dun proceso de negociación cos axentes políticos e sociais como coa sociedade civil, que garanta a descentralización que reclama a gobernanza turística, cuxos principios non xerárquicos esixen o compromiso social en favor do turismo.

7. *Finalmente, puidemos concluír de estudo da literatura científica que lograr un alta calidade nos produtos ofertados dentro o seu territorio debe ser unha meta ineludible das OMDs na procura dunha maior competitividade territorial*. Nesta dirección, resulta imprescindible por parte das OMDs prestar especial atención, por unha banda ao deseño dos diferentes produtos ofertados dentro do seu territorio. É dicir, aos aspectos máis tanxibles dos mesmos, o que implica valorar correctamente o que os clientes esperan e, en consecuencia, a realización de oportunos estudos de mercado. E, por outra banda, tamén fomentar a súa correcta realización. É dicir, a forma en que se ofrece o servizo/produto e moi especialmente a interacción entre o cliente e o persoal de contacto da empresa. A este respecto, as marcas de calidade poden converterse nun instrumento de tanxibilización. Nesta dirección, desde principios dos anos 90 do século XX, o sector turístico tanto español como galego viñeron desenvolvendo distintas iniciativas. En calquera caso, todas estas diferentes experiencias obedecen á finalidade última de mellorar a imaxe de calidade da oferta dentro da demanda potencial por medio da aplicación de axeitadas ferramentas de xestión dos procesos de produción dos servizos/produtos ofertados dentro dos distintos destinos. Unha estratexia que debe fundamentarse na procura dunha oferta de produtos turísticos ben definida a partir das características básicas que son o resultado da correspondente análise do sector, mercado e segmentos de demanda potencial, como da estruturación do sistema turístico territorial.

5.2.2.- CONCLUSIÓNS SOBREO ENTORNO COMPETITIVO.

1. *A competitividade no sector turístico céntrase no destino*. Aínda que existe competitividade entre liñas aéreas, operadores de viaxe, hoteis, e outras empresas de servizos turísticos, esta competitividade entre as empresas é dependente da elección por parte dos turistas entre as distintas opcións de destinos alternativos. De feito, desde este punto de vista, é destacable o endurecemento da competencia logo de décadas de crecemento turístico acelerado. Un aumento da competencia que obedece tanto a factores alleos ao sector turístico, pero que repercuten significativamente sobre este, como a factores intrínsecos ao mesmo. Polo tanto, estamos diante unha nova realidade competitiva que obriga a procesos de aprendizaxe e mellora continua xestionados desde as OMDs que, sustentados nas vantaxes comparativas dos territorios, permitan un mellor aproveitamento desta dotación de recursos inicial, de tal forma que faga posible pasar das vantaxes comparativas ás vantaxes competitivas. Un tipo de xestión que se fundamentará na mellora da formación e do coñecemento turístico, na creación e posta en funcionamento de sistemas estatísticos de información, no esforzo permanente pola innovación na

produción e a comercialización,... Nesta dirección, podemos afirmar que o desenvolvemento turístico no territorio galego estivo e está carente de dirección estratéxica. Detrás deste problema de falta de dirección estratéxica observamos polos menos cinco razóns: escasa reevaluación da situación do mercado turístico para a comercializar os distintos produtos ofertados; falta de capacitación e experiencia dos RR.HH. das distintas administracións competentes para a elaboración e comprensión de prognósticos; con frecuencia, entre as diferentes empresas do sector turístico e a Administración non se establece un diálogo positivo; presenza dun liderado débil desde a admnistración autonómica; e, case nula implementación das accións recollidas na planificación desde as diferentes administracións competentes.

2. *En virtude do exposto na conclusión anterior e tomamdo como premisa de partida que os mercados turísticos son dinámicos, todo destino debe dipoñer dun sistema de información de mercadotecnia*. As OMDs dependen da información para ser competitivas. A necesidade de dispor de información por parte dos xestores dun destino turístico é constante. Neste sentido, os xestores de destinos turísticos procurarán obter estimacións do verdadeiro potencial de cada mercado. En resumidas contas, o obxectivo é que ao obter unha estimación do potencial de mercado, os xestores de mercadotecnia dun destino turístico descubran a existencia de condicións do mercado potencialmente importantes e que poidan entón axustar as estratexias a implementar na planificación en consonancia, podendo ata supor a redifinición e/ou o reposicionamiento dos produtos ofertados polo destino.
3. *Os cambios nas principais variables económicas teñen un forte impacto no comportamento do mercado turístico*. É necesario estar continuamente alerta do macroentorno económico no que actúa a demanda potencial. De feito, os efectos da crise económica global que estala a finais do ano 2007 tiveron unha evidente repercusión sobre o sector turístico. Unha situación que determinoiu un comportamento negativo do mercado turístico con certa posterioridade ao comezo da crise económica global. Atendendo aos datos que facilita o Instituto de Estudios Turísticos, nos primeiros tres anos da crise España perdeu seis millóns de turistas internacionais, pasando dos 58,7 millóns rexistrados en 2007 aos 52,7 millóns de turistas do ano 2010. Desde este ano produciuse unha evidente recuperación da demanda internacional (57,7 millón de turistas no ano 2012), sen alcanzar aínda os valores previos á crise. Unha recuperación da demanda turística internacional fundamentada na recuperación das economías dos principais mercados emisores de demanda como na inestabilidade política dos destinos meridionais do mediterráneo desde o estoupido a finais do 2010 da Primavera Árabe.
4. *A análise do entorno económico do sector turístico non debe obviar a importancia do papel das diferentes administracións públicas no seu desenvolvemento*. No que se refire á política económica entre os diferentes instrumentos do Estado para poder influir no devir do marco económico, debemos destacar os Presupostos, a política fiscal e a política moetaria. Entre estes instrumentos, as OMDs deben prestar unha especial atención ás políticas de investimento marcadas dentro dos presupostos das Administración Públicas e, en concreto, o nivel de gasto en políticas de apoio ao sector turístico. Dentro deste apartado de inversións, débese destacar pola súa importancia esencial para o desenvolvemento turísitico aquelas destinadas a mellorar a acccesibilidade dos destinos. De feito, temos que deixar claro a relevancia que supuxo, para

posiblitar unha mellor integración de Galicia no mercado turístico nacional, a posta de funcionamento das autovías de conexión coa Meseta no ano 2002.

5. *O escenario de crise actual marcado polos baixos niveis de ocupación e as agresivas políticas de prezos aplicadas polos empresarios, determina unha marcada baixada da rendibilidade das empresas do sector turistico galego como español*. Concretamente, a situacion no ámbito do sector hoteleiro en Galicia e en España está debuxada a finais do ano 2012, por un 7,35% e un 9,42% máis de prazas que a comezos da da crise a finais do 2007. Así como, por unha caída dos niveis de demanda de servizos hoteleiros ao longo do ano 2012 tanto en Galicia como España reflectida nun descenso de 2,5 e 1,4 puntos porcentuais nos graos de ocupación, ata niveis do 28,5 e do 52,1, respectivamente. Un descenso que se detectou con maior intensidade nos hoteis de inferior categoría. Estamos nun período marcado pola necesidade de incentivar a demanda. Esta necesidade de revitalizar o sector repercutiu en agresivas campañas de ofertas e descontos. De feito, neste contexto foron desenvolvidas políticas, por parte dunha gran maioría de empresas turísticas, de recorte de gastos e axustes de capacidades. Un reaxuste de custos que afectou de xeito significativo aos laborais, como reflexa a destrución de emprego dentro do sector. Noutra orde e desde o punto de vista da evolución da oferta hostaleira, tanto en Galicia como en España, obsérvase unha significativa contención na oferta de novo produto, tanto no mercado de hoteis urbanos como no de hoteis vacacionais desde o inicio da crise. A paralización dos plans de expansión vai ser a tónica entre a futura oferta prevista. Os escasos novos proxectos que saian ao mercado serán postos en marcha por grupos promotores que xa tiñan concedido o financiamento da construción, particulares e cadeas moi asentadas que xa comecen os seus proxectos e que por operatividade non lles compense deter o seu desenvolvemento.
6. *Os destinos turísticos teñen que estar preparados para responder á demografia e a uns estilos de vida cambiantes. As tendencias na poboación son sempre importantes para o sector turístico. Resulta útil dispor de información sobre as tendencias globais da poboación e sobre a súa estrutura en termos de idade, sexo, distribución xeográfica e situación socioeconómica*. A estrutura ou composición da familia nos países desenvolvidos está rexistrando uns cambios dignos de resaltar. Obviamente o sector turístico, e en especial, as OMD deberán estar atentos á evolución destes cambios co obxecto de adaptar a súa oferta ás novas formulacións que imporán estas variacións no perfil futuro dos turistas. Noutra orde, o comportamento de compra está tamén condicionado pola fase do ciclo da vida familiar. As persoas novas solteiras adoitan ter poucos ingresos e cargas financeiras, aínda que dedican boa parte dos mesmos ao lecer. En cambio, as parellas novas con fillos o seu poder de compra vese moi condicionado pola carga económica que supón a crianza e educación dos seus descendentes. Así como, non podemos obviar o condicionamento que supón qué facer cos fillos durante o período de viaxe. Polo tanto, é aí onde reside a importancia de desenvolver unha oferta adecuada para o coidado de bebes, entretemento infantil,... nun destino turístico que marque a este tipo de familas como mercado obxectivo. Tamén é evidente que a poboación mundial envellece. Os medios rurais cada vez dan paso en maior medida a aos urbanos. Así pois, atopámonos con toda un serie de variacións que os diferentes xestores de destinos turísticos deben manexar á hora de planificar as súas estratexias de mercadotecnia. En virtude do exposto, a contorna demográfica ten un interese

fundamental para as directrices de actuación de mercadotecnia dentro dun destino turístico, non en balde os mercados obxectivo están constituídos por grupos poboacionais con determinadas características. En calquera caso, aínda que se pode dicir que o fenómeno de envellecemento da poboación estase producindo a escala global, convén remarcar que existen diferenzas na intensidade dependendo das rexións. En vista desta evolución descrita, dado que a gran maioría dos turistas do mundo proceden dos países desenvolvidos, está claro que un cambio demográfico como este vai ter importantes implicacións para a industria turística internacional. O número de turistas seniors experimentados aumentará de forma máis rápida que o crecemento do turismo en xeral, aínda que se prevé unha diminución progresiva das pensións, e unha tendencia ao aumento da idade de xubilación que pode retardar o desenvolvemento do turismo senior no longo prazo. En calquera caso, debemos ter presente que ao chegar á idade de xubilación estes colectivos cidadáns reciben en boa medida unha pensión que lles permite vivir con independencia dos seus fillos, ter unha vida folgada e, sobre todo, viaxar. Xa que logo, non só é posible que sigan gañando adeptos algúns tipos concretos de produtos turísticos senón que ademais, con toda probabilidade, as segundas residencias e as residencias para anciáns, do mesmo xeito que a dotación de instalacións sanitarias para xubilados, irán adquirindo un protagonismo cada vez maior nas estratexias de desenvolvemento dos destinos.

7. *Os factores culturais exercen unha profunda influencia no comportamento de consumo da demanda turística*. As OMDs deben ter presente que a cultura é a determinante fundamental dos desexos e do comportamento das persoas. Comprende os valores fundamentais, as percepcións e os comportamentos que un individuo aprende continuamente na sociedade á que pertence. De aí a importancia de estudar os hábitos de comportamento turístico dentro dos diferentes mercados potenciais. Agora ben, tamén deben saber que na actualidade as sociedades están cambiando a unha maior velocidade. Os xestores de mercadotecnia dun destino turístico deben de tratar de identificar os cambios culturais co obxecto de lograr que os produtos ofertados poidan atopar un mercado receptivo. A modo de exemplo, estamos asistindo nos últimos anos a unha maior preocupación dentro da sociedade pola saúde e o bo estado físico. Esta tendencia cultural determinou unha importante recuperación das prácticas balneotrópicas e o desenvolvemento dunha oferta de spa en Galicia. En consecuencia, os xestores de mercadotecnia dun destino deben comprender que aínda que os consumidores de distintos mercados territoriais poidan ter cousas en común, os seus valores, actitudes e comportamentos adoitan variar. Hai que interpretar estas diferenzas e axustar os produtos e programas de mercadotecnia.
8. *Estamos asistindo a unha verdadeira revolución tecnolóxica no ámbito da xestión turística*. As empresas e, en xeral, os destinos turísticos, que adopten avances tecnolóxicos útiles terán unha vantaxe competitiva. Dentro destes avances tecnolóxicos cabe resaltar os acontecidos nos transportes, ata o punto que se chegou a establecer entre as distintas cidades do mundo desenvolvido unha nova relación espazo-tempo en función do modo de transporte utilizado. En calquera caso, estes progresos aínda sendo moi importantes, non foron os únicos. Así, podemos destacar entre os demais ámbitos, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) que, particularmente coa difusión da informática e o papel de comercialización a través de internet. A extensión do parque de computadores persoais nos fogares dos países desenvolvidos, así

como o uso do internet e de páxinas web especializadas en reservas online relacionadas co turismo, posibilitou que os turistas usuarios de internet se independicen cada vez máis dos custos asociados ás axencias de viaxe e operadores de turismo tradicionais. Outra novidade de gran potencialidade son os denominados tablets, computadores de man, que posiblitan o manexo en todas aquelas ocasións como baixar información da rede, ver vídeos, ler libros,... e todas aquelas funcións para as que un portátil convencional é demasiado delicado e pesado, e para as que a pantalla dun teléfono queda pequena. Doutra banda, as redes sociais (Facebook, Tuenti, Twitter, Linkedin, ...) convertéronse nun escaparate para a venda e promoción de produtos, entre eles, os turísticos. Tampouco cabe deixar de mencionar o peso e o potencial do uso das diferentes ferramentas ligadas ao management 2.0, tanto á hora de organizar a xestión de empresas como destinos turísticos.

9. *Estamos encamiñandos cara un novo modelo de turismo*. Existen analistas que o vaticinan sen reservas, pero aínda é unha cuestión que consideramos aberta a debate. En calquera caso, as tendencias estudadas con anterioridade dentro do mercado global levan de forma clara e inmediata á necesidade de flexibilizar a oferta para poder responder adecuadamente aos cambios que xurden dentro do mercado. O obxectivo de poder achar as respostas axeitadas ás forzas que actuan na contorna, condúcenos á urxente necesidade de coñocer e comprender como se comportan as tendencias que dirixen un destino turístico. A contorna competitiva dun destino turístico non a debemos considerar como un complexo incontrolable. Os xestores dun destino turístico deben adoptar unha perspectiva de xestión. Esta formulación supón facer máis que mirar e obervar. Implica actuar de xeito enérxico para influír nas forzas presentes na contorna. Unha actuación que require a disposición de información. En definitiva, a necesidade da existencia dun Sistema de Información Turística (SIT). En moi poucos sectores de actividade son tan importantes os procesos de xeración, actualización, procesamiento, aplicación e comunicación da información. De feito, o único xeito de confirmar que un territorio posúe verdadeiramente un potencial de desenvolvemento turístico que xustifique uns determinados investimentos é a través dunha avaliación rigorosa de toda a a información obtida. Unha necesidade de información que debe abarcar aspectos como a oferta, a demanda, a competencia e as tendencias do mercado. Ademais da luz que arroxa sobre as oportunidades turísticas do territorio, esta avaliación permite así mesmo superar obstáculos importantes e evitar moitos erros. Unha avaliación precisa do potencial turístico dun territorio constitúe unha excelente base de adopción de decisións para as OMDs, xa que lles permite minimizar os riscos de pór en práctica desenvolvementos prexudiciais de carácter territorial.

5.2.3.- CONCLUSIÓNS SOBRE A ORDENACIÓN TERRITORIAL E URBANÍSTICA DO LITORAL EN GALICIA.

1. *O turismo preséntasenos como actividade con grande incidencia na estruturación do territorio e, como tal, as accións destinadas a organización espacial das súas instalacións deben incardinarse no contexto máis amplo da ordenación do territorio como política integral con vocación de vertebrar todo un conxunto de valores e obxectivos de natureza territorial e sectorial*. En Galicia, como outros destinos turísticos, o turismo en espazo litoral conserva a súa hexemonía e demanda unha atención especial como consecuencia do seu

elevado consumo de solo, da diversidade de modelos de implantación existentes ao longo do litoral, da súa extraordinaria capacidade de transformación das estruturas territoriais, sociais e económicas, dos problemas derivados dun crecemento acelerado non planificado debidamente e da súa actual necesidade de reestruturación como resultado das novas tendencias que se plasman nunha máis que palmaria perda de cota de mercado dos tradicionais produtos turísticos. Situación que determina a necesidade de poñer en funcionamento políticas turísticas que redefinan os produtos por medio da introdución de elementos enriquecedores da denominada oferta complementaria como un argumento favorecedor da cualificación, diversificación e diferenciación dos mesmos. Neste estado da cuestión, a teoría xeral de sistemas (TXS) preséntase para as OMDs como un enfoque adecuado xa que lles permite abordar dun modo integrado o concepto de turismo nun espazo litoral; abordar a análise da súa problemática dun xeito integral e orgánico. A ordenación territorial turística do litoral preséntase como un sistema aberto e, á súa vez, como unha función do mesmo (o turismo en espazo litoral). Xa que logo, a ordenación territorial sistemática do turismo en espazo litoral desempeña funcións orgánicas e en relación cos demais sistemas. Isto implica que no seu proceso de determinación hai unha selección natural de insumos que serán transformados para obter un produto tamén orgánico ás necesidades existentes, ou sexa, ordenamentos territoriais flexibles e non mecánicos, promotores dun desenvolvemento territorial equilibrado e sostible. Agora ben, para que a ordenación territorial turística do litoral teña natureza e carácter orgánico, require que as OMDs incentiven a participación activa, á vez que influinte, negociadora, das Administracións Públicas, as comunidades locais receptoras e os axentes do sector privado con intereses no turismo e dos turistas.

2. *O turismo como o litoral español participan dunha complexa armazón competencial*. Noutras palabras, podemos apuntar como conclusión que no que respecta estrictamente á ordenación, planificación e xestión do litoral turístico conflúen unha serie de instrumentos propios de distintas políticas horizontais (economía, territorial ou ambiental) e sectoriais (infraestructuras, costas, ...), ademais dos específicamente turísticos, que se superponen en diferentes niveis territoriales (Estado, Comunidade Autónoma e entes locais) e que configuran un marco político-administrativo de contrastada complexidade. En definitiva, achámonos ante unha concorrencia competencial que formula un arduo problema de articulación para os xestores das OMDs. A confluencia de diferentes administracións, con independencia de quen sexa a instancia competente en caso de conflito, formula a necesidade de sincronizar, de ensamblar mellor este complexo esqueleto administrativo con competencias na materia de turismo. As OMDs en España deben partir desta realidade complexa. Por outra parte, deben ser conscientes que as Administracións Públicas non son un axente máis do sistema turístico, senón que en ocasións, exercen a súa potestade para regular o sector, ou exercen a potestade sancionadora ou desenvolven unha actividade arbitral, o que pon de manifesto a, en ocasións, difícil delimitación entre o público e o privado no ambiente turístico.
3. *O espazo litoral, pola súa singularidade física e gran variedade como dimensión de usos e actividades, goza actualmente dunha regulación xurídica específica, de carácter sectorial*. Un ordenamiento xurídico que non contén unha delimitación legal do espazo litoral ampla, que afecte a interrelacións existentes entre a costa, o mar e o interior, senón que manexa o concepto

tradicional de delimitación como dominio público marítimo ou marítimo-terrestre, o que non deixa de ser unha interpretación restrictiva e axeográfica, allea aos criterios dunha ordenación territorial de carácter integrado. Dentro deste armazón hai que destacar, no ámbito de competencia estatal, pola súa significación a Lei 22/1988 de Costas e a súa recente modificación por medio da Ley 2/2013. Unha modificación normativa, está última, que apunta no seu articulado a unha maior permisividade e perpetuación de usos herdados cos seus consecuentes efectos sobre a calidade ambiental da franxa litoral galega.

4. *Ante a falta dunha ordenación integrada do espazo litoral, o proceso de crecemento e conformación do modelo turístico dos principais destinos galegos durante o pasado século XX foi afrontado desde a planificación de carácter urbano de carácter municipal.* Un planeamento urbanístico que actuou como o instrumento con máis transcendencia na ordenación do litoral galego, o que define usos e intensidades na estructuración do espazo litoral. A Lei de Costas de 1969 e a súa sucesora de 1988 non constitúen as únicas normas de ordenación territorial que afectan ao sector costeiro. A lexislación de Solo e a Lei de Ordenación do Territorio constitúen coa normativa costeira o entramado lexislativo que establecen as regras de actuación para as actividades turísticas á hora de implantarse no espazo litoral galego. De feito, a implantación de desenvolvementos de carácter turístico no litoral galego, veuse producindo baixo responsabilidade municipal. A LASGA (Lei 11/1985) como a Lei do Solo de 1997 pretenderon de forma timorata e moi moderada, reconducir as prácticas non controladas de edificación do territorio que caracterizaran a Comunidade Autónoma nos 1960 e 1970. Se a isto engadimos o crecemento económicoda segunda metade do século XX e o auxe do turismo residencial en cada vez maiores tramos do litoral galego, temos enunciado a causado problema. Un planeamento urbanístico deficiente que se intentou reconducir coa *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia* e especial coas modificacións introducidas en 2004 como en 2007. Unhas normas urbanísticas que endurecioron as regras de xogo para volver de novo á permisividade máis absoluta coa Lei 2/2010. Un planeamento urbanístico que constitúe na actualidade o instrumento con máis transcendencia na ordenación do litoral galego. Planeamento, ordenación urbanística do solo que regula usos/actividades e a edificación, que en todo caso, respectará as prohibicións establecidas na zona marítimo-terrestre. Agora ben, encontrámonos desleixo por parte da administración local municipal galega á hora de exercer as devanditas competencias e elaborar as súas normas de planeamiento urbanas. Boa proba de todo iso é a escasa adaptación dos municipios á Lei do Solo de Galicia que reflicten claramente o pouco arraigamento popular que a Ordenacióndo Territorio e o acatamento das normas urbanísticas teñen entre a maior parte da poboación. Unha realidade do planeamento urbanístico galego que propiciou, en definitiva, un excesivo desenvolvemento turístico en amplos sectores do litoral galego ligado a un modelo turístico de carácter residencial. Un modelo de desenvolvemento turístico residencial que leva asociado xeralmente un excesivo consumo de solo, que conduce en ocasións á destrución da paisaxe, coa conseguinte perda de atractivo dos valores orixinais do propio do destino turístico. Un modelo de implantación obedeceu máis aos intereses ligados ao sector da construción e da promoción inmobiliaria que ao propiamente turístico.
5. *O desenvolvemento turístico do espazo litoral galego esixe por parte das OMDs fomentar unha clara e ampla colaboración de todas as administracións con*

competencias en devandito ámbito territorial. É obvio que ata agora fallaron os mecanismos de coordinación entre as diversas Administracións Públicas que ostentan competencias concorrentes en materia de ordenación do territorio, turismo e outras políticas sectoriais con incidencia sectorial. Fracasou o debido encaixe que debe existir entre a ordenación sectorial cunha ordenación de carácter horizontal como é a ordenación do territorio, ao que non é alleo a falta de previsión dunha xerarquización entre algúns dos instrumentos de planificación dispostos na normativa sectorial. Este desenvolvemento turístico sostible require por parte das OMDs promover unha planificación de carácter turístico na que ademais de prestar a adecuada atención ao planeamento urbanístico non debe deixar de suscitar solucións aos problemas da oferta e a demanda cara a promover o seu crecemento.

6. *No ámbito do litoral galego desenvolvéronse plans e modelos de xestión de carácter máis específico para abordar a problemática territorial asociada ás actividades e espazos turísticos cun relativo éxito*. Instrumentos de intervención que conceden un indiscutible protagonismo ao ámbito local e que inciden na mellora da ordenación e xestión do turismo coa finalidade da consecución dun desenvolvemento sostible. Instrumentos de actuación onde a cooordinación de todos os axentes para lograr a correcta xestión do destino turístico é esencial cara a favorecer non só a mellora da oferta de produtos e servizos, senón tamén a satisfacción final dos consumidores do destino. Destacan polo súa relevancia no litoral galego os Plans de Excelencia e Dinamización, o proxecto "Municipio turístico sosteible", o Modelo de Xestión de Calidade Integral dos Municipios Turísticos e as Axendas 21 Locais. A través destes instrumentos tratouse de mellorar ou impulsar a oferta turística de territorios concretos, mediante convenios de colaboración celebrados entre as tres Administracións públicas españolas (a estatal, autonómica e local) xunto cos ector privado (asociacións locais de empresarios).

5.2.4.- A ANÁLISE DOS COMPOÑENTES DO DESTINO TURÍSTICO LITORAL GALEGO.

1. *A dotación de infraestruturas do transporte e as comunicacións constitúen unha condición necesaria pero non suficiente por si soa para dinamizar e impulsar o desenvolvemento da actividade turística en Galicia.* Para que esta finalidade se logre é necesario que se propoña a planificación dun paquete de medidas sectoriais complementarias destinadas estas a dinamizar esta importante actividade socio produtiva.
2. *A posta en funcionamento da malla de infraestruturas do transporte de Galicia logrou a captación dunha importante demanda potencial turística.* Así, ao examinar os fluxos que se rexistran sobre a rede viaria tanto de titularidade autonómica como do Estado obsérvase como progresivamente foise producindo unha substancial ganancia en niveis de IMD.
3. *O espazo litoral galego concentra a maior parte da oferta de aloxamento regrada de Galicia.* O conxunto do litoral galego dispón dun total de 82.822 prazas de oferta regrada, un volume que supón o 63,84% do total en Galicia. Á súa vez, dentro das diferentes tipoloxías de establecementos, destaca o peso alcanzado polos cámpings (86,95%), apartamentos (80,74%) e hoteis (65,07%) dentro do territorio galego. Obviamente, estamos cunhas tipoloxías de oferta, especialemente as dúas primeiras, que responden tradicionalmente ás

expectativas de aloxamento dun gran número de demandantes do produto de "sol e praia". Entre os diferentes espazos turísticos do litoral galego destacan polo tamaño da súa oferta regrada, na seguinte orde: Ría de Pontevedra (23.672 prazas, 18,25% total Galicia), Golfo Ártabro (15.503 prazas, 11,95% total Galicia) e Ría de Vigo (14.002 prazas, 10,79% total Galicia). Entre os diferentes municipios do litoral sobresaen os valores de Sanxenxo (14.398 prazas, 11,10% total Galicia), Vigo (5.975 prazas, 4,61% total Galicia), O Grove (5.907 prazas, 4,55% total Galicia) e A Coruña (5.068 prazas, 3,91% total Galicia). Agora ben, mentres os destinos de Sanxenxo e O Grove (Ría de Pontevedra) obedecen marcadamente a un produto de "sol e praia", as cidades de Vigo e A Coruña presentan unha oferta de produtos máis complexa, onde o urbano xoga un papel determinante. No territorio galego son tamén as provincias litorais as que concentran o maior volume de prazas en establecementos hoteleiros. O litoral galego, segundo os datos rexistrados na Dirección Xeral para o Turismo, sumaba, no ano 2012, 46.779 prazas en establecementos hoteleiros (56,45% de Galicia).

4. *A evolución mensual da oferta de prazas en establecementos hoteleiros presenta unha marcada estacionalidade en Galicia. Se se efectúa unha desagregación das cifras a escala provincial, afloran unha serie de particularidades.* En primeiro lugar, reflíctese de novo a diverxencia nas traxectorias das provincias costeiras e interiores de Galicia. Tanto Lugo coma Ourense presentan unha escasa variabilidade estacional. Fronte a estas, as provincias da Coruña e Pontevedra experimentan unha maior oscilación estacional, especialmente evidente no caso no caso da última. Neste territorio, o carácter predominantemente estival da oferta hoteleira dos destinos de "sol e praia" localizados nas Ría de Pontevedra explica a forte oscilación da oferta. Sanxenso, dos destinos analizados, reflicte unha maior variación ao longo do ano na súa oferta. De feito, a oferta do més de decembro operativa (1.642 prazas) representa só un 18,89% da oferta de agosto (8.694 prazas). En liñas xerais, esta estacionalidade vai ligada en boa parte dos casos á existencia de pequenos establecementos de categorías dunha e dúas estrelas que se incorporan ao mercado exclusivamente en tempada alta. A demanda hoteleira é claramente dependente da turística pero, igualmente, a demanda dun determinado destino turístico está tamén claramente ligada á oferta hoteleira neste.
5. *Galicia é a rexión costeira que se sitúa á cola tanto en calidade coma en dimensión dos establecementos hoteleiros, ata o punto de que o seu perfil se axusta máis ao característico das rexións interiores que non se consideran fortemente penetradas polo turismo*. A análise das características dos establecementos hoteleiros galegos pon de manifesto unha calidade inferior á media de España. Un feito observable na preponderancia dos establecementos con estrelas de prata (pensións) cun total de 886 (57,24% da oferta galega) e, dentro das cualificacións dos hoteis, cun claro predominio dos de unha (15,44% da oferta galega) e dúas estrelas (13,82% da oferta galega). Os hoteis de tres estrelas son os máis números no conxunto do estado (16,71% da oferta de España), en cambio en Galicia este lugar corresponde aos establecementos dunha estrela. Se empregamos como criterio de medición da calidade da oferta hoteleira a porcentaxe de hoteis de catro e cinco estrelas, Galicia encóntrase por debaixo da media española (5,58% de establecementos fronte ao 14,83% de España). Neste sentido, Galicia é a rexión costeira que se sitúa á cola tanto en calidade coma en dimensión dos establecementos, ata o punto de que o seu perfil

se axusta máis ao característico das rexións interiores que non se consideran fortemente penetradas polo turismo. Estas carencias relativas a categoría e dimensión ás que aludimos tanto no conxunto de Galicia como no seu ámbito litoral, obxecto da nosa análise, poden explicarse en boa medida pola forma de propiedade predominante e a escasa penetración das cadeas hoteleiras. En xeral, a raíz da análise efectuada, no litoral galego os xestores das diferentes OMDs deben ser conscientes que a oferta caracterízase por un elevado número de establecementos de pequena dimensión, xestionados en moitos casos polos seus propietarios. Os obxectivos de este tipo de establecementos céntranse máis ben na supervivencia, (garantindo unhas rendibilidades mínimas) que no crecemento, como poñen de manifesto os seus baixos niveis de investimento. Unha situación que debe determinar unha clara liña de actuación dende as OMDs do litoral galego dirixida a fomentar a colaboración dos diferentes axentes empresariais do sector hoteleiro en busca de sinerxías encamiñadas a lograr unha maior eficiencia e eficacia na xestión dos seus establecementos.

6. *A oferta turística veuse marcada dende o punto de vista da súa ordenación territorial por un acelerado proceso de urbanización e construcción no litoral galego*. A realidade é que nas últimas décadas, un bo número de municipios do litoral galego xeneralizaronse dinámicas que desembocaron en entornos sometidos a un urbanismo extensivo. En definitiva, unha excesiva presión urbanizadora, amparada nos altos rendementos que a curto prazo xeneraba a promoción inmobiliaria ata o estalido da burbulla inmobiliaria. Un proceso urbanizador que condicionou a competitividade dos seus recursos naturais e patrimoniais dun bo número de municipios do litoral galego, poñendo en risco a capacidade das suás infraestructuras e sistemas para garantir os maiores empregos e unha renda sostible.
7. *O modelo clásico de turismo no litoral galego cambiou, na última década, emerxendo produtos complementarios ao ata agora produto estrela, sol e praia.* A creación de novos produtos formulouse como unha das vías para o mantemento da competitividade dos destinos turísticos do litoral, xa que xeran efectos positivos como o aumento da satisfacción dos visitantes e do gasto en destino, a redución da estacionalidade ou a creación de novas opcións de negocio. A oferta turística do litoral galego caracterízase actualmente pola súa diversidade e complementariedade.
8. *Tanto Galicia como o conxunto do seu litoral se caracterizan por unha gran diversidade paisaxística, e xa que logo como destinos privilexiados para practicar turismo na natureza, polas súas boas condicións climáticas e a riqueza do seu medio natural.* Os espazos naturais protexidos desempeñan un importante papel na dinámica turística, en particular polas posibilidades que ofrecen de revalorizar recursos naturais e estruturar produtos, asegurando a contribución da actividade ao desenvolvemento socioeconómico do espazo protexido e a súa área de influencia. A designación de áreas protexidas non garanten de por si a supervivencia dos valores desas zonas. Na nosa opinión aínda que queda moito por facer para mellorar a eficacia da xestión das áreas protexidas dentro do litoral galego. As OMDs han de procurar que se creen os marcos e estratexias de xestión precisas para garantir que ese elemento apoie e manteña os valores naturais e culturais das áreas protexidas. Trátase dun desafío importante que obriga a emitir xuízos complexos sobre as concesións mutuas entre o desenvolvemento do turismo, a protección do valor dos recursos polos que se crearon as áreas protexidas e os intereses da comunidade local.

9. *O produto turístico náutico ben planificado se nos presenta como un compoñente de gran potencialidade como revalorizador e xerador de plusvalías á oferta turística litoral galega.* Un produto turístico náutico insuficientemente estructurado e promovido dentro do produto global ofertado dende o destino turístico galego. O litoral Galego ofrece unhas excelentes condicións potenciais para o turismo náutico-deportivo en función da súa situación como escala intermedia cara a captar fluxo de tránsito náutico-deportivo procedente do arco europeo con destino no Mediterráneo. Pero ademais, conta coas excelentes condicións das súas diversas Rías para a navegación deportiva, tanto en percorridos dunha xornada coma para pequenas travesías entre distintas Rías, aproveitando a ampla oferta de instalacións náuticas existentes. Neste sentido, as OMDs do litoral galego deben ter presente que o turismo náutico implica a utilización de diversos tipos de infraestruturas e servizos: portos deportivos, empresas de mergullo, pesca, windsurf, etc.., é dicir, en espazos estandarizados e especializados, ou en si mesmo, de modo libre, no litoral. Polo tanto, é papel da Administración competente planificar ao longo do litoral a distribución posible de usos, creando tramos de praia especializados por exemplo para a práctica do windsurf, motonáutica..., e estruturando o resto do litoral con zonas aptas para o mergullo, recalada de barcos, portos deportivos,... Esencialmente queremos apuntar que, unha axeitada planificación de usos do litoral e a coordinación dos diferentes elementos que integran a oferta náutica nos permitirán unha axeitada estruturación do produto turístico náutico.
10. *O produto turístico de cruceiros experimentou en Galicia un crecemento desde comezos desta década, aproveitando a clara vocación marítima do territorio galego así como a disposición de portos de interese xeral con infraestruturas aptas para a recepción destes viaxeiros.* O turismo de cruceiros en Galicia pasou de mover uns 121.668 pasaxeiros en 2003 aos 394.749 en 2011. Analizando o reparto dos viaxeiros por meses, no ano 2013 os meses con maior peso son, por orde de importancia, outubro, maio e setembro. O turismo de cruceiros presenta, polo tanto, un gran potencial desestacionalizador, alargando a súa influencia dende abril ata outubro. Nesta dirección, ás investimentos portuarios para a recepción e emisión de cruceiros, a integración do porto na cidade, son medidas de éxito nos principais portos de cruceiros do mundo.
11. *O Camiño de Santiago constitúe un fenómeno multifacético de proxección e recoñecemento internacional: forma parte do patrimonio cultural intanxible, pero tamén é unha secular ruta de peregrinación, un elemento territorial de alto valor simbólico e un produto turístico de prestixio.* De feito, cando se estuda a realidade turística de Galicia no seu conxunto, o seu produto máis diferenciador e de prestixio sen lugar a dúbidas o constitúe o Camiño de Santiago. Unha realidade que ven dada en gran parte por ser un un referente cultural de primeira orde. Numerosas cualificacións outorgadas ao respecto poñen de relevo este valor cultural indiscutible. O Camiño Francés, o máis transitado e coñecido como frecuentado dos chamados Camiños de Santiago non atravesa ningún municipio litoral galego. Agora ben, si o fan: o Camiño do Norte (ou Camiño da Costa), o Camiño Inglés, a Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, o Camiño Portugués e o Camiño a Fisterra-Muxía. Este último é espacialmente polo seu evidente potencial de crecemento. Así mesmo, como produto enriquecedor da imaxe turística. O Camiño a Fisterra-Muxía e a extensión do Camiño Francés dende Santiago ata o Cabo de Finisterre, seguindo a milenaria tradición pagá de chegar ao final da terra do mundo coñecido. Con datos do ano 2013,

aproximadamente un dez por cento dos peregrinos que chegan a Santiago seguen o seu periplo cara a Fisterra. De feito, a cantidade de persoas que percorren este itinerario rexistrou un proceso de crecemento moi significativo dende o ano 1998 (1.352 peregrinos contabiliazados) ata o ano 2010; ano no que se contabilizaron 17.983 peregrinos (un crecemento do 1.230,10% neste período).

12. *A necesidade dun Sistema de Información Turística que manexe e xere información de calidade relativa a demanda é unha cuestión central para as OMDs do litoral galego.* De feito, unha das principais dificultades coa que se enfrontan os xestores das OMDs á hora de deseñar e desenvolver plans e programas de comercialización é a falta de información precisa, ordenada, comparable e continúa sobre a demanda turística. Na actualidade, as OMDs no litoral galego carecen dun procedemento axeitado de recollida de información sobre os seus fluxos de viaxeiros e xa non digamos sobre a súa demanda potencial. Os xestores destas OMDs dispoñen soamente de datos de carácter xeneral porcedentes basicamente das fontes estatísticas de carácter estatal. Os porcedimientos de obtención de información sobre a demanda de orde autonómica quedaron moi mal parados a raíz da remodelación administrativa que supuxo a creación da Axencia de Turismo de Galicia e a posterior disolución do. Instituto de Estudos Turísticos de Galicia. A actual información disponible acerca da demanda turística en Galicia presenta dificultades para a súa integración e tratamento. En definitiva, postulamos pola posta en funciomamiento dende as OMDs dunha ferramenta que permita obter, manexar e interpretar información de interese real e actualizada sobre a demanda turística. Un procedemento de análise da demanda turística encaixado denro dun sistema de información de marketing. Un procedemento de análise que asegure a xeración dun fluxo constante e ordenado de información sobre a demanda procedente de diversas fontes e a súa distribución entre os distintos axentes públicos como privados do sector turístico dun destino determinado.
13. *A evolución da demanda turística en Galicia foi positiva no conxunto do século XXI, con todo desde o ano 2007 aprécianse os efectos da crise económica nunha caída nas cifras de afluencia.* O seguimento das cifras de demanda turística en Galicia durante o período 2001-2012, mediante o número de viaxeiros rexistrados, reflexa que esta experimentou un destacado crecemento pero estruturalmente inferior á media española. A escala provincial, ao longo do período 2007-2012, tomando como referencia os datos rexistrados pola Enquisa de Ocupación Hoteleira (EOH) elaborada polo INE, obsérvase a existencia de dúas traxectorias claramente diferenciadas. A Coruña e Pontevedra rexistran os maiores volumes tanto de viaxeiros como de pernoctacións. No que respecta á evolución das cifras, a traxectoria das dúas provincias é totalmente converxente, ata o punto de que poderían ser consideradas como un destino conxunto que aglutina a práctica totalidade da demanda galega.
14. *A estancia media segue a ser un dos problemas estruturais da actividade turística galega.* A mesma no conxunto dos establecementos de aloxamento regrado de Galicia sitúabase en 2,2 noites neste ano 2012, cifra que cae un 2,6% en relación ao anterior 2011. Este descenso destaca pola súa magnitude no contexto de crise da demanda apuntado, de feito é o valor máis baixo desde o ano 2003.

ANEXO 1.- ANÁLISE DA DEMANDA DE MOBILIDADE LECER-TURÍSTICA NOS DESTINOS DO LITORAL A TRAVES DAS ESTACIÓNS DE AFORAMENTO.


1.1.- A mobilidade en Viveiro Este. Tramo Viveiro-Xove (estrada Deputación) (Lugo).

Os valores que se mostran na presente sección aproxímannos un pouco máis á análise da demanda de desprazamento que se está a rexistrar sobre a rede viaria autonómica sobre a Mariña Lucense. Con anterioridade neste traballo de investigación poñiamos en antecedentes varias cuestións de interese. En primeiro lugar, que a sobre a rede viaria autonómica sobre a Mariña Lucense a relativamente baixa demanda de desprazamento se encontraba eclipsada polos tráficos que neste período estaban a ser mobilizados por parte da rede RIXE nesta área. En concreto indicabamos a importancia dos tráficos da N-634 que vertebra Ferrolterra con San Cibrao-Viveiro-Ribadeo e a saída cara a Asturias. Por iso, esta era a porta de entrada cara Á Mariña lucense dos tráficos procedentes ben de Asturias, ben do sistema de cidades da Galicia Atlántica. En segundo lugar, debemos indicar a ganancia de protagonismo que coñeceu a Autovía Transcantábrica A-8 que articula á Autovía do Noroeste A-6 en Bahamonde con Vilalba-Ribadeo-Fachada Cantábrica. Polo tanto, este eixe viario resulta estructurante para a canalización da demanda de viaxe procedente do ámbito metropolitano da Coruña e o sistema de cidades Atlánticas máis meridionais de Galicia. Pola súa banda, e como xa tivemos a oportunidade de expoñer, os fluxos procedentes de Ferrolterra mobilízanse pola Autovía AG-64 ata Vilalba para, posteriormente, comunicarse mediante A-8 coa Mariña Lucencese e a fachada cantábrica.

Ao someter a estudo a Figura nº1.1.1 cos seus valores de referencia advertimos como sobre esta área xeográfica a demanda de desprazamento se permeabiliza por parte da malla viaria de titularidade autonómica. Isto é, a consecución da matriz de viaxe O-D lógrase grazas a conexión da mesta malla viaria de titularidade da Xunta de Galicia. Os rexistros aclárannos que sobre este eixe viario se alcanzan uns valores de IMD destacados para o conxunto do período. Por un lado, os valores do 2008 concrétannos como no período anterior á crise se obtiñan un rexistros por enriba dos 6.500 vehículos. Non obstante, a evolución para os anos inmediatamente seguintes indícanos que se produciu unha caída considerable. A explicación xa foi reflectida: o forte impacto da crise económica e financeira sobre o emprego e a demanda interna. Por outro lado, debemos ter ben presente que a apertura ao tráfico comercial de, primeiro, a Autovía AG-64 posibilitou a creación dun novo itinerario máis accesible en termos de tempo de viaxe e de velocidade comercial media. En segundo lugar, este itinerario adquire maior protagonismo de tráfico mobilizado ao producirse a entrada en servizo progresivo dos distintos tramos da Autovía Transcantábrica A-8. Este eixe viario estructurante para as relacións interrexionais vai contribuír unha notoria ganancia nos niveis de accesibilidade e en seguridade viaria, salvo no tramo de Valadouro-Mondoñedo por causa da néboa.

Figura nº1.1.1.- Evolución interanual da IMD en Viveiro Este. Tramo Viveiro-Xove (estrada Deputación). Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	7.093	6.797	6.890	6.947	6.547




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Os valores considerados na Figura nº1.1.2, así como na táboa de referencia concrétannos o valor da IMD intermensual para a estación de aforamento de Viveiro no ano 2012. Os rexistros tabulados permítennos advertir como a máxima cota de demanda de tráfico se localiza nos meses estivais: Agosto e Xullo. A esta etapa estacional sucédelle en importancia os rexistros obtidos no período de Semana Santa. Nesta estación do ano en Viveiro rexístrase unha importante afluencia de visitantes que tenden a dar resposta a unha motivación turística, tendo en conta que a Semana Santa nesta vila da Mariña Lucense é festa de interese turístico nacional. Por outro lado, as IMD intermensuais indícannos tamén como sobre esta bisbarra galega se rexistra uns fluxos destacados nos meses últimos da primavera: Maio e Xuño.

Figura nº1.1.2.- Evolución da IMD intermensual en Viveiro Este. Tramo Viveiro-Xove (estrada Deputación). Ano 2012.

Mes	IMD
Xaneiro	6.028
Febreiro	6.485
Marzo	6.496
Abril	6.605
Maio	6.572
Xuño	6.720
Xullo	7.094
Agosto	7.697
Setembro	6.469
Outubro	6.391
Novembro	6.243
Decembro	5.844




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Os rexistros correspondentes á Figura nº1.1.3 permítennos comprobar cal foi o comportamento da IMD interhoraria da estación de Viveiro Este para os tráficos da IMD do día medio laboral e a IMD do día medio festivo. Os rexistros estatísticos sinálannos como entre as 5 e as 20 horas de xeito ininterrompido prodúcese unha elevada demanda de desprazamento na IMD do día laboral que é superior á do día medio festivo. A partir das 21 horas (aínda é superior a IMD laborable) a tendencia invértese. Neste sentido, debemos sinalar que entre as 19 e 20 horas en diante se producen xa fluxos horarios onde a motivación dominante é o tempo de ocio, esparexemento e tempo libre. Así, entre as 20 e as 4 horas prodúcese unha importante demanda de desprazamento por causa do desfrute das actividades turísticas.

Figura nº1.1.3.- Evolución da IMD interhoraria en Viveiro Este. Tramo Viveiro-Xove (Estrada Deputación). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	44	99
1	25	86
2	14	62
3	13	45
4	45	55
5	83	66
6	276	100
7	428	117
8	433	131
9	433	162
10	445	221
11	452	267
12	467	306
13	494	325
14	489	259
15	432	263
16	436	364
17	484	353
18	512	388
19	485	380
20	358	307
21	249	241
22	146	155
23	71	86



Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.


1.2.- A demanda de mobilidade en Espasante (Sta. Marta de Ortigueira). Tramo Espasante (CP 6.103)- O Barqueiro (AC-100) (A Coruña).

Na sección presente imos analizar os valores da demanda de mobilidade que transita pola rede viaria onde se sitúa a estación de Espasante (Sta. Marta de Ortigueira). O obxectivo de estudar este fluxo viario non é outro que tratar de aproximarnos á demanda de desprazamento que se está a rexistrar sobre a área litoral da fachada setentrional de Galicia. En concreto, imos analizar os valores das IMD de Espasante que é un importante eixe viario que cataliza o tráfico da fachada costeira cara Á Mariña Lucense: O Barqueiro, O Vicedo, Viveiro, Foz e Ribadeo. En paralelo, tamén se ten a oportunidade de analizar os valores do fluxo que se alcanza na área de influencia de Ferrol. Así pois, na Figura nº.- de referencia dos devanditos valores ocupámonos de estudar os valores da IMD interanual acaecida en Espasante. Como se aprecia, os rexistros medios desta estación sinálannos que se produce unha IMD da orde dos 2.500. Este valor non nos está a indicar que sobre esta área se rexistren unhas baixas densidades de tráfico. En efecto, a IMD aquí é maior. Sobre esta fachada costeira de Galicia a demanda de desprazamento canalizábase tradicionalmente pola rede viaria RIXE, xa que existe un eixe viario que comunica a Ferrol con San Cibrao e a fronteira de Galicia con Asturias (estrada N-642). Este itinerario viario ten por obxectivo articular a Ferrol co Porto de San Cibrao, toda vez que esta dársena constitúe parte da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao. Trátase dunha dársena portuaria especializada nas descargas de Alumina-Aluminio para a factoría de San Cibrao. Por outro lado, os fluxos da fachada costeira setentrional da Coruña e Lugo contribuían a dar continuidade aos tráficos interrexionais entre Galicia-Asturias e o resto de Fachada Cantábrica. Por outro lado, cabe apuntar que unha parte do fluxo costeiro que aquí se rexistraba tamén se encontra a día de hoxe canalizado por outro eixe viario dotado de alta capacidade de carga destinado a dotar de conectividade e accesibilidade territorial a Ferrol respecto da Mariña Lucense. Efectivamente, trátase da Autovía A-64 Ferrol-As Pontes-Vilalba. Este itinerario canaliza uns importantes fluxos que se destinan cara A Mariña posteriormente pola conexión coa Autovía A-8 que xa está aberta ao tráfico no presente 2015. No ano 2012 faltaba o tramo de Valadouro-Mondoñedo-Vilalba. Así pois, o comportamento da demanda de desprazamento procedente de Ferrolterra desprázase pola AG-64 ata comunicarse coa A-8 en Vilalba e dende este lugar diríxese cara a Valadouro-Ribadeo. Nun punto intermedio deste itinerario (Valadouro, Ourol, Mondoñedo) a demanda de desprazamento pode dirixirse agora cara á fachada costeira do Barqueiro, Viveiro, Foz, etc.

Ao estudar os rexistros da IMD observamos a profunda caída da demanda de desprazamento que se produciu entre 2011 e 2012 (Figura nº1.2.1). As razóns hai que tratar de encontralas, ademais do réxime maioritario da demanda de desprazamento que se alcanza na N-634, e na canalización de tráfico por parte da A-8 e nos adversos efectos da crise económica financeira.

Figura nº1.2.1.- Evolución interanual da IMD en Espasante (Sta. Marta de Ortigueira). Tramo Espasante (CP 6.103)- O Barqueiro (AC-100). Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	2.681	2.635	2.570	2.564	2.250




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.2.2 debuxamos a IMD intermensual alcanzada por Espasante (Sta. Marta de Ortigueira), no tramo Espasante (CP 6.103)- O Barqueiro (AC-100). Como podemos observar, os maiores valores alcánzanse no período estival: Agosto e Xullo. Por iso, apréciase como sobre esta área transita unha demanda de desprazamento flotante que se aproxima cara á bisbarra de Ortegal por motivos de turismo, ocio e esparexemento. Nesta liña, debemos ter presente que en Ortigueira se produce un evento lúdico-cultural de interese turístico internacional: o Festival do Mundo Celta de Sta. Marta de Ortigueira, que ostenta unha forte pegada e unha longa tradición. En paralelo, o gráfico tamén nos mostra un segundo período con demanda de desprazamento importante nos meses de primavera.

Figura nº1.2.2.- Evolución da IMD Intermensual en Espasante (Sta. Marta de Ortigueira). Tramo Espasante (CP 6.103)- O Barqueiro (AC-100). Ano 2012.

MES	IMD.
Xaneiro	1.855
Febreiro	1.870
Marzo	2.073
Abril	2.124
Maio	2.193
Xuño	2.316
Xullo	2.871
Agosto	3.324
Setembro	2.336
Outubro	2.114
Novembro	1.981
Decembro	1.906




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Por último, tan só nos resta aquí estudar cal foi a evolución da IMD interhoraria producida nesta estación de aforamento. Os valores da Figura nº1.2.3 son ben expresivos e póñennos en antecedentes do comportamento da IMD interhoraria para o día medio laboral e para o día medio festivo producida no ano 2012. Como podemos advertir, entre as 6 e as 19 horas prodúcese unha IMD máis destacada en día medio festivo que no día medio festivo. Por contra, entre as 20 e as 5 horas prodúcese unha tendencia contraria, os fluxos son maioritarios para a IMD festivo. Por outro lado, debemos ter encuenta que entre as 19:00 e as 3 horas se rexistran tráficos que se mobilizan por causa de desfrute do tempo de ocio e esparexemento. Esta tendencia é moito máis acusada nos períodos de descanso de fin de semana ou do día festivo.

Figura nº1.2.3.- Evolución da IMD interhoraria en Espasante (Sta. Marta de Ortigueira). Tramo Espasante (CP 6.103)- O Barqueiro (AC-100). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	14	31
1	8	26
2	5	20
3	6	17
4	11	14
5	20	26
6	59	25
7	117	42
8	149	55
9	154	72
10	165	105
11	166	130
12	158	144
13	152	129
14	143	103
15	149	125
16	161	153
17	165	159
18	171	169
19	155	158
20	111	115
21	69	79
22	40	50
23	23	30




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

1.3.- A mobilidade en San Sadurniño. Enlace Ortigueira (AC-862)-Narahío (AC-125) (A Coruña).

Na presente sección ocupámonos un pouco máis de coñecer o valor dos fluxos que se rexistran na bisbarra de Ferrolterra. Para este propósito, agora fixámonos na estación de San Sadurniño, toda vez que é a conexión Ferrol coa bisbarra de Vilalba logo de paso polas Pontes. Trátase dunha vía de alta capacidade de carga AG-64 (VAC) que vai posibilitar a conexión das poboacións do interior respecto da fachada costeira. Ademais, garante a conexión de Ferrol cara á Sta. Marta de Ortigueira e a Mariña lucense: Viveiro, Foz, Ribadeo. Así pois, ao examinar os valores desta estación advertimos como se produciu un inicial estancamento no seu volume de tráfico entre 2008 e 2009 para caer este rexistro no ano 2010 (Figura nº1.3.1). Non obstante, para os dous últimos anos da serie puidemos comprobar como se produciu unha notable ganancia de tráficos, que teñen a súa explicación no desenvolvemento das actividades económicas principalmente. Os valores do ano 2012, aínda sendo importantes indícannos que se coñeceu unha lixeira caída no valor da IMD anual.

Figura nº1.3.1.- Evolución da IMD interanual en San Sadurniño. Enlace Ortigueira (AC-862)-Narahío (AC-125). Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	5.713	5.665	5.341	6.102	6.008




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.3.2 rexistramos os valores da IMD intermensual que se produciu na estación de San Sadurniño para o ano 2012. Os valores sinálannos como nos meses estivais se alcanzan os maiores niveis de IMD. Como sabemos, este valor non resulta baixo, toda vez que a demanda de desprazamento que se mobiliza entre Ferrol e San Sadurniño se encontra basicamente fortalecida pola traza da estrada de titularidade do estado N- 642, que vai articular Ferrol con San Cibrao e coa bisbarra da Mariña lucense. Polo tanto, a rede viaria de titularidade autonómica é a que posibilita a permeabilización do territorio aos fluxos canalizados pola vía de titularidade do Estado, aproximando o tráfico ata a fachada litoral da bisbarra de Ortegal. No gráfico tamén observamos como existe un segundo período que concentra unha notable demanda de desprazamento: os meses finais da primavera: Maio e Xuño.

Figura nº1.3.2 Evolución intermensual da IMD en San Sadurniño. Enlace Ortigueira (AC-862)-Narahío (AC-125). Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	5.045
Febreiro	5.646
Marzo	5.962
Abril	5.926
Maio	5.979
Xuño	6.118
Xullo	6.518
Agosto	6.566
Setembro	6.345
Outubro	6.025
Novembro	5.788
Decembro	5.804




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.3.3 estatística de referencia computamos os valores da IMD interhoraria para a estación de San Sadurniño. Os valores sinálannos como entre as 19 horas os fluxos alcanzados por parte da IMD laboral superan aos valores da IMD festivo. Esta tendencia vaise inverter a partir das 20 horas ata as 4 horas. Así, convén ter presente que entre os segmentos das 18 e máis horas e ata as 2 horas nesta zona é posible alcanzar uns tráficos que teñan unha motivación prioritaria o desfrute do tempo libre, ocio e esparexemento.

Figura nº1.3.3.- Evolución interhoraria da IMD en San Sadurniño. Enlace Ortigueira (AC-862-Narahío (AC-125). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	53	84
1	29	63
2	17	52
3	10	35
4	12	25
5	51	32
6	129	53
7	281	86
8	421	118
9	444	148
10	417	190
11	413	229
12	416	261
13	408	281
14	418	247
15	449	242
16	446	286
17	417	321
18	421	354
19	420	408
20	371	408
21	266	332
22	189	224
23	110	127



Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.


1.4.- A mobilidade en Serqueiro (Valdoviño). Tramo Enlace AG-64-Valdoviño (AC-116) (A Coruña).

Na presente sección que se inicia ocuparémonos de analizar cal foi a demanda de desprazamento producida no cuadrante setentrional de Galicia. Nesta oportunidade centrarémonos en estudar os fluxos rexistrado en Ferrolterra e na Mariña lucense. Para iso, seleccionamos catro estacións de aforamento. Para Ferrolterra centrarémonos na análise dos fluxos rexistrados en Serqueiro, San Sadurniño e Espasante. Para o caso da Mariña lucense situarémonos en Viveiro e O Barqueiro.

Na Figura nº1.4.1 podemos examinar cal foi a evolución interanual da IMD na estación de Serqueiro (Valdoviño), no enlaceAG-64-Valdoviño (AC-116). Os valores obtidos nesta estación permitirannos analizar os fluxos que se desprazan nesta área por motivos turísticos. Os rexistros de mobilidade indícannos que sobre esta rede viaria se alcanzan valores de IMD importantes para unha área na que se concentran importantes actividades turísticas e de ocio. Os valores máis elevados obtivéronse nos primeiros anos da serie estatística: entre 2008 e 2009. A partir deste rexistro os valores estancáronse, inicialmente, para posteriormente observar unha ostensible caída no valor da IMD anual de 2012. O patrón de comportamento desta regresión xa foi exposto en diferentes estacións comentadas anteriormente.

Figura nº1.4.1.- Evolución interanual da IMD en Serqueiro (Valdoviño). Tramo Enlace AG-64-Valdoviño (AC-116). Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	8.285	8.654	7.974	7.655	6.451




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.4.2 de referencia ocupámonos de rexistrar os valores da evolución da IMD intermensual alcanzada na estación de aforamento de Serqueiro. Así, os valores máis destacados rexístranse nos meses estivais de Agosto, Xullo e Setembro. Os seguintes períodos mensuais de máxima demanda son os meses de Xuño, Maio e Abril. Nesta estación obsérvase claramente como no período estival do verán existe unha importante demanda de mobilidade que se mobiliza por esta área por motivos de desfrute das actividades recreativo-turísticas.

Figura nº1.4.2.- Evolución intermensual da IMD en Serqueiro. Tramo Enlace AG-64-Valdoviño (AC-116). Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	6.028
Febreiro	6.485
Marzo	6.406
Abril	6.605
Maio	6.572
Xuño	6.720
Xullo	7.094
Agosto	7.697
Setembro	6.469
Outubro	6.391
Novembro	6.243
Decembro	5.844




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Os rexistros contidos na Figura nº1.4.3 de referencia móstrannos agora cal foi o comportamento da IMD interhoraria para o día laboral e para o día festivo. Así, obsérvase como entre as 4 e as 15 horas os valores da IMD do día laboral superan folgadamente os totalizados polo día medio de fin de semana. En paralelo, entre as e as 2 horas os valores da IMD laboral sonmayores que o anterior indicador. En paralelo, debemos subliñar a importancia que para as actividades de ocio e esparexemento ten o horario de fóra de xornada de traballo. En concreto, entre as 18 e as 3 horas detéctase unha importante demanda de mobilidade que puiden dar resposta á satisfacción das actividades de turismo e esparexemento nesta área concreta. En especial, nos períodos de fin de semana.

Figura nº1.4.3.- Evolución da IMD interhoraria en Sequeiro (Valdoviño). Tramo Enlace AG-64-Valdoviño (AC-116). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	44	99
1	25	86
2	14	62
3	13	45
4	45	55
5	83	66
6	276	100
7	428	117
8	433	131
9	433	162
10	445	221
11	452	267
12	467	306
13	494	315
14	489	259
15	432	263
16	436	324
17	484	353
18	512	388
19	485	380
20	358	307
21	249	241
22	146	155
23	71	86




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

1.5.- A demanda de mobilidade en Bergondo (A Coruña).

A demanda de desprazamento alcanzada na estación Bergondo, correspondente ao tramo Bergondo (AC-162)-Insua (N-661), móstranos a seguinte curva evolutiva do seu IMD para a serie 2008-2012, como se puiden advertir na Figura nº1.5.1. En primeiro lugar, advertimos como a evolución da IMD interanual foi positiva para o conxunto do período. Pasouse dun rexistro de IMD da orde dos 7.023 ata unha IMD da orde dos 11.307. Non obstante, a evolución da IMD concrétanos que os anos centrais da serie construída se produciu unha leve regresión e un posterior estancamento. En efecto, entre o ano 2009 e o ano 2011 produciuse unha lixeira caída da IMD, para posteriormente recuperarse. Entre os diferentes factores explicativos que poden ser utilizados quedaremos co importante efecto que sobre a demanda de desprazamento supuxo o efecto da crise económica e financeira. Os anos nos que se acusou con maior nitidez estes efectos foron os correspondentes a 2010-2012.

Figura nº1.5.1.- Evolución interanual da IMD en Bergondo. Tramo Bergondo (AC-162)-Insua(N-661). Período 2008-2012.

Ano	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	7.023	10.788	10.659	10.871	11.307




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración Propia.

Na Figura nº1.5.2 debuxouse a curva evolutiva da IMD intermensual para o ano 2012 para a estación de Bergondo. Así pois, ao proceder ao seu estudo apreciamos, de partida, como existen dous períodos onde a IMD alcanza valores superiores ao réxime medio. En primeiro lugar, advertimos como o intervalo de maior demanda de mobilidade se encontra comprendida entre os meses de xuño e outubro. A cota máis elevada encóntrase no mes de Agosto, pero o rexistro de setembro (12.965) é mesmo superior ao valor obtido en xullo (12.800). Isto concrétanos como o desfrute do tempo de ocio, turismo e tempo libre se adoita coller entre xullo e setembro, e mesmo se chega tamén a outubro.

Figura nº1.5.2.- Evolución intermensual da IMD en Bergondo. Tramo Bergondo (AC-162)-Insua (N-661). Ano 2012.

Mes	IMD
Xaneiro	**9.820**
Febreiro	**10.120**
Marzo	**10.742**
Abril	**10.222**
Maio	**10.685**
Xuño	**11.400**
Xullo	**12.800**
Agosto	**13.745**
Setembro	**12.965**
Outubro	**11.691**
Novembro	**11.082**
Decembro	**10.355**




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración Propia.

O terceiro dos gráficos elaborados vainos indicar cal foi a evolución da IMD interhoraria para a estación Bergondo (Figura nº1.5.3). No gráfico podemos estudar con detemento como é a IMD para o día medio laborable e a IMD para o día medio festivo. Por outra parte, cumpre que se indique que esta estación nos permite obter información concreta para poder entender o comportamento da demanda de mobilidade por motivos turísticos acaecida na fachada oriental do Golfo Ártabro. Os valores obtidos explícannos como a IMD para o día medio laborable alcanza uns rexistros que exceden en moito ás IMD do día medio festivo. Por esta causa, ao analizar a evolución da IMD interhoraria obtida entre as 5 e as 11 da mañá apreciamos como os fluxos de mobilidade correspondentes ao día medio laboral son superiores aos totalizados polo día medio festivo. Posteriormente, entre as 12 e as 13 horas observamos como se igualan. No seguinte segmento horario vólvese advertir un claro predominio da IMD para o día medio laboral. Non obstante, e hei aquí o importante, para a evolución interhoraria das 18 horas ata as 4 horas observamos agora como ao IMD do día medio festivo excede

con total nitidez á rexistrada polo día medio laborable. Por esta causa, aproveitamos para subliñar que se trata do período de goce do tempo de lecer e esparcimiento. Nesta área existe unha notable oferta de lecer nocturno, e iso vese tamén reflectido nos registros obtidos nesta estación.

Figura nº1.5.3.- Evolución da IMD interhoraria en Bergondo. Tramo Bergondo (AC-162)-Insua (N-661). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	92	198
1	47	145
2	26	99
3	29	78
4	41	58
5	120	59
6	275	83
7	778	134
8	865	143
9	647	186
10	565	295
11	555	460
12	568	591
13	689	708
14	821	555
15	885	411
16	730	570
17	712	693
18	800	804
19	852	887
20	745	841
21	563	640
22	395	445
23	179	259



Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración Propia.

1.6.- A demanda de mobilidade en Bértoa (Carballo-A Coruña).


Os valores da IMD en Bértoa (Carballo) vannos posibilitar o estudo dos fluxos xerados ou atraídos na Costa da Morte. Para iso, aos valores de Bértoa ímoslle agregar aqueles outros correspondentes a outros enclaves de enlace coa AG-55. Como premisa de partida, cabe sinalar que nesta área se van rexistrar un importante volume de IMD por catro razóns básicas:

- ✓ Carballo é a cabeceira de bisbarra de Bergantiños e contribúe a ordenar económica e funcionalmente unha ampla área comarcal.
- ✓ Carballo a día de hoxe é a porta de entrada á Costa da Morte, toda vez que a Autovía autonómica AG-55 conclúe no seu termo municipal. Por iso, aquí concéntranse tráficos que ben poden ter o seu extremo de viaxe (D) noutro lugar distinto da capital administrativa de Bergantiños: Malpica, Camariñas; Laxe, Ponteceso, ….
- ✓ Na actualidade a Autovía AG-55 non chega a articular ás bisbarras máis occidentais desta área: Terra de Soneira, Fisterra, etc.
- ✓ A dotación de funcionalidades urbanas de Carballo dá lugar a que se rexistren uns considerables fluxos diarios sobre a rede viaria que vertebra á cabeceira de bisbarra coa súa área de influencia.

Na Figura nº1.6.1 consignouse a evolución interanual da IMD para o período estudado: 2008-2012. Estes valores móstrannos un elemento de interese. En efecto, apreciamos como o réxime anual da IMD é elevada nesta estación. Os valores foron elevados na maior parte do período. Non obstante, ao examinar o gráfico advertimos como nos anos finais da serie se produciu unha notable caída nos valores da IMD anual. En efecto, os rexistros experimentaron un curva evolutiva ata 2009. Os dous anos posteriores indícannos que se produciu, primeiro, un estancamento e, en segundo lugar, unha sensible caída. Este descenso fíxose moito máis acusado no ano 2011 e sobre todo en 2012, chegando a totalizar unha IMD (9.774) moi inferior aos rexistros totalizados en 2008. Aquí a explicación clara foi a caída da demanda interna e sobre todo os efectos sobre o consumo privado a raíz do estalido da crise económica e financeira que tivo uns efectos catastróficos sobre o emprego.

Figura nº1.6.1.- Evolución interanual da IMD en Bértoa AG-55 (Carballo). Tramo Enlace Laracha-Carballo Norte. Perído 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	**11.815**	**12.297**	**11.826**	**11.402**	**9.774**




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración Propia.

No segundo dos gráficos elaborados podemos estudar a evolución intermensual da IMD para o ano 2012 (Figura nº1.6.2. Como tivemos a oportunidade de estudar no gráfico anterior, neste ano alcanzáronse uns valores de mobilidade moi por debaixo do resto dos anos que forman esta serie. Os valores de máxima demanda de desprazamento intermensual alcánzanse no lapso estival. En concreto entre Xuño e Agosto, producíndose un alongamento desta demanda de mobilidade mesmo ata setembro. No gráfico podemos advertir como tamén existe un segundo máximo en demanda de mobilidade que se encontra sobre os meses de Abril e Maio.

Figura nº1.6.2.- Evolución intermensual da IMD en Bértoa. Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	9.114
Febreiro	9.399
Marzo	9.214
Abril	9.818
Maio	9.813
Xuño	10.216
Xullo	10.813
Agosto	11.233
Setembro	9.833
Outubro	9.481
Novembro	9.257
Decembro	9.073




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na terceira das figuras elaboradas podemos analizar agora a evolución da IMD interhoraria para o día medio laborable e para o día media festivo correspondente ao ano 2012 na estación de Bértoa (Figura nº1.6.3). Como advertimos, os rexistros deste ano nada teñen que ver cos alcanzados no ano 2009, que foi o período de maior rexistro de IMD. Con todo, podemos sinalar dous importantes períodos. No primeiro advertimos como os fluxos da demanda de desprazamento correspondente á IMD laborable son superiores aos valores da IMD festivo. En efecto, entre as 5 e as 12 do día a IMD correspondente ao día medio laborable é moi superior á do día medio festivo. Ás 12 horas case se produce un equilibrio entre ambos os dous rexistros, se ben a IMD laborable é un pouco superior. Este mesmo comportamento obsérvase entre as 13 horas e as 17 horas. Neste lapso a IMD do día medio laborable supera aos rexistros da IMD festivo. A partir das 18 horas e ata as 4 horas os valores da IMD festivo encóntranse sempre por enriba do outro indicador. Neste intervalo prodúcense fluxos considerables por motivación de ocio, esparexemento e tempo libre, que son moi importantes nos rexistros do día medio festivo.

Figura nº1.6.3.- Evolución da IMD interhoraria en Bértoa. Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	53	110
1	31	84
2	23	60
3	27	53
4	39	52
5	91	68
6	411	152
7	710	214
8	740	237
9	662	283
10	606	394
11	585	501
12	567	563
13	556	517
14	573	405
15	596	407
16	586	496
17	621	600
18	691	786
19	810	912
20	572	817
21	344	566
22	193	313
23	100	149




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

1.7.- A demanda de mobilidade en Carballo enlace norte-enlace centro (A Coruña).

O estudo da demanda de mobilidade na estación Carballo Enlace Norte-Enlace Centro tende a completar un pouco máis os rexistros que se obtiveran en Bértoa. Así, iso quere dicir que a demanda de mobilidade cara a Carballo aínda é máis elevada que os valores estudados no apartado anterior, toda vez que existe unha importante parte da demanda que tende a saír por este punto da AG-55. Estes valores móstrannos aqueles fluxos que entran cara ao propio centro urbano ou, no seu caso, os que optan por acceder cara á variante norte que se orienta a comunicar cos núcleos urbanos da Costa dá Morte. No primeiro das figuras elaboradas, Figura nº1.7.1, podemos examinar con detemento cal foi a evolución interanual da IMD no lapso 2008-2012. Ao igual que advertiramos na sección anterior, obsérvase como no ano 2008 se alcanzan os maior niveis de IMD de toda a serie. Posteriormente producese un sensible estancamento nos seus rexistros para, en último termo, experimentar unha importante caída nos niveis de mobilidade no ano 2012. Nin que dicir ten que os efectos da crise económica e financeira se deixaron sentir en boa parte nesta área xeográfica sobre contracción do consumo privado e, como indicamos, sobre a destrución de emprego

Figura nº1.7.1.- Evolución interanual da IMD en Enlace Carballo Norte-Enlace Carballo Centro. Carballo AG-55. Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	11.615	11.274	11.465	11.239	9.471




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

No segundo dos gráficos construídos (Figura nº1.7.2), a evolución intermensual da IMD nesta estación para o ano 2012, podemos estudar como se comportou o réxime da IMD para cada un dos meses do ano referido. Na evolución da IMD obsérvase como no período estival se alcanzan os maiores niveis de IMD, debido a unha demanda flotante que se move por motivos turísticos cara a esta área xeográfica. Entre Xullo e Setembro obtéñense os maiores valores da IMD. Por outra parte, advertimos como os rexistros de Xuño e de Outubro se encontran practicamente equiparados no mesmo valor. O segundo período intermensual onde se alcanzan valores máis elevados é nos meses de Semana Santa e en Maio. Non obstante, encóntranse ben distanciados dos períodos de máxima demanda de desprazamento.

Figura nº1.7.2.- Evolución intermensual da IMD en Enlace Carballo Norte-Enlace Carballo Centro. Carballo AG-55. Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	8.559
Febreiro	9.147
Marzo	9.281
Abril	9.228
Maio	9.476
Xuño	9.469
Xullo	10.478
Agosto	10.974
Setembro	9.868
Outubro	9.458
Novembro	9.041
Decembro	8.644




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na terceira das figuras elaboradas debuxouse a evolución da IMD interhoraria para o ano 2012 (Figura nº1.7.3). Neste temos a oportunidade de estudar como se comportou a evolución da IMD para o día medio laborable e, nesta ocasión, a IMD para o día medio festivo. A lectura directa que podemos extraer deste sinálanos como existe un período temporal no que se advirte que os valores da IMD laborable superan claramente aos da IMD do día medio festivo. Neste caso concreto encóntranse os rexistros dados entre as 5 e as 12 horas, na que case se igualan. Posteriormente, entre as 13 e as 17 horas advírtese como a IMD correspondente ao día festivo é moi superior á anterior. Cabe apuntar, nesta ocasión, que o desenvolvemento das actividades de ocio, esparexemento e tempo libre, sempre se dan fóra do período laboral (para o día medio laborable). Pola súa banda, na IMD festivo apreciamos como os rexistros son os que teñen como motivación básica o desfrute do tempo de ocio e esparexemento. Neste día medio tamén hai mobilidade por actividade laboral: fluxos de transporte de mercadorías, actividades profesionais que se desenvolven nos días de fin de semana ou xornadas festivas, ...

Figura nº1.7.3.- Evolución da IMD interhoraria en Enlace Carballo Norte-Enlace Carballo Centro. Carballo AG-55. Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	49	101
1	29	74
2	22	73
3	25	47
4	37	45
5	97	64
6	416	145
7	701	193
8	706	214
9	635	258
10	580	366
11	553	466
12	544	529
13	543	483
14	559	386
15	583	395
16	576	490
17	614	595
18	778	796
19	814	906
20	558	790
21	321	538
22	177	307
23	22	151



Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.


1.8.- A demanda de mobilidade en Pazos Tramo Buño (AC-422)-Ponteceso (AC-424) (A Coruña).

Na sección presente imos completar os valores da demanda de mobilidade que se alcanzan en Carballo. Agora ocupámonos de consignar os fluxos de mobilidade que se rexistran nunha estación de aforamento que se encontra insire na Costa dá Morte (Pazo). Así, cabe indicar que dende Carballo se van distribuír os fluxos regulares de mobilidade pola rede viaria da Costa dá Morte. Nesta ocasión podemos analizar os valores da IMD que se alcanzan no tramo de acceso a Ponteceso.

Na Figura nº1.8.1 podemos estudar cal foi a evolución interanual da demanda de desprazamento rexistrada nesta estación de aforamento. Os valores móstrannos como no ano 2008 non houbo rexistros por encontrarse en fase de construción esta parte do enlace. Por outra parte, ao estudar os demais restantes anos advertimos como os fluxos máis elevados se alcanzaron no ano 2009. O máis rechamante da evolución estatística desta serie é a profunda caída da IMD no ano 2012 (4.448). As razóns de semellante descenso sonnos ben coñecidas: os efectos directos e inducidos da crise económica e financeira sobre a demanda interna e, en esencia, sobre a destrución de emprego.

Figura nº1.8.1.- Evolución interanual da IMD en Buño AC-422-Ponteceso AC-424. Pazos. Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	---	5.049	4.996	4.998	4.488




Fonte. Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propial.

No segundo dos gráficos elaborados para Pazos se puiden estudar cal foi a evolución intermensual da IMD para o ano 2012 (Figura nº1.8.2). Os rexistros son claros. Móstrannos como a máxima demanda de mobilidade se rexistra nos meses estivais: Xullo, Agosto e Setembro. O segundo período de maior nivel de IMD é o que se obtén en Maio e Xuño. Non obstante, este non é un importante corredor para articular aos produtos turísticos da Costa dá Morte. Existen outros itinerarios que se desenvolven en dirección cara a Cee e Fisterra que totalizan fluxos moi elevados. Non obstante, esta estación móstranos os valores que se dan nunha zona próxima a Malpica, Corme e Laxe.

Figura nº1.8.2.- Evolución da IMD intermensual en Buño AC-422-Ponteceso AC-424. Pazos. Ano 2012.

	IMD
Xaneiro	**4.098**
Febreiro	**4.363**
Marzo	**4.350**
Abril	**4.301**
Maio	**4.405**
Xuño	**4.492**
Xullo	**5.056**
Agosto	**5.347**
Setembro	**4.574**
Outubro	**4.363**
Novembro	**4.231**
Decembro	**4.260**




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

No terceiro dos gráficos elaborados podemos estudar claramente cal foi a evolución interhoraria da IMD para o ano 2012 (Figura nº1.8.3). Os valores alcanzados nesta estación móstrannos como existe tan só un pequeno lapso horario no cal as IMD do día medio laborable superan as alcanzadas pola IMD festivo. En efecto, entre as 6 e as 12 alcánzanse uns valores de IMD horaria na cal son máis elevadas os rexistros da IMD laboral. A partir das 12 case se equiparan as dúas variables. Entre as 13 e as 15 horas prodúcese o predominio da IMD laborable. Por último, se examinamos os valores alcanzados entre as 16 e as 5 horas observamos como a IMD correspondente ao día medio festivo excede en moito á IMD laborable. Aínda máis lonxe, debemos ter presente que os segmentos horarios de máxima demanda de mobilidade por actividades turísticas se producen no intervalo de conclusión da xornada laboral. Así, os valores obtidos entre as 17 e as 2 horas concrétannos a importancia que teñen os fluxos por ocio, esparexemento e tempo libre.

Figura nº1.8.3.- Evolución da IMD interhoraria en Buño AC-422-Ponteceso AC-424. Pazos. Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	34	129
1	21	103
2	13	80
3	12	71
4	18	68
5	48	77
6	139	88
7	231	93
8	265	99
9	264	132
10	271	187
11	271	239
12	268	271
13	267	263
14	250	213
15	262	224
16	250	274
17	262	324
18	280	396
19	345	429
20	280	344
21	177	230
22	104	145
23	61	85



Fonte: Memoria de Aforamento 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.


1.9.- A demanda de mobilidade en Martelo (Noia). Tramo Martelo-Noia. CG-1.5. (A Coruña).

Na presente sección que se inicia ímonos ocupar de estudar o comportamento dos fluxos rexistrados na estación de aforamento Noia, situada sobre a CG-1.5. En concreto, imos analizar os valores que se producen no tramo Martelo-Noia. Trátase dunha estación de aforamento que se encontra próxima á cabeceira de bisbarra de Noia e que nos vai permitir coñecer cal é a demanda de mobilidade que se localiza nesta área xeográfica. Cabe agora facer mención que este tramo posibilita a comunicación dos tráficos xerados ou atraídos entre Santiago de Compostela e os que teñen como destino ou orixe en Noia e en Muros. Por esta causa, trátase dun corredor estratéxico para a actividade turística, toda vez que vertebra as bisbarras de Noia e Muros respecto da demanda de viaxe procedente da cidade compostelá.

Na primeira das figuras de referencia podemos analizar con detalle cal foi a evolución interanual da IMD nesta estación (Figura nº1.9.1). Así, advírtese como para o conxunto da serie tan só existen rexistros dende 2011. A razón é simple: Entre o ano 2008 e 2010 este corredor estivo en fase de construción, entrando en servizo en ao tráfico o ano 2011. Os valores que se teñen concrétannos que se trata dunha IMD importante, e del aínda máis se cabe se temos presente que entre 2011 e 2012 a economía galega, e en especial a economía destas bisbarras, estivo moi afectada pola crise económica e financeira nas vertentes de destrución do emprego e de forte caída do consumo interno.

Figura nº1.9.1.- Evolución da IMD interanual en Noia. Tramo Martelo-Noia. CG-1.5. Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	---	---	---	7.887	8.612




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.9.2 de referencia podemos analizar agora os valores da evolución da IMD intermensual para esta estación. Os rexistros non deixan lugar á dúbida. Nesta estación advírtese un importante repunte nas IMD intermensuais correspondentes aos meses do verán, síntoma inequívoco de que nesta área se produce unha elevada cantidade de desprazamentos que teñen unha motivación turística. O mes de maior valor

de IMD é o de agosto, sucedéndolle en importancia o de xullo. Por outro lado, tamén se observa outra cota de importancia na Semana Santa.

Figura nº1.9.2.- Evolución da IMD intermensual en Noia (CG-1.5) Tramo Noia-Martelo. Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	7.492
Febreiro	8.092
Marzo	7.739
Abril	8.265
Maio	8.037
Xuño	9.364
Xullo	11.157
Agosto	11.530
Setembro	8.661
Outubro	8.125
Novembro	7.411
Decembro	7.411




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na terceira das figuras que elaboramos dispoñémonos agora a estudar o comportamento da IMD interhoraria para o día medio laboral e para o día medio festivo (Figura nº1.9.3). Ao examinar a curva das IMD interhorarias advertimos como entre as 5 e as 10 horas a IMD laboral é superior a do día festivo. Esta tendencia altérase entre as 11 e as 12 horas que é cando a IMD do día festivo excede á anterior. Posteriormente, a evolución sinálanos como a IMD laboral se encontra por enriba da IMD festivo entre as 14 e as 15 horas. Non obstante, será a partir deste segmento horario o momento a partir do cal a IMD festivo é folgadamente moi superior á anterior. Por outra parte, queremos subliñar a importancia que para a actividade turística teñen os fluxos que se localizan entre as 18 e as 3 horas.

Figura nº1.9.3.- Evolución da IMD interhoraria en Noia (CG-1.5). Tramo Noia-Martelo. Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	52	93
1	31	64
2	21	50
3	19	40
4	25	36
5	76	50
6	315	129
7	505	220
8	526	252
9	484	300
10	469	402
11	465	488
12	474	529
13	525	483
14	585	450
15	589	513
16	545	561
17	551	623
18	634	739
19	670	802
20	545	674
21	357	438
22	191	240
23	97	119



Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.


1.10.- A demanda de mobilidade en Padrón AG-11. Tramo Padrón (N-550)-Lestrove (AC-305)(A Coruña).

Na presente sección que iniciamos ocuparémonos de analizar a demanda de desprazamento rexistrada sobre a estación de aforamento de Padrón. A estación indicada encóntrase situada sobre a Autovía do Barbanza AG-11 no tramo Padrón (N-550)-Lestrove (AC-305). Estes rexistros contribúen a completar e, polo tanto, pechar, a importancia que están a rexistrar os fluxos sobre a bisbarra barbanzana por motivos de desprazamento turístico. Procedemos a analizar esta estación de aforamento porque constitúe a porta de acceso a comunicar a Autovía AG-11 coa Autoestrada do Atlántico AP-9. Por iso, estúdase a demanda de desprazamento que existe neste punto xeográfico co obxecto de coñecer neste lugar cal é o valor das IMD que son canalizadas cara ao Barbanza procedentes tanto da Autoestrada do Atlántico coma da estrada N-550 no termo municipal da capital do Sar (Padrón).

Os rexistros contemplados nas Figura nº1.10.1 de referencia sinálannos que sobre este eixe viario se canaliza unha elevada demanda de mobilidade diaria. Así, podemos comprobar como a evolución para o conxunto do período experimentou unha etapa de crecemento ata 2010. A partir deste ano detéctase un estancamento e unha sensible regresión nos niveis da IMD interanual. Así, cabe indicar que o descenso detectado no último dos anos da serie nos vén a recordar a repercusión que tivo sobre a economía de Galicia e as súas bisbarras a crise económica e financeira.

Figura nº1.10.1.- Evolución da IMD interanual en Padrón AG-11. Tramo Padrón (N-550)-Lestrove (AC-305). Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	---	13.326	13.823	13.150	12.531




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.10.2 de referencia ocupámonos de analizar a evolución da IMD intermensual para a estación de aforamento Padrón. Os valores son moi considerables en cada un dos meses do ano. Así, debemos subliñar os valores alcanzados en Xullo, Agosto e Setembro, por esta mesma orde. Nestes obsérvase como se incrementou de xeito ben nítida o réxime medio da IMD mensual. A máxima demanda de Xullo e

Agosto confírmannos que sobre esta estación se mobiliza unha demanda de mobilidade flotante que tende a acceder por motivos de turismo, ocio e esparexemento.

Figura nº1.10.2.- Evolución intermensual da IMD en Padrón. Tramo Padrón (N-550)-Lestrove (AC-305). Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	11.497
Febreiro	11.612
Marzo	12.108
Abril	12.135
Maio	12.165
Xuño	12.926
Xullo	15.684
Agosto	14.966
Setembro	13.140
Outubro	11.680
Novembro	11.260
Decembro	11.117




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.10.3 de referencia ocupámonos de computar os valores da IMD interhoraria para o día laboral e para o día festivo nesta estación de aforamento. Así pois, ao estudar os valores advertimos como entre as 5 e as 17 horas se produce unha IMD interhoraria moi elevada no día medio laboral. Pola súa banda, será a partir das 18 horas e ata as 4 onde a demanda de mobilidade da IMD festivo excede ao anterior indicador. É necesario sinalar que sobre este itinerario se canalizan numerosos fluxos que teñen á actividade económica como a súa principal motivación. Non obstante, a determinadas horas do día cuantifícanse valores de mobilidade que responden agora á necesidade de satisfacer o consumo de actividades turísticas e de ocio.

Figura nº1.10.3.- Evolución da IMD interhoraria en Padrón. Tramo Padrón (N-550)-Lestrove (AC-305). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	98	199
1	54	147
2	36	105
3	28	79
4	31	72
5	98	73
6	211	94
7	689	130
8	897	191
9	823	280
10	753	432
11	731	630
12	727	764
13	783	830
14	850	627
15	871	486
16	845	661
17	787	718
18	837	839
19	938	1.001
20	895	972
21	647	762
22	400	494
23	190	280



Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

1.11.- A demanda de mobilidade no Enlace Rianxo-Enlace Catoira. Enlace Rianxo-Enlace Catoira (Pontevedra).


Na presente sección ocuparémonos de analizar con detemento os rexistros da demanda de mobilidade acaecida na estación de aforamento de Catoira. Faise notar que esta estación leva este nome pero non se encontra no municipio de Catoira (Pontevedra), se non que se localiza sobre a Autovía do Barbanza AG-11 no enlace da autovía cara ao municipio de Catoira. A importancia de coñecer os rexistros da IMD neste punto xeográfico son claves para entender dúas cuestións:

- ✓ A demanda de IMD que a autovía do Barbanza rexistra neste punto quilométrico, unha vez que se produciu a cuantificación nas estacións de Palmeira, A Pobra, Rianxo ou Boiro.
- ✓ Os fluxos regulares que interactuar entre a bisbarra do Barbanza e a bisbarra de Arousa, toda vez que este enlace garante a conexión dos núcleos poboacionais do Barbanza respecto da Provincia de Pontevedra e, en especial, con Vilagarcía de Arousa. Polo tanto, advírtese como aquí os fluxos son tamén moi importantes e iso responde a que este enclave é a porta de acceso cara a Pontevedra e a bisbarra arousana sen ter que ir ata Padrón.

Na Figura nº1.11.1 e na táboa dos mesmos valores cuantificamos os valores da IMD interanual que se rexistrou no ano 2012 nesta estación que posibilita a oferta de conectividade entre Arousa Norte (bisbarra do Barbanza) e Arousa Sur. Como se pode advertir, os rexistros son moi elevados para cada un dos anos que conforman a serie 2008-2012. Apreciamos como os valores medios de IMD neste punto se encontran por enriba dos 14.000. Ao examinar a liña evolutiva apreciamos que a cota máxima se produciu no ano 2010. Posteriormente produciuse un estancamento e unha regresión ata 2012 que ten moito que ver cos efectos da crise económica financeira e a súa repercusión sobre o emprego e o consumo privado no tecido produtivo de Arousa e Barbanza.

Figura nº1.11.1.- Evolución da IMD interanual en Catoira. Enlace Rianxo-Enlace Catoira. AG-11. Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	---	14.855	15.372	14.981	14.499



Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.


Na Figura nº1.11.2 cuantificáronse os valores da IMD intermensual que se produciu no ano 2012. Os rexistros obtidos confírmannos abertamente como sobre este itinerario transita un elevado fluxo de vehículos que teñen como motivación a conexión do sistema urbano do Barbanza co de Arousa. Así, ao estudar os valores da IMD intermensual observamos como sobre esta estación a demanda estacional producida durante os meses do verán excede en moito ao réxime medio do mes tipo. En concreto, advertimos como a máxima demanda de desprazamento se localiza en xullo, Agosto e Setembro. A poboación flotante[1] que se localiza no Barbanza e en Arousa dá orixe á xénese duns elevados fluxos de desprazamento onde o desenvolvemento da actividade turística gaña moitos enteiros na súa explicación. Efectivamente, ao examinar os valores Enuméricos advertimos como a IMD de máis de 19.000 que se localiza en xullo nos concreta que existe unha amplo segmento da demanda diaria de mobilidade que xera un nutrido número de desprazamentos nos meses estivais por unha motivación de desfrute do tempo de turismo, ocio e esparexemento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1]Véxase: PATIÑO ROMARÍS, C. A. (2003): "Población flotante y ordenación territorial en los municipios turísticos litorales", en: "La dinámica geodemográfica protagonista del territorio". Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; pp. 151-165.

Figura nº1.11.2.- Evolución da IMD intermensual en Catoira. Enlace Rianxo-Enlace Catoira. AG-11. Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	12.691
Febreiro	12.932
Marzo	13.575
Abril	13.593
Maio	13.398
Xuño	14.769
Xullo	19.053
Agosto	18.646
Setembro	16.213
Outubro	13.642
Novembro	12.977
Decembro	12.382




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

No terceiro dos gráficos elaborados e na táboa de referencia podemos analizar cal foi o comportamento experimentado pola IMD interhoraria correspondente aos tráficos producidos no día medio laboral e no día medio festivo (Figura nº1.11.3). Así pois, ao estudar os valores estatísticos advertimos como a IMD laboral supera en moito aos valores da IMD festivo entre as 5 e as 11 horas. Ás 12 horas prodúcese un cambio de tendencia e advertimos como a IMD do día medio festivo é moito maior. Iso indícanos que sobre este segmento horario se efectúan numerosos desprazamentos por motivos de ocio e esparexemento. Entre as 15 e as 16 horas a IMD do día laboral supera claramente aos valores da IMD festivo. A partir das 17 e ata as 4 horas os fluxos da IMD festivo exceden en moito aos valores da IMD laboral. Nin que dicir ten que neste segmento horario se concentran un elevado número de desprazamentos que dan resposta á motivación turística dos recursos que se localizan nesta atractiva bisbarra. Por outro lado, cabe apuntar que unha gran parte dos fluxos que se producen entre as 18 e as 23 horas poden dar resposta a desprazamentos por motivos de ocio e esparexemento. En paralelo, cabe apuntar que tamén sobre este segmento horario se rexistran numerosos

fluxos diarios de transporte de mercadorías procedentes das actividades portuarias de Sta. Uxía de Ribeira, Aguiño, A Pobra, Boiro e Rianxo.

Figura nº1.11.3.- Evolución da IMD interhoraria en Catoira. Enlace Rianxo-Enlace Catoira. AG-11. Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	121	239
1	72	189
2	44	130
3	32	96
4	36	83
5	119	93
6	285	116
7	785	155
8	1.056	236
9	938	335
10	843	498
11	815	720
12	797	863
13	850	927
14	949	669
15	1.029	573
16	1.002	843
17	924	920
18	956	1.072
19	1.064	1.297
20	995	1.279
21	713	978
22	450	620
23	238	333




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

1.12.- A demanda de mobilidade na Pobra do Caramiñal AG-11.Tramo Enlace Pobra Norte-Enlace Pobra Sur (AC-302).

A presente sección proponse analizar a demanda de mobilidade que se rexistra na estación de aforamento da Pobra do Caramiñal no itinerario da AG-11, tramo Enlace Pobra Norte-Enlace Pobra Sur (AC-302). Por esta causa, os valores que aquí se rexistran contribuirán a indicarnos a elevada demanda de mobilidade que está a coñecer esta bisbarra do Barbanza. Os valores da Figura nº1.12.1 e a súa gráfica correspondente explícannos con detalle a elevada demanda de mobilidade que se está a producir nesta estación de aforamento. Cabe facer notar que os valores de fluxo aínda son máis elevados, toda vez que nesta bisbarra existe un desenvolvemento urbanístico que se está conurbano[2]. Os rexistros móstrannos como se produciu un importante crecemento nos niveis da IMD anual. Non obstante, apréciase como en 2012 se produciu unha sensible caída nos valores da demanda de mobilidade para ese ano. As razóns xa sonnos coñecidas.

Figura nº1.12.1.- Evolución interanual da IMD na Pobra AG-11.Tramo Enlace Pobra Norte-Enlace Pobra Sur (AC-302). Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	----	11.047	11.562	11.603	11.350




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.12.2 e na súa táboa correspondente podemos estudar cal foi a evolución intermensual da IMD para o ano 2012. Os valores alcanzados non deixan lugar á dúbida. A poboación flotante que se rexistra no período estacional do verán é moi elevada. Os meses onde se alcanzan os valores máis elevados son en Agosto, Xullo e Setembro. Posteriormente observamos como existe outro período que totaliza valores elevados: a Semana Santa. Estes valores agregados aos de Maio e Xuño confírmannos que sobre esta estación transitan elevadas demandas diarias de desprazamento por motivos moi diversos pero entro estes ocupan un lugar destacado as actividades turísticas.

[2]Para un coñecemento máis amplo pode seguirse a PRECEDO LEDO, A. (ed.) (1993): "El sistema urbano de Galicia". Fundación BBVA, Bilbao.

Figura nº1.12.2.- Evolución de la IMD intemensuaul na A Pobra AG-11. Tramo Enlace Pobra Norte-Enlace Pobra Sur (AC-302). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	132	159
1	64	119
2	37	86
3	24	68
4	30	59
5	114	73
6	338	101
7	592	119
8	831	145
9	770	203
10	724	295
11	716	395
12	702	496
13	779	556
14	888	426
15	994	367
16	815	512
17	779	577
18	758	660
19	797	721
20	676	696
21	497	533
22	368	362
23	260	186




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

1.13.- A demanda de mobilidade en Palmeira AG-11. Tramo Enlace Palmeira (AC-7310)-Palmeira (AC-550) (A Coruña).

Na presente sección ocuparémonos de estudar os valores da demanda de desprazamento que se está a rexistrar no ano 2012 na estación de aforamento de Palmeira (Sta. Uxía de Ribeira). Trátase agora de centrarnos na análise doutra importante bisbarra cunha acentuada vocación turística. Por esta causa, estudaremos os rexistros varias estacións de aforamento que se encontran radicadas en plena bisbarra barbanzana. Na primeira destas, a de Palmeira, podemos observar como nesta área xeográfica existe unha importante demanda de mobilidade diaria. Os valores da evolución interanual da IMD concrétannos dúas cuestións (Figura nº1.13.1). Por unha parte, a evolución da demanda de desprazamento nesta estación foi sempre positiva salvo no rexistro de 2012, momento no cal se advirte unha lixeira caída nos niveis de IMD. Con todo, debemos sinalar que os valores obtidos no ano que pecha o período son máis elevados que o primeiro dos anos dos que dispoñemos datos nesta serie. Os rexistros de 2008 non se dispoñen por cuestións de construción da Autovía AG-11. Por outra parte, non pode pasarnos desapercibido que sobre esta dinámica bisbarra se deixou sentir con especial intensidade os efectos da crise económica e financeira dende o lado da destrución de emprego e, en paralelo, dende o lado da caída da demanda interna.

Figura nº1.13.1.- Evolución da IMD interanual en Palmeira (Sta. Uxía de Ribeira) AG-11. Tramo Enlace Palmeira (AC-7310)-Palmeira (AC-550). Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	---	7.993	8.422	8.489	8.128




Fonte: Memorias de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Nos rexistros da seguinte táboa e o seu correspondente gráfico podemos estudar cal foi a evolución da IMD intermensual en Palmeira (Figura nº1.13.2). Os rexistros obtidos neste ano son bastante máis modestos que os obtidos nesta estación para 2011. Os valores confírmannos novamente o que foi comentado nas áreas anteriores. En efecto, os maiores rexistros da IMD localízanse sobre os meses de verán, debido á demanda estacional que se localiza nesta bisbarra por motivo de desfrute do turismo, tempo de ocio e esparexemento. Os maiores niveis de desprazamento encontrámolos en xullo, agosto e setembro. Nun plano de importancia contiguo encóntranse os valores da

demanda de desprazamento que se totalizan en maio e xuño. Se ben, nesta zona xeográfica se rexistran importantes niveis de demanda de desprazamento no período vacacional de Semana Santa.

Figura nº1.13.2.- Evolución intermensual da IMD en Palmeira AG-11. Tramo Enlace Palmeira (AC-7310)-Palmeira (AC-550). Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	7.636
Febreiro	7.559
Marzo	8.000
Abril	7.671
Maio	7.843
Xuño	8.360
Xullo	9.782
Agosto	9.973
Setembro	8.382
Outubro	7.777
Novembro	7.528
Decembro	6.971




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

No terceiro dos gráficos e a súa correspondente táboa consignamos os valores correspondentes á evolución interhoraria da IMD en Palmeira (Figura nº1.13.3). Estes rexistros vannos posibilitar que analicemos con detalle como se comportan os fluxos horarios nesta estación. Os valores móstrannos a importancia que ostentan os valores da IMD horaria do día medio laborable. Así, pódese comprobar como entre as 5 e as 20 horas os valores da IMD correspondentes ao día medio laborable son moito máis elevadas que as da IMD festivo. A partir deste segmento horario e ata as 4 horas a mobilidade do día medio festivo excede ao anterior indicador. Por outro lado, non podemos perder de vista a importancia que nesta estación están a ter os fluxos acaecidos entre as 18 e as 3 horas. Como é sabido neste intervalo horario desenvólvense numerosos desprazamentos que dan resposta a unha motivación puramente turística e de desfrute do tempo de ocio.

Figura nº1.13.3.- Evolución da IMD interhoraria en Palmeira (Sta. Uxía de Ribeira) AG-11. Tramo Enlace Palmeira AC-7310)-Palmeira (Ac-550). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	106	107
1	42	58
2	22	77
3	14	40
4	17	34
5	60	45
6	254	73
7	409	77
8	580	96
9	550	131
10	502	185
11	523	259
12	532	333
13	595	387
14	670	300
15	749	248
16	609	342
17	556	392
18	564	441
19	583	456
20	475	432
21	321	326
22	251	235
23	203	116




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

1.14.- A demanda de mobilidade en Cambados. Tramo Cambados (PO-300)-Enlace Cambados (PO-549) (Pontevedra).

Na presente sección ocuparémonos preferencialmente de analizar con detalle o comportamento da demanda de mobilidade rexistrada na bisbarra do Salnés. Trátase, como se expón no contido desta Tese Doutoral, dunha área territorial de acentuada vocación turística en Galicia. Así, ocuparémonos de analizar os rexistros de desprazamento da IMD interanual para o período que está a ser sometido a estudo, así como tamén a IMD intermensual para coñecer cal é o réxime mensual da IMD. Este indicador, como se sostén no exposto en seccións precedentes, será clave para coñecer cal é a magnitude da poboación que se mobiliza por esta área territorial por motivos diferentes aos propiamente económicos. Na Figura nº1.14.1 correspondente tabuláronse os valores da IMD interanual para o lapso 2008-2012. Os rexistros estatísticos indícannos claramente como nesta estación se produciu unha acentuada tendencia alcista nos valores interanuais da IMD. Aínda máis, o crecemento foi tan considerable que mesmo eclipsa nesta área o perverso efecto que a crise económica e financeira lle ocasión ao emprego e ao consumo privado. En efecto, ao examinar con detemento a traxectoria que experimentaron os valores da IMD interanual advertimos como ata o ano 2011 se produciu (en plena crise económica) unha curva alcista nos valores do nivel de mobilidade. Pola contra, entre o exercicio 2011 e 2012 nesta estación produciuse unha sensible caída da demanda de desprazamento anual ocasionada polos nocivos efectos da crise económica e a contracción do consumo interno.

Figura nº1.14.1.- Evolución interanual da IMD en Cambados. Tramo Cambados (PO-300)-Enlace Cambados (PO-549). Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	10.565	10.621	10.940	12.531	11.754




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.14.2 rexistramos a evolución da IMD intermensual en Cambados. Os valores alcanzados son moi expresivos da elevada demanda de desprazamento que se canaliza por este eixe viario. Efectivamente, en todos os meses do ano se produce unha IMD por enriba dos 10.000 vehículos. Por iso, cáese na conta que se trata dunha área que xera/orixina uns importantes fluxos de tráfico. Os meses que totalizan os valores

máis elevados son os de Agosto e Xullo. Non obstante, os rexistros de Xuño e Setembro fannos ver que a poboación flotante que se mobiliza por esta área é considerable. A motivación do desprazamento no período estival e no de Semana Santa é, sen contar a actividade económica, o desfrute do tempo de ocio e esparexemento.

Figura nº1.14.2.- Evolución intermensual da IMD en Cambados. Tramo Cambados (PO-300)-Enlace Cambados (PO-549). Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	10.611
Febreiro	11.300
Marzo	11.542
Abril	11.136
Maio	11.664
Xuño	12.306
Xullo	13.478
Agosto	13.895
Setembro	11.969
Outubro	11.579
Novembro	11.261
Decembro	10.268




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.14.3 de referencia ocupámonos de cuantificar os valores da IMD interhoraria para o día medio laboral e para o día medio festivo. Os rexistros consignados confírmannos que entre as 5 e as 11 horas se producen unha clara superioridade entre a IMD laboral e a IMD festivo. Nas dúas horas seguintes obsérvase un claro equilibrio nos tipos de fluxo. Entre as 13 e as 21 horas a demanda de mobilidade alcanzada por parte da IMD laboral é superior á do día medio festivo. Entre as 22 e as 4 horas advírtese o protagonismo que alcanza a IMD interhoraria festivo. Por outra parte, e iso para esta área xeográfica, resulta de destacado interese subliñar a importancia que adquiren os fluxos por motivo de desfrute de actividades turísticas, ocio e esparexemento entre as 18 e as 4 horas. A magnitude aínda é maior se se considera o período de tempo de fin de semana ou o día festivo.

Figura nº1.14.3.- Evolución da IMD interhoraria en Cambados. Tramo Cambados (PO-300)-Enlace Cambados (PO-549). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	90	221
1	52	175
2	33	134
3	27	109
4	44	100
5	112	105
6	321	131
7	612	179
8	787	230
9	734	279
10	694	365
11	715	715
12	833	833
13	885	596
14	830	479
15	806	466
16	784	595
17	779	633
18	894	699
19	950	740
20	780	674
21	524	502
22	311	313
23	171	193




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

1.15.- Evolución da Mobilidade en Dena. Tramo PO-303 (Castrelo) Vilalonga (PO-504) (Pontevedra).

Na presente sección ocupámonos de mostrar o comportamento experimentado pola demanda de mobilidade na estación de aforamento de Dena. O obxectivo é mostrar un pouco máis os valores da demanda de desprazamento en termos de IMD para outra parte da bisbarra do Salnés. Nesta ocasión ocupámonos de coñecer os rexistros que está a alcanzar unha rede viaria provincial que non é estructurante en capacidade de carga. Así pois, na Figura nº1.15.1 rexistráronse os valores da IMD interanual de Dena. Para empezar, podemos sinalar como sobre unha rede viaria que non é estructurante está a soportar uns elevados niveis diarios de tráfico. Os valores consignados coñeceron unha ostensible caída entre o ano 2008 e o que constitúe o final do período. Os maiores albores de demanda de desprazamento totalizáronse no ano 2008 con notable diferenza sobre os demais restantes exercicios. A caída nos anos seguintes foi clara. Así, no ano 2012 alcánzase o menor nivel de demanda de desprazamento deste lapso temporal. Nin que dicir ten que a caída do consumo privado e a destrución do emprego por parte da crise económica e financeira se deixaron sentir sobre a mobilidade xerada ou atraída nesta área xeográfica.

Figura nº1.15.1.- Evolución Interanual da IMD en Dena. Tramo PO-303 (Castrelo) Vilalonga (PO-504). Período 2008-2012.

ANO	2008	2009	2010	2011	2012
IMD	11.107	9.919	9.995	9.762	8.748




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.15.2 tabuláronse os valores correspondentes á IMD intermensual de Dena. Os rexistros alcanzados no período estival acláranos a acentuada demanda de viaxe de chegada cara a este punto xeográfico que se produce no período estival. A razón é a forte atracción que nesta área teñen as actividades turísticas, de ocio e esparexemento. Así pois, a poboación flotante que se encontra desprazándose por esta bisbarra entre xullo, agosto e setembro é ben elevada. Por esta causa, e a teor de que nos encontramos sobre unha rede viaria da Deputación provincial, caemos na conta que este elevado fluxo de desprazamento durante a época estival vai orixinar trastornos de conxestión, saturación da rede viaria, problemas de estacionamento, sinestralidade,

impacto visual. Estes indicadores deben ser corrixidos con presteza para que este destino turístico non xere efectos de disuasión sobre a demanda.

Figura nº1.15.2.- Evolución da IMD intermensual en Dena. Tramo PO-303 (Castrelo) Vilalonga (PO-504). Ano 2012.

MES	IMD
Xaneiro	7.798
Febreiro	7.945
Marzo	8.381
Abril	8.634
Maio	8.744
Xuño	9.152
Xullo	10.460
Agosto	10.635
Setembro	9.027
Outubro	8.533
Novembro	8.159
Decembro	7.451




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Na Figura nº1.15.3 rexistramos os valores correspondentes á lMD interhoraria alcanzada na estación de aforamento de Dena para o día medio laboral e o día medio festivo. Estes valores son sumamente expresivos para coñecer os patróns de desprazamento que se están a rexistrar para as 24 horas do día nunha área xeográfica cunha acentuada vocación turística. Así pois, ao valorar os albores de desprazamento horario advertimos como a IMD laboral ten uns rexistros moi cuantiosos entre as 5 e as 20 horas con respecto aos homónimos valores alcanzados por parte da IMD festivo. Posteriormente, este patrón invértese ata as 4 horas. Neste lapso horario advertimos como os valores da IMD festivo son folgadamente máis elevados que os totalizados por parte da IMD laboral. Pola súa banda, debemos deixar constancia que entre as 18 e as 5 horas sobre esta área xeográfica se producen fluxos de tráfico polo desfrute das actividades turísticas. Os valores da demanda de desprazamento son máis elevados nos

lapsos de fin de semana ou no desfrute dos festivos ou, tamén, nos períodos vacacionais da demanda.

Figura nº1.15.3.- Evolución da IMD interhoraria en Dena. Tramo PO-303 (Castrelo) Vilalonga (PO-504). Ano 2012.

Horas	IMD Laboral	IMD Festivo
0	135	208
1	107	180
2	75	155
3	76	127
4	89	111
5	120	108
6	186	104
7	318	132
8	465	180
9	522	240
10	519	315
11	525	399
12	548	469
13	576	492
14	535	445
15	514	392
16	526	452
17	549	522
18	598	573
19	640	610
20	580	558
21	440	466
22	295	335
23	199	221




Fonte: Memoria de Aforamentos 2012, Xunta de Galicia. Elaboración propia.

1.16.- A mobilidade en Sanxenxo. Tramo Enlace Nantes (Polígono Industrial)-Enlace Sanxenxo (VG-4.1.)(Pontevedra).

Na presente sección ocuparémonos de completar un pouco máis os destacados fluxos de tráfico que se están a producir sobre a bisbarra do Salnés, a teor da súa acentuada vocación turística e ao constituírse nun relevante produto turístico dentro da oferta litoral de Galicia. Nesta ocasión ímonos ocupar de cuantificar os valores do fluxo que se mobilizan cara a esta área en virtude á oferta comercial de servizo da Autovía VG-4.1. Trátase dun eixe de comunicación dotado de alta capacidade de carga que posibilita a conexión territorial desta bisbarra turística respecto do eixe viario meridiano: Autoestrada do Atlántico AP-9. Así, o desdobramento da estrada convencional que articulaba a esta bisbarra coa tradicional N-550 supuxo tres efectos claros para a dinamización das actividades produtivas turísticas. En primeiro lugar, logrouse incrementar ostensiblemente os estándares de accesibilidade territorial respecto aos puntos dos cales procedía a demanda de viaxe cara a esta área. En segundo lugar, logrouse reducir de xeito claro os elevados niveis de conxestión vial que durante o período estacional estival se estaba a detectar sobre esta rede viaria. En terceiro lugar, esta infraestrutura contribuíu decididamente a que aparecesen e se modernizasen as actividades produtivas turísticas da bisbarra para poder competir en prezos con outras áreas alternativas. Por último, a ganancia en niveis de fluidez tamén repercutiu nunha maior seguridade para o tráfico. Os índices de accidentalidade coñeceron un descenso destacado por causa da mellora cualitativa que proporcionou este eixe de comunicación.
